

## PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

### Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019426	IES Coruxo	Vigo	2022/2023

### Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Educación en Valores Cívicos e Éticos	3º ESO	1	35

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	11
4.2. Materiais e recursos didácticos	12
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	12
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	13
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	13
6. Medidas de atención á diversidade	14
7.1. Concreción dos elementos transversais	14
7.2. Actividades complementarias	15
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	15
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	16
9. Outros apartados	16

## 1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Valores do 3ª curso da ESO, ten como referencia o currículo que establece o Decreto XX/2022, do 2022, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

A materia de valores éticos debe atender a unha formación integral da persoa e afondar no tratamento transversal dos problemas coa finalidade de proporcionar as bases para unha formación autónoma do alumnado nos valores dunha cidadanía plural, dialogante e democrática.

A materia é unha oportunidade para poñer en práctica metodoloxías didácticas activas e contextualizadas que faciliten a participación crítica do alumnado en traballos cooperativos, a realización de tarefas, a aprendizaxe baseada en problemas, o estudo de casos, o traballo por retos, etc., metodoloxías todas elas que lle confiren ao alumnado o papel de axente activo e autónomo na súa propia formación.

Metdolóxicamente se prima o diálogo e o debate como ferramentas, coas taboas de indicadores (con rúbricas de coavalición entre pares) como formato fundamental de avaliación.

Dado que a materia ten unha presenza semanal de 1 hora, semella importante seleccionar moi ben a metodoloxía e os contidos a desenvolver para que a aprendizaxe sexa significativa.

O grupo seleccionado de 3º ESO, está composto por XX alumnos e alumnas con idades comprendidas ao inicio do curso entre os 14 e os 1X anos.

(Recoller información acerca de ACNEAE, repetidores...).

Todos estes aspectos serán tidos en conta a nivel metodolóxico.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Inquirir e investigar canto se refire á identidade humana e a cuestións éticas relativas ao propio proxecto vital, analizando criticamente información fiable e xerando unha actitude reflexiva respecto diso, para promover o autoconecemento e a elaboración de formulacións e xuízos morais de maneira autónoma e razoada.	2				1	1-2-3		
OBX2 - Actuar e interactuar de acordo con normas e valores cívicos e éticos, a partir do recoñecemento fundado da súa importancia para regular a vida comunitaria e a súa aplicación efectiva e xustificada en distintos contextos, para promover unha convivencia pacífica, respectuosa, democrática e comprometida co ben común.	5	3		3		1-2-3-4		1
OBX3 - Entender a natureza interconectada e inter e ecodependente das actividades humanas, mediante a identificación e a análise de problemas ecosociais de relevancia, para promover hábitos e actitudes eticamente comprometidos co logro de formas de vida sustentables.			5		2	1-2-3-4	1	
OBX4 - Mostrar unha adecuada estima de si mesmo e da contorna, recoñecendo e valorando as emocións e os sentimentos propios e alleos, para lograr unha actitude empática e coidadosa con respecto aos demais e á natureza.	1				1-2-3	1-3		3

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	.Quen son eu? E quen es ti?	Adentrámonos en aquilo que nos caracteriza como persoas e como nos relacionamos coas persoas do noso entorno.	10	4	X		
2	Que me leva a actua como actúo?	Importancia de desenvolver o pensamento crítico, e analizar o papel que a moral e a ética ten nas nosas accións.	24	10	X		
3	Vivir en sociedade. Vivir en democracia	Analise das diversas formas de organización social e política, así como o fenómeno migratorio, desigualdade social, memoria democrática	17	6		X	
4	Os dereitos humanos	Estudaremos as súas características, evolución histórica até chegar á Declaración Universal.	17	6		X	
5	Desigualdade nun mundo global	En que consiste a globalización e as desigualdade que xera entre países e dentro deles.	16	5			X
6	R-evolución-ate	Que podes facer ti para que o mundo sexa un lugar mellor, tendo como referencia movementos, persoas activistas, analizaremos a nosa responsabilidade.	16	4			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	.Quen son eu? E quen es ti?	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Construír e expresar un concepto axustado de si mesmo recoñecendo as múltiples dimensións da súa natureza e personalidade, así como da dimensión cívica e moral desta, a partir da investigación e do diálogo arredor de diversas concepcións sobre a natureza humana.	Expresar de xeito oral ou escrito que capacidades nos caracterizan como humanos e como podemos chegar a coñecernos a nós mesmas.	TI	100
CA1.2 - Identificar, xestionar e comunicar ideas, emocións, afectos e desexos con comprensión e empatía cara ás demais persoas, demostrando autoestima e compartindo un concepto adecuado do que deben ser as relacións con outras persoas, incluíndo o ámbito afectivo-sexual.	Expresar de xeito oral como son as nosas emocións, afectos, desexos cara nós mesmas e as demais persoas		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A natureza humana.</li> <li>- Liberdade e moralidade como características especificamente humanas.</li> <li>- A identidade persoal, o cruzamento de camiños entre a natureza, a crianza e o proxecto vital.</li> <li>- A educación de emocións e sentimentos.</li> <li>- A autoestima persoal.</li> <li>- A igualdade e o respecto nas relacións con outras persoas.</li> <li>- A educación afectivo-sexual.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
2	Que me leva a actua como actúo?	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Desenvolver e demostrar autonomía moral mediante a práctica da deliberación racional, o uso de conceptos éticos e o diálogo respectuoso cos demais, arredor de distintos valores e modos de vida, así como a problemas relacionados co exercicio dos dereitos individuais, o uso responsable e seguro das redes, as condutas adictivas e o acoso escolar.	Desenvolver de xeito escrito un dilema moral no que se inclúen conceptos éticos básicos, ser capaz de debatilo no grupo clase.	TI	100
CA1.4 - Desenvolver unha actitude de xestión equilibrada das emocións, de estima e coidado de si e das demais persoas, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e sentimentos, e recoñecendo e valorando os dos demais en distintos contextos e arredor de actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas.	Fai aportacións en pequeno grupo e no grupo clase de xeito respectuoso e aportando información pertinente.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A ética dentro do conxunto de saberes filosóficos.</li> <li>- O obxecto da ética.</li> <li>- A aplicación da ética: a orientación para a resolución de problemas complexos sobre como actuar.</li> <li>- Análise das accións.</li> <li>- Os motivos da acción: desexos e razóns.</li> <li>- A vontade como razón práctica.</li> </ul>

## Contidos

- A autonomía da vontade.
- A responsabilidade das accións.
- A ética e as éticas como guías das nosas accións.
- O xuízo moral: as normas, o valor e o valioso, as virtudes, os sentimentos morais.
- Universalismo e pluralismo moral.
- Éticas da felicidade, éticas do deber, éticas da virtude.
- Ética e dereito.
- Semellanzas e diferenzas entre ética e dereito.
- O conflito lexitimidade-legalidade.
- A obxección de conciencia.
- Os dereitos individuais e os deberes cidadáns.
- O debate sobre a liberdade de expresión.
- A ética na sociedade actual.
- O problema da desinformación.
- A protección de datos e o dereito á intimidade.
- O ciberacoso e outras formas de violencia nas redes sociais.
- As condutas adictivas.

UD	Título da UD	Duración
3	Vivir en sociedade. Vivir en democracia	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Promover e demostrar unha convivencia pacífica, respectuosa, democrática e comprometida co ben común, a partir da investigación sobre a natureza social e política do ser humano e o uso e comprensión crítica dos conceptos de lei, poder, soberanía, xustiza, Estado, democracia, memoria democrática, dignidade e dereitos humanos.	Selecciona información axeitada á hora de investigar sobre a natureza social e política do ser humano e a súa complexidade.	TI	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Fomentar o exercicio da cidadanía activa e democrática a través do coñecemento do movemento asociativo e a participación respectuosa, dialogante e construtiva en actividades de grupo que impliquen tomar decisións colectivas, planificar accións coordinadas e resolver problemas aplicando procedementos e principios cívicos, éticos e democráticos explícitos.	Escoita activa no traballo en grupo, fai aportacións persoais que amplían o coñecemento sempre dende o respecto.		
CA2.3 - Contribuír a xerar un compromiso activo co ben común a través da análise e a toma razoada e dialogante de posición arredor de cuestións éticas de actualidade como a loita contra a desigualdade e a pobreza, o dereito ao traballo, a saúde, a educación e a xustiza, así como sobre os fins e límites éticos da investigación científica.	Artella unha exposición oral no que amosa coñecementos básico arredor das cuestións ética de actualidade.		
CA2.4 - Tomar consciencia da loita por unha efectiva igualdade de xénero e do problema da violencia e explotación sobre as mulleres, a través da análise das diversas xeracións e correntes do feminismo e das medidas de prevención da desigualdade, a violencia e a discriminación por razón de xénero e orientación sexual, mostrando igualmente coñecemento dos dereitos LGTBIQ+ e recoñecendo a necesidade de respectalos.	Demostra de xeito oral ou escrito un discurso baseado no recoñecemento e necesidade de respectar os dereitos LGTBIQ+ así como a cuestión da loita por unha efectiva igualdade de xénero.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A sociedade humana: natureza e orixe.</li> <li>- As estruturas sociais e os grupos de pertenza.</li> <li>- Cooperación e altruísmo fronte a competencia e egoísmo.</li> <li>- A convivencia social.</li> <li>- As virtudes do diálogo e as normas de argumentación.</li> <li>- A resolución pacífica de conflitos.</li> <li>- A empatía cos demais.</li> <li>- A política.</li> <li>- Conceptos clave: lei, poder, soberanía, xustiza e dignidade.</li> <li>- Formas de Estado e tipos de goberno.</li> <li>- A democracia: principios, procedementos e institucións.</li> <li>- O Estado español como estado social e democrático de dereito.</li> <li>- Valores constitucionais.</li> <li>- A memoria democrática.</li> </ul>

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A igualdade de xénero.</li> <li>- As diversas ondas e correntes do feminismo.</li> <li>- A prevención da explotación e a violencia contra nenas e mulleres.</li> <li>- A corresponsabilidade nas tarefas domésticas e de coidados.</li> <li>- Os desafíos da democracia actual.</li> <li>- Os códigos deontolóxicos.</li> <li>- As éticas aplicadas.</li> <li>- Fins e límites éticos da investigación científica. A bioética.</li> <li>- O desafío da intelixencia artificial.</li> <li>- As propostas transhumanistas.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
4	Os dereitos humanos	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Contribuír activamente ao benestar social adoptando unha posición propia, explícita, informada e eticamente fundamentada sobre o valor e pertinencia dos dereitos humanos, o respecto pola diversidade etnocultural, a consideración dos bens públicos globais, a percepción do valor social dos impostos.	Coñece e expón de xeito escrito cales son os Dereitos Humanos e a súa importancia para o benestar social.	TI	100
CA2.6 - Contribuír á consecución dun mundo máis xusto e pacífico a través da análise e recoñecemento da historia democrática do noso país e das funcións do estado de dereito e as súas institucións, os organismos internacionais, as asociacións civís e os corpos e forzas de seguridade do Estado, no seu empeño por lograr a paz e a seguridade integral, atender as vítimas da violencia e promover a solidariedade e cooperación entre as persoas e os pobos.	Coñece e expón oralmente os organismos, institucións así como activistas que traballan para contribuír á consecución dun mundo máis xusto e pacífico.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Os dereitos humanos.</li> <li>- Referente moral da democracia e a xustiza social.</li> </ul>



## Contidos

- Xeracións e historia dos dereitos humanos.
- Dereitos da infancia.
- Os dereitos económicos, sociais e culturais: o dereito ao traballo, á saúde, á educación e á xustiza.
- A participación democrática: ser cidadáns.
- Outras formas de participación social: o asociacionismo e o voluntariado.
- A procura da xustiza social.
- A desigualdade económica e a loita contra a pobreza.
- Globalización económica e bens públicos globais.
- O comercio xusto.
- O valor social dos impostos.
- A sociedade e a cidadanía plural.
- O interculturalismo.
- A inclusión social e o respecto pola diversidade e as identidades étnico-culturais e de xénero.
- Os dereitos LGTBIQ+.
- A convivencia pacífica e segura.
- A guerra, o terrorismo e outras formas de violencia política.
- A atención ás vítimas da violencia.
- Accións individuais e colectivas en favor da paz.
- A contribución do Estado e os organismos internacionais á paz, á seguridade integral e á cooperación.
- O dereito internacional e a cidadanía global.
- As forzas armadas e a defensa ao servizo da paz.
- O papel das ONG e das ONGD na loita pola paz.

UD	Título da UD	Duración
5	Desigualdade nun mundo global	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Describir as relacións históricas de interconexión, interdependencia e ecodpendencia entre as nosas vidas e a contorna a partir da análise das causas e consecuencias dos máis graves problemas ecosociais que nos afectan.	Entende e nomea as causas e consecuencias máis graves dos problemas ecosociais.	TI	100
CA3.4 - Desenvolver unha actitude de xestión equilibrada das emocións, de estima e coidado de si mesmo e dos outros, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e sentimentos, e recoñecendo e valorando os dos demais en distintos contextos e arredor de actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas.	Á hora de intervir na aula, axúdase dos comentarios e aportacións das compañeiros e compañeiros á hora de enriquecer as súas intervencións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Vida responsable co contorno e protección do medio ambiente.</li> <li>- Percorrido crítico sobre as diferentes formas de relación do ser humano coa natureza ao longo da historia e a pegada ecolóxica das accións humanas no planeta.</li> <li>- Empatía e responsabilidade co contorno: interdependencia, interconexión e ecodpendencia.</li> <li>- A protección do medio ambiente e os dereitos para coa natureza: dereitos humanos de terceira xeración.</li> <li>- Protección e dereitos dos animais.</li> <li>- Valores éticos e democráticos como fundamento para unha conduta empática e respectuosa cara aos animais.</li> <li>- O ser humano como animal político: dereitos humanos da solidariedade para unha conduta cos animais baseada en dereitos.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
6	R-evolución-ate	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Valorar distintas formulacións científicas, políticas e éticas coas que afrontar a emerxencia climática e a crise ambiental a través da exposición e o debate argumental arredor destas.	Realiza un traballo escrito sobre as diferentes formulacións científicas políticas e éticas que afrontan a emerxencia climática.	TI	100
CA3.3 - Promover estilos de vida eticamente comprometidos co logro dun desenvolvemento sustentable, contribuíndo por si mesmo e na súa contorna ao tratamento preventivo dos residuos, a xestión sustentable dos recursos, a mobilidade segura, sustentable e saudable, o comercio xusto, o consumo responsable, o coidado do patrimonio natural, o respecto pola diversidade etnocultural, e o coidado e protección dos animais.	Plantexar e realizar alo menos unha acción que contribúa a mellorar o desenvolvemento sustentable no seu propio centro.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Consumo responsable para unha vida sustentable no planeta.</li> <li>- Os límites do planeta e o esgotamento dos recursos.</li> <li>- Obxectivos do desenvolvemento sustentable: axenda cara a 2030 para un planeta sustentable.</li> <li>- Economía sustentable e ecolóxica na globalización, e nova lóxica do crecemento: economía circular e economía azul.</li> <li>- Hábitos para unha xestión adecuada dos recursos e tratamento preventivo dos residuos. A mobilidade segura, saudable e sustentable.</li> <li>- Consumo responsable e soberanía alimentaria.</li> <li>- Propostas científicas e ético-políticas arredor dos problemas ecosociais.</li> <li>- Xustiza ecolóxica.</li> <li>- Ética medioambiental: ecocentrismo, biocentrismo e extensionismo.</li> <li>- Ecofeminismo e ética do coidado.</li> </ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

As principais cuestións a abordar na materia deberían consistir, respectando sempre os ritmos de aprendizaxe de cada alumno e alumna, na realización de proxectos grupais nos que o propio alumnado teña que resolver conflitos e así desenvolver un fortalecemento da súa autonomía e responsabilidade en coherencia cos valores dunha cidadanía plural, crítica e democrática.

Así mesmo é de especial relevancia que o alumnado coñeza as canles de participación cidadá no marco da sociedade na que vive para que poida desenvolver estilos de vida saudábeis e sustentábeis e sobre todo baseados nunha participación activa e cooperativa na que saiba poñer en práctica os valores comúns e o pensamento crítico que o fornecerá na súa madurez persoal e académica.

Os principios metodolóxicos nos que se basea a materia son a aprendizaxe significativa; isto é partindo dos coñecementos previos do alumnado ser capaces de aprender a aprender e establecer relacións directas entre a materia e a súa realidade. Por outra banda temos a aprendizaxe cooperativa, mediante a cal se desenvolverán proxectos de investigacións, exposicións conxuntas e debates, o que fortalecerá a empatía, as relacións sociais e académicas dentro da aula e no grupo clase. Aprendizaxe mediante o emprego das TICs, parte do traballo de aula será xestionado coa utilización de internet, videos divulgativos, exposicións interactivas, etc, con respecto a este último tipo de aprendizaxe, cómpre salientar a importancia de traballar a busca de información, así como as fake news, e a verificación de fontes á hora de buscar información.

Ao inicio de cada UD traballarase sobre os instrumentos de avaliación e a súa ponderación. Os obxectivos de cada unidade serán explícitamente presentados. Cada UD comezara cunha introdución para activar os coñecementos previos e terminara cun resume ou síntese final que enlazará coa seguinte UD.

A base do traballo que se fará na materia de valores estará encamiñado á investigación e á aprendizaxe autónoma a través de traballos individuais e grupais nos que desenvolver cuestións pertinentes aos contidos dende un punto de vista creativo e de descubrimento, por iso o xeito máis pertinente de avaliar será coa taboa de indicadores que constará de rúbricas de cada fase do traballo que se desenvolva.

- Rúbrica participación
- Rúbrica implicación
- Rúbrica traballo escrito individual
- Rúbrica traballo grupal
- Rúbrica exposición oral

Contribuirase ao Plan TICs coa proxección de vídeos, traballos na aula de informática, clases expositivas empregando presentacións dixitais, avaliacións interactivas.

A materia tamén deberá contribuír a outros plans incluídos no Proxecto Educativo do centro como o Plan de Actividades do Departamento de Orientación, o Plan de Acción Titorial, o Plan de Atención á Diversidade ou o Proxecto Lingüístico de Centro, tendo presente en todo momento a Programación Xeral Anual que se redactou a inicio de curso.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
UDs de elaboración propia feitas polo profesorado da materia
Libro de lectura
Caderno persoal
Aula virtual da materia
Bibliografía e libros de consulta
Fichas de actividades de reforzo, ampliación e consolidación
Dotación da aula (encerado dixital, tradicional, mesas, cadeiras...)

Cadas sesión terá lugar nun aula do centro cun ordenaro conectado a internet e a pizarra con proxector e sonido. Os pupitres individuais servirán tanto para o traballo individual como para a formación dos grupos. Os materiais escollidos teñen que ver coa aprendizaxe autónoma que vimos desenvolvendo, por iso os libros de lectura ou consulta xunto coas elaboracións propias que o profesorado pode aportar van ser a base para que o alumnado poida desenvolver o seu traballo dun xeito satisfactorio.

Á hora de desenvolver o traballo de aula, serán as UD's propias elaboradas polo profesorado da materia, as tarefas, traballos, e actividades que o alumnado realice terán como base o caderno persoal, no que se compliarán todas as actividades, reflexións e incluso aportación orais persoais á materia.

Entre os recursos impresos mencionados destacan as fichas de comprensión lectora, os guións de prácticas, as fichas de actividades de consolidación e as actividades de reforzo e de ampliación específicas para cada alumno.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Nas primeiras dúas semanas de clase se levará a cabo unha proba inicial. Consistirá nun dilema moral ao que alumnado deberá dar resposta usando os argumentos que considere pertinentes e utilizando aqueles conceptos que lle permitan xustificar a súa elección. Esta proba estará baseada en competencias e contidos básicos, o seu obxectivo é facilitar información sobre o alumnado de xeito individual, destrezas previas, dificultades de aprendizaxe ou especificidades que haxa que ter en conta á hora de programar as adaptacións precisas, así como as actividades de reforzo e ampliación.

O exercicio valorárase de acordo aos estándares do test moral de Kohlberg e permitirá situar o nivel moral do individuo.

Nestas primeiras dúas semanas o docente observará ao alumnado tomando notas nunha rúbrica sobre as destrezas no uso das TICs.

Os resultados de dita proba daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do Departamento de Orientación levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	24	17	17	16	16	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100

### Criterios de cualificación:

Ao final de cada avaliación teranse en conta tres porcentaxes:

1. As probas escritas, calquera que sexa o seu formato (traballo de investigación, reflexión persoal no caderno individual, comentarios de texto...), suporá o 40 % da cualificación global (ata 4 puntos, media aritmética de dúas probas por trimestre) Esta proba será traballada tamén nas táboas de indicadores.
  2. Os traballos en grupo que se propoñan que se avaliarán como proba escrita ou taboa de indicadores suporán un 40% na cualificación. Poderán realizarse varias por trimestre e a súa puntuación será acumulativa.
  3. As intervencións orais baseadas nunha argumentación clara, coherente, respectuosa das ideas, así como a implicación baseado no esforzo persoal á hora da responsabilidade co traballo diario da materia suporá un 20%.
  4. As actividades voluntarias (lecturas e traballos propostos na Aula Virtual) servirán para redondear/subir a nota.
- Á nota de cada avaliación se lle aplicarn as seguintes regras de redondeo: (1) Ao enteiro superior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa igual ou superior a 5 (un 4.5 ou un 4.6 se redondean ao 5). (2) Ao enteiro inferior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa inferior a 5 (un 4.4 ou un 4.3 se redondean ao 4) .

### Criterios de recuperación:

Cunha avaliación continua e progresiva, iranse aplicando medidas de recuperacións en cada avaliación para facer un seguimento exhaustivo das dificultades que presente o alumnado. Polo tanto, deberanse realizar con novas indicacións aqueles traballos que non acaden un mínimo dun 5.

Con respecto á recuperación final o alumnado terá un prazo de entrega para completar retrasos nas tarefas, así como modificación dalgunhas non superadas.

## 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Terase en conta o Plan de Reforzo (artigo 51 da Orde do 8 de Setembro 2021 de atención á diversidade. O plan deberá ser elaborado polo profesorado que imparte a materia baixo directrices do departamento co coñecemento da titora ou titor.

O plan deberá ter como referentes os obxectivos da materia e adquisición de competencias.

Realizaráselle ao alumnado unha proposta de traballo completo e individualizado no que se desenvolvan os criterios mínimos exisibles en cada unidade didáctica.

Está proposta será resultado dun seguimento individualizado que se fará do alumnado revisando os traballos entregados por trimestre para poder asignar un novo traballo final.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Para o alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo proporáanse medidas de reforzo adaptadas e individualizadas mediante lecturas, vídeos e outros materiais complementarios. Todos eles dispoñibles a través da aula virtual. Proporáanse, ao mesmo tempo, diferentes canles para a presentación das tarefas que, de acordo coa teoría das Intelixencias Múltiples, se adapten mellor a cada un dos alumnos e alumnas. Así en cada unidade serán de elección individual unha batería de tarefas que propoñen formas de realización adaptadas a cada unha destas intelixencias (infografías, comics, videopresentacións, textos...)

No caso do alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso debemos ter en conta o plan específico personalizado que desenvolve o artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021 de atención á diversidade.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Fomento da creatividade e espírito crítico	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Orientación da conduta cara valores democráticos e éticos	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Emprendemento social	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X

**Observacións:**

No ambiente da aula, e en todas as tarefas da materia:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.

- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

Como noutras materias do Departamento de Filosofía, tanto os contidos como os instrumentos propios da disciplina, son especialmente axeitados para traballar as liñas trasversais do curriculum.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición
Olimpíada Filosófica	Presentación do alumnado á Olimpíada Filosófica na categoría de Dilemas Morais, Fotografía ou Video a determinar.
Visita e elaboración dun taller nun centro ocupacional	Actividade cuxo obxectivo principal é coñecer, entender e programar un taller para persoas dun centro ocupacional. Esta actividade está pensada para desenvolver a autonomía persoal, a empatía e o activismo de cara a persoas diversas que forman parte tamén do mundo que nos rodea.

### Observacións:

A olimpíada filosófica é una iniciativa educativa que pretende achegar a Filosofía ao alumnado de diferentes xeitos, e que ten como obxectivo fomentar o espírito crítico, o coñecemento e respecto de todo o alumnado galego que cursa materias do Departamento de Filosofía. Esta actividade está programada para a 1ª e 2ª avaliación.

A actividade de visita está pensada para a 3ª avaliación

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas a partir dos elementos do currículo.
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.
4. Adecuación da secuencia de traballo na aula.
5. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.
6. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.

7. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.
8. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación
9. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final
10. Adecuación do desenvolvementos dos contidos ao ritmo de aprendizaxe do alumnado

#### **Descrición:**

Cada indicador valorarase nunha escala do 1 ao 4, indicando o 1 a menor consecución e o 4 a maior. Os resultado desta avaliación recolleranse na memoria final de curso e poñerase en coñecemento na reunión do Departamento para poder incorporar melloras en vindeiros cursos.

### **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

Farase un seguimento a través da aplicación Proens dúas veces por avaliación, correspondendo coas dúas unidades didácticas que se desenvolven en cada unha, para poder adiantarnos aos cambios no proceso de ensino aprendizaxe. Estes seguimentos faranse de xeito individual e poñeranse en común nas reunións de departamento.

Neste seguimento terase en conta:

1. Se as sesión prevista por UD foron as suficientes, así como as datas de inicio de final de cada UD.
2. O grao de cumprimento do desenvolvemento das UD.
3. Propostas de mellora
4. Concreción das propostas de mellora para materializar en cursos vindeiros.

### **9. Outros apartados**



**DEPARTAMENTO DE FILOSOFÍA**

***CURSO 2022/2023***

**Presentación**

## **COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO E HORARIOS. CURSO 2022-2023**

O Departamento de Filosofía está formado polos seguintes membros:

	<b>MATERIA</b>	<b>NIVEL</b>	<b>GRUPOS</b>	<b>HORAS SEMANAIS</b>	<b>TOTAL HORAS</b>
<b>MIGUEL ÁNGEL RODRÍGUEZ LÓPEZ</b>	Filosofía	4º ESO	1	3	3
<b>Xefatura</b>					
	Filosofía	1º BAC	2	3	6
	Historia da Filosofía	2º BAC	1	4	4
	Psicoloxía	2º BAC	1	3	3
	Valores Ético- Cívicos	3º ESO	2	1	2
<b>HORAS</b>					<b>18</b>
<b>FELIPE RODRÍGUEZ</b>	Valores Éticos	4º ESO	1	1	1
<b>INÉS (Xeografía e Hº)</b>	Valores Éticos	2º- 4º ESO	2	1	2
<b>NATALIA (BIOLOXÍA)</b>	Valores Éticos	2º ESO	1	1	1
<b>XOEL (F y Q)</b>	Valores Éticos	2º- 4º ESO	2	1	2
<b>Mº ISABEL (Xeografía e Hº)</b>	Valores Ético- Cívicos	3º ESO	2	1	2
<b>TOMÁS PÉREZ</b>	Valores Éticos	2º ESO	1	1	1
<b>TOTAL HORAS</b>					<b>27</b>

## FILOSOFÍA 4º E.S.O.

### INDICE

1. Obxectivos xerais da E.S.O. e obxectivos específicos do curso.....	2
2. Introducción, contextualización e contribución ao desenvolvemento das competencias clave.....	5
3. Relación de estándares de aprendizaxe da materia, concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable e indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.....	10
4. Temporalización: organización e secuenciación de contidos.....	24
5. Metodoloxía didáctica.....	22
6. Procedementos e instrumentos de avaliación.....	26
7. Criterios de cualificación.....	27
8. Grao mínimo esixible de consecución para superar a materia.....	30
9. Plan de seguimento e procedemento para a cualificación das materias pendentes ou da nota final do curso se hai alumnado que asiste a programas de reforzo con atribución horaria.....	30
10. Materiais e recursos didácticos.....	30
11. Medidas de atención á diversidade.....	31
12. Accións de contribución ó proxecto lector, ás TIC e ó plan de convivencia.....	32
13. Actividades complementarias e extraescolares.....	34
14. Procedementos para avaliar a propia programación.....	35

De acordo coa Ley Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE) 8/2013, de 9 de decembro; e seguindo as instrucións do Real Decreto 1105/2014 do 26 de decembro onde se diseña o currículo básico para Educación Secundaria e Bacharelato; ademais da Orde ECD/65/2015 do 21 de xaneiro que establece as relacións entre competencias, contidos e criterios de avaliación na Educación Primaria, Secundaria e Bacharelato; e en consoancia co [Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia](#) e a RESOLUCIÓN do 27 de xullo de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico 2015/16 para a implantación do currículo da educación

## **I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, este Departamento desenvolve a seguinte Programación Didáctica para o presente curso.

### **1. OBXECTIVOS XERAIS DA E.S.O. E OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DA ÁREA**

- a) Asumir responsablemente os seus deberes; coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais; practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais e resolver pacificamente os conflitos, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, incorporar novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza nun mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua castelá e, se a houbese, na lingua cooficial da comunidade autónoma, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, a lectura e o estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de xeito apropiado.
- j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia propias e dos demais, así como o patrimonio artístico e cultural.
- k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o ambiente, e contribuír así á súa

## **I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

conservación e mellora.

1) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

### **OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DO CURSO**

- 1. Valorar a dignidade humana para entender o que significa ser persoa e poder valorarse a si mesmo e aos que o rodean.**
- 2. Descubrir a importancia dos valores éticos na formación da personalidade e a autoestima.**
3. Comprender o concepto de virtude en Aristóteles para establecer relacións entre os actos, os hábitos e o carácter no desenvolvemento da personalidade.
- 4. Coñecer o concepto e as causas da crise de identidade que xorde na adolescencia.**
- 5. Tomar conciencia da importancia que ten o desenvolvemento da autonomía e o control persoais no crecemento persoal e nas crises de identidade adolescentes, para poder identificar as súas causas e detectar as influencias que exercen os grupos sociais na personalidade.**
6. Identificar os trazos máis característicos dos grupos de adolescentes reflexionando sobre a influencia que exercen sobre o individuo.
7. Recoñecer a diferenza entre autonomía e heteronomía desde a concepción kantiana.
- 8. Tomar conciencia da importancia que teñen o desenvolvemento da autonomía e o control da conduta no crecemento moral da persoa cara á vida adulta.**
- 9. Identificar as aptitudes que posúe o ser humano para construír un autoconcepto positivo e potenciar a súa autoestima.**
- 10. Reflexionar sobre as propias emocións para recoñecerlas en situacións cotiás e poder mellorar as habilidades emocionais.**
11. Comprender o concepto de intelixencia emocional e valorar a súa importancia na personalidade e no carácter moral do ser humano para mellorar as súas habilidades emocionais.
- 12. Recoñecer a relación do ser humano co contorno e os axentes sociais que o conforman, entendendo a súa influencia no desenvolvemento moral da persoa e valorando a vida en sociedade desde valores éticos recoñecidos.**
- 13. Desenvolver certas habilidades sociais e técnicas de comunicación para dominar formas e xestos habituais que favorezan tanto as relacións interpersoais como o respecto á dignidade e aos dereitos das persoas.**
14. Entender a influencia das virtudes e dos valores éticos no establecemento respectuoso e comprensivo de relacións interpersoais, así como no exercicio da liberdade individual e social.
- 15. Sinalar os límites entre a liberdade persoal e a social, marcados pola ética e os dereitos humanos.**
- 16. Valorar a importancia das habilidades emocionais, sociais e asertivas, co fin de moldear a personalidade a través de valores e virtudes éticos que favorezan as relacións interpersoais positivas e respectuosas, asegurando así unha vida en sociedade máis xusta e enriquecedora.**
17. Recoñecer a vida privada e pública das persoas para trazar os límites da liberdade individual e social.
18. Apreciar o efecto que producen os valores na conduta individual e social, identificar os problemas derivados da súa ausencia e promovelos en beneficio das persoas e da sociedade.
- 19. Describir as semellanzas e as diferenzas que existen entre a moral e a ética, valorando a importancia desta última para actuar de forma racional.**

## **I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

- 20. Identificar a liberdade como base que sostén a moral da persoa e a intelixencia, a vontade e as normas éticas como medios que rexen a súa conduta.**
21. Explicar a función dos valores éticos na vida persoal e social do ser humano, destacando a importancia de ser respectados.
22. Coñecer como se creou a ONU e o momento histórico que impulsou a elaboración da DUDH, destacando o seu valor como fundamento ético universal da lexitimidade do dereito e dos Estados.
- 23. Entender e valorar o contido da DUDH, facendo especial fincapé no respecto á dignidade humana como base de todos os dereitos humanos.**
- 24. Coñecer o panorama actual respecto ao exercicio dos dereitos da muller e da infancia en gran parte do mundo, coñecendo as causas da situación e tomando conciencia delas, co fin de promover a súa solución.**

Se fose preciso facer unha adaptación pedagóxica especial dirixida á docencia semipresencial ou non presencial (por mor das circunstancias socio-sanitarias actuais), os **obxectivos preferentes e indispensables** para este curso (*sinalados en negrita e cursiva*) serían os seguintes:

**1, 2, 4, 5, 8, 9, 10, 12, 13, 15, 16, 19, 20, 23, 24.**

## **2. INTRODUCCIÓN, CONTEXTUALIZACIÓN E CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE**

### ***Introdución e contextualización***

A materia de Filosofía de cuarto curso de ESO ten como unha das súas finalidades contribuír a dotar o alumnado dunha capacidade básica de comprensión. Esta capacidade, arrancando da propia experiencia humana, das vivencias, das inquedanzas e dos interrogantes que ela mesma suscita, debe catapultar o alumnado ao limiar dunha capacidade de crítica, de argumentación e síntese que, ademais da súa exemplificación filosófica, poida servirille para desenvolverse como persoa e como cidadán ou cidadá, entendendo a radicalidade do saber filosófico como ferramenta de transformación e cambio.

A comprensión de si mesmo/a e do mundo en que se vive, sen esquecer a súa vertente histórica, responde á dimensión teórica da filosofía como "preguntar radical" mediante a procura e tratamento dos grandes interrogantes filosóficos. Xunto a iso, a materia debe proxectar unha dimensión práctica, incidindo basicamente no fomento dunha actitude reflexiva e crítica que non acepte nada preconcebido, e dunha capacidade de pensar que, a través da mediación dialóxica, sexa capaz de argumentar de forma coherente e lóxica. O alumnado, deste xeito, deberá integrar coherentemente as súas ideas e as súas crenzas, someténdoo á crítica e á visión doutras persoas para ser quen de alcanzar un pensamento autónomo que integre os seus coñecementos e os seus valores, comprendendo a particularidade da filosofía como saber radical e global.

Con este tratamento, que permite integrar nunha visión de conxunto a gran diversidade de saberes, capacidades e valores, a filosofía eríxese nunha ferramenta moi interesante para contribuír ao logro das máis importantes expectativas descritas nas competencias clave. É patente que as competencias clave deben estar perfectamente integradas nas propostas curriculares das áreas e materias, para desenvolver, de forma coherente e precisa, os resultados da aprendizaxe que o alumnado debe conseguir. Neste sentido, esta materia, dentro da implicación das competencias clave no sistema educativo español, pode contribuír a desenvolver especialmente as seguintes competencias: comunicación lingüística, aprender a aprender, competencias sociais e cívicas, e conciencia e expresións culturais. Cómpre

## **I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

valorarse que, dun xeito nomeadamente salientable, a materia no seu conxunto debe motivar o alumnado para aprender a aprender, competencia basal para a adquisición do amor ao saber, o que constitúe un eixe paradigmático para afrontar a vida e o mundo, dotando o alumno ou a alumna de valiosos apeiros para, desde a iniciativa persoal, formalo como persoa.

Unha metodoloxía centrada e fundamentada nas competencias clave debe supor novos retos e, especialmente, importantes cambios na forma de entender a concepción do proceso de ensino e aprendizaxe, así como cambios na propia cultura escolar en xeral. Non só se fai necesaria unha estreita vinculación do profesorado no desenvolvemento curricular senón tamén transcendentos cambios nas prácticas de traballo e nos métodos de ensino. A avaliación das competencias require o concurso de estratexias e instrumentos para avaliar o alumnado de acordo cos seus desempeños na resolución de problemas que simulen contextos reais, mobilizando os seus coñecementos, as destrezas, os valores e as actitudes. E cómpre non esquecer, desde logo, a flexibilidade e a variabilidade nos procedementos de avaliación como parte inherente ao entendemento da avaliación como parte integral do proceso de ensino e aprendizaxe e, ao cabo, como un utensilio clave para mellorar a calidade da educación. Neste sentido, estratexias como a autoavaliación, a avaliación entre iguais ou a coavaliación favorecen a aprendizaxe desde a reflexión activa e desde a posta en práctica das dificultades e as fortalezas do alumnado, tendo o conta o horizonte de participación dos compañeiros e das compañeiras, e desde a colaboración do profesorado na regulación do proceso de ensino e aprendizaxe.

A materia estrutúrase en seis bloques: "A filosofía", "Identidade persoal", "Socialización", "Pensamento", "Realidade e metafísica" e "Transformación". Pode entenderse, dun xeito escolar, que estes bloques representan globalmente un equilibrio, xa que tres deles responden a unha dimensión marcadamente teórica (filosofía, pensamento, realidade e metafísica), mentres os outros tres acentúan máis a vertente práctica da reflexión filosófica (identidade persoal, socialización e transformación). Co desenvolvemento destes bloques o alumnado debe ser quen, a través da internalización, a asimilación e a consecución das competencias clave, de adquirir unhas destrezas teórico-prácticas basais para o avance e a mellora no eido persoal e na interacción social, adquirindo, ao tempo, unha visión filosófica e cultural en xeral.

Traballar por competencias na aula supón unha reflexión e unha reconfiguración dos contidos desde un enfoque de aplicación que permita o adestramento das competencias. As competencias non se estudan nin se ensinan, adéstranse. Para iso, xeraremos tarefas de aprendizaxe que favorezan a transferencia do coñecemento mediante metodoloxías de aula activas.

Non resulta práctico nin eficaz abordar cada competencia de xeito global en cada unidade, polo que se estruturarán en indicadores, grandes piares que permiten describila dun xeito máis preciso. Podemos atopar entre tres e seis indicadores por competencia.

O indicador ten tamén un carácter bastante xeral, por iso o descompoñemos no que chamamos «descritores da competencia»; os cales «describen» o alumnado competente no devandito ámbito. Por cada indicador atoparemos entre tres e seis descritores, redactados en infinitivo.

En cada unidade didáctica concretaremos o descritor en desempeños competenciais, redactados en terceira persoa do presente indicativo. O desempeño será o aspecto concreto da competencia que poderemos adestrar e avaliar de xeito explícito na unidade. Este é concreto e obxectivo, e indícanos que debemos adestrar e observar nas actividades deseñadas.

Para o seu desenvolvemento, partimos dun marco de descritores competenciais definido para o proxecto aplicable a toda materia e curso.

## **I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

Respectando o tratamento específico nalgunhas áreas, os **elementos transversais**, como a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional, traballaranse desde todas as áreas, posibilitando e fomentando que o proceso de ensinanza-aprendizaxe dos alumnos e das alumnas sexa o máis completo posible.

A diversidade de estilos de aprendizaxe do alumnado convídanos a traballar desde as **diferentes potencialidades** que os caracterizan, apoiándonos sempre nas súas fortalezas para poder dar resposta ás súas necesidades.

### ***Contribución da área e materia ó logro das competencias básicas***

En Filosofía 4º E.S.O. incidiremos no adestramento de todas as competencias de xeito sistemático, facendo fincapé nos descritores máis afíns á materia:

#### *Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía*

O desenvolvemento desta competencia nesta área permítenos afondar no eixe sobre o que xira todo o currículo básico e o carácter específico do saber ético, xa que todo problema ou situación implica unha demostración racional. Así mesmo, esta competencia ofrece a oportunidade de realizar argumentacións, considerar e realizar xuízos morais e aplicar estratexias de resolución de problemas.

Os descritores que podemos traballar son:

- Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sostible.
- Tomar conciencia dos cambios producidos polo ser humano no contorno natural e as súas repercusións na vida futura.

Xerar criterios persoais sobre a visión social da estética do corpo humano fronte ao coidado saudable.

- Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante en distintos ámbitos (biolóxico, xeolóxico, físico, químico, tecnolóxico, xeográfico...).
- Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas, comprender o que acontece arredor nosa e responder preguntas.
- Coñecer e utilizar os elementos matemáticos básicos: operacións, magnitudes, porcentaxes, proporcións, formas xeométricas, criterios de medición e codificación numérica, etc.
- Organizar a información utilizando procedementos matemáticos.
- Resolver problemas seleccionando os datos e as estratexias apropiadas.
- Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá.

#### *Comunicación lingüística*

Para o bo desenvolvemento desta competencia, será decisivo o fomento da lectura, a análise e a reflexión sobre libros e textos relacionados cos contidos curriculares. Deste xeito, desenvolveranse a comprensión lectora e a expresión oral e escrita, á vez que se adquiren coñecementos sobre os valores éticos e os dereitos humanos. Por outro lado, contribuírase conxuntamente á comunicación lingüística e á transmisión de valores a través da exposición e da resolución de dilemas morais, pois estes esixen poñer en práctica habilidades como a escoita activa, a empatía e a expresión de ideas e de sentimentos, utilizando a linguaxe verbal e a non verbal.



## **I.E.S. CORUXO. *Departamento de filosofía***

Os descritores que podemos utilizar serán:

- Comprender o sentido dos textos escritos e orais.
- Manter unha actitude favorable cara á lectura.
- Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.
- Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais correctas para elaborar textos escritos e orais.
- Manexar elementos de comunicación non verbal en diferentes rexistros e nas diversas situacións comunicativas.
- Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...
- Compoñer distintos tipos de textos de forma creativa con sentido literario.
- Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou en materias diversas.

*En caso de centros bilingües ou plurilingües que impartan a materia noutra lingua:*

- Manter conversas noutras linguas sobre temas cotiás en distintos contextos.
- Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.
- Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou en materias diversas.

### *Competencia dixital*

Desenvolver a competencia dixital desde esta área axudaranos a manexar ferramentas que posibiliten o acceso ao coñecemento de feitos sociais, de documentos históricos e de tratados internacionais que poñan de relevo a contribución dos valores éticos á sociedade. Á súa vez, proporcionará ao alumnado a oportunidade de entender a relación que existe entre a tecnoloxía e os valores éticos, para que aprenda a facer un bo uso dela no seu tempo libre.

Podemos adestrar os seguintes descritores:

- Empregar distintas fontes para a busca de información.
- Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.
- Elaborar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.
- Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.
- Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.

### *Conciencia e expresións culturais*

Esta área contribúe á competencia de conciencia e expresións culturais na medida que posibilita a adquisición de pautas persoais, interpersoais e interculturais que permiten participar de forma eficaz e construtiva en calquera sociedade democrática, respectando os valores e os dereitos socialmente recoñecidos.

Os descritores que adestraremos nesta competencia son:

- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
- Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.

## **I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

- Apreciar a beleza das expresións artísticas e as manifestacións de creatividade e fomentar o gusto pola estética no ámbito cotián.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

### *Competencias sociais e cívicas*

A área de Valores Éticos é, sen dúbida, a materia desde onde se traballan de forma máis directa as competencias sociais e cívicas do alumnado. As habilidades sociais e de colaboración incrementanse cando se reflexiona sobre o fundamento ético da sociedade e se toma conciencia da importancia dos seus valores éticos e morais. Á súa vez, ofrece a posibilidade de resolver conflitos interpersoais de forma construtiva, polo que o alumnado non só fortalece a súa identidade persoal, senón que desenvolve actitudes como a tolerancia, a asertividade, a solidariedade e o respecto á pluralidade cultural, política, relixiosa ou de calquera outra natureza.

Os indicadores desta competencia poden facilitar o adestramento de cada un dos descritores que enunciámos a continuación:

- Coñecer as actividades humanas, adquirir unha idea da realidade histórica a partir de distintas fontes e identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito referendado por unha constitución.
- Aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.
- Desenvolver a capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e de traballo, e para a resolución de conflitos.
- Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.
- Recoñecer a riqueza da diversidade de opinións e de ideas.
- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.
- Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.
- Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades.
- Involucrarse ou promover accións cun fin social.

### *Sentido de iniciativa e espírito emprendedor*

Para exercer dun modo consciente, crítico e reflexivo o exercicio da liberdade e emprender accións que beneficien a sociedade, resulta necesario que os alumnos e as alumnas desenvolvan aspectos como a autonomía, o liderado, a creatividade ou a iniciativa persoal.

Desde esta área considéranse tarefas e situacións reais e hipotéticas que permiten o adestramento das devanditas habilidades. Isto vai posibilitar que o alumnado expoña as súas ideas, inicie accións novas, asuma responsabilidades ou xestione os recursos materiais e persoais que ten ao seu alcance.

Neste caso, os descritores que cumpriría adestrar serían:

- Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas.
- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
- Ser constante no traballo superando as dificultades.
- Dirimir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa.
- Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos.
- Asumir riscos no desenvolvemento das tarefas ou dos proxectos.
- Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.
- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.

## I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía

- Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución dos obxectivos.
- Atopar posibilidades no contorno que outros non aprecian.
- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos dun tema.

### Aprender a aprender

A competencia de aprender a aprender implica ser consciente das necesidades e dos procesos de aprendizaxe, o recoñecemento de oportunidades e a habilidade de superar dificultades para poder aprender con éxito. Esta promóvese na área de Valores Éticos mediante o exercicio de procesos cognitivos como analizar, sintetizar, relacionar, comparar ou argumentar, así como favorecendo o interese por descubrir a verdade e os valores que impregnan as experiencias da súa vida cotiá.

Os descritores que poderíamos utilizar para adestrar esta competencia serían:

- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...
- Xestionar os recursos e as motivacións persoais en favor da aprendizaxe.
- Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...
- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
- Planificar os recursos necesarios e os pasos que se deben realizar no proceso de aprendizaxe.
- Avaliar a consecución dos obxectivos de aprendizaxe.
- Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

### **3. RELACIÓN DE ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE DA MATERIA, CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVAILABLE E INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE**

Filosofía. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. A filosofía				
▪ b ▪ e ▪ f ▪ h	▪ B1.1. Conceptos do bloque "A filosofía": filosofía, mito, logos, saber, opinión, abstracto, concreto, razón, sentidos, arché, causa, monismo, dualismo, pluralismo, substancia, prexuízo, etc. ▪ B1.2. Modos de pensar: coñecer, opinar, argumentar, interpretar, razoar, analizar, criticar, descubrir, crear.	▪ B1.1. Comprender o que é a reflexión filosófica, diferenciándoa doutros tipos de saberes que estudan aspectos concretos da realidade e do individuo.	▪ FIB1.1.1. Define e utiliza conceptos como filosofía, mito, logos, saber, opinión, abstracto, concreto, razón, sentidos, arché, causa, monismo, dualismo, pluralismo, substancia ou prexuízo, e elabora un glosario con eles.	▪ CAA
			▪ FIB1.1.2. Distingue entre, coñecer, opinar, argumentar, interpretar, razoar, analizar, criticar, descubrir e crear.	▪ CCL

**I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

Filosofía. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ e</li> <li>▪ h</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Explicación racional (logos) e mitolóxica (mito).</li> <li>▪ B1.4. Comparativa de textos míticos e racionais ao respecto da cosmoxénese e a antropoxénese.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Coñecer a orixe da filosofía occidental (onde, cando e por que xorde), distinguíndoos dos saberes prerracionais, o mito e a maxia, en tanto que saber práctico, e comparándoo con algunhas características xerais das filosofías orientais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB1.2.1. Explica as diferenzas entre a explicación racional e a mitolóxica, en comparación tamén con algunhas características xerais das filosofías orientais.</li> <li>▪ FIB1.2.2. Le textos interpretativos e descritivos da formación do Cosmos e o ser humano, pertencentes ao campo mitolóxico e ao campo racional, e extrae semellanzas e diferenzas nas formulacións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ h</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.5. A pregunta polo arché nos presocráticos: solucións de Heráclito, Parménides e Demócrito.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Identificar o primeiro interrogante filosófico da filosofía grega, a pregunta pola orixe, e coñecer as primeiras respostas dadas polos primeiros pensadores gregos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB1.3.1. Describe as primeiras respostas presocráticas á pregunta polo arché, coñece os seus autores e reflexiona por escrito sobre as solucións de interpretación da realidade expostas por Heráclito, Parménides e Demócrito.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ h</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.6. O individuo e a polis en Sócrates e en Protágoras.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.4. Coñecer o xiro antropolóxico da filosofía no século V a.C., explicando algunhas das ideas centrais de Sócrates e de Protágoras, e reflexionando sobre a aplicación práctica da filosofía respecto ao individuo e a sociedade en que vive.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB1.4.1. Compara a interpretación do ser humano e a sociedade defendida por Sócrates coa exposta por Protágoras, e argumenta a súa propia postura.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.7. A necesidade de dar sentido como consubstancial ao ser humano.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.5. Reflexionar e argumentar, de xeito escrita e oral, sobre o interese, especificamente humano, por entenderse a si mesmo e o que o rodea.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB1.5.1. Realiza pequenos ensaios, argumentando as súas opinións de xeito razoado, no que pretenda dar sentido a algún conxunto de experiencias.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ h</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.8. Funcións da filosofía nas súas vertentes teórica e práctica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.6. Recoñecer as funcións da filosofía en tanto que saber crítico que aspira a fundamental, analizar e argumentar sobre os problemas últimos da realidade, desde unha vertente tanto teórica como práctica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB1.6.1. Diserta sobre as posibilidades da filosofía segundo as súas funcionalidades.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
Bloque 2. Identidade persoal				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ d</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Conceptos do bloque "Identidade persoal": personalidade, temperamento, carácter, conciencia, inconsciencia, condutismo,</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Comprender a profundidade da pregunta "quen son?", coñecendo algunhas respostas dadas desde a psicoloxía e a filosofía,</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB2.1.1. Define e utiliza conceptos como personalidade, temperamento, carácter, conciencia, inconsciencia, condutismo,</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>

## I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía

Filosofía. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ h	cognitivismo, psicoloxía humanística, psicanálise, etc.	reflexionar e valorar a importancia de coñecerse a si mesmo/a, e expresalo por escrito.	cognitivismo, psicoloxía humanística, psicanálise, e elabora un glosario con eses termos.	
▪ h	▪ B2.2. A personalidade.	▪ B2.2. Definir o que é a personalidade, así como os principais conceptos relacionados con ela.	▪ FIB2.2.1. Define e caracteriza o que é a personalidade.	▪ CCL
▪ h	▪ B2.3. Teorías sobre a personalidade	▪ B2.3. Coñecer e explicar as teses centrais dalgunhas teorías sobre a personalidade.	▪ FIB2.3.1. Coñece as teses fundamentais sobre a personalidade e argumenta sobre iso.	▪ CCL
▪ a ▪ b ▪ d ▪ g ▪ h	▪ B2.4. Etapas do desenvolvemento da identidade persoal. Tipos de personalidade.	▪ B2.4. Recoñecer as etapas do desenvolvemento da identidade persoal, reflexionando sobre os factores que determinan o éxito e o fracaso, e achega a propia opinión razoada sobre estes dous conceptos.	▪ FIB2.4.1. Le textos literarios nos que se analiza a personalidade dos personaxes, identifica os trazos e os tipos de personalidade, e reflexiona por escrito sobre a temática.	▪ CAA ▪ CCL
▪ l	▪ B2.5. O inconsciente na psicanálise.	▪ B2.5. Analizar que se entende por inconsciente no marco do pensamento da psicanálise.	▪ FIB2.5.1. Analiza que se entende por inconsciente.	▪ CCEC
▪ a ▪ b ▪ e ▪ h ▪ n	▪ B2.6. O innato e o adquirido na formación da personalidade.	▪ B2.6. Reflexionar por escrito e dialogar en grupo sobre a posible incidencia que a herdanza xenética e o adquirido teñen na formación da personalidade.	▪ FIB2.6.1. Le e analiza textos filosóficos, literarios ou científicos cuxo punto de reflexión sexa a herdanza adquirida na formación da personalidade, incidindo no autoconhecimento.	▪ CAA ▪ CCL ▪ CMCCT
▪ b ▪ e ▪ g	▪ B2.7. A filosofía da mente e a neurociencia.	▪ B2.7. Investigar en internet en que consiste a filosofía da mente e a neurociencia, e seleccionar a información máis significativa.	▪ FIB2.7.1. Investiga e selecciona información significativa sobre conceptos fundamentais de filosofía da mente.	▪ CCL ▪ CD
▪ d ▪ h	▪ B2.8. A motivación e os conceptos asociados: emoción, sentimento, necesidades primarias e secundarias, autorrealización, vida afectiva e frustración.	▪ B2.8. Identificar a función e a importancia da motivación como factor enerxético e direccional da vida humana nas súas múltiples dimensións.	▪ FIB2.8.1. Define e utiliza con rigor conceptos como motivación, emoción, sentimento, necesidades primarias e secundarias, autorrealización, vida afectiva e frustración.	▪ CCL
▪ d	▪ B2.9. A motivación desde a teoría cognitiva: coñecemento e motivación.	▪ B2.9. Recoñecer, no marco da teoría cognitiva, o valor do coñecemento como elemento motivador da conduta humana, reflexionando sobre a consideración do ser humano como	▪ FIB2.9.1. Explica as teses máis importantes da teoría cognitiva acerca do coñecemento e a motivación.	▪ CAA

**I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

Filosofía. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
		animal racional.		
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ d</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.10. Teoría humanística sobre a motivación. Diferenzas coa teoría cognitivista.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.10. Explicar as ideas centrais da teoría humanística sobre a motivación, reflexionando sobre o carácter da motivación como elemento distintivo do ser humano fronte ao simplemente animal.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB2.10.1. Explica as ideas centrais da teoría humanística sobre a motivación e expresa a súa opinión razoada ao respecto.</li> <li>▪ FIB2.10.2. Explica e compara a visión sobre a motivación da teoría cognitivista e a da teoría humanística sobre a motivación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ d</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.11. Condición afectiva humana</li> <li>▪ B2.12. Impulsos, emocións e sentimentos.</li> <li>▪ B2.13. Papel do corpo na afectividade</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.11. Coñecer a condición afectiva do ser humano, distinguindo entre impulsos, emocións e sentimentos, e recoñecendo o papel do corpo na posibilidade de manifestación do afectivo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB2.11.1. Analiza e argumenta sobre textos breves e significativos de autores salientables sobre as emocións, e argumenta por escrito as propias opinións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ d</li> <li>▪ h</li> <li>▪ m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.14. Incidencia na conduta das emocións: frustración, desexo e amor.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.12. Valorar a importancia da relación entre a motivación e o afectivo para dirixir a conduta humana en diferentes direccións e con distinta intensidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB2.12.1. Analiza textos e diserta sobre a incidencia das emocións, como a frustración, o desexo ou o amor, entre outras, na conduta humana.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ d</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.15. Incidencia na conduta das emocións: A curiosidade e o pracer de aprender, o desexo de lograr obxectivos, a satisfacción pola resolución de problemas, o agrado polo recoñecemento de éxito e a compracencia polo estímulo de iniciativas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.13. Reflexionar e argumentar sobre a importancia da motivación e das emocións, como a curiosidade e o pracer de aprender, o desexo de lograr obxectivos, a satisfacción pola resolución de problemas, o agrado polo recoñecemento de éxito, a compracencia polo estímulo de iniciativas, etc.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB2.13.1. Argumenta sobre o papel das emocións para estimular a aprendizaxe, o rendemento, o logro de obxectivos e a resolución de problemas, entre outros procesos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ d</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.16. As emocións como estímulo da iniciativa, a autonomía e o emprendemento.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.14. Reflexionar sobre o papel das emocións como ferramenta para ser emprendedor/a e creativo/A.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB2.14.1. Analiza textos en que se describe o papel das emocións como estímulo da iniciativa, a autonomía e o emprendemento.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ d</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.17. O ser humano como centro das múltiples perspectivas que se integran no saber orixinario que é a filosofía.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.15. Coñecer, desde a historia da filosofía, algunhas das reflexións sobre aspectos que caracterizan o ser humano en canto tal, valorando a función da filosofía como saber orixinario e integrador de múltiples perspectivas cuxo centro común é a persoa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB2.15.1. Desenvolve de forma colaborativa un glosario para publicar en internet, coa terminoloxía filosófica da unidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.18. Teorías sobre a alma de Platón e de</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.16. Explicar as teorías da alma de Platón e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB2.16.1. Explica a teoría da alma de Platón.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>

**I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

Filosofía. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ l	Aristóteles, e relación nelas entre alma, corpo e afectos.	de Aristóteles, reflexionando sobre a consideración e a relación entre a alma, o corpo e os afectos, que se analizan nesas teorías.	▪ FIB2.16.2. Explica a teoría da alma de Aristóteles.	▪ CCEC
			▪ FIB2.16.3. Argumenta a súa opinión sobre a relación entre o corpo e a mente ou alma.	▪ CAA
▪ g ▪ h ▪ l	▪ B2.19. A introspección en Agostiño de Hipona.	▪ B2.17. Coñecer a importancia da introspección sinalada por Agostiño de Hipona, como método de autoconecemento e de formación da propia identidade.	▪ FIB2.17.1. Explica o que é a introspección segundo Agostiño de Hipona, utilizando este tipo de pensamento en primeira persoa para describirse a si mesmo/a.	▪ CAA
▪ h ▪ l	▪ B2.20. O cogito de Descartes ▪ B2.21. O home-máquina dos materialistas franceses do século XVIII.	▪ B2.18. Describir e comparar a concepción cartesiana do papel do pensamento como aspecto que define o individuo, fronte ás concepcións materialistas e mecanicistas do home-máquina no materialismo francés do século XVIII.	▪ FIB2.18.1. Expón o significado da tese de Descartes "Penso, logo existo".	▪ CCEC
			▪ FIB2.18.2. Expón as súas reflexións sobre as implicacións do materialismo na súa descrición do ser humano.	▪ CCEC ▪ CSC
▪ h	▪ B2.22. A vontade como elemento definitorio do humano.	▪ B2.19. Coñecer a importancia da facultade da vontade como elemento definitorio do humano.	▪ FIB2.19.1. Explica o que é a vontade.	▪ CCL
▪ d ▪ h	▪ B2.23. Reflexión filosófica sobre a afectividade.	▪ B2.20. Expresar algunha das consideracións filosóficas sobre o afectivo.	▪ FIB2.20.1. Argumenta, desde o plano filosófico, sobre o papel das emocións na consideración do ser humano en canto tal.	▪ CCL
▪ g ▪ h	▪ B2.24. O ser humano como proxecto.	▪ B2.21. Recoñecer as implicacións filosóficas da idea do home como proxecto.	▪ FIB2.21.1. Expresa e desenvolve a idea de home como proxecto.	▪ CCL ▪ CSIEE
Bloque 3. Socialización				
▪ a ▪ b ▪ g ▪ h ▪ l	▪ B3.1. Conceptos do bloque "Socialización": individualidade, alteridade, socialización, estado de natureza, dereitos naturais, contrato social, respecto, propiedade, Estado, lexitimación, institucionalización, rol, status, conflito e cambio social, globalización, etc.	▪ B3.1. Identificar o "outro" tal como é na súa individualidade e, ao mesmo tempo, identificalo como un "alter ego" que comparte un espazo e unhas circunstancias comúns, dando lugar á intersubxectividade.	▪ FIB3.1.1. Define e utiliza conceptos como individualidade, alteridade, socialización, estado de natureza, dereitos naturais, contrato social, respecto, propiedade, Estado, lexitimación, institucionalización, rol, status, conflito e cambio social, e globalización.	▪ CCL ▪ CSC
▪ a ▪ h	▪ B3.2. Cultura e sociedade. Componentes socioculturais do ser humano.	▪ B3.2. Recoñecer a dimensión social e cultural do ser humano, identificando e distinguindo os conceptos de cultura e de sociedade.	▪ FIB3.2.1. Define e explica o significado dos conceptos de cultura e de sociedade, facendo referencia aos componentes socioculturais que	▪ CCEC ▪ CCL

**I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

Filosofía. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ l			hai no ser humano.	
▪ a ▪ l ▪ ñ ▪ o	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.3. Contidos culturais: institucións, ideas, crenzas, valores, obxectos materiais, etc.</li> <li>▪ B3.4. Niveis biolóxico, afectivo e cognitivo na internalización da cultura.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.3. Identificar o proceso de construción, os elementos e a lexitimación dunha cultura, valorando esta non só como ferramenta de adaptación ao medio, senón como ferramenta para a transformación e a autosuperación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB3.3.1. Expresa algúns dos principais contidos culturais, como son as institucións, as ideas, as crenzas, os valores, os obxectos materiais, etc.</li> <li>▪ FIB3.3.2. Coñece os niveis aos que se realiza a internalización dos contidos culturais dunha sociedade; é dicir, a nivel biolóxico, afectivo e cognitivo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
▪ d ▪ h	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.5. Elementos do proceso de socialización: socialización primaria e secundaria.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.4. Coñecer os elementos do proceso de socialización e relacionalos coa propia personalidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB3.4.1. Describe a socialización primaria e secundaria.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
▪ a ▪ h	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.6. Teses fundamentais sobre a orixe da sociedade e o Estado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.5. Coñecer as teorías sobre a orixe da sociedade e reflexionar de forma escrita sobre elas, argumentando as propias opinións ao respecto.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB3.5.1. Explica as teses fundamentais sobre a orixe da sociedade e o Estado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
▪ a ▪ b ▪ d ▪ l	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.7. A civilización. Diferenza entre civilización e cultura. Oriente e Occidente.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.6. Comprender o sentido do concepto de civilización, relacionando as súas semellanzas e diferenzas co concepto de cultura.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB3.6.1. Explica o que é unha civilización e pon exemplos fundamentados, e investiga e reflexiona sobre as semellanzas e as diferenzas entre oriente e occidente.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
▪ e ▪ g ▪ h	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.8. Comunicación. Comunicación non verbal.</li> <li>▪ B3.9. A comunicación na época das tecnoloxías da información e da comunicación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.7. Definir o que é a comunicación, analizando as formas de comunicación non verbal, e a incidencia das novas tecnoloxías da información e da comunicación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB3.7.1. Explica o que é a comunicación e reflexiona sobre as vantaxes e os inconvenientes cando a ferramenta para ela son as novas tecnoloxías.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> </ul>
▪ a ▪ g ▪ l	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.10. O individuo como capaz de innovar e crear cambios culturais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.8. Reflexionar sobre o posible papel activo dun/dunha mesmo/a na construción da cultura e, en canto tal, identificarse como ser creativo e innovador, capaz de xerar elementos culturais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB3.8.1. Reflexiona por escrito sobre o papel activo dun/dunha mesmo/a no seu contexto sociocultural, como ser capaz de innovar e xerar cambios culturais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
▪ a ▪ b ▪ e	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.11. Diferenzas culturais. Relativismo cultural e etnocentrismo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.9. Reflexionar e indagar sobre o relativismo cultural e o etnocentrismo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB3.9.1. Coñece o relativismo cultural e o etnocentrismo, e reflexiona sobre eles, expresando conclusións propias e achegando exemplos con feitos investigados e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CD</li> </ul>



**I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

Filosofía. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ h</li> <li>▪ l</li> <li>▪ ñ</li> <li>▪ o</li> </ul>			contrastados en internet.	
Bloque 4. Pensamento				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Conceptos do bloque "Pensamento": razón, sentidos, experiencia, abstracción, universalidade, sistematicidade, racionalismo, dogmatismo, empirismo, límite, intelixencia, intelixencia emocional, certeza e erro.</li> <li>▪ B4.2. Características da racionalidade humana.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Comprender a facultade racional como específica do ser humano e as súas implicacións, analizando en que consiste a racionalidade e cales son as súas características.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB4.1.1. Define e utiliza conceptos como razón, sentidos, experiencia, abstracción, universalidade, sistematicidade, racionalismo, dogmatismo, empirismo, límite, intelixencia, intelixencia emocional, certeza e erro.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB4.1.2. Explica o que é a racionalidade e describe algunhas das súas características.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ h</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.3. Posibilidades e límites da razón.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.2. Explicar as teses básicas dalgunhas concepcións filosóficas sobre as posibilidades e os límites da razón.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB4.2.1. Explica a concepción sobre as posibilidades da razón.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.4. Racionalidade teórica e racionalidade práctica. Teoría e experiencia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.3. Distinguir a racionalidade teórica da racionalidade práctica, así como teoría e experiencia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB4.3.1. Identifica as dúas posibilidades de aplicación da racionalidade: teórica e práctica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ d</li> <li>▪ h</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.5. Concepcións contemporáneas sobre a intelixencia.</li> <li>▪ B4.6. Teoría da intelixencia emocional.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.4. Coñecer a concepción contemporánea sobre a intelixencia, incidindo na teoría da intelixencia emocional de Daniel Goleman.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB4.4.1. Explica as teses centrais da teoría da intelixencia emocional.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB4.4.2. Argumenta sobre a relación entre a razón e as emocións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.7. A verdade e os seus tipos: a verdade como correspondencia; a verdade segundo o pragmatismo americano; a verdade desde o perspectivismo e o consenso.</li> <li>▪ B4.8. Papel do erro na procura da verdade. O erro como oportunidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.5. Comprender algúns dos principais tipos de verdade (a verdade como correspondencia; a verdade segundo o pragmatismo americano; a verdade desde o perspectivismo e o consenso) e reflexionar sobre a posibilidade de alcanzar a verdade absoluta.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB4.5.1. Define algúns tipos de verdade, como son a verdade como correspondencia, a verdade segundo o pragmatismo americano e a verdade desde o perspectivismo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB4.5.2. Reflexiona sobre a parte positiva de equivocarse e a importancia do erro como posibilidade de procura de novas estratexias e solucións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>

**I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

Filosofía. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 5. Realidade e metafísica				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ h</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Conceptos do bloque "Realidade e metafísica": metafísica, realidade, pregunta radical, esencia, natureza, cosmos, caos, creación, finalismo, continxente, mecanicismo e determinismo.</li> <li>▪ B5.2. Metafísica: o seu obxecto e o seu método.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Coñecer o significado do termo "metafísica", comprendendo que é a principal disciplina das que compoñen a filosofía, identificando o seu obxectivo fundamental, consistente en realizar preguntas radicais sobre a realidade, e entendendo en que consiste o "preguntar radical".</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB5.1.1. Define e utiliza conceptos como metafísica, realidade, pregunta radical, esencia, natureza, cosmos, caos, creación, finalismo, continxente, mecanicismo e determinismo.</li> <li>▪ FIB5.1.2. Define o que é a metafísica, o seu obxecto de coñecemento e o seu modo característico de preguntar sobre a realidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ f</li> <li>▪ h</li> <li>▪ l</li> <li>▪ n</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.3. A natureza como esencia e como totalidade: o Universo.</li> <li>▪ B5.4. Orixe do Universo. Eternidade ou creación.</li> <li>▪ B5.5. Respostas á pregunta pola finalidade do Universo.</li> <li>▪ B5.6. Respostas á pregunta sobre o posto do ser humano no Universo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.2. Comprender unha das principais respostas á pregunta acerca do que é a natureza e identificar esta non só como a esencia de cada ser, senón ademais como o conxunto de todas as cousas que hai, e coñecer algunhas das grandes preguntas metafísicas acerca da natureza: a orixe e a finalidade do Universo, a orde que rexe a natureza, se é que a hai, e o posto do ser humano no Cosmos, reflexionando sobre as implicacións filosóficas de cada unha destas cuestións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB5.2.1. Expressa as dúas posibles respostas á pregunta pola orixe do Universo (é eterno ou foi creado), e expón as súas reflexións sobre as implicacións relixiosas e filosóficas de ambas as dúas.</li> <li>▪ FIB5.2.2. Expón as dúas posturas sobre a cuestión acerca de se o Universo ten unha finalidade, unha dirección, ou se non a ten, e argumenta filosoficamente a súa opinión ao respecto.</li> <li>▪ FIB5.2.3. Analiza textos cuxo punto de reflexión é a realidade física que nos rodea e os interrogantes filosóficos que suscita.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ f</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.7. Determinismo e Indeterminismo. Teoría do caos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.3. Coñecer as implicacións filosóficas da teoría do caos, comprendendo a importancia de sinalar se a natureza se rexe por leis deterministas ou se rexe polo azar cuántico, e argumentar a propia opinión sobre como afecta esta resposta de cara á comprensión da conduta humana.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB5.3.1. Define o que é o determinismo e o indeterminismo, no marco da reflexión sobre se existe unha orde no Universo rexida por leis.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ f</li> <li>▪ h</li> <li>▪ l</li> <li>▪ n</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.8. Sentido da existencia. Vida e morte.</li> <li>▪ B5.9. Sentido da historia.</li> <li>▪ B5.10. Lugar do ser humano no mundo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.4. Reflexionar sobre a interrogación polo sentido da existencia, explicando as teses centrais dalgunhas teorías filosóficas da vida, e disertar razoadamente sobre a vida ou a morte, ou o devir histórico, ou o lugar do individuo na realidade, entre outras cuestións metafísicas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB5.4.1. Coñece as teses centrais do vitalismo de filósofos/as que reflexionan sobre a vida.</li> <li>▪ FIB5.4.2. Analiza textos literarios, filosóficos e científicos que versan sobre temas metafísicos como a existencia, a morte, o devir histórico ou</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>

**I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

Filosofía. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			o lugar do individuo na realidade, e expón as súas propias reflexións ao respecto.	
Bloque 6. Transformación				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.1. Conceptos do bloque "Transformación-ética": vontade, liberdade negativa, liberdade positiva, autodeterminación, libre albedrío, determinismo, indeterminismo e condicionamento.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.1. Coñecer os dous significados do concepto de liberdade de acción (liberdade negativa e liberdade positiva), e aplicalos tanto no ámbito da sociedade política como no terreo da vida privada ou a liberdade interior.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB6.1.1. Define e utiliza conceptos como vontade, liberdade negativa, liberdade positiva, autodeterminación, libre albedrío, determinismo, indeterminismo e condicionamento.</li> <li>▪ FIB6.1.2. Analiza textos breves sobre o tema da liberdade, e argumenta a propia opinión.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.2. Libre albedrío e vontade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.2. Comprender o que é o libre albedrío ou a liberdade interior, en relación coa posibilidade de autodeterminación dun mesmo e coa facultade da vontade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB6.2.1. Explica o que é o libre albedrío e a facultade humana da vontade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ f</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.3. Libre albedrío: condicionamentos sociais e políticos.</li> <li>▪ B6.4. Libre albedrío: xenética e neurociencia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.3. Reflexionar e argumentar sobre a relación entre a liberdade interior e a liberdade social e política.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB6.3.1. Expón as súas reflexións sobre a posibilidade de que exista ou non o libre albedrío, tendo en conta os avances no coñecemento da xenética e a neurociencia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.5. O libre albedrío e o determinismo na natureza.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.4. Coñecer a existencia de determinismo na natureza, analizando a posibilidade que ten o ser humano de ser libre, tendo en conta que é un ser natural e, en canto tal, sometido ás leis da natureza.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB6.4.1. Argumenta sobre as posibilidades do ser humano de actuar libremente, tendo en conta que é un ser natural.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ h</li> <li>▪ j</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.6. Posturas filosóficas sobre o libre albedrío: a do estoicismo, a de Kant e a intermedia, que avoga pola non existencia da liberdade absoluta.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.5. Recoñecer as tres posturas sobre o problema da liberdade absoluta ou condicionada: a tese estoica, a negación do sometemento da vontade ás leis naturais de Kant e a posición intermedia, que rexeita non a liberdade, senón a liberdade absoluta.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB6.5.1. Expresa diferentes posturas de filósofos en torno ao tema da liberdade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ d</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.7. Conceptos do bloque "Transformación-Estética": estética, creatividade, sinapse neuronal, imaxinación, pensamento diverxente,</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.6. Coñecer a estética como a parte da filosofía que estuda o proceso creativo, a experiencia estética e a beleza.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB6.6.1. Define e utiliza conceptos como estética, creatividade, sinapse neuronal, imaxinación, pensamento diverxente,</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>

**I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

Filosofía. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ h	pensamento converxente e serendipia.		pensamento converxente e serendipia.	
▪ g ▪ h	▪ B6.7. Imaxinación humana: características. ▪ B6.8. Imaxinación: funcionamento e mecanismos de aparición de novas ideas.	▪ B6.7. Identificar o que é a imaxinación, en tanto que facultade específica do ser humano, explicando como funciona e cales son as súas características.	▪ FIB6.7.1. Le e comenta textos breves e significativos sobre o mecanismo de aparición de ideas novas. ▪ FIB6.7.2. Explica o que é a imaxinación e exemplifícaa mediante a redacción de relatos breves de temática filosófica.	▪ CAA ▪ CCL ▪ CCL ▪ CSIEE
▪ b ▪ e ▪ g ▪ h ▪ n	▪ B6.9. Creatividade humana.	▪ B6.8. Recoñecer a capacidade humana da creatividade, en tanto que potencialidade existente en todas as persoas e que se consegue adestrando o cerebro.	▪ FIB6.8.1. Analiza textos de literatura fantástica, considerando os elementos especificamente creativos e reflexionando sobre eles.	▪ CCL ▪ CSIEE
▪ g ▪ h ▪ n	▪ B6.10. Fases do proceso creativo.	▪ B6.9. Coñecer as fases do proceso creativo e reflexionar sobre a importancia de que o pensamento diverxente imaxinativo e o pensamento lóxico e racional traballen xuntos.	▪ FIB6.9.1. Explica as fases do proceso creativo.	▪ CSIEE
▪ b ▪ n	▪ B6.11. Principais técnicas de desenvolvemento da creatividade: revisión de supostos e inversión.	▪ B6.10. Coñecer e aplicar algunhas técnicas de desenvolvemento da creatividade.	▪ FIB6.10.1. Utiliza a técnica de desenvolvemento da creatividade coñecida como de revisión de supostos e inversión, e aplícaa sobre algunha teoría filosófica ou científica. ▪ FIB6.10.2. Explica as principais técnicas de desenvolvemento da creatividade.	▪ CAA ▪ CSIEE
▪ a ▪ b ▪ g ▪ h	▪ B6.12. Técnica do brainstorming.	▪ B6.11. Utilizar a técnica do brainstorming para construír unha historia literaria con temática filosófica.	▪ FIB6.11.1. Utiliza de forma colectiva a técnica do brainstorming para reflexionar sobre temas filosóficos tratados durante o curso.	▪ CAA ▪ CSC
▪ b ▪ g ▪ h	▪ B6.13. Relación entre liberdade e creatividade.	▪ B6.12. Valorar a liberdade como condición básica para a creatividade innovadora, a conexión entre si das ideas preexistentes e a competitividade.	▪ FIB6.12.1. Argumenta sobre o papel da liberdade como condición fundamental para a creación, e razoa a súa opinión.	▪ CCL ▪ CSC

**I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

Filosofía. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> <li>▪ n</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.14. Elementos que potencian a creatividade: motivación, perseveranza, orixinalidade e medio.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.13. Coñecer as características das persoas especialmente creativas, como a motivación, a perseveranza, a orixinalidade e o medio, e investigar sobre como se poden potenciar esas calidades.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB6.13.1. Explica as características das persoas especialmente creativas e algunhas das formas en que pode potenciarse esta condición.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ g</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.15. Innovación e creación como asunción de riscos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.14. Reflexionar argumentadamente sobre o sentido do risco e a súa relación para alcanzar solucións innovadoras e, xa que logo, a posibilidade de evolucionar.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB6.14.1. Argumenta sobre a importancia de asumir riscos e saír da chamada zona de confort para alcanzar metas e lograr resultados creativos e innovadores.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> </ul>

**1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles**

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Comprender o que é a reflexión filosófica, diferenciándoa doutros tipos de saberes que estudan aspectos concretos da realidade e do individuo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB1.1.1. Define e utiliza conceptos como filosofía, mito, logos, saber, opinión, abstracto, concreto, razón, sentidos, arché, causa, monismo, dualismo, pluralismo, substancia ou prexuízo, e elabora un glosario con eles.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Coñecer a orixe da filosofía occidental (onde, cando e por que xorde), distinguíndoa dos saberes prerracionais, o mito e a maxia, en tanto que saber práctico, e comparándoa con algunhas características xerais das filosofías orientais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB1.2.1. Explica as diferenzas entre a explicación racional e a mitolóxica, en comparación tamén con algunhas características xerais das filosofías orientais.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Identificar o primeiro interrogante filosófico da filosofía grega, a pregunta pola orixe, e coñecer as primeiras respostas dadas polos primeiros pensadores gregos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB1.3.1. Describe as primeiras respostas presocráticas á pregunta polo arché, coñece os seus autores e reflexiona por escrito sobre as solucións de interpretación da realidade expostas por Heráclito, Parménides e Demócrito.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.4. Coñecer o xiro antropolóxico da filosofía no século V a.C., explicando algunhas das ideas centrais de Sócrates e de Protágoras, e reflexionando sobre a aplicación práctica da filosofía respecto ao individuo e a sociedade en que vive.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB1.4.1. Compara a interpretación do ser humano e a sociedade defendida por Sócrates coa exposta por Protágoras, e argumenta a súa propia postura.</li> </ul>

**I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.5. Reflexionar e argumentar, de xeito escrita e oral, sobre o interese, especificamente humano, por entenderse a si mesmo e o que o rodea.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB1.5.1. Realiza pequenos ensaios, argumentando as súas opinións de xeito razoado, no que pretenda dar sentido a algún conxunto de experiencias.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.6. Recoñecer as funcións da filosofía en tanto que saber crítico que aspira a fundamentar, analizar e argumentar sobre os problemas últimos da realidade, desde unha vertente tanto teórica como práctica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB1.6.1. Diserta sobre as posibilidades da filosofía segundo as súas funcionalidades.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Comprender a profundidade da pregunta "quen son?", coñecendo algunhas respostas dadas desde a psicoloxía e a filosofía, reflexionar e valorar a importancia de coñecerse a si mesmo/a, e expresalo por escrito.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB2.1.1. Define e utiliza conceptos como personalidade, temperamento, carácter, conciencia, inconsciencia, condutismo, cognitivismo, psicoloxía humanística, psicanálise, e elabora un glosario con eses termos.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.2. Definir o que é a personalidade, así como os principais conceptos relacionados con ela.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB2.2.1. Define e caracteriza o que é a personalidade.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.4. Recoñecer as etapas do desenvolvemento da identidade persoal, reflexionando sobre os factores que determinan o éxito e o fracaso, e achega a propia opinión razoada sobre estes dous conceptos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB2.4.1. Le textos literarios nos que se analiza a personalidade dos personaxes, identifica os trazos e os tipos de personalidade, e reflexiona por escrito sobre a temática.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.5. Analizar que se entende por inconsciente no marco do pensamento da psicanálise.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB2.5.1. Analiza que se entende por inconsciente.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.8. Identificar a función e a importancia da motivación como factor enerxético e direccional da vida humana nas súas múltiples dimensións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB2.8.1. Define e utiliza con rigor conceptos como motivación, emoción, sentimento, necesidades primarias e secundarias, autorrealización, vida afectiva e frustración.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.12. Valorar a importancia da relación entre a motivación e o afectivo para dirixir a conduta humana en diferentes direccións e con distinta intensidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB2.12.1. Analiza textos e diserta sobre a incidencia das emocións, como a frustración, o desexo ou o amor, entre outras, na conduta humana.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.13. Reflexionar e argumentar sobre a importancia da motivación e das emocións, como a curiosidade e o pracer de aprender, o desexo de lograr obxectivos, a satisfacción pola resolución de problemas, o agrado polo recoñecemento de éxito, a compracencia polo estímulo de iniciativas, etc.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB2.13.1. Argumenta sobre o papel das emocións para estimular a aprendizaxe, o rendemento, o logro de obxectivos e a resolución de problemas, entre outros procesos.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Comprender a facultade racional como específica do ser humano e as súas implicacións, analizando en que consiste a racionalidade e cales son as súas características.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB4.1.1. Define e utiliza conceptos como razón, sentidos, experiencia, abstracción, universalidade, sistematicidade, racionalismo, dogmatismo, empirismo, límite, intelixencia, intelixencia emocional, certeza e erro.</li> <li>▪ FIB4.1.2. Explica o que é a racionalidade e describe algunhas das súas características.</li> </ul>

## I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.3. Distinguir a racionalidade teórica da racionalidade práctica, así como teoría e experiencia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB4.3.1. Identifica as dúas posibilidades de aplicación da racionalidade: teórica e práctica.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.5. Comprender algúns dos principais tipos de verdade (a verdade como correspondencia; a verdade segundo o pragmatismo americano; a verdade desde o perspectivismo e o consenso) e reflexionar sobre a posibilidade de alcanzar a verdade absoluta.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB4.5.1. Define algúns tipos de verdade, como son a verdade como correspondencia, a verdade segundo o pragmatismo americano e a verdade desde o perspectivismo.</li> <li>▪ FIB4.5.2. Reflexiona sobre a parte positiva de equivocarse e a importancia do erro como posibilidade de procura de novas estratexias e solucións.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.4. Reflexionar sobre a interrogación polo sentido da existencia, explicando as teses centrais dalgunhas teorías filosóficas da vida, e disertar razoadamente sobre a vida ou a morte, ou o devir histórico, ou o lugar do individuo na realidade, entre outras cuestións metafísicas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB5.4.1. Coñece as teses centrais do vitalismo de filósofos/as que reflexionan sobre a vida.</li> <li>▪ FIB5.4.2. Analiza textos literarios, filosóficos e científicos que versan sobre temas metafísicos como a existencia, a morte, o devir histórico ou o lugar do individuo na realidade, e expón as súas propias reflexións ao respecto.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.1. Coñecer os dous significados do concepto de liberdade de acción (liberdade negativa e liberdade positiva), e aplicalos tanto no ámbito da sociedade política como no terreo da vida privada ou a liberdade interior.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB6.1.1. Define e utiliza conceptos como vontade, liberdade negativa, liberdade positiva, autodeterminación, libre albedrío, determinismo, indeterminismo e condicionamento.</li> <li>▪ FIB6.1.2. Analiza textos breves sobre o tema da liberdade, e argumenta a propia opinión.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.2. Comprender o que é o libre albedrío ou a liberdade interior, en relación coa posibilidade de autodeterminación dun mesmo e coa facultade da vontade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB6.2.1. Explica o que é o libre albedrío e a facultade humana da vontade.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.4. Coñecer a existencia de determinismo na natureza, analizando a posibilidade que ten o ser humano de ser libre, tendo en conta que é un ser natural e, en canto tal, sometido ás leis da natureza.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB6.4.1. Argumenta sobre as posibilidades do ser humano de actuar libremente, tendo en conta que é un ser natural.</li> </ul>

## **4. TEMPORALIZACIÓN: ORGANIZACIÓN E SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS**

Os contidos da Filosofía de 4º E.S.O. agrúpanse en seis bloques e ligados a eles propóñense as unidades didácticas, os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe.

## **I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

O alumnado deberá adquirir uns coñecementos e unhas destrezas básicas que lle permitan mellorar a súa autonomía e prepararse para converterse no principal axente do seu propio desenvolvemento.

### **CONTIDOS E SECUENCIACIÓN**

#### **1ª avaliación**

##### **Bloque 1. A filosofía**

*Qué é a filosofía*

##### **Bloque 5. Realidade e metafísica**

*Apariencia e realidade*

##### **Bloque 4. Pensamento**

*O problema da verdade*

#### **2ª avaliación**

##### **Bloque 2. Identidade persoal**

*O ser humano á luz da filosofía*

*O ser humano á luz da psicoloxía*

##### **Bloque 3. Socialización**

*Individuo, socialización e cultura*

*Sociedade e Estado*

#### **3ª avaliación**

##### **Bloque 6. Transformación**

*A liberdade*

*Estética e creatividade*

### **5. METODOLOXÍA DIDÁCTICA**

Traballar de xeito competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante. O docente pasa a ser un xestor de coñecemento do alumnado e este adquire un maior grao de protagonismo.



## I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía

En concreto, na área de Filosofía 4º:

Os alumnos e as alumnas deben desenvolver nesta etapa un pensamento e unha actitude críticos que se sustenten en razóns críticas argumentativas, así como en valores morais e éticos recoñecidos. Por iso, farase fincapé na necesidade de analizar, formular e dar solucións a problemas filosóficos de diversa índole.

Desde esta perspectiva, a liña metodolóxica que rexerá as accións docentes nesta área desenvolverase a través de métodos activos, indutivos e mixtos; é dicir, métodos eminentemente participativos onde se alterna o traballo individual co traballo en grupo.

A aplicación dos devanditos métodos leva implícita a utilización de estilos de ensino socializadores, cognitivos e creativos para conseguir que os seus xuízos e eleccións dirixan a súa conduta e as súas relacións sociais cara ao benestar común.

Neste contexto metodolóxico, o estudante convértese en protagonista da súa propia aprendizaxe, mentres que o docente vai cedendo terreo para que o alumnado logre maior autonomía nas súas aprendizaxes e cree estruturas cognitivas que lle permitan un pensamento e un proxecto de vida propios, asumindo de modo consciente, crítico e reflexivo o exercicio da liberdade e o control acerca da súa propia existencia.

Á súa vez, a transmisión do coñecemento das características que conforman a imaxe persoal farase a partir de aprendizaxes baseadas na experiencia, onde o alumnado percibe a información a través das súas propias experiencia e respectando sempre o desenvolvemento dos seus diversos estilos de aprendizaxe. Tamén se combinarán técnicas como a ensinanza recíproca, a discusión guiada con técnicas de visualización, de *role play*.

Este abano de accións docentes permitirá ao alumnado comprender e interiorizar os valores éticos de forma holística, comprensiva e significativa.

En concreto, serán accións pedagóxicas e metodolóxicas entre outras:

- **Na clase ou na sala de informática:** cuestionarios iniciais, traballo sobre textos, actividades escritas, debates orais, exposicións orais, observación de procesos con encerado dixital, proxector, etc., visionado de películas e comentario sobre as mesmas, etc.
- **Na casa ou na biblioteca:** cuestionarios iniciais, traballo sobre textos, actividades escritas, lectura e comentarios de documentos, fragmentos de libros, pesquisas nos xornais, participación en proxectos cooperativos, visionado de películas e comentario sobre as mesmas, exercicios de aplicación dun tema concreto, consolidación e estudo autónomo do alumno, etc.

## **6. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN**

Escritos	Orais	Outros
·Tarefas diversas realizadas polo alumnado na actividade diaria da	·Preguntas individuais e de grupo.	·Ficha de rexistro individual.

**I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

<ul style="list-style-type: none"> <li>·clase.</li> <li>·Caderno de clase do alumno.</li> <li>·Actividades de avaliación (libro, fichas fotocopiáveis, probas...).</li> <li>·Traballos de grupo.</li> <li>·Actividades interactivas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>·Participación do alumno.</li> <li>·Intervencións na clase.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>·Persoal de avaliación.</li> <li>·Rexistros.</li> <li>·Autoavaliación.</li> <li>·Blog do profesor (se fora o caso)</li> </ul>
---	---	--

Se fose preciso facer unha adaptación pedagóxica especial dirixida á docencia semipresencial ou non presencial (por mor das circunstancias socio-sanitarias actuais), os **procedementos e instrumentos de avaliación** para este curso serían os seguintes:

Escritos	Orais	Outros
<ul style="list-style-type: none"> <li>·Tarefas diversas realizadas polo alumnado na actividade feita na casa.</li> <li>·Actividades de avaliación (libros, fichas fotocopiáveis, probas...).</li> <li>·Traballos individuais e de grupo.</li> <li>·Actividades interactivas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>·Preguntas individuais e de grupo (de ser posible).</li> <li>·Participación do alumno.</li> <li>·Intervencións na clase on-line (de ser posible).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>·Ficha de rexistro individual.</li> <li>·Persoal de avaliación.</li> <li>·Rexistros.</li> <li>·Autoavaliación.</li> <li>·Blog do profesor (se fora o caso)</li> </ul>

## **7. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**

A cualificación en Filosofía 4º estará relacionada co grao de adquisición das competencias básicas do alumno reflectidas en todas as actividades que leve a cabo durante o curso. Velaí algúns dos criterios que se empregarán dependendo das tarefas, actividades e probas que se lle asinen ós alumnos en cada momento:

	<b>CRITERIOS</b>
1. Probas escritas / orais	<p>Valoración da aprendizaxe dos contidos.</p> <ul style="list-style-type: none"><li>·Consideración dos procesos seguidos e dos resultados.</li><li>·Expresión (verbal e escrita) do procedemento seguido para resolver unha actividade.</li><li>·Valoración da proporción de tempo investido-tempo necesario para resolver unha actividade.</li></ul>
2. Actividades TIC	<ul style="list-style-type: none"><li>·Uso adecuado do ordenador e das ferramentas informáticas e telemáticas.</li><li>·Tipo de participación (autónomo, con apoio, ningunha).</li><li>·Utilización de Internet de forma crítica e responsable: busca información, filtra...</li><li>·Grao de elaboración da resposta.</li><li>·Compromiso, cumprimento e responsabilidade co traballo.</li></ul>
3. Traballo autónomo (aula, casa, outros espazos)	<ul style="list-style-type: none"><li>·Grao de adquisición das aprendizaxes básicas.</li><li>·Amplía estas aprendizaxes.</li></ul>

**I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

- Utiliza adecuadamente os instrumentos e os recursos propios da materia.
- Sérvese de esquemas.
- Revisa habitualmente os resultados.
- Fai unha estimación do tempo investido para resolver unha actividade.

4. Participación e seguimient das clases (intervencións orais, tipo de respostas...)\*

- Nivel e calidade das intervencións.
- Uso de vocabulario apropiado.

5. Traballos individuais e grupais. Valoración individual e en grupo

- Capacidade de traballo individual ou en equipo.
- Grao de comunicación cos compañeiros e resolución de conflitos\*
- Comprensión axeitada da información e dos contidos manexados.

6. Arquivo de traballo persoal

- Presentación clara e ordenada
- Actualizado.

**\*Se aplicará este criterio se se dan as circunstancias, ben porque hai clases presenciais no centro, ben porque se imparten on-line.**

**\*De darse o caso**

**A cualificación en cada exercicio dependerá do grao de consecución dos obxectivos propostos para cada un. O resultado final de cada avaliación será a MEDIA ARITMÉTICA de tódalas probas, actividades, exercicios e traballos realizados. De ser o caso, o profesor/a establecerá as porcentaxes concretas**

de cada exercicio, proba ou tarefa da avaliación, informando de antemán aos alumnos. A cualificación final da materia será a media aritmética das tres avaliacións, sempre e cando se supere cada unha das avaliacións cunha cualificación igual ou superior a cinco. No caso de suspender a materia en xuño, os pendentos presentaránse a unha proba escrita con todos os contidos da materia impartida ó longo do curso. Esta proba quedará aprobada se a cualificación é igual o superior a cinco.

A continuación se detalla un resumo destas medidas de avaliación e recuperación:

### 1. AVALIACIÓN INICIAL

- **Data prevista:** última semana de setembro/ primeira semana de outubro.
- **Tipo de proba:** as actividades iniciais do primeiro tema servirán para detectar as súas habilidades e competencias básicas.
- **Mecanismo para informar ás familias:** xunta de avaliación inicial, tutorías con pais e, para casos especiais e urxentes o sistema de Abalar.
- **Consecuencias dos resultados:** en función dos resultados acadados, e en coordinación co Departamento, se analizarán os casos máis relevantes e con carácter de urxencia se tomarían as medidas necesarias.

### 2. AVALIACIÓN TRIMESTRAL

- **Procedementos:** observación directa do alumno, tarefas diversas realizadas polo alumnado en clase, traballos individuais e grupais, actividades de avaliación: lecturas, fichas fotocopiáveis, probas escritas, etc.
- **Instrumentos:** caderno do alumno, preguntas individuais e grupais, intervencións na clase, visionado de películas, lecturas concretas.
- **Mínimos esixibles:** O cumprimento axeitado das ferramentas de traballo competencial (actividades, tarefas, traballos, etc.); a realización positiva das probas escritas; o traballo regular ó longo do curso; a presentación ordenada, clara e coherente do seu caderno de clase.
- **Ponderación e nota media:** A cualificación en cada exercicio dependerá do grao de consecución dos obxectivos propostos para cada un. O resultado final de cada avaliación dependerá da *media aritmética* feita coas seguintes porcentaxes: **50%** para probas escritas, traballos individuais e grupais, e **50%** para revisión do caderno de clase, actividades puntuais realizadas, lecturas concretas, etc. Estas porcentaxes poderán variar en cada avaliación dependendo do número de probas e da súa importancia, previo aviso ao alumnado por parte de cada profesor/a.

### 3. MECANISMO PARA RECUPERAR UNHA AVALIACIÓN NON SUPERADA

## **I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

- No caso de suspender algunha avaliación, o alumno (ao longo do seguinte trimestre ou ben ao remate da terceira avaliación, a criterio do profesor) deberá presentarse a **unha proba escrita** onde se incluírán os contidos da materia impartida na avaliación suspensa, **ademáis de realizar con éxito as tarefas** que non se fixeron ou se fixeron defectuosamente en cada trimestre. A proba escrita pondera un 50% e a realización das tarefas o 50 % restante. Polo tanto, ***a media aritmética da cualificación da proba escrita e da nota das tarefas deberá ser igual o superior a cinco*** para superar a avaliación pendente. Se non houbera proba escrita da avaliación pendente, o 100% da nota será a realización adecuada das tarefas e actividades realizadas no trimestre e plasmadas no caderno do alumno.

### **4. CUALIFICACIÓN FINAL DA MATERIA NA AVALIACIÓN ORDINARIA**

- A cualificación final da materia será ***a media aritmética das tres avaliacións, sempre e cando se supere cada unha das avaliacións cunha cualificación igual ou superior a cinco.***

### **5. AVALIACIÓN FINAL E EXTRAORDINARIA**

- **Alumnado:** Deberán presentarse todos aqueles alumnos que non superaran calquera das avaliacións que teñan pendente.

- **Tipo de proba:** ***escrita***, onde se inclúan os contidos da materia impartida ó longo do curso. A proba constará de ***4 preguntas: 2 preguntas pechadas*** (2 puntos cada unha), ***1 pregunta semiaberta*** (3 puntos) e ***1 pregunta aberta*** (3 puntos).

- **Estándares:** Todos os contidos da materia impartida no curso. Esta proba estará aprobada se a cualificación é **igual o superior a cinco**.

### **6. MATERIA PENDENTE**

- Os alumnos coa materia pendente deberán facer **unha proba escrita** coa materia impartida no curso anterior. O Departamento deseñará esta proba e fará pública no taboleiro do patio central a convocatoria para a realizar dita proba. A proba constará de ***4 preguntas: 2 preguntas pechadas*** (2 puntos cada unha), ***1 pregunta semiaberta*** (3 puntos) e ***1 pregunta aberta*** (3 puntos). Esta proba estará aprobada se a cualificación é **igual o superior a cinco**.

### **7. GRAO MÍNIMO ESIXIBLE DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA**

## **I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

O cumprimento axeitado das ferramentas de traballo competencial (actividades, tarefas, traballos, etc.), a realización positiva de probas escritas, o traballo regular ó longo do curso, a presentación ordenada, clara e coherente do seu caderno de clase, e unha actitude respetuosa, participativa e comprometida co seu labor como individuo e como membro dun grupo, serán tomados como criterios mínimos esixibles para a promoción do alumno.

**Estes mesmos criterios e procedementos de avaliación serán os esixibles e aplicables no caso de darse clases semipresenciais ou ben *online* (por mor da Covid-19). Os alumnos serán informados destes criterios, ben ó principio do curso, ben nas circunstancias excepcionais que se produxeran, a través da Aula Virtual como recurso indispensable para o correcto desenvolvemento das tarefas e probas a realizar.**

### **8. PLAN DE SEGUIMIENTO E PROCEDEMENTO PARA A CUALIFICACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES OU DA NOTA FINAL DO CURSO SE HAI ALUMNADO QUE ASISTE A PROGRAMAS DE REFORZO CON ATRIBUCIÓN HORARIA**

Os alumnos con materias pendentes ou que asistan a programas de reforzo que supoñan a perda dalgunhas sesións de clase, deberán cumprir coas tarefas específicas que o profesor estime oportunas e convenientes de acordo cos mínimos esixibles e contidos mínimos desenvolvidos ó longo dese período académico, facilitando na medida do posible o desenvolvemento axeitado destas ao alumno.

Non será necesario un plan de reforzo e recuperación das aprendizaxes non adquiridas no derradeiro curso, posto que a materia se imparte por primeira vez na secundaria.

### **9. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS**

Serán de uso cotiá -ou esporádico e puntual, segundo as necesidades da impartición da materia (presencial, semipresencial ou de xeito on-line)- os seguintes materiais, ademais de outros que poidan ser de utilidade:

- O **libro(s)** do alumnado para a área de Filosofía 4º ESO, en calquera dos seus formatos (papel ou dixital) en edicións que segundo as necesidades poidan ser de referencia para cada tarefa e tema.
- O **caderno do alumno**, onde se reflectirá o traballo diario.
- As **monografías** didácticas, **textos**, **fotocopias**, **referencias bibliográficas**, **artigos** de prensa, etc.
- O uso de **Internet** para pesquisas e proxectos didácticos, visionado de películas ou documentais, etc.
- O uso da **Aula Virtual** do centro, onde se recollerán total ou parcialmente as informacións, indicacións, contidos, tarefas e outras necesidades educativas que permitan o desenvolvemento e seguemento da materia, sexa de xeito presencial, semipresencial ou de xeito on-line.

### **10. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

**Descrición do grupo despois da avaliación inicial**

## **I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

Á hora de formular as medidas de atención á diversidade e inclusión debemos solicitar, en primeiro lugar, diversa información sobre cada grupo de alumnos e alumnas; como mínimo debe coñecerse a relativa a:

- O número de alumnos e alumnas.
- O funcionamento do grupo (clima da aula, nivel de disciplina, atención...).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto ao desenvolvemento de contidos curriculares.
- As necesidades que se puidesen identificar; convén pensar nesta fase en como se poden abordar (*planificación de estratexias metodolóxicas, xestión da aula, estratexias de seguimento da eficacia de medidas, etc.*).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto aos aspectos competenciais.
- Os desempeños competenciais prioritarios que hai que practicar no grupo nesta materia.
- Os aspectos que se deben ter en conta ao agrupar os alumnos e as alumnas para os traballos cooperativos.
- Os tipos de recursos que se necesitan adaptar no nivel xeral para obter un logro óptimo do grupo.

### ***Necesidades individuais***

A avaliación inicial facilítanos non só coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos individuais dos nosos estudantes; a partir dela poderemos:

- Identificar os alumnos ou as alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. (Débese ter en conta aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requira atención específica por estaren en risco, pola súa historia familiar, etc.).
- Saber as medidas organizativas que cómpre adoptar. (Planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos grupais para favorecer a intervención individual).
- Establecer conclusións sobre as medidas curriculares que cómpre adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar.
- Analizar o modelo de seguimento que se vai utilizar con cada un deles.
- Acoutar o intervalo de tempo e o modo en que se van avaliar os progresos destes estudantes.
- Fixar o modo en que se vai compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe; especialmente, co titor.

### **Concreción de medidas para alumnos con Síndrome de Asperger e TDAH:**

Entre as características dos afectados polo Síndrome de Asperger están as dificultades na comprensión social e nas habilidades sociais, o pouco interese cara aos demais, as dificultades de atención, a pouca capacidade organizativa, a interpretación lietal da linguaxe e as dificultades na motricidade. Por estes motivos presentamos algunhas estratexias para tratalo:

- Darlle tempo para organizar o seu material
- Evitar a presión



## **I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

- Darlle pequenos encargos
- Facer o posible para que entenda as instrucións
- Diante dos mínimos acertos, ser xeneroso cos reforzos positivos
- Sempre que sexa posible, descompoñer as tarefas
- Supervisar con frecuencia a realización das tarefas
- Buscar a colaboración dun compañeir@ responsable para que lle axude a comprender e realizar as tarefas

Asemade, para os alumnos con TDAH:

- Supervisar con frecuencia a realización das tarefas
- Potenciar a aprendizaxe colaborativa
- Buscar a colaboración dun compañeir@ responsable para que lle axude a comprender e realizar as tarefas
- Deixar máis tempo para as probas escritas ou exames
- Supervisar a comprensión das preguntas
- Implicar ao alumno con preguntas sinxelas e motivadoras
- Graduar o uso do 'tempo fóra'
- reforzar positivamente as condutas adecuadas

## **11. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN Ó PROXECTO LECTOR, ÁS TIC E Ó PLAN DE CONVIVENCIA**

### **Estratexias para incorporar as TIC na aula**

Para incorporar as TIC na aula pódense unha serie de recursos **integrados** cos contidos e nas actividades de Filosofía 4º, que complementan e amplían a información. Estes recursos pódense incorporar ao día a día na aula, compartindo protagonismo cos contidos planificados para ese curso. Sirvan como exemplo:

<i>Actividades interactivas</i>	O alumno responde seleccionando a opción correcta, clasificando elementos de diferentes grupos ou situándoos na súa posición correcta...  Ao finalizar, o programa informa dos acertos e erros, e dáse a oportunidade de corrixilos (aplicables no Encerado Dixital Interactivo).
<i>Animación</i>	Explican un procedemento con imaxes e con texto. As imaxes son animadas e evolucionan a medida que avanza a explicación do

## I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía

	procedemento.
<i>Cazas do tesouro</i>	Propoñen unha procura de información a través da web. Suscitan unha serie de preguntas e unha gran pregunta (actividade máis elaborada). Para respondelas, o alumno deberá buscar información por Internet tanto nas páxinas web indicadas como noutras.
<i>Ligazóns a Internet</i>	Colección de ligazóns a Internet de alto interese para o alumno: <i>applets</i> , simulación de modelos, experimentos virtuais, explicacións complementarias, actividades, curiosidades....
<i>Bancos de imaxes</i>	Colección de debuxos e de fotografías que ilustran algún aspecto ou se relacionan cos contidos explicados no libro.
<i>Presentacións</i>	Secuencia de diapositivas que presenta de forma esquemática os contidos principais de cada unidade.
<i>Tests interactivos</i>	Unha batería de preguntas sobre contidos diversos. Preguntas de tipo test nas que se debe escoller unha opción entre tres. Ao acabar a actividade, o ordenador informa do número de acertos e de erros, e dáse a posibilidade de corrixir os fallos.

### Estratexias para estimular o interese e o hábito de lectura e a capacidade de expresarse correctamente

Pódense explicitar, como no exemplo, que estratexias ou accións se levarán a cabo desde a materia para fomentar a lectura e a expresión (oral e escrita) dos alumnos.

Lectura:

- Lectura do libro de texto.
- Comentarios de texto (tanto de autores clásicos traducidos como de contemporáneos).

## **I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

·Outras lecturas complementarias (de diversa información, curiosidades, artigos de revistas relacionadas coa materia...).

Expresión:

·Exposición oral e escrita en razoamentos, en actividades e en traballos individuais e en grupo.

·Expresión oral e escrita das aprendizaxes utilizando o vocabulario adecuado.

## **12. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

Relación das actividades complementarias e das extraescolares planificadas polo centro e relacionadas coa materia. Por exemplo:

·Día da Constitución: conferencias, concursos, actividades culturais.

·Día da Paz e da non-violencia: actividades deportivas, debates, mesas redondas, visitas a artistas da localidade.

·Seminarios sobre: a convivencia escolar, a educación.

·Día do libro: actividades de fomento da lectura.

·Día Internacional do medio natural: visita a unha planta de recuperación e reciclaxe.

·Campaña do banco de alimentos.

·Proposta de análise de películas, etc.

Con respecto ás actividades complementarias, convén reflexionar sobre estas catro cuestións:

- Consegúronse os obxectivos propostos a partir das actividades realizadas?
- Como resultaron as actividades?
- Cales gustaron máis?
- Que propostas de mellora podemos sinalar?

### **13. PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN**

Neste apartado pretendemos promover a reflexión docente e a autoavaliación da realización e do desenvolvemento de programación didáctica. Para iso, ao finalizar cada unidade didáctica, en cada trimestre ou ao final de curso propónse unha secuencia de preguntas que permitan ao docente avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade.

De igual modo, propoñemos unha ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto. Pódese realizar ao final de cada trimestre ou ao final do curso para recoller as melloras no seguinte cadro:

ASPECTOS PARA AVALIAR	PARA DESTACAR...	PARA MELLORAR...	PROPOSTAS DE MELLORA PERSOAL
Temporalización das unidades didácticas			
Desenvolvemento dos obxectivos didácticos			
Manexo dos contidos da unidade			
Descritores e desempeños competenciais			
Realización de tarefas			
Estratexias metodolóxicas seleccionadas			

**I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

Recursos			
Claridade nos criterios de avaliación			
Uso de diversas ferramentas de avaliación			
Atención á diversidade			
Interdisciplinabilidade			

## VALORES ÉTICOS

### 2º E.S.O.

#### INDICE

1. Obxectivos xerais da E.S.O. e obxectivos específicos do curso.....	2
2. Introducción, contextualización e contribución ao desenvolvemento das competencias clave.....	4
3. Relación de estándares de aprendizaxe da materia e concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable.....	10
4. Temporalización: organización e secuenciación de contidos.....	19
5. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.....	21
6. Metodoloxía didáctica.....	23
7. Procedementos e instrumentos de avaliación.....	24
8. Criterios de cualificación.....	29
9. Grao mínimo esixible de consecución para superar a materia.....	31
10. Procedementos para a realización da avaliación inicial.....	31
11. Plan de seguimento e procedemento para a cualificación das materias pendentes ou da nota final do curso se hai alumnado que asiste a programas de reforzo con atribución horaria.....	32
12. Materiais e recursos didácticos.....	32
13. Medidas de atención á diversidade.....	32
14. Accións de contribución ó proxecto lector, ás TIC e ó plan de convivencia.....	34
15. Actividades complementarias e extraescolares.....	36
16. Procedementos para avaliar a propia programación.....	37

De acordo coa Ley Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE) 8/2013, de 9 de decembro; e seguindo as instrucións do Real Decreto 1105/2014 do 26 de decembro onde se deseña o currículo básico para Educación Secundaria e Bacharelato; ademáis da Orde ECD/65/2015 do 21 de xaneiro que establece as relacións entre competencias, contidos e criterios de avaliación na Educación Primaria, Secundaria e Bacharelato; e en consoancia co [Decreto 105/2014, do 4 de setembro.](#)

## **I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

[polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia](#) e a RESOLUCIÓN do 27 de xullo de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico 2015/16 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, este Departamento desenvolve a seguinte Programación Didáctica para o presente curso:

### **1. OBXECTIVOS XERAIS DA E.S.O. E OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DO CURSO**

- a) Asumir responsablemente os seus deberes; coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais; practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais e resolver pacificamente os conflitos, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, incorporar novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza nun mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua castelá e, se a houbese, na lingua cooficial da comunidade autónoma, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, a lectura e o estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de xeito apropiado.
- j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia propias e dos demais, así como o patrimonio artístico e cultural.
- k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a

## **I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o ambiente, e contribuír así á súa conservación e mellora.

1) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

### **OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DO CURSO**

- 1. Valorar a dignidade humana para entender o que significa ser persoa e poder valorarse a si mesmo e aos que o rodean.**
- 2. Descubrir a importancia dos valores éticos na formación da personalidade e a autoestima.**
3. Comprender o concepto de virtude en Aristóteles para establecer relacións entre os actos, os hábitos e o carácter no desenvolvemento da personalidade.
- 4. Coñecer o concepto e as causas da crise de identidade que xorde na adolescencia.**
- 5. Tomar conciencia da importancia que ten o desenvolvemento da autonomía e o control persoais no crecemento persoal e nas crises de identidade adolescentes, para poder identificar as súas causas e detectar as influencias que exercen os grupos sociais na personalidade.**
6. Identificar os trazos máis característicos dos grupos de adolescentes reflexionando sobre a influencia que exercen sobre o individuo.
7. Recoñecer a diferenza entre autonomía e heteronomía desde a concepción kantiana.
- 8. Tomar conciencia da importancia que teñen o desenvolvemento da autonomía e o control da conduta no crecemento moral da persoa cara á vida adulta.**
- 9. Identificar as aptitudes que posúe o ser humano para construír un autoconcepto positivo e potenciar a súa autoestima.**
- 10. Reflexionar sobre as propias emocións para recoñecer as situacións cotiás e poder mellorar as habilidades emocionais.**
11. Comprender o concepto de intelixencia emocional e valorar a súa importancia na personalidade e no carácter moral do ser humano para mellorar as súas habilidades emocionais.
- 12. Recoñecer a relación do ser humano co contorno e os axentes sociais que o conforman, entendendo a súa influencia no desenvolvemento moral da persoa e valorando a vida en sociedade desde valores éticos recoñecidos.**
- 13. Desenvolver certas habilidades sociais e técnicas de comunicación para dominar formas e xestos habituais que favorezan tanto as relacións interpersoais como o respecto á dignidade e aos dereitos das persoas.**
14. Entender a influencia das virtudes e dos valores éticos no establecemento respectuoso e comprensivo de relacións interpersoais, así como no exercicio da liberdade individual e social.
- 15. Sinalar os límites entre a liberdade persoal e a social, marcados pola ética e os dereitos humanos.**
- 16. Valorar a importancia das habilidades emocionais, sociais e asertivas, co fin de moldear a personalidade a través de valores e virtudes éticos que favorezan as relacións interpersoais positivas e respectuosas, asegurando así unha vida en sociedade máis xusta e enriquecedora.**
17. Recoñecer a vida privada e pública das persoas para trazar os límites da liberdade individual e social.



## I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía

18. Apreciar o efecto que producen os valores na conduta individual e social, identificar os problemas derivados da súa ausencia e promovelos en beneficio das persoas e da sociedade.
19. **Describir as semellanzas e as diferenzas que existen entre a moral e a ética, valorando a importancia desta última para actuar de forma racional.**
20. **Identificar a liberdade como base que sostén a moral da persoa e a intelixencia, a vontade e as normas éticas como medios que rexen a súa conduta.**
21. Explicar a función dos valores éticos na vida persoal e social do ser humano, destacando a importancia de ser respectados.
22. Coñecer como se creou a ONU e o momento histórico que impulsou a elaboración da DUDH, destacando o seu valor como fundamento ético universal da lexitimidade do dereito e dos Estados.
23. **Entender e valorar o contido da DUDH, facendo especial fincapé no respecto á dignidade humana como base de todos os dereitos humanos.**
24. **Coñecer o panorama actual respecto ao exercicio dos dereitos da muller e da infancia en gran parte do mundo, coñecendo as causas da situación e tomando conciencia delas, co fin de promover a súa solución.**

Se fose preciso facer unha adaptación pedagóxica especial dirixida á docencia semipresencial ou non presencial (por mor das circunstancias socio-sanitarias actuais), os **obxectivos preferentes e indispensables** para este curso (*sinalados en negrita e cursiva*) serían os seguintes:

**1, 2, 4, 5, 8, 9, 10, 12, 13, 15, 16, 19, 20, 23, 24.**

## 2. INTRODUCCIÓN, CONTEXTUALIZACIÓN E CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

### *Introdución e contextualización*

Traballar por competencias na aula supón unha reflexión e unha reconfiguración dos contidos desde un enfoque de aplicación que permita o adestramento das competencias. As competencias non se estudan nin se ensinan, adéstranse. Para iso, xeraremos tarefas de aprendizaxe que favorezan a transferencia do coñecemento mediante metodoloxías de aula activas.

Non resulta práctico nin eficaz abordar cada competencia de xeito global en cada unidade, polo que se estruturarán en indicadores, grandes piares que permiten describirla dun xeito máis preciso. Podemos atopar entre tres e seis indicadores por competencia.

O indicador ten tamén un carácter bastante xeral, por iso o descompoñemos no que chamamos «descritores da competencia»; os cales «describen» o alumnado competente no devandito ámbito. Por cada indicador atoparemos entre tres e seis descritores, redactados en infinitivo.

## **I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

En cada unidade didáctica concretaremos o descritor en desempeños competenciais, redactados en terceira persoa do presente indicativo. O desempeño será o aspecto concreto da competencia que poderemos adestrar e avaliar de xeito explícito na unidade. Este é concreto e obxectivable, e indícanos que debemos adestrar e observar nas actividades deseñadas.

Para o seu desenvolvemento, partimos dun marco de descritores competenciais definido para o proxecto aplicable a toda materia e curso.

Respectando o tratamento específico nalgúns áreas, os **elementos transversais**, como a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional, traballaranse desde todas as áreas, posibilitando e fomentando que o proceso de ensinanza-aprendizaxe dos alumnos e das alumnas sexa o máis completo posible.

A diversidade de estilos de aprendizaxe do alumnado convídanos a traballar desde as **diferentes potencialidades** que os caracterizan, apoiándonos sempre nas súas fortalezas para poder dar resposta ás súas necesidades.

### ***Contribución da área e materia ó logro das competencias básicas***

En Valores Éticos incidiremos no adestramento de todas as competencias de xeito sistemático, facendo fincapé nos descritores máis afíns á materia:

#### *Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía*

O desenvolvemento desta competencia nesta área permítenos afondar no eixe sobre o que xira todo o currículo básico e o carácter específico do saber ético, xa que todo problema ou situación implica unha demostración racional. Así mesmo, esta competencia ofrece a oportunidade de realizar argumentacións, considerar e realizar xuízos morais e aplicar estratexias de resolución de problemas.

Os descritores que podemos traballar son:

- Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sostible.
- Tomar conciencia dos cambios producidos polo ser humano no contorno natural e as súas repercusións na vida futura.

Xerar criterios persoais sobre a visión social da estética do corpo humano fronte ao coidado saudable.

- Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante en distintos ámbitos (biolóxico, xeolóxico, físico, químico, tecnolóxico, xeográfico...).
- Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas, comprender o que acontece arredor nosa e responder preguntas.
- Coñecer e utilizar os elementos matemáticos básicos: operacións, magnitudes, porcentaxes, proporcións, formas xeométricas, criterios de medición e codificación numérica, etc.
- Organizar a información utilizando procedementos matemáticos.
- Resolver problemas seleccionando os datos e as estratexias apropiadas.
- Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá.

## **I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

### *Comunicación lingüística*

Para o bo desenvolvemento desta competencia, será decisivo o fomento da lectura, a análise e a reflexión sobre libros e textos relacionados cos contidos curriculares. Deste xeito, desenvolveranse a comprensión lectora e a expresión oral e escrita, á vez que se adquiren coñecementos sobre os valores éticos e os dereitos humanos. Por outro lado, contribuírase conxuntamente á comunicación lingüística e á transmisión de valores a través da exposición e da resolución de dilemas morais, pois estes esixen poñer en práctica habilidades como a escoita activa, a empatía e a expresión de ideas e de sentimentos, utilizando a linguaxe verbal e a non verbal.

Os descritores que podemos utilizar serán:

- Comprender o sentido dos textos escritos e orais.
- Manter unha actitude favorable cara á lectura.
- Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.
- Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais correctas para elaborar textos escritos e orais.
- Manexar elementos de comunicación non verbal en diferentes rexistros e nas diversas situacións comunicativas.
- Respetar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...
- Compoñer distintos tipos de textos de forma creativa con sentido literario.
- Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou en materias diversas.

*En caso de centros bilingües ou plurilingües que impartan a materia noutra lingua:*

- Manter conversas noutras linguas sobre temas cotiás en distintos contextos.
- Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.
- Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou en materias diversas.

### *Competencia dixital*

Desenvolver a competencia dixital desde esta área axudaranos a manexar ferramentas que posibiliten o acceso ao coñecemento de feitos sociais, de documentos históricos e de tratados internacionais que poñan de relevo a contribución dos valores éticos á sociedade. Á súa vez, proporcionará ao alumnado a oportunidade de entender a relación que existe entre a tecnoloxía e os valores éticos, para que aprenda a facer un bo uso dela no seu tempo libre.

Podemos adestrar os seguintes descritores:

- Empregar distintas fontes para a busca de información.
- Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.
- Elaborar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.
- Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.
- Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.

### *Conciencia e expresións culturais*

## **I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

Esta área contribúe á competencia de conciencia e expresións culturais na medida que posibilita a adquisición de pautas persoais, interpersoais e interculturais que permiten participar de forma eficaz e construtiva en calquera sociedade democrática, respectando os valores e os dereitos socialmente recoñecidos.

Os descritores que adestraremos nesta competencia son:

- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
- Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.
- Apreciar a beleza das expresións artísticas e as manifestacións de creatividade e fomentar o gusto pola estética no ámbito cotián.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

### *Competencias sociais e cívicas*

A área de Valores Éticos é, sen dúbida, a materia desde onde se traballan de forma máis directa as competencias sociais e cívicas do alumnado. As habilidades sociais e de colaboración incrementanse cando se reflexiona sobre o fundamento ético da sociedade e se toma conciencia da importancia dos seus valores éticos e morais. Á súa vez, ofrece a posibilidade de resolver conflitos interpersoais de forma construtiva, polo que o alumnado non só fortalece a súa identidade persoal, senón que desenvolve actitudes como a tolerancia, a asertividade, a solidariedade e o respecto á pluralidade cultural, política, relixiosa ou de calquera outra natureza.

Os indicadores desta competencia poden facilitar o adestramento de cada un dos descritores que enunciámos a continuación:

- Coñecer as actividades humanas, adquirir unha idea da realidade histórica a partir de distintas fontes e identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito referendado por unha constitución.
- Aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.
- Desenvolver a capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e de traballo, e para a resolución de conflitos.
- Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.
- Recoñecer a riqueza da diversidade de opinións e de ideas.
- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.
- Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.
- Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades.
- Involucrarse ou promover accións cun fin social.

### *Sentido de iniciativa e espírito emprendedor*

Para exercer dun modo consciente, crítico e reflexivo o exercicio da liberdade e emprender accións que beneficien a sociedade, resulta necesario que os alumnos e as alumnas desenvolvan aspectos como a autonomía, o liderado, a creatividade ou a iniciativa persoal.

Desde esta área considéranse tarefas e situacións reais e hipotéticas que permiten o adestramento das devanditas habilidades. Isto vai posibilitar que o alumnado expoña as súas ideas, inicie accións novas, asuma responsabilidades ou xestione os recursos materiais e persoais que ten ao seu alcance.

Neste caso, os descritores que cumpriría adestrar serían:

- Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas.
- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.

## **I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

- Ser constante no traballo superando as dificultades.
- Dirimir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa.
- Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos.
- Asumir riscos no desenvolvemento das tarefas ou dos proxectos.
- Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.
- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.
- Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución dos obxectivos.
- Atopar posibilidades no contorno que outros non aprecian.
- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos dun tema.

### *Aprender a aprender*

A competencia de aprender a aprender implica ser consciente das necesidades e dos procesos de aprendizaxe, o recoñecemento de oportunidades e a habilidade de superar dificultades para poder aprender con éxito. Esta promóvese na área de Valores Éticos mediante o exercicio de procesos cognitivos como analizar, sintetizar, relacionar, comparar ou argumentar, así como favorecendo o interese por descubrir a verdade e os valores que impregnan as experiencias da súa vida cotiá.

Os descritores que poderíamos utilizar para adestrar esta competencia serían:

- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...
- Xestionar os recursos e as motivacións persoais en favor da aprendizaxe.
- Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...
- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
- Planificar os recursos necesarios e os pasos que se deben realizar no proceso de aprendizaxe.
- Avaliar a consecución dos obxectivos de aprendizaxe.
- Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

**3. RELACIÓN DE ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE DA MATERIA E CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE**

Valores éticos. 2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. A dignidade da persoa				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ d</li> <li>▪ h</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Conceptos de persoa achegados pola filosofía.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Construír un concepto de persoa, consciente de que esta é indefinible, valorando a dignidade que posúe polo feito de ser libre.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB1.1.1. Sinala as dificultades para definir o concepto de persoa, analizando algunhas definicións achegadas por filósofos/as.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> <li>▪ h</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Visión kantiana: a persoa como suxeito autónomo e como un fin en si mesma.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Identificar os conceptos de heteronomía e autonomía, mediante a concepción kantiana da persoa, coa finalidade de valorar a súa importancia e aplicala na realización da vida moral.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB1.2.1. Explica a concepción kantiana do concepto de persoa, como suxeito autónomo capaz de ditar as súas propias normas morais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB1.2.2. Comenta e valora a idea de Kant ao concibir a persoa como un fin en si mesma, rexeitando a posibilidade de ser tratada por outros como instrumento para alcanzar fins alleos a ela.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ d</li> <li>▪ h</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Noción aristotélica da virtude: relación cos actos, os hábitos e o carácter. Virtudes éticas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Entender a relación entre os actos, os hábitos e o desenvolvemento do carácter, mediante a comprensión do concepto de virtude en Aristóteles e, en especial, o relativo ás virtudes éticas, pola importancia que teñen no desenvolvemento da personalidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB1.3.1. Sinala en que consiste a virtude e as súas características en Aristóteles, indicando a súa relación cos actos, os hábitos e o carácter.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB1.3.2. Enumera algúns dos beneficios que, segundo Aristóteles, achegan as virtudes éticas ao ser humano, identifica algunhas destas e ordénaas segundo un criterio racional.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
Bloque 2. A comprensión, o respecto e a igualdade nas relacións interpersoais				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Diferenzas entre ética e dereito.</li> <li>▪ B2.2. Posibles conflitos entre os valores que regulan a vida privada e os que regulan a</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Distinguir, na persoa, os ámbitos da vida privada e da vida pública, a primeira regulada pola ética e a segunda polo dereito, coa finalidade de identificar os límites da</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB2.1.1. Distingue entre os ámbitos de acción que corresponden á ética e ao dereito, e expón as súas conclusións mediante unha presentación elaborada con medios</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CD</li> </ul>

Valores éticos. 2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> </ul>	vida pública.	liberdade persoal e social.	informáticos. <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB2.1.2. Reflexiona arredor do problema da relación entre estes dous campos, o privado e o público, e a posibilidade de que exista un conflito de valores éticos entre ambos, así como a forma de atopar unha solución baseada nos valores éticos, exemplificando de maneira concreta tales casos, e expón as súas posibles solucións fundamentadas eticamente.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
Bloque 3. A reflexión ética				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ d</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Diferenza entre ética e moral.</li> <li>▪ B3.2. Reflexión ética como guía racional de conduta.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Distinguir entre ética e moral, sinalando as semellanzas e as diferenzas entre elas, e estimando a importancia da reflexión ética como un saber práctico necesario para guiar de xeito racional a conduta do ser humano á súa plena realización.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB3.1.1. Recoñece as diferenzas entre a ética e a moral, no que se refire á súa orixe e á súa finalidade.</li> <li>▪ VEB3.1.2. Achega razóns que xustifiquen a importancia da reflexión ética, como unha guía racional de conduta necesaria na vida do ser humano, expresando de forma apropiada os argumentos en que se fundamenta.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ d</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.3. Estrutura moral da persoa.</li> <li>▪ B3.4. Etapas do desenvolvemento moral en Piaget e Kohlberg. Paso da heteronomía á autonomía moral.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.2. Destacar o significado e a importancia da natureza moral do ser humano, analizando as súas etapas de desenvolvemento e tomando conciencia da necesidade que ten de normas éticas, libre e racionalmente asumidas, como guía do seu comportamento.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB3.2.1. Sinala en que consiste a estrutura moral da persoa como ser racional e libre, razón pola que esta é responsable da súa conduta e das consecuencias desta.</li> <li>▪ VEB3.2.2. Explica as tres etapas do desenvolvemento moral na persoa, segundo a teoría de Piaget ou a de Kohlberg, e as características propias de cada unha, destacando como se pasa da heteronomía á autonomía moral.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.5. A liberdade como raíz da estrutura moral da persoa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.3. Recoñecer que a liberdade constitúe a raíz da estrutura moral na persoa, e apreciar o papel da intelixencia e da vontade como factores que incrementan a capacidade de autodeterminación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB3.3.1. Describe a relación entre a liberdade e os conceptos de persoa e estrutura moral.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>

Valores éticos. 2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.6. Características distintivas dos valores éticos.</li> <li>▪ B3.7. Valores éticos e dignidade humana.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.4. Resaltar a importancia dos valores éticos, as súas especificacións e a súa influencia na vida persoal e social do ser humano, destacando a necesidade de ser recoñecidos e respectados por todos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB3.4.1. Describe as características distintivas dos valores éticos, utilizando exemplos concretos deles e apreciando a súa relación esencial coa dignidade humana e a conformación dunha personalidade xusta e satisfactoria.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB3.4.2. Emprega o espírito emprendedor para realizar, en grupo, unha campaña destinada a difundir a importancia de respectar os valores éticos, tanto na vida persoal como na social.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ h</li> <li>▪ i</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.8. Normas. Especificidade das normas éticas.</li> <li>▪ B3.9. Relativismo moral dos sofistas.</li> <li>▪ B3.10. Intelectualismo moral en Sócrates e Platón.</li> <li>▪ B3.11. Relativismo moral fronte a obxectivismo moral.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.5. Establecer o concepto de normas éticas e apreciar a súa importancia, identificando as súas características e a natureza da súa orixe e validez, mediante o coñecemento do debate ético que existiu entre Sócrates e os sofistas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB3.5.1. Define o concepto de norma e de norma ética, distinguíndoa das normas xurídicas, relixiosas, etc.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB3.5.2. Sinala quen foron os sofistas e algúns dos feitos e das razóns en que se fundamentaba a súa teoría relativista da moral, destacando as consecuencias que esta ten na vida das persoas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB3.5.3. Coñece os motivos que levaron a Sócrates a afirmar o "intelectualismo moral", e explica en que consiste e a postura de Platón ao respecto.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB3.5.4. Compara o relativismo e o obxectivismo moral apreciando a vixencia destas teorías éticas na actualidade, e expresa opinións de forma argumentada.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ e</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> <li>▪ i</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.12. Clasificación das teorías éticas: éticas de fins e éticas procedementais.</li> <li>▪ B3.13. A ética de Epicuro como ética de fins.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.6. Explicar as características e os obxectivos das teorías éticas, así como a súa clasificación en éticas de fins e procedementais, sinalando os principios máis destacados do hedonismo de Epicuro.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB3.6.1. Enuncia os elementos distintivos das "teorías éticas" e argumenta a súa clasificación en éticas de fins e éticas procedementais, e elabora un esquema coas súas características máis destacadas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB3.6.2. Enuncia os aspectos fundamentais da teoría hedonista de Epicuro e os valores</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>



Valores éticos. 2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			<p>éticos que defende, destacando as características que a identifican como unha ética de fins.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>VEB3.6.3. Elabora, en colaboración co grupo, argumentos a favor e/ou en contra do epicureísmo, e expón as súas conclusións cos argumentos racionais correspondentes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CAA</li> <li>CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>b</li> <li>h</li> <li>l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.14. O eudemonismo aristotélico como ética de fins.</li> <li>B3.15. O ben supremo da persoa en Aristóteles e as tres tendencias da alma.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.7. Entender os principais aspectos do eudemonismo aristotélico, identificándoo como unha ética de fins e valorando a súa importancia e a vixencia actuais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>VEB3.7.1. Explica o significado do termo "eudemonismo" e o que para Aristóteles significa a felicidade como ben supremo, e elabora e expresa conclusións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>VEB3.7.2. Distingue os tres tipos de tendencias que hai no ser humano, segundo Aristóteles, e a súa relación co que el considera como ben supremo da persoa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>VEB3.7.3. Achega razóns para clasificar o eudemonismo de Aristóteles dentro da categoría da ética de fins.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>b</li> <li>g</li> <li>h</li> <li>l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.16. O utilitarismo como ética de fins: principio de utilidade; concepto de pracer; compatibilidade do egoísmo individual co altruísmo universal; localización do valor moral nas consecuencias da acción.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.8. Comprender os elementos máis significativos da ética utilitarista e a súa relación co hedonismo de Epicuro, clasificándoa como unha ética de fins e elaborando argumentos que apoiem a súa valoración persoal arredor desta formulación ética.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>VEB3.8.1. Fai unha recensión das ideas fundamentais da ética utilitarista: o principio de utilidade, o concepto de pracer, a compatibilidade do egoísmo individual co altruísmo universal e a localización do valor moral nas consecuencias da acción, entre outras.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>VEB3.8.2. Enumera as características que fan do utilitarismo e do epicureísmo unhas éticas de fins.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>VEB3.8.3. Argumenta racionalmente as súas opinións sobre a ética utilitarista.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CSIEE</li> </ul>
Bloque 4. A xustiza e a política				
<ul style="list-style-type: none"> <li>a</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.1. Relación entre ética, política e xustiza</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.1. Comprender e valorar a importancia da</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>VEB4.1.1. Explica e aprecia as razóns que dá</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> </ul>

Valores éticos. 2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ e</li> <li>▪ h</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ no pensamento aristotélico.</li> <li>▪ B4.2. Semellanzas, diferenzas e relacións entre valores éticos e valores cívicos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ relación entre os conceptos de ética, política e xustiza, mediante a análise e a definición destes termos, destacando o vínculo entre eles no pensamento de Aristóteles.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Aristóteles para establecer un vínculo necesario entre ética, política e xustiza.</li> <li>▪ VEB4.1.2. Utiliza e selecciona información sobre os valores éticos e cívicos, identificando e apreciando as semellanzas, as diferenzas e as relacións entre eles.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ e</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.3. A política de Aristóteles.</li> <li>▪ B4.4. Concepto aristotélico de xustiza e a súa relación co ben común e a felicidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.2. Coñecer e apreciar a política de Aristóteles e as súas características esenciais, e entender o seu concepto de xustiza e a súa relación co ben común e a felicidade, elaborando un xuízo crítico sobre a perspectiva deste filósofo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB4.2.1. Elabora, recorrendo á súa iniciativa persoal, unha presentación con soporte informático, sobre a política aristotélica como unha teoría organicista, cunha finalidade ética e que atribúe a función educativa ao Estado.</li> <li>▪ VEB4.2.2. Selecciona e usa información, en colaboración co grupo, para entender e apreciar a importancia que Aristóteles lle dá á xustiza como valor ético no que se fundamenta a lexitimidade do Estado e a súa relación coa felicidade e o ben común, e expón as súas conclusións persoais debidamente fundamentadas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
Bloque 5. Os valores éticos, o dereito, a Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH) e outros tratados internacionais sobre dereitos humanos				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ e</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Relacións entre ética e dereito.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Sinalar a vinculación entre a ética, o dereito e a xustiza, a través do coñecemento das súas semellanzas, diferenzas e relacións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB5.1.1. Procura e selecciona información en páxinas web, para identificar as diferenzas, as semellanzas e os vínculos entre a ética e o dereito.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CD</li> </ul>
Bloque 6. Os valores éticos e a súa relación coa ciencia e a tecnoloxía				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ f</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.1. Dimensión moral da ciencia e da tecnoloxía polo seu impacto en todos os ámbitos da vida humana.</li> <li>▪ B6.2. Valores recollidos na DUDH como criterio para fixar límites á investigación científico-tecnolóxica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.1. Recoñecer a importancia da dimensión moral da ciencia e a tecnoloxía, así como a necesidade de establecer límites éticos e xurídicos, coa finalidade de orientar a súa actividade consonte os valores defendidos pola DUDH.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB6.1.1. Utiliza información de distintas fontes para analizar a dimensión moral da ciencia e a tecnoloxía, avaliando o impacto positivo e negativo que estas poden ter en todos os ámbitos da vida humana (social, económico, político, ético e ecolóxico, etc.).</li> <li>▪ VEB6.1.2. Achega argumentos que fundamenten a necesidade de pór límites</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>

Valores éticos. 2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ m</li> </ul>			<p>éticos e xurídicos á investigación práctica, tanto científica como tecnolóxica, tomando a dignidade humana e os valores éticos recoñecidos na DUDH como criterio normativo.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB6.1.3. Recorre á súa iniciativa persoal para expor as súas conclusións sobre o tema tratado, utilizando medios informáticos e audiovisuais, de xeito argumentado e ordenado racionalmente.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ d</li> <li>▪ g</li> <li>▪ m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.3. Problemas da tecnodependencia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.2. Entender e valorar o problema da tecnodependencia e a alienación humana á que conduce.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB6.2.1. Destaca o problema e o perigo que representa para o ser humano a tecnodependencia, sinalando os seus síntomas e as súas causas, e estimando as súas consecuencias negativas, como unha adición incontrolada aos dispositivos electrónicos, aos videoxogos e ás redes sociais, que conduce as persoas cara a unha progresiva deshumanización.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ f</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> <li>▪ m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.4. Dilemas morais que presentan os avances en medicina e biotecnoloxía.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.3. Utilizar os valores éticos contidos na DUDH no campo científico e tecnolóxico, coa finalidade de evitar a súa aplicación inadecuada e solucionar os dilemas morais que ás veces se presentan, nomeadamente no terreo da medicina e a biotecnoloxía.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB6.3.1. Analiza información seleccionada de diversas fontes, coa finalidade de coñecer en que consisten algúns dos avances en medicina e biotecnoloxía, que formulan dilemas morais (utilización de células nai, clonación, euxeñese, etc.), sinalando algúns perigos que estes encerran de prescindir do respecto á dignidade humana e os seus valores fundamentais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB6.3.2. Presenta unha actitude de tolerancia e respecto ante as opinións que se expresan na confrontación de ideas, coa finalidade de solucionar os dilemas éticos, sen esquecer a necesidade de empregar o rigor na fundamentación racional e ética de todas as alternativas de solución formuladas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>

Se fose preciso facer unha adaptación pedagóxica especial dirixida á docencia semipresencial ou non presencial (por mor das circunstancias socio-sanitarias actuais), os **contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe indispensables** para este curso serían os seguintes:

<b>1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles</b>	
<b>Criterio de avaliación</b>	<b>Estándar de aprendizaxe</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Construír un concepto de persoa, consciente de que esta é indefinible, valorando a dignidade que posúe polo feito de ser libre.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB1.1.1. Sinala as dificultades para definir o concepto de persoa, analizando algunhas definicións achegadas por filósofos/as.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Distinguir, na persoa, os ámbitos da vida privada e da vida pública, a primeira regulada pola ética e a segunda polo dereito, coa finalidade de identificar os límites da liberdade persoal e social.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB2.1.1. Distingue entre os ámbitos de acción que corresponden á ética e ao dereito, e expón as súas conclusións mediante unha presentación elaborada con medios informáticos.</li> <li>▪ VEB2.1.2. Reflexiona arredor do problema da relación entre estes dous campos, o privado e o público, e a posibilidade de que exista un conflito de valores éticos entre ambos, así como a forma de atopar unha solución baseada nos valores éticos, exemplificando de maneira concreta tales casos, e expón as súas posibles solucións fundamentadas eticamente.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Distinguir entre ética e moral, sinalando as semellanzas e as diferenzas entre elas, e estimando a importancia da reflexión ética como un saber práctico necesario para guiar de xeito racional a conduta do ser humano á súa plena realización.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB3.1.1. Recoñece as diferenzas entre a ética e a moral, no que se refire á súa orixe e á súa finalidade.</li> <li>▪ VEB3.1.2. Achega razóns que xustifiquen a importancia da reflexión ética, como unha guía racional de conduta necesaria na vida do ser humano, expresando de forma apropiada os argumentos en que se fundamenta.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Distinguir entre ética e moral, sinalando as semellanzas e as diferenzas entre elas, e estimando a importancia da reflexión ética como un saber práctico necesario para guiar de xeito racional a conduta do ser humano á súa plena realización.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB3.2.1. Sinala en que consiste a estrutura moral da persoa como ser racional e libre, razón pola que esta é responsable da súa conduta e das consecuencias desta.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.3. Recoñecer que a liberdade constitúe a raíz da estrutura moral na persoa, e apreciar o papel da intelixencia e da vontade como factores que incrementan a capacidade de autodeterminación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB3.3.1. Describe a relación entre a liberdade e os conceptos de persoa e estrutura moral.</li> </ul>

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.4. Resaltar a importancia dos valores éticos, as súas especificacións e a súa influencia na vida persoal e social do ser humano, destacando a necesidade de ser recoñecidos e respectados por todos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB3.4.1. Describe as características distintivas dos valores éticos, utilizando exemplos concretos deles e apreciando a súa relación esencial coa dignidade humana e a conformación dunha personalidade xusta e satisfactoria.</li> <li>▪ VEB3.4.2. Emprega o espírito emprendedor para realizar, en grupo, unha campaña destinada a difundir a importancia de respectar os valores éticos, tanto na vida persoal como na social.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.5. Establecer o concepto de normas éticas e apreciar a súa importancia, identificando as súas características e a natureza da súa orixe e validez, mediante o coñecemento do debate ético que existiu entre Sócrates e os sofistas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB3.5.1. Define o concepto de norma e de norma ética, distinguíndoa das normas xurídicas, relixiosas, etc.</li> <li>▪ VEB3.5.2. Señala quen foron os sofistas e algúns dos feitos e das razóns en que se fundamentaba a súa teoría relativista da moral, destacando as consecuencias que esta ten na vida das persoas.</li> <li>▪ VEB3.5.4. Compara o relativismo e o obxectivismo moral apreciando a vixencia destas teorías éticas na actualidade, e expresa opinións de forma argumentada.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Comprender e valorar a importancia da relación entre os conceptos de ética, política e xustiza, mediante a análise e a definición destes termos, destacando o vínculo entre eles no pensamento de Aristóteles.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB4.1.2. Utiliza e selecciona información sobre os valores éticos e cívicos, identificando e apreciando as semellanzas, as diferenzas e as relacións entre eles.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Señalar a vinculación entre a ética, o dereito e a xustiza, a través do coñecemento das súas semellanzas, diferenzas e relacións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB5.1.1. Procura e selecciona información en páxinas web, para identificar as diferenzas, as semellanzas e os vínculos entre a ética e o dereito.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.1. Recoñecer a importancia da dimensión moral da ciencia e a tecnoloxía, así como a necesidade de establecer límites éticos e xurídicos, coa finalidade de orientar a súa actividade consonte os valores defendidos pola DUDH.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB6.1.1. Utiliza información de distintas fontes para analizar a dimensión moral da ciencia e a tecnoloxía, avaliando o impacto positivo e negativo que estas poden ter en todos os ámbitos da vida humana (social, económico, político, ético e ecolóxico, etc.).</li> <li>▪ VEB6.1.2. Achega argumentos que fundamenten a necesidade de pór límites éticos e xurídicos á investigación práctica, tanto científica como tecnolóxica, tomando a dignidade humana e os valores éticos recoñecidos na DUDH como criterio normativo.</li> <li>▪ VEB6.1.3. Recorre á súa iniciativa persoal para expor as súas conclusións sobre o tema tratado, utilizando medios informáticos e audiovisuais, de xeito argumentado e ordenado racionalmente.</li> </ul>

<ul style="list-style-type: none"><li>▪ B6.2. Entender e valorar o problema da tecnodendencia e a alienación humana á que conduce.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>▪ VEB6.2.1. Destaca o problema e o perigo que representa para o ser humano a tecnodendencia, sinalando os seus síntomas e as súas causas, e estimando as súas consecuencias negativas, como unha adición incontrolada aos dispositivos electrónicos, aos videoxogos e ás redes sociais, que conduce as persoas cara a unha progresiva deshumanización.</li></ul>
--	--

#### **4. TEMPORALIZACIÓN: ORGANIZACIÓN E SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS**

Os contidos da área de Valores Éticos agrúpanse en catro bloques e ligados a eles propóñense os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe.

O alumnado deberá adquirir uns coñecementos e unhas destrezas básicas que lle permitan mellorar a súa autonomía e prepararse para converterse no principal axente do seu propio desenvolvemento.

#### **CONTIDOS E SECUENCIACIÓN**

##### **1ª avaliación**

##### **Bloque 1. A dignidade da persoa**

1. O desenvolvemento da personalidade e as virtudes éticas.
  - O proxecto persoal de vida e a función dos valores éticos.
  - Actos, hábitos e carácter.
  - A importancia da virtude en Aristóteles.

##### **Bloque 2. A comprensión, o respecto e a igualdade nas relacións interpersoais**

1. O desenvolvemento social no ser humano, as relacións interpersoais e os valores éticos.
  - A dignidade da persoa e as relacións interpersoais.
  - A asertividade, as habilidades sociais e os valores éticos.
  - A intelixencia emocional e a súa importancia na vida moral.
  - O respecto aos valores éticos a través das habilidades sociais e a asertividade.

##### **2ª avaliación**

**Bloque 3. A reflexión ética**

1. As normas éticas como guía da liberdade.
  - A liberdade persoal e os factores que interveñen no seu desenvolvemento.
  - A educación como un dereito da persoa e un deber da sociedade.
  - A necesidade dos valores e as normas éticas no individuo e na sociedade.
  - Problemas derivados da ausencia de valores e de normas éticas.
2. As teorías éticas.
  - Éticas materiais e éticas formais.
  - O eudemonismo Aristotélico.
  - O hedonismo epicúreo.
  - O utilitarismo de John Stuart Mill.

**3ª avaliación**

**Bloque 4. Xustiza e política**

1. O concepto de xustiza.
  - A variedade cultural e o carácter relativo da xustiza.
  - O recoñecemento do que é xusto.
  - A xustiza entendida como equilibrio.
  - Distintas formas de concibir a xustiza.

**Bloque 5. Os valores éticos, o dereito e a DUDH**

1. A busca da liberdade e da igualdade.
  - A escravitude e o sometemento dos seres humanos.
  - A loita pola liberdade e a igualdade e o fin da escravitude.
  - A historia da submisión da muller ao varón.
  - O feminismo e a loita pola liberación da muller.

**Bloque 6. Os valores éticos e a súa relación coa ciencia e a tecnoloxía**

1. A relación entre ética, ciencia e tecnoloxía.
  - A distinción entre a investigación e a aplicación científica e tecnolóxica, e os valores que achegan á humanidade.
  - A tecnociencia e a concepción tradicional da ciencia e da tecnoloxía.
  - O mito da neutralidade científica e a falsa noción de progreso.
2. A necesidade da reflexión ética acerca da ciencia e da tecnoloxía: os dilemas morais.

## **I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

- Os límites éticos e xurídicos da investigación e da aplicación científica e tecnolóxica.
- A tecnodedependencia.
- A tecnociencia e o seu impacto negativo no medio ambiente.

## **5. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE**

### **Bloque 1. A dignidade da persoa**

- 1. Entender a relación que existe entre os actos, os hábitos e o desenvolvemento do carácter, mediante a comprensión do concepto de virtude en Aristóteles e, en especial, o relativo ás virtudes éticas, pola importancia que teñen no desenvolvemento da personalidade.*
  - 1.1. Indaga en diversas fontes acerca do concepto de virtude e as súas características en Aristóteles, sinalando a relación que ten cos actos, os hábitos e o carácter, elaborando conclusións de forma razoada acerca do tema.
  - 1.2. Explica os beneficios que, segundo Aristóteles, achegan as virtudes éticas ao ser humano, identificando algunhas delas e ordenándoas, de acordo co seu criterio, e explicando os argumentos nos que fundamenta a devandita orde.
- 2. Comprender e apreciar a capacidade do ser humano para influír de xeito consciente e voluntario na construción da súa propia identidade conforme os valores éticos, e así mellorar a súa autoestima.*
  - 2.1. Toma conciencia e aprecia a capacidade que posúe para modelar a súa propia identidade e facer de si mesmo unha persoa xusta, sincera, tolerante, amable, xenerosa, respectuosa, solidaria, honesta, libre, etc.; nunha palabra, digna de ser apreciada por si mesma.
  - 2.2. Deseña un proxecto de vida persoal conforme o modelo de persoa que quere ser e os valores éticos que desexa adquirir, facendo que a súa propia vida teña un sentido.

### **Bloque 2. A comprensión, o respecto e a igualdade nas relacións interpersoais**

- 1. Comprender e valorar a importancia que teñen os valores e as virtudes éticos para conseguir unhas relacións interpersoais xustas, respectuosas e satisfactorias.*
  - 1.1. Identifica a adquisición das virtudes éticas como unha condición necesaria para lograr unhas boas relacións interpersoais; entre elas, a prudencia, a lealdade, a sinceridade, a xenerosidade, etc.
- 2. Utilizar de xeito habitual formas e xestos que favorecen o respecto á dignidade e aos dereitos das persoas nas relacións interpersoais, mediante o exercicio e o desenvolvemento dalgunhas habilidades sociais e técnicas de comunicación.*
  - 2.1. Mantén unha conduta asertiva, evitando o comportamento agresivo ou inhibido, e adopta como principio moral fundamental nas relacións interpersoais o respecto á dignidade das persoas.



## **I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

- 2.2. Emprega e exercita, en diálogos curtos reais ou inventados, as súas habilidades sociais, como a empatía, a escoita activa, a interrogación asertiva, entre outras, co fin de que aprenda a utilizalos de forma natural na súa relación cos demais.
  - 2.3. Practica algunhas técnicas de comunicación interpersoal mediante a realización de diálogos orais, como a forma adecuada de dicir *non*, o disco raiado, o banco de néboa, etc., co obxectivo de dominalas e utilízalas no momento adecuado.
  - 2.4. Nas relacións interpersoais, mostra unha actitude de respecto cara aos dereitos de todo ser humano a sentir, a pensar e a actuar de forma diferente, a equivocarse, a gozar do tempo de descanso, a ter unha vida privada, a tomar as súas propias decisións, etc., e, especialmente, a ser valorados polo simple feito de ser persoas, sen discriminar nin menosprezar a ninguén, etc.
3. *Relacionar e valorar a importancia das habilidades da intelixencia emocional en relación coa vida interpersoal e establecer o seu vínculo con aqueles valores éticos que enriquecen as relacións humanas.*
- 3.1. Comprende a importancia que teñen a capacidade de recoñecer as emocións alleas e a de controlar as relacións interpersoais.

### **Bloque 3. A reflexión ética**

1. *Destacar o significado e a importancia da natureza moral do ser humano, analizando as súas etapas de desenvolvemento e tomando conciencia da necesidade que ten de normas éticas, libre e racionalmente asumidas, como guía da súa conduta.*
  - 1.1. Distingue entre a conduta instintiva do animal e o comportamento racional e libre do ser humano, destacando a magnitude das súas diferenzas e apreciando as consecuencias que estas teñen na vida das persoas.
  - 1.2. Identifica en que consiste a estrutura moral da persoa e as súas características como ser racional e libre, razón pola cal é responsable da súa conduta e das consecuencias que esta teña.
2. *Recoñecer que a liberdade constitúe a raíz da estrutura moral da persoa e apreciar o papel que a intelixencia e a vontade teñen como factores que incrementan a capacidade de autodeterminación.*
  - 2.1. Describe a relación entre a liberdade e os conceptos de persoa e de estrutura moral.
  - 2.2. Analiza e valora a influencia que teñen na liberdade persoal a intelixencia, que nos permite coñecer posibles opcións para elixir, e a vontade, que nos dá a fortaleza suficiente para facer o que decidimos facer.
  - 2.3. Analiza algúns factores biolóxicos, psicolóxicos, sociais, culturais e ambientais que inflúen no desenvolvemento da intelixencia e da vontade, especialmente o papel da educación, expoñendo as súas conclusións de forma clara mediante unha presentación en soporte informático e audiovisual.
3. *Tomar conciencia da importancia dos valores e das normas éticos como guía da conduta individual e social, asumindo a responsabilidade de difundilos e de promovelos polos beneficios que achegan á persoa e á comunidade.*
  - 3.1. Destaca algunhas das consecuencias negativas que, a nivel individual e comunitario, ten a ausencia de valores e de normas éticos, como o egoísmo, a corrupción, a mentira, o abuso de poder, a intolerancia, a insolidariedade, a violación dos dereitos humanos, etc.
  - 3.2. Empeña, utilizando a súa iniciativa persoal e a colaboración en grupo, a organización e o desenvolvemento dunha campaña no seu contorno co fin de promover o recoñecemento dos valores éticos como elementos fundamentais do pleno desenvolvemento persoal e social.
4. *Explicar as características e os obxectivos das teorías éticas, así como a súa clasificación en éticas de fins e procedementais, sinalando os principios máis*

## **I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

*destacados do hedonismo de Epicuro.*

- 4.1. Enuncia os elementos distintivos das teorías éticas, elaborando un esquema coas súas características máis destacadas.
  - 4.2. Enuncia os aspectos fundamentais da teoría hedonista de Epicuro e os valores éticos que defende, destacando as características que a identifican como unha ética de fins.
  - 4.3. Elabora, en colaboración grupal, argumentos a favor e en contra do epicureísmo, expoñendo as súas conclusións cos argumentos racionais correspondentes.
5. *Entender os principais aspectos do eudemonismo aristotélico, identificándoo como unha ética de fins e valorando a súa importancia e a súa vixencia actual.*
- 5.1. Explica o significado do termo «eudemonismo» e o que para Aristóteles significa a felicidade como ben supremo, elaborando e expresando conclusións.
  - 5.2. Distingue os tres tipos de tendencias que hai no ser humano, segundo Aristóteles e a súa relación co que el considera como ben supremo da persoa.
  - 5.3. Achega razóns para clasificar o eudemonismo de Aristóteles dentro da categoría das éticas de fins.
6. *Comprender os elementos máis significativos da ética utilitarista e a súa relación co hedonismo de Epicuro, clasificándoa como unha ética de fins e elaborando argumentos que apoiem a súa valoración persoal acerca deste plan ético.*
- 6.1. Salienta as ideas fundamentais da ética utilitarista: o principio de utilidade, o concepto de pracer, a compatibilidade do egoísmo individual co altruísmo universal e a situación do valor moral nas consecuencias da acción, entre outras.
  - 6.2. Enumera as características que fan do utilitarismo e do epicureísmo éticas de fins.
  - 6.3. Argumenta racionalmente as súas opinións acerca da ética utilitarista.

## **Bloque 4. A xustiza e a política**

1. *Comprender e valorar a importancia da relación entre os conceptos de ética, política e xustiza, mediante a análise e a definición destes termos, destacando o vínculo entre eles no pensamento de Aristóteles.*
  - 1.1. Explica e aprecia as razóns que dá Aristóteles para establecer un vínculo entre ética, política e xustiza.
  - 1.2. Utiliza e selecciona información acerca dos valores éticos e cívicos, identificando e apreciando as semellanzas e as diferenzas entre eles.
2. *Coñecer e apreciar a política de Aristóteles e as súas características esenciais, así como entender o seu concepto da xustiza e a súa relación co ben común e a felicidade, elaborando un xuízo crítico acerca da perspectiva deste filósofo.*
  - 2.1. Elabora, recorrendo á súa iniciativa persoal, unha presentación con soporte informático, acerca da política aristotélica como unha teoría organicista que propón unha finalidade ética do Estado.
  - 2.2. Selecciona e usa información, en colaboración grupal, para entender e apreciar a importancia que Aristóteles dá á xustiza como o valor ético no que se fundamenta a lexitimidade do Estado e a súa relación coa felicidade e o ben común, expoñendo as súas conclusións persoais debidamente fundamentadas.

## **Bloque 5. Os valores éticos, o dereito e a DUDH**

## **I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

1. *Comprender o desenvolvemento histórico dos dereitos humanos como unha conquista da humanidade e estimar a importancia do problema que formula na actualidade o exercicio dos dereitos da muller e da infancia en gran parte do mundo, tomando conciencia dela co fin de promover a solución deses problemas.*
  - 1.1. Describe os feitos máis influentes no desenvolvemento histórico dos dereitos humanos.
  - 1.2. Dá razóns acerca da orixe histórica do problema dos dereitos da muller, recoñecendo os padróns económicos e socioculturais que fomentaron a violencia e a desigualdade de xénero.
  - 1.3. Emprende, en traballo colaborador, a elaboración dunha campaña contra a discriminación da muller e a violencia de xénero no seu ámbito familiar, escolar e social, avaliando os resultados obtidos.

## **Bloque 6. Os valores éticos e a súa relación coa ciencia e a tecnoloxía**

1. *Recoñecer a importancia que ten a dimensión moral da ciencia e da tecnoloxía, así como a necesidade de establecer límites éticos e xurídicos co fin de orientar a súa actividade conforme aos valores defendidos na DUDH.*
  - 1.1. Utiliza información de distintas fontes para analizar a dimensión moral da ciencia e da tecnoloxía, avaliando os impactos positivo e negativo que estas poden ter en todos os ámbitos da vida humana: social, económico, político, ético e ecolóxico, entre outros.
  - 1.2. Achega argumentos que fundamenten a necesidade de poñer límites éticos e xurídicos á investigación e práctica tanto científica coma tecnolóxica, tomando a dignidade humana e os valores éticos recoñecidos na DUDH como criterio normativo.
  - 1.3. Recorre á súa iniciativa persoal para expoñer as súas conclusións acerca do tema tratado, utilizando medios informáticos e audiovisuais, de forma argumentada e ordenada racionalmente.
2. *Recoñecer que, na actualidade, existen casos nos que a investigación científica non é neutral, senón que está determinada por intereses políticos, económicos, etc., mediante a análise da idea de progreso e a súa interpretación equivocada cando os obxectivos que se pretenden non respectan un código ético fundamentado na DUDH.*
  - 2.1. Obtén e selecciona información, en traballo colaborador, dalgúns casos nos que a investigación científica e tecnolóxica non foi guiada nin é compatible cos valores éticos expostos na DUDH, xerando impactos negativos no ámbito humano e ambiental, sinalando as causas.
  - 2.2. Diserta, en colaboración grupal, acerca da idea de progreso na ciencia e a súa relación cos valores éticos, o respecto á dignidade humana e o seu contorno, elaborando e expoñendo conclusións.
  - 2.3. Selecciona e contrasta información, en colaboración grupal, acerca dalgunhas das ameazas que para o ambiente e para a vida ten a aplicación indiscriminada da ciencia e da tecnoloxía, como a explotación descontrolada dos recursos naturais, a destrución de hábitats, a contaminación química e industrial, a chuvia ácida, o cambio climático, a desertización, etc.
3. *Recoñecer a necesidade de establecer límites éticos e xurídicos á actividade científica e tecnolóxica, utilizando como criterio de demarcación os valores éticos da DUDH, co fin de evitar a súa aplicación inadecuada e de solucionar os dilemas morais que ás veces se presentan, especialmente no terreo da medicina e da biotecnoloxía.*
  - 3.1. Destaca o valor da investigación científica e técnica, pero, ademais, xustifica a necesidade de poñer límites éticos e xurídicos no seu uso e aplicación, co fin de garantir o respecto á dignidade humana e os dereitos fundamentais, así como a protección do ambiente.

## **I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

- 3.2. Analiza información, seleccionada de diversas fontes, co fin de coñecer en que consisten algúns dos últimos avances en medicina e en biotecnoloxía que formulan dilemas morais, tales como a utilización de células nai, a clonación, a eutanasia e a euxenesia, entre outros, sinalando algúns perigos que estes encerran se non se respectan os valores éticos, como pode ser, por exemplo, a manipulación xenética con fins económicos, políticos, etc.
  - 3.3. Asume unha actitude de tolerancia e de respecto ante as diferentes opinións que se expresan, co fin de solucionar os dilemas éticos, sen esquecer a necesidade de rigor na fundamentación racional e ética de todas as alternativas formuladas.
4. *Entender e valorar o problema da tecnodependencia e a alienación humana á que esta conduce.*
- 4.1. Destaca o problema e o perigo que representa para o ser humano a tecnodependencia, sinalando os seus síntomas e as súas causas, e considerando as súas consecuencias negativas, como unha adicción incontrolada aos dispositivos electrónicos, aos videoxogos e ás redes sociais, que conducen as persoas cara a unha progresiva deshumanización.
5. *Identificar e valorar algúns impactos negativos que, para a especie humana e para o seu ámbito natural, produciron o desenvolvemento científico e tecnolóxico utilizado á marxe dos valores éticos.*
- 5.1. Selecciona e contrasta información, en colaboración grupal, acerca dalgúns das ameazas que, para o ambiente e a vida, está tendo a aplicación indiscriminada da ciencia e da tecnociencia, tales como a explotación descontrolada dos recursos naturais, a destrución de hábitats, a contaminación química e industrial, a chuvia ácida, o cambio climático, a desertización, etc., elaborando e expoñendo conclusións.
  - 5.2. Debate, en pequenos grupos, acerca dos intereses e dos obxectivos que están detrás das aplicacións inapropiadas da tecnociencia, e a falsa idea de progreso que está implícita nela, expresando as súas opinións fundamentadas nos valores éticos.

## **6. METODOLOXÍA DIDÁCTICA**

Traballar de xeito competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante. O docente pasa a ser un xestor de coñecemento do alumnado e este adquire un maior grao de protagonismo.

En concreto, na área de Valores Éticos:

Os alumnos e as alumnas deben desenvolver nesta etapa un pensamento e unha actitude críticos que se sustenten en valores morais e éticos recoñecidos. Por iso, farase fincapé na necesidade de analizar, formular e dar solucións a problemas cun fondo ético.

Desde esta perspectiva, a liña metodolóxica que rexerá as accións docentes nesta área desenvolverase a través de métodos activos, indutivos e mixtos; é dicir, métodos eminentemente participativos onde se alterna o traballo individual co traballo en grupo.

A aplicación dos devanditos métodos leva implícita a utilización de estilos de ensino socializadores, cognitivos e creativos para conseguir que os seus xuízos e eleccións dirixan a súa conduta e as súas relacións sociais cara ao benestar común.

## I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía

Neste contexto metodolóxico, o estudante convértese en protagonista da súa propia aprendizaxe, mentres que o docente vai cedendo terreo para que o alumnado logre maior autonomía nas súas aprendizaxes e cree estruturas cognitivas que lle permitan un pensamento e un proxecto de vida propios, asumindo de modo consciente, crítico e reflexivo o exercicio da liberdade e o control acerca da súa propia existencia.

Á súa vez, a transmisión do coñecemento das características que conforman a imaxe persoal farase a partir de aprendizaxes baseadas na experiencia, onde o alumnado percibe a información a través das súas propias experiencia e respectando sempre o desenvolvemento dos seus diversos estilos de aprendizaxe. Tamén se combinarán técnicas como a ensinanza recíproca, a discusión guiada con técnicas de visualización, de *role play*.

Este abano de accións docentes permitirá ao alumnado comprender e interiorizar os valores éticos de forma holística, comprensiva e significativa.

En concreto, serán accións pedagóxicas e metodolóxicas entre outras:

- **Na clase ou na sala de informática:** cuestionarios iniciais, traballo sobre textos, actividades escritas, debates orais, exposicións orais, observación de procesos con encerado dixital, proxector, etc., visionado de películas e comentario sobre as mesmas, etc.
- **Na casa ou na biblioteca:** cuestionarios iniciais, traballo sobre textos, actividades escritas, lectura e comentarios de documentos, fragmentos de libros, pesquisas nos xornais, participación en proxectos cooperativos, visionado de películas e comentario sobre as mesmas, exercicios de aplicación dun tema concreto, consolidación e estudo autónomo do alumno, etc.

## 7. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Escritos	Orais	Outros
·Tarefas diversas realizadas polo alumnado na actividade diaria da clase. ·Caderno de clase do alumno. ·Actividades de avaliación (libro, fichas fotocopiáveis, probas...) ·Traballos de grupo.	·Preguntas individuais e de grupo. ·Participación do alumno. ·Intervencións na clase.	·Ficha de rexistro individual. ·Persoal de avaliación. ·Rexistros. ·Autoavaliación. ·Blog do profesor (se fora o caso)

·Actividades interactivas.

Se fose preciso facer unha adaptación pedagóxica especial dirixida á docencia semipresencial ou non presencial (por mor das circunstancias socio-sanitarias actuais), os **procedementos e instrumentos de avaliación** para este curso serían os seguintes:

Escritos	Orais	Outros
<ul style="list-style-type: none"> <li>·Tarefas diversas realizadas polo alumnado na actividade feita na casa.</li> <li>·Actividades de avaliación (libros, fichas fotocopiáveis, probas...).</li> <li>·Traballos individuais e de grupo.</li> <li>·Actividades interactivas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>·Preguntas individuais e de grupo (de ser posible).</li> <li>·Participación do alumno.</li> <li>·Intervencións na clase on-line (de ser posible).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>·Ficha de rexistro individual.</li> <li>·Persoal de avaliación.</li> <li>·Rexistros.</li> <li>·Autoavaliación.</li> <li>·Blog do profesor (se fora o caso)</li> </ul>

## **8. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**

A cualificación en Valores Éticos 2 estará relacionada co grao de adquisición das competencias básicas do alumno reflectidas en todas as actividades que leve a cabo durante o curso. Velaí algúns dos criterios que se empregarán dependendo das tarefas, actividades e probas que se lle asinen ós alumnos en cada momento:

	CRITERIOS
1. Probas escritas / orais	<p>Valoración da aprendizaxe dos contidos.</p> <ul style="list-style-type: none"><li>·Consideración dos procesos seguidos e dos resultados.</li><li>·Expresión (verbal e escrita) do procedemento seguido para resolver unha actividade.</li><li>·Valoración da proporción de tempo investido-tempo necesario para resolver unha actividade.</li></ul>
2. Actividades TIC	<ul style="list-style-type: none"><li>·Uso adecuado do ordenador e das ferramentas informáticas e telemáticas.</li><li>·Tipo de participación (autónomo, con apoio, ningunha).</li><li>·Utilización de Internet de forma crítica e responsable: busca información, filtra...</li><li>·Grao de elaboración da resposta.</li><li>·Compromiso, cumprimento e responsabilidade co traballo.</li></ul>
3. Traballo autónomo (aula, casa, outros espazos)	<ul style="list-style-type: none"><li>·Grao de adquisición das aprendizaxes básicas.</li><li>·Amplía estas aprendizaxes.</li><li>·Utiliza adecuadamente os instrumentos e os recursos propios da materia.</li><li>·Sérvese de esquemas.</li><li>·Revisa habitualmente os resultados.</li><li>·Fai unha estimación do tempo investido para resolver unha actividade.</li></ul>

**I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

4. Participación e seguimento das clases (intervencións orais, tipo de respostas...)*	<ul style="list-style-type: none"><li>·Nivel e calidade das intervencións.</li><li>·Uso de vocabulario apropiado.</li></ul>
5. Traballos individuais e grupais. Valoración individual e en grupo	<ul style="list-style-type: none"><li>·Capacidade de traballo individual ou en equipo.</li><li>·Grao de comunicación cos compañeiros e resolución de conflitos*</li><li>·Comprensión axeitada da información e dos contidos manexados.</li><li>·</li></ul>
6. Arquivo de traballo persoal	<ul style="list-style-type: none"><li>·Presentación clara e ordenada</li><li>·Actualizado.</li></ul>

**\*Se aplicará este criterio se se dan as circunstancias, ben porque hai clases presenciais no centro, ben porque se imparten on-line.**

**\*De darse o caso**

**A cualificación en cada exercicio dependerá do grao de consecución dos obxectivos propostos para cada un deles. O resultado final de cada avaliación será a MEDIA ARITMÉTICA de tódalas probas, actividades, exercicios e traballos realizados. De ser o caso, o profesor/a establecerá as porcentaxes concretas de cada exercicio, proba ou tarefa da avaliación, informando de antemán aos alumnos. A cualificación final da materia será a media aritmética das tres avaliacións, sempre e cando se supere cada unha das avaliacións cunha cualificación igual ou superior a cinco.. No caso de suspender a materia en xuño, os pendentos presentaránse a unha proba escrita con todos os contidos da materia impartida ó longo do curso. Esta proba quedará aprobada se a cualificación é igual o superior a cinco.**



A continuación se detalla **un resumo destas medidas** de avaliación e recuperación:

## 1. AVALIACIÓN INICIAL

- **Data prevista:** última semana de setembro/ primeira semana de outubro.
- **Tipo de proba:** as actividades iniciais do primeiro tema servirán para detectar as súas habilidades e competencias básicas.
- **Mecanismo para informar ás familias:** xunta de avaliación inicial, tutorías con pais e, para casos especiais e urxentes, o sistema de Abalar.
- **Consecuencias dos resultados:** en función dos resultados acadados, e en coordinación co Departamento, se analizarán os casos máis relevantes e con carácter de urxencia se tomarían as medidas necesarias.

## 2. AVALIACIÓN TRIMESTRAL

- **Procedementos:** observación directa do alumno, tarefas diversas realizadas polo alumnado en clase, traballos individuais e grupais, actividades de avaliación: lecturas, fichas fotocopiáveis, probas escritas, etc.
- **Instrumentos:** caderno do alumno, preguntas individuais e grupais, intervencións na clase, visionado de películas, lecturas concretas.
- **Mínimos esixibles:** O cumprimento axeitado das ferramentas de traballo competencial (actividades, tarefas, traballos, etc.); a realización positiva das probas escritas; o traballo regular ó longo do curso; a presentación ordenada, clara e coherente do seu caderno de clase.
- **Ponderación e nota media:** A cualificación en cada exercicio dependerá do grao de consecución dos obxectivos propostos para cada un. O resultado final de cada avaliación dependerá da *media aritmética* feita coas seguintes porcentaxes: **50%** para probas escritas, traballos individuais e grupais, e **50%** para revisión do caderno de clase, actividades puntuais realizadas, lecturas concretas. Estas porcentaxes poderán variar en cada avaliación dependendo do número de probas e da súa importancia, previo aviso ao alumnado por parte de cada profesor/a.

## 3. MECANISMO PARA RECUPERAR UNHA AVALIACIÓN NON SUPERADA

- No caso de suspender algunha avaliación, o alumno (ao longo do seguinte trimestre ou ben ao remate da terceira avaliación, a criterio do profesor) deberá presentarse a **unha proba escrita** onde se incluírán os contidos da materia impartida na avaliación suspensa, **ademais de realizar con éxito as tarefas** que non se fixeron ou se fixeron defectuosamente en cada trimestre. A proba escrita pondera un 50% e a realización das tarefas o 50 % restante. Polo tanto, *a media aritmética da cualificación da proba escrita e da nota das tarefas deberá ser igual o superior a cinco* para superar a

avaliación pendente. **Se non houbera proba escrita da avaliación pendente, o 100% da nota será a realización adecuada das tarefas e actividades realizadas no trimestre e plasmadas no caderno do alumno.**

#### **4. CUALIFICACIÓN FINAL DA MATERIA NA AVALIACIÓN ORDINARIA**

- A cualificación final da materia será *a media aritmética das tres avaliacións*, **sempre e cando se supere cada unha das avaliacións cunha cualificación igual ou superior a cinco.**

#### **5. AVALIACIÓN FINAL E EXTRAORDINARIA**

- **Alumnado:** Deberán presentarse todos aqueles alumnos que non superaran calquera das avaliacións que teñan pendente.

- **Tipo de proba:** *escrita*, onde se inclúan os contidos da materia impartida ó longo do curso. A proba constará de **4 preguntas:** 2 preguntas pechadas (2 puntos cada unha), 1 pregunta semiaberta (3 puntos) e 1 pregunta aberta (3 puntos).

- **Estándares:** Todos os contidos da materia impartida no curso. Esta proba estará aprobada se a cualificación é **igual o superior a cinco.**

#### **6. MATERIA PENDENTE**

- Os alumnos coa materia pendente deberán facer **unha proba escrita** coa materia impartida no curso anterior. O Departamento deseñará esta proba e fará pública no taboleiro do patio central a convocatoria para a realizar dita proba. A proba constará de **4 preguntas:** 2 preguntas pechadas (2 puntos cada unha), 1 pregunta semiaberta (3 puntos) e 1 pregunta aberta (3 puntos). Esta proba estará aprobada se a cualificación é **igual o superior a cinco.**

#### **7. GRAO MÍNIMO ESIXIBLE DE CONSECUCCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA**

O cumprimento axeitado das ferramentas de traballo competencial (actividades, tarefas, traballos, etc.), a realización positiva de posibles probas escritas, o traballo regular ó longo do curso, a presentación ordeada, clara e coherente do seu caderno de clase, e unha actitude respetuosa, participativa e comprometida co seu labor como individuo e como membro dun grupo, serán tomados como criterios mínimos exixibles para a promoción do alumno.

## **8. PROCEDEMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL**

O primeiros temas abordados en Valores Éticos 2 pode ser garante dunha primeira valoración inicial do alumnado, posto que permiten detectar en boa medida as súas habilidades e competencias tanto a nivel persoal como grupal. Os procedementos para esta primeira aproximación ó rendemento persoal e académico do alumnado serán, polo tanto, os explicitados para cada contido específico e tarefas propostas.

Non será necesario un plan de reforzo e recuperación das aprendizaxes non adquiridas no derradeiro curso, posto que a materia se imparte por primeira vez na secundaria e os contidos se solapan e repiten de xeito cada vez máis complexo ó longo desta etapa escolar.

## **9. PLAN DE SEGUIMIENTO E PROCEDEMENTO PARA A CUALIFICACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES OU DA NOTA FINAL DO CURSO SE HAI ALUMNADO QUE ASISTE A PROGRAMAS DE REFORZO CON ATRIBUCIÓN HORARIA**

Os alumnos con materias pendentes ou que asistan a programas de reforzo que supoñan a perda dalgunhas sesións de clase, deberán cumprir coas tarefas específicas que o profesor estime oportunas e convenientes de acordo cos mínimos exixibles e contidos mínimos desenvolvidos ó longo dese periodo académico, facilitando na medida do posible o desenvolvemento axeitado destas por parte do alumno.

## **10. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS**

Serán de uso cotiá -ou esporádico e puntual, segundo as necesidades da impartición da materia (presencial, semipresencial ou de xeito on-line)- os seguintes materiais, ademáis de outros que poidan ser de utilidade:

- O **libro(s)** do alumnado para a área de Valores Éticos de 2.º ESO, en calquera dos seus formatos (papel ou dixital) en edicións que segundo as necesidades poidan ser de referencia para cada tarefa e tema.
- O **caderno do alumno**, onde se reflectirá o traballo diario.
- As **monografías** didácticas, **textos**, **fotocopias**, **referencias bibliográficas**, **artigos** de prensa, etc.
- O uso de **Internet** para pesquisas e proxectos didácticos, visionado de películas ou documentais, etc.
- O uso da **Aula Virtual** do centro, onde se recollerán total ou parcialmente as informacións, indicacións, contidos, tarefas e outras necesidades educativas que permitan o desenvolvemento e seguemento da materia, sexa de xeito presencial, semipresencial ou de xeito on-line.

## **11. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

### **Descrición do grupo despois da avaliación inicial**

Á hora de formular as medidas de atención á diversidade e inclusión debemos solicitar, en primeiro lugar, diversa información sobre cada grupo de alumnos e alumnas; como mínimo debe coñecerse a relativa a:

## **I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

- O número de alumnos e alumnas.
- O funcionamento do grupo (clima da aula, nivel de disciplina, atención...).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto ao desenvolvemento de contidos curriculares.
- As necesidades que se puidesen identificar; convén pensar nesta fase en como se poden abordar (*planificación de estratexias metodolóxicas, xestión da aula, estratexias de seguimento da eficacia de medidas, etc.*).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto aos aspectos competenciais.
- Os desempeños competenciais prioritarios que hai que practicar no grupo nesta materia.
- Os aspectos que se deben ter en conta ao agrupar os alumnos e as alumnas para os traballos cooperativos.
- Os tipos de recursos que se necesitan adaptar no nivel xeral para obter un logro óptimo do grupo.

### ***Necesidades individuais***

A avaliación inicial facilítanos non só coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos individuais dos nosos estudantes; a partir dela poderemos:

- Identificar os alumnos ou as alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. (Débese ter en conta aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requira atención específica por estaren en risco, pola súa historia familiar, etc.).
- Saber as medidas organizativas que cómpre adoptar. (Planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos grupais para favorecer a intervención individual).
- Establecer conclusións sobre as medidas curriculares que cómpre adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar.
- Analizar o modelo de seguimento que se vai utilizar con cada un deles.
- Acoutar o intervalo de tempo e o modo en que se van avaliar os progresos destes estudantes.
- Fixar o modo en que se vai compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe; especialmente, co titor.

### **Concreción de medidas para alumnos con Síndrome de Asperger e TDAH:**

Entre as características dos afectados polo Síndrome de Asperger están as dificultades na comprensión social e nas habilidades sociais, o pouco interese cara aos demais, as dificultades de atención, a pouca capacidade organizativa, a interpretación lietal da linguaxe e as dificultades na motricidade. Por estes motivos presentamos algunhas estratexias para tratalo:

- Darlle tempo para organizar o seu material
- Evitar a presión
- Darlle pequenos encargos
- Facer o posible para que entenda as instrucións
- Diante dos mínimos acertos, ser xeneroso cos reforzos positivos
- Sempre que sexa posible, descompoñer as tarefas
- Supervisar con frecuencia a realización das tarefas

## **I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

- Buscar a colaboración dun compañeir@ responsable para que lle axude a comprender e realizar as tarefas

Asemade, para os alumnos con TDAH:

- Supervisar con frecuencia a realización das tarefas
- Potenciar a aprendizaxe colaborativa
- Buscar a colaboración dun compañeir@ responsable para que lle axude a comprender e realizar as tarefas
- Deixar máis tempo para as probas escritas ou exames
- Supervisar a comprensión das preguntas
- Implicar ao alumno con preguntas sinxelas e motivadoras
- Graduar o uso do 'tempo fóra'
- reforzar positivamente as condutas adecuadas

## **12. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN Ó PROXECTO LECTOR, ÁS TIC E Ó PLAN DE CONVIVENCIA**

### **Estratexias para incorporar as TIC na aula**

Para incorporar as TIC na aula pódense unha serie de recursos **integrados** cos contidos e nas actividades de Valores éticos 1, que complementan e amplían a información. Estes recursos pódense incorporar ao día a día na aula, compartindo protagonismo cos contidos planificados para ese curso. Sirvan como exemplo:

<i>Actividades interactivas</i>	O alumno responde seleccionando a opción correcta, clasificando elementos de diferentes grupos ou situándoos na súa posición correcta...  Ao finalizar, o programa informa dos acertos e erros, e dáse a oportunidade de corrixilos (aplicables no Encerado Dixital Interactivo).
<i>Animación</i>	Explican un procedemento con imaxes e con texto. As imaxes son animadas e evolucionan a medida que avanza a explicación do procedemento.
<i>Cazas do tesouro</i>	Propoñen unha procura de información a través da web. Suscitan unha serie de preguntas e unha gran pregunta (actividade máis elaborada). Para respondelas, o alumno deberá buscar información

## I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía

	por Internet tanto nas páxinas web indicadas como noutras.
<i>Ligazóns a Internet</i>	Colección de ligazóns a Internet de alto interese para o alumno: <i>applets</i> , simulación de modelos, experimentos virtuais, explicacións complementarias, actividades, curiosidades....
<i>Bancos de imaxes</i>	Colección de debuxos e de fotografías que ilustran algún aspecto ou se relacionan cos contidos explicados no libro.
<i>Presentacións</i>	Secuencia de diapositivas que presenta de forma esquemática os contidos principais de cada unidade.
<i>Tests interactivos</i>	Unha batería de preguntas sobre contidos diversos. Preguntas de tipo test nas que se debe escoller unha opción entre tres. Ao acabar a actividade, o ordenador informa do número de acertos e de erros, e dáse a posibilidade de corrixir os fallos.

### **Estratexias para estimular o interese e o hábito de lectura e a capacidade de expresarse correctamente**

Pódense explicitar, como no exemplo, que estratexias ou accións se levarán a cabo desde a materia para fomentar a lectura e a expresión (oral e escrita) dos alumnos.

Lectura:  ·Lectura do libro de texto.  ·Comentarios de texto (tanto de autores clásicos traducidos como de contemporáneos).  ·Outras lecturas complementarias (de diversa información, curiosidades, artigos de revistas relacionadas coa materia...).
Expresión:  ·Exposición oral e escrita en razoamentos, en actividades e en traballos individuais e en grupo.

·Expresión oral e escrita das aprendizaxes utilizando o vocabulario adecuado.

### **13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

Relación das actividades complementarias e das extraescolares planificadas polo centro e relacionadas coa materia. Por exemplo:

·Día da Constitución: conferencias, concursos, actividades culturais.

·Día da Paz e da non-violencia: actividades deportivas, debates, mesas redondas, visitas a artistas da localidade.

·Seminarios sobre: a convivencia escolar, a educación.

·Día do libro: actividades de fomento da lectura.

·Día Internacional do medio natural: visita a unha planta de recuperación e reciclaxe.

·Campaña do banco de alimentos.

·Proposta de análise de películas, etc.

Con respecto ás actividades complementarias, convén reflexionar sobre estas catro cuestións:

- Consegúronse os obxectivos propostos a partir das actividades realizadas?
- Como resultaron as actividades?
- Cales gustaron máis?
- Que propostas de mellora podemos sinalar?

### **14. PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN**

### **I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

Neste apartado pretendemos promover a reflexión docente e a autoavaliación da realización e do desenvolvemento de programación didáctica. Para iso, ao finalizar cada unidade didáctica, en cada trimestre ou ao final de curso propónse unha secuencia de preguntas que permitan ao docente avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade.

De igual modo, propoñemos unha ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto. Pódese realizar ao final de cada trimestre ou ao final do curso para recoller as melloras no seguinte cadro:

ASPECTOS PARA AVALIAR	PARA DESTACAR...	PARA MELLORAR...	PROPOSTAS DE MELLORA PERSOAL
Temporalización das unidades didácticas			
Desenvolvemento dos obxectivos didácticos			
Manexo dos contidos da unidade			
Descritores e desempeños competenciais			
Realización de tarefas			
Estratexias metodolóxicas seleccionadas			
Recursos			
Claridade nos criterios de avaliación			
Uso de diversas ferramentas de avaliación			



**I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

Atención á diversidade			
Interdisciplinabilidade			

## VALORES ÉTICOS

### 4º E.S.O.

#### INDICE

1. Obxectivos xerais da E.S.O. e obxectivos específicos do curso.....	2
2. Introducción, contextualización e contribución ao desenvolvemento das competencias clave.....	5
3. Relación de estándares de aprendizaxe da materia e concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable.....	9
4. Temporalización: organización e secuenciación de contidos.....	20
5. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.....	23
6. Metodoloxía didáctica.....	28
7. Procedementos e instrumentos de avaliación.....	29
8. Criterios de cualificación.....	30
9. Grao mínimo esixible de consecución para superar a materia.....	33
10. Procedementos para a realización da avaliación inicial.....	33
11. Plan de seguimento e procedemento para a cualificación das materias pendentes ou da nota final do curso se hai alumnado que asiste a programas de reforzo con atribución horaria.....	33
12. Materiais e recursos didácticos.....	33
13. Medidas de atención á diversidade.....	34
14. Accións de contribución ó proxecto lector, ás TIC e ó plan de convivencia.....	36
15. Actividades complementarias e extraescolares.....	38
16. Procedementos para avaliar a propia programación.....	38

## **I.E.S. CORUXO. *Departamento de filosofía***

De acordo coa Ley Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE) 8/2013, de 9 de decembro; e seguindo as instrucións do Real Decreto 1105/2014 do 26 de decembro onde se diseña o currículo básico para Educación Secundaria e Bacharelato; ademais da Orde ECD/65/2015 do 21 de xaneiro que establece as relacións entre competencias, contidos e criterios de avaliación na Educación Primaria, Secundaria e Bacharelato; e en consoancia co Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e a RESOLUCIÓN do 27 de xullo de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico 2015/16 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, este Departamento desenvolve a seguinte Programación Didáctica para o presente curso:

### **1. OBXECTIVOS XERAIS DA E.S.O. E OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DA ÁREA**

- a) Asumir responsablemente os seus deberes; coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais; practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais e resolver pacificamente os conflitos, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, incorporar novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza nun mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

## **I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua castelá e, se a houbese, na lingua cooficial da comunidade autónoma, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, a lectura e o estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de xeito apropiado.
- j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia propias e dos demais, así como o patrimonio artístico e cultural.
- k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o ambiente, e contribuír así á súa conservación e mellora.
- l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

### **OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DO CURSO**

- 1. Valorar a dignidade humana para entender o que significa ser persoa e poder valorarse a si mesmo e aos que o rodean.**
- 2. Descubrir a importancia dos valores éticos na formación da personalidade e a autoestima.**
3. Comprender o concepto de virtude en Aristóteles para establecer relacións entre os actos, os hábitos e o carácter no desenvolvemento da personalidade.
- 4. Coñecer o concepto e as causas da crise de identidade que xorde na adolescencia.**
- 5. Tomar conciencia da importancia que ten o desenvolvemento da autonomía e o control persoais no crecemento persoal e nas crises de identidade adolescentes, para poder identificar as súas causas e detectar as influencias que exercen os grupos sociais na personalidade.**
6. Identificar os trazos máis característicos dos grupos de adolescentes reflexionando sobre a influencia que exercen sobre o individuo.
7. Recoñecer a diferenza entre autonomía e heteronomía desde a concepción kantiana.
- 8. Tomar conciencia da importancia que teñen o desenvolvemento da autonomía e o control da conduta no crecemento moral da persoa cara á vida adulta.**
- 9. Identificar as aptitudes que posúe o ser humano para construír un autoconcepto positivo e potenciar a súa autoestima.**
- 10. Reflexionar sobre as propias emocións para recoñecelas en situacións cotiás e poder mellorar as habilidades emocionais.**
11. Comprender o concepto de intelixencia emocional e valorar a súa importancia na personalidade e no carácter moral do ser humano para mellorar as súas habilidades emocionais.

**I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

12. **Recoñecer a relación do ser humano co contorno e os axentes sociais que o conforman, entendendo a súa influencia no desenvolvemento moral da persoa e valorando a vida en sociedade desde valores éticos recoñecidos.**
13. **Desenvolver certas habilidades sociais e técnicas de comunicación para dominar formas e xestos habituais que favorezan tanto as relacións interpersoais como o respecto á dignidade e aos dereitos das persoas.**
14. Entender a influencia das virtudes e dos valores éticos no establecemento respectuoso e comprensivo de relacións interpersoais, así como no exercicio da liberdade individual e social.
15. **Sinalar os límites entre a liberdade persoal e a social, marcados pola ética e os dereitos humanos.**
16. **Valorar a importancia das habilidades emocionais, sociais e asertivas, co fin de moldear a personalidade a través de valores e virtudes éticos que favorezan as relacións interpersoais positivas e respectuosas, asegurando así unha vida en sociedade máis xusta e enriquecedora.**
17. Recoñecer a vida privada e pública das persoas para trazar os límites da liberdade individual e social.
18. Apreciar o efecto que producen os valores na conduta individual e social, identificar os problemas derivados da súa ausencia e promovelos en beneficio das persoas e da sociedade.
19. **Describir as semellanzas e as diferenzas que existen entre a moral e a ética, valorando a importancia desta última para actuar de forma racional.**
20. **Identificar a liberdade como base que sostén a moral da persoa e a intelixencia, a vontade e as normas éticas como medios que rexen a súa conduta.**
21. Explicar a función dos valores éticos na vida persoal e social do ser humano, destacando a importancia de ser respectados.
22. Coñecer como se creou a ONU e o momento histórico que impulsou a elaboración da DUDH, destacando o seu valor como fundamento ético universal da lexitimidade do dereito e dos Estados.
23. **Entender e valorar o contido da DUDH, facendo especial fincapé no respecto á dignidade humana como base de todos os dereitos humanos.**
24. **Coñecer o panorama actual respecto ao exercicio dos dereitos da muller e da infancia en gran parte do mundo, coñecendo as causas da situación e tomando conciencia delas, co fin de promover a súa solución.**

Se fose preciso facer unha adaptación pedagóxica especial dirixida á docencia semipresencial ou non presencial (por mor das circunstancias socio-sanitarias actuais), os **obxectivos preferentes e indispensables** para este curso (*sinalados en negrita e cursiva*) serían os seguintes:

**1, 2, 4, 5, 8, 9, 10, 12, 13, 15, 16, 19, 20, 23, 24.**

## **2. INTRODUCCIÓN, CONTEXTUALIZACIÓN E CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE**

### ***Introdución e contextualización***

Traballar por competencias na aula supón unha reflexión e unha reconfiguración dos contidos desde un enfoque de aplicación que permita o adestramento das competencias. As competencias non se estudan nin se ensinan, adéstranse. Para iso, xeraremos tarefas de aprendizaxe que favorezan a transferencia do coñecemento mediante metodoloxías de aula activas.

Non resulta práctico nin eficaz abordar cada competencia de xeito global en cada unidade, polo que se estruturarán en indicadores, grandes piares que permiten describirla dun xeito máis preciso. Podemos atopar entre tres e seis indicadores por competencia.

O indicador ten tamén un carácter bastante xeral, por iso o descompoñemos no que chamamos «descritores da competencia»; os cales «describen» o alumnado competente no devandito ámbito. Por cada indicador atoparemos entre tres e seis descritores, redactados en infinitivo.

En cada unidade didáctica concretaremos o descritor en desempeños competenciais, redactados en terceira persoa do presente indicativo. O desempeño será o aspecto concreto da competencia que poderemos adestrar e avaliar de xeito explícito na unidade. Este é concreto e obxectivable, e indícanos que debemos adestrar e observar nas actividades deseñadas.

Para o seu desenvolvemento, partimos dun marco de descritores competenciais definido para o proxecto aplicable a toda materia e curso.

Respectando o tratamento específico nalgunhas áreas, os **elementos transversais**, como a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional, traballaranse desde todas as áreas, posibilitando e fomentando que o proceso de ensinanza-aprendizaxe dos alumnos e das alumnas sexa o máis completo posible.

A diversidade de estilos de aprendizaxe do alumnado convídanos a traballar desde as **diferentes potencialidades** que os caracterizan, apoiándonos sempre nas súas fortalezas para poder dar resposta ás súas necesidades.

### ***Contribución da área e materia ó logro das competencias básicas***

En Valores Éticos incidiremos no adestramento de todas as competencias de xeito sistemático, facendo fincapé nos descritores máis afíns á materia:

*Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía*

## **I.E.S. CORUXO. *Departamento de filosofía***

O desenvolvemento desta competencia nesta área permítenos afondar no eixe sobre o que xira todo o currículo básico e o carácter específico do saber ético, xa que todo problema ou situación implica unha demostración racional. Así mesmo, esta competencia ofrece a oportunidade de realizar argumentacións, considerar e realizar xuízos morais e aplicar estratexias de resolución de problemas.

Os descritores que podemos traballar son:

- Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sostible.
- Tomar conciencia dos cambios producidos polo ser humano no contorno natural e as súas repercusións na vida futura.

Xerar criterios persoais sobre a visión social da estética do corpo humano fronte ao coidado saudable.

- Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante en distintos ámbitos (biolóxico, xeolóxico, físico, químico, tecnolóxico, xeográfico...).
- Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas, comprender o que acontece arredor nosa e responder preguntas.
- Coñecer e utilizar os elementos matemáticos básicos: operacións, magnitudes, porcentaxes, proporcións, formas xeométricas, criterios de medición e codificación numérica, etc.
- Organizar a información utilizando procedementos matemáticos.
- Resolver problemas seleccionando os datos e as estratexias apropiadas.
- Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá.

### *Comunicación lingüística*

Para o bo desenvolvemento desta competencia, será decisivo o fomento da lectura, a análise e a reflexión sobre libros e textos relacionados cos contidos curriculares. Deste xeito, desenvolveranse a comprensión lectora e a expresión oral e escrita, á vez que se adquiren coñecementos sobre os valores éticos e os dereitos humanos. Por outro lado, contribuírase conxuntamente á comunicación lingüística e á transmisión de valores a través da exposición e da resolución de dilemas morais, pois estes esixen poñer en práctica habilidades como a escoita activa, a empatía e a expresión de ideas e de sentimentos, utilizando a linguaxe verbal e a non verbal.

Os descritores que podemos utilizar serán:

- Comprender o sentido dos textos escritos e orais.
- Manter unha actitude favorable cara á lectura.
- Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.
- Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais correctas para elaborar textos escritos e orais.
- Manexar elementos de comunicación non verbal en diferentes rexistros e nas diversas situacións comunicativas.
- Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...
- Compoñer distintos tipos de textos de forma creativa con sentido literario.
- Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou en materias diversas.

## **I.E.S. CORUXO. *Departamento de filosofía***

*En caso de centros bilingües ou plurilingües que impartan a materia noutra lingua:*

- Manter conversas noutras linguas sobre temas cotiáns en distintos contextos.
- Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.
- Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou en materias diversas.

### *Competencia dixital*

Desenvolver a competencia dixital desde esta área axudaranos a manexar ferramentas que posibiliten o acceso ao coñecemento de feitos sociais, de documentos históricos e de tratados internacionais que poñan de relevo a contribución dos valores éticos á sociedade. Á súa vez, proporcionará ao alumnado a oportunidade de entender a relación que existe entre a tecnoloxía e os valores éticos, para que aprenda a facer un bo uso dela no seu tempo libre.

Podemos adestrar os seguintes descritores:

- Empregar distintas fontes para a busca de información.
- Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.
- Elaborar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.
- Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.
- Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.

### *Conciencia e expresións culturais*

Esta área contribúe á competencia de conciencia e expresións culturais na medida que posibilita a adquisición de pautas persoais, interpersoais e interculturais que permiten participar de forma eficaz e construtiva en calquera sociedade democrática, respectando os valores e os dereitos socialmente recoñecidos.

Os descritores que adestraremos nesta competencia son:

- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
- Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.
- Apreciar a beleza das expresións artísticas e as manifestacións de creatividade e fomentar o gusto pola estética no ámbito cotián.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

### *Competencias sociais e cívicas*



## **I.E.S. CORUXO. *Departamento de filosofía***

A área de Valores Éticos é, sen dúbida, a materia desde onde se traballan de forma máis directa as competencias sociais e cívicas do alumnado. As habilidades sociais e de colaboración incrementáanse cando se reflexiona sobre o fundamento ético da sociedade e se toma conciencia da importancia dos seus valores éticos e morais. Á súa vez, ofrece a posibilidade de resolver conflitos interpersoais de forma construtiva, polo que o alumnado non só fortalece a súa identidade persoal, senón que desenvolve actitudes como a tolerancia, a asertividade, a solidariedade e o respecto á pluralidade cultural, política, relixiosa ou de calquera outra natureza.

Os indicadores desta competencia poden facilitar o adestramento de cada un dos descritores que enunciámos a continuación:

- Coñecer as actividades humanas, adquirir unha idea da realidade histórica a partir de distintas fontes e identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito referendado por unha constitución.
- Aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.
- Desenvolver a capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e de traballo, e para a resolución de conflitos.
- Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.
- Recoñecer a riqueza da diversidade de opinións e de ideas.
- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.
- Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.
- Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades.
- Involucrarse ou promover accións cun fin social.

### *Sentido de iniciativa e espírito emprendedor*

Para exercer dun modo consciente, crítico e reflexivo o exercicio da liberdade e emprender accións que beneficien a sociedade, resulta necesario que os alumnos e as alumnas desenvolvan aspectos como a autonomía, o liderado, a creatividade ou a iniciativa persoal.

Desde esta área considéranse tarefas e situacións reais e hipotéticas que permiten o adestramento das devanditas habilidades. Isto vai posibilitar que o alumnado expoña as súas ideas, inicie accións novas, asuma responsabilidades ou xestione os recursos materiais e persoais que ten ao seu alcance.

Neste caso, os descritores que cumpriría adestrar serían:

- Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas.
- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
- Ser constante no traballo superando as dificultades.
- Dirimir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa.
- Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos.
- Asumir riscos no desenvolvemento das tarefas ou dos proxectos.
- Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.
- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.
- Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución dos obxectivos.

## I.E.S. CORUXO. *Departamento de filosofía*

- Atopar posibilidades no contorno que outros non aprecian.
- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos dun tema.

### *Aprender a aprender*

A competencia de aprender a aprender implica ser consciente das necesidades e dos procesos de aprendizaxe, o recoñecemento de oportunidades e a habilidade de superar dificultades para poder aprender con éxito. Esta promóvese na área de Valores Éticos mediante o exercicio de procesos cognitivos como analizar, sintetizar, relacionar, comparar ou argumentar, así como favorecendo o interese por descubrir a verdade e os valores que impregnan as experiencias da súa vida cotiá.

Os descritores que poderíamos utilizar para adestrar esta competencia serían:

- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...
- Xestionar os recursos e as motivacións persoais en favor da aprendizaxe.
- Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...
- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
- Planificar os recursos necesarios e os pasos que se deben realizar no proceso de aprendizaxe.
- Avaliar a consecución dos obxectivos de aprendizaxe.
- Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

### **3. RELACIÓN DE ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE DA MATERIA E CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE**

Valores éticos. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. A dignidade da persoa				
<ul style="list-style-type: none"><li>▪ a</li><li>▪ b</li><li>▪ c</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>▪ B1.1. A dignidade do ser humano como valor básico no que se asenta a DUDH.</li><li>▪ B1.2. Atributos esenciais do ser humano na</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>▪ B1.1. Interpretar e valorar a importancia da dignidade da persoa como o valor do que parte e no que se fundamenta a DUDH, subliñando os atributos inherentes á natureza humana e os</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>▪ VEB1.1.1. Identifica a orixe dos dereitos inalienables e universais que establece a DUDH na dignidade do ser humano en tanto que persoa e os atributos inherentes á súa natureza.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>▪ CSC</li></ul>

**I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

Valores éticos. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ d</li> <li>▪ h</li> </ul>	<p>DUDH: razón, conciencia e liberdade.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Léxico do bloque: dignidade da persoa, fraternidade, liberdade humana, trato digno, xuízo xusto, trato inhumano ou degradante, detención arbitraria, presunción de inocencia, discriminación, violación de dereitos, etc.</li> </ul>	<p>dereitos inalienables e universais que derivan dela, como o punto de partida sobre o que deben xirar os valores éticos nas relacións humanas a nivel persoal, social, estatal e universal.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB1.1.2. Identifica na DUDH os atributos esenciais do ser humano: razón, conciencia e liberdade.</li> <li>▪ VEB1.1.3. Relaciona adecuadamente os termos e as expresións seguintes, que se utilizan na DUDH: dignidade da persoa, fraternidade, liberdade humana, trato digno, xuízo xusto, trato inhumano ou degradante, detención arbitraria, presunción de inocencia, discriminación, violación de dereitos, etc.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
Bloque 2. A comprensión, o respecto e a igualdade nas relacións interpersoais				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Dereitos e liberdades dos individuos establecidos na DUDH que o Estado debe respectar.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Explicar, baseándose na DUDH, os principios que deben rexer as relacións entre a cidadanía e o Estado, co fin de favorecer o seu cumprimento na sociedade en que viven.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB2.1.1. Comenta, segundo o establecido pola DUDH nos artigos do 12 ao 17, os dereitos do individuo que o Estado debe respectar e fomentar, nas relacións existentes entre ambos.</li> <li>▪ VEB2.1.2. Explica os límites do Estado que establece a DUDH nos artigos do 18 ao 21, ao determinar as liberdades dos cidadáns e das cidadás que este debe protexer e respectar.</li> <li>▪ VEB2.1.3. Elabora unha presentación con soporte informático e audiovisual que ilustre os contidos máis sobresaíntes tratados no tema, e expón as súas conclusións de xeito argumentado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.2. Fenómeno da socialización global.</li> <li>▪ B2.3. Perigos da socialización global á marxe dos valores éticos universais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.2. Explicar en que consiste a socialización global e a súa relación cos medios de comunicación masiva, valorando os seus efectos na vida e no desenvolvemento moral das</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB2.2.1. Describe e avalía o proceso de socialización global, mediante o que se produce a interiorización de valores, normas, costumes, etc.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>

**I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

Valores éticos. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.4. Medios de comunicación de masas e socialización global. Conflito entre liberdade de expresión outros dereitos.</li> </ul>	<p>persoas e da sociedade, e reflexionar acerca do papel que deben ter a ética e o Estado en relación con este tema.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB2.2.2. Sinala os perigos que encerra o fenómeno da socialización global se se desenvolve á marxe dos valores éticos universais, e debate acerca da necesidade de establecer límites éticos e xurídicos neste tema.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB2.2.3. Diserta acerca do impacto que teñen os medios de comunicación masiva na vida moral das persoas e da sociedade, expresando as súas opinións con rigor intelectual.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB2.2.4. Valora a necesidade dunha regulación ética e xurídica en relación co uso de medios de comunicación masiva, respectando o dereito á información e á liberdade de expresión que posúen os cidadáns e as cidadás.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
Bloque 3. A reflexión ética				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ d</li> <li>▪ f</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Importancia e valor da reflexión ética como defensa dos DDHH.</li> <li>▪ B3.2. Novos campos da ética aplicada: profesional, bioética, ambiente, economía, empresa, ciencia e tecnoloxía, etc.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Recoñecer que a necesidade dunha regulación ética é fundamental no mundo actual de grandes e rápidos cambios, debido á magnitude dos perigos aos que se enfrenta o ser humano, polo que resulta necesaria a súa actualización e a ampliación aos novos campos de acción da persoa, co fin de garantir o cumprimento dos dereitos humanos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB3.1.1. Xustifica racionalmente e estima a importancia da reflexión ética no século XXI, como instrumento de protección dos dereitos humanos ante o perigo que poden representar entes posuidores de grandes intereses políticos e económicos e grupos violentos, que teñen ao seu alcance armamento de grande alcance científico e tecnolóxico, capaces de pór en grande risco os dereitos fundamentais da persoa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB3.1.2. Sinala algúns dos novos campos aos que se aplica a ética (profesional, bioética, ambiente, economía, empresa, ciencia e tecnoloxía, etc.).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.3. Proxecto de vida persoal: límites e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.2. Comprender e apreciar a importancia que</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB3.2.1. Describe e avalía as circunstancias</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> </ul>

**I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

Valores éticos. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ d</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> <li>▪ m</li> </ul>	oportunidades que ofrecen as circunstancias persoais, e valores éticos que serven como guía.	teñen para o ser humano do século XXI as circunstancias que o rodean, salientando os límites que lle imponen e as oportunidades que lle ofrecen para a elaboración do seu proxecto de vida, conforme os valores éticos que libremente elixe e que dan sentido á súa existencia.	que no momento actual o/a rodean, identificando as limitacións e as oportunidades que se lle formulan desde as perspectivas social, laboral, educativa, económica, familiar, afectiva, etc., co obxecto de deseñar, a partir delas, o seu proxecto de vida persoal, determinando libremente os valores éticos que deben guialo/a.	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ d</li> <li>▪ h</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.4. Éticas formais e éticas materiais.</li> <li>▪ B3.5. Ética kantiana: carácter formal. Autonomía da persoa como valor ético fundamental.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.3. Distinguir os principais valores éticos nos que se fundamentan as éticas formais, establecendo a súa relación coa ética kantiana e sinalando a importancia que este filósofo lle atribúe á autonomía da persoa como valor ético fundamental.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB3.3.1. Define os elementos distintivos das éticas formais e compáraos cos relativos ás éticas materiais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB3.3.2. Explica as características da ética kantiana (formal, universal e racional), así como a importancia da súa achega á ética universal.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB3.3.3. Aprecia, na ética kantiana, o seu fundamento na autonomía da persoa como valor ético esencial e a súa manifestación no imperativo categórico e as súas formulacións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.6. Ética do discurso, de Apel e Habermas, como ética formal. Relación coa ética de Kant.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.4. Identificar a ética do discurso, de Habermas e de Apel como unha ética formal, que salienta o valor do diálogo e o consenso na comunidade, como procedemento para atopar normas éticas xustas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB3.4.1. Identifica a ética do discurso como unha ética formal e describe en que consiste o imperativo categórico que formula, sinalando as similitudes e as diferenzas que posúe co imperativo da ética de Kant.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB3.4.2. Utiliza a súa iniciativa persoal e emprendedora para elaborar unha presentación con soporte informático acerca das éticas formais, expresando e elaborando conclusións fundamentadas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
Bloque 4. A xustiza e a política				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Democracia e xustiza.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Concibir a democracia non só como unha</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB4.1.1. Comprende a importancia que ten</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>

**I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

Valores éticos. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> <li>▪ h</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.2. Deberes cívicos como cumprimento de valores éticos e como defensa e difusión dos dereitos humanos.</li> </ul>	<p>forma de goberno, senón como un estilo de vida cidadá, consciente do seu deber como elemento activo da vida política, colaborando na defensa e na difusión dos dereitos humanos tanto na súa vida persoal como na social.</p>	<p>para a democracia e a xustiza, que os cidadáns e as cidadás coñezan e cumpran os seus deberes (defensa dos valores éticos e cívicos, coidado e conservación de todos os bens e servizos públicos, participación na elección de representantes políticos/as, respecto e tolerancia á pluralidade de ideas e de crenzas, acatamento das leis e das sentenzas dos tribunais de xustiza, pagamento dos impostos establecidos, etc.).</p>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> <li>▪ h</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.3. Perigos dunha globalización sen valores éticos.</li> <li>▪ B4.4. Promoción dos DDHH por parte dos Estados: fomento e ensino dos valores éticos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.2. Reflexionar acerca do deber da cidadanía e dos Estados de promover o ensino e a difusión dos valores éticos como instrumentos indispensables para a defensa da dignidade e os dereitos humanos, ante o perigo que o fenómeno da globalización pode representar para a destrución do planeta e a deshumanización da persoa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB4.2.1. Diserta e elabora conclusións, en grupo, acerca das terribles consecuencias que pode ter para o ser humano o fenómeno da globalización, se non se establece unha regulación ética e política (egoísmo, desigualdade, interdependencia, internacionalización dos conflitos armados, imposición de modelos culturais determinados por intereses económicos que promoven o consumismo e a perda de liberdade humana, etc.).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB4.2.2. Comenta o deber ético e político que teñen todos os estados, ante os riscos da globalización, de tomar medidas de protección dos dereitos humanos, nomeadamente a obriga de fomentar o ensino dos valores éticos e a súa vixencia, e a necesidade de respectalos en todo o mundo (deber de contribuír na construción dunha sociedade xusta e solidaria, fomentando a tolerancia, o respecto aos dereitos das demais persoas; honestidade, lealdade, pacifismo, prudencia, e mutua comprensión mediante o diálogo, a defensa e protección da natureza, etc.).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>

**I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

Valores éticos. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 5. Os valores éticos, o Dereito e a Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH)				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ d</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Dereito e leis: finalidade, características e xustificación ética.</li> <li>▪ B5.2. Conflitos entre principios éticos individuais e principios normativos sociais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Apreciar a necesidade das leis xurídicas no Estado, para garantir o respecto aos dereitos humanos, e disertar acerca dalgúns dilemas morais nos que existe un conflito entre os deberes éticos, relativos á conciencia da persoa, e os deberes cívicos que lle impoñen as leis xurídicas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB5.1.1. Explica a finalidade e as características das leis xurídicas dentro do Estado e a súa xustificación ética, como fundamento da súa lexitimidade e da súa obediencia.</li> <li>▪ VEB5.1.2. Debate acerca da solución de problemas nos que hai un conflito entre os valores e principios éticos do individuo e os da orde civil, formulando solucións razoadas, en casos como os de desobediencia civil e obxección de conciencia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.3. Teoría da xustiza de Rawls: posición orixinal e veo de ignorancia; criterio de imparcialidade; función dos dous principios de xustiza.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.2. Disertar acerca da teoría de Rawls baseada na xustiza como equidade e como fundamento ético do dereito, e emitir un xuízo crítico acerca dela.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB5.2.1. Procura información en internet co fin de definir os principais conceptos utilizados na teoría de Rawls e establece unha relación entre eles (posición orixinal e veo de ignorancia, criterio de imparcialidade e función dos dous principios de xustiza que propón).</li> <li>▪ VEB5.2.2. Realiza un xuízo crítico acerca da teoría de Rawls e explica a súa conclusión argumentada acerca dela.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ g</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.4. Os DDHH como ideais irrenunciáveis.</li> <li>▪ B5.5. Deficiencias na aplicación dos DDHH referidos ao económico e ao social.</li> <li>▪ B5.6. Organizacións que traballan pola defensa dos DDHH.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.3. Valorar a DUDH como conxunto de ideais irrenunciáveis, tendo presentes os problemas e as deficiencias na súa aplicación, especialmente no relativo ao ámbito económico e social, indicando a importancia das institucións e os/as voluntarios/as que traballan pola defensa dos dereitos humanos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB5.3.1. Xustifica racionalmente a importancia dos dereitos humanos como ideais para alcanzar polas sociedades e os Estados, e recoñece os retos que aínda teñen que superar.</li> <li>▪ VEB5.3.2. Sinala algunha das deficiencias no exercicio dos dereitos económicos e sociais (pobreza, e falta de acceso á educación, á saúde, ao emprego, á vivenda, etc.).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSC</li> </ul>

**I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

Valores éticos. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ h</li> </ul>			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB5.3.3. Emrende a elaboración dunha presentación, con soporte informático e audiovisual, acerca dalgunhas institucións e voluntarios/as que, en todo o mundo, traballan pola defensa e respecto dos dereitos humanos: Organización das Nacións Unidas (ONU) e os seus organismos, como FAO, Organismo Internacional de Enerxía Atómica (OIEA), Organización Mundial da Saúde (OMS), Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura (UNESCO), etc., organizacións non gobernamentais como Greenpeace, UNICEF, Cruz Vermella, Media Lúa Vermella, etc., así como o Tribunal Internacional de Xustiza, o Tribunal de Xustiza da Unión Europea, etc.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.7. Dereito á seguridade e a paz.</li> <li>▪ B5.8. Compromiso coa paz e a solidariedade coas vítimas da violencia.</li> <li>▪ B5.9. Ameazas á paz.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.4. Entender a seguridade e a paz como un dereito recoñecido na DUDH (no seu artigo 3) e como un compromiso dos españois e das españoas a nivel nacional e internacional (preámbulo da Constitución española), identificando e avaliando o perigo das novas ameazas que xurdiron nos últimos tempos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB5.4.1. Diserta, en pequenos grupos, acerca da seguridade e a paz como un dereito fundamental das persoas, e aprecia a súa importancia para o exercicio do dereito á vida e á liberdade, elaborando e expresando as súas conclusións (artigo 3 da DUDH).</li> <li>▪ VEB5.4.2. Toma conciencia do compromiso dos españois e das españoas coa paz, como unha aspiración colectiva e internacional recoñecida na Constitución española, e rexeita a violación dos dereitos humanos, amosando solidariedade coas vítimas da violencia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>



**I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

Valores éticos. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB5.4.3. Emprende a elaboración dunha presentación, con soporte audiovisual, sobre algunhas das novas ameazas para a paz e a seguridade no mundo actual (terrorismo, desastres ambientais, catástrofes naturais, mafias internacionais, pandemias, ataques cibernéticos, tráfico de armas de destrución masiva, de persoas e de órganos, etc.).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ d</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.10. As Forzas Armadas na Constitución española.</li> <li>▪ B5.11. Misións das Forzas Armadas.</li> <li>▪ B5.12. Conflitos armados: importancia das organizacións internacionais na súa prevención e na súa solución.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.5. Coñecer a misión atribuída na Constitución española ás Forzas Armadas e a súa relación cos compromisos que España ten cos organismos internacionais a favor da seguridade e a paz, reflexionando acerca da importancia do dereito internacional para regular e limitar o uso e as aplicación da forza e do poder.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB5.5.1. Coñece, analiza e asume como cidadán ou cidadá os compromisos internacionais realizados por España en defensa da paz e a protección dos dereitos humanos, como membro de organismos internacionais (ONU, OTAN, UE, etc.).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB5.5.2. Explica a importancia da misión das forzas armadas (artigo 15 da lei de defensa nacional) en materia de defensa e seguridade nacional, de dereitos humanos e de promoción da paz, e a súa contribución en situacións de emerxencia e axuda humanitaria, tanto nacionais como internacionais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB5.5.3. Analiza as consecuencias dos conflitos armados a nivel internacional, apreciando a importancia das organizacións internacionais que promoven e vixían o cumprimento dun dereito internacional fundamentado na DUDH.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
Bloque 6. Os valores éticos e a súa relación coa ciencia e a tecnoloxía.				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.1. Validez ética dos proxectos científicos e tecnolóxicos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.1. Identificar criterios que permitan avaliar, de xeito crítico e reflexivo, os proxectos científicos e tecnolóxicos, co fin de valorar a súa idoneidade</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB6.1.1. Utiliza información de forma selectiva para atopar algúns criterios que cumpra ter en conta para estimar a viabilidade de proxectos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>

**I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

Valores éticos. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> <li>▪ f</li> <li>▪ h</li> <li>▪ m</li> </ul>		<p>en relación co respecto aos dereitos e valores éticos da humanidade.</p>	<p>científicos e tecnolóxicos, considerando a idoneidade ética dos obxectivos que pretenden e a avaliación dos riscos e as consecuencias persoais, sociais e ambientais que a súa aplicación poida ter.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ d</li> <li>▪ f</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.2. Códigos deontolóxicos dos axentes sociais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.2. Estimar a necesidade de facer cumprir unha ética deontolóxica a científicos/as, tecnólogos/as e outros/as profesionais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB6.2.1. Comprende e explica a necesidade de apoiar a creación e o uso de métodos de control, e a aplicación dunha ética deontolóxica para científicos/as e tecnólogos/as e, en xeral, para todas as profesións, fomentando a aplicación dos valores éticos no mundo laboral, financeiro e empresarial.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>

Se fose preciso facer unha adaptación pedagóxica especial dirixida á docencia semipresencial ou non presencial (por mor das circunstancias socio-sanitarias actuais), os **contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe indispensables** para este curso serían os seguintes:

<b>1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles</b>	
<b>Criterio de avaliación</b>	<b>Estándar de aprendizaxe</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Interpretar e valorar a importancia da dignidade da persoa como o valor do que parte e no que se fundamenta a DUDH, subliñando os atributos inherentes á natureza humana e os dereitos inalienables e universais que derivan dela, como o punto de partida sobre o que deben xirar os valores éticos nas relacións humanas a nivel persoal, social, estatal e universal.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB1.1.1. Identifica a orixe dos dereitos inalienables e universais que establece a DUDH na dignidade do ser humano en tanto que persoa e os atributos inherentes á súa natureza.</li> <li>▪ VEB1.1.2. Identifica na DUDH os atributos esenciais do ser humano: razón, conciencia e liberdade.</li> <li>▪ VEB1.1.3. Relaciona adecuadamente os termos e as expresións seguintes, que se utilizan na DUDH: dignidade da persoa, fraternidade, liberdade</li> </ul>

**I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

	humana, trato digno, xuízo xusto, trato inhumano ou degradante, detención arbitraria, presunción de inocencia, discriminación, violación de dereitos, etc.
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Explicar, baseándose na DUDH, os principios que deben rexer as relacións entre a cidadanía e o Estado, co fin de favorecer o seu cumprimento na sociedade en que viven.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB2.1.1. Comenta, segundo o establecido pola DUDH nos artigos do 12 ao 17, os dereitos do individuo que o Estado debe respectar e fomentar, nas relacións existentes entre ambos.</li> <li>▪ VEB2.1.3. Elabora unha presentación con soporte informático e audiovisual que ilustre os contidos máis sobresalientes tratados no tema, e expón as súas conclusións de xeito argumentado.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.2. Explicar en que consiste a socialización global e a súa relación cos medios de comunicación masiva, valorando os seus efectos na vida e no desenvolvemento moral das persoas e da sociedade, e reflexionar acerca do papel que deben ter a ética e o Estado en relación con este tema.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB2.2.1. Describe e avalía o proceso de socialización global, mediante o que se produce a interiorización de valores, normas, costumes, etc.</li> <li>▪ VEB2.2.2. Sinala os perigos que encerra o fenómeno da socialización global se se desenvolve á marxe dos valores éticos universais, e debate acerca da necesidade de establecer límites éticos e xurídicos neste tema.</li> <li>▪ VEB2.2.3. Diserta acerca do impacto que teñen os medios de comunicación masiva na vida moral das persoas e da sociedade, expresando as súas opinións con rigor intelectual.</li> <li>▪ VEB2.2.4. Valora a necesidade dunha regulación ética e xurídica en relación co uso de medios de comunicación masiva, respectando o dereito á información e á liberdade de expresión que posúen os cidadáns e as cidadás.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Recoñecer que a necesidade dunha regulación ética é fundamental no mundo actual de grandes e rápidos cambios, debido á magnitude dos perigos aos que se enfrenta o ser humano, polo que resulta necesaria a súa actualización e a ampliación aos novos campos de acción da persoa, co fin de garantir o cumprimento dos dereitos humanos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB3.1.1. Xustifica racionalmente e estima a importancia da reflexión ética no século XXI, como instrumento de protección dos dereitos humanos ante o perigo que poden representar entes posuidores de grandes intereses políticos e económicos e grupos violentos, que teñen ao seu alcance armamento de grande alcance científico e tecnolóxico, capaces de pór en grande risco os dereitos fundamentais da persoa.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.2. Comprender e apreciar a importancia que teñen para o ser humano do século XXI as circunstancias que o rodean, salientando os límites que lle</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB3.2.1. Describe e avalía as circunstancias que no momento actual o/a rodean, identificando as limitacións e as oportunidades que se lle formulan</li> </ul>

**I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

<p>impoñen e as oportunidades que lle ofrecen para a elaboración do seu proxecto de vida, conforme os valores éticos que libremente elixe e que dan sentido á súa existencia.</p>	<p>desde as perspectivas social, laboral, educativa, económica, familiar, afectiva, etc., co obxecto de deseñar, a partir delas, o seu proxecto de vida persoal, determinando libremente os valores éticos que deben guialo/a.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Concibir a democracia non só como unha forma de goberno, senón como un estilo de vida cidadá, consciente do seu deber como elemento activo da vida política, colaborando na defensa e na difusión dos dereitos humanos tanto na súa vida persoal como na social.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB4.1.1. Comprende a importancia que ten para a democracia e a xustiza, que os cidadáns e as cidadás coñezan e cumpran os seus deberes (defensa dos valores éticos e cívicos, coidado e conservación de todos os bens e servizos públicos, participación na elección de representantes políticos/as, respecto e tolerancia á pluralidade de ideas e de crenzas, acatamento das leis e das sentenzas dos tribunais de xustiza, pagamento dos impostos establecidos, etc.).</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.2. Reflexionar acerca do deber da cidadanía e dos Estados de promover o ensino e a difusión dos valores éticos como instrumentos indispensables para a defensa da dignidade e os dereitos humanos, ante o perigo que o fenómeno da globalización pode representar para a destrución do planeta e a deshumanización da persoa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB4.2.1. Diserta e elabora conclusións, en grupo, acerca das terribles consecuencias que pode ter para o ser humano o fenómeno da globalización, se non se establece unha regulación ética e política (egoísmo, desigualdade, interdependencia, internacionalización dos conflitos armados, imposición de modelos culturais determinados por intereses económicos que promoven o consumismo e a perda de liberdade humana, etc.).</li> <li>▪ VEB4.2.2. Comenta o deber ético e político que teñen todos os estados, ante os riscos da globalización, de tomar medidas de protección dos dereitos humanos, nomeadamente a obriga de fomentar o ensino dos valores éticos e a súa vixencia, e a necesidade de respectalos en todo o mundo (deber de contribuír na construción dunha sociedade xusta e solidaria, fomentando a tolerancia, o respecto aos dereitos das demais persoas; honestidade, lealdade, pacifismo, prudencia, e mutua comprensión mediante o diálogo, a defensa e protección da natureza, etc.).</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Apreciar a necesidade das leis xurídicas no Estado, para garantir o respecto aos dereitos humanos, e disertar acerca dalgúns dilemas morais nos que existe un conflito entre os deberes éticos, relativos á conciencia da persoa, e os deberes cívicos que lle impoñen as leis xurídicas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB5.1.2. Debate acerca da solución de problemas nos que hai un conflito entre os valores e principios éticos do individuo e os da orde civil, formulando solucións razoadas, en casos como os de desobediencia civil e obxección de conciencia.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.3. Valorar a DUDH como conxunto de ideais irrenunciáveis, tendo presentes os problemas e as deficiencias na súa aplicación, especialmente no</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB5.3.1. Xustifica racionalmente a importancia dos dereitos humanos como ideais para alcanzar polas sociedades e os Estados, e recoñece os retos que</li> </ul>

## I.E.S. CORUXO. *Departamento de filosofía*

<p>relativo ao ámbito económico e social, indicando a importancia das institucións e os/as voluntarios/as que traballan pola defensa dos dereitos humanos.</p>	<p>aínda teñen que superar.</p> <ul style="list-style-type: none"><li>▪ VEB5.3.2. Sinala algunha das deficiencias no exercicio dos dereitos económicos e sociais (pobreza, e falta de acceso á educación, á saúde, ao emprego, á vivenda, etc.).</li><li>▪ VEB5.3.3. Emprende a elaboración dunha presentación, con soporte informático e audiovisual, acerca dalgúns institucións e voluntarios/as que, en todo o mundo, traballan pola defensa e respecto dos dereitos humanos: Organización das Nacións Unidas (ONU) e os seus organismos, como FAO, Organismo Internacional de Enerxía Atómica (OIEA), Organización Mundial da Saúde (OMS), Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura (UNESCO), etc., organizacións non gobernamentais como Greenpeace, UNICEF, Cruz Vermella, Media Lúa Vermella, etc., así como o Tribunal Internacional de Xustiza, o Tribunal de Xustiza da Unión Europea, etc.</li></ul>
<ul style="list-style-type: none"><li>▪ B5.4. Entender a seguridade e a paz como un dereito recoñecido na DUDH (no seu artigo 3) e como un compromiso dos españois e das españolas a nivel nacional e internacional (preámbulo da Constitución española), identificando e avaliando o perigo das novas ameazas que xurdiron nos últimos tempos.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>▪ VEB5.4.3. Emprende a elaboración dunha presentación, con soporte audiovisual, sobre algunhas das novas ameazas para a paz e a seguridade no mundo actual (terrorismo, desastres ambientais, catástrofes naturais, mafias internacionais, pandemias, ataques cibernéticos, tráfico de armas de destrución masiva, de persoas e de órganos, etc.).</li></ul>
<ul style="list-style-type: none"><li>▪ B6.1. Identificar criterios que permitan avaliar, de xeito crítico e reflexivo, os proxectos científicos e tecnolóxicos, co fin de valorar a súa idoneidade en relación co respecto aos dereitos e valores éticos da humanidade.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>▪ VEB6.1.1. Utiliza información de forma selectiva para atopar algúns criterios que cumpra ter en conta para estimar a viabilidade de proxectos científicos e tecnolóxicos, considerando a idoneidade ética dos obxectivos que pretenden e a avaliación dos riscos e as consecuencias persoais, sociais e ambientais que a súa aplicación poida ter.</li></ul>

### **4. TEMPORALIZACIÓN: ORGANIZACIÓN E SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS**

Os contidos da área de Valores Éticos 4 agrúpanse en catro bloques e ligados a eles propóñense os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe.

## **I.E.S. CORUXO. *Departamento de filosofía***

O alumnado deberá adquirir uns coñecementos e unhas destrezas básicas que lle permitan mellorar a súa autonomía e prepararse para converterse no principal axente do seu propio desenvolvemento.

### **CONTIDOS E SECUENCIACIÓN**

#### **1ª avaliación**

##### **Bloque 1. A dignidade da persoa**

1. O desenvolvemento da personalidade e as virtudes éticas.
  - O proxecto persoal de vida e a función dos valores éticos.
  - Actos, hábitos e carácter.
  - A importancia da virtude en Aristóteles.

##### **Bloque 2. A comprensión, o respecto e a igualdade nas relacións interpersoais**

1. O desenvolvemento social no ser humano, as relacións interpersoais e os valores éticos.
  - A dignidade da persoa e as relacións interpersoais.
  - A asertividade, as habilidades sociais e os valores éticos.
  - A intelixencia emocional e a súa importancia na vida moral.
  - O respecto aos valores éticos a través das habilidades sociais e a asertividade.

#### **2ª avaliación**

##### **Bloque 3. A reflexión ética**

1. As normas éticas como guía da liberdade.
  - A liberdade persoal e os factores que interveñen no seu desenvolvemento.
  - A educación como un dereito da persoa e un deber da sociedade.
  - A necesidade dos valores e as normas éticos no individuo e na sociedade.

## **I.E.S. CORUXO. *Departamento de filosofía***

- Problemas derivados da ausencia de valores e de normas éticos.
- 2. As teorías éticas.
  - Éticas materiais e éticas formais.
  - O eudemonismo Aristotélico.
  - O hedonismo epicúreo.
  - O utilitarismo de John Stuart Mill.

### **3ª avaliación**

#### **Bloque 4. Xustiza e política**

1. O concepto de xustiza.
  - A variedade cultural e o carácter relativo da xustiza.
  - O recoñecemento do que é xusto.
  - A xustiza entendida como equilibrio.
  - Distintas formas de concibir a xustiza.

#### **Bloque 5. Os valores éticos, o dereito e a DUDH**

1. A busca da liberdade e da igualdade.
  - A escravitude e o sometemento dos seres humanos.
  - A loita pola liberdade e a igualdade e o fin da escravitude.
  - A historia da submisión da muller ao varón.
  - O feminismo e a loita pola liberación da muller.

#### **Bloque 6. Os valores éticos e a súa relación coa ciencia e a tecnoloxía**

1. A relación entre ética, ciencia e tecnoloxía.
  - A distinción entre a investigación e a aplicación científica e tecnolóxica, e os valores que achegan á humanidade.
  - A tecnociencia e a concepción tradicional da ciencia e da tecnoloxía.
  - O mito da neutralidade científica e a falsa noción de progreso.
2. A necesidade da reflexión ética acerca da ciencia e da tecnoloxía: os dilemas morais.
  - Os límites éticos e xurídicos da investigación e da aplicación científica e tecnolóxica.

## **I.E.S. CORUXO. *Departamento de filosofía***

- A tecnodependencia.
- A tecnociencia e o seu impacto negativo no medio ambiente.

## **5. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE**

### **Bloque 1. A dignidade da persoa**

- 1. Entender a relación que existe entre os actos, os hábitos e o desenvolvemento do carácter, mediante a comprensión do concepto de virtude en Aristóteles e, en especial, o relativo ás virtudes éticas, pola importancia que teñen no desenvolvemento da personalidade.*
  - 1.1. Indaga en diversas fontes acerca do concepto de virtude e as súas características en Aristóteles, sinalando a relación que ten cos actos, os hábitos e o carácter, elaborando conclusións de forma razoada acerca do tema.
  - 1.2. Explica os beneficios que, segundo Aristóteles, achegan as virtudes éticas ao ser humano, identificando algunhas delas e ordenándoas, de acordo co seu criterio, e explicando os argumentos nos que fundamenta a devandita orde.
- 2. Comprender e apreciar a capacidade do ser humano para influír de xeito consciente e voluntario na construción da súa propia identidade conforme os valores éticos, e así mellorar a súa autoestima.*
  - 2.1. Toma conciencia e aprecia a capacidade que posúe para modelar a súa propia identidade e facer de si mesmo unha persoa xusta, sincera, tolerante, amable, xenerosa, respectuosa, solidaria, honesta, libre, etc.; nunha palabra, digna de ser apreciada por si mesma.
  - 2.2. Deseña un proxecto de vida persoal conforme o modelo de persoa que quere ser e os valores éticos que desexa adquirir, facendo que a súa propia vida teña un sentido.

### **Bloque 2. A comprensión, o respecto e a igualdade nas relacións interpersoais**

- 1. Comprender e valorar a importancia que teñen os valores e as virtudes éticos para conseguir unhas relacións interpersoais xustas, respectuosas e*



## **I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

*satisfactorias.*

- 1.1. Identifica a adquisición das virtudes éticas como unha condición necesaria para lograr unhas boas relacións interpersoais; entre elas, a prudencia, a lealdade, a sinceridade, a xenerosidade, etc.
2. *Utilizar de xeito habitual formas e xestos que favorecen o respecto á dignidade e aos dereitos das persoas nas relacións interpersoais, mediante o exercicio e o desenvolvemento dalgunhas habilidades sociais e técnicas de comunicación.*
  - 2.1. Mantén unha conduta asertiva, evitando o comportamento agresivo ou inhibido, e adopta como principio moral fundamental nas relacións interpersoais o respecto á dignidade das persoas.
  - 2.2. Emprega e exercita, en diálogos curtos reais ou inventados, as súas habilidades sociais, como a empatía, a escoita activa, a interrogación asertiva, entre outras, co fin de que aprenda a utilizalos de forma natural na súa relación cos demais.
  - 2.3. Practica algunhas técnicas de comunicación interpersoal mediante a realización de diálogos orais, como a forma adecuada de dicir *non*, o disco raiado, o banco de néboa, etc., co obxectivo de dominalas e utilízalas no momento adecuado.
  - 2.4. Nas relacións interpersoais, mostra unha actitude de respecto cara aos dereitos de todo ser humano a sentir, a pensar e a actuar de forma diferente, a equivocarse, a gozar do tempo de descanso, a ter unha vida privada, a tomar as súas propias decisións, etc., e, especialmente, a ser valorados polo simple feito de ser persoas, sen discriminar nin menosprezar a ninguén, etc.
3. *Relacionar e valorar a importancia das habilidades da intelixencia emocional en relación coa vida interpersoal e establecer o seu vínculo con aqueles valores éticos que enriquecen as relacións humanas.*
  - 3.1. Comprende a importancia que teñen a capacidade de recoñecer as emocións alleas e a de controlar as relacións interpersoais.

### **Bloque 3. A reflexión ética**

1. *Destacar o significado e a importancia da natureza moral do ser humano, analizando as súas etapas de desenvolvemento e tomando conciencia da necesidade que ten de normas éticas, libre e racionalmente asumidas, como guía da súa conduta.*
  - 1.1. Distingue entre a conduta instintiva do animal e o comportamento racional e libre do ser humano, destacando a magnitude das súas diferenzas e apreciando as consecuencias que estas teñen na vida das persoas.
  - 1.2. Identifica en que consiste a estrutura moral da persoa e as súas características como ser racional e libre, razón pola cal é responsable da súa conduta e das consecuencias que esta teña.
2. *Recoñecer que a liberdade constitúe a raíz da estrutura moral da persoa e apreciar o papel que a intelixencia e a vontade teñen como factores que incrementan a capacidade de autodeterminación.*
  - 2.1. Describe a relación entre a liberdade e os conceptos de persoa e de estrutura moral.

## **I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

- 2.2. Analiza e valora a influencia que teñen na liberdade persoal a intelixencia, que nos permite coñecer posibles opcións para elixir, e a vontade, que nos dá a fortaleza suficiente para facer o que decidimos facer.
- 2.3. Analiza algúns factores biolóxicos, psicolóxicos, sociais, culturais e ambientais que inflúen no desenvolvemento da intelixencia e da vontade, especialmente o papel da educación, expoñendo as súas conclusións de forma clara mediante unha presentación en soporte informático e audiovisual.
3. *Tomar conciencia da importancia dos valores e das normas éticos como guía da conduta individual e social, asumindo a responsabilidade de difundilos e de promovelos polos beneficios que achegan á persoa e á comunidade.*
  - 3.1. Destaca algunhas das consecuencias negativas que, a nivel individual e comunitario, ten a ausencia de valores e de normas éticos, como o egoísmo, a corrupción, a mentira, o abuso de poder, a intolerancia, a insolidariedade, a violación dos dereitos humanos, etc.
  - 3.2. Emprende, utilizando a súa iniciativa persoal e a colaboración en grupo, a organización e o desenvolvemento dunha campaña no seu contorno co fin de promover o recoñecemento dos valores éticos como elementos fundamentais do pleno desenvolvemento persoal e social.
4. *Explicar as características e os obxectivos das teorías éticas, así como a súa clasificación en éticas de fins e procedementais, sinalando os principios máis destacados do hedonismo de Epicuro.*
  - 4.1. Enuncia os elementos distintivos das teorías éticas, elaborando un esquema coas súas características máis destacadas.
  - 4.2. Enuncia os aspectos fundamentais da teoría hedonista de Epicuro e os valores éticos que defende, destacando as características que a identifican como unha ética de fins.
  - 4.3. Elabora, en colaboración grupal, argumentos a favor e en contra do epicureísmo, expoñendo as súas conclusións cos argumentos racionais correspondentes.
5. *Entender os principais aspectos do eudemonismo aristotélico, identificándoo como unha ética de fins e valorando a súa importancia e a súa vixencia actual.*
  - 5.1. Explica o significado do termo «eudemonismo» e o que para Aristóteles significa a felicidade como ben supremo, elaborando e expresando conclusións.
  - 5.2. Distingue os tres tipos de tendencias que hai no ser humano, segundo Aristóteles e a súa relación co que el considera como ben supremo da persoa.
  - 5.3. Achega razóns para clasificar o eudemonismo de Aristóteles dentro da categoría das éticas de fins.
6. *Comprender os elementos máis significativos da ética utilitarista e a súa relación co hedonismo de Epicuro, clasificándoa como unha ética de fins e elaborando argumentos que apoién a súa valoración persoal acerca deste plan ético.*
  - 6.1. Salienta as ideas fundamentais da ética utilitarista: o principio de utilidade, o concepto de pracer, a compatibilidade do egoísmo individual co altruísmo universal e a situación do valor moral nas consecuencias da acción, entre outras.
  - 6.2. Enumera as características que fan do utilitarismo e do epicureísmo éticas de fins.
  - 6.3. Argumenta racionalmente as súas opinións acerca da ética utilitarista.

## **Bloque 4. A xustiza e a política**

## **I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

1. *Comprender e valorar a importancia da relación entre os conceptos de ética, política e xustiza, mediante a análise e a definición destes termos, destacando o vínculo entre eles no pensamento de Aristóteles.*
  - 1.1. Explica e aprecia as razóns que dá Aristóteles para establecer un vínculo entre ética, política e xustiza.
  - 1.2. Utiliza e selecciona información acerca dos valores éticos e cívicos, identificando e apreciando as semellanzas e as diferenzas entre eles.
2. *Coñecer e apreciar a política de Aristóteles e as súas características esenciais, así como entender o seu concepto da xustiza e a súa relación co ben común e a felicidade, elaborando un xuízo crítico acerca da perspectiva deste filósofo.*
  - 2.1. Elabora, recorrendo á súa iniciativa persoal, unha presentación con soporte informático, acerca da política aristotélica como unha teoría organicista que propón unha finalidade ética do Estado.
  - 2.2. Selecciona e usa información, en colaboración grupal, para entender e apreciar a importancia que Aristóteles dá á xustiza como o valor ético no que se fundamenta a lexitimidade do Estado e a súa relación coa felicidade e o ben común, expoñendo as súas conclusións persoais debidamente fundamentadas.

### **Bloque 5. Os valores éticos, o dereito e a DUDH**

1. *Comprender o desenvolvemento histórico dos dereitos humanos como unha conquista da humanidade e estimar a importancia do problema que formula na actualidade o exercicio dos dereitos da muller e da infancia en gran parte do mundo, tomando conciencia dela co fin de promover a solución deses problemas.*
  - 1.1. Describe os feitos máis influentes no desenvolvemento histórico dos dereitos humanos.
  - 1.2. Dá razóns acerca da orixe histórica do problema dos dereitos da muller, recoñecendo os padróns económicos e socioculturais que fomentaron a violencia e a desigualdade de xénero.
  - 1.3. Emprende, en traballo colaborador, a elaboración dunha campaña contra a discriminación da muller e a violencia de xénero no seu ámbito familiar, escolar e social, avaliando os resultados obtidos.

### **Bloque 6. Os valores éticos e a súa relación coa ciencia e a tecnoloxía**

1. *Recoñecer a importancia que ten a dimensión moral da ciencia e da tecnoloxía, así como a necesidade de establecer límites éticos e xurídicos co fin de orientar a súa actividade conforme aos valores defendidos na DUDH.*
  - 1.1. Utiliza información de distintas fontes para analizar a dimensión moral da ciencia e da tecnoloxía, avaliando os impactos positivo e negativo que estas poden ter en todos os ámbitos da vida humana: social, económico, político, ético e ecolóxico, entre outros.
  - 1.2. Achega argumentos que fundamenten a necesidade de poñer límites éticos e xurídicos á investigación e práctica tanto científica coma tecnolóxica, tomando a dignidade humana e os valores éticos recoñecidos na DUDH como criterio normativo.

## **I.E.S. CORUXO. *Departamento de filosofía***

- 1.3. Recorre á súa iniciativa persoal para expoñer as súas conclusións acerca do tema tratado, utilizando medios informáticos e audiovisuais, de forma argumentada e ordenada racionalmente.
2. *Recoñecer que, na actualidade, existen casos nos que a investigación científica non é neutral, senón que está determinada por intereses políticos, económicos, etc., mediante a análise da idea de progreso e a súa interpretación equivocada cando os obxectivos que se pretenden non respectan un código ético fundamentado na DUDH.*
  - 2.1. Obtén e selecciona información, en traballo colaborador, dalgúns casos nos que a investigación científica e tecnolóxica non foi guiada nin é compatible cos valores éticos expostos na DUDH, xerando impactos negativos no ámbito humano e ambiental, sinalando as causas.
  - 2.2. Diserta, en colaboración grupal, acerca da idea de progreso na ciencia e a súa relación cos valores éticos, o respecto á dignidade humana e o seu contorno, elaborando e expoñendo conclusións.
  - 2.3. Selecciona e contrasta información, en colaboración grupal, acerca dalgúns das ameazas que para o ambiente e para a vida ten a aplicación indiscriminada da ciencia e da tecnoloxía, como a explotación descontrolada dos recursos naturais, a destrución de hábitats, a contaminación química e industrial, a chuvia ácida, o cambio climático, a desertización, etc.
3. *Recoñecer a necesidade de establecer límites éticos e xurídicos á actividade científica e tecnolóxica, utilizando como criterio de demarcación os valores éticos da DUDH, co fin de evitar a súa aplicación inadecuada e de solucionar os dilemas morais que ás veces se presentan, especialmente no terreo da medicina e da biotecnoloxía.*
  - 3.1. Destaca o valor da investigación científica e técnica, pero, ademais, xustifica a necesidade de poñer límites éticos e xurídicos no seu uso e aplicación, co fin de garantir o respecto á dignidade humana e os dereitos fundamentais, así como a protección do ambiente.
  - 3.2. Analiza información, seleccionada de diversas fontes, co fin de coñecer en que consisten algúns dos últimos avances en medicina e en biotecnoloxía que formulan dilemas morais, tales como a utilización de células nai, a clonación, a eutanasia e a euxenesia, entre outros, sinalando algúns perigos que estes encerran se non se respectan os valores éticos, como pode ser, por exemplo, a manipulación xenética con fins económicos, políticos, etc.
  - 3.3. Asume unha actitude de tolerancia e de respecto ante as diferentes opinións que se expresan, co fin de solucionar os dilemas éticos, sen esquecer a necesidade de rigor na fundamentación racional e ética de todas as alternativas formuladas.
4. *Entender e valorar o problema da tecnodependencia e a alienación humana á que esta conduce.*
  - 4.1. Destaca o problema e o perigo que representa para o ser humano a tecnodependencia, sinalando os seus síntomas e as súas causas, e considerando as súas consecuencias negativas, como unha adicción incontrolada aos dispositivos electrónicos, aos videoxogos e ás redes sociais, que conducen as persoas cara a unha progresiva deshumanización.
5. *Identificar e valorar algúns impactos negativos que, para a especie humana e para o seu ámbito natural, produciron o desenvolvemento científico e tecnolóxico utilizado á marxe dos valores éticos.*

## **I.E.S. CORUXO. *Departamento de filosofía***

- 5.1. Selecciona e contrasta información, en colaboración grupal, acerca dalgunhas das ameazas que, para o ambiente e a vida, está tendo a aplicación indiscriminada da ciencia e da tecnociencia, tales como a explotación descontrolada dos recursos naturais, a destrución de hábitats, a contaminación química e industrial, a chuvia ácida, o cambio climático, a desertización, etc., elaborando e expoñendo conclusións.
- 5.2. Debate, en pequenos grupos, acerca dos intereses e dos obxectivos que están detrás das aplicacións inapropiadas da tecnociencia, e a falsa idea de progreso que está implícita nela, expresando as súas opinións fundamentadas nos valores éticos.

## **6. METODOLOXÍA DIDÁCTICA**

Traballar de xeito competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante. O docente pasa a ser un xestor de coñecemento do alumnado e este adquire un maior grao de protagonismo.

En concreto, na área de Valores Éticos:

Os alumnos e as alumnas deben desenvolver nesta etapa un pensamento e unha actitude críticos que se sustenten en valores morais e éticos recoñecidos. Por iso, farase fincapé na necesidade de analizar, formular e dar solucións a problemas cun fondo ético.

Desde esta perspectiva, a liña metodolóxica que rexerá as accións docentes nesta área desenvolverase a través de métodos activos, indutivos e mixtos; é dicir, métodos eminentemente participativos onde se alterna o traballo individual co traballo en grupo.

A aplicación dos devanditos métodos leva implícita a utilización de estilos de ensino socializadores, cognitivos e creativos para conseguir que os seus xuízos e eleccións dirixan a súa conduta e as súas relacións sociais cara ao benestar común.

Neste contexto metodolóxico, o estudante convértese en protagonista da súa propia aprendizaxe, mentres que o docente vai cedendo terreo para que o alumnado logre maior autonomía nas súas aprendizaxes e cree estruturas cognitivas que lle permitan un pensamento e un proxecto de vida propios, asumindo de modo consciente, crítico e reflexivo o exercicio da liberdade e o control acerca da súa propia existencia.

Á súa vez, a transmisión do coñecemento das características que conforman a imaxe persoal farase a partir de aprendizaxes baseadas na experiencia, onde o alumnado percibe a información a través das súas propias experiencias e respectando sempre o desenvolvemento dos seus diversos estilos de aprendizaxe. Tamén se combinarán técnicas como a ensinanza recíproca, a discusión guiada con técnicas de visualización, de *role play*.

Este abano de accións docentes permitirá ao alumnado comprender e interiorizar os valores éticos de forma holística, comprensiva e significativa.

## I.E.S. CORUXO. *Departamento de filosofía*

En concreto, serán accións pedagóxicas e metodolóxicas entre outras:

- **Na clase ou na sala de informática:** cuestionarios iniciais, traballo sobre textos, actividades escritas, debates orais, exposicións orais, observación de procesos con encerado dixital, proxector, etc., visionado de películas e comentario sobre as mesmas, etc.
- **Na casa ou na biblioteca:** cuestionarios iniciais, traballo sobre textos, actividades escritas, lectura e comentarios de documentos, fragmentos de libros, pesquisas nos xornais, participación en proxectos cooperativos, visionado de películas e comentario sobre as mesmas, exercicios de aplicación dun tema concreto, consolidación e estudo autónomo do alumno, etc.

### **7. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN**

<b>Escritos</b>	<b>Orais</b>	<b>Outros</b>
<ul style="list-style-type: none"><li>·Tarefas diversas realizadas polo alumnado na actividade diaria da clase.</li><li>·Caderno de clase do alumno.</li><li>·Actividades de avaliación (libro, fichas fotocopiabes, probas...).</li><li>·Traballos de grupo.</li><li>·Actividades interactivas.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>·Preguntas individuais e de grupo.</li><li>·Participación do alumno.</li><li>·Intervencións na clase.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>·Ficha de rexistro individual.</li><li>·Persoal de avaliación.</li><li>·Rexistros.</li><li>·Autoavaliación.</li><li>·Blog do profesor (se fora o caso)</li></ul>

## I.E.S. CORUXO. *Departamento de filosofía*

Se fose preciso facer unha adaptación pedagóxica especial dirixida á docencia semipresencial ou non presencial (por mor das circunstancias socio-sanitarias actuais), os **procedementos e instrumentos de avaliación** para este curso serían os seguintes:

Escritos	Orais	Outros
<ul style="list-style-type: none"><li>·Tarefas diversas realizadas polo alumnado na actividade feita na casa.</li><li>·Actividades de avaliación (libros, fichas fotocopiáveis, probas...).</li><li>·Traballos individuais e de grupo.</li><li>·Actividades interactivas.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>·Preguntas individuais e de grupo (de ser posible).</li><li>·Participación do alumno.</li><li>·Intervencións na clase on-line (de ser posible).</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>·Ficha de rexistro individual.</li><li>·Persoal de avaliación.</li><li>·Rexistros.</li><li>·Autoavaliación.</li><li>·Blog do profesor (se fora o caso)</li></ul>

### **8. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**

A cualificación en Valores Éticos 4 estará relacionada co grao de adquisición das competencias básicas do alumno reflectidas en todas as actividades que leve a cabo durante o curso. Velaí algúns dos criterios que se empregarán dependendo das tarefas, actividades e probas que se lle asinen ós alumnos en cada momento:

CRITERIOS
-----------

## I.E.S. CORUXO. *Departamento de filosofía*

1. Probas escritas / orais	<p>Valoración da aprendizaxe dos contidos.</p> <ul style="list-style-type: none"><li>·Consideración dos procesos seguidos e dos resultados.</li><li>·Expresión (verbal e escrita) do procedemento seguido para resolver unha actividade.</li><li>·Valoración da proporción de tempo investido-tempo necesario para resolver unha actividade.</li></ul>
2. Actividades TIC	<ul style="list-style-type: none"><li>·Uso adecuado do ordenador e das ferramentas informáticas e telemáticas.</li><li>·Tipo de participación (autónomo, con apoio, ningunha).</li><li>·Utilización de Internet de forma crítica e responsable: busca información, filtra...</li><li>·Grao de elaboración da resposta.</li><li>·Compromiso, cumprimento e responsabilidade co traballo.</li></ul>
3. Traballo autónomo (aula, casa, outros espazos)	<ul style="list-style-type: none"><li>·Grao de adquisición das aprendizaxes básicas.</li><li>·Amplía estas aprendizaxes.</li><li>·Utiliza adecuadamente os instrumentos e os recursos propios da materia.</li><li>·Sérvese de esquemas.</li><li>·Revisa habitualmente os resultados.</li></ul>



**I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

	<ul style="list-style-type: none"><li>·Fai unha estimación do tempo investido para resolver unha actividade.</li></ul>
4. Participación e seguimento das clases (intervencións orais, tipo de respostas...)*	<ul style="list-style-type: none"><li>·Nivel e calidade das intervencións.</li><li>·Uso de vocabulario apropiado.</li></ul>
5. Traballos individuais e grupais. Valoración individual e en grupo	<ul style="list-style-type: none"><li>·Capacidade de traballo individual ou en equipo.</li><li>·Grao de comunicación cos compañeiros e resolución de conflitos*</li><li>·Comprensión axeitada da información e dos contidos manexados.</li><li>.</li></ul>
6. Arquivo de traballo persoal	<ul style="list-style-type: none"><li>·Presentación clara e ordenada</li><li>·Actualizado.</li></ul>

**\*Se aplicará este criterio se se dan as circunstancias, ben porque hai clases presenciais no centro, ben porque se imparten on-line.**

**\*De darse o caso**

**A cualificación en cada exercicio dependerá do grao de consecución dos obxectivos propostos para cada un. O resultado final de cada avaliación será a MEDIA ARITMÉTICA de tódalas probas, actividades, exercicios e traballos realizados. De ser o caso, o profesor/a establecerá as porcentaxes concretas de cada exercicio, proba ou tarefa da avaliación, informando de antemán aos alumnos. A cualificación final da materia será a media aritmética das tres**

avaliacións, **sempre e cando se supere cada unha das avaliacións cunha cualificación igual ou superior a cinco**.. No caso de suspender a materia en xuño, os pendentes presentaránse a unha proba escrita con todos os contidos da materia impartida ó longo do curso. Esta proba quedará aprobada se a cualificación é igual o superior a cinco.

A continuación se detalla **un resumo destas medidas** de avaliación e recuperación:

## 1. AVALIACIÓN INICIAL

- **Data prevista:** última semana de setembro/ primeira semana de outubro.
- **Tipo de proba:** as actividades iniciais do primeiro tema servirán para detectar as súas habilidades e competencias básicas.
- **Mecanismo para informar ás familias:** xunta de avaliación inicial, tutorías con pais e, para casos especiais e urxentes, o sistema de Abalar.
- **Consecuencias dos resultados:** en función dos resultados acadados, e en coordinación co Departamento, se analizarán os casos máis relevantes e con carácter de urxencia se tomarían as medidas necesarias.

## 2. AVALIACIÓN TRIMESTRAL

- **Procedementos:** observación directa do alumno, tarefas diversas realizadas polo alumnado en clase, traballos individuais e grupais, actividades de avaliación: lecturas, fichas fotocopiáveis, probas escritas, etc.
- **Instrumentos:** caderno do alumno, preguntas individuais e grupais, intervencións na clase, visionado de películas, lecturas concretas.
- **Mínimos esixibles:** O cumprimento axeitado das ferramentas de traballo competencial (actividades, tarefas, traballos, etc.); a realización positiva das probas escritas; o traballo regular ó longo do curso; a presentación ordenada, clara e coherente do seu caderno de clase.
- **Ponderación e nota media:** A cualificación en cada exercicio dependerá do grao de consecución dos obxectivos propostos para cada un. O resultado final de cada avaliación dependerá da **media aritmética** feita coas seguintes porcentaxes: **50%** para probas escritas, traballos individuais e grupais, e **50%** para revisión do caderno de clase, actividades puntuais realizadas, lecturas concretas. Estas porcentaxes

## I.E.S. CORUXO. *Departamento de filosofía*

poderán variar en cada avaliación dependendo do número de probas e da súa importancia, previo aviso ao alumnado por parte de cada profesor/a.

### 3. MECANISMO PARA RECUPERAR UNHA AVALIACIÓN NON SUPERADA

- No caso de suspender algunha avaliación, o alumno (ao longo do seguinte trimestre ou ben ao remate da terceira avaliación, a criterio do profesor) deberá presentarse a **unha proba escrita** onde se incluírán os contidos da materia impartida na avaliación suspensa, **ademais de realizar con éxito as tarefas** que non se fixeron ou se fixeron defectuosamente en cada trimestre. A proba escrita pondera un 50% e a realización das tarefas o 50 % restante. Polo tanto, ***a media aritmética da cualificación da proba escrita e da nota das tarefas deberá ser igual o superior a cinco*** para superar a avaliación pendente. **Se non houbera proba escrita da avaliación pendente, o 100% da nota será a realización adecuada das tarefas e actividades realizadas no trimestre e plasmadas no caderno do alumno.**

### 4. CUALIFICACIÓN FINAL DA MATERIA NA AVALIACIÓN ORDINARIA E EXTRAORDINARIA

- A cualificación final da materia será ***a media aritmética das tres avaliacións, sempre e cando se supere cada unha das avaliacións cunha cualificación igual ou superior a cinco.***

### 5. AVALIACIÓN FINAL

- **Alumnado:** Deberán presentarse todos aqueles alumnos que non superaran calquera das avaliacións que teñan pendente.
- **Tipo de proba:** *escrita*, onde se inclúan os contidos da materia impartida ó longo do curso. A proba constará de **4 preguntas**: 2 preguntas pechadas (2 puntos cada unha), 1 pregunta semiaberta (3 puntos) e 1 pregunta aberta (3 puntos).
- **Estándares:** Todos os contidos da materia impartida no curso. Esta proba estará aprobada se a cualificación é **igual o superior a cinco.**

## **7. MATERIA PENDENTE**

- Os alumnos coa materia pendente deberán facer **unha proba escrita** coa materia impartida no curso anterior. O Departamento deseñará esta proba e fará pública no taboleiro do patio central a convocatoria para a realizar dita proba. A proba constará de **4 preguntas**: 2 preguntas pechadas (2 puntos cada unha), 1 pregunta semiaberta (3 puntos) e 1 pregunta aberta (3 puntos). Esta proba estará aprobada se a cualificación é **igual o superior a cinco**.

## **9. GRAO MÍNIMO ESIXIBLE DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA**

O cumprimento axeitado das ferramentas de traballo competencial (actividades, tarefas, traballos, etc.), a realización positiva de posibles probas escritas, o traballo regular ó longo do curso, a presentación ordeada, clara e coherente do seu caderno de clase, e unha actitude respetuosa, participativa e comprometida co seu labor como individuo e como membro dun grupo, serán tomados como criterios mínimos exixibles para a promoción do alumno.

## **10. PROCEDEMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL**

O primeiros temas abordados en Valores Éticos 4 pode ser garante dunha primeira valoración inicial do alumnado, posto que permiten detectar en boa medida as súas habilidades e competencias tanto a nivel persoal como grupal. Os procedementos para esta primeira aproximación ó rendemento persoal e académico do alumnado serán, polo tanto, os explicitados para cada contido específico e tarefas propostas.

Non será necesario un plan de reforzo e recuperación das aprendizaxes non adquiridas no derradeiro curso, posto que a materia se imparte por primeira vez na secundaria e os contidos se solapan e repiten de xeito cada vez máis complexo ó longo desta etapa escolar.

## **11. PLAN DE SEGUIMENTO E PROCEDEMENTO PARA A CUALIFICACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES OU DA NOTA FINAL DO CURSO SE HAI ALUMNADO QUE ASISTE A PROGRAMAS DE REFORZO CON ATRIBUCIÓN HORARIA**

## **I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

Os alumnos con materias pendentes ou que asistan a programas de reforzo que supoñan a perda dalgunhas sesións de clase, deberán cumprir coas tarefas específicas que o profesor estime oportunas e convenientes de acordo cos mínimos exixibles e contidos mínimos desenvolvidos ó longo dese periodo académico, facilitando na medida do posible o desenvolvemento axeitado destas por parte do alumno.

### **12. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS**

Serán de uso cotiá -ou esporádico e puntual, segundo as necesidades da impartición da materia (presencial, semipresencial ou de xeito on-line)- os seguintes materiais, ademáis de outros que poidan ser de utilidade:

- O **libro(s)** do alumnado para a área de Valores Éticos de 4.º ESO, en calquera dos seus formatos (papel ou dixital) en edicións que segundo as necesidades poidan ser de referencia para cada tarefa e tema.
- O **caderno do alumno**, onde se reflectirá o traballo diario.
- As **monografías** didácticas, **textos**, **fotocopias**, **referencias bibliográficas**, **artigos** de prensa, etc.
- O uso de **Internet** para pesquisas e proxectos didácticos, visionado de películas ou documentais, etc.
- O uso da **Aula Virtual** do centro, onde se recollerán total ou parcialmente as informacións, indicacións, contidos, tarefas e outras necesidades educativas que permitan o desenvolvemento e seguemento da materia, sexa de xeito presencial, semipresencial ou de xeito on-line.

### **13. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

#### **Descrición do grupo despois da avaliación inicial**

Á hora de formular as medidas de atención á diversidade e inclusión debemos solicitar, en primeiro lugar, diversa información sobre cada grupo de alumnos e alumnas; como mínimo debe coñecerse a relativa a:

- O número de alumnos e alumnas.
- O funcionamento do grupo (clima da aula, nivel de disciplina, atención...).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto ao desenvolvemento de contidos curriculares.
- As necesidades que se puidesen identificar; convén pensar nesta fase en como se poden abordar (*planificación de estratexias metodolóxicas, xestión da aula, estratexias de seguimento da eficacia de medidas, etc.*).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto aos aspectos competenciais.
- Os desempeños competenciais prioritarios que hai que practicar no grupo nesta materia.

## **I.E.S. CORUXO. *Departamento de filosofía***

- Os aspectos que se deben ter en conta ao agrupar os alumnos e as alumnas para os traballos cooperativos.
- Os tipos de recursos que se necesitan adaptar no nivel xeral para obter un logro óptimo do grupo.

### ***Necesidades individuais***

A avaliación inicial facilítanos non só coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos individuais dos nosos estudantes; a partir dela poderemos:

- Identificar os alumnos ou as alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. (Débese ter en conta aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requira atención específica por estaren en risco, pola súa historia familiar, etc.).
- Saber as medidas organizativas que cómpre adoptar. (Planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos grupais para favorecer a intervención individual).
- Establecer conclusións sobre as medidas curriculares que cómpre adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar.
- Analizar o modelo de seguimento que se vai utilizar con cada un deles.
- Acoutar o intervalo de tempo e o modo en que se van avaliar os progresos destes estudantes.
- Fixar o modo en que se vai compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe; especialmente, co titor.

### **Concreción de medidas para alumnos con Síndrome de Asperger e TDAH:**

Entre as características dos afectados polo Síndrome de Asperger están as dificultades na comprensión social e nas habilidades sociais, o pouco interese cara aos demais, as dificultades de atención, a pouca capacidade organizativa, a interpretación lietal da linguaxe e as dificultades na motricidade. Por estes motivos presentamos algunhas estratexias para tratalo:

- Darlle tempo para organizar o seu material
- Evitar a presión
- Darlle pequenos encargos
- Facer o posible para que entenda as instrucións
- Diante dos mínimos acertos, ser xeneroso cos reforzos positivos
- Sempre que sexa posible, descompoñer as tarefas
- Supervisar con frecuencia a realización das tarefas
- Buscar a colaboración dun compañeir@ responsable para que lle axude a comprender e realizar as tarefas

## I.E.S. CORUXO. *Departamento de filosofía*

Asemade, para os alumnos con TDAH:

- Supervisar con frecuencia a realización das tarefas
- Potenciar a aprendizaxe colaborativa
- Buscar a colaboración dun compañeir@ responsable para que lle axude a comprender e realizar as tarefas
- Deixar máis tempo para as probas escritas ou exames
- Supervisar a comprensión das preguntas
- Implicar ao alumno con preguntas sinxelas e motivadoras
- Graduar o uso do 'tempo fóra'
- reforzar positivamente as conductas adecuadas

### **14. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN Ó PROXECTO LECTOR, ÁS TIC E Ó PLAN DE CONVIVENCIA**

#### **Estratexias para incorporar as TIC na aula**

Para incorporar as TIC na aula pódense unha serie de recursos **integrados** cos contidos e nas actividades de Valores éticos 1, que complementan e amplían a información. Estes recursos pódense incorporar ao día a día na aula, compartindo protagonismo cos contidos planificados para ese curso. Sirvan como exemplo:

<i>Actividades interactivas</i>	<p>O alumno responde seleccionando a opción correcta, clasificando elementos de diferentes grupos ou situándoos na súa posición correcta...</p> <p>Ao finalizar, o programa informa dos acertos e erros, e dáse a oportunidade de corrixilos (aplicables no Encerado Dixital Interactivo).</p>
<i>Animación</i>	<p>Explican un procedemento con imaxes e con texto. As imaxes son animadas e evolucionan a medida que avanza a explicación do</p>

## I.E.S. CORUXO. *Departamento de filosofía*

	procedemento.
<i>Cazas do tesouro</i>	Propoñen unha procura de información a través da web. Suscitan unha serie de preguntas e unha gran pregunta (actividade máis elaborada). Para respondelas, o alumno deberá buscar información por Internet tanto nas páxinas web indicadas como noutras.
<i>Ligazóns a Internet</i>	Colección de ligazóns a Internet de alto interese para o alumno: <i>applets</i> , simulación de modelos, experimentos virtuais, explicacións complementarias, actividades, curiosidades....
<i>Bancos de imaxes</i>	Colección de debuxos e de fotografías que ilustran algún aspecto ou se relacionan cos contidos explicados no libro.
<i>Presentacións</i>	Secuencia de diapositivas que presenta de forma esquemática os contidos principais de cada unidade.
<i>Tests interactivos</i>	Unha batería de preguntas sobre contidos diversos. Preguntas de tipo test nas que se debe escoller unha opción entre tres. Ao acabar a actividade, o ordenador informa do número de acertos e de erros, e dáse a posibilidade de corrixir os fallos.

### **Estratexias para estimular o interese e o hábito de lectura e a capacidade de expresarse correctamente**

Pódense explicitar, como no exemplo, que estratexias ou accións se levarán a cabo desde a materia para fomentar a lectura e a expresión (oral e escrita) dos alumnos.

Lectura:



## **I.E.S. CORUXO. *Departamento de filosofía***

- Lectura do libro de texto.
- Comentarios de texto (tanto de autores clásicos traducidos como de contemporáneos).
- Outras lecturas complementarias (de diversa información, curiosidades, artigos de revistas relacionadas coa materia...).

Expresión:

- Exposición oral e escrita en razoamentos, en actividades e en traballos individuais e en grupo.
- Expresión oral e escrita das aprendizaxes utilizando o vocabulario adecuado.

### **15. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

Relación das actividades complementarias e das extraescolares planificadas polo centro e relacionadas coa materia. Por exemplo:

- Día da Constitución: conferencias, concursos, actividades culturais.
- Día da Paz e da non-violencia: actividades deportivas, debates, mesas redondas, visitas a artistas da localidade.
- Seminarios sobre: a convivencia escolar, a educación.
- Día do libro: actividades de fomento da lectura.
- Día Internacional do medio natural: visita a unha planta de recuperación e reciclaxe.
- Campaña do banco de alimentos.

·Proposta de análise de películas, etc.

Con respecto ás actividades complementarias, convén reflexionar sobre estas catro cuestións:

- Consegúronse os obxectivos propostos a partir das actividades realizadas?
- Como resultaron as actividades?
- Cales gustaron máis?
- Que propostas de mellora podemos sinalar?

### **16. PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN**

Neste apartado pretendemos promover a reflexión docente e a autoavaliación da realización e do desenvolvemento de programación didáctica. Para iso, ao finalizar cada unidade didáctica, en cada trimestre ou ao final de curso propónse unha secuencia de preguntas que permitan ao docente avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade.

De igual modo, propoñemos unha ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto. Pódese realizar ao final de cada trimestre ou ao final do curso para recoller as melloras no seguinte cadro:

ASPECTOS PARA AVALIAR	PARA DESTACAR...	PARA MELLORAR...	PROPOSTAS DE MELLORA PERSOAL
Temporalización das unidades didácticas			
Desenvolvemento dos obxectivos didácticos			
Manexo dos contidos da unidade			

**I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

Descritores e desempeños competenciales			
Realización de tareas			
Estratexias metodolóxicas seleccionadas			
Recursos			
Claridade nos criterios de avaliación			
Uso de diversas ferramentas de avaliación			
Atención á diversidade			
Interdisciplinabilidade			

## HISTORIA DA FILOSOFÍA

### *2º Bacharelato*

#### ÍNDICE

1. Introducción e contextualización.....	1
2. Contribución da materia á consecución das competencias.....	2
3. Concreción dos obxectivos xerais do Bacharelato e obxectivos específicos da materia.....	3
4. Relación e concreción de estándares de aprendizaxe avaliáveis e indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.....	5
5. Secuenciación e temporalización de contidos.....	19
6. Procedementos e instrumentos de avaliación.....	17
7. Metodoloxía, estratexias e actividades didácticas como instrumentos de avaliación.....	22
8. Criterios de cualificación.....	23
9. Grao mínimo de consecución para superar a materia e procedementos de recuperación e avaliación da materia pendente.....	23
10. Diversificación curricular e temas transversais.....	25
11. Actividades complementarias y extraescolares.....	28
12. Procedementos para avaliar a propia programación.....	28

#### INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

Historia da Filosofía, ademais de ser unha materia que da sentido e continuidade desde unha perspectiva histórica ás ideas que se presentaron nas materias de Filosofía de cuarto de ESO e Filosofía de primeiro de bacharelato, contribúe ao desenvolvemento integral dos alumnos e das alumnas de bacharelato, xa que permite tomar conciencia do seu ser como ser pensante e autónomo, e reflexionar sobre as súas propias crenzas, ideas e conviccións e as do mundo que hai arredor, de xeito crítico e razoado, e rexeitalas e/ou modificalas, ou asumilas como parte de si. A Historia da Filosofía non se presenta como un percorrido cronolóxico polas ideas do pensamento occidental sen máis; tampouco debería ser un simple compendio de autores e autoras, senón un intento de achegamento ao esforzo do ser humano por comprender a realidade e o propio ser humano en todas as súas dimensións. Trátase dunha investigación que nos fará máis libres, permitíranos comprender o pasado e o presente, e proxectar solucións sobre os problemas que se nos formulen no futuro. É no pensar de "outros/as" (e con "outros/as") como se foi configurando ao

## **I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

longo da historia das ideas, como lograremos estimular o noso propio pensamento, ese "sapere aude" kantiano, que nos leve a xerar as nosas propias ideas tendo en conta de onde proceden e respectando as persoas que non pensan coma nós. Ese pensar a través do diálogo de distintos/as autores/as e épocas que foron creando aproximacións ou tendencias cara á verdade respecto aos problemas e ás grandes preguntas que se formulou o ser humano ao longo da súa existencia constitúe a Historia da Filosofía. E nese percorrido, o alumnado deberá reflexionar sobre as razóns da presenza maioritariamente masculina na produción filosófica desde as súas orixes, ao tempo que debe coñecer o pensamento filosófico na muller.

### **2. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA Á CONSECUCCIÓN DAS COMPETENCIAS**

Esta materia contribúe ao desenvolvemento das competencias clave do bacharelato pola súa propia natureza e polo xeito que está articulada, e permite o desenvolvemento persoal e social como cidadán ou cidadá, así como o desenvolvemento profesional no futuro, xa que, como materia terminal do bacharelato, adquire tamén a dimensión de propedéutica para un amplo abano de estudos e profesións posteriores. Historia da Filosofía permítelles aos alumnos e ás alumnas de bacharelato contribuír á consecución das seguintes competencias:

- a) A competencia en comunicación lingüística**, a través de disertacións, argumentacións, análises de textos relevantes, definicións de termos, diálogos, exposicións orais e escritas, ensaios filosóficos, etc.
- b) As competencias sociais e cívicas** preséntanse asociadas a numerosos estándares de aprendizaxe da materia que poñen o alumnado en relación co proceso de formación e transformación da sociedade humana desde as súas orixes, e permiten coñecer os seus problemas e as respostas que se deron ao longo da historia.
- c) A competencia de aprender a aprender** contribúe a que o alumnado sexa quen de aprender por si mesmo, ao consolidar esta faceta noutros ámbitos, así como de cara ao futuro. Xa que logo, pídese reflexionar, aprender en equipo, comprender e explicar, etc.
- d) A competencia dixital** desenvólvese realizando traballos colectivos a través da TIC, utilizando ferramentas informáticas para realizar presentacións, procuras en internet, etc.
- e) Foméntase tamén a consecución, entre outras, da competencia de conciencia e expresións culturais**, xa que se recorre constantemente ao diálogo entre épocas e autores/as anteriores, facendo unha revisión das súas achegas ao ámbito das expresións culturais a nivel histórico.

A consecución destas competencias clave por parte do alumnado non se levará a cabo sen un cambio a nivel metodolóxico no proceso de ensino e aprendizaxe que vai supor un reto para os/as profesionais da educación nesta etapa. Este cambio hase concretar na práctica de traballo na aula e na metodoloxía, que lle ha permitir o desempeño ao alumnado dun alto grao de dominio das competencias, apoiándose na aprendizaxe cooperativa e a resolución conxunta de casos ou problemas, que permitan xeneralizar estratexias e aplicarlas en situacións similares e reais, aprendendo dos demais. Pódense utilizar procedementos de avaliación variados, como por exemplo rúbricas, escalas, probas orais e escritas, portafolios e traballos de clase, posibilitando a participación do alumnado no seu proceso de avaliación.

Outro aspecto salientable da materia de Historia da Filosofía é o tratamento dos elementos transversais que corresponden ao bacharelato, destacando nomeadamente a comprensión e a expresión orais e escritas en todos os bloques da materia, ou o uso das tecnoloxías da información e da comunicación como elemento transversal no propio currículo da materia, entre outros.

## **I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

A materia está organizada en cinco bloques: o primeiro é transversal e, por tanto, reaparecerá ao longo de todo o currículo, trátase da análise de textos, a argumentación, as ferramentas de investigación propias da filosofía e as aplicacións das tecnoloxías da información e da comunicación na materia; os outros catro bloques corresponden coas catro épocas máis relevantes da historia no relativo ao pensamento: Grecia Antiga, a Idade Media, a Modernidade e a Ilustración e a filosofía da Idade Contemporánea, que chega a ocuparse de autores/as e problemas actuais. Estes catro bloques están estruturados a través de autores/as salientables, dos/das que se sinala a súa terminoloxía, os textos máis representativos e as súas teorías características, e se contextualizan con outros/as autores/as ou épocas, resaltando á súa vez as súas contribucións á sociedade e á súa época.

### **3. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS XERAIS DO BACHARELATO E ESPECÍFICOS DA MATERIA**

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria de Galicia, de acordo co Decreto 126/2008, do 19 de xuño, polo que se establece a ordenación e o currículo de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia; e baseándose no Real Decreto 1467/2007, do 2 de novembro, onde se establece a estrutura do bacharelato e fixa as súas ensinanzas mínimas; por proposta da conselleira de Educación e Ordenación Universitaria no exercicio da facultade outorgada polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro, e pola Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, oído o Consello Escolar de Galicia e de conformidade co ditame do Consello Consultivo e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día dezanove de xuño de dous mil oito, establece os seguintes obxectivos xerais para esta materia:

1. Coñecer e identificar as características específicas do ser humano e as dimensións que o configuran, analizando a súa xénese evolutiva e as tensións que xeran: dialéctica natureza/cultura e individuo/sociedade.
2. Comprender e analizar a forma específica de categorización e relación lingüístico-simbólica que os suxeitos humanos establecen co mundo e cos semellantes.
3. Analizar e comprender os elementos e procedementos propios da racionalidade e caracterizar a especificidade do saber filosófico contrastándoo con outros saberes -en especial co científico.
4. Distinguir a dobre dimensión teórica e práctica da filosofía, e comprender as grandes preguntas e problemas filosóficos xerados a partir desta dobre dimensión.
5. Analizar e comprender os fundamentos da acción moral, valorando a autonomía moral como meta ineludible dunha conduta madura e responsable.
6. Coñecer, analizar e valorar os enfoques das teorías éticas fronte á dobre aspiración de felicidade e xustiza na sociedade actual, facendo especial énfase nos esforzos de conciliación de ambas as aspiracións.
7. Comprender as conexións entre moral, dereito e política, partindo da análise do concepto de cidadanía e da súa xénese histórica.
8. Comprender e valorar as raíces éticas da lexitimidade política democrática e, en consecuencia, das institucións do Estado que sobre elas se levanten.
9. Analizar os novos retos da democracia no mundo globalizado actual.
10. Obter información por diversos medios sobre problemas filosóficos, analizándoa e integrándoa, así como adquirir unha bagaxe básica de nocións, conceptos e teorías elaboradas pola filosofía verbo dos citados problemas.
11. Dialogar, debater e argumentar con rigor lóxico e coherencia, respectando as persoas que sosteñen posturas diferentes.
12. Analizar textos referidos ás temáticas desenvoltas no currículo, así como elaborar composicións e traballos escritos sobre elas.
13. Manter un diálogo continuo coa vida real, mediante a aplicación das nocións e conceptos que se van adquirindo ao contorno.

## I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía

14. Empregar con rigor e propiedade os conceptos e vocabulario específico correspondente, tanto na análise dos problemas como nos debates e exposicións orais e escritas.
15. Desenvolver competencia lectora e hábitos de traballo intelectual.
16. Desenvolver unha competencia social e cidadá baseada nunha actitude crítica, autónoma e responsable ante todo intento de xustificación de desigualdades sociais e ante toda discriminación por sexo, etnia, cultura, crenzas ou características individuais e sociais.

### **Obxectivos específicos**

1. *Coñecer e comprende-los diferentes aspectos (temas, autores, escolas) que integran os períodos nos que se divide a Historia da Filosofía.*
2. *Comprende-la relación entre os problemas expostos e as teorías propostas con outras manifestacións teóricas e prácticas do contexto histórico onde foron enunciados.*
3. Comprende-la Historia da Filosofía como un avance en espiral, onde os problemas son retomados cun crecente nivel de radicalidade metodolóxica.
4. Recoñecer e situa-los problemas filosóficos analizados no curso anterior como cuestións xurdidas ó longo da historia.
5. Comprende-os problemas filosóficos fundamentais que ocuparon ós filósofos ó longo da historia e recoñece-la súa trascendencia para a comprensión do mundo actual.
6. *Aprender a ler e comentar textos filosóficos establecendo entre eles un diálogo crítico que leve á súa interpretación, á súa comparación e á súa localización.*
7. *Asimilar comprensivamente os conceptos filosóficos máis importantes e utilízalos como ferramentas intelectuais que permiten formular e explicar adecuadamente cuestións tanto humanísticas como científicas.*
8. *Aprender a analizar e expoñer adecuadamente, de modo oral e escrito, os problemas e as teorías filosóficas estudadas prestando especial interés ó rigor conceptual e lóxico.*
9. *Desenvolver e consolida-la actitude crítica ante opinións contrapostas, someténdooas a unha reflexión racional, e analiza-los conceptos previos, prexuízos e posicións ideolóxicas que poidan existir como condicionantes.*
10. Comprender e valora-lo desenvolvemento das ideas como un continuado esforzo racional, e comprender e valorar que o diálogo racional é a orixe do mesmo.
11. Valora-lo debate de posicións contrapostas como medio para practica-lo respecto ós demais e a tolerancia positiva contra calquera forma de discriminación.

Se fose preciso facer unha adaptación pedagóxica especial dirixida á docencia semipresencial ou non presencial (por mor das circunstancias socio-sanitarias actuais), os **obxectivos preferentes e indispensables** para este curso ( *sinalados en negra e cursiva*) serían os seguintes:

**1, 2, 4, 6, 7, 8, 9**

**3. RELACIÓN E CONCRECIÓN DE ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVAILABLES E INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE**

2º de bacharelato

Historia da Filosofía. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Contidos transversais				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Comentario de texto.</li> <li>▪ B1.2. Diálogo filosófico e argumentación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Realizar a análise de fragmentos dos textos máis salientables da historia da filosofía, e ser capaz de transferir os coñecementos a outros/as autores/as ou problemas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB1.1.1. Comprende o sentido global dos textos máis salientables dos/das autores/as estudados/as, recoñecendo a orde lóxica da argumentación e as formulacións que se defenden, e é quen de transferir os coñecementos a outros/as autores/as ou problemas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB1.1.2. Analiza as ideas do texto, identificando a conclusión e os conceptos e as ideas relevantes, e recoñece a súa estrutura e a orde lóxica das súas ideas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB1.1.3. Argumenta a explicación das ideas presentes no texto, en relación coa filosofía do/da autor/a e os contidos estudados.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Diálogo filosófico e argumentación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Argumentar con claridade e capacidade crítica, oralmente e por escrito, as súas propias opinións sobre os problemas fundamentais da filosofía, dialogando de xeito razoado con outras posicións diferentes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB1.2.1. Argumenta as súas propias opinións con claridade e coherencia, tanto oralmente como por escrito.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB1.2.2. Utiliza o diálogo racional na defensa das súas opinións, e valora a diversidade de ideas e, á vez, apoiándose nos aspectos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>



**I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

Historia da Filosofía. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			comúns.	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ g</li> <li>▪ m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Ferramentas de aprendizaxe e investigación da filosofía.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Aplicar adecuadamente as ferramentas e os procedementos do traballo intelectual á aprendizaxe da filosofía, realizando traballos de organización e investigación dos contidos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB1.3.1. Sintetiza correctamente a filosofía de cada autor/a, mediante resumos dos seus contidos fundamentais, e clasifícaos nos núcleos temáticos que atravesan a historia da filosofía: realidade, coñecemento, ser humano, ética e política.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB1.3.2. Elabora listaxes de vocabulario de conceptos, comprende o seu significado, organizaos en esquemas ou mapas conceptuais, táboas cronolóxicas e outros procedementos útiles para a comprensión da filosofía do autor, e aplícaos con rigor.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB1.3.3. Selecciona información de distintas fontes, bibliográficas e de internet, e recoñece as fontes fiables.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB1.3.4. Realiza redaccións ou disertacións, traballos de investigación e proxectos que impliquen un esforzo creativo e unha valoración persoal dos problemas filosóficos formulados na historia da filosofía.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ d</li> <li>▪ g</li> <li>▪ m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.4. Aplicación das competencias de tecnoloxías da información e da comunicación á historia da filosofía.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.4. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación na realización e na exposición dos traballos de investigación filosófica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB1.4.1. Utiliza as ferramentas informáticas e da web 2.0. (wikis, blogs, redes sociais, procesador de textos, presentación de diapositivas ou recursos multimedia, etc.) para o desenvolvemento dos traballos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB1.4.2. Realiza procuras avanzadas en internet sobre os contidos da investigación, e decide os conceptos adecuados.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> </ul>

**I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

Historia da Filosofía. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			<ul style="list-style-type: none"> <li>HFB1.4.3. Colabora en traballos colectivos de investigación sobre os contidos estudados utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CD</li> </ul>
Bloque 2. A filosofía na Grecia antiga				
<ul style="list-style-type: none"> <li>b</li> <li>c</li> <li>d</li> <li>e</li> <li>h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.1. Orixe da filosofía grega. Os presocráticos: resposta á orixe do cosmos.</li> <li>B2.2. Dialéctica socrática.</li> <li>B2.3. Convencionalismo democrático e relativismo dos sofistas</li> <li>B2.4. Platón: ontoloxía e coñecemento; concepción dualista do ser humano; dimensión antropolóxica e política da virtude; o autor e o seu contexto.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.1. Coñecer a orixe da filosofía en Grecia e comprender o primeiro gran sistema filosófico, o de Platón, analizando a relación entre realidade e coñecemento, a concepción dualista do ser humano e a dimensión antropolóxica e política da virtude, en relación coa filosofía presocrática e o xiro antropolóxico de Sócrates e os Sofistas, valorando a súa influencia no desenvolvemento das ideas e os cambios socioculturais da Grecia antiga, e apreciando criticamente o seu discurso.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>HFB2.1.1. Utiliza conceptos de Platón como idea, mundo sensible, mundo intelixible, ben, razón, doxa, episteme, universal, absoluto, dualismo, reminiscencia, transmigración, mimese, methexe, virtude e xustiza, entre outros, e aplicaos con rigor.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>HFB2.1.2. Entende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral como na escrita, as teorías fundamentais da filosofía de Platón, analizando a relación entre realidade e coñecemento, a concepción dualista do ser humano e a dimensión antropolóxica e política da virtude.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>HFB2.1.3. Distingue as respostas da corrente presocrática en relación á orixe do Cosmos, os conceptos fundamentais da dialéctica de Sócrates e o convencionalismo democrático e o relativismo moral dos sofistas, identificando os problemas da filosofía antiga, e relacionando esas respostas coas solucións achegadas por Platón.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>HFB2.1.4. Respecta o esforzo da filosofía de Platón por contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios sociais da Grecia antiga, valorando positivamente o diálogo como método filosófico, o nacemento das utopías</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> </ul>

**I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

Historia da Filosofía. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			sociais, o sentido do gobernante-filósofo ou a súa defensa da inclusión das mulleres na educación.	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.5. A física de Demócrito.</li> <li>▪ B2.6. Problemas da filosofía antiga e solución de Aristóteles.</li> <li>▪ B2.7. Aristóteles: metafísica, física, coñecemento, ética eudemonista e política. Comparación coa filosofía platónica. O autor e o seu contexto.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.2. Entender o sistema teleolóxico de Aristóteles, en relación co pensamento de Platón e a física de Demócrito, e valorando a súa influencia no desenvolvemento das ideas e cos cambios socioculturais da Grecia antiga.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB2.2.1. Utiliza con rigor conceptos do marco do pensamento de Aristóteles, como substancia, ciencia, metafísica, materia, forma, potencia, acto, causa, efecto, teleoloxía, lugar natural, indución, dedución, abstracción, alma, monismo, felicidade e virtude, entre outros.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB2.2.2. Comprende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías fundamentais de Aristóteles, examinando a súa concepción da metafísica e da física, o coñecemento, a ética eudemonista e a política, en comparación coas teorías de Platón.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB2.2.3. Describe as respostas da física de Demócrito, identificando os problemas da filosofía antiga, e relaciona esas respostas coas solucións achagadas por Aristóteles.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB2.2.4. Estima e razoa o esforzo da filosofía de Aristóteles por contribuír ao desenvolvemento do pensamento occidental, valorando positivamente a formulación científica das cuestións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ h</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.8. Doutrinas éticas helenísticas: Epicureísmo, Estoicismo e Escepticismo.</li> <li>▪ B2.9. Científicos helenísticos.</li> <li>▪ B2.10. A Biblioteca de Alexandría.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.3. Coñecer as escolas éticas xurdidas no helenismo, como o Epicureísmo, o Estoicismo e o Escepticismo, valorar o seu papel no contexto socio-histórico e cultural da época, e recoñecer a repercusión dos grandes científicos helenísticos, apreciando a gran</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB2.3.1. Describe as respostas das doutrinas éticas helenísticas, e identifica algúns dos grandes logros da ciencia alexandrina.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>

**I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

Historia da Filosofía. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
		importancia para occidente da Biblioteca de Alexandria.		
Bloque 3. A filosofía medieval				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Cristianismo e filosofía. Agostiño de Hipona: teoría da iluminación, filosofía da historia, o problema da certeza e a defensa da liberdade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Explicar a orixe do pensamento cristián e o seu encontro coa filosofía a través das ideas fundamentais de Agostiño de Hipona, apreciando a súa defensa da liberdade, da verdade e do coñecemento interior ou a historia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB3.1.1. Explica o encontro da filosofía e a relixión cristiá nas súas orixes, a través das teses centrais do pensamento de Agostiño de Hipona.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.2. Escolástica medieval. Tomé de Aquino: relacións de razón e fe. Vías para a demostración da existencia de Deus. Lei moral. Relación coa filosofía antiga e coa agostiniana, a xudía e o nominalismo. O autor e o seu contexto.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.2. Coñecer a síntese de Tomé de Aquino, en relación co agostinismo, a filosofía árabe e xudía, e o nominalismo, e valorar a súa influencia no desenvolvemento das ideas e nos cambios socioculturais da Idade Media.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB3.2.1. Define conceptos de Tomé de Aquino, como razón, fe, verdade, deus, esencia, existencia, creación, inmortalidade, lei natural, lei positiva e precepto, entre outros, e aplícaos con rigor.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB3.2.2. Entende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías fundamentais da filosofía de Tomé de Aquino, distinguindo a relación entre fe e razón, as vías de demostración da existencia de Deus, e a lei moral, en comparación coas teorías da filosofía Antiga.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB3.2.3. Discrimina as respostas do agostinismo, a filosofía árabe e xudía, e o nominalismo, identificando os problemas da filosofía medieval, en relación coas solucións achegadas por Tomé de Aquino.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB3.2.4. Valora o esforzo da filosofía de Tomé de Aquino por contribuír ao desenvolvemento das ideas e os cambios sociais da Idade Media, xulgando positivamente a</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>

**I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

Historia da Filosofía. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			universalidade da lei moral.	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.4. Crise da Escolástica no século XIV: nominalismo de Guillerme de Ockham. Relacións entre razón e fe. Novo pulo para a ciencia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.3. Coñecer algunha das teorías centrais do pensamento de Guillerme de Ockham, cuxa reflexión crítica supuxo a separación entre razón e fe, a independencia da filosofía e o novo pulo para a ciencia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB3.3.1. Coñece as teses centrais do nominalismo de Guillerme de Ockham e a súa importancia para a entrada na modernidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>
Bloque 4. A filosofía na Modernidade e na Ilustración				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ h</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. A filosofía no Renacemento. Humanismo: novo concepto sobre a natureza humana.</li> <li>▪ B4.2. F. Bacon. Os prexuízos na investigación do coñecemento.</li> <li>▪ B4.3. Implicacións da revolución científica.</li> <li>▪ B4.4. Realismo político de Maquiavelo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Comprender a importancia do xiro do pensamento occidental que se deu no Renacemento e que anticipa a modernidade, valorando o novo humanismo que enxalza a "dignitas hominis", a investigación dos prexuízos do coñecemento de F. Bacon e as implicacións da Revolución Científica, e coñecer as teses fundamentais do realismo político de N. Maquiavelo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB4.1.1. Comprende a importancia intelectual do xiro do pensamento científico que se deu no Renacemento, e describe as respostas da filosofía humanista sobre a natureza humana.</li> <li>▪ HFB4.1.2. Explica as ideas ético-políticas fundamentais de N. Maquiavelo e compáraas cos sistemas ético-políticos anteriores.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.5. Descartes: O método, o "cogito" (coñecemento e realidade) e o dualismo antropolóxico.</li> <li>▪ B4.6. Comparación do autor coa filosofía antiga e medieval, e relación coa Moderna. O autor e o seu contexto.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.2. Entender o racionalismo de Descartes, distinguíndoo e relacionándoo coa filosofía humanista e o monismo panteísta de Spinoza, e valorar a súa influencia no desenvolvemento das ideas e nos cambios socioculturais da Idade Moderna.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB4.2.1. Identifica conceptos de Descartes como razón, certeza, método, dúbida, hipótese, "cogito", idea, substancia e subxectivismo, entre outros, e aplícaos con rigor.</li> <li>▪ HFB4.2.2. Comprende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías fundamentais da filosofía de Descartes, analizando o método e a relación entre coñecemento e realidade a partir do "cogito" e o dualismo no ser humano, en comparación coas teorías da filosofía antiga e da medieval.</li> <li>▪ HFB4.2.3. Identifica os problemas da filosofía moderna e relaciónaos coas solucións aportadas por Descartes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>

**I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

Historia da Filosofía. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			<ul style="list-style-type: none"> <li>HFB4.2.4. Estima e razoa o esforzo da filosofía de Descartes por contribuir ao desenvolvemento das ideas e aos cambios socioculturais da Idade Moderna, e valora a universalidade da razón cartesiana.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>b</li> <li>c</li> <li>d</li> <li>e</li> <li>h</li> <li>l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.7. Hume: o coñecemento, crítica á causalidade e á substancia. Emotivismo moral. Comparación coa filosofía anterior. O autor e o seu contexto</li> <li>B4.8. Locke: liberalismo político.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.3. Coñecer o empirismo de Hume en relación co liberalismo político de Locke, e valorar a súa influencia no desenvolvemento das ideas e os cambios socioculturais da Idade Moderna.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>HFB4.3.1. Utiliza conceptos de Hume como escepticismo, crítica, experiencia, percepción, inmanencia, asociación, impresións, ideas, hábito, contradición, causa, crenza, sentimento, mérito, utilidade, felicidade, contrato social, liberdade e deber, entre outros, e úsaos con rigor.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>HFB4.3.2. Entende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías fundamentais de Hume, distinguindo os principios e os elementos do coñecemento respecto á verdade, a crítica á causalidade e á substancia, e o emotivismo moral, en comparación coas teorías da filosofía antiga e da medieval, e co racionalismo moderno.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>HFB4.3.3. Coñece e explica as ideas centrais do liberalismo político de Locke, identificando os problemas da filosofía moderna, e relaciónaas coas solucións aportadas por Hume.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>HFB4.3.4. Valora o esforzo da filosofía de Hume por contribuir ao desenvolvemento das ideas e aos cambios socioculturais da Idade Moderna, xulgando positivamente a procura da felicidade colectiva.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>b</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.9. A Ilustración francesa. Rousseau: a crítica</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.4. Coñecer os principais ideais dos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>HFB4.4.1. Comprende os ideais que</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> </ul>

**I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

Historia da Filosofía. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ h</li> </ul>	<p>social, a crítica á civilización, o estado de natureza, a defensa do contrato social e a vontade xeral.</p>	<p>ilustrados franceses, aprofundando no pensamento de J.J. Rousseau, e valorar a importancia do seu pensamento para o xurdimento da democracia mediante unha orde social acorde coa natureza humana.</p>	<p>impulsaron os ilustrados franceses, e explica o sentido e transcendencia do pensamento de Rousseau, a súa crítica social, a crítica á civilización, o estado de natureza, a defensa do contrato social e a vontade xeral.</p>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.10. Idealismo transcendental. Kant: as facultades e límites do coñecemento.</li> <li>▪ B4.11. Lei Moral e paz perpetua.</li> <li>▪ B4.12. Relación do proxecto ilustrado de Rousseau coa filosofía Moderna e Kant.</li> <li>▪ B4.13. Comparación coas teorías da filosofía antiga, medieval e moderna.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.5. Comprender o idealismo crítico de Kant, en relación co racionalismo de Descartes, o empirismo de Hume e a filosofía ilustrada de Rousseau, e valorar a súa influencia no desenvolvemento das ideas e os cambios socioculturais da Idade Moderna.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB4.5.1. Aplica conceptos de Kant como sensibilidade, entendemento, razón, crítica, transcendental, ciencia, innato, xuízo, a priori, a posteriori, facultade, intuición, categoría, ilusión transcendental, idea, lei, fenómeno, nómeno, vontade, deber, imperativo categórico, autonomía, postulado, liberdade, dignidade, persoa, paz e pacto, entre outros, e utilízalos con rigor.</li> <li>▪ HFB4.5.2. Entende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías fundamentais da filosofía de Kant, analizando as facultades e os límites do coñecemento, a lei moral e a paz perpetua, comparándoas coas teorías da filosofía antiga, medieval e moderna.</li> <li>▪ HFB4.5.3. Describe a teoría política de Rousseau, identificando os problemas da filosofía moderna e relacionándoa coas solucións achegadas por Kant.</li> <li>▪ HFB4.5.4. Respecta e razoa o esforzo da filosofía de Kant por contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios socioculturais da Idade Moderna, e valora a dignidade e a procura da paz entre as nacións</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
Bloque 5. A filosofía contemporánea				

**I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

Historia da Filosofía. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Marx: o materialismo histórico, a crítica ao idealismo, á alienación e á ideoloxía, e a súa visión humanista do individuo.</li> <li>▪ B5.2. Relación de Marx cos problemas da filosofía contemporánea. O autor e o seu contexto.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Entender o materialismo histórico de Marx, en relación co idealismo de Hegel e con Feuerbach, e valorar a súa influencia no desenvolvemento das ideas e nos cambios socioculturais da Idade Contemporánea.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB5.1.1. Identifica conceptos de Marx como dialéctica, materialismo histórico, praxe, alienación, infraestrutura, superestrutura, forzas produtivas, medios de produción, loita de clases, traballo, plusvalor e humanismo, entre outros, e utilízalos con rigor.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB5.1.2. Coñece e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías fundamentais da filosofía de Marx, examinando o materialismo histórico e a crítica ao idealismo, á alienación e á ideoloxía, e expón a súa visión humanista do individuo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB5.1.3. Identifica os problemas da filosofía contemporánea en relación coas solucións achegadas por Marx.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB5.1.4. Valora o esforzo da filosofía de Marx por contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios sociais da Idade Contemporánea, xulgando positivamente a defensa da igualdade social.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.3. Nietzsche: crítica á metafísica, á moral e á ciencia; a verdade como metáfora.</li> <li>▪ B5.4. O superhome, como resultado da inversión de valores e a vontade de poder, e comparación coas teorías da filosofía antiga, medieval, moderna e contemporánea. O autor e o seu contexto.</li> <li>▪ B5.5. A vontade en Schopenhauer.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.2. Comprender o vitalismo de Nietzsche en relación co vitalismo de Schopenhauer, e valorar a súa influencia no desenvolvemento das ideas e os cambios socioculturais da Idade Contemporánea.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB5.2.1. Define conceptos de Nietzsche como crítica, traxedia, intuición, metáfora, convención, perspectiva, xenealoxía, transvaloración, nihilismo, superhome, vontade de poder, e eterno retorno, entre outros, e aplícalos con rigor.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB5.2.2. Entende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías fundamentais da filosofía de Nietzsche, considerando a crítica á metafísica, á moral e á ciencia, a verdade como metáfora, e a</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>



**I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

Historia da Filosofía. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			afirmación do superhome, como resultado da inversión de valores e a vontade de poder, en comparación coas teorías da filosofía antiga, medieval, moderna e contemporánea.	
			<ul style="list-style-type: none"> <li>HFB5.2.3. Distingue as respostas de Schopenhauer na súa afirmación da vontade e identifica os problemas da filosofía contemporánea, en relación coas solucións achegadas por Nietzsche.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>HFB5.2.4. Estima o esforzo da filosofía de Nietzsche por contribuir ao desenvolvemento das ideas e aos cambios sociais da Idade Contemporánea, e valora a defensa da verdade e da liberdade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>b</li> <li>c</li> <li>d</li> <li>e</li> <li>h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B5.6. Filosofía española. Ortega y Gasset: a súa relación con posturas filosóficas como o realismo, o racionalismo, o vitalismo ou o existencialismo, e outras posturas filosóficas. O autor e o seu contexto.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B5.3. Entender o raciovitalismo de Ortega y Gasset en relación con figuras da filosofía española, como Unamuno, e do pensamento europeo, e valorar as influencias que recibe e a repercusión do seu pensamento no desenvolvemento das ideas e a rexeneración social, cultural e política de España.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>HFB5.3.1. Utiliza conceptos de Ortega y Gasset e aplícaos con rigor, como obxectivismo, ciencia, europeización, filosofía, mundo, circunstancia, perspectiva, razón vital, raciovitalismo, vida, categoría, liberdade, idea, crenza, historia, razón histórica, xeración, home-masa e home selecto, entre outros.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>HFB5.3.2. Comprende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías fundamentais da filosofía e da análise social de Ortega y Gasset, en relación con posturas filosóficas como o realismo, o racionalismo, o vitalismo ou o existencialismo, entre outras.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>HFB5.3.3. Respecta o esforzo da filosofía de Ortega y Gasset por contribuir ao desenvolvemento das ideas e aos cambios</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> </ul>

**I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

Historia da Filosofía. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			sociais e culturais da Idade Contemporánea española, e valorao seu compromiso coa defensa da cultura e da democracia.	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.7. Filosofía crítica da escola de Frankfurt. A crítica a razón ilustrada e á idea de progreso.</li> <li>▪ B5.8. Racionalidade dialóxica de Habermas: os intereses do coñecemento e a acción comunicativa.</li> <li>▪ B5.9. Contribución de Habermas ao desenvolvemento das ideas e aos cambios sociais da Idade Contemporánea.</li> <li>▪ B5.10. Pensamento posmoderno: principais teses dos filósofos posmodernos, como Vattimo, Lyotard e Baudrillard, e reflexión sobre a súa vixencia actual.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.4. Coñecer as teses fundamentais da crítica da Escola de Frankfurt, analizando a racionalidade dialóxica de Habermas, relacionándoo coa filosofía crítica da Escola de Frankfurt, e valorando a súa influencia no desenvolvemento das ideas e os cambios socioculturais da Idade Contemporánea. Coñecer as teses máis definitorias do pensamento posmoderno, identificando as teses fundamentais de Vattimo, Lyotard e Baudrillard, e valorar criticamente a súa repercusión no pensamento filosófico a partir de finais do século XX.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB5.4.1. Identifica conceptos de Habermas, como coñecemento, interese, consenso, verdade, enunciado, comunicación, desigualdade, ou mundo da vida, e conceptos da filosofía posmoderna, como deconstrución, diferenza, cultura, texto, arte, e comunicación, entre outros, aplicándoos con rigor.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB5.4.2. Entende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías da filosofía de Habermas, distinguindo os intereses do coñecemento e a acción comunicativa, e as teorías fundamentais da posmodernidade, analizando a deconstrución da modernidade desde a multiplicidade da sociedade da comunicación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB5.4.3. Identifica as respostas da filosofía crítica da escola de Frankfurt e reflexiona sobre elas, identificando os problemas da filosofía contemporánea.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB5.4.4. Estima o esforzo da filosofía de Habermas e do pensamento posmoderno por contribuir ao desenvolvemento das ideas e aos cambios sociais da Idade Contemporánea, e valora o seu esforzo na defensa do diálogo racional e o respecto á diferenza.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB5.4.5. Coñece as teses características do pensamento posmoderno, como a crítica á razón ilustrada, á idea de progreso, ao</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>

**I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

Historia da Filosofía. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			<p>pensamento totalizador e á trivialización da existencia, o crepúsculo do deber, ou a perda do suxeito fronte á cultura de masas, entre outras.</p>	
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB5.4.6. Explica e argumenta sobre as principais teses dos filósofos posmodernos, como Vattimo, Lyotard e Baudrillard, e reflexiona sobre a súa vixencia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCL</li> </ul>

**Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles**

<b>Criterio de avaliación</b>	<b>Estándar de aprendizaxe</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Realizar a análise de fragmentos dos textos máis salientables da historia da filosofía, e ser capaz de transferir os coñecementos a outros/as autores/as ou problemas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB1.1.1. Comprende o sentido global dos textos máis salientables dos/das autores/as estudados/as, recoñecendo a orde lóxica da argumentación e as formulacións que se defenden, e é quen de transferir os coñecementos a outros/as autores/as ou problemas. <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB1.1.2. Analiza as ideas do texto, identificando a conclusión e os conceptos e as ideas relevantes, e recoñece a súa estrutura e a orde lóxica das súas ideas.</li> </ul> </li> <li>▪ HFB1.1.3. Argumenta a explicación das ideas presentes no texto, en relación coa filosofía do/da autor/a e os contidos estudados.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Argumentar con claridade e capacidade crítica, oralmente e por escrito, as súas propias opinións sobre os problemas fundamentais da filosofía, dialogando de xeito razoado con outras posicións diferentes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB1.2.1. Argumenta as súas propias opinións con claridade e coherencia, tanto oralmente como por escrito.</li> </ul>

**I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Aplicar adecuadamente as ferramentas e os procedementos do traballo intelectual á aprendizaxe da filosofía, realizando traballos de organización e investigación dos contidos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB1.3.1. Sintetiza correctamente a filosofía de cada autor/a, mediante resumos dos seus contidos fundamentais, e clasifícaos nos núcleos temáticos que atravesan a historia da filosofía: realidade, coñecemento, ser humano, ética e política.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.4. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación na realización e na exposición dos traballos de investigación filosófica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB1.4.1. Utiliza as ferramentas informáticas e da web 2.0. (wikis, blogs, redes sociais, procesador de textos, presentación de diapositivas ou recursos multimedia, etc.) para o desenvolvemento dos traballos.</li> <li>▪ HFB1.4.3. Colabora en traballos colectivos de investigación sobre os contidos estudados utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Coñecer a orixe da filosofía en Grecia e comprender o primeiro gran sistema filosófico, o de Platón, analizando a relación entre realidade e coñecemento, a concepción dualista do ser humano e a dimensión antropolóxica e política da virtude, en relación coa filosofía presocrática e o xiro antropolóxico de Sócrates e os Sofistas, valorando a súa influencia no desenvolvemento das ideas e os cambios socioculturais da Grecia antiga, e apreciando criticamente o seu discurso.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB2.1.1. Utiliza conceptos de Platón como idea, mundo sensible, mundo intelixible, ben, razón, doxa, episteme, universal, absoluto, dualismo, reminiscencia, transmigración, mímese, methexe, virtude e xustiza, entre outros, e aplícaos con rigor.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.2. Entender o sistema teleolóxico de Aristóteles, en relación co pensamento de Platón e a física de Demócrito, e valorando a súa influencia no desenvolvemento das ideas e cos cambios socioculturais da Grecia antiga.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB2.2.1. Utiliza con rigor conceptos do marco do pensamento de Aristóteles, como substancia, ciencia, metafísica, materia, forma, potencia, acto, causa, efecto, teleoloxía, lugar natural, indución, dedución, abstracción, alma, monismo, felicidade e virtude, entre outros.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Explicar a orixe do pensamento cristián e o seu encontro coa filosofía a través das ideas fundamentais de Agostiño de Hipona, apreciando a súa defensa da liberdade, da verdade e do coñecemento interior ou a historia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB3.1.1. Explica o encontro da filosofía e a relixión cristiá nas súas orixes, a través das teses centrais do pensamento de Agostiño de Hipona.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.2. Coñecer a síntese de Tomé de Aquino, en relación co agostinismo, a filosofía árabe e xudía, e o nominalismo, e valorar a súa influencia no desenvolvemento das ideas e nos cambios socioculturais da Idade Media.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB3.2.1. Define conceptos de Tomé de Aquino, como razón, fe, verdade, deus, esencia, existencia, creación, inmortalidade, lei natural, lei positiva e precepto, entre outros, e aplícaos con rigor.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.3. Coñecer algunha das teorías centrais do pensamento de Guillermo de</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FB3.3.1. Coñece as teses centrais do nominalismo de Guillermo de Ockham e a</li> </ul>

**I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

<p>Ockham, cuxa reflexión crítica supuxo a separación entre razón e fe, a independencia da filosofía e o novo pulo para a ciencia.</p>	<p>súa importancia para a entrada na modernidade.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.2. Entender o racionalismo de Descartes, distinguíndoo e relacionándoo coa filosofía humanista e o monismo panteísta de Spinoza, e valorar a súa influencia no desenvolvemento das ideas e nos cambios socioculturais da Idade Moderna.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB4.2.1. Identifica conceptos de Descartes como razón, certeza, método, dúbida, hipótese, "cogito", idea, substancia e subxectivismo, entre outros, e aplícaos con rigor.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.3. Coñecer o empirismo de Hume en relación co liberalismo político de Locke, e valorar a súa influencia no desenvolvemento das ideas e os cambios socioculturais da Idade Moderna.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB4.5.1. Aplica conceptos de Kant como sensibilidade, entendemento, razón, crítica, transcendental, ciencia, innato, xuízo, a priori, a posteriori, facultade, intuición, categoría, ilusión transcendental, idea, lei, fenómeno, nóumeno, vontade, deber, imperativo categórico, autonomía, postulado, liberdade, dignidade, persoa, paz e pacto, entre outros, e utilízalos con rigor.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.4. Coñecer os principais ideais dos ilustrados franceses, afondando no pensamento de J.J. Rousseau, e valorar a importancia do seu pensamento para o xurdimento da democracia mediante unha orde social acorde coa natureza humana.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB4.4.1. Comprende os ideais que impulsaron os ilustrados franceses, e explica o sentido e transcendencia do pensamento de Rousseau, a súa crítica social, a crítica á civilización, o estado de natureza, a defensa do contrato social e a vontade xeral.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.5. Comprender o idealismo crítico de Kant, en relación co racionalismo de Descartes, o empirismo de Hume e a filosofía ilustrada de Rousseau, e valorar a súa influencia no desenvolvemento das ideas e os cambios socioculturais da Idade Moderna.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB4.5.1. Aplica conceptos de Kant como sensibilidade, entendemento, razón, crítica, transcendental, ciencia, innato, xuízo, a priori, a posteriori, facultade, intuición, categoría, ilusión transcendental, idea, lei, fenómeno, nóumeno, vontade, deber, imperativo categórico, autonomía, postulado, liberdade, dignidade, persoa, paz e pacto, entre outros, e utilízalos con rigor.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Entender o materialismo histórico de Marx, en relación co idealismo de Hegel e con Feuerbach, e valorar a súa influencia no desenvolvemento das ideas e nos cambios socioculturais da Idade Contemporánea.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB5.1.1. Identifica conceptos de Marx como dialéctica, materialismo histórico, praxe, alienación, infraestrutura, superestrutura, forzas produtivas, medios de produción, loita de clases, traballo, plusvalor e humanismo, entre outros, e utilízalos con rigor.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.2. Comprender o vitalismo de Nietzsche en relación co vitalismo de Schopenhauer, e valorar a súa influencia no desenvolvemento das ideas e os cambios socioculturais da Idade Contemporánea.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB5.2.1. Define conceptos de Nietzsche como crítica, traxedia, intuición, metáfora, convención, perspectiva, xenealoxía, transvaloración, nihilismo, superhome, vontade de poder, e eterno retorno, entre outros, e aplícaos con rigor.</li> </ul>

- |   |   |
|---|---|
| <ul style="list-style-type: none"><li>▪ B5.3. Entender o raciovitalismo de Ortega y Gasset en relación con figuras da filosofía española, como Unamuno, e do pensamento europeo, e valorar as influencias que recibe e a repercusión do seu pensamento no desenvolvemento das ideas e a rexeneración social, cultural e política de España.</li></ul> | <ul style="list-style-type: none"><li>▪ HFB5.3.1. Utiliza conceptos de Ortega y Gasset e aplícaos con rigor, como obxectivismo, ciencia, europeización, filosofía, mundo, circunstancia, perspectiva, razón vital, raciovitalismo, vida, categoría, liberdade, idea, crenza, historia, razón histórica, xeración, home-masa e home selecto, entre outros.</li></ul> |
|---|---|

## 5. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DE CONTIDOS

Dado que na orde do D.O.G. do mencionado Decreto 231/ 2002 afírmase que se pretende un currículo aberto sempre que se aborden cuestións fundamentais na historia do pensamento, respectáronse os núcleos temáticos e se artellaron nas unidades didácticas que se detallan a continuación:

### 1ª AVALIACIÓN

1. **O nacemento da filosofía.** O paso do mito ao *lógos*. A filosofía presocrática. Sócrates e a sofística
2. **Platón.** Contexto, vida e obra. A teoría platónica das ideas. Visión ontolóxica e epistemolóxica. Antropoloxía platónica. Teoría da natureza: o cosmos platónico. Ética e política platónicas.
3. **Aristóteles.** Contexto, vida e obra. Crítica á teoría das Ideas de Platón. Física e metafísica aristotélica. Antropoloxía aristotélica. Ética e política aristotélica.
4. **Agustín de Hipona. Tomás de Aquino.** Contextos, vidas e obras. A filosofía medieval. O problema razón/fe. A crise escolástica.

### 2ª AVALIACIÓN

5. **A filosofía no Renacemento.** O contexto sociopolítico e cultural fronte a Idade Media. O Humanismo. A revolución científica e o novo método.
6. **Descartes.** Contexto, vida e obra. O Racionalismo. O proxecto cartesiano. O problema do método e a dúbida cartesiana. A teoría da sustancia e o problema da existencia de Deus.
7. **Hume e Locke.** O empirismo fronte ó racionalismo. Hume: contexto, vida e obra. Fenomenismo e causalidade. Negación da metafísica e crítica á idea de sustancia. O emotivismo moral. Locke: contexto, vida e obra. O liberalismo político de Locke.
8. **Kant.** Contexto, vida e obra. As ideas da Ilustración. O proxecto ilustrado de Kant. A epistemoloxía kantiana. A ética formal kantiana. Antropoloxía e historia en Kant.

### 3ª AVALIACIÓN

## I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía

9. **Marx.** Contexto, vida e obra. A filosofía no século XIX. Dialéctica e materialismo histórico. Alienación e crítica da economía política capitalista.
10. **Nietzsche.** Contexto, vida e obra. Crítica da cultura occidental. Nihilismo e transmutación de valores. Vida e vontade de poder. O 'superhome' e o eterno retorno.
11. **A filosofía do século XX.** Principais correntes de pensamento. Wittgenstein e a filosofía da linguaxe. Heidegger e a analítica existencial. Habermas e a teoría da acción comunicativa.
12. **Ortega y Gasset.** Contexto, vida e obra. A razón histórica e a razón vital: raciovitalismo e perspectivismo. Antropoloxía orteguiana: circunstancia e 'proxecto' vital.

A efectos da preparación da Proba de Selectividade ou Reválida para a o acceso á Universidade se incidirá preferentemente nos autores escollidos para tales efectos. Nembargantes, o coñecemento xeral dos contidos básicos do temario (contextos, autores e correntes filosóficas) será indispensable.

### **6. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN**

- **Análise dos conceptos** que se estudan en cada tema e das relacións lóxicas que se poidan establecer entre eles **a través do comentario de textos filosóficos** breves.
- **Comparación e contraste das perspectivas filosóficas, científicas... sobre as diversas cuestións** que se susciten **por medio de textos discursivos** axeitados ó nivel do alumnado e que poidan fomentar o debate e combater o dogmatismo. Isto non implica a neutralidade do profesor/ra senón o razoamento das diversas posturas dando o seu posible punto de vista igual que o pode facer o alumno/a individualmente ou en grupo, pero sempre articulando desde un punto de vista crítico as posibles opcións e criterios a defender mediante razoamentos lóxicos.
- **Planificación e produción de exposicións orais e debates** sobre temas tratados, orientados a fomentar a coherencia, a claridade e o rigor na expresión e na argumentación das ideas. Isto tería un carácter puntual e non sistemático pois non o permite o tempo de tres horas semanais de clase.
- **Elaboración de traballos individuais** sobre temas concretos como traballos de investigación integrando diversas fontes en un análise persoal das mesmas.
- **Lectura de libros**, sexan estritamente filosóficos ou de carácter literario (fundamentalmente novelas), pero coa posibilidade de seren relacionados coa filosofía, de xeito que se fomente a lectura autónoma por parte do alumnado.

Seguindo o explicitado polo **Seminario Permanente de Filosofía da USC** respecto á Proba de selectividade ou Reválida, o alumno deberá ser capaz de:

- Expor con precisión, claridade e coherencia:
  - a) as liñas mestras de cada un dos pensadores explicados
  - b) os conceptos principais destes
  - c) as liñas características das diversas correntes que se inclúen no programa
  - d) as relacións e oposicións entre os distintos autores
- Comentar con precisión, claridade e coherencia textos filosóficos de acordo co esquema exposto no procedemento avaliador.

## I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía

Ademais, este Departamento -de acordo coa estrutura da Proba- considera imprescindible:

- Sintetizar os contextos onde se desenvolven os principais autores que permitan a comprensión das súas obras e ideas filosóficas.

Seguindo estes criterios (a expensas da nova Proba da Reválida que substitúa á proba de Selectividade), **tratarase de elaborar unha composición filosófica** en torno á figura dun autor da historia do pensamento occidental, encadrando ao autor dentro do seu contexto histórico, cultural e filosófico, desenvolvendo as súas ideas principais en relación cun texto, e relacionando-lo con outros autores e correntes do pensamento.

Tendo en conta que este curso debe servir como preparación para dita Proba, este Departamento cree necesario seguir **pautas conceptuais e procedimentais** semellantes ás propostas polo Seminario e que permitan ó alumno acadar do mellor xeito posible no **rendemento nas súas competencias básicas e**, a súa vez, **na preparación eficaz cara á Proba de Acceso á Universidade**, se fora o caso.

Cómpre ter en conta, por tanto, que **o exame ten un carácter preferentemente discursivo**. De aí que non se poida dar “a versión” correcta do exame: unha mesma cualificación pode ser acadada de maneira distinta. Primeiro porque a materia se presta a iso; unha cuestión filosófica pode ser abordada de xeitos distintos; cada profesor/a, sempre de maneira correcta, terá explicado a materia segundo unha liña particular. Pero é que ademais os coñecementos filosóficos só se poden acadar de maneira reflexiva; para adquirilos e para expoñelos o alumnado deberá poñer en xogo todos os seus recursos expresivos. Este é precisamente o papel que xoga –e queremos que siga a xogar- a filosofía no bacharelato: contribuir á madurez intelectual dos/das alumnos/as. O/a alumno/a deberá presentar unha composición unitaria que será avaliada segundo o esquema do exame. Mesmo pode suceder que a lectura completa e unitaria do texto nos permita, de forma fundada e razoada, rectificar a cualificación que se derivaría dunha avaliación demasiado analítica.

A partir destas consideracións **a cualificación máxima de 10 puntos** distribuirase así (de haber cambios no deseño da proba por parte da USC, os alumnos serían informados adecuadamente co fin de garantir as mellores condicións de acceso á Proba da ABAU):

### **1ª parte (6 puntos)**

Contextualización xeral, vida e obra do autor, cuestión específica ..... 3 puntos

Comentario do texto en relación coa cuestión específica.....3 puntos

### **2ª parte (4 puntos)**

Trátase de avaliar os coñecementos sobre o autor centrándose nunha cuestión temática formulada a desenvolver..... 4 puntos



## **I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

Trátase de avaliar a capacidade do/da alumno/a para situar a cuestión temática no horizonte global da historia da filosofía. Hai que contar coa posibilidade de que un/unha alumno/a poida introducir algún atinado comentario persoal que poña en evidencia a súa comprensión. Isto é: no caso dun/dunha alumno/a que non sendo capaz de establecer unha relación nos termos nos que se lle require, introduce comentarios pertinentes e atinados outorgaríasele 0,5 puntos, ben entendido que a cualificación global do exame non pode exceder os 10 puntos.

Todas estas cualificacións presupoñen que estamos diante dunha **composición unitaria, sintáctica e retoricamente ben estruturada, escrita con pulcritude**, respectando escrupulosamente a normativa ortográfica que corresponda, **usando o léxico adecuado e poñendo en evidencia unha boa comprensión dos conceptos concernidos**.

### **Os defectos en todos estes aspectos poden ser penalizados con ata 3 puntos:**

Defectos na composición: perda de ata 1 punto.

Incorrección ortográfica e/ou gramatical: perda de ata 1 punto.

Pobreza léxica e insuficiencia no manexo dos conceptos: perda de ata 1 punto.

Entre os “defectos de composición” débese penalizar o recurso abusivo a esquemas e cadros que claramente pretendan substituír a exposición verbal, respectando, claro está, aqueles esquemas ou cadros que, sen eludir a redacción, estean oportunamente introducidos como complementos da mesma. O carácter unitario da exposición non se desprende da mera ausencia de compartimentación, senón que se refire á efectiva estruturación unitaria. No tocante á corrección ortográfica e gramatical debemos ser tolerantes cos erros eventuais imputables ás circunstancias propias dun exame. Tamén podemos interpretar con lasitude erros particulares e reiterativos (incorreccións ortográficas limitadas en tal ou cal vocabolo, construción defectuosa de tal ou cal estrutura gramatical). Temos, iso si, que prestar atención ao teor xeral do exercicio, sobre todo á combinación de reiteración e diversidade nas correccións ortográficas, revelando grave descoñecemento e/ou desidia, así como a incapacidade para manter un nivel xeral de corrección gramatical. Penalizarase con contundencia aqueles exames nos que predomine o anacoluto. No que atinxe ao uso do léxico e máis á comprensión conceptual debemos de ser rigorosos con aqueles termos e conceptos que resulten esenciais para a comprensión do texto e das cuestións formuladas, así como para a correcta elaboración das respostas. Debemos penalizar os defectos expresivos que denoten carencias discursivas graves dentro do nivel esixible para unha persoa que aspire a acceder á universidade.

## **7. METODOLOXÍA, INSTRUMENTOS E MECANISMOS DE AVALIACIÓN**

Non se seguirá un libro de texto determinado, se ben se recomendará completar as explicacións con calquera dos que existen no mercado editorial. O profesor proporcionará apuntes ou materiais complementarios para que os alumnos os fotocopien; nembargantes, o alumno deberá de xeito autónomo tomar apuntes das explicacións que reciba e facer sínteses adecuadas de cada autor, práctica que será de moita utilidade cara o seu futuro académico e profesional. Se fora necesario, e de acordo cos alumnos, o profesor seguirá impartindo docencia (clases de apoio) despois de rematada a 3ª avaliación, como reforzo cara á proba de Selectividade.

## I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía

Ademais disto, **algúns das técnicas e instrumentos** que poden ser **utilizados para traballar e avaliar** a materia son: *diálogos e debates activos, cuestionarios escritos e orais, test de avaliación inicial e final por contidos concretos, comentarios de texto, elaboración de composicións filosóficas, confección de mapas conceptuais, técnicas de argumentación escrita, investigación bibliográfica e traballos concretos sobre algún aspecto do autor, obra e contexto, etc.*

Estes procedementos e instrumentos teñen en conta o **fomento da lectura** comprensiva e interpretativa, ademais da **utilización na aula das TIC**, fundamentais para a adquisición e desenvolvemento da información que van traballar de xeito crítico.

### **8. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**

Se seguirá para esta materia, como un dos referentes de cualificación, o mesmo procedemento avaliador establecido na Comisión de Filosofía para o acceso as Probas de Selectividade ou Reválida (ABAU), orientando deste xeito o cumprimento dos obxectivos deste curso e, a súa vez, á preparación específica para aqueles alumnos que desexen presentarse con garantías a tales probas.

Haberá, por tanto, **unha ou varias probas escritas por avaliación**, consistente nun texto dun autor en torno ó cal se realizará unha proba escrita. O modelo que exporá o profesor para a realización de comentarios filosóficos será o seguinte:

1. Un estándar de aprendizaxe dun dos tres bloques históricos acompañado dun fragmento ilustrativo do mesmo. A resposta consistirá en comentar o fragmento (sempre extraído da antoloxía de Textos que figura na web da CIUG), situando o fragmento na vida e obra do autor tratado, contextualizando a época á que pertence e, a partir do devandito comentario, desenvolver o estándar e, a partir do devandito comentario, desenvolver o estándar. A cualificación máxima desta primeira parte será de 6 ptos. (o 60 % da proba), **3 para o comentario e 3 para a resposta á cuestión.**
2. Un estándar de aprendizaxe duns dos dous bloques históricos restantes. A resposta consistirá no desenvolvemento do estándar. A cualificación máxima desta segunda parte será de **4 ptos.** (o 40 % da proba).

***A cualificación de cada apartado, aínda que sempre tomada no seu conxunto unitario e coherente ata un máximo de 10 puntos, será o xa devandito.*** Non obstante, se subliña que a cualificación global do exame distribúese do seguinte xeito:

**1ª parte.- a cualificación máxima será de 6 ptos.: 3 para o comentario e 3 para a cuestión proposta.** No comentario valorarase a comprensión do texto, especialmente no que atinxe aos seus conceptos fundamentais e estrutura argumentativa, e a relación entre o texto e un contexto máis amplo (o autor e o seu lugar na historia da filosofía). A avaliación da cuestión teórica farase en base á pertinencia dos contidos informativos da resposta, á precisión no uso dos conceptos, e á coherencia e articulación discursiva da exposición. Tanto no comentario como na cuestión, terase tamén en conta a corrección expresiva e gramatical.

**2ª parte.- a cualificación máxima será de 4 ptos.** A avaliación da cuestión teórica farase —coma no caso anterior— en base á pertinencia dos contidos informativos da resposta, á precisión no uso dos conceptos, e á coherencia e articulación discursiva da exposición. Tamén terase en conta a corrección expresiva e gramatical.

### **9. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA E PROCEDEMENTOS DE RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DA MATERIA PENDENTE**

En canto ós contidos mínimos referidos ós contidos conceptuais se consideran como tales os que se teñen fixados para cada unidade didáctica, tendo en conta que se valorará unha comprensión da problemática xeral de cada tema así como das principios correntes teóricas e filósofos que trataron os problemas en cuestión. Tamén será valorada a asimilación dos conceptos básicos do tema a través da súa explicación.

Dentro dos contidos procedimentais teñen o carácter de mínimos os seguintes:

Analizar textos breves e sinxelos de carácter filosófico, identificando o problema que se presenta e estruturando as ideas principais así como a demostración da comprensión do texto a través das respostas que dean as diversas cuestións sobre o texto e a exposición da filosofía do autor tratado.

A vertebración eficaz e organizada da composición filosófica a realizar, a correcta expresión ortográfica e sintáctica, o manexo dos conceptos fundamentais e a súa explicación coherente, serán avaliadas como condicións necesarias; e a orixinalidade na madurez crítica da exposición dos problemas plantexados se avaliará como condición positiva.

O alumno necesitará unha cualificación mínima de **cinco** para aprobar cada avaliación. Esta cualificación será a **media aritmética de tódalas probas escritas feitas ó longo de cada trimestre e terá un valor ponderado do 80%.** O restante 20% será a **media aritmética dos traballos e actividades propostas para cada avaliación.** Estas porcentaxes poderán variar en cada avaliación, informando previamente aos alumnos destes cambios. De non haber actividades e tarefas, a media aritmética das probas escritas en cada avaliación será do 100%.

**Haberá un exame de recuperación final** onde o alumno se examinará das avaliacións suspensas (neste caso se inclúen **só os autores suspensos**), e outro en xullo (proba extraordinaria) para aqueles alumnos que non lograran superar o curso. Este último incluírá os contidos de toda a materia (tódolos autores). Aprobando dito exame aprobarase a materia.

Carencias expresivas na redacción dos exames e faltas ortográficas poden baixar a nota dos mesmos en grado equivalente á súa gravidade, podendo, eventualmente, suspender o exame.

**A nota final virá determinada pola media aritmética de tódalas avaliacións, sempre e cando se supere cada unha das avaliacións cunha cualificación igual ou superior a cinco.. No caso de aprobar a materia despois de realizar o exame de recuperación final de maio, a nota definitiva terá en conta a cualificación obtida nas avaliacións anteriores. A nota final do exame da proba extraordinaria deberá ser igual o superior ó cinco.**

Se houbera o caso dalgún alumno/a que por acumulación de faltas de asistencia sen xustificar perdera o dereito a avaliación continua, terá que realizar unha proba no mes de maio (avaliación final), onde entrarán os temas dados ó longo dos tres trimestres do curso; polo tanto, o alumnado nesta situación está na obriga de coñecer estes temas xa que a perda do dereito á avaliación continua non exime da súa asistencia a clases e coñecer a marcha da materia.

Non obstante, o Departamento --cando fixe a realización da proba- lembrará a este alumnado os temas que entran no mesmo. En relación á avaliación desta proba se tomarán en conta os mesmos criterios de avaliación tratados anteriormente.

**Estes mesmos criterios e procedementos de avaliación serán os esixibles e aplicables no caso de darse clases semipresenciais ou ben *online* (por mor da Covid-19). Os alumnos serán informados destes criterios, ben ó principio do curso, ben nas circunstancias excepcionais que se produxeran, a través da Aula Virtual como recurso indispensable para o correcto desenvolvemento das tarefas e probas a realizar.**

**Alumnos pendentes da materia para o curso seguinte** deberán presentarse nunha (e se fora o caso en dúas) convocatoria(s) que o Departamento notificará con antelación suficiente aos implicados. Os criterios de promoción serán a superación da proba escrita que se lles faga, segundo os criterios xa establecidos para o curso.

**Non será necesario un plan de reforzo** e recuperación das aprendizaxes non adquiridas no derradeiro curso (por mor da Covid-19), posto que a materia se imparte por primeira vez no Bacharelato, aínda que existan moitas relacións de parentesco e correspondencia entre os contidos programáticos de 1º bacharelato (onde se encaran os problemas filosóficos de xeito xeral) e de 2º bacharelato (onde se estudan estes problemas dende unha perspectiva histórica e contextualizada).

A continuación se detalla **un resumo destas medidas** de avaliación e recuperación:

## 1. AVALIACIÓN TRIMESTRAL

- **Procedementos:** observación directa do alumno, tarefas diversas realizadas polo alumnado en clase, traballos individuais e grupais, actividades de avaliación: lecturas, fichas fotocopiáveis, probas escritas, test, etc.

## I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía

- **Instrumentos:** preguntas individuais e grupais, intervencións na clase, comentarios de texto, visionado de películas, lecturas concretas, vídeos, exposiciónes y presentaciónes interactivas.
- **Mínimos esixibles:** O cumprimento axeitado das ferramentas de traballo competencial (actividades, tarefas, traballos, etc.); a realización positiva das probas escritas; o traballo regular ó longo do curso; a presentación ordenada, clara e coherente do seu material.
- **Ponderación e nota media:** A cualificación en cada exercicio dependerá do grao de consecución dos obxectivos propostos para cada un. O resultado final de cada avaliación dependerá da *media aritmética* feita coas seguintes porcentaxes: **80%** para probas escritas, e **20%** para traballos individuais e grupais, actividades concretas, lecturas e comentarios de texto, etc. Estas porcentaxes poderán variar en cada avaliación dependendo do número de probas e da súa importancia, previo aviso ao alumnado por parte de cada profesor/a.

## 2. MECANISMO PARA RECUPERAR UNHA AVALIACIÓN NON SUPERADA

- No caso de suspender algunha avaliación, o alumno (ao longo do seguinte trimestre ou ben ao remate da terceira avaliación, en función das necesidades organizativas) deberá presentarse a **unha proba escrita** onde se incluírán os contidos (autores) da materia impartida na avaliación suspensa. *A cualificación da proba escrita deberá ser igual o superior a cinco* para superar a avaliación pendente.
- **Tipo de proba: escrita**, onde se inclúan os contidos da materia impartida ó longo da avaliación. A proba constará de **2 preguntas**: 1 pregunta-tema cun texto a comentar (6 puntos), 1 pregunta-tema a desenvolver (4 puntos).
- **Estándares:** Todos os contidos da materia impartida no curso. Esta proba estará aprobada se a cualificación é **igual o superior a cinco**.

## 3. CUALIFICACIÓN FINAL DA MATERIA NA AVALIACIÓN ORDINARIA

- A cualificación final da materia será *a media aritmética das tres avaliacións*, **sempre e cando se supere cada unha das avaliacións cunha cualificación igual ou superior a cinco**.

#### 4. AVALIACIÓN FINAL

- **Alumnado:** Deberán presentarse todos aqueles alumnos que non superaran calquera das avaliacións que teñan pendente.
- **Tipo de proba:** *escrita*, onde se inclúan os contidos (autores) da materia impartida ó longo do curso. A proba constará de **2 preguntas:** 1 pregunta-tema cun texto a comentar (6 puntos), 1 pregunta-tema a desenvolver (4 puntos), e **se dará unha dobre opción** para que o alumno escolla entre dous modelos.
- **Estándares:** Todos os contidos da materia impartida no curso. Esta proba estará aprobada se a cualificación é **igual o superior a cinco**.

#### 5. AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA

- **Tipo de proba:** *escrita*, onde se inclúan os contidos da materia impartida ó longo do curso. A proba constará de **2 preguntas:** 1 pregunta-tema cun texto a comentar (6 puntos), 1 pregunta-tema a desenvolver (4 puntos), e **se dará unha dobre opción** para que o alumno escolla entre dous modelos.
- **Estándares:** Todos os contidos da materia impartida no curso. Esta proba estará aprobada se a cualificación é **igual o superior a cinco**.

#### 6. MATERIA PENDENTE

- Os alumnos coa materia pendente deberán facer **unha proba escrita** coa materia impartida no curso anterior. O Departamento deseñará esta proba e fará pública no taboleiro do patio central a convocatoria para a realizar dita proba. A proba constará de **2 preguntas:** 1 pregunta-tema cun texto a comentar (6 puntos), 1 pregunta-tema a desenvolver (4 puntos), e **se dará unha dobre opción** para que o alumno escolla entre dous modelos. Esta proba estará aprobada se a cualificación é **igual o superior a cinco**.

#### 10. DIVERSIFICACIÓN CURRICULAR E TEMAS TRANSVERSAIS

## **I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

Pódese afirmar que existen conexións claras entre a materia de Historia da Filosofía e os temas transversais cos que se relaciona. Tódolos temas abordan cuestións e problemáticas que desde a filosofía teórica e práctica fan alusión ó coñecemento da realidade e a propia acción humana: dentro desta, a cuestión da liberdade da persoa fronte ós diferentes tipos de determinismo que condicionan o comportamento, a xustificación da moral e os diferentes argumentos que defenden a igualdade dos seres humanos, a busca da paz como obxectivo da convivencia entre as persoas e os pobos... Máis relacionados coa educación cívica estarían os temas que se dedican ás relacións individuo e sociedade, a relación do individuo co poder político e o Estado e co problema da súa lexitimación, as formas democráticas e ditatoriais do poder político, por aludir soamente a algúns deste lazos cognitivos.

O tema de educación para a paz trátase na unidade das "utopías sociais" en canto é o obxectivo das distintas utopías en canto pretenden elaborar modelos de convivencia que aspiran a suprimir a violencia e as guerras da sociedade humana. Tamén se relaciona este tema coa Educación para a igualdade de ambos sexos.

No referente ó tema transversal da educación para a saúde, están presentes no pensamento filosófico as actitudes de defensa da vida, dos valores relativos ó corpo e ó espírito, a crítica ó consumismo e a defensa da interculturalidade conducen a unha vida de calidade e de felicidade como meta dos seres humanos.

No que fai referencia ó contido transversal da educación ambiental este ten unha presenza moi relevante ó longo das diferentes unidades que compoñen o libro de texto, e é especialmente relevante nos seguintes contidos: a crítica do “falso progreso”, a valoración positiva das consecuencias ecolóxicas do evolucionismo, a ecoética e, en xeral, a defensa dunhas relacións máis harmónicas, tolerantes e solidarias do ser humano coa natureza.

Sen dúbida, unha historia da filosofía que plantexe a actualidade dos problemas abordados desde o comezo fará fincapé nunha reflexión sobre o presente desde o propio pasado.

Coa finalidade de atender no posible ás peculiaridades persoais do alumnado dentro do seu proceso de aprendizaxe, ó longo do curso adoptaranse medidas tendentes a proporcionar certos reforzos pedagóxicos ós alumnos e alumnas que os necesiten, así como a programar aprendizaxes complementarias para aquel alumnado que, polas súas especiais aptitudes, excedan o nivel medio do curso en canto a coñecementos da materia.

Como medidas de reforzo á aprendizaxe, propóñense as seguintes:

- \* Programar comentarios de texto, actividades, exercicios, etc., máis sinxelos para o alumnado con dificultades de aprendizaxe, sobre todo, nos primeiros meses de clase. Desta maneira, intentarase que, progresivamente, comprendan os principios esenciais para se poder meter, despois, naqueles temas máis abstractos ou complexos.
- \* Proporcionarlles axuda directa naquelas actividades que se realicen na aula, coa finalidade de ir orientando de maneira personalizada o seu proceso de aprendizaxe.
- \* Incluír dentro do seu plan de traballo actividades sinxelas e adicionais que lles permitan cubrir as lagoas conceptuais que posúan.

## **I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

\* Nos traballos en grupo, organizar estes de tal maneira que este alumnado se atope distribuído en diferentes grupos, co fin de que os compañeiros e compañeiras con mellor rendemento académico poidan axudarlles na realización da súa tarefa.

\* Se existise alumnado superdotado ou cun maior nivel de coñecementos filosóficos, programaríanse medidas pedagóxicas complementarias para que o mencionado alumnado puidese desenvolver as súas propias potencialidades de aprendizaxe. Así, por exemplo:

- Lecturas dirixidas de libros ou textos de maior dificultade conceptual.
- Actividades complementarias sobre aqueles temas que máis lles interesasen.
- Tarefas pedagóxicas destinadas a axudar ós compañeiros e compañeiras que maior dificultade atopasen na materia.

### Concreción de medidas para alumnos con Síndrome de Asperger e TDAH:

Entre as características dos afectados polo Síndrome de Asperger están as dificultades na comprensión social e nas habilidades sociais, o pouco interese cara aos demais, as dificultades de atención, a pouca capacidade organizativa, a interpretación literal da linguaxe e as dificultades na motricidade. Por estes motivos presentamos algunhas estratexias para tratalo:

- Darlle tempo para organizar o seu material
- Evitar a presión
- Darlle pequenos encargos
- Facer o posible para que entenda as instrucións
- Diante dos mínimos acertos, ser xeneroso cos reforzos positivos
- Sempre que sexa posible, descompoñer as tarefas
- Supervisar con frecuencia a realización das tarefas
- Buscar a colaboración dun compañeir@ responsable para que lle axude a comprender e realizar as tarefas

Asemade, para os alumnos con TDAH:

- Supervisar con frecuencia a realización das tarefas
- Potenciar a aprendizaxe colaborativa
- Buscar a colaboración dun compañeir@ responsable para que lle axude a comprender e realizar as tarefas
- Deixar máis tempo para as probas escritas ou exames
- Supervisar a comprensión das preguntas
- Implicar ao alumno con preguntas sinxelas e motivadoras
- Graduar o uso do 'tempo fóra'
- reforzar positivamente as condutas adecuadas



### **11. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

O departamento está disposto a colaborar coas decisións que ao respecto tome a Xefatura de Estudos e a Vicedirección do centro. Queda aberto e a espera de posibles conferencias ou outras ofertas da Universidade así como a organización de actos con ONGs., visitas guiadas, salidas e outras actividades pedagóxicas de reforzo, sempre que estas actividades teñan algunha utilidade teórica ou práctica que non interfira negativamente no desenvolvemento académico dos alumnos.

### **12. PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN**

Neste apartado pretendemos promover a reflexión docente e a autoavaliación da realización e do desenvolvemento de programación didáctica. Para iso, ao finalizar cada unidade didáctica, en cada trimestre ou ao final de curso propónse unha secuencia de preguntas que permitan ao docente avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade.

De igual modo, propoñemos unha ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto. Pódese realizar ao final de cada trimestre ou ao final do curso para recoller as melloras no seguinte cadro:

ASPECTOS PARA AVALIAR	PARA DESTACAR...	PARA MELLORAR...	PROPOSTAS DE MELLORA PERSOAL
Temporalización das unidades didácticas			
Desenvolvemento dos obxectivos didácticos			

**I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

Manexo dos contidos da unidade			
Descritores e desempeños competenciais			
Realización de tarefas			
Estratexias metodolóxicas seleccionadas			
Recursos			
Claridade nos criterios de avaliación			
Uso de diversas ferramentas de avaliación			
Atención á diversidade			
Interdisciplinabilidade			

## PSICOLOXÍA

### *2º Bacharelato*

#### ÍNDICE

1. Introducción e contextualización.....	1
2. Contribución da materia á consecución das competencias.....	2
3. Concreción dos obxectivos xerais do Bacharelato e específicos da materia.....	3
4. Relación e concreción de estándares de aprendizaxe avaliáveis e indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.....	4
5. Secuenciación e temporalización de contidos.....	22
6. Procedementos e instrumentos de avaliación.....	23
7. Criterios, metodoloxía e instrumentos de avaliación.....	24
8. Criterios de cualificación.....	27
9. Grao mínimo de consecución para superar a materia e procedementos de recuperación e avaliación da materia pendente.....	28
10. Temas transversais.....	29
11. Diversificación curricular.....	30
12. Actividades complementarias y extraescolares.....	31
13. Procedementos para avaliar la propia programación.....	31

#### 1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

A psicoloxía é unha rama do saber cuxa finalidade esencial é tanto a comprensión da propia individualidade como das condutas sociais e a súa interrelación. Desde uns antecedentes históricos afastados, moi ligados ao desenvolvemento do saber filosófico, a psicoloxía evolucionou cun cariz, en certo xeito, bifronte. Por unha banda, ten unha indubidable filiación humanística; por outra parte, a súa temática busca regularidades e explicacións científicas. Con estas características distintivas, polo seu obxecto de estudo e a súa metodoloxía, a psicoloxía pode considerarse unha disciplina moi interesante para o alumnado de segundo de bacharelato, cunha indubidable vertente práctica, na medida en que lle axudará a coñecerse mellor como individuo e a desenvolverse como persoa e, ao tempo, a afrontar os diversos problemas e retos que a convivencia suscita.

## **I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

A propia complexidade, inscrita de seu no propio ser humano, faise visible na súa capacidade de relación con outros saberes, sinaladamente coa bioloxía, a socioloxía, a química e, desde logo, a filosofía. O significativo carácter dual da psicoloxía pode axudar a desenvolver e adquirir as seguintes competencias clave: comunicación lingüística; competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía; competencia dixital; aprender a aprender; competencias sociais e cívicas; ecoconciencia e expresións culturais. Trátase, xa que logo, dunha materia que, dada a súa riqueza de contidos e amplitude de horizontes, pode converterse en paradigmática para a adquisición da maior parte das competencias clave.

Esta adquisición das competencias clave, coa súa vertente de logro dos obxectivos da etapa en que se sitúa, debe desenvolverse preferentemente desde un punto de vista eminentemente disciplinar e transversal. Esta metodoloxía pasa pola xeración de tarefas ou situacións-problema, suscitadas cun obxectivo concreto, que o alumnado debe resolver facendo un uso axeitado de distintos tipos de coñecementos, destrezas, actitudes e valores, sen deixar de pensar no respecto polos diversos ritmos e estilos de aprendizaxe, mediante prácticas de traballo individual e cooperativo. Agora ben, esta metodoloxía require, pola parte docente, unha reflexión e unha revisión permanentes da súa tarefa e a procura, tamén decidida, de criterios comúns e consensuados que permitan, finalmente, abordar un tratamento integrado das competencias, facendo unha realidade palpable a construción colaborativa do coñecemento.

A materia organízase en seis bloques: "A psicoloxía como ciencia", "Fundamentos biolóxicos da conduta", "Os procesos cognitivos básicos: percepción, atención e memoria", "Procesos cognitivos superiores: aprendizaxe, intelixencia e pensamento", "A construción do ser humano. Motivación, personalidade e afectividade" e "Psicoloxía social e das organizacións". Daquela, desde a consideración da disciplina como ciencia, analízanse os fundamentos biolóxicos da conduta, as capacidades cognitivas como a percepción, a memoria e a intelixencia, afondando na aprendizaxe e na construción da nosa personalidade individual e social. En suma, a materia de Psicoloxía, desde a dobre vertente humanística e científica, pode colaborar dun xeito representativo e versátil a fomentar o espírito científico aplicado ao seu raio de acción, pero tamén nunha vertente práctica: como disciplina que pode cooperar na mellora xenérica das condicións de vida das persoas e, ao mesmo tempo, patrocinar, desde o autoconhecimento, o xenuíno desenvolvemento persoal.

A materia de Psicoloxía é unha materia de libre configuración á que se pode acceder desde calquera das vías do Bacharelato e que proporciona coñecementos fundamentais para o mundo actual, xa que serve tanto de orientación da propia conduta como de introdución aos coñecementos específicos que precisa calquera profesional da saúde ou de traballos que requiran e teñan as relacións persoais, laborais ou sociais como finalidade. Daquela, desde a consideración da disciplina como ciencia, analízanse os fundamentos biolóxicos da conduta, as capacidades cognitivas como a percepción, a memoria e a intelixencia, afondando na aprendizaxe e na construción da nosa personalidade individual e social.

## **2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE**

A materia de Psicoloxía, desde a dobre vertente humanística e científica, pode colaborar dun xeito representativo e versátil a fomentar o espírito científico, a capacidade de aprender sobre o mundo (CMCCT) e moi particularmente sobre a propia capacidade de aprender e as súas técnicas (CAA). A actualidade dos seus contidos e as múltiples experiencias prácticas permiten un tratamento transversal da materia que incide no coñecemento das relacións entre os diferentes ámbitos da cultura (CSC) e fai necesario usar as redes sociais e o tratamento da información procurando deste xeito un dominio nestes eidos (CD). Como disciplina que

## **I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

pode cooperar na mellora xenérica das condicións de vida das persoas e, ao mesmo tempo, patrocinar, desde o autocoñecemento, o xenuíno desenvolvemento persoal, é unha materia que permite desenvolver o espírito emprendedor (CSIEE). A metodoloxía que aplicaremos na materia insistirá de forma especial na capacidade expositiva do alumnado, tanto de forma escrita e icónica como verbal (CLL).

### **3. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS XERAIS DO BACHARELATO E ESPECÍFICOS DA MATERIA**

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, fundamentalmente adquirindo os coñecementos científicos necesarios para sustentar unha igualdade de xénero e o respecto aos dereitos dos individuos, insistindo no especial dereito á saúde, tanto física coma psíquica.
- b) Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais, para o que serán especialmente útiles os coñecementos adquiridos na materia.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- g) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- h) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- i) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos e o estatuto específico da psicoloxía como ciencia e os seus límites.
- j) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural, relacionando o ámbito da materia con diferentes expresións culturais.
- k) Impulsar condutas e hábitos saudables en relación coa saúde psíquica.

#### **Obxectivos específicos da materia**

- a) ***Comprender mellor ó propio funcionamento psicolóxico e dos demais, fomentando a capacidade de abstraerse do propio punto de vista a empatizar co resto.***
- b) Desenvolver actitudes de tolerancia con respecto aos comportamentos e as ideas dos demás, especialmente de aqueles que, por razóns sociais o culturais, o por afeccións de índole psicolóxica, se diferencien máis do propio alumno/a.

c) **Adquirir estratexias efectivas para a análise dos seus problemas de aprendizaxe, relación social e control emocional, que lles proporcionen un maior control sobre a súa conducta e as súas consecuencias.**

d) Aplicar algúns dos coñecementos e técnicas adquiridos, en especial os relacionados co propio aprendizaxe, para que lles leven a unha mellora das súas estratexias e hábitos de traballo.

e) **Coñecer algúns dos principais modelos teóricos existentes en psicoloxía, comprendendo as súas diferenzas e as distintas concepcións do ser humano que subxace a cada un deles.**

f) Diferenciar os plantexamentos da psicoloxía científica doutras formas non científicas de analizar os problemas humanos, e desenvolver unha actitude crítica respecto á trivialización da psicoloxía e o seu uso como instrumento de manipulación.

g) **Coñecer a proxección que a psicoloxía actual ten nas súas principais áreas de aplicación práctica, como no mundo do traballo, a educación, as relacións sociais, a saúde mental, etc.**

h) **Lograr unha visión sintética do ser humano en termos de unidade biopsíquica, incluíndo a súa referencia ao medio social, e establecer as oportunas conexións cos contidos doutras materias de Bacharelato.**

Se fose preciso facer unha adaptación pedagóxica especial dirixida á docencia semipresencial ou non presencial (por mor das circunstancias socio-sanitarias actuais), os **obxectivos específicos preferentes e indispensables** para este curso ( *sinalados en negra e cursiva*) serían os seguintes:

**a, c, e, g, h**

#### **4. RELACIÓN E CONCRECIÓN DE ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES E INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE**

2º de bacharelato

Psicoloxía. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. A psicoloxía como ciencia				
▪ b	▪ B1.1. A psicoloxía desde as súas orixes en	▪ B1.1. Entender e apreciar a especificidade e a	▪ PSB1.1.1. Explica e constrúe un marco de	▪ CAA

**I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

Psicología. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> <li>▪ h</li> <li>▪ l</li> </ul>	<p>Grecia ata o século XIX.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Constitución da psicología como saber autónomo: Wundt, Watson, James e Freud.</li> <li>▪ B1.3. Diversidade de acepcións do termo psicología ao longo da súa evolución.</li> <li>▪ B1.4. Obxecto propio da psicología. A psicología e outros saberes.</li> </ul>	<p>importancia do coñecemento psicolóxico, como ciencia que trata da conduta e os procesos mentais do individuo, valorando que se trata dun saber e unha actitude que estimula a crítica, a autonomía, a investigación e a innovación.</p>	<p>referencia global da psicología, desde as súas orixes en Grecia (nas filosofías de Platón e Aristóteles), ata o seu recoñecemento como saber independente da man de Wundt, Watson, James e Freud, definindo as acepcións do termo psicología ao longo da súa evolución, desde o etimolóxico, como "ciencia da alma", aos achegados polas correntes actuais: condutismo, cognitivismo, psicanálise, humanismo ou Gestalt.</p>	
			<p>PSB1.1.2. Recoñece e valora as cuestións e os problemas que investiga a psicología desde os seus inicios, distinguindo a súa perspectiva das proporcionadas por outros saberes.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.5. Obxectivos que caracterizan a psicología.</li> <li>▪ B1.6. Facetas teórica e práctica da psicología, e ámbitos de aplicación.</li> <li>▪ B1.7. Metodoloxías da investigación psicolóxica: métodos e obxectivos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Identificar a dimensión teórica e práctica da psicología, os seus obxectivos, as súas características e as súas ramas e técnicas de investigación, relacionándoas, como ciencia multidisciplinar, con outras ciencias cuxo fin é a comprensión dos fenómenos humanos, como a filosofía, a bioloxía, a antropoloxía, a economía, etc.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB1.2.1. Explica e estima a importancia dos obxectivos que caracterizan a psicología: describir, explicar, predicir e modificar.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB1.2.2. Distingue e relaciona as facetas teórica e práctica da psicología, e identifica as ramas en que se desenvolven (clínica e da saúde, da arte, das actividades físico-deportivas, da educación, forense, da intervención social, ambiental, etc.), investigando e valorando a súa aplicación nos ámbitos de atención na comunidade, como na familia e na infancia, na terceira idade, en minusvalías, muller, xuventude, minorías sociais e inmigrantes, cooperación para o desenvolvemento, etc.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB1.2.3. Describe e aprecia a utilidade das técnicas e das metodoloxías de investigación psicolóxica, explicando as características de cada unha, como son os métodos comprensivos (introspección, fenomenoloxía, hermenéutica,</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> </ul>

I.E.S. CORUXO. *Departamento de filosofía*

Psicología. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			test, entrevista persoal, dinámica de grupos, etc.) e os seus obxectivos (observación, descrición, experimentación, explicación, estudos de casos, etc.).	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.8. Achegas máis importantes da psicología na comprensión dos fenómenos humanos. Problemas tratados e conclusións ofrecidas.</li> <li>▪ B1.9. Teorías psicolóxicas: psicanálise, condutismo, teoría cognitiva, Gestalt, humanismo e psicobiología.</li> <li>▪ B1.10. Textos de autores como W. Wundt, S. Freud, A. Maslow, W. James e B. F. Skinner, entre outros.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Recoñecer e expresar as achegas máis importantes da psicología, desde os seus inicios ata a actualidade, identificando os principais problemas formulados e as solucións achegadas polas correntes psicolóxicas contemporáneas, e realizando unha análise crítica de textos significativos e breves de contido psicolóxico, identificando as problemáticas formuladas e relacionándoas co estudado na unidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB1.3.1. Explica e recoñece a importancia das achegas que a psicolóxica realizou na comprensión dos fenómenos humanos, identificando os problemas específicos dos que se ocupa e as conclusións achegadas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB1.3.2. Utiliza a súa capacidade de aprender a aprender, realizando os seus propios mapas conceptuais, utilizando medios informáticos, acerca das seguintes teorías: psicanálise, condutismo, teoría cognitiva, Gestalt, humanismo e psicobiología.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB1.3.3. Analiza e valora criticamente textos sobre os problemas, as funcións e as aplicacións da Psicología de autores como W. Wundt, S. Freud, A. Maslow, W. James e B. F. Skinner, entre outros.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB1.3.4. Utiliza a súa iniciativa para expor as súas conclusións argumentadamente, mediante presentacións gráficas, en medios audiovisuais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
Bloque 2. Fundamentos biolóxicos da conduta				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> <li>▪ i</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Anatomía do encéfalo humano. Comparativa co doutros animais.</li> <li>▪ B2.2. Filoxénese da evolución do cerebro humano e relación coa conduta.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Explicar a evolución do cerebro humano desde un enfoque antropolóxico, distinguindo as súas características específicas das doutros animais, co fin de apreciar a importancia do desenvolvemento neurolóxico e as consecuencias que delas se derivan.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB2.1.1. Identifica, contrasta e valora a nivel anatómico diferentes tipos de encéfalos animais en comparación co humano, valéndose de medios documentais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB2.1.2. Investiga a través de internet a</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> </ul>



I.E.S. CORUXO. *Departamento de filosofía*

Psicoloxía. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			filoxénese humana e a evolución do cerebro, explicando e apreciando a relación directa que mantén co desenvolvemento da conduta humana.	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ g</li> <li>▪ i</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.3. Morfoloxía da neurona. Sinapse, impulso nervioso e neurotransmisores.</li> <li>▪ B2.4. Áreas do cerebro e as funcións que executan.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.2. Analizar e apreciar a importancia da organización do sistema nervioso central, fundamentalmente do encéfalo humano, distinguindo as localizacións e as funcións que determinan a conduta dos individuos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB2.2.1. Realiza unha presentación, con medios informáticos, en colaboración grupal, sobre a morfoloxía neuronal e a sinapse, describindo o proceso de transmisión sináptica e os factores que a determinan, o impulso nervioso e os neurotransmisores.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB2.2.2. Investiga e explica a organización das áreas cerebrais e as súas funcións, e localiza nun debuxo as devanditas áreas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> <li>▪ h</li> <li>▪ i</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.5. Técnicas de investigación da actividade cerebral: anxiogramas, EEG, TAC, TEP, IRM, intervencións directas e estudo de casos.</li> <li>▪ B2.6. Impulso que deron as técnicas de investigación do cerebro para o estudo do comportamento e a solución dalgunhas patoloxías.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.3. Entender e valorar as técnicas actuais de investigación do cerebro e o seu impacto no avance científico acerca da explicación da conduta e na superación dalgúns trastornos e dalgunhas doenzas mentais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB2.3.1. Describe e compara as técnicas científicas de investigación do cerebro: anxiogramas, EEG, TAC, TEP, IRM, intervencións directas e estudo de casos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB 3.2. Analiza e aprecia o impulso que estas técnicas de investigación cerebral lle deron ao coñecemento do comportamento humano e á solución dalgunhas patoloxías.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ c</li> <li>▪ e</li> <li>▪ g</li> <li>▪ i</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.7. Bases xenéticas da diferenza entre a conduta feminina e a masculina.</li> <li>▪ B2.8. Doenzas causadas por alteracións xenéticas. Anomalía na conduta. Síndromes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.4. Comprender e recoñecer algunhas das bases xenéticas que determinan a conduta humana, apreciando a relación de causa e efecto que pode existir entre ambas as dúas e destacando a orixe dalgunhas doenzas producidas por alteracións xenéticas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB2.4.1. Explica a influencia dos compoñentes xenéticos que interveñen na conduta, e investiga e valora se estes teñen efectos distintivos entre a conduta feminina e a masculina.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB2.4.2. Relaciona e aprecia a importancia das alteracións xenéticas coas doenzas que producen modificacións e anomalías na conduta, utilizando o vocabulario técnico preciso: mutación, trisomía, monosomía, deleción, etc.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>

I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía

Psicoloxía. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			<ul style="list-style-type: none"> <li>PSB2.4.3. Localiza e selecciona información en internet acerca de distintos tipos de doenzas causadas por alteracións xenéticas, tales como a síndrome de Down, a síndrome de Turner, a síndrome do miaño de gato ou a síndrome de Klinefelter, entre outras.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CD</li> <li>CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>b</li> <li>c</li> <li>d</li> <li>h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.9. Sistema endócrino. Glándulas e hormonas, e influencia na conduta. Influencia na diferenza entre a conduta feminina e a masculina.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.5. Investigar e resumir a influencia do sistema endócrino sobre o cerebro e os comportamentos derivados diso, co fin de valorar a importancia da relación entre ambos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>PSB2. 5.1. Realiza, en colaboración grupal, un mapa conceptual do sistema endócrino, apreciando a súa influencia na conduta humana e os seus trastornos, por exemplo: hipófise e depresión, tiroide e ansiedade, paratiroide e astenia, suprarrenais e delirios, páncreas e depresión, sexuais e climaterio, etc.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> <li>CSIEE</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>PSB2.5.2. Investiga as diferenzas endocrinolóxicas entre homes e mulleres, e os seus efectos na conduta, valorando o coñecemento destas diferenzas como un instrumento que permite un entendemento e unha comprensión mellores entre as persoas de diferente sexo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> </ul>
Bloque 3. Os procesos cognitivos básicos: percepción, atención e memoria				
<ul style="list-style-type: none"> <li>b</li> <li>d</li> <li>e</li> <li>g</li> <li>h</li> <li>l</li> <li>m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.1. Percepción: elementos e fases do proceso.</li> <li>B3.2. Teorías sobre a percepción: asociacionismo, Gestalt, cognitivismo e neuropsicoloxía.</li> <li>B3.3. Leis da percepción da Gestalt.</li> <li>B3.4. Ilusións ópticas e trastornos perceptivos.</li> <li>B3.5. Algúns fenómenos perceptivos: constancia perceptiva, percepción subliminar e extrasensorial, membro fantasma e percepción</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.1. Comprender a percepción humana como un proceso construtivo eminentemente subxectivo e limitado, no cal ten a súa orixe o coñecemento sobre a realidade, valorando o ser humano como un procesador de información.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>PSB3.1.1. Distingue e relaciona os elementos que interveñen no fenómeno da percepción (estímulo, sentido, sensación e limiares de percepción), recoñecéndoo dentro das fases do proceso perceptivo (excitación, transdución, transmisión e recepción).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>PSB3.1.2. Compara e valora as achegas das principais teorías acerca da percepción: asociacionismo, Gestalt, cognitivismo e neuropsicoloxía.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CAA</li> <li>CCEC</li> </ul>

**I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

Psicología. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	por estimulación eléctrica do cerebro (por exemplo, o ollo de Dobelle), etc.		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB3.1.3. Elabora unha presentación con medios audiovisuais e en colaboración grupal, desenvolvendo a súa iniciativa persoal e as leis gestálticas da percepción, valorando a súa achega conceptual e identificando exemplos concretos de como actúan (por exemplo, a través de obras pictóricas ou fotografías).</li> <li>▪ PSB3.1.4. Procura e selecciona información, utilizando páxinas web, acerca dalgúns tipos de ilusións ópticas, diferenciándoas dos trastornos perceptivos como as alucinacións e a agnosia.</li> <li>▪ PSB3.1.5. Comenta e aprecia algúns fenómenos perceptivos, como a constancia perceptiva, a percepción subliminar e extrasensorial, o membro fantasma e a percepción por estimulación eléctrica do cerebro (por exemplo, o ollo de Dobelle) entre outros, e expón as súas conclusións a través de soportes de presentación informáticos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CD</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.6. Factores individuais e sociais que inflúen na percepción.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3 2. Explicar e apreciar a relevancia das influencias individuais e sociais no fenómeno da percepción, valorando criticamente tanto os seus aspectos positivos como os negativos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB3.2.1. Discirne e elabora conclusións, en colaboración grupal, sobre a influencia dos factores individuais (motivación, actitudes e intereses) e sociais (cultura e hábitat) no fenómeno da percepción, utilizando, por exemplo, os experimentos sobre prexuízos realizados por Allport e Kramer.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ g</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.7. A memoria. Atención e concentración.</li> <li>▪ B3.8. Tipos de atención.</li> <li>▪ B3.9. Alteracións da atención.</li> <li>▪ B3.10. Tipos de memoria. Relación entre eles e utilidade que teñen na aprendizaxe humana.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.3. Coñecer e analizar a estrutura, os tipos e o funcionamento da memoria humana, investigando as achegas dalgúns teorías actuais, co fin de entender a orixe e os factores que inflúen no desenvolvemento desta capacidade no ser humano, e utilizar as súas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB3.3.1. Relaciona os conceptos de atención e concentración como puntos de partida da memoria, distinguindo os tipos de atención e os tipos de alteración que poden sufrir.</li> <li>▪ PSB3.3.2. Utiliza a súa iniciativa persoal para</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>

I.E.S. CORUXO. *Departamento de filosofía*

Psicoloxía. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.11. Esquecemento: causas.</li> <li>▪ B3.12. A memoria e os efectos producidos nela por desuso, interferencia, falta de motivación, etc.</li> <li>▪ B3.13. Distorsións e alteracións da memoria.</li> </ul>	<p>achegas na súa propia aprendizaxe.</p>	<p>deseñar e elaborar, con medios informáticos, un cadro comparativo sobre diferentes tipos de memoria (sensorial, MCP e MLP), analizando a correspondencia entre elas e valorando a utilidade que teñen na aprendizaxe humana.</p>	
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB3.3.3. Procura e selecciona información en páxinas web e libros especializados, acerca das principais causas do esquecemento, tales como as fisiolóxicas, as producidas por lesións, por represión, por falta de procesamento, por contexto inadecuado, etc., e elabora conclusións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CD</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB3.3.4. Analiza e valora a importancia dalgúns dos efectos producidos na memoria por desuso, interferencia, falta de motivación, etc., e expón as súas consecuencias de xeito argumentado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB3.3.5. Exemplifica, a través de medios audiovisuais, algunhas distorsións ou alteracións da memoria, como a amnesia, a hipermnesia, a paramnesia e os falsos recordos, desenvolvendo a súa capacidade emprendedora.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> </ul>
<p>Bloque 4. Procesos cognitivos superiores: aprendizaxe, intelixencia e pensamento</p>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> <li>▪ m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Teorías da aprendizaxe: condicionamento clásico; aprendizaxe por ensaio-erro; condicionamento instrumental; teoría cognitiva; aprendizaxe social.</li> <li>▪ B4.2. Técnicas de condicionamento na publicidade.</li> <li>▪ B4.3. Factores que inflúen na aprendizaxe: coñecementos previos adquiridos, capacidades, personalidade, estilos cognitivos, motivación,</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Explicar as principais teorías sobre a aprendizaxe, identificando os factores que cada unha delas considera determinantes neste proceso, co obxecto de iniciarse na comprensión deste fenómeno e das súas aplicacións no campo social, e utilizar os seus coñecementos para mellorar a súa propia aprendizaxe.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB4.1.1. Utiliza a súa iniciativa persoal para confeccionar, utilizando medios informáticos, un cadro comparativo das teorías da aprendizaxe: condicionamento clásico (Pavlov e Watson); aprendizaxe por ensaio-erro (Thorndike); condicionamento instrumental (Skinner); teoría cognitiva (Piaget); Gestalt (Köhler); aprendizaxe social ou vicaria (Bandura), etc.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB4.1.2. Analiza e aprecia os resultados da</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>

I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía

Psicoloxía. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	actitudes e valores.		<p>aplicación das técnicas de condicionamento na publicidade, mediante a localización destas últimas en exemplos de casos concretos, utilizados nos medios de comunicación audiovisual.</p> <p>▪ PSB4.1.3. Describe e valora a importancia dos factores que inflúen na aprendizaxe, como por exemplo os coñecementos previos adquiridos, as capacidades, a personalidade, os estilos cognitivos, a motivación, as actitudes e os valores.</p>	<p>▪ CD</p> <p>▪ CCL</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ g</li> <li>▪ m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.4. Teorías actuais sobre a intelixencia: teoría factorial de Spearman, multifactorial de Thurstone, e teorías de Cattell, Vernon, Sternberg, Gardner, etc.</li> <li>▪ B4.5. Fases do desenvolvemento da intelixencia segundo J. Piaget.</li> <li>▪ B4.6. O CI e os problemas da medición da intelixencia.</li> <li>▪ B4.7. Procesos cognitivos superiores: pensamento, razoamento e creatividade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.2. Comprender os procesos cognitivos superiores do ser humano, como a intelixencia e o pensamento, mediante o coñecemento dalgunhas teorías explicativas da súa natureza e o seu desenvolvemento, distinguindo os factores que inflúen nel e investigando a eficacia das técnicas de medición utilizadas e o concepto de CI, co fin de entender esta capacidade humana.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB4.2.1. Elabora mapas conceptuais dalgunhas das actuais teorías sobre a intelixencia, valorando as achegas que no seu estudo tivo cada unha delas, como por exemplo a teoría factorial de Spearman, a multifactorial de Thurstone e as de Cattell, Vernon, Sternberg, Gardner, etc.</li> <li>▪ PSB4.2.2. Utiliza a súa iniciativa persoal para elaborar un esquema explicativo sobre as fases do desenvolvemento da intelixencia segundo J. Piaget, valorando a importancia das influencias xenéticas e do medio neste proceso.</li> <li>▪ PSB4.2.3. Investiga, en páxinas de internet, o que é o CI e a escala de Stanford-Binet, que clasifica estes valores desde a deficiencia profunda ata a superdotación, apreciando a obxectividade real dos seus resultados e examinando criticamente algunhas técnicas de medición da intelixencia.</li> <li>▪ PSB4.2.4. Analiza o que é o pensamento,</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>

**I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

Psicoloxía. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			apreciando a validez tanto do razoamento como da creatividade na resolución de problemas e na toma de decisións.	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.8. A intelixencia emocional e as súas competencias.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.3. Recoñecer e valorar a importancia da intelixencia emocional no desenvolvemento psíquico da persoa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB4 3.1. Valora a importancia das teorías de Gardner e Goleman, realizando un esquema das competencias da intelixencia emocional e a súa importancia no éxito persoal e profesional.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ h</li> <li>▪ m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.9. Posibilidades, alcance, límites e perigos da intelixencia artificial.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.4. Reflexionar sobre as posibilidades da intelixencia artificial e vulgar criticamente os seus alcances e os seus límites, co fin de evitar a equivocada humanización das máquinas pensantes e a deshumanización das persoas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB4.4.1. Avalía, en traballo grupal, as vertentes positivas e negativas das aplicacións da intelixencia artificial, así como os perigos que pode representar pola súa capacidade para o control do ser humano, invadindo a súa intimidade e a súa liberdade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
Bloque 5. A construción do ser humano. Motivación, personalidade e afectividade.				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ g</li> <li>▪ m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Teorías sobre a motivación: homeostática; das necesidades; do incentivo; cognitivas; psicanalíticas; humanistas.</li> <li>▪ B5.2. Causas da frustración. Clasificación dos conflitos de Lewin.</li> <li>▪ B5.3. Alternativas á frustración: agresión, logro indirecto, evasión, depresión ou aceptación.</li> <li>▪ B5.4. Motivación e consecución de logros no ámbito laboral e no educativo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Explicar e valorar a importancia da motivación, a súa clasificación e a súa relación con outros procesos cognitivos, desenvolvendo os supostos teóricos que a explican e analizando as deficiencias e os conflitos que no seu desenvolvemento conducen á frustración.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB5.1.1. Utiliza e selecciona información acerca das teorías da motivación (homeostática; das necesidades; do incentivo; cognitivas; psicanalíticas; humanistas), utilizando mapas conceptuais, e elabora conclusións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB5.1.2. Recorre á súa iniciativa para realizar unha presentación, con medios informáticos, acerca das causas da frustración, partindo da clasificación dos conflitos de Lewin e valorando as respostas alternativas a esta, como a agresión, o logro indirecto, a evasión, a depresión ou a súa aceptación (tolerancia á frustración).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB5.1.3. Argumenta, en colaboración grupal, sobre a importancia da motivación no ámbito laboral e educativo, analizando a relación entre</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> </ul>

Psicoloxía. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			motivación e consecución de logros.	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> <li>▪ m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.5. Teorías da personalidade</li> <li>▪ B5.6. Fases do desenvolvemento da personalidade</li> <li>▪ B5.7. Métodos de avaliación da personalidade e as súas limitacións.</li> <li>▪ B5.8. Relación entre a conciencia e os procesos inconscientes.</li> <li>▪ B5.9. Drogas; alteracións de conciencia e de personalidade.</li> <li>▪ B5.10. Identidade e autoestima.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.2. Comprender o que é a personalidade, analizando as influencias xenéticas, ambientais e culturais sobre as que se edifica, as teorías que a estudan e os factores motivacionais, afectivos e cognitivos necesarios para a súa axeitada evolución, en cada fase do seu desenvolvemento.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB5.2.1. Describe, establecendo semellanzas e diferenzas, as teorías da personalidade, como as provenientes da psicanálise, o humanismo, as tipoloxías, o cognitivismo e o condutismo, valorando as achegas que cada unha delas realizou no coñecemento da natureza humana.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB5.2.2. Recorre á súa iniciativa persoal para realizar unha presentación, a través de medios audiovisuais, sobre as fases do desenvolvemento da personalidade, por exemplo segundo a teoría psicanalista, e elaborar conclusións sobre os cambios que se producen en cada unha delas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB5.2.3. Analiza, valorando criticamente, as limitacións dalgúns métodos e estratexias para a avaliación da personalidade, como son as probas proxectivas (test de Rorschach, TAT, test da frustración de Rosenzweig, etc.), as probas non proxectivas (16 FP, NEO-PI-R e MMPI) e as técnicas fisiolóxicas (tomografías, etc.).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB5.2.4. Diserta sobre a complexa relación entre a función da conciencia e os procesos inconscientes, analizando algúns fenómenos inconscientes, como os soños ou a hipnose.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB5.2.5. Investiga, en traballo grupal, sobre os estados alterados de conciencia provocados polas drogas, valorando criticamente a súa influencia nas alteracións da personalidade, e presenta as súas conclusións de maneira argumentada.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>

I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía

Psicoloxía. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			<ul style="list-style-type: none"> <li>PSB5. 2.6. Indaga sobre a relación entre identidade e autoestima, valorando criticamente a importancia do concepto de si mesmo/a e as repercusións que iso ten no desenvolvemento persoal e vital.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>b</li> <li>c</li> <li>e</li> <li>g</li> <li>h</li> <li>m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B5.11. Perspectivas, modelos de estudo e métodos usados para tratar as psicopatoloxías.</li> <li>B5.12. Trastornos en relación ás necesidades biolóxicas e ás adiccións.</li> <li>B5.13. Trastornos en relación ás emocións.</li> <li>B5.14. Trastornos en relación a elementos corporais.</li> <li>B5.15. Trastornos en relación á personalidade.</li> <li>B5.16. Trastornos en relación ao desenvolvemento evolutivo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B5.3. Entender e reflexionar sobre a complexidade que implica definir o que é un trastorno mental, describindo algúns dos factores xenéticos, ambientais e evolutivos implicados, co fin de comprender as perspectivas psicopatolóxicas e os seus métodos de estudo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>PSB5.3.1. Describe perspectivas e modelos de estudo da psicopatoloxía, e reflexiona sobre os métodos utilizados por cada unha delas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>PSB5.3.2. Utiliza a súa iniciativa persoal para realizar un cadro esquemático, en colaboración grupal e utilizando medios informáticos, acerca das características relativas a algúns tipos de trastornos, por exemplo os asociados ás necesidades biolóxicas e ás adiccións (sexuais, alimentarias, drogodependencias, etc.), ás emocións (ansiedade e depresión), a elementos corporais (psicosomáticos, somatomorfos e disociativos), á personalidade (esquizoide, paranoide, límite, dependente, narcisista, antisocial, etc.), ao desenvolvemento evolutivo (autismo, atraso mental, déficit de atención e hiperactividade, da aprendizaxe, asociados á vellez), etc.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>b</li> <li>d</li> <li>e</li> <li>g</li> <li>h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B5.17. Compoñentes hereditarios e aprendidos dos afectos.</li> <li>B5.18. Relación entre emoción e cognición.</li> <li>B5.19. Emocións primarias, secundarias e autoconscientes.</li> <li>B5.20. Teorías sobre a emoción, como experiencia, como comportamento ou como suceso fisiolóxico. A psicoafectividade e o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B5.4. Recoñecer e valorar os tipos de afectos, así como a orixe dalgúns trastornos emocionais, co obxecto de espertar o seu interese polo desenvolvemento persoal desta capacidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>PSB5.4.1. Explica os tipos de afectos (sentimento, emoción e paixón), especificando os seus determinantes hereditarios e aprendidos, e analizando a relación entre emoción e cognición.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>PSB5.4.2. Describe as emocións primarias (medo, noxo, alegría, tristura, ira, sorpresa, etc.) e secundarias (ansiedade, hostilidade, humor, felicidade, amor, etc.), distinguíndoas das emocións autoconscientes (culpa, vergoña,</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>



I.E.S. CORUXO. *Departamento de filosofía*

Psicología. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	equilibrio da persoa. ■ B5.21. Trastornos e problemas emocionais.		orgullo, etc.). ■ PSB5.4.3. Realiza un cadro comparativo sobre as teorías sobre a emoción, por exemplo como experiencia, como comportamento ou como suceso fisiolóxico, valorando a importancia da psicoafectividade no equilibrio da persoa. ■ PSB5.4.4. Investiga, a través de internet, algúns trastornos emocionais (indiferenza emocional, dependencia afectiva, trastorno maníaco-depresivo, descontrol emotivo, etc.) e problemas emocionais (medo, fobias, ansiedade, estrés, depresión, etc.), exemplificando a través dalgún soporte audiovisual, e elabora as súas conclusións.	■ CSC ■ CD
■ b ■ e ■ m	■ B5.22. Importancia da afectividade e da sexualidade na maduración da persoa. Psicología da sexualidade. ■ B5.23. Comunicación emocional: linguaxe verbal e non verbal.	■ B5.5. Coñecer a importancia que na maduración da persoa teñen as relacións afectivas e sexuais, analizando criticamente os seus aspectos fundamentais.	■ PSB5.5.1. Identifica e aprecia a importancia que, no desenvolvemento e na maduración da persoa, teñen a afectividade e a sexualidade, como dimensións esenciais do ser humano, e describe os aspectos fundamentais da psicología da sexualidade: fisioloxía da resposta sexual, conduta sexual, etc. ■ PSB5.5.2. Diserta sobre a importancia da linguaxe verbal e non verbal como medios de comunicación emocional na nosa vida cotiá, e expón de xeito claro e argumentado as súas conclusións.	■ CSC ■ CCL
Bloque 6. Psicología social e das organizacións				
■ a ■ b	■ B6.1. Impacto das diferenzas culturais no comportamento individual: a súa influencia nos esquemas cognitivos, na personalidade e na vida	■ B6.1. Comprender e apreciar a dimensión social do ser humano, e entender o proceso de socialización como a interiorización das normas e	■ PSB6.1.1. Analiza e valora as diferenzas culturais e o seu impacto no comportamento das persoas ao exercer a súa influencia nos esquemas	■ CSC

I.E.S. CORUXO. *Departamento de filosofía*

Psicoloxía. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ c</li> <li>▪ g</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ afectiva.</li> <li>▪ B6.2. Proceso de socialización. Influencia no desenvolvemento persoal dos grupos, os papeis e os status sociais.</li> <li>▪ B6.3. Orixe social das actitudes persoais. Influencia en condutas violentas en distintos ámbitos.</li> <li>▪ B6.4. Roles sociais de xénero e as súas consecuencias no pensamento e na conduta do home e da muller</li> </ul>	<p>valores sociais, apreciando a súa influencia na personalidade e na conduta das persoas.</p>	<p>cognitivos, a personalidade e a vida afectiva do ser humano.</p>	
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB6.1.2. Realiza unha presentación, colaborando en grupo e utilizando medios informáticos, sobre o proceso de socialización humana e a influencia dos grupos, os papeis e os status sociais no desenvolvemento da persoa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB6.1.3. Investiga acerca da orixe social das actitudes persoais, valorando a súa utilidade para a predición da conduta humana e a súa influencia en condutas de violencia escolar, laboral, doméstica e de xénero, entre outras.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> <li>▪ m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.5. Procesos psicolóxicos de masas: impulsividade, intolerancia, inconsciencia, falta de perseveranza, volubilidade e falta de capacidade crítica.</li> <li>▪ B6.6. Estudo psicolóxico das masas de Gustav Le Bon. Contaxio de sentimentos e emocións, e perda temporal da personalidade individual e consciente da persoa.</li> <li>▪ B6.7. Psicoloxía de Erikson e a súa explicación das condutas radicais e irracionais nalgúns grupos.</li> <li>▪ B6.8. Medidas para previr a conversión das persoas en masa.</li> </ul>	<p>▪ B6. 2. Coñecer e valorar os procesos psicolóxicos das masas, a súa natureza, as características e as pautas de comportamento, co fin de evitar as situacións de vulnerabilidade en que da persoa poida perder o control sobre os seus propios actos.</p>	<p>▪ PSB6.2.1. Procura e selecciona información en internet acerca das características da conduta do individuo inmerso na masa, tales como impulsividade, intolerancia, inconsciencia, falta de perseveranza, volubilidade e falta de capacidade crítica, entre outras.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB6.2.2. Utiliza e selecciona información acerca do estudo psicolóxico das masas, realizado por Gustav Le Bon, e elabora conclusións acerca do poder da persuasión, o contaxio de sentimentos e emocións que se produce nas masas e os seus efectos na perda temporal da personalidade individual e consciente da persoa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB6.2.3. Indaga na psicoloxía de Erikson e destaca algunhas das causas psicolóxicas explicativas que sinala acerca dos actos terroristas ou do pensamento radical e irracional que se pon de manifesto en seguidores/as de equipos deportivos, artistas, grupos políticos,</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>

I.E.S. CORUXO. *Departamento de filosofía*

Psicología. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			relixiosos, etc.	
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB6.2.4. Elabora conclusións, en colaboración grupal, e formula pautas de conduta preventivas co fin de evitar que as persoas se convertan en parte da masa, perdendo o control da súa conduta, dos seus pensamentos e dos seus sentimentos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ e</li> <li>▪ h</li> <li>▪ m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.9. Aplicación da Psicología no mundo laboral. Recursos humanos: selección de persoal, integración na empresa, e evolución persoal e profesional.</li> <li>▪ B6.10. Aplicación da psicología no mundo laboral. Factores psicolóxicos e desenvolvemento laboral: adaptación, innovación, traballo colaborador, xestión de coñecementos, creatividade, autoestima, proposición de retos, motivación, fomento da participación, autonomía e xeración de ambientes creativos.</li> <li>▪ B6.11. Aplicación da psicología no mundo laboral. Riscos da saúde psicolóxica laboral.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.3. Entender e describir a importancia da psicología no campo laboral e o desenvolvemento das organizacións, reflexionando sobre a importancia do liderado como condición necesaria para a xestión das empresas, reflexionando sobre os erros psicolóxicos que se producen na súa xestión e procurando os recursos axeitados para afrontar os problemas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB6.3.1. Comenta e aprecia a importancia da aplicación da psicología no mundo laboral, en temas tales como os aspectos psicolóxicos que inflúen na produtividade e no desenvolvemento empresarial, a importancia dos métodos e das técnicas psicolóxicas para a selección de persoal segundo os perfís laborais e a resolución de conflitos, etc.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB6.3.2. Procura e selecciona información sobre recursos humanos: selección de persoal e desenvolvemento de programas profesionais favorecedores da integración do persoal traballador na empresa, e a súa evolución persoal e profesional.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB6.3.3. Describe a importancia dos factores psicolóxicos que inflúen no desenvolvemento laboral, como a adaptación, a innovación, o traballo colaborador, a xestión de coñecementos, a creatividade e a autoestima, identificando factores fundamentais, como a proposición de retos, a motivación, o fomento da participación, a autonomía e a xeración de ambientes creativos, mediante exemplos de casos concretos e reflexionando criticamente sobre a súa aplicación en diversos ámbitos de traballo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>

Psicología. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			<ul style="list-style-type: none"> <li>PSB6.3.4. Investiga, en páxinas de internet, acerca dos principais riscos da saúde laboral, como son o estrés, a ansiedade, o mobbing e a síndrome de Burnout.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CD</li> </ul>

<b>Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles</b>	
<b>Criterio de avaliación</b>	<b>Estándar de aprendizaxe</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.1. Entender e apreciar a especificidade e a importancia do coñecemento psicolóxico, como ciencia que trata da conduta e os procesos mentais do individuo, valorando que se trata dun saber e unha actitude que estimula a crítica, a autonomía, a investigación e a innovación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>PSB1.1.1. Explica e constrúe un marco de referencia global da psicología, desde as súas orixes en Grecia (nas filosofías de Platón e Aristóteles), ata o seu recoñecemento como saber independente da man de Wundt, Watson, James e Freud, definindo as acepcións do termo psicología ao longo da súa evolución, desde o etimolóxico, como "ciencia da alma", aos achegados polas correntes actuais: condutismo, cognitivismo, psicanálise, humanismo ou Gestalt.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.2. Identificar a dimensión teórica e práctica da psicología, os seus obxectivos, as súas características e as súas ramas e técnicas de investigación, relacionándoas, como ciencia multidisciplinar, con outras ciencias cuxo fin é a comprensión dos fenómenos humanos, como a filosofía, a bioloxía, a antropoloxía, a economía, etc.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>PSB1.2.1. Explica e estima a importancia dos obxectivos que caracterizan a psicología: describir, explicar, predicir e modificar.</li> <li>PSB1.2.2. Distingue e relaciona as facetas teórica e práctica da psicología, e identifica as ramas en que se desenvolven (clínica e da saúde, da arte, das actividades físico-deportivas, da educación, forense, da intervención social, ambiental, etc.), investigando e valorando a súa aplicación nos ámbitos de atención na comunidade, como na familia e na infancia, na terceira idade, en minusvalías, muller, xuventude, minorías sociais e inmigrantes, cooperación para o desenvolvemento, etc.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.3. Recoñecer e expresar as achegas máis importantes da psicología, desde os seus inicios ata a actualidade, identificando os principais problemas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>PSB1 3.2. Utiliza a súa capacidade de aprender a aprender, realizando os seus propios mapas conceptuais, utilizando medios informáticos, acerca das</li> </ul>

**I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

<p>formulados e as solucións achegadas polas correntes psicolóxicas contemporáneas, e realizando unha análise crítica de textos significativos e breves de contido psicolóxico, identificando as problemáticas formuladas e relacionándoas co estudado na unidade.</p>	<p>seguintes teorías: psicanálise, condutismo, teoría cognitiva, Gestalt, humanismo e psicobioloxía.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB1.3.4. Utiliza a súa iniciativa para expor as súas conclusións argumentadamente, mediante presentacións gráficas, en medios audiovisuais.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Explicar a evolución do cerebro humano desde un enfoque antropolóxico, distinguindo as súas características específicas das doutros animais, co fin de apreciar a importancia do desenvolvemento neurolóxico e as consecuencias que delas se derivan.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB2.1.2. Investiga a través de internet a filoxénese humana e a evolución do cerebro, explicando e apreciando a relación directa que mantén co desenvolvemento da conduta humana.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.2. Analizar e apreciar a importancia da organización do sistema nervioso central, fundamentalmente do encéfalo humano, distinguindo as localizacións e as funcións que determinan a conduta dos individuos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB2.2.1. Realiza unha presentación, con medios informáticos, en colaboración grupal, sobre a morfoloxía neuronal e a sinapse, describindo o proceso de transmisión sináptica e os factores que a determinan, o impulso nervioso e os neurotransmisores.</li> <li>▪ PSB2.2.2. Investiga e explica a organización das áreas cerebrais e as súas funcións, e localiza nun debuxo as devanditas áreas.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.3. Entender e valorar as técnicas actuais de investigación do cerebro e o seu impacto no avance científico acerca da explicación da conduta e na superación dalgúns trastornos e dalgúns doenzas mentais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB2.3.1. Describe e compara as técnicas científicas de investigación do cerebro: anxiogramas, EEG, TAC, TEP, IRM, intervencións directas e estudo de casos.</li> <li>▪ PSB2.3.2. Analiza e aprecia o impulso que estas técnicas de investigación cerebral lle deron ao coñecemento do comportamento humano e á solución dalgúns patoloxías.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.4. Comprender e recoñecer algunhas das bases xenéticas que determinan a conduta humana, apreciando a relación de causa e efecto que pode existir entre ambas as dúas e destacando a orixe dalgúns doenzas producidas por alteracións xenéticas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB2.4.3. Localiza e selecciona información en internet acerca de distintos tipos de doenzas causadas por alteracións xenéticas, tales como a síndrome de Down, a síndrome de Turner, a síndrome do miaño de gato ou a síndrome de Klinefelter, entre outras.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Comprender a percepción humana como un proceso construtivo eminentemente subxectivo e limitado, no cal ten a súa orixe o coñecemento sobre a realidade, valorando o ser humano como un procesador de información.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB3.1.1. Distingue e relaciona os elementos que interveñen no fenómeno da percepción (estímulo, sentido, sensación e limiares de percepción), recoñecéndoo dentro das fases do proceso perceptivo (excitación, transdución, transmisión e recepción).</li> </ul>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB3.1.3. Elabora unha presentación con medios audiovisuais e en colaboración grupal, desenvolvendo a súa iniciativa persoal e as leis gestálticas da percepción, valorando a súa achega conceptual e identificando exemplos concretos de como actúan (por exemplo, a través de obras pictóricas ou fotografías).</li> <li>▪ PSB3.1.4. Procura e selecciona información, utilizando páxinas web, acerca dalgúns tipos de ilusións ópticas, diferenciándoas dos trastornos perceptivos como as alucinacións e a agnosia.</li> <li>▪ PSB3.1.5. Comenta e aprecia algúns fenómenos perceptivos, como a constancia perceptiva, a percepción subliminar e extrasensorial, o membro fantasma e a percepción por estimulación eléctrica do cerebro (por exemplo, o ollo de Dobelle) entre outros, e expón as súas conclusións a través de soportes de presentación informáticos.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.3. Coñecer e analizar a estrutura, os tipos e o funcionamento da memoria humana, investigando as achegas dalgúns teorías actuais, co fin de entender a orixe e os factores que inflúen no desenvolvemento desta capacidade no ser humano, e utilizar as súas achegas na súa propia aprendizaxe.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB3.3.1. Relaciona os conceptos de atención e concentración como puntos de partida da memoria, distinguindo os tipos de atención e os tipos de alteración que poden sufrir.             <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB3.3.3. Procura e selecciona información en páxinas web e libros especializados, acerca das principais causas do esquecemento, tales como as fisiolóxicas, as producidas por lesións, por represión, por falta de procesamento, por contexto inadecuado, etc., e elabora conclusións.</li> </ul> </li> <li>▪ PSB3.3.5. Exemplifica, a través de medios audiovisuais, algunhas distorsións ou alteracións da memoria, como a amnesia, a hipermnnesia, a paramnesia e os falsos recordos, desenvolvendo a súa capacidade emprendedora.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Explicar as principais teorías sobre a aprendizaxe, identificando os factores que cada unha delas considera determinantes neste proceso, co obxecto de iniciarse na comprensión deste fenómeno e das súas aplicacións no campo social, e utilizar os seus coñecementos para mellorar a súa propia aprendizaxe.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB4.1.1. Utiliza a súa iniciativa persoal para confeccionar, utilizando medios informáticos, un cadro comparativo das teorías da aprendizaxe: condicionamento clásico (Pavlov e Watson); aprendizaxe por ensaio-erro (Thorndike); condicionamento instrumental (Skinner); teoría cognitiva (Piaget); Gestalt (Khöler); aprendizaxe social ou vicaria (Bandura), etc.             <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB4.1.2. Analiza e aprecia os resultados da aplicación das técnicas de</li> </ul> </li> </ul>

	<p>condicionamento na publicidade, mediante a localización destas últimas en exemplos de casos concretos, utilizados nos medios de comunicación audiovisual.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.2. Comprender os procesos cognitivos superiores do ser humano, como a intelixencia e o pensamento, mediante o coñecemento dalgunhas teorías explicativas da súa natureza e o seu desenvolvemento, distinguindo os factores que inflúen nel e investigando a eficacia das técnicas de medición utilizadas e o concepto de CI, co fin de entender esta capacidade humana.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB4.2.1. Elabora mapas conceptuais dalgunhas das actuais teorías sobre a intelixencia, valorando as achegas que no seu estudo tivo cada unha delas, como por exemplo a teoría factorial de Spearman, a multifactorial de Thurstone e as de Cattell, Vernon, Sternberg, Gardner, etc.             <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB4.2.2. Utiliza a súa iniciativa persoal para elaborar un esquema explicativo sobre as fases do desenvolvemento da intelixencia segundo J. Piaget, valorando a importancia das influencias xenéticas e do medio neste proceso.</li> </ul> </li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Explicar e valorar a importancia da motivación, a súa clasificación e a súa relación con outros procesos cognitivos, desenvolvendo os supostos teóricos que a explican e analizando as deficiencias e os conflitos que no seu desenvolvemento conducen á frustración.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB5.1.1. Utiliza e selecciona información acerca das teorías da motivación (homeostática; das necesidades; do incentivo; cognitivas; psicanalíticas; humanistas), utilizando mapas conceptuais, e elabora conclusións.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.2. Comprender o que é a personalidade, analizando as influencias xenéticas, ambientais e culturais sobre as que se edifica, as teorías que a estudan e os factores motivacionais, afectivos e cognitivos necesarios para a súa axeitada evolución, en cada fase do seu desenvolvemento.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB5.2.1. Describe, establecendo semellanzas e diferenzas, as teorías da personalidade, como as provenientes da psicanálise, o humanismo, as tipoloxías, o cognitivismo e o condutismo, valorando as achegas que cada unha delas realizou no coñecemento da natureza humana.             <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB5.2.5. Investiga, en traballo grupal, sobre os estados alterados de conciencia provocados polas drogas, valorando criticamente a súa influencia nas alteracións da personalidade, e presenta as súas conclusións de maneira argumentada.</li> </ul> </li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.3. Entender e reflexionar sobre a complexidade que implica definir o que é un trastorno mental, describindo algúns dos factores xenéticos, ambientais e evolutivos implicados, co fin de comprender as perspectivas psicopatolóxicas e os seus métodos de estudo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB5.3.1. Describe perspectivas e modelos de estudo da psicopatoloxía, e reflexiona sobre os métodos utilizados por cada unha delas.</li> <li>▪ PSB5.3.2. Utiliza a súa iniciativa persoal para realizar un cadro esquemático, en colaboración grupal e utilizando medios informáticos, acerca das características relativas a algúns tipos de trastornos, por exemplo os asociados</li> </ul>

	<p>ás necesidades biolóxicas e ás adiccións (sexuais, alimentarias, drogodependencias, etc.), ás emocións (ansiedade e depresión), a elementos corporais (psicosomáticos, somatomorfos e disociativos), á personalidade (esquizoide, paranoide, limítrofe, dependente, narcisista, antisocial, etc.), ao desenvolvemento evolutivo (autismo, atraso mental, déficit de atención e hiperactividade, da aprendizaxe, asociados á vellez), etc.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.4. Recoñecer e valorar os tipos de afectos, así como a orixe dalgúns trastornos emocionais, co obxecto de espertar o seu interese polo desenvolvemento persoal desta capacidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB5.4.1. Explica os tipos de afectos (sentimento, emoción e paixón), especificando os seus determinantes hereditarios e aprendidos, e analizando a relación entre emoción e cognición.</li> <li>▪ PSB5.4.2. Describe as emocións primarias (medo, noxo, alegría, tristura, ira, sorpresa, etc.) e secundarias (ansiedade, hostilidade, humor, felicidade, amor, etc.), distinguíndoas das emocións autoconscientes (culpa, vergoña, orgullo, etc.).</li> <li>▪ PSB5.4.4. Investiga, a través de internet, algúns trastornos emocionais (indiferenza emocional, dependencia afectiva, trastorno maníaco-depresivo, descontrol emotivo, etc.) e problemas emocionais (medo, fobias, ansiedade, estrés, depresión, etc.), exemplificando a través dalgún soporte audiovisual, e elabora as súas conclusións.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.5. Coñecer a importancia que na maduración da persoa teñen as relacións afectivas e sexuais, analizando criticamente os seus aspectos fundamentais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB5.5.1. Identifica e aprecia a importancia que, no desenvolvemento e na maduración da persoa, teñen a afectividade e a sexualidade, como dimensións esenciais do ser humano, e describe os aspectos fundamentais da psicoloxía da sexualidade: fisioloxía da resposta sexual, conduta sexual, etc.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.1. Comprender e apreciar a dimensión social do ser humano, e entender o proceso de socialización como a interiorización das normas e valores sociais, apreciando a súa influencia na personalidade e na conduta das persoas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB6.1.1. Analiza e valora as diferenzas culturais e o seu impacto no comportamento das persoas ao exercer a súa influencia nos esquemas cognitivos, a personalidade e a vida afectiva do ser humano.</li> <li>▪ PSB6.1.3. Investiga acerca da orixe social das actitudes persoais, valorando a súa utilidade para a predición da conduta humana e a súa influencia en condutas de violencia escolar, laboral, doméstica e de xénero, entre outras.</li> </ul>



<ul style="list-style-type: none"><li>▪ B6. 2. Coñecer e valorar os procesos psicolóxicos das masas, a súa natureza, as características e as pautas de comportamento, co fin de evitar as situacións de vulnerabilidade en que da persoa poida perder o control sobre os seus propios actos.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>▪ PSB6.2.1. Procura e selecciona información en internet acerca das características da conduta do individuo inmerso na masa, tales como impulsividade, intolerancia, inconsciencia, falta de perseveranza, volubidade e falta de capacidade crítica, entre outras.</li><li>▪ PSB6.2.4. Elabora conclusións, en colaboración grupal, e formula pautas de conduta preventivas co fin de evitar que as persoas se convertan en parte da masa, perdendo o control da súa conduta, dos seus pensamentos e dos seus sentimentos.</li></ul>

## **5. TEMPORALIZACIÓN E SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS**

Os contidos da materia e o desenvolvemento quedan artellados do seguinte xeito:

### **1ª AVALIACIÓN**

UNIDADE 1. A psicoloxía como ciencia

UNIDADE 2. Fundamentos biolóxicos da conduta e do pensamento

UNIDADE 3. Procesos cognitivos básicos

### **2ª AVALIACIÓN**

UNIDADE 4. Procesos cognitivos superiores: a aprendizaxe

UNIDADE 5. Procesos cognitivos superiores: pensamento e intelixencia

UNIDADE 6. A construción do ser humano: motivación, afectividade e sexualidade

UNIDADE 7. A construción do ser humano: a personalidade e os seus trastornos

### **3ª AVALIACIÓN**

## **I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

UNIDADE 8. A construción do ser humano: a conciencia, o inconsciente e algunhas formas de semiconsciencia

UNIDADE 9. Psicoloxía social: coñecemento e influencia social

UNIDADE 10. Psicoloxía social: psicoloxía de grupos e organizacións

Esta distribución dos contidos e a súa secuenciación, debido á curta duración do 2º curso de bacharelato, poderán sufrir modificacións de acordo coas necesidades lectivas e as circunstancias que permitan abranguer os contidos mínimos esixibles. Os alumnos serán informados en todo momento destas modificacións.

### **6. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN**

- \* **Análise dos conceptos** que se estudan en cada tema e das relacións lóxicas que se poidan establecer entre eles a través do comentario de textos breves de psicoloxía.
- \* **Comparación e contraste das perspectivas psicolóxicas, filosóficas, científicas... sobre as diversas cuestións** que se susciten por medio de textos axeitados ó nivel do alumnado e que poidan fomentar o debate e combater o dogmatismo. Isto non implica a neutralidade do profesor/ra senón o razoamento das diversas posturas dando o seu posible punto de vista igual que o pode facer o alumno/a **individualmente ou en grupo**, pero sempre articulando desde un punto de vista crítico as posibles opcións e criterios a defender mediante razoamentos lóxicos.
- \* **Planificación e produción de exposicións orais e debates** sobre temas tratados, orientados a fomentar a coherencia, a claridade e o rigor na expresión e na argumentación das ideas. Isto tería un carácter puntual e non sistemático pois non o permite o tempo de tres horas semanais de clase.
- \* **Elaboración de traballos individuais sobre temas concretos** como traballos de investigación integrando diversas fontes en un análise persoal das mesmas.
- \* **Lectura de libros**, sexan estritamente psicolóxicos ou de carácter literario (fundamentalmente novelas) pero con posibilidade de relacionar coa filosofía de xeito que se fomente a lectura autónoma por parte do alumnado.

### **7. CRITERIOS, METODOLOXÍA E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN**

A metodoloxía didáctica no Bacharelato debe favorecer a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo, para traballar en equipo e para aplicar os métodos apropiados de comentario e análise de texto, definición conceptual e, ademais, tamén debe subliñar a relación dos aspectos teóricos das materias tanto coa vida cotiá como con outras materias.

En Bacharelato, a relativa especialización das materias determina que a metodoloxía didáctica estea fortemente condicionada polo compoñente epistemolóxico de cada materia e polas esixencias do tipo de coñecemento propio de cada unha.

Ademais, a finalidade propedéutica e orientadora da etapa esixe o traballo con metodoloxías específicas e que estas comporten un importante grao de rigor científico e de desenvolvemento de capacidades intelectuais de certo nivel (analíticas, explicativas e interpretativas).

En razón disto se establecen os seguintes criterios e estratexias didácticas para traballar a materia:

- **Adaptación** ás características do alumnado de Bacharelato, ofrecendo actividades diversificadas de acordo coas capacidades intelectuais propias da etapa.
- **Autonomía:** facilitar a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo.
- **Actividade:** fomentar a participación do alumnado na dinámica xeral da aula, combinando estratexias que propicien a individualización con outras que fomenten a socialización.
- **Motivación:** procurar espertar o interese do alumnado pola aprendizaxe que se lle propón.
- **Integración e interdisciplinabilidade:** presentar os contidos cunha estrutura clara, mostrando as relacións entre os contidos de Filosofía e os doutras disciplinas doutras áreas.
- **Rigor e desenvolvemento de capacidades intelectuais** de certo nivel (analíticas, explicativas e interpretativas).
- **Variedade na metodoloxía,** dado que o alumnado aprende a partir de fórmulas moi diversas.

Máis concretamente, o alumno deberá:

- 1. Ler comprensivamente e analizar, de forma crítica, textos** significativos e breves, pertencentes á psicoloxía.
- 2. Argumentar e razoar os propios puntos de vista** sobre as temáticas estudadas na unidade, de forma oral e escrita, con claridade e coherencia.
- 3. Seleccionar e sistematizar información** obtida de diversas fontes.
- 4. Analizar e argumentar sobre propostas psicolóxicas, elaborando de forma colaborativa esquemas, mapas conceptuais, táboas cronolóxicas e outros procedementos útiles, mediante o uso de medios e plataformas dixitais.**

Non se seguirá un libro de texto determinado, se ben se recomendará completar as explicacións con calquera dos que existen no mercado editorial. O profesor proporcionará apuntes ou materiais complementarios para que os alumnos os fotocopien; nembargantes, o alumno deberá de xeito autónomo tomar apuntes das explicacións, exposicións ou vídeos que reciba, posta en práctica que será de moita utilidade cara o seu futuro académico e profesional.

Ademais disto, **algunhas das técnicas e instrumentos** que poden ser **utilizados para traballar e avaliar** a materia son: *diálogos e debates activos, cuestionarios escritos e orais, test de avaliación inicial e final por contidos concretos, comentarios de texto, elaboración de composicións filosóficas, confección de mapas conceptuais, técnicas de argumentación escrita, investigación bibliográfica e traballos concretos sobre algún aspecto do autor, obra e contexto, visionado e análise filosófica de películas, etc.*

## **I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

Estes procedementos e instrumentos teñen en conta o **fomento da lectura** comprensiva e interpretativa, ademais da **utilización na aula das TIC**, fundamentais para a adquisición e desenvolvemento da información que van artellar de xeito crítico.

Entre outras estratexias e actividades:

### **As estratexias expositivas**

Preséntanlle ao alumnado, oralmente ou mediante textos, un coñecemento xa elaborado que debe asimilar. Resultan adecuadas para as propostas introdutorias e panorámicas e para ensinar feitos e conceptos; especialmente aqueles máis abstractos e teóricos, que dificilmente o alumnado pode alcanzar só con axudas indirectas.

Non obstante, resulta moi conveniente que esta estratexia se acompañe da realización polo alumnado de actividades, que posibiliten enlazar os novos coñecementos cos que xa posúe.

### **As estratexias de comentario e análise textual**

Preséntanlle ao alumnado unha serie de materiais en bruto que debe elaborar, seguindo unhas pautas de actuación. Trátase de enfrontalo a textos, argumentacións e debates problemáticos nos que debe poñer en práctica e utilizar reflexivamente conceptos, procedementos e actitudes para así adquirilos de forma consistente.

O emprego destas estratexias está máis relacionado coa aprendizaxe de procedementos, aínda que estes levan consigo, á súa vez, a adquisición de conceptos, dado que tratan de poñer o alumnado en situacións que fomenten a súa reflexión e poñan en xogo as súas ideas e conceptos. Tamén son moi útiles para a aprendizaxe e o desenvolvemento de hábitos, actitudes e valores.

As técnicas didácticas en que poden traducirse estas estratexias son moi diversas. Entre elas destacamos polo seu interese as tres seguintes:

- **As tarefas sen unha solución clara e pechada**, nas que as distintas opcións son igualmente posibles e válidas, para facer reflexionar o alumnado sobre a complexidade dos problemas humanos e sociais, sobre o carácter relativo e imperfecto das solucións achegadas para eles e sobre a natureza provisional do coñecemento humano.
- **O estudo de casos ou feitos e situacións concretas** como instrumento para motivar e facer máis significativo o estudo dos fenómenos xerais e para abordar os procedementos de causalidade múltiple.
- **Os proxectos de investigación, estudos ou traballos de redacción** habitúan o alumnado a afrontar e a resolver problemas con certa autonomía, a formular preguntas e a adquirir experiencia na busca e a consulta autónoma. Ademais, facilítanlle unha experiencia valiosa sobre o traballo dos especialistas na materia.

En calquera das estratexias didácticas adoptadas é esencial a realización de actividades por parte do alumnado, posto que cumpren os obxectivos seguintes:

- Afianzan a comprensión dos conceptos e permítenlle ao profesorado comprobalo.
- Son a base para o traballo cos textos e para fomentar as capacidades de comprensión, análise e razoamento.
- Permiten darlles unha dimensión múltiple aos conceptos, percibindo as súas conexións con outras nocións e a súa aplicación a diferentes ámbitos do coñecemento.
- Fomentan actitudes que axudan á formación humana do alumnado.

Por iso, como criterios para a selección das actividades propóñense actividades de diverso tipo para cuxa selección se seguirán estes criterios:

- Que desenvolvan a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo, utilizando diversas estratexias.
- Que proporcionen situacións de aprendizaxe que esixan unha intensa actividade mental e leven a reflexionar e a xustificar as afirmacións ou as actuacións.
- Que estean perfectamente relacionadas cos contidos teóricos.
- Que teñan unha formulación clara, para que o alumnado entenda sen dificultade o que debe facer.
- Que sexan variadas e permitan afianzar os conceptos, traballar os procedementos (textos, imaxes, películas e outros documentos), desenvolver actitudes que colaboren na formación humana e atender á diversidade na aula (teñen distinto grao de dificultade).
- Que lles dean unha proxección práctica aos contidos, aplicando os coñecementos á realidade.
- Que sexan motivadoras e conecten cos intereses do alumnado, por referirse a temas actuais ou relacionados co seu medio.

### **Algúns tipos de actividades**

Sobre a base destes criterios, as actividades programadas responden a unha tipoloxía variada que se encadra dentro das categorías seguintes:

**Actividades de ensino-aprendizaxe.** A esta tipoloxía responde unha parte importante das actividades propostas no libro de texto. Encóntanse nos apartados seguintes:

- En cada un dos grandes subapartados en que se estruturan as unidades didácticas propóñense actividades ao fío dos contidos estudados. Son, xeralmente, de localización, afianzamento, análise e interpretación de textos e ampliación de conceptos.
- Ao final de cada unidade didáctica propóñense actividades de comentario de textos clásicos, análise de documentos audiovisuais (películas ou documentais) e de obras de arte.

## I.E.S. CORUXO. *Departamento de filosofía*

**Actividades de aplicación** dos contidos teóricos á realidade e ao medio do alumnado. Este tipo de actividades, nuns casos, refírense a un apartado concreto do tema e, polo tanto, inclúense entre as actividades propostas ao fío da exposición teórica; noutros casos, preséntanse como traballos de investigación ou reflexión persoal argumentada sobre algúns temas.

**Actividades encamiñadas a fomentar a concienciación**, o debate, o xuízo crítico, a tolerancia, a solidariedade... Este tipo de actividades adoita aparecer ao final dalgunhas unidades do libro de texto.

Por outra parte, as actividades programadas presentan diversos niveis de dificultade. Desta forma permiten dar resposta á diversidade do alumnado, posto que poden seleccionarse aquelas máis acordes co seu estilo de aprendizaxe e cos seus intereses.

A corrección das actividades fomenta a participación do alumnado na clase, aclara dúbidas e permítelle ao profesorado coñecer, de forma case inmediata, o grao de asimilación dos conceptos teóricos, o nivel co que se manexan os procedementos e os hábitos de traballo.

## **8. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**

**a)** Para valorar o grao de consecución de los obxectivos propostos nas diferentes unidades o profesor poderá realizar **diferentes tipos de probas escritas**, utilizando **comentarios de texto libres u orientados, desenvolvemento de temas específicos**, así como **preguntas de tipo ensaio, test o cuestionarios** para valorar o grao de asimilación da materia. **O valor destas probas será do 50%** da cualificación final de cada trimestre.

**b)** Tamén se tendrán en conta os **traballos realizados polos alumnos/as** (actividades e tarefas diarias, traballos individuais ou grupais, así como actividades sobre libros de lectura, artigos, documentais, etc.) **tendrán un valor complementario do 50%** e servirán para completar o 100% da nota final de cada trimestre. No caso de que haxa variacións nestas porcentaxes para cada unha das avaliacións, o profesor informará debidamente aos alumnos destes cambios.

**c)** Carencias expresivas na redacción das probas e faltas ortográficas poderán baixar a nota dos mesmos en grao equivalente a súa gravidade, podendo eventualmente suspender un exame ou traballo. Non facer os traballos encomendados, deixar en branco as probas escritas, ou ben un reiterado comportamento negativo ou pasivo suporá o abandono da materia e a perda da **avaliación continua**.

## **9. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA E PROCEDEMENTOS DE RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DA MATERIA PENDENTE**

En canto ós contidos mínimos referidos ós contidos conceptuais se consideran como tales os que se teñen fixados para cada unidade didáctica tendo en conta que se valorará unha comprensión da problemática xeral de cada tema así como das principios correntes teóricas que trataron os problemas en cuestión. Tamén será

## I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía

valorada a asimilación dos conceptos básicos do tema a través da súa explicación. A comprensión dos contidos conceptuais presenta unha gradación que o profesor/ra deberá establecer co seu criterio cando hai unha comprensión aceptable da problemática central da unidade e cando non. Aquí teranse en conta os criterios de avaliación tratados máis enriba.

Dentro dos contidos procedimentais teñen o carácter de mínimos os seguintes: **elaborar redaccións de carácter argumental, analizar textos breves e sinxelos de cariz psicolóxico**, identificando o problema que se presenta e estruturando as ideas principais así como a demostración da comprensión do texto a través das respostas que dean as diversas cuestións sobre o texto.

Tamén se considera como mínimos **a elaboración do caderno de clase e as actividades** sobre libros, películas e calquera outra actividade fixada para cada tema polo profesor/ra.

Para os alumnos/as que non aprobaran as avaliacións normais do curso e que tampouco superaran as probas e actividades de recuperación das distintas avaliacións o Departamento pode optar por realizar **unha proba global a finais de curso se ben para a realización desta proba deberán presentar o caderno de clase así como as actividades do material que se traballara durante o curso, dado o seu carácter de mínimos**. A proba final de maio (avaliación final) servirá como recuperación para os alumnos que deixaran unha ou máis avaliacións pendentes. Se presentarán soamente a aquelas avaliacións pendentes e recuperarán soamente aquela parte do traballo non feita o feita de modo deficiente. **De non superar esta proba, se presentarán en xuño (proba extraordinaria) de toda a materia impartida ó longo do curso.**

En resumo, cando menos haberá unha proba final de recuperación en xuño e outra extraordinaria en xullo. **A nota final da materia na avaliación final (proba ordinaria) será a media aritmética das tres avaliacións ordinarias, sempre e cando se supere cada unha das avaliacións cunha cualificación igual ou superior a cinco. A nota final de xullo (proba extraordinaria) deberá ser igual o superior ó cinco.**

**Estes mesmos criterios e procedementos de avaliación serán os esixibles e aplicables no caso de darse clases semipresenciais ou ben *online* (por mor da Covid-19). Os alumnos serán informados destes criterios, ben ó principio do curso, ben nas circunstancias excepcionais que se produxeran, a través da Aula Virtual como recurso indispensable para o correcto desenvolvemento das tarefas e probas a realizar.**

Se houbera o caso dalgún alumno/a que por acumulación de faltas de asistencia sen xustificar perdera o dereito a avaliación continua, terá que realizar unha proba no mes de maio (avaliación final), onde entrarán os temas dados ó longo dos tres trimestres do curso; polo tanto, o alumnado nesta situación está na obriga de coñecer estes temas xa que a perda do dereito á avaliación continua non exime da súa asistencia a clases e coñecer a marcha da materia.

**Non será necesario un plan de reforzo** e recuperación das aprendizaxes non adquiridas no derradeiro curso (por mor da Covid-19), posto que a materia se imparte por primeira vez no Bacharelato.

A continuación se detalla **un resumo destas medidas** de avaliación e recuperación:

## 1. AVALIACIÓN TRIMESTRAL

- **Procedementos:** observación directa do alumno, tarefas diversas realizadas polo alumnado en clase, traballos individuais e grupais, actividades de avaliación: lecturas, fichas fotocopiáveis, probas escritas, etc.
- **Instrumentos:** preguntas individuais e grupais, intervencións na clase, comentarios de texto, visionado de películas, lecturas concretas, exposiciónes y presentaciónes interactivas.
- **Mínimos esixibles:** O cumprimento axeitado das ferramentas de traballo competencial (actividades, tarefas, traballos, etc.); a realización positiva das probas escritas; o traballo regular ó longo do curso; a presentación ordenada, clara e coherente do seu caderno de clase.
- **Ponderación e nota media:** A cualificación en cada exercicio dependerá do grao de consecución dos obxectivos propostos para cada un. O resultado final de cada avaliación dependerá da *media aritmética* feita coas seguintes porcentaxes: **50%** para probas escritas, e **50%** para traballos individuais e grupais, actividades concretas, lecturas e comentarios de texto, etc. Estas porcentaxes poderán variar en cada avaliación dependendo do número de probas e da súa importancia, previo aviso ao alumnado por parte de cada profesor/a.

## 2. MECANISMO PARA RECUPERAR UNHA AVALIACIÓN NON SUPERADA

- No caso de suspender algunha avaliación, o alumno (ao longo do seguinte trimestre ou ben ao remate da terceira avaliación, a criterio do profesor) deberá presentarse a **unha proba escrita** onde se incluírán os contidos da materia impartida na avaliación suspensa. ***A cualificación da proba escrita deberá ser igual o superior a cinco*** para superar a avaliación pendente.

- **Tipo de proba:** *escrita*, onde se inclúan os contidos da materia impartida ó longo do curso. A proba constará de 5 ***preguntas:*** 2 preguntas pechadas (1 punto cada unha), 2 preguntas semiabertas (2 puntos cada unha) e 1 pregunta aberta (4 puntos).

- **Estándares:** Todos os contidos da materia impartida no curso. Esta proba estará aprobada se a cualificación é **igual o superior a cinco**.



### 3. CUALIFICACIÓN FINAL DA MATERIA NA AVALIACIÓN ORDINARIA

- A cualificación final da materia será *a media aritmética das tres avaliacións*, sempre e cando se supere cada unha das avaliacións cunha cualificación igual ou superior a cinco.

### 4. AVALIACIÓN FINAL

- **Alumnado:** Deberán presentarse todos aqueles alumnos que non superaran calquera das avaliacións que teñan pendente.

- **Tipo de proba:** *escrita*, onde se inclúan os contidos da materia impartida ó longo do curso. A proba constará de 5 **preguntas**: 2 preguntas pechadas (1 punto cada unha), 2 preguntas semiabertas (2 puntos cada unha) e 1 pregunta aberta (4 puntos).

- **Estándares:** Todos os contidos da materia impartida no curso. Esta proba estará aprobada se a cualificación é **igual o superior a cinco**.

### 5. AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA

- **Tipo de proba:** *escrita*, onde se inclúan os contidos da materia impartida ó longo do curso. A proba constará de 4 **preguntas**: 2 preguntas pechadas (1 punto cada unha), 2 pregunta semiabertas (2 puntos cada unha) e 1 pregunta aberta (4 puntos).

- **Estándares:** Todos os contidos da materia impartida no curso. Esta proba estará aprobada se a cualificación é **igual o superior a cinco**.

### 6. MATERIA PENDENTE

- Os alumnos coa materia pendente deberán facer **unha proba escrita** coa materia impartida no curso anterior. O Departamento deseñará esta proba e fará pública no taboleiro do patio central a convocatoria para a realizar dita proba. A proba constará de 4 **preguntas**: 2 preguntas pechadas (2 puntos cada unha), 1 pregunta semiaberta (3 puntos) e 1 pregunta aberta (3 puntos). Esta proba estará aprobada se a cualificación é **igual o superior a cinco**.

## **10. TEMAS TRANSVERSAIS**

Pódese afirmar que existen conexións claras entre a materia de Psicoloxía e os temas transversais cos que se relaciona. Tódolos temas abordan cuestións e problemáticas que desde a psicoloxía teórica e práctica fan alusión ó coñecemento da realidade e a propia acción humana: dentro desta, a cuestión da personalidade, o tema da liberdade da persoa fronte ós diferentes tipos de determinismo que condicionan o comportamento, a xustificación da moral e os diferentes argumentos que defenden a igualdade dos seres humanos, a busca da paz como obxectivo de convivencia entre as persoas e os pobos... Máis relacionados coa educación cívica estarían os temas que se dedican ás relacións individuo e sociedade, e tamén a relación do individuo cos grupo sociais.

O tema de educación para a paz trátase na unidade das "utopías sociais" en canto é o obxectivo das distintas utopías en canto pretenden elaborar modelos de convivencia que aspiran a suprimir a violencia e as guerras da sociedade humana. Tamén se relaciona este tema coa Educación para a igualdade de ambos sexos.

No referente ó tema transversal da educación para a saúde, están presentes no pensamento filosófico as actitudes de defensa da vida, dos valores relativos ó corpo e ó espírito, a crítica ó consumismo e a defensa da interculturalidade conducen a unha vida de calidade e de felicidade como meta dos seres humanos.

No que fai referencia ó contido transversal da educación ambiental este ten unha presenza moi relevante ó longo das diferentes unidades que compoñen o libro de texto, e é especialmente relevante nos seguintes contidos: a crítica do “falso progreso”, a valoración positiva das consecuencias ecolóxicas do evolucionismo, a ecoética e, en xeral, a defensa dunhas relacións máis harmónicas, tolerantes e solidarias do ser humano coa natureza.

Sen dúbida, unha psicoloxía que plantexe a actualidade dos problemas presentes dende o comenzo fará fincapé nunha reflexión sobre a nosa condición de seres humanos e a construción da nosa personalidade como seres individuais e sociais.

## **11. DIVERSIFICACIÓN CURRICULAR**

Coa finalidade de atender no posible ás peculiaridades persoais do alumnado dentro do seu proceso de aprendizaxe, ó longo do curso adoptaranse medidas tendentes a proporcionar certos reforzos pedagóxicos ós alumnos e alumnas que os necesiten, así como a programar aprendizaxes complementarias para aquel alumnado que, polas súas especiais aptitudes, excedan o nivel medio do curso en canto a coñecementos da materia.

Como medidas de reforzo á aprendizaxe, propóñense as seguintes:

## **I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

- \* Programar comentarios de texto, actividades, ejercicios, etc., máis sinxelos para o alumnado con dificultades de aprendizaxe, sobre todo, nos primeiros meses de clase. Desta maneira, intentarase que, progresivamente, comprendan os principios esenciais para se poder meter, despois, naqueles temas máis abstractos ou complexos.
- \* Proporcionarlles axuda directa naquelas actividades que se realicen na aula, coa finalidade de ir orientando de maneira personalizada o seu proceso de aprendizaxe.
- \* Incluír dentro do seu plan de traballo actividades sinxelas e adicionais que lles permitan cubrir as lagoas conceptuais que posúan.
- \* Nos traballos en grupo, organizar estes de tal maneira que este alumnado se atope distribuído en diferentes grupos, co fin de que os compañeiros e compañeiras con mellor rendemento académico poidan axudarlles na realización da súa tarefa.
- \* Se existise alumnado superdotado ou cun maior nivel de coñecementos filosóficos, programaríanse medidas pedagóxicas complementarias para que o mencionado alumnado puidese desenvolver as súas propias potencialidades de aprendizaxe. Así, por exemplo:
  - Lecturas dirixidas de libros ou textos de maior dificultade conceptual.
  - Actividades complementarias sobre aqueles temas que máis lles interesasen.
  - Tarefas pedagóxicas destinadas a axudar ós compañeiros e compañeiras que maior dificultade atopasen na materia.

### Concreción de medidas para alumnos con Síndrome de Asperger e TDAH:

Entre as características dos afectados polo Síndrome de Asperger están as dificultades na comprensión social e nas habilidades sociais, o pouco interese cara aos demais, as dificultades de atención, a pouca capacidade organizativa, a interpretación literal da linguaxe e as dificultades na motricidade. Por estes motivos presentamos algunhas estratexias para tratalo:

- Darlle tempo para organizar o seu material
- Evitar a presión
- Darlle pequenos encargos
- Facer o posible para que entenda as instrucións
- Diante dos mínimos acertos, ser xeneroso cos reforzos positivos
- Sempre que sexa posible, descompoñer as tarefas
- Supervisar con frecuencia a realización das tarefas
- Buscar a colaboración dun compañeir@ responsable para que lle axude a comprender e realizar as tarefas

Asemade, para os alumnos con TDAH:

- Supervisar con frecuencia a realización das tarefas

## **I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

- Potenciar a aprendizaxe colaborativa
- Buscar a colaboración dun compañeir@ responsable para que lle axude a comprender e realizar as tarefas
- Deixar máis tempo para as probas escritas ou exames
- Supervisar a comprensión das preguntas
- Implicar ao alumno con preguntas sinxelas e motivadoras
- Graduar o uso do 'tempo fóra'
- reforzar positivamente as conductas adecuadas

### **12. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

O departamento está disposto a colaborar coas decisións que ao respecto tome a Xefatura de Estudos e a Vicedirección do centro. Queda aberto e a espera de posibles conferencias ou outras ofertas da Universidade así como a organización de actos con ONGs., visitas guiadas, salidas e outras actividades pedagóxicas de reforzo, sempre que estas actividades teñan algunha utilidade teórica ou práctica que non interfira negativamente no desenvolvemento académico dos alumnos.

### **13. PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN**

Neste apartado pretendemos promover a reflexión docente e a autoavaliación da realización e do desenvolvemento de programacións didácticas. Para iso, ao finalizar cada unidade didáctica, en cada trimestre ou ao final de curso propónse unha secuencia de preguntas que permitan ao docente avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade.

De igual modo, propoñemos unha ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto. Pódese realizar ao final de cada trimestre ou ao final do curso para recoller as melloras no seguinte cadro:

ASPECTOS PARA AVALIAR	PARA DESTACAR...	PARA MELLORAR...	PROPOSTAS DE MELLORA PERSOAL
Temporalización das unidades didácticas			

**I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

Desenvolvemento dos obxectivos didácticos			
Manexo dos contidos da unidade			
Descritores e desempeños competenciais			
Realización de tarefas			
Estratexias metodolóxicas seleccionadas			
Recursos			
Claridade nos criterios de avaliación			
Uso de diversas ferramentas de avaliación			
Atención á diversidade			
Interdisciplinabilidade			

## PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

### Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019426	IES Coruxo	Vigo	2022/2023

### Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Filosofía	1º Bac.	3	105

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	6
3.1. Relación de unidades didácticas	7
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	8
4.1. Concrecións metodolóxicas	16
4.2. Materiais e recursos didácticos	18
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	18
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	19
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	20
6. Medidas de atención á diversidade	21
7.1. Concreción dos elementos transversais	22
7.2. Actividades complementarias	23
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	23
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	24
9. Outros apartados	24

## 1. Introducción

### 16. Filosofía.

#### 16.1. Introducción.

As actuais sociedades democráticas, inseridas nun mundo globalizado en permanente cambio e composto por unha mestura de persoas e comunidades, proxectos e intereses, requiren un pensamento racional e crítico que forneza a mocidade de ferramentas para comprender o mundo complexo que nos rodea e, ao tempo, que proporcione instrumentos para edificar e consolidar unha sociedade libre, igual e xusta. A materia de Filosofía capacita o alumnado para o exercicio do pensamento crítico e independente, co que alcanzar unha mellor comprensión do mundo globalizado e de si mesmo, de tal xeito que poida analizar, entender e propor solucións aos desafíos materiais, intelectuais e morais do século XXI.

A filosofía asume daquela unha dobre vertente de grande interese para o alumnado: por unha banda, de xeito absoluto achégalle reflexión e lucidez á persoa para que poida entenderse a si mesma e a realidade que a rodea e, por outra, axuda decididamente a formar unha cidadanía reflexiva, lúcida, participativa, comprometida coas institucións democráticas e con habilidades prácticas para a resolución dos problemas específicos das sociedades democráticas avanzadas.

O valor da indagación que promove a materia de Filosofía impulsa o alumno á reflexión argumentada sobre os aspectos xerais da existencia e da vida en sociedade, descubrindo deste xeito os móbiles derradeiros das posicións adoptadas. En suma, a materia de Filosofía proporciona a visión e a comprensión necesaria para realizar estas tarefas desde un prisma claramente holístico, que ha de incentivar un alumnado activo, curioso, argumentativo, reflexivo e innovador.

A materia de Filosofía, pola radical actitude cognoscitiva que representa e a variedade de temas e aspectos dos que trata, proporciona un espazo idóneo para o desenvolvemento integrado das competencias clave e dos obxectivos da etapa de bacharelato. Neste sentido, a indagación sobre problemas universais e fundamentais, tales como os referidos á natureza última da realidade, a verdade, a xustiza, a beleza ou a propia identidade e dig-



nidade humanas, xunto á reflexión crítica sobre as ideas e prácticas que constitúen a nosa contorna cultural, serven, simultaneamente, ao propósito de promover a madurez persoal e social do alumnado e ao desenvolvemento, tanto da súa dimensión intelectual como daqueles outros aspectos éticos, políticos, cívicos, emocionais e estéticos que configuran a súa personalidade.

Así, a materia de Filosofía en bacharelato ten, en primeiro lugar, a finalidade de ofrecer un marco conceptual e metodolóxico para a análise das inquietudes esenciais e existenciais do alumnado de bacharelato, na que este poida abordar persoalmente as grandes preguntas e propostas filosóficas e emprender unha reflexión crítica sobre o sentido e valor dos distintos coñecementos, actividades e experiencias que configuran a súa contorna vital e formativa. En segundo lugar, a educación filosófica resulta imprescindible para a articulación dunha sociedade democrática sobre principios, valores e prácticas éticas, políticas e cívicas cuxa lexitimidade e eficacia precisan da deliberación dialóxica, a convicción racional e a autonomía de xuízo da cidadanía. A Filosofía, por último, supón tamén unha reflexión crítica sobre as emocións e os sentimentos, presentes en todos os ámbitos, desde a estética á teorética pasando pola ética e, a miúdo, esquecidos nos currículos.

A materia de Filosofía atende estes tres propósitos a través do desenvolvemento conxunto dunha serie de obxectivos representativos, case todos eles, das fases habituais do proceso de crítica e exame dialéctico de problemas e hipóteses filosóficas. Dado o carácter eminentemente maiéutico de devandito proceso, tales obxectivos deben ser, ademais, necesariamente implementados no marco metodolóxico dun ensino, en boa medida dialóxico, que tome como centro de referencia a propia indagación filosófica do alumnado.

Os tres primeiros obxectivos, de marcado carácter transversal, refírense á adquisición dunha perspectiva holística e interdisciplinaria para analizar as cuestións filosóficas fundamentais, discriminando o substantivo do accidental. Esta tarefa require, pola súa vez, do desenvolvemento de obxectivos referidos ao manexo e produción crítica e rigorosa de información, ao uso e identificación de argumentos e á práctica do diálogo como proceso cooperativo de coñecemento. A práctica do diálogo, algo formalmente constitutivo do exer-

cicio filosófico, implica, pola súa vez, como outro dos obxectivos que hai que desenvolver, o recoñecemento do carácter plural e non dogmático das ideas e teorías filosóficas, así como a implementación do devandito recoñecemento na dobre tarefa, crítica e construtiva, de contrastalas e descubrir a oposición e a complementariedade entre elas. A actividade filosófica ha de procurar, ademais, o desenvolvemento de facultades útiles para a formación integral da personalidade do alumnado, co obxecto de afrontar con éxito os desafíos persoais, sociais e profesionais que trae consigo un mundo, como o noso, en perpetua transformación e sementado de incertezas. Así, a adquisición dunha perspectiva global e

interdisciplinaria dos problemas, a facultade para xerar un pensamento autónomo á vez que rigoroso sobre asuntos esenciais, e o desenvolvemento dunha posición e un compromiso propio fronte aos retos do século XXI, son elementos imprescindibles para o logro da plena madurez intelectual, moral, cívica e emocional de alumnas e alumnos. Finalmente, o cuarto e derradeiro obxectivo abrangue o recoñecemento das diversas concepcións e ideas sobre os problemas filosóficos fundamentais da filosofía. Perséguese que o alumnado comprenda as ideas e teorías filosóficas das máis grandes pensadoras e pensadores a través dunha análise crítica das diversas teses e dos problemas aos que responden, promovendo unha actitude aberta e tolerante ao tempo que crítica e creativa.

En canto aos criterios de avaliación, estes formúlanse en relación directa a cada un dos obxectivos xa expostos, e han de entenderse como ferramentas de diagnóstico e mellora en relación co nivel de desempeño que se espera da adquisición daquelas. É por iso polo que, en conexión cos contidos, deben atender tanto aos procesos como aos propios produtos da aprendizaxe, requirindo, para a súa adecuada execución, de instrumentos de avaliación variados e axustables aos distintos contextos e situacións de aprendizaxe nos que haxa de concretarse o desenvolvemento das competencias.

Os contidos, distribuídos en tres grandes bloques, están dirixidos a dotar o alumnado dunha visión básica e de conxunto do rico e complexo campo de estudo que comprende a filosofía, malia que en cada caso, e atendendo á idiosincrasia do alumnado, ao contexto educativo ou a outros criterios pedagóxicos ou científicos, se poderá profundar nuns máis ca noutros, ademais de agrupalos e articularlos a conveniencia. Así, tras un primeiro bloque de contidos dedicado á natureza da propia actividade filosófica e á súa vinculación

cos problemas da condición humana, desenvólvense outros dous bloques, un de natureza especialmente teórica dedicado á análise de cuestións básicas sobre o coñecemento e a realidade, e outro consagrado á filosofía práctica, isto é, á análise dos problemas relativos á ética, á filosofía política e á estética. No deseño e distribución de bloques de criterios de avaliación e contidos buscou o equilibrio e o diálogo entre distintas propostas e correntes, o desenvolvemento dos obxectivos xa enunciados e o intento de reparar aquelas situacións como a marxinación e o ocultamento histórico da muller ou os prexuízos culturais de carácter etnocéntrico, racista ou antropocéntrico, que puideron lastrar ata épocas recentes o desenvolvemento da disciplina.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Adquirir unha perspectiva global, sistémica e transdisciplinaria á hora de identificar problemas e formular cuestións fundamentais e de actualidade, analizando e categorizando os seus múltiples aspectos, distinguindo o máis substancial do accesorio, e integrando información e ideas de distintos ámbitos disciplinares, desde a perspectiva fundamental da filosofía, para recoñecer a radicalidade e transcendencia de tales cuestións, así como a necesidade de afrontalas para desenvolver unha vida reflexiva e consciente de si, e para tratar estes problemas complexos de modo crítico, creativo e transformador.	2-3				12-40	1-3-4		1
OBX2 - Buscar, xestionar, interpretar, producir e transmitir correctamente información relativa a cuestións filosóficas, a partir da análise e interpretación de textos e outras formas de expresión filosófica e cultural, do emprego contrastado e seguro de fontes, o uso e análise rigoroso destas, o emprego de procedementos elementais de investigación e comunicación, e o uso e valoración adecuada de argumentos e estruturas argumentais para apreciar distintos tipos de discurso, desenvolver unha actitude indagadora, autónoma, rigorosa e creativa no ámbito da reflexión filosófica, e evitar así modos dogmáticos, falaces e nesgados de soste opinións e hipóteses.	1-2-3-5		1	1-3	40	3	3	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Practicar o exercicio do diálogo filosófico de maneira rigorosa, crítica, tolerante e empática, interiorizando as pautas éticas e formais que este require, mediante a participación en actividades grupais e a través da formulación dialóxica das cuestións filosóficas, para promover o contraste e intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática.	1-5		1		31	2-3		1-32
OBX4 - Recoñecer o carácter plural das concepcións, ideas e argumentos arredor de cada un dos problemas fundamentais da filosofía, comprendendo as principais ideas e teorías filosóficas das máis importantes pensadoras e pensadores, mediante a análise crítica e dialéctica das diversas teses relevantes e dos problemas fundamentais aos que estas responden, para xerar unha concepción complexa e non dogmática das devanditas cuestións e ideas e formarse unha visión rigorosa e persoal do que significa a filosofía, da súa riqueza e influencia cultural e histórica, e da súa achega ao patrimonio común, promovendo así unha actitude aberta, tolerante e comprometida coa resolución racional e pacífica dos conflitos.	2-5					1-2-3		2

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O SABER FILOSÓFICO	Introdución ó saber filosófico, a súa definición, orixe e características principais, distinguíndoo doutros saberes e salientando o valor da súa experiencia racional e vital, en tanto que búsqueda de respostas ante ás preguntas que permitan dar sentido á realidade persoal e social do mundo plural e diverso no que vivimos.	30	30	X		
2	A EPISTEMOLOXÍA: O PROBLEMA DA VERDADE	Presentar o problema filosófico do coñecemento, o problema da verdade e as distintas teorías e actitudes ante ela	35	30		X	
3	ÉTICA Y ESTÉTICA: LIBERTAD MORAL Y LA CREATIVIDAD	Definir y distinguir entre ética y moral, racionalidad práctica, conciencia moral y legitimación política. Definir y caracterizar el ámbito de la estética, su relación con el arte y la cuestión del gusto, y los poderes de la sensibilidad y la imaginación.	35	45			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O SABER FILOSÓFICO	30

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica e desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, deseño, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais en forma de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros discursos argumentativos, orais e escritos, sobre cuestións e problemas filosóficos, demostrando un uso correcto de normas e pautas lóxicas, retóricas e argumentativas.	Elabora unha disertación sobre a definición de filosofía, as súas características principais, as diferenzas con respecto á visión mítico-relixiosa, científica e artístico-literaria, as principais ramas do coñecemento filosófico, etc.	PE	30
CA1.1 - Recoñecer a radicalidade e transcendencia dos problemas filosóficos mediante o seu recoñecemento, análise e reformulación en textos e outros medios de expresión, tanto filosóficos como literarios, históricos, científicos, artísticos ou relativos a calquera outro ámbito cultural.	Identifica e recoñece os problemas filosóficos que xurden do tratamento de textos diversos.	TI	70
CA1.2 - Afrontar cuestións e problemas complexos, de carácter fundamental e de actualidade, de modo interdisciplinario, sistemático e creativo, utilizando conceptos, ideas e procedementos provenientes de distintos campos do saber, e orientándoos e articulándoos criticamente desde unha perspectiva filosófica.	Utiliza e interpreta cadros, debuxos, imáxenes, así como textos de carácter científico, periodístico ou literario, vistos dende unha perspectiva filosófica.		
CA1.4 - Promover o contraste e intercambio de ideas e a práctica dunha cidadanía activa e democrática a través da participación en actividades grupais, en especial o exercicio do diálogo racional, respectuoso, aberto e construtivo, sobre cuestións e problemas filosoficamente relevantes, diálogo no que detectar e evitar modos dogmáticos, falaces e nesgados de soste opinións e hipóteses, recoñecendo a importancia da cooperación, o compromiso coa busca da verdade, o respecto á pluralidade e o rexeitamento de toda actitude discriminatoria ou arbitraria, aplicando os devanditos principios á práctica argumentativa e ao diálogo cos demais.	Interven e participa nun diálogo aberto e crítico sobre algún dos problemas filosóficos plantexados.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Xerar unha concepción complexa e non dogmática do que supón a filosofía como saber fundamental, crítico e universal, distinguíndoo doutros saberes e actividades humanas, e valorando a súa vixencia no momento actual, comprendendo os pensamentos sobre o momento actual como froito dun proceso dinámico e sempre aberto de reflexión e diálogo filosófico.	Reflexiona críticamente sobre a necesidade e pertinencia da filosofía no mundo actual como actitude non dogmática fronte aos problemas.		
CA1.6 - Adquirir e demostrar un coñecemento significativo das ideas e teorías filosóficas sobre o ser humano, o fundamento, valor e sentido da súa existencia e a súa realidade, dalgunhas das máis importantes pensadoras e pensadores da historia, mediante a aplicación e a análise crítica daquelas no contexto da práctica individual ou colectiva da indagación filosófica.	Elabora e estrutura mapas conceptuais e cronolóxicos sobre os principais filósofos, periodos e épocas históricas.		
CA1.7 - Analizar problemas éticos e políticos fundamentais e de actualidade mediante a exposición crítica e dialéctica de distintas posicións filosoficamente pertinentes na súa interpretación e resolución, desenvolvendo así o xuízo propio e a autonomía moral, mediante a análise filosófica dos devanditos problemas, considerando as distintas posicións en disputa, e elaborando, argumentando, expoñendo e sometendo ao diálogo cos demais as propias teses respecto diso.	Realiza unha breve exposición sobre algún dos aspectos traballados no tema de xeito coherente e eficaz.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A reflexión filosófica sobre a propia filosofía. O problema filosófico da definición de filosofía.</li> <li>- Características da filosofía.</li> <li>- Concepcións da filosofía.</li> <li>- A tradición filosófica.</li> <li>- Breve síntese das grandes épocas históricas da filosofía.</li> <li>- A variedade de intereses, temas e perspectivas empregadas no facer filosófico.</li> <li>- As ausencias de colectivos e as posibles discriminacións que cuestionan a tradición.</li> <li>- Filosofía e condición social: a discriminación social.</li> <li>- Filosofía e xénero: a discriminación da muller na historia da filosofía.</li> <li>- Filosofía e eurocentrismo: a discriminación étnico-cultural.</li> <li>- A filosofía como saber.</li> <li>- A filosofía como experiencia humana. A necesidade humana de lle dar sentido racional á realidade, ás nosas accións e ao noso ser social.</li> <li>- Filosofía e infancia: a infancia como momento propicio para a experiencia filosófica.</li> </ul>

## Contidos

- Comparación con outros campos do saber: mitoloxía, relixión, ciencia, saber común, razón poética.
- As grandes subdisciplinas da filosofía: os saberes filosóficos tradicionais.
- Os métodos da filosofía.
- O traballo filosófico.
- Uso e análise crítico de fontes.
- O traballo con textos filosóficos: comprensión e interpretación.
- O traballo con materiais non filosóficos: a identificación de problemas filosóficos.
- A argumentación sólida como base do pensamento e o diálogo filosóficos.
- A investigación e a disertación filosóficas.
- O sentido da filosofía no século XXI.
- Sentido e finalidade da filosofía.
- A vixencia da reflexión filosófica ante os retos do século XXI.
- Novos temas e áreas actuais de investigación filosófica.
- O ser humano como suxeito da experiencia filosófica e como obxecto principal da reflexión filosófica.
- As grandes concepcións filosóficas sobre o ser humano.
- A filosofía e a existencia humana.
- O debate sobre a xénese e a definición da natureza humana.
- A especificidade natural do Homo sapiens.
- Os condicionantes históricos, sociais e culturais que nos fan ser como somos.
- Personalidade e identidade persoal.
- A estrutura psicosomática da personalidade.
- Ámbitos do psiquismo: sensibilidade, emotividade, desexos, volición e facultades cognitivas.
- Consciencia e linguaxe.
- O problema da identidade persoal: tipos e modos de identidade.
- Máis alá dos límites humanos. A especulación sobre o transhumanismo.

UD	Título da UD	Duración
2	A EPISTEMOLOXÍA: O PROBLEMA DA VERDADE	30

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
<p>CA2.3 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica e desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, deseño, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais en forma de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros discursos argumentativos, orais e escritos sobre cuestións e problemas filosóficos, demostrando un uso correcto de normas e pautas lóxicas, retóricas e argumentativas.</p>	<p>Elabora unha disertación sobre a definición de filosofía, as súas características principais, as diferenzas con respecto á visión mítico-relixiosa, científica e artístico-literaria, as principais ramas do coñecemento filosófico, etc.</p>	PE	30
<p>CA2.1 - Recoñecer a radicalidade e transcendencia dos problemas filosóficos mediante o seu recoñecemento, análise e reformulación en textos e outros medios de expresión, tanto filosóficos como literarios, históricos, científicos, artísticos ou relativos a calquera outro ámbito cultural.</p>	<p>Identifica e recoñece os problemas filosóficos que xurden do tratamento de textos diversos.</p>		
<p>CA2.2 - Afrontar cuestións e problemas complexos, de carácter fundamental e de actualidade, de modo interdisciplinario, sistemático e creativo, utilizando conceptos, ideas e procedementos provenientes de distintos campos do saber, e orientándoos e articulándoos criticamente desde unha perspectiva filosófica.</p>	<p>Utiliza e interpreta cadros, debuxos, imáxenes, así como textos de carácter científico, periodístico ou literario, vistos dende unha perspectiva filosófica.</p>		
<p>CA2.4 - Promover o contraste e intercambio de ideas e a práctica dunha cidadanía activa e democrática a través da participación en actividades grupais, en especial o exercicio do diálogo racional, respectuoso, aberto e construtivo, sobre cuestións e problemas filosoficamente relevantes, diálogo no que detectar e evitar modos dogmáticos, falaces e nesgados de soste opinións e hipóteses, recoñecendo a importancia da cooperación, o compromiso coa busca da verdade, o respecto á pluralidade e o rexeitamento de toda actitude discriminatoria ou arbitraria, aplicando os devanditos principios á práctica argumentativa e ao diálogo cos demais.</p>	<p>Interven e participa nun diálogo aberto e crítico sobre algún dos problemas filosóficos plantexados.</p>	TI	70
<p>CA2.5 - Tomar consciencia da riqueza e influencia do pensamento filosófico sobre a realidade e a existencia, e outros problemas metafísicos, identificando e analizando as principais ideas e teorías filosóficas en textos ou documentos pertencentes a ámbitos culturais diversos, así como poñéndooas en relación con experiencias, accións ou acontecementos comúns e de actualidade.</p>	<p>Reflexiona criticamente sobre a necesidade e pertinencia da filosofía no mundo actual como actitude non dogmática fronte aos problemas.</p>		



Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6 - Abordar desde distintas perspectivas e disciplinas o problema filosófico do coñecemento en xeral e do coñecemento científico e tecnolóxico en particular, identificando e analizando de xeito crítico, complexo e rigoroso as ideas e teorías filosóficas que algunhas das máis importantes pensadoras e pensadores da historia propuxeron para interpretalo, a través da análise comparativa dos argumentos, principios, metodoloxías e enfoques das devanditas teses e teorías.	Elabora e estrutura mapas conceptuais e cronolóxicos sobre os principais filósofos, periodos e épocas históricas.		
CA2.7 - Comprender e apreciar a importancia da solidez e validez das formas argumentativas, a partir da súa análise tanto formal como informal, e identificar as falacias e os nesgos que se poden encontrar en textos ou documentos pertencentes a ámbitos culturais diversos, como usos argumentativos ilexítimos, explicando a natureza ou mecanismo das devanditas falacias e nesgos.	Realiza unha breve exposición sobre algún dos aspectos traballados no tema de xeito coherente e eficaz.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O problema filosófico do coñecemento.</li> <li>- Definición, posibilidade e límites do coñecemento.</li> <li>- A teoría do coñecemento: racionalismo, empirismo e outras teorías.</li> <li>- A verdade como obxectivo do coñecemento.</li> <li>- As teorías da verdade.</li> <li>- O fenómeno da desinformación e a «posverdade».</li> <li>- O razoamento e a argumentación.</li> <li>- A argumentación formalmente válida: a lóxica formal. Simbolización, táboas de verdade, e dedución natural da lóxica proposicional.</li> <li>- A argumentación informal.</li> <li>- A argumentación incorrecta: falacias e nesgos cognitivos.</li> <li>- O saber científico: definición, demarcación e metodoloxías científicas. A filosofía da ciencia: natureza, problemas e límites do coñecemento científico.</li> <li>- A dimensión social e política do coñecemento.</li> <li>- O papel da muller na ciencia e nos outros saberes.</li> <li>- Coñecemento e interese.</li> <li>- Saber e poder.</li> <li>- A tecnociencia contemporánea.</li> <li>- O problema metafísico do real.</li> </ul>

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Aparencia e realidade. As realidades virtuais.</li> <li>- Unidade e pluralidade.</li> <li>- Categorías e modos de ser.</li> <li>- Entidades físicas e obxectos ideais: o problema dos universais.</li> <li>- O problema filosófico do tempo e do cambio.</li> <li>- O problema mente-corpo desde a Idade Moderna á intelixencia artificial.</li> <li>- O problema do determinismo. Necesidade, azar e liberdade.</li> <li>- O problema filosófico da existencia de Deus.</li> <li>- Teísmo, ateísmo e agnosticismo.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
3	ÉTICA Y ESTÉTICA: LIBERTAD MORAL Y LA CREATIVIDAD	45

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica e desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, deseño, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais en forma de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros discursos argumentativos, orais e escritos, sobre cuestións e problemas filosóficos, demostrando un uso correcto de normas e pautas lóxicas, retóricas e argumentativas.	Elabora unha disertación sobre a definición de filosofía, as súas características principais, as diferenzas con respecto á visión mítico-relixiosa, científica e artístico-literaria, as principais ramas do coñecemento filosófico, etc.	PE	30
CA3.1 - Recoñecer a radicalidade e transcendencia dos problemas filosóficos mediante o seu recoñecemento, análise e reformulación en textos e outros medios de expresión, tanto filosóficos como literarios, históricos, científicos, artísticos ou relativos a calquera outro ámbito cultural.	Identifica e recoñece os problemas filosóficos que xurden do tratamento de textos diversos.	TI	70

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Afrontar cuestións e problemas complexos, de carácter fundamental e de actualidade, de modo interdisciplinario, sistemático e creativo, utilizando conceptos, ideas e procedementos provenientes de distintos campos do saber, e orientándoos e articulándoos criticamente desde unha perspectiva filosófica.	Utiliza e interpreta cadros, debuxos, imáxenes, así como textos de carácter científico, periodístico ou literario, vistos dende unha perspectiva filosófica.		
CA3.4 - Promover o contraste e intercambio de ideas e a práctica dunha cidadanía activa e democrática a través da participación en actividades grupais, en especial o exercicio do diálogo racional, respectuoso, aberto e construtivo sobre cuestións e problemas filosoficamente relevantes, diálogo no que detectar e evitar modos dogmáticos, falaces e nesgados de soste opinións e hipóteses, recoñecendo a importancia da cooperación, o compromiso coa busca da verdade, o respecto á pluralidade e o rexeitamento de toda actitude discriminatoria ou arbitraria, aplicando os devanditos principios á práctica argumentativa e ao diálogo cos demais.	Interven e participa nun diálogo aberto e crítico sobre algún dos problemas filosóficos plantexados.		
CA3.5 - Adquirir e demostrar un coñecemento significativo das ideas e teorías filosóficas sobre o ser humano, o fundamento, valor e sentido da súa existencia e a súa realidade, dalgunhas das máis importantes pensadoras e pensadores da historia, mediante a aplicación e a análise crítica daquelas no contexto da práctica individual ou colectiva da indagación filosófica.	Reflexiona criticamente sobre a necesidade e pertinencia da filosofía no mundo actual como actitude non dogmática fronte aos problemas.		
CA3.6 - Analizar problemas éticos e políticos fundamentais e de actualidade mediante a exposición crítica e dialéctica de distintas posicións filosoficamente pertinentes na súa interpretación e resolución, desenvolvendo así o xuízo propio e a autonomía moral, mediante a análise filosófica dos devanditos problemas, considerando as distintas posicións en disputa e elaborando, argumentando, expoñendo e sometendo ao diálogo cos demais as propias teses respecto diso.	Elabora e estrutura mapas conceptuais e cronolóxicos sobre os principais filósofos, periodos e épocas históricas.		
CA3.7 - Desenvolver a sensibilidade e a comprensión crítica da arte e outras manifestacións e actividades con valor estético mediante o exercicio do pensamento filosófico sobre a beleza e a creación artística, contribuíndo así á educación dos sentimentos e ao desenvolvemento dunha actitude reflexiva con respecto á linguaxe e sentido das imaxes, e xerando un adecuado equilibrio entre o aspecto racional e emotivo na consideración destes problemas filosóficos do ámbito da estética, a través da reflexión expresa arredor da arte, e doutras actividades ou experiencias con valor estético, e a análise do papel das imaxes e a linguaxe audiovisual na cultura contemporánea.	Realiza unha breve exposición sobre algún dos aspectos traballados no tema de xeito coherente e eficaz.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

## Contidos

- O feito ético e a razón práctica.
- Separación entre ética, moral e dereito: racionalidade ética, conciencia moral e lexitimidade política.
- A liberdade como condición para o diálogo ético e o xuízo moral.
- Metaética e ética normativa.
- Cognitivismo ético fronte ao emotivismo e o intuicionismo.
- Formalismo ético fronte a materialismo ético.
- Universalismo e relativismos éticos.
- Ética do coidado: necesidade de igualdade efectiva de dereitos entre mulleres e homes.
- Éticas aplicadas.
- A valoración das accións á marxe da moral: alén do ben e do mal.
- Problemas éticos actuais.
- A guerra, o terrorismo e outras formas de violencia.
- As desigualdades e a pobreza.
- A discriminación e o respecto polas minorías.
- Problemas ecosociais e medioambientais.
- Os dereitos humanos e a posibilidade dunha ética universal de mínimos: entre a ética e o dereito.
- Orixe, lexitimidade e vixencia.
- Xeracións dos dereitos humanos.
- Os dereitos da infancia.
- Dereitos dos animais.
- O ser humano como animal político.
- Os fundamentos da organización social e do poder político: naturalismo, iusnaturalismo e contractualismo.
- Definición do político: legalidade e lexitimidade.
- Os principios políticos fundamentais: igualdade e liberdade; individuo e Estado; traballo, propiedade e distribución da riqueza.
- O debate político contemporáneo: liberalismo, utilitarismo e comunitarismo.
- Cidadanía e Estado de benestar.
- Xustiza e democracia.
- A xustiza como problema filosófico.
- A reflexión filosófica sobre a democracia.

## Contidos

- Ideais, utopías e distopías.
- Os movementos sociais e políticos.
- O feminismo e a perspectiva de xénero.
- Definición, ámbitos e problemas da estética: arte, beleza e gusto.
- Teorías sobre a beleza e a arte.
- Teorías clásicas e modernas sobre a beleza e a arte.
- Teorías e problemas estéticos contemporáneos.
- A relación do estético con outros ámbitos da cultura: a reflexión sobre a imaxe e a cultura audiovisual.
- A estética e as súas implicacións filosóficas coa ética e a política.
- Ética e estética.
- O papel político da arte.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

- O uso de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorezan a capacidade de aprender por si mesmo e promovan o traballo en equipo.
- A realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.
- A énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.
- O uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, e o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.
- A xeración dunha experiencia real de descubrimento dos interrogantes filosóficos, a partir da cal se invite o alumnado á investigación analítica sobre estes.
- A avaliación crítica das diversas respostas que se lles deron aos interrogantes filosóficos e á construción rigorosa dos seus propios posicionamentos persoais. O desenvolvemento dunha praxe consecuente cos devanditos posicionamentos e que poida orientar a

vida persoal, social e profesional do alumnado.

- O fomento da natureza dialóxica, participativa, interdisciplinaria, creativa e comprometida cos problemas de relevancia que posúe en si mesma a actividade filosófica.

Coa finalidade de que o alumnado alcance unha actitude crítica e reflexiva, débese dotar das ferramentas necesarias para a expresión do propio pensamento. O esquema ensino-aprendizaxe que se utilizará persegue este obxectivo ao poñer a aprendizaxe dos conceptos en íntima relación coa actividade práctica de expresar as ideas persoais facendo uso das ferramentas de traballo intelectual tradicionalmente usadas no quefacer filosófico (comentario de texto, disertación, recesión, valoración de dilemas morais...). O obxectivo fundamental será o de estimular ao alumnado a pensar de xeito autónomo, aprendendo filosofía á vez que filosofan e tratando de fundamentar o que digan ou escriba con autonomía e espírito crítico.

As orientacións metodolóxicas propostas a continuación apuntan á potenciación e consolidación de competencias traballadas xa en etapas educativas anteriores. De acordo con este criterio, as metodoloxías concretas empregadas polo profesorado nesta materia deberán orientarse a:

-Potenciar unha autonomía progresiva, por parte do alumnado, na obtención, análise e procesamento da información referida ás cuestións e problemas propostos.

-Promover o diálogo e o debate horizontal entre iguais como un medio para desenvolver estratexias de conceptualización, información e comunicación intelectual.

-Manter un modelo de aprendizaxe funcional no cal as nocións que se van adquirindo sexan aplicadas á vida real ou virtual.

-Promover a lectura e análise de textos, así como a composición de textos propios e exposicións orais e escritas.

-Normalizar o uso de vocabulario técnico específico e esixir uns niveis de rigor lóxico e de coherencia argumentativa tanto nas producións orais coma nas escritas.

-Manter unha perspectiva histórica que permita rastrexar as orixes das cuestións filosóficas ou ideolóxicas simetidas a elaboración, análise ou debate

-Ofrecer instrumentos e estratexias de autoanálise e autoavaliación para detectar os avances e carencias no proceso de aprendizaxe.

-Actuar seguindo pautas de estándares profesionais na esixencia do traballo individual e colectivo: puntualidade, dedicación, actitude, rendementos, seguimento das instrucións de traballo, resultados materiais e formais, etc.

Ao inicio de cada unidade didáctica expóranse os instrumentos de avaliación a aplicar e a súa ponderación. Deixando claro os obxectivos concretos mínimos. A continuación farase unha introdución a cada UD activando os coñecementos previos do alumnado. Logo, desenvolveranse as actividades e proxectos propios da UD cun resume ou síntese final dos contidos e procesos presentado.

Nas aulas o alumnado traballará en grupos: dende o grupo aula aos grupos de traballo cooperativo. Realizaranse tamén tarefas individuais.

Cada proba, individual ou grupal, escrita ou oral, contará cunha rúbrica na que os instrumentos de avaliación e os obxectivos se especifiquen. Cada rúbrica será traballada na aula. Deseñaranse e aplicaranse probas e tarefas axustadas ás características do alumnado, actividades de avaliación con diferentes niveis de complexidade, activando diferentes recursos cognitivos.

Avaliación continua nunha ampla variedade de situacións, avaliando tarefas individuais e grupais. Nas tarefas grupais avaliaranse, ademais dos progresos na aprendizaxe, a implicación e aportacións do alumnado participante. Se informara individualmente dos resultados ofrecendo en cada caso propostas de mellora.

Preténdese realizar unha adecuada contribución ao Plan Lector do Centro, coa proposta de lectura voluntaria de distintos libros relacionados coa materia, así como coa lecturas de artigos xornalísticos e textos do libro do alumno/a.

Así mesmo, contribuírase ao Plan TICs coa proxección de vídeos, traballos na aula de informática, clases expositivas empregando presentacións dixitais, avaliacións interactivas e kahoots.

A materia tamén deberá contribuír a outros plans incluídos no Proxecto Educativo do centro como o Plan de Actividades do Departamento de Orientación, o Plan de Acción Titorial, o Plan de Atención á Diversidade ou o Proxecto Lingüístico de Centro, tendo presente en todo momento a Programación Xeral Anual que se redactou a inicio de curso.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
1. Libros de texto. 2. Cuaderno de notas y apuntes. 3. Pizarra y/o pizarra dixital. 4. Ordenadores y soportes multimedia. 5. Fotocopias.

1. Se usarán distintos libros de texto como fonte orientativa de información y de apoio al estudio.
2. Se usará un cuaderno como instrumento de apoio para la recepción y confección de actividades y traballos puntuales.
3. Se usarán las pizarras, tanto para las explicaciones como para las exposiciones de los traballos hechos por el profesor y el alumnado.
4. Se usarán ordenadores, móbiles, tablets y cualquier otro elemento que sirva de apoio para la elaboración de traballos y exposiciones sobre la materia.
5. Se usará material reproducible que pueda servir de apoio o refuerzo al estudio del tema trabajado.

Cada sesión terá lugar nun aula no centro cun ordenador conectado a internet e unha pantalla con proxector e sonido, Os pupitres individuais serviran tanto para o traballo individual como para conformar diversos grupos segundo as necesidades de cada UD. En cada aula usaranse os apuntamentos ou o libro de texto, folios para escribir e diversos documentos impresos entregados ao longo do curso: textos, mapas conceptuais, fotocopias con actividades diversas. O cuaderno filosófico servirá de diario da aula. Os libros de lectura serán actividades voluntarias para redondear ou subir a nota final. A aula virtual na web do centro servira como repositorio de materias, como lugar de entrega de traballos, ferramenta de avaliación e como instrumento de comunicación.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Nas dúas primeiras semanas do curso realizarase unha proba escrita que consistirá na lectura dun texto básico de filosofía con cuestións e un comentario crítico. Buscarase determinar tanto a comprensión lectora, expresión escrita como o grao de familiaridade cos conceptos filosóficos.

Servirá para avaliar tanto os coñecementos previos do alumnado como a súa capacidade na expresión escrita clara e rigurosa. Permirá adaptar os procesos de ensino aprendizaxe aos rascos específicos e individuais do alumnado.

Cunha tabao de indicadores baseada na observación das dúas primeiras semanas, mediante a observación na aula, se avaliara así mesmo a autonomía do alumnado no uso das TICs.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>30</b>	<b>35</b>	<b>35</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	30	30	30	<b>30</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	70	70	70	<b>70</b>

### Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación serán os seguintes:

1. As probas escritas, calquera que sexa o seu formato (exames, probas escritas de lecturas, comentario de texto, composición, argumentación escrita ou oral...), suporá o 70 % da cualificación global (ata 7 puntos, media aritmética de dúas probas por trimestre). Esta proba será traballada tamén nas táboas de indicadores.
2. Os traballos en grupo que se propoñan que se avaliarán como proba escrita ou taboa de indicadores suporarán un 20% na cualificación. Poderán realizarse varias por trimestre e a súa puntuación será acumulativa.
3. As intervencións orais baseadas nunha argumentación clara, coherente, respectuosa das ideas, así como a implicación baseado no esforzo persoal á hora da responsabilidade co traballo diario da materia suporá un 10%.
4. As actividades voluntarias (lecturas e traballos na aula virtual) servirán para redondear ou/subir a nota.

Todos estes criterios serán avaliados mediante rúbrica con indicadores claros diferenciados, comprensibles e traballados na aula co o alumnado. Se houberse algunha modificación nas porcentaxes aplicables a cada unha das unidades didácticas, o alumnado será previamente informado de tales novidades.

A nota da avaliación final será calculada como a media aritmética das notas das tres avaliacións parciais, sempre e cando houberan superado cada unha delas cunha cualificación igual ou superior a 5.

Á nota de cada avaliación se lle aplicarán as seguintes regras de redondeo: (1) Ao enteiro superior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa igual ou superior a 5 (un 4.5 ou un 4.6 se redondean ao 5). (2) Ao enteiro inferior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa inferior a 5 (un 4.4 ou un 4.3 se redondean ao 4) .

Entenderase superada a avaliación cando o alumnado obteña unha cualificación igual ou superior ao 5, unha vez aplicados os criterios anteriores.

### Criterios de recuperación:

O procedemento de recuperación será por trimestre a través da posibilidade refacer traballos non superados ou unha proba, a determinar polo profesorado do departamento no caso de ter que ter en conta algunha cuestión concreta para favorecer a adaptación ao alumnado.

Cando un alumno/a teña dúas ou tres avaliacións suspensas, terá a oportunidade de facer unha proba extraordinaria baseada nos criterios mínimos das unidades correspondentes. A avaliación será superada cando a súa nota sexa igual ou superior a 5.

A partir do 5 de xuño darase prioridade á realización de actividades de apoio, de reforzo e de recuperación para o alumnado con materias sen superar e preparación das probas extraordinarias.



Logo da avaliación final do período ordinario ata o remate do período lectivo o alumnado terá dereito a preparar e realizar unha proba extraordinaria en xuño no caso de non ter superada algunha das avaliación ou todas suspensas.

O alumnado que si teña superada a materia nese mesmo período fará actividades de apoio, reforzo, recuperación ou ampliación.

A cualificación da avaliación extraordinaria estará composta exclusivamente polo resultado dunha proba escrita deseñada polo departamento de Filosofía (aplicarase ao resultado final o redondeo xa detallado na programación). O alumnado supera a materia cando acada una cualificación igual ou superior a 5, unha vez aplicado o redondeo.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

Terase en conta o Plan de Reforzo (artigo 51 da Orde do 8 de Setembro 2021 de atención á diversidade). O plan deberá ser elaborado polo profesorado que imparte a materia baixo directrices do departamento co coñecemento da titora ou titor.

O plan deberá ter como referentes os obxectivos da materia e adquisición de competencias.

Realizaráselle ao alumnado unha proposta de traballo completo e individualizada no que se desenvolvan os criterios mínimos exisibles en cada unidade didáctica.

O alumnado que se matricule no curso académico 2022/23 no segundo curso do bacharelato e teña materias pendentes de primeiro curso ou teña que cursalas como pendentes poderá recuperalas durante o curso 2022/23 co currículo da materia que se extingue. De non superalas durante ese curso, a partir do curso 2023/24 terá que facelo co novo currículo nas condicións que se determinen. (Disposición transitoria segunda. Resolución do 26 de maio de 2022).

O departamento de Filosofía propón na aula virtual un plan de traballo con expresión dos contidos mínimos exisibles e as actividades recomendadas. Os instrumentos de avaliación a empregar serán Táboas de Indicadores (TI) sobre as actividades propostas na aula virtual e Probas Escritas (PE) que serán aplicadas en dous parciais.

Primeira proba parcial: UD da 1 a 4

Segunda proba parcial: UD: da 5 a 9.

Á nota de cada avaliación se lle aplicarán as seguintes regras de redondeo: (1) Ao enteiro superior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa igual ou superior a 5 (un 4.5 ou un 4.6 se redondean ao 5). (2) Ao enteiro inferior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa inferior a 5 (un 4.4 ou un 4.3 se redondean ao 4).

No caso de non superar as probas parciais o alumnado será convocado a unha proba final (Artigo 11. Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia) que se adecuará ás datas previstas para a ABAU e que versará sobre a totalidade dos contidos. Neste caso a cualificación estará composta exclusivamente polo resultado da proba final (PE) proposta (aplicarase ao resultado final o redondeo explicado e recollido na programación).

A aula virtual xogara un papel esencial no seguimento, avaliación e recuperación da materia. De ser preciso, programaranse clases fóra do horario lectivo (presenciais e/ou telemáticas) para facilitar o progreso do alumnado.

O seguimento do alumnado con materias pendentes corresponderá á xefatura de departamento en coordinación co profesorado de nivel que imparte docencia ao alumno ou alumna.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Non se pode fomentar un proceso de aprendizaxe ensinanza da filosofía sen individualizalo a cada alumnado. Neste sentido as medidas de atención a diversidade son actuacións, estratexias e / ou programas destinadas a proporcionar resposta ás necesidades educativas do alumnado (artigo 7 decreto 229/2011, da lei orgánica 2/2006 de 3 maio).

Na avaliación previa e en coordinación coa xunta de avaliación e o departamento de orientación se desenvolveran as seguintes medidas no caso de ser precisas.

ORDINARIAS: Facilitan a adecuación do curriculum sen alteracións significativas dos obxectivos, contidos nin dos Criterios de avaliación Dan resposta as diferenzas en competencias, motivación, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe. Sinalamos as seguintes:

- 1) Adaptación da xestión da aula as características concretas da aual, favorezo o acceso aos recursos e a convivencia.
- 2) Adecuación da programación ao alumnado e circunstancias do seu contorno. Logo de identificadas as barreiras (accesibilidade física, sensorial, cognitiva e emocional) deseñaranse actividades partindo dos principios do deseño universal de aprendizaxe para que as aprendizaxes sexan accesibles.
- 3) Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxes por proxectos.
- 4) Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación ás circunstancias do alumnado, tales como, forma de comunicación co alumnado, secuenciación de tarefas, verificación da comprensión das tarefas, dispoñibilidade dos recursos tecnolóxicos, concesión do tempo necesario. Aplicaranse as propostas recollidas nos plans, proxectos, programas, guías e protocolos elaborados pola Consellería.
- 5) Aulas de atención educativa e convivencia. No caso de ser preciso derivar alumnado, o profesorado proporcionará as tarefas que debe realizar, que serán corrixidas e avaliadas.
- 6) Reforzo educativo. Posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten dificultades no progreso do alumnado.
- 7) Programas de enriquecemento curricular para o alumnado que presenta altas capacidades intelectuais.

EXTRAORDINARIAS. Diseñadas para atender necesidades específicas de apoio que requiriran modificacións significativas do curriculum ou supoñan unhamodificación organizativa ou ben do xeito de acceder ao curriculum ou da modalidade de escolarización. Serán aplicadas cando as ordinarias sexan insuficientes ou se demostren esgotadas. Son casos nos que aí barreiras singificativas para conseguir os obxectivos da aprendizaxe axeitadas ao seu desenvolvemento (atraso madurativo, transtornos do desenvolvemento relacionados coa linguaxe e/ou comunicación, descoñecemento da (s) lingua(s) de aprendizaxe, vulnerabilidade socio educativa ou polas altas capacidades entre outras).

(1) Flexibilización da duración do período de escolarización na etapa de bacharelato. Dirixido a alumnado con altas capacidades intelectuais ou alumnado con necesidades educativas especiais.

(2) Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada ao centro. O docente coordinado polo profesorado titor e co asesoramento da xefatura do departamento de orientación, elaborará unha proposta de actividades educativas empregando medios telemáticos para a entrega, seguimento e avaliación e adoptará medidas que promovan a súa inclusión.

En colaboración co titor e o departamento de orientación se fara unha planificación e desenvolvemento de actuacións destinadas ao axuste dos procesos de ensino e aprendizaxe. Na avaliación inicial permitirá adaptar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a debida progresión na súa aprendizaxe.

No proceso de avaliación promoverase o uso de instrumentos de avaliación variados, diversos, flexibles e adaptados

ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva do alumnado e garantan que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Proporáanse medidas de reforzo individualizadas mediante lecturas, vídeos e outros materiais complementarios para alumnado que presente dificultades coas competencias básicas. Todos eles dispoñibles a través da aula virtual.

Proporáanse diferentes canles para a presentación das tarefas que, de acordo coa teoría das Intelixencias Múltiples, se adapten mellor a cada un dos alumnos e alumnas. Así en cada unidade serán de elección unha serie de tarefas que propoñen formas de realización adaptadas a cada unha destas intelixencias (infografías, comics, videopresentacións, textos...)

Neste sentido para os alumnos con Necesidades Específicas de Apoio Educativo serán deseñadas de xeito específico actividades en cada unha das unidades didácticas (enunciados curtos, unir, completar, ordenar, sinalar...), así como probas escritas adaptadas ás súas características específicas. Estas probas, se ben presentarán os mesmos contidos en concordancia cos criterios de avaliación, estarán formuladas de xeito máis directo e compostas por cuestións análogas ás anteriormente comentadas. Sempre coa finalidade de potenciar o espírito crítico, a autonomía do alumnado propios da filosofía. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos. Nas actividades voluntarias especificadas na metodoloxía ofreceráanse este tipo de reforzos.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3

#### Observacións:

A materia de filosofía é un instrumentos clave na consecución dos elementos transversais recollidos na lexislación. Ao provover o espírito crítico para adquirir ferramentas teóricas e prácticas no uso autónomo da razón do alumnado contribúe explícitamente, como se ven especificando en tódolos apartados da programación, nesta transversalidade.

A educación emocional en valores democráticos, respectuos coa diversidade e consciente da discriminacións (eurocentrismo, machismo, racismo...) cunha metodoloxía de traballo en grupos e por proxectos será a clave.

A filosofía se fundamenta en textos e nas ferramentas de lectura e comentario crítico dos mesmos. O uso de ferramentas dixitais e alfabetización no uso de buscadores en internet serán outro dos pilares da materia.

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.

- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición
Presentación de libro	Presentación do libro "O moucho voa", de Miguel Vázquez Freire

### Observacións:

A olimpíada filosófica é una iniciativa educativa que pretende achegar a Filosofía ao alumnado de diferentes xeitos, e que ten como obxectivo fomentar o espírito crítico, o coñecemento e respecto de todo o alumnado galego que cursa materias do Departamento de Filosofía.

No caso de bacharelato a modalidade específica é Disertación, ferramenta que se traballa durante o curso, tendo como complementarias Vídeo e Fotografía.

As actividades se desenvolverán dacordo á oferta e ás circunstancias que permitan o desenvolvemento das mesmas a medida que xurdan ó longo do curso escolar.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas a partir dos elementos do currículo.
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas.
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e á temporalización previstas.
4. Adecuación da secuencia de traballo na aula.
5. Adecuación dos materiais didácticos empregados.
6. Adecuación do plan de avaliación deseñado, incluídas as consecuencias das probas.
7. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua, probas, traballos, etc.
8. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación.
9. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final.
10. Adecuación do desenvolvemento dos contidos ao ritmo de aprendizaxe do alumnado.

### Descrición:

Cada indicador valorarase nunha escala do 1 ao 4, indicando o 1 a menor consecución e o 4 a maior.

Os resultado desta avaliación recolleranse na memoria final de curso e poñerase en coñecemento na reunión do Departamento para poder incorporar melloras en vindeiros cursos.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

Farase un seguimento a través da aplicación Proens dúas veces por avaliación, correspondendo coas dúas unidades didácticas que se desenvolven en cada unha, para poder adiantarnos aos cambios no proceso de ensino aprendizaxe. Estes seguimentos faranse de xeito individual e poñeranse en común nas reunións de departamento.

Neste seguimento terase en conta:

1. Se a sesión prevista por UD foron as suficientes e se anotaran datas de inicio e final de cada UD.
2. O grao de cumprimento do desenvolvemento das UD.
3. Propostas de mellora
4. Concreción das propostas de mellora para materializar en cursos vindeiros.

## **9. Outros apartados**

## PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

### Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019426	IES Coruxo	Vigo	2022/2023

### Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Educación en Valores Cívicos e Éticos	3º ESO	1	35

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	11
4.2. Materiais e recursos didácticos	12
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	12
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	13
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	13
6. Medidas de atención á diversidade	14
7.1. Concreción dos elementos transversais	14
7.2. Actividades complementarias	15
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	15
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	16
9. Outros apartados	16

## 1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Valores do 3ª curso da ESO, ten como referencia o currículo que establece o Decreto XX/2022, do 2022, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

A materia de valores éticos debe atender a unha formación integral da persoa e afondar no tratamento transversal dos problemas coa finalidade de proporcionar as bases para unha formación autónoma do alumnado nos valores dunha cidadanía plural, dialogante e democrática.

A materia é unha oportunidade para poñer en práctica metodoloxías didácticas activas e contextualizadas que faciliten a participación crítica do alumnado en traballos cooperativos, a realización de tarefas, a aprendizaxe baseada en problemas, o estudo de casos, o traballo por retos, etc., metodoloxías todas elas que lle confiren ao alumnado o papel de axente activo e autónomo na súa propia formación.

Metodoloxicamente se prima o diálogo e o debate como ferramentas, coas taboas de indicadores (con rúbricas de coavalición entre pares) como formato fundamental de avaliación.

Dado que a materia ten unha presenza semanal de 1 hora, semella importante seleccionar moi ben a metodoloxía e os contidos a desenvolver para que a aprendizaxe sexa significativa.

O grupo seleccionado de 3º ESO, está composto por XX alumnos e alumnas con idades comprendidas ao inicio do curso entre os 14 e os 1X anos.

(Recoller información acerca de ACNEAE, repetidores...).

Todos estes aspectos serán tidos en conta a nivel metodolóxico.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Inquirir e investigar canto se refire á identidade humana e a cuestións éticas relativas ao propio proxecto vital, analizando criticamente información fiable e xerando unha actitude reflexiva respecto diso, para promover o autoconecemento e a elaboración de formulacións e xuízos morais de maneira autónoma e razoada.	2				1	1-2-3		
OBX2 - Actuar e interactuar de acordo con normas e valores cívicos e éticos, a partir do recoñecemento fundado da súa importancia para regular a vida comunitaria e a súa aplicación efectiva e xustificada en distintos contextos, para promover unha convivencia pacífica, respectuosa, democrática e comprometida co ben común.	5	3		3		1-2-3-4		1
OBX3 - Entender a natureza interconectada e inter e ecodependente das actividades humanas, mediante a identificación e a análise de problemas ecosociais de relevancia, para promover hábitos e actitudes eticamente comprometidos co logro de formas de vida sustentables.			5		2	1-2-3-4	1	
OBX4 - Mostrar unha adecuada estima de si mesmo e da contorna, recoñecendo e valorando as emocións e os sentimentos propios e alleos, para lograr unha actitude empática e coidadosa con respecto aos demais e á natureza.	1				1-2-3	1-3		3



### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	.Quen son eu? E quen es ti?	Adentrámonos en aquilo que nos caracteriza como persoas e como nos relacionamos coas persoas do noso entorno.	10	4	X		
2	Que me leva a actua como actúo?	Importancia de desenvolver o pensamento crítico, e analizar o papel que a moral e a ética ten nas nosas accións.	24	10	X		
3	Vivir en sociedade. Vivir en democracia	Analise das diversas formas de organización social e política, así como o fenómeno migratorio, desigualdade social, memoria democrática	17	6		X	
4	Os dereitos humanos	Estudaremos as súas características, evolución histórica até chegar á Declaración Universal.	17	6		X	
5	Desigualdade nun mundo global	En que consiste a globalización e as desigualdade que xera entre países e dentro deles.	16	5			X
6	R-evolución-ate	Que podes facer ti para que o mundo sexa un lugar mellor, tendo como referencia movementos, persoas activistas, analizaremos a nosa responsabilidade.	16	4			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	.Quen son eu? E quen es ti?	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Construír e expresar un concepto axustado de si mesmo recoñecendo as múltiples dimensións da súa natureza e personalidade, así como da dimensión cívica e moral desta, a partir da investigación e do diálogo arredor de diversas concepcións sobre a natureza humana.	Expresar de xeito oral ou escrito que capacidades nos caracterizan como humanos e como podemos chegar a coñecernos a nós mesmas.	TI	100
CA1.2 - Identificar, xestionar e comunicar ideas, emocións, afectos e desexos con comprensión e empatía cara ás demais persoas, demostrando autoestima e compartindo un concepto adecuado do que deben ser as relacións con outras persoas, incluíndo o ámbito afectivo-sexual.	Expresar de xeito oral como son as nosas emocións, afectos, desexos cara nós mesmas e as demais persoas		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A natureza humana.</li> <li>- Liberdade e moralidade como características especificamente humanas.</li> <li>- A identidade persoal, o cruzamento de camiños entre a natureza, a crianza e o proxecto vital.</li> <li>- A educación de emocións e sentimentos.</li> <li>- A autoestima persoal.</li> <li>- A igualdade e o respecto nas relacións con outras persoas.</li> <li>- A educación afectivo-sexual.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
2	Que me leva a actua como actúo?	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Desenvolver e demostrar autonomía moral mediante a práctica da deliberación racional, o uso de conceptos éticos e o diálogo respectuoso cos demais, arredor de distintos valores e modos de vida, así como a problemas relacionados co exercicio dos dereitos individuais, o uso responsable e seguro das redes, as condutas adictivas e o acoso escolar.	Desenvolver de xeito escrito un dilema moral no que se inclúen conceptos éticos básicos, ser capaz de debatilo no grupo clase.	TI	100
CA1.4 - Desenvolver unha actitude de xestión equilibrada das emocións, de estima e coidado de si e das demais persoas, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e sentimentos, e recoñecendo e valorando os dos demais en distintos contextos e arredor de actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas.	Fai aportacións en pequeno grupo e no grupo clase de xeito respectuoso e aportando información pertinente.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A ética dentro do conxunto de saberes filosóficos.</li> <li>- O obxecto da ética.</li> <li>- A aplicación da ética: a orientación para a resolución de problemas complexos sobre como actuar.</li> <li>- Análise das accións.</li> <li>- Os motivos da acción: desexos e razóns.</li> <li>- A vontade como razón práctica.</li> </ul>

## Contidos

- A autonomía da vontade.
- A responsabilidade das accións.
- A ética e as éticas como guías das nosas accións.
- O xuízo moral: as normas, o valor e o valioso, as virtudes, os sentimentos morais.
- Universalismo e pluralismo moral.
- Éticas da felicidade, éticas do deber, éticas da virtude.
- Ética e dereito.
- Semellanzas e diferenzas entre ética e dereito.
- O conflito lexitimidade-legalidade.
- A obxección de conciencia.
- Os dereitos individuais e os deberes cidadáns.
- O debate sobre a liberdade de expresión.
- A ética na sociedade actual.
- O problema da desinformación.
- A protección de datos e o dereito á intimidade.
- O ciberacoso e outras formas de violencia nas redes sociais.
- As condutas adictivas.

UD	Título da UD	Duración
3	Vivir en sociedade. Vivir en democracia	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Promover e demostrar unha convivencia pacífica, respectuosa, democrática e comprometida co ben común, a partir da investigación sobre a natureza social e política do ser humano e o uso e comprensión crítica dos conceptos de lei, poder, soberanía, xustiza, Estado, democracia, memoria democrática, dignidade e dereitos humanos.	Selecciona información axeitada á hora de investigar sobre a natureza social e política do ser humano e a súa complexidade.	TI	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Fomentar o exercicio da cidadanía activa e democrática a través do coñecemento do movemento asociativo e a participación respectuosa, dialogante e construtiva en actividades de grupo que impliquen tomar decisións colectivas, planificar accións coordinadas e resolver problemas aplicando procedementos e principios cívicos, éticos e democráticos explícitos.	Escoita activa no traballo en grupo, fai aportacións persoais que amplían o coñecemento sempre dende o respecto.		
CA2.3 - Contribuír a xerar un compromiso activo co ben común a través da análise e a toma razoada e dialogante de posición arredor de cuestións éticas de actualidade como a loita contra a desigualdade e a pobreza, o dereito ao traballo, a saúde, a educación e a xustiza, así como sobre os fins e límites éticos da investigación científica.	Artella unha exposición oral no que amosa coñecementos básico arredor das cuestións ética de actualidade.		
CA2.4 - Tomar consciencia da loita por unha efectiva igualdade de xénero e do problema da violencia e explotación sobre as mulleres, a través da análise das diversas xeracións e correntes do feminismo e das medidas de prevención da desigualdade, a violencia e a discriminación por razón de xénero e orientación sexual, mostrando igualmente coñecemento dos dereitos LGTBIQ+ e recoñecendo a necesidade de respectalos.	Demostra de xeito oral ou escrito un discurso baseado no recoñecemento e necesidade de respectar os dereitos LGTBIQ+ así como a cuestión da loita por unha efectiva igualdade de xénero.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A sociedade humana: natureza e orixe.</li> <li>- As estruturas sociais e os grupos de pertenza.</li> <li>- Cooperación e altruísmo fronte a competencia e egoísmo.</li> <li>- A convivencia social.</li> <li>- As virtudes do diálogo e as normas de argumentación.</li> <li>- A resolución pacífica de conflitos.</li> <li>- A empatía cos demais.</li> <li>- A política.</li> <li>- Conceptos clave: lei, poder, soberanía, xustiza e dignidade.</li> <li>- Formas de Estado e tipos de goberno.</li> <li>- A democracia: principios, procedementos e institucións.</li> <li>- O Estado español como estado social e democrático de dereito.</li> <li>- Valores constitucionais.</li> <li>- A memoria democrática.</li> </ul>

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A igualdade de xénero.</li> <li>- As diversas ondas e correntes do feminismo.</li> <li>- A prevención da explotación e a violencia contra nenas e mulleres.</li> <li>- A corresponsabilidade nas tarefas domésticas e de coidados.</li> <li>- Os desafíos da democracia actual.</li> <li>- Os códigos deontolóxicos.</li> <li>- As éticas aplicadas.</li> <li>- Fins e límites éticos da investigación científica. A bioética.</li> <li>- O desafío da intelixencia artificial.</li> <li>- As propostas transhumanistas.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
4	Os dereitos humanos	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Contribuír activamente ao benestar social adoptando unha posición propia, explícita, informada e eticamente fundamentada sobre o valor e pertinencia dos dereitos humanos, o respecto pola diversidade etnocultural, a consideración dos bens públicos globais, a percepción do valor social dos impostos.	Coñece e expón de xeito escrito cales son os Dereitos Humanos e a súa importancia para o benestar social.	TI	100
CA2.6 - Contribuír á consecución dun mundo máis xusto e pacífico a través da análise e recoñecemento da historia democrática do noso país e das funcións do estado de dereito e as súas institucións, os organismos internacionais, as asociacións civís e os corpos e forzas de seguridade do Estado, no seu empeño por lograr a paz e a seguridade integral, atender as vítimas da violencia e promover a solidariedade e cooperación entre as persoas e os pobos.	Coñece e expón oralmente os organismos, institucións así como activistas que traballan para contribuír á consecución dun mundo máis xusto e pacífico.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Os dereitos humanos.</li> <li>- Referente moral da democracia e a xustiza social.</li> </ul>

## Contidos

- Xeracións e historia dos dereitos humanos.
- Dereitos da infancia.
- Os dereitos económicos, sociais e culturais: o dereito ao traballo, á saúde, á educación e á xustiza.
- A participación democrática: ser cidadáns.
- Outras formas de participación social: o asociacionismo e o voluntariado.
- A procura da xustiza social.
- A desigualdade económica e a loita contra a pobreza.
- Globalización económica e bens públicos globais.
- O comercio xusto.
- O valor social dos impostos.
- A sociedade e a cidadanía plural.
- O interculturalismo.
- A inclusión social e o respecto pola diversidade e as identidades étnico-culturais e de xénero.
- Os dereitos LGTBIQ+.
- A convivencia pacífica e segura.
- A guerra, o terrorismo e outras formas de violencia política.
- A atención ás vítimas da violencia.
- Accións individuais e colectivas en favor da paz.
- A contribución do Estado e os organismos internacionais á paz, á seguridade integral e á cooperación.
- O dereito internacional e a cidadanía global.
- As forzas armadas e a defensa ao servizo da paz.
- O papel das ONG e das ONGD na loita pola paz.

UD	Título da UD	Duración
5	Desigualdade nun mundo global	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Describir as relacións históricas de interconexión, interdependencia e ecodpendencia entre as nosas vidas e a contorna a partir da análise das causas e consecuencias dos máis graves problemas ecosociais que nos afectan.	Entende e nomea as causas e consecuencias máis graves dos problemas ecosociais.	TI	100
CA3.4 - Desenvolver unha actitude de xestión equilibrada das emocións, de estima e coidado de si mesmo e dos outros, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e sentimentos, e recoñecendo e valorando os dos demais en distintos contextos e arredor de actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas.	Á hora de intervir na aula, axúdase dos comentarios e aportacións das compañeiros e compañeiros á hora de enriquecer as súas intervencións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Vida responsable co contorno e protección do medio ambiente.</li> <li>- Percorrido crítico sobre as diferentes formas de relación do ser humano coa natureza ao longo da historia e a pegada ecolóxica das accións humanas no planeta.</li> <li>- Empatía e responsabilidade co contorno: interdependencia, interconexión e ecodpendencia.</li> <li>- A protección do medio ambiente e os dereitos para coa natureza: dereitos humanos de terceira xeración.</li> <li>- Protección e dereitos dos animais.</li> <li>- Valores éticos e democráticos como fundamento para unha conduta empática e respectuosa cara aos animais.</li> <li>- O ser humano como animal político: dereitos humanos da solidariedade para unha conduta cos animais baseada en dereitos.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
6	R-evolución-ate	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Valorar distintas formulacións científicas, políticas e éticas coas que afrontar a emerxencia climática e a crise ambiental a través da exposición e o debate argumental arredor destas.	Realiza un traballo escrito sobre as diferentes formulacións científicas políticas e éticas que afrontan a emerxencia climática.	TI	100
CA3.3 - Promover estilos de vida eticamente comprometidos co logro dun desenvolvemento sustentable, contribuíndo por si mesmo e na súa contorna ao tratamento preventivo dos residuos, a xestión sustentable dos recursos, a mobilidade segura, sustentable e saudable, o comercio xusto, o consumo responsable, o coidado do patrimonio natural, o respecto pola diversidade etnocultural, e o coidado e protección dos animais.	Plantexar e realizar alo menos unha acción que contribúa a mellorar o desenvolvemento sustentable no seu propio centro.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"><li>- Consumo responsable para unha vida sustentable no planeta.</li><li>- Os límites do planeta e o esgotamento dos recursos.</li><li>- Obxectivos do desenvolvemento sustentable: axenda cara a 2030 para un planeta sustentable.</li><li>- Economía sustentable e ecolóxica na globalización, e nova lóxica do crecemento: economía circular e economía azul.</li><li>- Hábitos para unha xestión adecuada dos recursos e tratamento preventivo dos residuos. A mobilidade segura, saudable e sustentable.</li><li>- Consumo responsable e soberanía alimentaria.</li><li>- Propostas científicas e ético-políticas arredor dos problemas ecosociais.</li><li>- Xustiza ecolóxica.</li><li>- Ética medioambiental: ecocentrismo, biocentrismo e extensionismo.</li><li>- Ecofeminismo e ética do coidado.</li></ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

As principais cuestións a abordar na materia deberían consistir, respectando sempre os ritmos de aprendizaxe de cada alumno e alumna, na realización de proxectos grupais nos que o propio alumnado teña que resolver conflitos e así desenvolver un fortalecemento da súa autonomía e responsabilidade en coherencia cos valores dunha cidadanía plural, crítica e democrática.

Así mesmo é de especial relevancia que o alumnado coñeza as canles de participación cidadá no marco da sociedade na que vive para que poida desenvolver estilos de vida saudábeis e sustentábeis e sobre todo baseados nunha participación activa e cooperativa na que saiba poñer en práctica os valores comúns e o pensamento crítico que o fornecerá na súa madurez persoal e académica.

Os principios metodolóxicos nos que se basea a materia son a aprendizaxe significativa; isto é partindo dos coñecementos previos do alumnado ser capaces de aprender a aprender e establecer relacións directas entre a materia e a súa realidade. Por outra banda temos a aprendizaxe cooperativa, mediante a cal se desenvolverán proxectos de investigacións, exposicións conxuntas e debates, o que fortalecerá a empatía, as relacións sociais e académicas dentro da aula e no grupo clase. Aprendizaxe mediante o emprego das TICs, parte do traballo de aula será xestionado coa utilización de internet, videos divulgativos, exposicións interactivas, etc, con respecto a este último tipo de aprendizaxe, cómpre salientar a importancia de traballar a busca de información, así como as fake news, e a verificación de fontes á hora de buscar información.

Ao inicio de cada UD traballarase sobre os instrumentos de avaliación e a súa ponderación. Os obxectivos de cada unidade serán explícitamente presentados. Cada UD comezara cunha introdución para activar os coñecementos previos e terminara cun resume ou síntese final que enlazará coa seguinte UD.

A base do traballo que se fará na materia de valores estará encamiñado á investigación e á aprendizaxe autónoma a través de traballos individuais e grupais nos que desenvolver cuestións pertinentes aos contidos dende un punto de vista creativo e de descubrimento, por iso o xeito máis pertinente de avaliar será coa taboa de indicadores que constará de rúbricas de cada fase do traballo que se desenvolva.

- Rúbrica participación
- Rúbrica implicación
- Rúbrica traballo escrito individual
- Rúbrica traballo grupal
- Rúbrica exposición oral



Contribuirase ao Plan TICs coa proxección de vídeos, traballos na aula de informática, clases expositivas empregando presentacións dixitais, avaliacións interactivas.

A materia tamén deberá contribuír a outros plans incluídos no Proxecto Educativo do centro como o Plan de Actividades do Departamento de Orientación, o Plan de Acción Titorial, o Plan de Atención á Diversidade ou o Proxecto Lingüístico de Centro, tendo presente en todo momento a Programación Xeral Anual que se redactou a inicio de curso.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
UDs de elaboración propia feitas polo profesorado da materia
Libro de lectura
Caderno persoal
Aula virtual da materia
Bibliografía e libros de consulta
Fichas de actividades de reforzo, ampliación e consolidación
Dotación da aula (encerado dixital, tradicional, mesas, cadeiras...)

Cadas sesión terá lugar nun aula do centro cun ordenaro conectado a internet e a pizarra con proxector e sonido. Os pupitres individuais servirán tanto para o traballo individual como para a formación dos grupos. Os materiais escollidos teñen que ver coa aprendizaxe autónoma que vimos desenvolvendo, por iso os libros de lectura ou consulta xunto coas elaboracións propias que o profesorado pode aportar van ser a base para que o alumnado poida desenvolver o seu traballo dun xeito satisfactorio.

Á hora de desenvolver o traballo de aula, serán as UD's propias elaboradas polo profesorado da materia, as tarefas, traballos, e actividades que o alumnado realice terán como base o caderno persoal, no que se compliarán todas as actividades, reflexións e incluso aportación orais persoais á materia.

Entre os recursos impresos mencionados destacan as fichas de comprensión lectora, os guións de prácticas, as fichas de actividades de consolidación e as actividades de reforzo e de ampliación específicas para cada alumno.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Nas primeiras dúas semanas de clase se levará a cabo unha proba inicial. Consistirá nun dilema moral ao que alumnado deberá dar resposta usando os argumentos que considere pertinentes e utilizando aqueles conceptos que lle permitan xustificar a súa elección. Esta proba estará baseada en competencias e contidos básicos, o seu obxectivo é facilitar información sobre o alumnado de xeito individual, destrezas previas, dificultades de aprendizaxe ou especificidades que haxa que ter en conta á hora de programar as adaptacións precisas, así como as actividades de reforzo e ampliación.

O exercicio valorárase de acordo aos estándares do test moral de Kohlberg e permitirá situar o nivel moral do individuo.

Nestas primeiras dúas semanas o docente observará ao alumnado tomando notas nunha rúbrica sobre as destrezas no uso das TICs.

Os resultados de dita proba daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do Departamento de Orientación levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	24	17	17	16	16	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100

### Criterios de cualificación:

Ao final de cada avaliación teranse en conta tres porcentaxes:

1. As probas escritas, calquera que sexa o seu formato (traballo de investigación, reflexión persoal no caderno individual, comentarios de texto...), suporá o 40 % da cualificación global (ata 4 puntos, media aritmética de dúas probas por trimestre) Esta proba será traballada tamén nas táboas de indicadores.
  2. Os traballos en grupo que se propoñan que se avaliarán como proba escrita ou taboa de indicadores suporán un 40% na cualificación. Poderán realizarse varias por trimestre e a súa puntuación será acumulativa.
  3. As intervencións orais baseadas nunha argumentación clara, coherente, respectuosa das ideas, así como a implicación baseado no esforzo persoal á hora da responsabilidade co traballo diario da materia suporá un 20%.
  4. As actividades voluntarias (lecturas e traballos propostos na Aula Virtual) servirán para redondear/subir a nota.
- Á nota de cada avaliación se lle aplicarn as seguintes regras de redondeo: (1) Ao enteiro superior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa igual ou superior a 5 (un 4.5 ou un 4.6 se redondean ao 5). (2) Ao enteiro inferior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa inferior a 5 (un 4.4 ou un 4.3 se redondean ao 4) .

### Criterios de recuperación:

Cunha avaliación continua e progresiva, iranse aplicando medidas de recuperacións en cada avaliación para facer un seguimento exhaustivo das dificultades que presente o alumnado. Polo tanto, deberanse realizar con novas indicacións aqueles traballos que non acaden un mínimo dun 5.

Con respecto á recuperación final o alumnado terá un prazo de entrega para completar retrasos nas tarefas, así como modificación dalgunhas non superadas.

## 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Terase en conta o Plan de Reforzo (artigo 51 da Orde do 8 de Setembro 2021 de atención á diversidade. O plan deberá ser elaborado polo profesorado que imparte a materia baixo directrices do departamento co coñecemento da titora ou titor.

O plan deberá ter como referentes os obxectivos da materia e adquisición de competencias.

Realizaráselle ao alumnado unha proposta de traballo completo e individualizado no que se desenvolvan os criterios mínimos exisibles en cada unidade didáctica.

Está proposta será resultado dun seguimento individualizado que se fará do alumnado revisando os traballos entregados por trimestre para poder asignar un novo traballo final.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Para o alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo proporáanse medidas de reforzo adaptadas e individualizadas mediante lecturas, vídeos e outros materiais complementarios. Todos eles dispoñibles a través da aula virtual. Proporáanse, ao mesmo tempo, diferentes canles para a presentación das tarefas que, de acordo coa teoría das Intelixencias Múltiples, se adapten mellor a cada un dos alumnos e alumnas. Así en cada unidade serán de elección individual unha batería de tarefas que propoñen formas de realización adaptadas a cada unha destas intelixencias (infografías, comics, videopresentacións, textos...)

No caso do alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso debemos ter en conta o plan específico personalizado que desenvolve o artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021 de atención á diversidade.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Fomento da creatividade e espírito crítico	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Orientación da conduta cara valores democráticos e éticos	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Emprendemento social	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X

**Observacións:**

No ambiente da aula, e en todas as tarefas da materia:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.

- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

Como noutras materias do Departamento de Filosofía, tanto os contidos como os instrumentos propios da disciplina, son especialmente axeitados para traballar as liñas trasversais do curriculum.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición
Olimpíada Filosófica	Presentación do alumnado á Olimpíada Filosófica na categoría de Dilemas Morais, Fotografía ou Video a determinar.
Visita e elaboración dun taller nun centro ocupacional	Actividade cuxo obxectivo principal é coñecer, entender e programar un taller para persoas dun centro ocupacional. Esta actividade está pensada para desenvolver a autonomía persoal, a empatía e o activismo de cara a persoas diversas que forman parte tamén do mundo que nos rodea.

### Observacións:

A olimpíada filosófica é una iniciativa educativa que pretende achegar a Filosofía ao alumnado de diferentes xeitos, e que ten como obxectivo fomentar o espírito crítico, o coñecemento e respecto de todo o alumnado galego que cursa materias do Departamento de Filosofía. Esta actividade está programada para a 1ª e 2ª avaliación.

A actividade de visita está pensada para a 3ª avaliación

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas a partir dos elementos do currículo.
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.
4. Adecuación da secuencia de traballo na aula.
5. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.
6. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.

7. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.
8. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación
9. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final
10. Adecuación do desenvolvementos dos contidos ao ritmo de aprendizaxe do alumnado

#### **Descrición:**

Cada indicador valorarase nunha escala do 1 ao 4, indicando o 1 a menor consecución e o 4 a maior. Os resultado desta avaliación recolleranse na memoria final de curso e poñerase en coñecemento na reunión do Departamento para poder incorporar melloras en vindeiros cursos.

### **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

Farase un seguimento a través da aplicación Proens dúas veces por avaliación, correspondendo coas dúas unidades didácticas que se desenvolven en cada unha, para poder adiantarnos aos cambios no proceso de ensino aprendizaxe. Estes seguimentos faranse de xeito individual e poñeranse en común nas reunións de departamento.

Neste seguimento terase en conta:

1. Se as sesión prevista por UD foron as suficientes, así como as datas de inicio de final de cada UD.
2. O grao de cumprimento do desenvolvemento das UD.
3. Propostas de mellora
4. Concreción das propostas de mellora para materializar en cursos vindeiros.

### **9. Outros apartados**

**DEPARTAMENTO DE FILOSOFÍA**

***CURSO 2022/2023***

**Presentación**

## **COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO E HORARIOS. CURSO 2022-2023**

O Departamento de Filosofía está formado polos seguintes membros:

	<b>MATERIA</b>	<b>NIVEL</b>	<b>GRUPOS</b>	<b>HORAS SEMANAIS</b>	<b>TOTAL HORAS</b>
<b>MIGUEL ÁNGEL RODRÍGUEZ LÓPEZ</b>	Filosofía	4º ESO	1	3	3
<b>Xefatura</b>					
	Filosofía	1º BAC	2	3	6
	Historia da Filosofía	2º BAC	1	4	4
	Psicoloxía	2º BAC	1	3	3
	Valores Ético- Cívicos	3º ESO	2	1	2
<b>HORAS</b>					<b>18</b>
<b>FELIPE RODRÍGUEZ</b>	Valores Éticos	4º ESO	1	1	1
<b>INÉS (Xeografía e Hº)</b>	Valores Éticos	2º- 4º ESO	2	1	2
<b>NATALIA (BIOLOXÍA)</b>	Valores Éticos	2º ESO	1	1	1
<b>XOEL (F y Q)</b>	Valores Éticos	2º- 4º ESO	2	1	2
<b>Mº ISABEL (Xeografía e Hº)</b>	Valores Ético- Cívicos	3º ESO	2	1	2
<b>TOMÁS PÉREZ</b>	Valores Éticos	2º ESO	1	1	1
<b>TOTAL HORAS</b>					<b>27</b>

## FILOSOFÍA 4º E.S.O.

### INDICE

1. Obxectivos xerais da E.S.O. e obxectivos específicos do curso.....	2
2. Introducción, contextualización e contribución ao desenvolvemento das competencias clave.....	5
3. Relación de estándares de aprendizaxe da materia, concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable e indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.....	10
4. Temporalización: organización e secuenciación de contidos.....	24
5. Metodoloxía didáctica.....	22
6. Procedementos e instrumentos de avaliación.....	26
7. Criterios de cualificación.....	27
8. Grao mínimo esixible de consecución para superar a materia.....	30
9. Plan de seguimento e procedemento para a cualificación das materias pendentes ou da nota final do curso se hai alumnado que asiste a programas de reforzo con atribución horaria.....	30
10. Materiais e recursos didácticos.....	30
11. Medidas de atención á diversidade.....	31
12. Accións de contribución ó proxecto lector, ás TIC e ó plan de convivencia.....	32
13. Actividades complementarias e extraescolares.....	34
14. Procedementos para avaliar a propia programación.....	35

De acordo coa Ley Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE) 8/2013, de 9 de decembro; e seguindo as instrucións do Real Decreto 1105/2014 do 26 de decembro onde se diseña o currículo básico para Educación Secundaria e Bacharelato; ademáis da Orde ECD/65/2015 do 21 de xaneiro que establece as relacións entre competencias, contidos e criterios de avaliación na Educación Primaria, Secundaria e Bacharelato; e en consoancia co [Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia](#) e a RESOLUCIÓN do 27 de xullo de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico 2015/16 para a implantación do currículo da educación



## **I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, este Departamento desenvolve a seguinte Programación Didáctica para o presente curso.

### **1. OBXECTIVOS XERAIS DA E.S.O. E OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DA ÁREA**

- a) Asumir responsablemente os seus deberes; coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais; practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais e resolver pacificamente os conflitos, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, incorporar novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza nun mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua castelá e, se a houbese, na lingua cooficial da comunidade autónoma, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, a lectura e o estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de xeito apropiado.
- j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia propias e dos demais, así como o patrimonio artístico e cultural.
- k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o ambiente, e contribuír así á súa

## **I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

conservación e mellora.

1) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

### **OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DO CURSO**

- 1. Valorar a dignidade humana para entender o que significa ser persoa e poder valorarse a si mesmo e aos que o rodean.**
- 2. Descubrir a importancia dos valores éticos na formación da personalidade e a autoestima.**
3. Comprender o concepto de virtude en Aristóteles para establecer relacións entre os actos, os hábitos e o carácter no desenvolvemento da personalidade.
- 4. Coñecer o concepto e as causas da crise de identidade que xorde na adolescencia.**
- 5. Tomar conciencia da importancia que ten o desenvolvemento da autonomía e o control persoais no crecemento persoal e nas crises de identidade adolescentes, para poder identificar as súas causas e detectar as influencias que exercen os grupos sociais na personalidade.**
6. Identificar os trazos máis característicos dos grupos de adolescentes reflexionando sobre a influencia que exercen sobre o individuo.
7. Recoñecer a diferenza entre autonomía e heteronomía desde a concepción kantiana.
- 8. Tomar conciencia da importancia que teñen o desenvolvemento da autonomía e o control da conduta no crecemento moral da persoa cara á vida adulta.**
- 9. Identificar as aptitudes que posúe o ser humano para construír un autoconcepto positivo e potenciar a súa autoestima.**
- 10. Reflexionar sobre as propias emocións para recoñecerlas en situacións cotiás e poder mellorar as habilidades emocionais.**
11. Comprender o concepto de intelixencia emocional e valorar a súa importancia na personalidade e no carácter moral do ser humano para mellorar as súas habilidades emocionais.
- 12. Recoñecer a relación do ser humano co contorno e os axentes sociais que o conforman, entendendo a súa influencia no desenvolvemento moral da persoa e valorando a vida en sociedade desde valores éticos recoñecidos.**
- 13. Desenvolver certas habilidades sociais e técnicas de comunicación para dominar formas e xestos habituais que favorezan tanto as relacións interpersoais como o respecto á dignidade e aos dereitos das persoas.**
14. Entender a influencia das virtudes e dos valores éticos no establecemento respectuoso e comprensivo de relacións interpersoais, así como no exercicio da liberdade individual e social.
- 15. Sinalar os límites entre a liberdade persoal e a social, marcados pola ética e os dereitos humanos.**
- 16. Valorar a importancia das habilidades emocionais, sociais e asertivas, co fin de moldear a personalidade a través de valores e virtudes éticos que favorezan as relacións interpersoais positivas e respectuosas, asegurando así unha vida en sociedade máis xusta e enriquecedora.**
17. Recoñecer a vida privada e pública das persoas para trazar os límites da liberdade individual e social.
18. Apreciar o efecto que producen os valores na conduta individual e social, identificar os problemas derivados da súa ausencia e promovelos en beneficio das persoas e da sociedade.
- 19. Describir as semellanzas e as diferenzas que existen entre a moral e a ética, valorando a importancia desta última para actuar de forma racional.**

## **I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

- 20. Identificar a liberdade como base que sostén a moral da persoa e a intelixencia, a vontade e as normas éticas como medios que rexen a súa conduta.**
21. Explicar a función dos valores éticos na vida persoal e social do ser humano, destacando a importancia de ser respectados.
22. Coñecer como se creou a ONU e o momento histórico que impulsou a elaboración da DUDH, destacando o seu valor como fundamento ético universal da lexitimidade do dereito e dos Estados.
- 23. Entender e valorar o contido da DUDH, facendo especial fincapé no respecto á dignidade humana como base de todos os dereitos humanos.**
- 24. Coñecer o panorama actual respecto ao exercicio dos dereitos da muller e da infancia en gran parte do mundo, coñecendo as causas da situación e tomando conciencia delas, co fin de promover a súa solución.**

Se fose preciso facer unha adaptación pedagóxica especial dirixida á docencia semipresencial ou non presencial (por mor das circunstancias socio-sanitarias actuais), os **obxectivos preferentes e indispensables** para este curso (*sinalados en negrita e cursiva*) serían os seguintes:

**1, 2, 4, 5, 8, 9, 10, 12, 13, 15, 16, 19, 20, 23, 24.**

## **2. INTRODUCCIÓN, CONTEXTUALIZACIÓN E CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE**

### ***Introdución e contextualización***

A materia de Filosofía de cuarto curso de ESO ten como unha das súas finalidades contribuír a dotar o alumnado dunha capacidade básica de comprensión. Esta capacidade, arrancando da propia experiencia humana, das vivencias, das inquedanzas e dos interrogantes que ela mesma suscita, debe catapultar o alumnado ao limiar dunha capacidade de crítica, de argumentación e síntese que, ademais da súa exemplificación filosófica, poida servirille para desenvolverse como persoa e como cidadán ou cidadá, entendendo a radicalidade do saber filosófico como ferramenta de transformación e cambio.

A comprensión de si mesmo/a e do mundo en que se vive, sen esquecer a súa vertente histórica, responde á dimensión teórica da filosofía como "preguntar radical" mediante a procura e tratamento dos grandes interrogantes filosóficos. Xunto a iso, a materia debe proxectar unha dimensión práctica, incidindo basicamente no fomento dunha actitude reflexiva e crítica que non acepte nada preconcebido, e dunha capacidade de pensar que, a través da mediación dialóxica, sexa capaz de argumentar de forma coherente e lóxica. O alumnado, deste xeito, deberá integrar coherentemente as súas ideas e as súas crenzas, someténdoo á crítica e á visión doutras persoas para ser quen de alcanzar un pensamento autónomo que integre os seus coñecementos e os seus valores, comprendendo a particularidade da filosofía como saber radical e global.

Con este tratamento, que permite integrar nunha visión de conxunto a gran diversidade de saberes, capacidades e valores, a filosofía eríxese nunha ferramenta moi interesante para contribuír ao logro das máis importantes expectativas descritas nas competencias clave. É patente que as competencias clave deben estar perfectamente integradas nas propostas curriculares das áreas e materias, para desenvolver, de forma coherente e precisa, os resultados da aprendizaxe que o alumnado debe conseguir. Neste sentido, esta materia, dentro da implicación das competencias clave no sistema educativo español, pode contribuír a desenvolver especialmente as seguintes competencias: comunicación lingüística, aprender a aprender, competencias sociais e cívicas, e conciencia e expresións culturais. Cómpre

## **I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

valorarse que, dun xeito nomeadamente salientable, a materia no seu conxunto debe motivar o alumnado para aprender a aprender, competencia basal para a adquisición do amor ao saber, o que constitúe un eixe paradigmático para afrontar a vida e o mundo, dotando o alumno ou a alumna de valiosos apeiros para, desde a iniciativa persoal, formalo como persoa.

Unha metodoloxía centrada e fundamentada nas competencias clave debe supor novos retos e, especialmente, importantes cambios na forma de entender a concepción do proceso de ensino e aprendizaxe, así como cambios na propia cultura escolar en xeral. Non só se fai necesaria unha estreita vinculación do profesorado no desenvolvemento curricular senón tamén transcendentales cambios nas prácticas de traballo e nos métodos de ensino. A avaliación das competencias require o concurso de estratexias e instrumentos para avaliar o alumnado de acordo cos seus desempeños na resolución de problemas que simulen contextos reais, mobilizando os seus coñecementos, as destrezas, os valores e as actitudes. E cómpre non esquecer, desde logo, a flexibilidade e a variabilidade nos procedementos de avaliación como parte inherente ao entendemento da avaliación como parte integral do proceso de ensino e aprendizaxe e, ao cabo, como un utensilio clave para mellorar a calidade da educación. Neste sentido, estratexias como a autoavaliación, a avaliación entre iguais ou a coavaliación favorecen a aprendizaxe desde a reflexión activa e desde a posta en práctica das dificultades e as fortalezas do alumnado, tendo o conta o horizonte de participación dos compañeiros e das compañeiras, e desde a colaboración do profesorado na regulación do proceso de ensino e aprendizaxe.

A materia estrutúrase en seis bloques: "A filosofía", "Identidade persoal", "Socialización", "Pensamento", "Realidade e metafísica" e "Transformación". Pode entenderse, dun xeito escolar, que estes bloques representan globalmente un equilibrio, xa que tres deles responden a unha dimensión marcadamente teórica (filosofía, pensamento, realidade e metafísica), mentres os outros tres acentúan máis a vertente práctica da reflexión filosófica (identidade persoal, socialización e transformación). Co desenvolvemento destes bloques o alumnado debe ser quen, a través da internalización, a asimilación e a consecución das competencias clave, de adquirir unhas destrezas teórico-prácticas basais para o avance e a mellora no eido persoal e na interacción social, adquirindo, ao tempo, unha visión filosófica e cultural en xeral.

Traballar por competencias na aula supón unha reflexión e unha reconfiguración dos contidos desde un enfoque de aplicación que permita o adestramento das competencias. As competencias non se estudan nin se ensinan, adéstranse. Para iso, xeraremos tarefas de aprendizaxe que favorezan a transferencia do coñecemento mediante metodoloxías de aula activas.

Non resulta práctico nin eficaz abordar cada competencia de xeito global en cada unidade, polo que se estruturarán en indicadores, grandes piares que permiten describirla dun xeito máis preciso. Podemos atopar entre tres e seis indicadores por competencia.

O indicador ten tamén un carácter bastante xeral, por iso o descompoñemos no que chamamos «descritores da competencia»; os cales «describen» o alumnado competente no devandito ámbito. Por cada indicador atoparemos entre tres e seis descritores, redactados en infinitivo.

En cada unidade didáctica concretaremos o descritor en desempeños competenciais, redactados en terceira persoa do presente indicativo. O desempeño será o aspecto concreto da competencia que poderemos adestrar e avaliar de xeito explícito na unidade. Este é concreto e obxectivo, e indícanos que debemos adestrar e observar nas actividades deseñadas.

Para o seu desenvolvemento, partimos dun marco de descritores competenciais definido para o proxecto aplicable a toda materia e curso.

## **I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

Respectando o tratamento específico nalgunhas áreas, os **elementos transversais**, como a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional, traballaranse desde todas as áreas, posibilitando e fomentando que o proceso de ensinanza-aprendizaxe dos alumnos e das alumnas sexa o máis completo posible.

A diversidade de estilos de aprendizaxe do alumnado convídanos a traballar desde as **diferentes potencialidades** que os caracterizan, apoiándonos sempre nas súas fortalezas para poder dar resposta ás súas necesidades.

### ***Contribución da área e materia ó logro das competencias básicas***

En Filosofía 4º E.S.O. incidiremos no adestramento de todas as competencias de xeito sistemático, facendo fincapé nos descritores máis afíns á materia:

#### *Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía*

O desenvolvemento desta competencia nesta área permítenos afondar no eixe sobre o que xira todo o currículo básico e o carácter específico do saber ético, xa que todo problema ou situación implica unha demostración racional. Así mesmo, esta competencia ofrece a oportunidade de realizar argumentacións, considerar e realizar xuízos morais e aplicar estratexias de resolución de problemas.

Os descritores que podemos traballar son:

- Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sostible.
- Tomar conciencia dos cambios producidos polo ser humano no contorno natural e as súas repercusións na vida futura.

Xerar criterios persoais sobre a visión social da estética do corpo humano fronte ao coidado saudable.

- Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante en distintos ámbitos (biolóxico, xeolóxico, físico, químico, tecnolóxico, xeográfico...).
- Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas, comprender o que acontece arredor nosa e responder preguntas.
- Coñecer e utilizar os elementos matemáticos básicos: operacións, magnitudes, porcentaxes, proporcións, formas xeométricas, criterios de medición e codificación numérica, etc.
- Organizar a información utilizando procedementos matemáticos.
- Resolver problemas seleccionando os datos e as estratexias apropiadas.
- Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá.

#### *Comunicación lingüística*

Para o bo desenvolvemento desta competencia, será decisivo o fomento da lectura, a análise e a reflexión sobre libros e textos relacionados cos contidos curriculares. Deste xeito, desenvolveranse a comprensión lectora e a expresión oral e escrita, á vez que se adquiren coñecementos sobre os valores éticos e os dereitos humanos. Por outro lado, contribuírase conxuntamente á comunicación lingüística e á transmisión de valores a través da exposición e da resolución de dilemas morais, pois estes esixen poñer en práctica habilidades como a escoita activa, a empatía e a expresión de ideas e de sentimentos, utilizando a linguaxe verbal e a non verbal.

## **I.E.S. CORUXO. *Departamento de filosofía***

Os descritores que podemos utilizar serán:

- Comprender o sentido dos textos escritos e orais.
- Manter unha actitude favorable cara á lectura.
- Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.
- Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais correctas para elaborar textos escritos e orais.
- Manexar elementos de comunicación non verbal en diferentes rexistros e nas diversas situacións comunicativas.
- Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...
- Compoñer distintos tipos de textos de forma creativa con sentido literario.
- Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou en materias diversas.

*En caso de centros bilingües ou plurilingües que impartan a materia noutra lingua:*

- Manter conversas noutras linguas sobre temas cotiás en distintos contextos.
- Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.
- Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou en materias diversas.

### *Competencia dixital*

Desenvolver a competencia dixital desde esta área axudaranos a manexar ferramentas que posibiliten o acceso ao coñecemento de feitos sociais, de documentos históricos e de tratados internacionais que poñan de relevo a contribución dos valores éticos á sociedade. Á súa vez, proporcionará ao alumnado a oportunidade de entender a relación que existe entre a tecnoloxía e os valores éticos, para que aprenda a facer un bo uso dela no seu tempo libre.

Podemos adestrar os seguintes descritores:

- Empregar distintas fontes para a busca de información.
- Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.
- Elaborar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.
- Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.
- Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.

### *Conciencia e expresións culturais*

Esta área contribúe á competencia de conciencia e expresións culturais na medida que posibilita a adquisición de pautas persoais, interpersoais e interculturais que permiten participar de forma eficaz e construtiva en calquera sociedade democrática, respectando os valores e os dereitos socialmente recoñecidos.

Os descritores que adestraremos nesta competencia son:

- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
- Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.

## **I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

- Apreciar a beleza das expresións artísticas e as manifestacións de creatividade e fomentar o gusto pola estética no ámbito cotián.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

### *Competencias sociais e cívicas*

A área de Valores Éticos é, sen dúbida, a materia desde onde se traballan de forma máis directa as competencias sociais e cívicas do alumnado. As habilidades sociais e de colaboración incrementanse cando se reflexiona sobre o fundamento ético da sociedade e se toma conciencia da importancia dos seus valores éticos e morais. Á súa vez, ofrece a posibilidade de resolver conflitos interpersoais de forma construtiva, polo que o alumnado non só fortalece a súa identidade persoal, senón que desenvolve actitudes como a tolerancia, a asertividade, a solidariedade e o respecto á pluralidade cultural, política, relixiosa ou de calquera outra natureza.

Os indicadores desta competencia poden facilitar o adestramento de cada un dos descritores que enunciámos a continuación:

- Coñecer as actividades humanas, adquirir unha idea da realidade histórica a partir de distintas fontes e identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito referendado por unha constitución.
- Aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.
- Desenvolver a capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e de traballo, e para a resolución de conflitos.
- Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.
- Recoñecer a riqueza da diversidade de opinións e de ideas.
- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.
- Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.
- Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades.
- Involucrarse ou promover accións cun fin social.

### *Sentido de iniciativa e espírito emprendedor*

Para exercer dun modo consciente, crítico e reflexivo o exercicio da liberdade e emprender accións que beneficien a sociedade, resulta necesario que os alumnos e as alumnas desenvolvan aspectos como a autonomía, o liderado, a creatividade ou a iniciativa persoal.

Desde esta área considéranse tarefas e situacións reais e hipotéticas que permiten o adestramento das devanditas habilidades. Isto vai posibilitar que o alumnado expoña as súas ideas, inicie accións novas, asuma responsabilidades ou xestione os recursos materiais e persoais que ten ao seu alcance.

Neste caso, os descritores que cumpriría adestrar serían:

- Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas.
- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
- Ser constante no traballo superando as dificultades.
- Dirimir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa.
- Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos.
- Asumir riscos no desenvolvemento das tarefas ou dos proxectos.
- Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.
- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.

## I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía

- Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución dos obxectivos.
- Atopar posibilidades no contorno que outros non aprecian.
- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos dun tema.

### Aprender a aprender

A competencia de aprender a aprender implica ser consciente das necesidades e dos procesos de aprendizaxe, o recoñecemento de oportunidades e a habilidade de superar dificultades para poder aprender con éxito. Esta promóvese na área de Valores Éticos mediante o exercicio de procesos cognitivos como analizar, sintetizar, relacionar, comparar ou argumentar, así como favorecendo o interese por descubrir a verdade e os valores que impregnan as experiencias da súa vida cotiá.

Os descritores que poderíamos utilizar para adestrar esta competencia serían:

- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...
- Xestionar os recursos e as motivacións persoais en favor da aprendizaxe.
- Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...
- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
- Planificar os recursos necesarios e os pasos que se deben realizar no proceso de aprendizaxe.
- Avaliar a consecución dos obxectivos de aprendizaxe.
- Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

### **3. RELACIÓN DE ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE DA MATERIA, CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVAILABLE E INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE**

Filosofía. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. A filosofía				
▪ b ▪ e ▪ f ▪ h	▪ B1.1. Conceptos do bloque "A filosofía": filosofía, mito, logos, saber, opinión, abstracto, concreto, razón, sentidos, arché, causa, monismo, dualismo, pluralismo, substancia, prexuízo, etc. ▪ B1.2. Modos de pensar: coñecer, opinar, argumentar, interpretar, razoar, analizar, criticar, descubrir, crear.	▪ B1.1. Comprender o que é a reflexión filosófica, diferenciándoa doutros tipos de saberes que estudan aspectos concretos da realidade e do individuo.	▪ FIB1.1.1. Define e utiliza conceptos como filosofía, mito, logos, saber, opinión, abstracto, concreto, razón, sentidos, arché, causa, monismo, dualismo, pluralismo, substancia ou prexuízo, e elabora un glosario con eles.	▪ CAA
			▪ FIB1.1.2. Distingue entre, coñecer, opinar, argumentar, interpretar, razoar, analizar, criticar, descubrir e crear.	▪ CCL



**I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

Filosofía. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ e</li> <li>▪ h</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Explicación racional (logos) e mitolóxica (mito).</li> <li>▪ B1.4. Comparativa de textos míticos e racionais ao respecto da cosmoxénese e a antropoxénese.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Coñecer a orixe da filosofía occidental (onde, cando e por que xorde), distinguíndoos dos saberes prerracionais, o mito e a maxia, en tanto que saber práctico, e comparándoo con algunhas características xerais das filosofías orientais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB1.2.1. Explica as diferenzas entre a explicación racional e a mitolóxica, en comparación tamén con algunhas características xerais das filosofías orientais.</li> <li>▪ FIB1.2.2. Le textos interpretativos e descritivos da formación do Cosmos e o ser humano, pertencentes ao campo mitolóxico e ao campo racional, e extrae semellanzas e diferenzas nas formulacións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ h</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.5. A pregunta polo arché nos presocráticos: solucións de Heráclito, Parménides e Demócrito.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Identificar o primeiro interrogante filosófico da filosofía grega, a pregunta pola orixe, e coñecer as primeiras respostas dadas polos primeiros pensadores gregos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB1.3.1. Describe as primeiras respostas presocráticas á pregunta polo arché, coñece os seus autores e reflexiona por escrito sobre as solucións de interpretación da realidade expostas por Heráclito, Parménides e Demócrito.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ h</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.6. O individuo e a polis en Sócrates e en Protágoras.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.4. Coñecer o xiro antropolóxico da filosofía no século V a.C., explicando algunhas das ideas centrais de Sócrates e de Protágoras, e reflexionando sobre a aplicación práctica da filosofía respecto ao individuo e a sociedade en que vive.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB1.4.1. Compara a interpretación do ser humano e a sociedade defendida por Sócrates coa exposta por Protágoras, e argumenta a súa propia postura.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.7. A necesidade de dar sentido como consubstancial ao ser humano.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.5. Reflexionar e argumentar, de xeito escrita e oral, sobre o interese, especificamente humano, por entenderse a si mesmo e o que o rodea.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB1.5.1. Realiza pequenos ensaios, argumentando as súas opinións de xeito razoado, no que pretenda dar sentido a algún conxunto de experiencias.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ h</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.8. Funcións da filosofía nas súas vertentes teórica e práctica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.6. Recoñecer as funcións da filosofía en tanto que saber crítico que aspira a fundamental, analizar e argumentar sobre os problemas últimos da realidade, desde unha vertente tanto teórica como práctica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB1.6.1. Diserta sobre as posibilidades da filosofía segundo as súas funcionalidades.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
Bloque 2. Identidade persoal				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ d</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Conceptos do bloque "Identidade persoal": personalidade, temperamento, carácter, conciencia, inconsciencia, condutismo,</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Comprender a profundidade da pregunta "quen son?", coñecendo algunhas respostas dadas desde a psicoloxía e a filosofía,</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB2.1.1. Define e utiliza conceptos como personalidade, temperamento, carácter, conciencia, inconsciencia, condutismo,</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>

## I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía

Filosofía. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ h	cognitivismo, psicoloxía humanística, psicanálise, etc.	reflexionar e valorar a importancia de coñecerse a si mesmo/a, e expresalo por escrito.	cognitivismo, psicoloxía humanística, psicanálise, e elabora un glosario con eses termos.	
▪ h	▪ B2.2. A personalidade.	▪ B2.2. Definir o que é a personalidade, así como os principais conceptos relacionados con ela.	▪ FIB2.2.1. Define e caracteriza o que é a personalidade.	▪ CCL
▪ h	▪ B2.3. Teorías sobre a personalidade	▪ B2.3. Coñecer e explicar as teses centrais dalgunhas teorías sobre a personalidade.	▪ FIB2.3.1. Coñece as teses fundamentais sobre a personalidade e argumenta sobre iso.	▪ CCL
▪ a ▪ b ▪ d ▪ g ▪ h	▪ B2.4. Etapas do desenvolvemento da identidade persoal. Tipos de personalidade.	▪ B2.4. Recoñecer as etapas do desenvolvemento da identidade persoal, reflexionando sobre os factores que determinan o éxito e o fracaso, e achega a propia opinión razoada sobre estes dous conceptos.	▪ FIB2.4.1. Le textos literarios nos que se analiza a personalidade dos personaxes, identifica os trazos e os tipos de personalidade, e reflexiona por escrito sobre a temática.	▪ CAA ▪ CCL
▪ l	▪ B2.5. O inconsciente na psicanálise.	▪ B2.5. Analizar que se entende por inconsciente no marco do pensamento da psicanálise.	▪ FIB2.5.1. Analiza que se entende por inconsciente.	▪ CCEC
▪ a ▪ b ▪ e ▪ h ▪ n	▪ B2.6. O innato e o adquirido na formación da personalidade.	▪ B2.6. Reflexionar por escrito e dialogar en grupo sobre a posible incidencia que a herdanza xenética e o adquirido teñen na formación da personalidade.	▪ FIB2.6.1. Le e analiza textos filosóficos, literarios ou científicos cuxo punto de reflexión sexa a herdanza adquirida na formación da personalidade, incidindo no autoconhecimento.	▪ CAA ▪ CCL ▪ CMCCT
▪ b ▪ e ▪ g	▪ B2.7. A filosofía da mente e a neurociencia.	▪ B2.7. Investigar en internet en que consiste a filosofía da mente e a neurociencia, e seleccionar a información máis significativa.	▪ FIB2.7.1. Investiga e selecciona información significativa sobre conceptos fundamentais de filosofía da mente.	▪ CCL ▪ CD
▪ d ▪ h	▪ B2.8. A motivación e os conceptos asociados: emoción, sentimento, necesidades primarias e secundarias, autorrealización, vida afectiva e frustración.	▪ B2.8. Identificar a función e a importancia da motivación como factor enerxético e direccional da vida humana nas súas múltiples dimensións.	▪ FIB2.8.1. Define e utiliza con rigor conceptos como motivación, emoción, sentimento, necesidades primarias e secundarias, autorrealización, vida afectiva e frustración.	▪ CCL
▪ d	▪ B2.9. A motivación desde a teoría cognitiva: coñecemento e motivación.	▪ B2.9. Recoñecer, no marco da teoría cognitiva, o valor do coñecemento como elemento motivador da conduta humana, reflexionando sobre a consideración do ser humano como	▪ FIB2.9.1. Explica as teses máis importantes da teoría cognitiva acerca do coñecemento e a motivación.	▪ CAA

**I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

Filosofía. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
		animal racional.		
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ d</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.10. Teoría humanística sobre a motivación. Diferenzas coa teoría cognitivista.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.10. Explicar as ideas centrais da teoría humanística sobre a motivación, reflexionando sobre o carácter da motivación como elemento distintivo do ser humano fronte ao simplemente animal.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB2.10.1. Explica as ideas centrais da teoría humanística sobre a motivación e expresa a súa opinión razoada ao respecto.</li> <li>▪ FIB2.10.2. Explica e compara a visión sobre a motivación da teoría cognitivista e a da teoría humanística sobre a motivación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ d</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.11. Condición afectiva humana</li> <li>▪ B2.12. Impulsos, emocións e sentimentos.</li> <li>▪ B2.13. Papel do corpo na afectividade</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.11. Coñecer a condición afectiva do ser humano, distinguindo entre impulsos, emocións e sentimentos, e recoñecendo o papel do corpo na posibilidade de manifestación do afectivo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB2.11.1. Analiza e argumenta sobre textos breves e significativos de autores salientables sobre as emocións, e argumenta por escrito as propias opinións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ d</li> <li>▪ h</li> <li>▪ m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.14. Incidencia na conduta das emocións: frustración, desexo e amor.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.12. Valorar a importancia da relación entre a motivación e o afectivo para dirixir a conduta humana en diferentes direccións e con distinta intensidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB2.12.1. Analiza textos e diserta sobre a incidencia das emocións, como a frustración, o desexo ou o amor, entre outras, na conduta humana.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ d</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.15. Incidencia na conduta das emocións: A curiosidade e o pracer de aprender, o desexo de lograr obxectivos, a satisfacción pola resolución de problemas, o agrado polo recoñecemento de éxito e a compracencia polo estímulo de iniciativas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.13. Reflexionar e argumentar sobre a importancia da motivación e das emocións, como a curiosidade e o pracer de aprender, o desexo de lograr obxectivos, a satisfacción pola resolución de problemas, o agrado polo recoñecemento de éxito, a compracencia polo estímulo de iniciativas, etc.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB2.13.1. Argumenta sobre o papel das emocións para estimular a aprendizaxe, o rendemento, o logro de obxectivos e a resolución de problemas, entre outros procesos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ d</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.16. As emocións como estímulo da iniciativa, a autonomía e o emprendemento.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.14. Reflexionar sobre o papel das emocións como ferramenta para ser emprendedor/a e creativo/A.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB2.14.1. Analiza textos en que se describe o papel das emocións como estímulo da iniciativa, a autonomía e o emprendemento.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ d</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.17. O ser humano como centro das múltiples perspectivas que se integran no saber orixinario que é a filosofía.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.15. Coñecer, desde a historia da filosofía, algunhas das reflexións sobre aspectos que caracterizan o ser humano en canto tal, valorando a función da filosofía como saber orixinario e integrador de múltiples perspectivas cuxo centro común é a persoa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB2.15.1. Desenvolve de forma colaborativa un glosario para publicar en internet, coa terminoloxía filosófica da unidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.18. Teorías sobre a alma de Platón e de</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.16. Explicar as teorías da alma de Platón e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB2.16.1. Explica a teoría da alma de Platón.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>

**I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

Filosofía. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ l	Aristóteles, e relación nelas entre alma, corpo e afectos.	de Aristóteles, reflexionando sobre a consideración e a relación entre a alma, o corpo e os afectos, que se analizan nesas teorías.	▪ FIB2.16.2. Explica a teoría da alma de Aristóteles.	▪ CCEC
			▪ FIB2.16.3. Argumenta a súa opinión sobre a relación entre o corpo e a mente ou alma.	▪ CAA
▪ g ▪ h ▪ l	▪ B2.19. A introspección en Agostiño de Hipona.	▪ B2.17. Coñecer a importancia da introspección sinalada por Agostiño de Hipona, como método de autoconecemento e de formación da propia identidade.	▪ FIB2.17.1. Explica o que é a introspección segundo Agostiño de Hipona, utilizando este tipo de pensamento en primeira persoa para describirse a si mesmo/a.	▪ CAA
▪ h ▪ l	▪ B2.20. O cogito de Descartes ▪ B2.21. O home-máquina dos materialistas franceses do século XVIII.	▪ B2.18. Describir e comparar a concepción cartesiana do papel do pensamento como aspecto que define o individuo, fronte ás concepcións materialistas e mecanicistas do home-máquina no materialismo francés do século XVIII.	▪ FIB2.18.1. Expón o significado da tese de Descartes "Penso, logo existo".	▪ CCEC
			▪ FIB2.18.2. Expón as súas reflexións sobre as implicacións do materialismo na súa descrición do ser humano.	▪ CCEC ▪ CSC
▪ h	▪ B2.22. A vontade como elemento definitorio do humano.	▪ B2.19. Coñecer a importancia da facultade da vontade como elemento definitorio do humano.	▪ FIB2.19.1. Explica o que é a vontade.	▪ CCL
▪ d ▪ h	▪ B2.23. Reflexión filosófica sobre a afectividade.	▪ B2.20. Expresar algunha das consideracións filosóficas sobre o afectivo.	▪ FIB2.20.1. Argumenta, desde o plano filosófico, sobre o papel das emocións na consideración do ser humano en canto tal.	▪ CCL
▪ g ▪ h	▪ B2.24. O ser humano como proxecto.	▪ B2.21. Recoñecer as implicacións filosóficas da idea do home como proxecto.	▪ FIB2.21.1. Expresa e desenvolve a idea de home como proxecto.	▪ CCL ▪ CSIEE
Bloque 3. Socialización				
▪ a ▪ b ▪ g ▪ h ▪ l	▪ B3.1. Conceptos do bloque "Socialización": individualidade, alteridade, socialización, estado de natureza, dereitos naturais, contrato social, respecto, propiedade, Estado, lexitimación, institucionalización, rol, status, conflito e cambio social, globalización, etc.	▪ B3.1. Identificar o "outro" tal como é na súa individualidade e, ao mesmo tempo, identificalo como un "alter ego" que comparte un espazo e unhas circunstancias comúns, dando lugar á intersubxectividade.	▪ FIB3.1.1. Define e utiliza conceptos como individualidade, alteridade, socialización, estado de natureza, dereitos naturais, contrato social, respecto, propiedade, Estado, lexitimación, institucionalización, rol, status, conflito e cambio social, e globalización.	▪ CCL ▪ CSC
▪ a ▪ h	▪ B3.2. Cultura e sociedade. Componentes socioculturais do ser humano.	▪ B3.2. Recoñecer a dimensión social e cultural do ser humano, identificando e distinguindo os conceptos de cultura e de sociedade.	▪ FIB3.2.1. Define e explica o significado dos conceptos de cultura e de sociedade, facendo referencia aos componentes socioculturais que	▪ CCEC ▪ CCL

## I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía

Filosofía. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ l			hai no ser humano.	
▪ a ▪ l ▪ ñ ▪ o	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.3. Contidos culturais: institucións, ideas, crenzas, valores, obxectos materiais, etc.</li> <li>▪ B3.4. Niveis biolóxico, afectivo e cognitivo na internalización da cultura.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.3. Identificar o proceso de construción, os elementos e a lexitimación dunha cultura, valorando esta non só como ferramenta de adaptación ao medio, senón como ferramenta para a transformación e a autosuperación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB3.3.1. Expresa algúns dos principais contidos culturais, como son as institucións, as ideas, as crenzas, os valores, os obxectos materiais, etc.</li> <li>▪ FIB3.3.2. Coñece os niveis aos que se realiza a internalización dos contidos culturais dunha sociedade; é dicir, a nivel biolóxico, afectivo e cognitivo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
▪ d ▪ h	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.5. Elementos do proceso de socialización: socialización primaria e secundaria.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.4. Coñecer os elementos do proceso de socialización e relacionalos coa propia personalidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB3.4.1. Describe a socialización primaria e secundaria.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
▪ a ▪ h	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.6. Teses fundamentais sobre a orixe da sociedade e o Estado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.5. Coñecer as teorías sobre a orixe da sociedade e reflexionar de forma escrita sobre elas, argumentando as propias opinións ao respecto.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB3.5.1. Explica as teses fundamentais sobre a orixe da sociedade e o Estado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
▪ a ▪ b ▪ d ▪ l	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.7. A civilización. Diferenza entre civilización e cultura. Oriente e Occidente.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.6. Comprender o sentido do concepto de civilización, relacionando as súas semellanzas e diferenzas co concepto de cultura.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB3.6.1. Explica o que é unha civilización e pon exemplos fundamentados, e investiga e reflexiona sobre as semellanzas e as diferenzas entre oriente e occidente.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
▪ e ▪ g ▪ h	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.8. Comunicación. Comunicación non verbal.</li> <li>▪ B3.9. A comunicación na época das tecnoloxías da información e da comunicación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.7. Definir o que é a comunicación, analizando as formas de comunicación non verbal, e a incidencia das novas tecnoloxías da información e da comunicación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB3.7.1. Explica o que é a comunicación e reflexiona sobre as vantaxes e os inconvenientes cando a ferramenta para ela son as novas tecnoloxías.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> </ul>
▪ a ▪ g ▪ l	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.10. O individuo como capaz de innovar e crear cambios culturais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.8. Reflexionar sobre o posible papel activo dun/dunha mesmo/a na construción da cultura e, en canto tal, identificarse como ser creativo e innovador, capaz de xerar elementos culturais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB3.8.1. Reflexiona por escrito sobre o papel activo dun/dunha mesmo/a no seu contexto sociocultural, como ser capaz de innovar e xerar cambios culturais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
▪ a ▪ b ▪ e	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.11. Diferenzas culturais. Relativismo cultural e etnocentrismo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.9. Reflexionar e indagar sobre o relativismo cultural e o etnocentrismo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB3.9.1. Coñece o relativismo cultural e o etnocentrismo, e reflexiona sobre eles, expresando conclusións propias e achegando exemplos con feitos investigados e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CD</li> </ul>

**I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

Filosofía. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ h</li> <li>▪ l</li> <li>▪ ñ</li> <li>▪ o</li> </ul>			contrastados en internet.	
Bloque 4. Pensamento				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Conceptos do bloque "Pensamento": razón, sentidos, experiencia, abstracción, universalidade, sistematicidade, racionalismo, dogmatismo, empirismo, límite, intelixencia, intelixencia emocional, certeza e erro.</li> <li>▪ B4.2. Características da racionalidade humana.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Comprender a facultade racional como específica do ser humano e as súas implicacións, analizando en que consiste a racionalidade e cales son as súas características.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB4.1.1. Define e utiliza conceptos como razón, sentidos, experiencia, abstracción, universalidade, sistematicidade, racionalismo, dogmatismo, empirismo, límite, intelixencia, intelixencia emocional, certeza e erro.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB4.1.2. Explica o que é a racionalidade e describe algunhas das súas características.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ h</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.3. Posibilidades e límites da razón.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.2. Explicar as teses básicas dalgunhas concepcións filosóficas sobre as posibilidades e os límites da razón.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB4.2.1. Explica a concepción sobre as posibilidades da razón.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.4. Racionalidade teórica e racionalidade práctica. Teoría e experiencia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.3. Distinguir a racionalidade teórica da racionalidade práctica, así como teoría e experiencia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB4.3.1. Identifica as dúas posibilidades de aplicación da racionalidade: teórica e práctica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ d</li> <li>▪ h</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.5. Concepcións contemporáneas sobre a intelixencia.</li> <li>▪ B4.6. Teoría da intelixencia emocional.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.4. Coñecer a concepción contemporánea sobre a intelixencia, incidindo na teoría da intelixencia emocional de Daniel Goleman.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB4.4.1. Explica as teses centrais da teoría da intelixencia emocional.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB4.4.2. Argumenta sobre a relación entre a razón e as emocións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.7. A verdade e os seus tipos: a verdade como correspondencia; a verdade segundo o pragmatismo americano; a verdade desde o perspectivismo e o consenso.</li> <li>▪ B4.8. Papel do erro na procura da verdade. O erro como oportunidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.5. Comprender algúns dos principais tipos de verdade (a verdade como correspondencia; a verdade segundo o pragmatismo americano; a verdade desde o perspectivismo e o consenso) e reflexionar sobre a posibilidade de alcanzar a verdade absoluta.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB4.5.1. Define algúns tipos de verdade, como son a verdade como correspondencia, a verdade segundo o pragmatismo americano e a verdade desde o perspectivismo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB4.5.2. Reflexiona sobre a parte positiva de equivocarse e a importancia do erro como posibilidade de procura de novas estratexias e solucións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>

**I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

Filosofía. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 5. Realidade e metafísica				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ h</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Conceptos do bloque "Realidade e metafísica": metafísica, realidade, pregunta radical, esencia, natureza, cosmos, caos, creación, finalismo, continxente, mecanicismo e determinismo.</li> <li>▪ B5.2. Metafísica: o seu obxecto e o seu método.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Coñecer o significado do termo "metafísica", comprendendo que é a principal disciplina das que compoñen a filosofía, identificando o seu obxectivo fundamental, consistente en realizar preguntas radicais sobre a realidade, e entendendo en que consiste o "preguntar radical".</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB5.1.1. Define e utiliza conceptos como metafísica, realidade, pregunta radical, esencia, natureza, cosmos, caos, creación, finalismo, continxente, mecanicismo e determinismo.</li> <li>▪ FIB5.1.2. Define o que é a metafísica, o seu obxecto de coñecemento e o seu modo característico de preguntar sobre a realidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ f</li> <li>▪ h</li> <li>▪ l</li> <li>▪ n</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.3. A natureza como esencia e como totalidade: o Universo.</li> <li>▪ B5.4. Orixe do Universo. Eternidade ou creación.</li> <li>▪ B5.5. Respostas á pregunta pola finalidade do Universo.</li> <li>▪ B5.6. Respostas á pregunta sobre o posto do ser humano no Universo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.2. Comprender unha das principais respostas á pregunta acerca do que é a natureza e identificar esta non só como a esencia de cada ser, senón ademais como o conxunto de todas as cousas que hai, e coñecer algunhas das grandes preguntas metafísicas acerca da natureza: a orixe e a finalidade do Universo, a orde que rexe a natureza, se é que a hai, e o posto do ser humano no Cosmos, reflexionando sobre as implicacións filosóficas de cada unha destas cuestións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB5.2.1. Expressa as dúas posibles respostas á pregunta pola orixe do Universo (é eterno ou foi creado), e expón as súas reflexións sobre as implicacións relixiosas e filosóficas de ambas as dúas.</li> <li>▪ FIB5.2.2. Expón as dúas posturas sobre a cuestión acerca de se o Universo ten unha finalidade, unha dirección, ou se non a ten, e argumenta filosoficamente a súa opinión ao respecto.</li> <li>▪ FIB5.2.3. Analiza textos cuxo punto de reflexión é a realidade física que nos rodea e os interrogantes filosóficos que suscita.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ f</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.7. Determinismo e Indeterminismo. Teoría do caos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.3. Coñecer as implicacións filosóficas da teoría do caos, comprendendo a importancia de sinalar se a natureza se rexe por leis deterministas ou se rexe polo azar cuántico, e argumentar a propia opinión sobre como afecta esta resposta de cara á comprensión da conduta humana.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB5.3.1. Define o que é o determinismo e o indeterminismo, no marco da reflexión sobre se existe unha orde no Universo rexida por leis.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ f</li> <li>▪ h</li> <li>▪ l</li> <li>▪ n</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.8. Sentido da existencia. Vida e morte.</li> <li>▪ B5.9. Sentido da historia.</li> <li>▪ B5.10. Lugar do ser humano no mundo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.4. Reflexionar sobre a interrogación polo sentido da existencia, explicando as teses centrais dalgunhas teorías filosóficas da vida, e disertar razoadamente sobre a vida ou a morte, ou o devir histórico, ou o lugar do individuo na realidade, entre outras cuestións metafísicas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB5.4.1. Coñece as teses centrais do vitalismo de filósofos/as que reflexionan sobre a vida.</li> <li>▪ FIB5.4.2. Analiza textos literarios, filosóficos e científicos que versan sobre temas metafísicos como a existencia, a morte, o devir histórico ou</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>

**I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

Filosofía. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			o lugar do individuo na realidade, e expón as súas propias reflexións ao respecto.	
Bloque 6. Transformación				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.1. Conceptos do bloque "Transformación-ética": vontade, liberdade negativa, liberdade positiva, autodeterminación, libre albedrío, determinismo, indeterminismo e condicionamento.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.1. Coñecer os dous significados do concepto de liberdade de acción (liberdade negativa e liberdade positiva), e aplicalos tanto no ámbito da sociedade política como no terreo da vida privada ou a liberdade interior.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB6.1.1. Define e utiliza conceptos como vontade, liberdade negativa, liberdade positiva, autodeterminación, libre albedrío, determinismo, indeterminismo e condicionamento.</li> <li>▪ FIB6.1.2. Analiza textos breves sobre o tema da liberdade, e argumenta a propia opinión.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.2. Libre albedrío e vontade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.2. Comprender o que é o libre albedrío ou a liberdade interior, en relación coa posibilidade de autodeterminación dun mesmo e coa facultade da vontade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB6.2.1. Explica o que é o libre albedrío e a facultade humana da vontade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ f</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.3. Libre albedrío: condicionamentos sociais e políticos.</li> <li>▪ B6.4. Libre albedrío: xenética e neurociencia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.3. Reflexionar e argumentar sobre a relación entre a liberdade interior e a liberdade social e política.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB6.3.1. Expón as súas reflexións sobre a posibilidade de que exista ou non o libre albedrío, tendo en conta os avances no coñecemento da xenética e a neurociencia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.5. O libre albedrío e o determinismo na natureza.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.4. Coñecer a existencia de determinismo na natureza, analizando a posibilidade que ten o ser humano de ser libre, tendo en conta que é un ser natural e, en canto tal, sometido ás leis da natureza.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB6.4.1. Argumenta sobre as posibilidades do ser humano de actuar libremente, tendo en conta que é un ser natural.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ h</li> <li>▪ j</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.6. Posturas filosóficas sobre o libre albedrío: a do estoicismo, a de Kant e a intermedia, que avoga pola non existencia da liberdade absoluta.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.5. Recoñecer as tres posturas sobre o problema da liberdade absoluta ou condicionada: a tese estoica, a negación do sometemento da vontade ás leis naturais de Kant e a posición intermedia, que rexeita non a liberdade, senón a liberdade absoluta.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB6.5.1. Expresa diferentes posturas de filósofos en torno ao tema da liberdade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ d</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.7. Conceptos do bloque "Transformación-Estética": estética, creatividade, sinapse neuronal, imaxinación, pensamento diverxente,</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.6. Coñecer a estética como a parte da filosofía que estuda o proceso creativo, a experiencia estética e a beleza.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB6.6.1. Define e utiliza conceptos como estética, creatividade, sinapse neuronal, imaxinación, pensamento diverxente,</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>



**I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

Filosofía. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ h	pensamento converxente e serendipia.		pensamento converxente e serendipia.	
▪ g ▪ h	▪ B6.7. Imaxinación humana: características. ▪ B6.8. Imaxinación: funcionamento e mecanismos de aparición de novas ideas.	▪ B6.7. Identificar o que é a imaxinación, en tanto que facultade específica do ser humano, explicando como funciona e cales son as súas características.	▪ FIB6.7.1. Le e comenta textos breves e significativos sobre o mecanismo de aparición de ideas novas. ▪ FIB6.7.2. Explica o que é a imaxinación e exemplifícaa mediante a redacción de relatos breves de temática filosófica.	▪ CAA ▪ CCL ▪ CCL ▪ CSIEE
▪ b ▪ e ▪ g ▪ h ▪ n	▪ B6.9. Creatividade humana.	▪ B6.8. Recoñecer a capacidade humana da creatividade, en tanto que potencialidade existente en todas as persoas e que se consegue adestrando o cerebro.	▪ FIB6.8.1. Analiza textos de literatura fantástica, considerando os elementos especificamente creativos e reflexionando sobre eles.	▪ CCL ▪ CSIEE
▪ g ▪ h ▪ n	▪ B6.10. Fases do proceso creativo.	▪ B6.9. Coñecer as fases do proceso creativo e reflexionar sobre a importancia de que o pensamento diverxente imaxinativo e o pensamento lóxico e racional traballen xuntos.	▪ FIB6.9.1. Explica as fases do proceso creativo.	▪ CSIEE
▪ b ▪ n	▪ B6.11. Principais técnicas de desenvolvemento da creatividade: revisión de supostos e inversión.	▪ B6.10. Coñecer e aplicar algunhas técnicas de desenvolvemento da creatividade.	▪ FIB6.10.1. Utiliza a técnica de desenvolvemento da creatividade coñecida como de revisión de supostos e inversión, e aplícaa sobre algunha teoría filosófica ou científica. ▪ FIB6.10.2. Explica as principais técnicas de desenvolvemento da creatividade.	▪ CAA ▪ CSIEE
▪ a ▪ b ▪ g ▪ h	▪ B6.12. Técnica do brainstorming.	▪ B6.11. Utilizar a técnica do brainstorming para construír unha historia literaria con temática filosófica.	▪ FIB6.11.1. Utiliza de forma colectiva a técnica do brainstorming para reflexionar sobre temas filosóficos tratados durante o curso.	▪ CAA ▪ CSC
▪ b ▪ g ▪ h	▪ B6.13. Relación entre liberdade e creatividade.	▪ B6.12. Valorar a liberdade como condición básica para a creatividade innovadora, a conexión entre si das ideas preexistentes e a competitividade.	▪ FIB6.12.1. Argumenta sobre o papel da liberdade como condición fundamental para a creación, e razoa a súa opinión.	▪ CCL ▪ CSC

**I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

Filosofía. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> <li>▪ n</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.14. Elementos que potencian a creatividade: motivación, perseveranza, orixinalidade e medio.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.13. Coñecer as características das persoas especialmente creativas, como a motivación, a perseveranza, a orixinalidade e o medio, e investigar sobre como se poden potenciar esas calidades.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB6.13.1. Explica as características das persoas especialmente creativas e algunhas das formas en que pode potenciarse esta condición.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ g</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.15. Innovación e creación como asunción de riscos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.14. Reflexionar argumentadamente sobre o sentido do risco e a súa relación para alcanzar solucións innovadoras e, xa que logo, a posibilidade de evolucionar.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB6.14.1. Argumenta sobre a importancia de asumir riscos e saír da chamada zona de confort para alcanzar metas e lograr resultados creativos e innovadores.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> </ul>

**1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles**

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Comprender o que é a reflexión filosófica, diferenciándoa doutros tipos de saberes que estudan aspectos concretos da realidade e do individuo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB1.1.1. Define e utiliza conceptos como filosofía, mito, logos, saber, opinión, abstracto, concreto, razón, sentidos, arché, causa, monismo, dualismo, pluralismo, substancia ou prexuízo, e elabora un glosario con eles.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Coñecer a orixe da filosofía occidental (onde, cando e por que xorde), distinguíndoa dos saberes prerracionais, o mito e a maxia, en tanto que saber práctico, e comparándoa con algunhas características xerais das filosofías orientais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB1.2.1. Explica as diferenzas entre a explicación racional e a mitolóxica, en comparación tamén con algunhas características xerais das filosofías orientais.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Identificar o primeiro interrogante filosófico da filosofía grega, a pregunta pola orixe, e coñecer as primeiras respostas dadas polos primeiros pensadores gregos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB1.3.1. Describe as primeiras respostas presocráticas á pregunta polo arché, coñece os seus autores e reflexiona por escrito sobre as solucións de interpretación da realidade expostas por Heráclito, Parménides e Demócrito.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.4. Coñecer o xiro antropolóxico da filosofía no século V a.C., explicando algunhas das ideas centrais de Sócrates e de Protágoras, e reflexionando sobre a aplicación práctica da filosofía respecto ao individuo e a sociedade en que vive.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB1.4.1. Compara a interpretación do ser humano e a sociedade defendida por Sócrates coa exposta por Protágoras, e argumenta a súa propia postura.</li> </ul>

**I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.5. Reflexionar e argumentar, de xeito escrita e oral, sobre o interese, especificamente humano, por entenderse a si mesmo e o que o rodea.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB1.5.1. Realiza pequenos ensaios, argumentando as súas opinións de xeito razoado, no que pretenda dar sentido a algún conxunto de experiencias.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.6. Recoñecer as funcións da filosofía en tanto que saber crítico que aspira a fundamentar, analizar e argumentar sobre os problemas últimos da realidade, desde unha vertente tanto teórica como práctica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB1.6.1. Diserta sobre as posibilidades da filosofía segundo as súas funcionalidades.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Comprender a profundidade da pregunta "quen son?", coñecendo algunhas respostas dadas desde a psicoloxía e a filosofía, reflexionar e valorar a importancia de coñecerse a si mesmo/a, e expresalo por escrito.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB2.1.1. Define e utiliza conceptos como personalidade, temperamento, carácter, conciencia, inconsciencia, condutismo, cognitivismo, psicoloxía humanística, psicanálise, e elabora un glosario con eses termos.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.2. Definir o que é a personalidade, así como os principais conceptos relacionados con ela.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB2.2.1. Define e caracteriza o que é a personalidade.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.4. Recoñecer as etapas do desenvolvemento da identidade persoal, reflexionando sobre os factores que determinan o éxito e o fracaso, e achega a propia opinión razoada sobre estes dous conceptos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB2.4.1. Le textos literarios nos que se analiza a personalidade dos personaxes, identifica os trazos e os tipos de personalidade, e reflexiona por escrito sobre a temática.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.5. Analizar que se entende por inconsciente no marco do pensamento da psicanálise.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB2.5.1. Analiza que se entende por inconsciente.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.8. Identificar a función e a importancia da motivación como factor enerxético e direccional da vida humana nas súas múltiples dimensións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB2.8.1. Define e utiliza con rigor conceptos como motivación, emoción, sentimento, necesidades primarias e secundarias, autorrealización, vida afectiva e frustración.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.12. Valorar a importancia da relación entre a motivación e o afectivo para dirixir a conduta humana en diferentes direccións e con distinta intensidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB2.12.1. Analiza textos e diserta sobre a incidencia das emocións, como a frustración, o desexo ou o amor, entre outras, na conduta humana.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.13. Reflexionar e argumentar sobre a importancia da motivación e das emocións, como a curiosidade e o pracer de aprender, o desexo de lograr obxectivos, a satisfacción pola resolución de problemas, o agrado polo recoñecemento de éxito, a compracencia polo estímulo de iniciativas, etc.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB2.13.1. Argumenta sobre o papel das emocións para estimular a aprendizaxe, o rendemento, o logro de obxectivos e a resolución de problemas, entre outros procesos.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Comprender a facultade racional como específica do ser humano e as súas implicacións, analizando en que consiste a racionalidade e cales son as súas características.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB4.1.1. Define e utiliza conceptos como razón, sentidos, experiencia, abstracción, universalidade, sistematicidade, racionalismo, dogmatismo, empirismo, límite, intelixencia, intelixencia emocional, certeza e erro.</li> <li>▪ FIB4.1.2. Explica o que é a racionalidade e describe algunhas das súas características.</li> </ul>

## I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.3. Distinguir a racionalidade teórica da racionalidade práctica, así como teoría e experiencia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB4.3.1. Identifica as dúas posibilidades de aplicación da racionalidade: teórica e práctica.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.5. Comprender algúns dos principais tipos de verdade (a verdade como correspondencia; a verdade segundo o pragmatismo americano; a verdade desde o perspectivismo e o consenso) e reflexionar sobre a posibilidade de alcanzar a verdade absoluta.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB4.5.1. Define algúns tipos de verdade, como son a verdade como correspondencia, a verdade segundo o pragmatismo americano e a verdade desde o perspectivismo.</li> <li>▪ FIB4.5.2. Reflexiona sobre a parte positiva de equivocarse e a importancia do erro como posibilidade de procura de novas estratexias e solucións.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.4. Reflexionar sobre a interrogación polo sentido da existencia, explicando as teses centrais dalgunhas teorías filosóficas da vida, e disertar razoadamente sobre a vida ou a morte, ou o devir histórico, ou o lugar do individuo na realidade, entre outras cuestións metafísicas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB5.4.1. Coñece as teses centrais do vitalismo de filósofos/as que reflexionan sobre a vida.</li> <li>▪ FIB5.4.2. Analiza textos literarios, filosóficos e científicos que versan sobre temas metafísicos como a existencia, a morte, o devir histórico ou o lugar do individuo na realidade, e expón as súas propias reflexións ao respecto.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.1. Coñecer os dous significados do concepto de liberdade de acción (liberdade negativa e liberdade positiva), e aplicalos tanto no ámbito da sociedade política como no terreo da vida privada ou a liberdade interior.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB6.1.1. Define e utiliza conceptos como vontade, liberdade negativa, liberdade positiva, autodeterminación, libre albedrío, determinismo, indeterminismo e condicionamento.</li> <li>▪ FIB6.1.2. Analiza textos breves sobre o tema da liberdade, e argumenta a propia opinión.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.2. Comprender o que é o libre albedrío ou a liberdade interior, en relación coa posibilidade de autodeterminación dun mesmo e coa facultade da vontade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB6.2.1. Explica o que é o libre albedrío e a facultade humana da vontade.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.4. Coñecer a existencia de determinismo na natureza, analizando a posibilidade que ten o ser humano de ser libre, tendo en conta que é un ser natural e, en canto tal, sometido ás leis da natureza.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB6.4.1. Argumenta sobre as posibilidades do ser humano de actuar libremente, tendo en conta que é un ser natural.</li> </ul>

## **4. TEMPORALIZACIÓN: ORGANIZACIÓN E SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS**

Os contidos da Filosofía de 4º E.S.O. agrúpanse en seis bloques e ligados a eles propóñense as unidades didácticas, os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe.

## **I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

O alumnado deberá adquirir uns coñecementos e unhas destrezas básicas que lle permitan mellorar a súa autonomía e prepararse para converterse no principal axente do seu propio desenvolvemento.

### **CONTIDOS E SECUENCIACIÓN**

#### **1ª avaliación**

##### **Bloque 1. A filosofía**

*Qué é a filosofía*

##### **Bloque 5. Realidade e metafísica**

*Apariencia e realidade*

##### **Bloque 4. Pensamento**

*O problema da verdade*

#### **2ª avaliación**

##### **Bloque 2. Identidade persoal**

*O ser humano á luz da filosofía*

*O ser humano á luz da psicoloxía*

##### **Bloque 3. Socialización**

*Individuo, socialización e cultura*

*Sociedade e Estado*

#### **3ª avaliación**

##### **Bloque 6. Transformación**

*A liberdade*

*Estética e creatividade*

### **5. METODOLOXÍA DIDÁCTICA**

Traballar de xeito competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante. O docente pasa a ser un xestor de coñecemento do alumnado e este adquire un maior grao de protagonismo.

## I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía

En concreto, na área de Filosofía 4º:

Os alumnos e as alumnas deben desenvolver nesta etapa un pensamento e unha actitude críticos que se sustenten en razóns críticas argumentativas, así como en valores morais e éticos recoñecidos. Por iso, farase fincapé na necesidade de analizar, formular e dar solucións a problemas filosóficos de diversa índole.

Desde esta perspectiva, a liña metodolóxica que rexerá as accións docentes nesta área desenvolverase a través de métodos activos, indutivos e mixtos; é dicir, métodos eminentemente participativos onde se alterna o traballo individual co traballo en grupo.

A aplicación dos devanditos métodos leva implícita a utilización de estilos de ensino socializadores, cognitivos e creativos para conseguir que os seus xuízos e eleccións dirixan a súa conduta e as súas relacións sociais cara ao benestar común.

Neste contexto metodolóxico, o estudante convértese en protagonista da súa propia aprendizaxe, mentres que o docente vai cedendo terreo para que o alumnado logre maior autonomía nas súas aprendizaxes e cree estruturas cognitivas que lle permitan un pensamento e un proxecto de vida propios, asumindo de modo consciente, crítico e reflexivo o exercicio da liberdade e o control acerca da súa propia existencia.

Á súa vez, a transmisión do coñecemento das características que conforman a imaxe persoal farase a partir de aprendizaxes baseadas na experiencia, onde o alumnado percibe a información a través das súas propias experiencia e respectando sempre o desenvolvemento dos seus diversos estilos de aprendizaxe. Tamén se combinarán técnicas como a ensinanza recíproca, a discusión guiada con técnicas de visualización, de *role play*.

Este abano de accións docentes permitirá ao alumnado comprender e interiorizar os valores éticos de forma holística, comprensiva e significativa.

En concreto, serán accións pedagóxicas e metodolóxicas entre outras:

- **Na clase ou na sala de informática:** cuestionarios iniciais, traballo sobre textos, actividades escritas, debates orais, exposicións orais, observación de procesos con encerado dixital, proxector, etc., visionado de películas e comentario sobre as mesmas, etc.
- **Na casa ou na biblioteca:** cuestionarios iniciais, traballo sobre textos, actividades escritas, lectura e comentarios de documentos, fragmentos de libros, pesquisas nos xornais, participación en proxectos cooperativos, visionado de películas e comentario sobre as mesmas, exercicios de aplicación dun tema concreto, consolidación e estudo autónomo do alumno, etc.

## **6. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN**

Escritos	Orais	Outros
·Tarefas diversas realizadas polo alumnado na actividade diaria da	·Preguntas individuais e de grupo.	·Ficha de rexistro individual.

**I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

<ul style="list-style-type: none"> <li>·clase.</li> <li>·Caderno de clase do alumno.</li> <li>·Actividades de avaliación (libro, fichas fotocopiáveis, probas...).</li> <li>·Traballos de grupo.</li> <li>·Actividades interactivas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>·Participación do alumno.</li> <li>·Intervencións na clase.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>·Persoal de avaliación.</li> <li>·Rexistros.</li> <li>·Autoavaliación.</li> <li>·Blog do profesor (se fora o caso)</li> </ul>
---	---	--

Se fose preciso facer unha adaptación pedagóxica especial dirixida á docencia semipresencial ou non presencial (por mor das circunstancias socio-sanitarias actuais), os **procedementos e instrumentos de avaliación** para este curso serían os seguintes:

<b>Escritos</b>	<b>Orais</b>	<b>Outros</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>·Tarefas diversas realizadas polo alumnado na actividade feita na casa.</li> <li>·Actividades de avaliación (libros, fichas fotocopiáveis, probas...).</li> <li>·Traballos individuais e de grupo.</li> <li>·Actividades interactivas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>·Preguntas individuais e de grupo (de ser posible).</li> <li>·Participación do alumno.</li> <li>·Intervencións na clase on-line (de ser posible).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>·Ficha de rexistro individual.</li> <li>·Persoal de avaliación.</li> <li>·Rexistros.</li> <li>·Autoavaliación.</li> <li>·Blog do profesor (se fora o caso)</li> </ul>

## **7. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**

A cualificación en Filosofía 4º estará relacionada co grao de adquisición das competencias básicas do alumno reflectidas en todas as actividades que leve a cabo durante o curso. Velaí algúns dos criterios que se empregarán dependendo das tarefas, actividades e probas que se lle asinen ós alumnos en cada momento:

	<b>CRITERIOS</b>
1. Probas escritas / orais	<p>Valoración da aprendizaxe dos contidos.</p> <ul style="list-style-type: none"><li>·Consideración dos procesos seguidos e dos resultados.</li><li>·Expresión (verbal e escrita) do procedemento seguido para resolver unha actividade.</li><li>·Valoración da proporción de tempo investido-tempo necesario para resolver unha actividade.</li></ul>
2. Actividades TIC	<ul style="list-style-type: none"><li>·Uso adecuado do ordenador e das ferramentas informáticas e telemáticas.</li><li>·Tipo de participación (autónomo, con apoio, ningunha).</li><li>·Utilización de Internet de forma crítica e responsable: busca información, filtra...</li><li>·Grao de elaboración da resposta.</li><li>·Compromiso, cumprimento e responsabilidade co traballo.</li></ul>
3. Traballo autónomo (aula, casa, outros espazos)	<ul style="list-style-type: none"><li>·Grao de adquisición das aprendizaxes básicas.</li><li>·Amplía estas aprendizaxes.</li></ul>



**I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

	<ul style="list-style-type: none"><li>·Utiliza adecuadamente os instrumentos e os recursos propios da materia.</li><li>·Sérvese de esquemas.</li><li>·Revisa habitualmente os resultados.</li><li>·Fai unha estimación do tempo investido para resolver unha actividade.</li></ul>
4. Participación e seguimient das clases (intervencións orais, tipo de respostas...)*	<ul style="list-style-type: none"><li>·Nivel e calidade das intervencións.</li><li>·Uso de vocabulario apropiado.</li></ul>
5. Traballos individuais e grupais. Valoración individual e en grupo	<ul style="list-style-type: none"><li>·Capacidade de traballo individual ou en equipo.</li><li>·Grao de comunicación cos compañeiros e resolución de conflitos*</li><li>·Comprensión axeitada da información e dos contidos manexados.</li><li>.</li></ul>
6. Arquivo de traballo persoal	<ul style="list-style-type: none"><li>·Presentación clara e ordenada</li><li>·Actualizado.</li></ul>

**\*Se aplicará este criterio se se dan as circunstancias, ben porque hai clases presenciais no centro, ben porque se imparten on-line.**

**\*De darse o caso**

**A cualificación en cada exercicio dependerá do grao de consecución dos obxectivos propostos para cada un. O resultado final de cada avaliación será a MEDIA ARITMÉTICA de tódalas probas, actividades, exercicios e traballos realizados. De ser o caso, o profesor/a establecerá as porcentaxes concretas**

de cada exercicio, proba ou tarefa da avaliación, informando de antemán aos alumnos. A cualificación final da materia será a media aritmética das tres avaliacións, **sempre e cando se supere cada unha das avaliacións cunha cualificación igual ou superior a cinco**. No caso de suspender a materia en xuño, os pendentos presentaránse a unha proba escrita con todos os contidos da materia impartida ó longo do curso. Esta proba quedará aprobada se a cualificación é igual o superior a cinco.

A continuación se detalla **un resumo destas medidas** de avaliación e recuperación:

### 1. AVALIACIÓN INICIAL

- **Data prevista:** última semana de setembro/ primeira semana de outubro.
- **Tipo de proba:** as actividades iniciais do primeiro tema servirán para detectar as súas habilidades e competencias básicas.
- **Mecanismo para informar ás familias:** xunta de avaliación inicial, tutorías con pais e, para casos especiais e urxentes o sistema de Abalar.
- **Consecuencias dos resultados:** en función dos resultados acadados, e en coordinación co Departamento, se analizarán os casos máis relevantes e con carácter de urxencia se tomarían as medidas necesarias.

### 2. AVALIACIÓN TRIMESTRAL

- **Procedementos:** observación directa do alumno, tarefas diversas realizadas polo alumnado en clase, traballos individuais e grupais, actividades de avaliación: lecturas, fichas fotocopiáveis, probas escritas, etc.
- **Instrumentos:** caderno do alumno, preguntas individuais e grupais, intervencións na clase, visionado de películas, lecturas concretas.
- **Mínimos esixibles:** O cumprimento axeitado das ferramentas de traballo competencial (actividades, tarefas, traballos, etc.); a realización positiva das probas escritas; o traballo regular ó longo do curso; a presentación ordenada, clara e coherente do seu caderno de clase.
- **Ponderación e nota media:** A cualificación en cada exercicio dependerá do grao de consecución dos obxectivos propostos para cada un. O resultado final de cada avaliación dependerá da **media aritmética** feita coas seguintes porcentaxes: **50%** para probas escritas, traballos individuais e grupais, e **50%** para revisión do caderno de clase, actividades puntuais realizadas, lecturas concretas, etc. Estas porcentaxes poderán variar en cada avaliación dependendo do número de probas e da súa importancia, previo aviso ao alumnado por parte de cada profesor/a.

### 3. MECANISMO PARA RECUPERAR UNHA AVALIACIÓN NON SUPERADA

## **I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

- No caso de suspender algunha avaliación, o alumno (ao longo do seguinte trimestre ou ben ao remate da terceira avaliación, a criterio do profesor) deberá presentarse a **unha proba escrita** onde se incluírán os contidos da materia impartida na avaliación suspensa, **ademáis de realizar con éxito as tarefas** que non se fixeron ou se fixeron defectuosamente en cada trimestre. A proba escrita pondera un 50% e a realización das tarefas o 50 % restante. Polo tanto, ***a media aritmética da cualificación da proba escrita e da nota das tarefas deberá ser igual o superior a cinco*** para superar a avaliación pendente. Se non houbera proba escrita da avaliación pendente, o 100% da nota será a realización adecuada das tarefas e actividades realizadas no trimestre e plasmadas no caderno do alumno.

### **4. CUALIFICACIÓN FINAL DA MATERIA NA AVALIACIÓN ORDINARIA**

- A cualificación final da materia será ***a media aritmética das tres avaliacións, sempre e cando se supere cada unha das avaliacións cunha cualificación igual ou superior a cinco.***

### **5. AVALIACIÓN FINAL E EXTRAORDINARIA**

- **Alumnado:** Deberán presentarse todos aqueles alumnos que non superaran calquera das avaliacións que teñan pendente.

- **Tipo de proba:** ***escrita***, onde se inclúan os contidos da materia impartida ó longo do curso. A proba constará de ***4 preguntas: 2 preguntas pechadas*** (2 puntos cada unha), ***1 pregunta semiaberta*** (3 puntos) e ***1 pregunta aberta*** (3 puntos).

- **Estándares:** Todos os contidos da materia impartida no curso. Esta proba estará aprobada se a cualificación é **igual o superior a cinco**.

### **6. MATERIA PENDENTE**

- Os alumnos coa materia pendente deberán facer **unha proba escrita** coa materia impartida no curso anterior. O Departamento deseñará esta proba e fará pública no taboleiro do patio central a convocatoria para a realizar dita proba. A proba constará de ***4 preguntas: 2 preguntas pechadas*** (2 puntos cada unha), ***1 pregunta semiaberta*** (3 puntos) e ***1 pregunta aberta*** (3 puntos). Esta proba estará aprobada se a cualificación é **igual o superior a cinco**.

### **7. GRAO MÍNIMO ESIXIBLE DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA**

## **I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

O cumprimento axeitado das ferramentas de traballo competencial (actividades, tarefas, traballos, etc.), a realización positiva de probas escritas, o traballo regular ó longo do curso, a presentación ordenada, clara e coherente do seu caderno de clase, e unha actitude respetuosa, participativa e comprometida co seu labor como individuo e como membro dun grupo, serán tomados como criterios mínimos esixibles para a promoción do alumno.

**Estes mesmos criterios e procedementos de avaliación serán os esixibles e aplicables no caso de darse clases semipresenciais ou ben *online* (por mor da Covid-19). Os alumnos serán informados destes criterios, ben ó principio do curso, ben nas circunstancias excepcionais que se produxeran, a través da Aula Virtual como recurso indispensable para o correcto desenvolvemento das tarefas e probas a realizar.**

### **8. PLAN DE SEGUIMIENTO E PROCEDEMENTO PARA A CUALIFICACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES OU DA NOTA FINAL DO CURSO SE HAI ALUMNADO QUE ASISTE A PROGRAMAS DE REFORZO CON ATRIBUCIÓN HORARIA**

Os alumnos con materias pendentes ou que asistan a programas de reforzo que supoñan a perda dalgunhas sesións de clase, deberán cumprir coas tarefas específicas que o profesor estime oportunas e convenientes de acordo cos mínimos esixibles e contidos mínimos desenvolvidos ó longo dese período académico, facilitando na medida do posible o desenvolvemento axeitado destas ao alumno.

Non será necesario un plan de reforzo e recuperación das aprendizaxes non adquiridas no derradeiro curso, posto que a materia se imparte por primeira vez na secundaria.

### **9. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS**

Serán de uso cotiá -ou esporádico e puntual, segundo as necesidades da impartición da materia (presencial, semipresencial ou de xeito on-line)- os seguintes materiais, ademais de outros que poidan ser de utilidade:

- O **libro(s)** do alumnado para a área de Filosofía 4º ESO, en calquera dos seus formatos (papel ou dixital) en edicións que segundo as necesidades poidan ser de referencia para cada tarefa e tema.
- O **caderno do alumno**, onde se reflectirá o traballo diario.
- As **monografías** didácticas, **textos**, **fotocopias**, **referencias bibliográficas**, **artigos** de prensa, etc.
- O uso de **Internet** para pesquisas e proxectos didácticos, visionado de películas ou documentais, etc.
- O uso da **Aula Virtual** do centro, onde se recollerán total ou parcialmente as informacións, indicacións, contidos, tarefas e outras necesidades educativas que permitan o desenvolvemento e seguemento da materia, sexa de xeito presencial, semipresencial ou de xeito on-line.

### **10. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

**Descrición do grupo despois da avaliación inicial**

## **I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

Á hora de formular as medidas de atención á diversidade e inclusión debemos solicitar, en primeiro lugar, diversa información sobre cada grupo de alumnos e alumnas; como mínimo debe coñecerse a relativa a:

- O número de alumnos e alumnas.
- O funcionamento do grupo (clima da aula, nivel de disciplina, atención...).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto ao desenvolvemento de contidos curriculares.
- As necesidades que se puidesen identificar; convén pensar nesta fase en como se poden abordar (*planificación de estratexias metodolóxicas, xestión da aula, estratexias de seguimento da eficacia de medidas, etc.*).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto aos aspectos competenciais.
- Os desempeños competenciais prioritarios que hai que practicar no grupo nesta materia.
- Os aspectos que se deben ter en conta ao agrupar os alumnos e as alumnas para os traballos cooperativos.
- Os tipos de recursos que se necesitan adaptar no nivel xeral para obter un logro óptimo do grupo.

### ***Necesidades individuais***

A avaliación inicial facilítanos non só coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos individuais dos nosos estudantes; a partir dela poderemos:

- Identificar os alumnos ou as alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. (Débese ter en conta aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requira atención específica por estaren en risco, pola súa historia familiar, etc.).
- Saber as medidas organizativas que cómpre adoptar. (Planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos grupais para favorecer a intervención individual).
- Establecer conclusións sobre as medidas curriculares que cómpre adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar.
- Analizar o modelo de seguimento que se vai utilizar con cada un deles.
- Acoutar o intervalo de tempo e o modo en que se van avaliar os progresos destes estudantes.
- Fixar o modo en que se vai compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe; especialmente, co titor.

### **Concreción de medidas para alumnos con Síndrome de Asperger e TDAH:**

Entre as características dos afectados polo Síndrome de Asperger están as dificultades na comprensión social e nas habilidades sociais, o pouco interese cara aos demais, as dificultades de atención, a pouca capacidade organizativa, a interpretación lietal da linguaxe e as dificultades na motricidade. Por estes motivos presentamos algunhas estratexias para tratalo:

- Darlle tempo para organizar o seu material
- Evitar a presión

## **I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

- Darlle pequenos encargos
- Facer o posible para que entenda as instrucións
- Diante dos mínimos acertos, ser xeneroso cos reforzos positivos
- Sempre que sexa posible, descompoñer as tarefas
- Supervisar con frecuencia a realización das tarefas
- Buscar a colaboración dun compañeir@ responsable para que lle axude a comprender e realizar as tarefas

Asemade, para os alumnos con TDAH:

- Supervisar con frecuencia a realización das tarefas
- Potenciar a aprendizaxe colaborativa
- Buscar a colaboración dun compañeir@ responsable para que lle axude a comprender e realizar as tarefas
- Deixar máis tempo para as probas escritas ou exames
- Supervisar a comprensión das preguntas
- Implicar ao alumno con preguntas sinxelas e motivadoras
- Graduar o uso do 'tempo fóra'
- reforzar positivamente as condutas adecuadas

## **11. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN Ó PROXECTO LECTOR, ÁS TIC E Ó PLAN DE CONVIVENCIA**

### **Estratexias para incorporar as TIC na aula**

Para incorporar as TIC na aula pódense unha serie de recursos **integrados** cos contidos e nas actividades de Filosofía 4º, que complementan e amplían a información. Estes recursos pódense incorporar ao día a día na aula, compartindo protagonismo cos contidos planificados para ese curso. Sirvan como exemplo:

<i>Actividades interactivas</i>	O alumno responde seleccionando a opción correcta, clasificando elementos de diferentes grupos ou situándoos na súa posición correcta...  Ao finalizar, o programa informa dos acertos e erros, e dáse a oportunidade de corrixilos (aplicables no Encerado Dixital Interactivo).
<i>Animación</i>	Explican un procedemento con imaxes e con texto. As imaxes son animadas e evolucionan a medida que avanza a explicación do

## I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía

	procedemento.
<i>Cazas do tesouro</i>	Propoñen unha procura de información a través da web. Suscitan unha serie de preguntas e unha gran pregunta (actividade máis elaborada). Para respondelas, o alumno deberá buscar información por Internet tanto nas páxinas web indicadas como noutras.
<i>Ligazóns a Internet</i>	Colección de ligazóns a Internet de alto interese para o alumno: <i>applets</i> , simulación de modelos, experimentos virtuais, explicacións complementarias, actividades, curiosidades....
<i>Bancos de imaxes</i>	Colección de debuxos e de fotografías que ilustran algún aspecto ou se relacionan cos contidos explicados no libro.
<i>Presentacións</i>	Secuencia de diapositivas que presenta de forma esquemática os contidos principais de cada unidade.
<i>Tests interactivos</i>	Unha batería de preguntas sobre contidos diversos. Preguntas de tipo test nas que se debe escoller unha opción entre tres. Ao acabar a actividade, o ordenador informa do número de acertos e de erros, e dáse a posibilidade de corrixir os fallos.

### Estratexias para estimular o interese e o hábito de lectura e a capacidade de expresarse correctamente

Pódense explicitar, como no exemplo, que estratexias ou accións se levarán a cabo desde a materia para fomentar a lectura e a expresión (oral e escrita) dos alumnos.

Lectura:

- Lectura do libro de texto.
- Comentarios de texto (tanto de autores clásicos traducidos como de contemporáneos).

## **I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

·Outras lecturas complementarias (de diversa información, curiosidades, artigos de revistas relacionadas coa materia...).

Expresión:

·Exposición oral e escrita en razoamentos, en actividades e en traballos individuais e en grupo.

·Expresión oral e escrita das aprendizaxes utilizando o vocabulario adecuado.

## **12. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

Relación das actividades complementarias e das extraescolares planificadas polo centro e relacionadas coa materia. Por exemplo:

·Día da Constitución: conferencias, concursos, actividades culturais.

·Día da Paz e da non-violencia: actividades deportivas, debates, mesas redondas, visitas a artistas da localidade.

·Seminarios sobre: a convivencia escolar, a educación.

·Día do libro: actividades de fomento da lectura.

·Día Internacional do medio natural: visita a unha planta de recuperación e reciclaxe.

·Campaña do banco de alimentos.

·Proposta de análise de películas, etc.

Con respecto ás actividades complementarias, convén reflexionar sobre estas catro cuestións:

- Consegúronse os obxectivos propostos a partir das actividades realizadas?
- Como resultaron as actividades?
- Cales gustaron máis?
- Que propostas de mellora podemos sinalar?



### **13. PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN**

Neste apartado pretendemos promover a reflexión docente e a autoavaliación da realización e do desenvolvemento de programación didáctica. Para iso, ao finalizar cada unidade didáctica, en cada trimestre ou ao final de curso propónse unha secuencia de preguntas que permitan ao docente avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade.

De igual modo, propoñemos unha ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto. Pódese realizar ao final de cada trimestre ou ao final do curso para recoller as melloras no seguinte cadro:

ASPECTOS PARA AVALIAR	PARA DESTACAR...	PARA MELLORAR...	PROPOSTAS DE MELLORA PERSOAL
Temporalización das unidades didácticas			
Desenvolvemento dos obxectivos didácticos			
Manexo dos contidos da unidade			
Descritores e desempeños competenciais			
Realización de tarefas			
Estratexias metodolóxicas seleccionadas			

**I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

Recursos			
Claridade nos criterios de avaliación			
Uso de diversas ferramentas de avaliación			
Atención á diversidade			
Interdisciplinabilidade			

## VALORES ÉTICOS

### 2º E.S.O.

#### INDICE

1. Obxectivos xerais da E.S.O. e obxectivos específicos do curso.....	2
2. Introducción, contextualización e contribución ao desenvolvemento das competencias clave.....	4
3. Relación de estándares de aprendizaxe da materia e concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable.....	10
4. Temporalización: organización e secuenciación de contidos.....	19
5. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.....	21
6. Metodoloxía didáctica.....	23
7. Procedementos e instrumentos de avaliación.....	24
8. Criterios de cualificación.....	29
9. Grao mínimo esixible de consecución para superar a materia.....	31
10. Procedementos para a realización da avaliación inicial.....	31
11. Plan de seguimento e procedemento para a cualificación das materias pendentes ou da nota final do curso se hai alumnado que asiste a programas de reforzo con atribución horaria.....	32
12. Materiais e recursos didácticos.....	32
13. Medidas de atención á diversidade.....	32
14. Accións de contribución ó proxecto lector, ás TIC e ó plan de convivencia.....	34
15. Actividades complementarias e extraescolares.....	36
16. Procedementos para avaliar a propia programación.....	37

De acordo coa Ley Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE) 8/2013, de 9 de decembro; e seguindo as instrucións do Real Decreto 1105/2014 do 26 de decembro onde se deseña o currículo básico para Educación Secundaria e Bacharelato; ademais da Orde ECD/65/2015 do 21 de xaneiro que establece as relacións entre competencias, contidos e criterios de avaliación na Educación Primaria, Secundaria e Bacharelato; e en consoancia co [Decreto 105/2014, do 4 de setembro.](#)

## **I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

[polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia](#) e a RESOLUCIÓN do 27 de xullo de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico 2015/16 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, este Departamento desenvolve a seguinte Programación Didáctica para o presente curso:

### **1. OBXECTIVOS XERAIS DA E.S.O. E OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DO CURSO**

- a) Asumir responsablemente os seus deberes; coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais; practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais e resolver pacificamente os conflitos, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, incorporar novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza nun mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua castelá e, se a houbese, na lingua cooficial da comunidade autónoma, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, a lectura e o estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de xeito apropiado.
- j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia propias e dos demais, así como o patrimonio artístico e cultural.
- k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a

## **I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o ambiente, e contribuír así á súa conservación e mellora.

1) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

### **OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DO CURSO**

- 1. Valorar a dignidade humana para entender o que significa ser persoa e poder valorarse a si mesmo e aos que o rodean.**
- 2. Descubrir a importancia dos valores éticos na formación da personalidade e a autoestima.**
3. Comprender o concepto de virtude en Aristóteles para establecer relacións entre os actos, os hábitos e o carácter no desenvolvemento da personalidade.
- 4. Coñecer o concepto e as causas da crise de identidade que xorde na adolescencia.**
- 5. Tomar conciencia da importancia que ten o desenvolvemento da autonomía e o control persoais no crecemento persoal e nas crises de identidade adolescentes, para poder identificar as súas causas e detectar as influencias que exercen os grupos sociais na personalidade.**
6. Identificar os trazos máis característicos dos grupos de adolescentes reflexionando sobre a influencia que exercen sobre o individuo.
7. Recoñecer a diferenza entre autonomía e heteronomía desde a concepción kantiana.
- 8. Tomar conciencia da importancia que teñen o desenvolvemento da autonomía e o control da conduta no crecemento moral da persoa cara á vida adulta.**
- 9. Identificar as aptitudes que posúe o ser humano para construír un autoconcepto positivo e potenciar a súa autoestima.**
- 10. Reflexionar sobre as propias emocións para recoñecer as situacións cotiás e poder mellorar as habilidades emocionais.**
11. Comprender o concepto de intelixencia emocional e valorar a súa importancia na personalidade e no carácter moral do ser humano para mellorar as súas habilidades emocionais.
- 12. Recoñecer a relación do ser humano co contorno e os axentes sociais que o conforman, entendendo a súa influencia no desenvolvemento moral da persoa e valorando a vida en sociedade desde valores éticos recoñecidos.**
- 13. Desenvolver certas habilidades sociais e técnicas de comunicación para dominar formas e xestos habituais que favorezan tanto as relacións interpersoais como o respecto á dignidade e aos dereitos das persoas.**
14. Entender a influencia das virtudes e dos valores éticos no establecemento respectuoso e comprensivo de relacións interpersoais, así como no exercicio da liberdade individual e social.
- 15. Sinalar os límites entre a liberdade persoal e a social, marcados pola ética e os dereitos humanos.**
- 16. Valorar a importancia das habilidades emocionais, sociais e asertivas, co fin de moldear a personalidade a través de valores e virtudes éticos que favorezan as relacións interpersoais positivas e respectuosas, asegurando así unha vida en sociedade máis xusta e enriquecedora.**
17. Recoñecer a vida privada e pública das persoas para trazar os límites da liberdade individual e social.

## I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía

18. Apreciar o efecto que producen os valores na conduta individual e social, identificar os problemas derivados da súa ausencia e promovelos en beneficio das persoas e da sociedade.
19. **Describir as semellanzas e as diferenzas que existen entre a moral e a ética, valorando a importancia desta última para actuar de forma racional.**
20. **Identificar a liberdade como base que sostén a moral da persoa e a intelixencia, a vontade e as normas éticas como medios que rexen a súa conduta.**
21. Explicar a función dos valores éticos na vida persoal e social do ser humano, destacando a importancia de ser respectados.
22. Coñecer como se creou a ONU e o momento histórico que impulsou a elaboración da DUDH, destacando o seu valor como fundamento ético universal da lexitimidade do dereito e dos Estados.
23. **Entender e valorar o contido da DUDH, facendo especial fincapé no respecto á dignidade humana como base de todos os dereitos humanos.**
24. **Coñecer o panorama actual respecto ao exercicio dos dereitos da muller e da infancia en gran parte do mundo, coñecendo as causas da situación e tomando conciencia delas, co fin de promover a súa solución.**

Se fose preciso facer unha adaptación pedagóxica especial dirixida á docencia semipresencial ou non presencial (por mor das circunstancias socio-sanitarias actuais), os **obxectivos preferentes e indispensables** para este curso ( *sinalados en negrita e cursiva*) serían os seguintes:

**1, 2, 4, 5, 8, 9, 10, 12, 13, 15, 16, 19, 20, 23, 24.**

## 2. INTRODUCCIÓN, CONTEXTUALIZACIÓN E CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

### *Introdución e contextualización*

Traballar por competencias na aula supón unha reflexión e unha reconfiguración dos contidos desde un enfoque de aplicación que permita o adestramento das competencias. As competencias non se estudan nin se ensinan, adéstranse. Para iso, xeraremos tarefas de aprendizaxe que favorezan a transferencia do coñecemento mediante metodoloxías de aula activas.

Non resulta práctico nin eficaz abordar cada competencia de xeito global en cada unidade, polo que se estruturarán en indicadores, grandes piares que permiten describirla dun xeito máis preciso. Podemos atopar entre tres e seis indicadores por competencia.

O indicador ten tamén un carácter bastante xeral, por iso o descompoñemos no que chamamos «descritores da competencia»; os cales «describen» o alumnado competente no devandito ámbito. Por cada indicador atoparemos entre tres e seis descritores, redactados en infinitivo.

## **I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

En cada unidade didáctica concretaremos o descritor en desempeños competenciais, redactados en terceira persoa do presente indicativo. O desempeño será o aspecto concreto da competencia que poderemos adestrar e avaliar de xeito explícito na unidade. Este é concreto e obxectivable, e indícanos que debemos adestrar e observar nas actividades deseñadas.

Para o seu desenvolvemento, partimos dun marco de descritores competenciais definido para o proxecto aplicable a toda materia e curso.

Respectando o tratamento específico nalgúns áreas, os **elementos transversais**, como a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional, traballaranse desde todas as áreas, posibilitando e fomentando que o proceso de ensinanza-aprendizaxe dos alumnos e das alumnas sexa o máis completo posible.

A diversidade de estilos de aprendizaxe do alumnado convídanos a traballar desde as **diferentes potencialidades** que os caracterizan, apoiándonos sempre nas súas fortalezas para poder dar resposta ás súas necesidades.

### ***Contribución da área e materia ó logro das competencias básicas***

En Valores Éticos incidiremos no adestramento de todas as competencias de xeito sistemático, facendo fincapé nos descritores máis afíns á materia:

#### *Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía*

O desenvolvemento desta competencia nesta área permítenos afondar no eixe sobre o que xira todo o currículo básico e o carácter específico do saber ético, xa que todo problema ou situación implica unha demostración racional. Así mesmo, esta competencia ofrece a oportunidade de realizar argumentacións, considerar e realizar xuízos morais e aplicar estratexias de resolución de problemas.

Os descritores que podemos traballar son:

- Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sostible.
- Tomar conciencia dos cambios producidos polo ser humano no contorno natural e as súas repercusións na vida futura.

Xerar criterios persoais sobre a visión social da estética do corpo humano fronte ao coidado saudable.

- Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante en distintos ámbitos (biolóxico, xeolóxico, físico, químico, tecnolóxico, xeográfico...).
- Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas, comprender o que acontece arredor nosa e responder preguntas.
- Coñecer e utilizar os elementos matemáticos básicos: operacións, magnitudes, porcentaxes, proporcións, formas xeométricas, criterios de medición e codificación numérica, etc.
- Organizar a información utilizando procedementos matemáticos.
- Resolver problemas seleccionando os datos e as estratexias apropiadas.
- Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá.

## **I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

### *Comunicación lingüística*

Para o bo desenvolvemento desta competencia, será decisivo o fomento da lectura, a análise e a reflexión sobre libros e textos relacionados cos contidos curriculares. Deste xeito, desenvolveranse a comprensión lectora e a expresión oral e escrita, á vez que se adquiren coñecementos sobre os valores éticos e os dereitos humanos. Por outro lado, contribuírase conxuntamente á comunicación lingüística e á transmisión de valores a través da exposición e da resolución de dilemas morais, pois estes esixen poñer en práctica habilidades como a escoita activa, a empatía e a expresión de ideas e de sentimentos, utilizando a linguaxe verbal e a non verbal.

Os descritores que podemos utilizar serán:

- Comprender o sentido dos textos escritos e orais.
- Manter unha actitude favorable cara á lectura.
- Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.
- Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais correctas para elaborar textos escritos e orais.
- Manexar elementos de comunicación non verbal en diferentes rexistros e nas diversas situacións comunicativas.
- Respetar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...
- Compoñer distintos tipos de textos de forma creativa con sentido literario.
- Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou en materias diversas.

*En caso de centros bilingües ou plurilingües que impartan a materia noutra lingua:*

- Manter conversas noutras linguas sobre temas cotiás en distintos contextos.
- Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.
- Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou en materias diversas.

### *Competencia dixital*

Desenvolver a competencia dixital desde esta área axudaranos a manexar ferramentas que posibiliten o acceso ao coñecemento de feitos sociais, de documentos históricos e de tratados internacionais que poñan de relevo a contribución dos valores éticos á sociedade. Á súa vez, proporcionará ao alumnado a oportunidade de entender a relación que existe entre a tecnoloxía e os valores éticos, para que aprenda a facer un bo uso dela no seu tempo libre.

Podemos adestrar os seguintes descritores:

- Empregar distintas fontes para a busca de información.
- Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.
- Elaborar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.
- Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.
- Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.

### *Conciencia e expresións culturais*



## **I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

Esta área contribúe á competencia de conciencia e expresións culturais na medida que posibilita a adquisición de pautas persoais, interpersoais e interculturais que permiten participar de forma eficaz e construtiva en calquera sociedade democrática, respectando os valores e os dereitos socialmente recoñecidos.

Os descritores que adestraremos nesta competencia son:

- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
- Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.
- Apreciar a beleza das expresións artísticas e as manifestacións de creatividade e fomentar o gusto pola estética no ámbito cotián.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

### *Competencias sociais e cívicas*

A área de Valores Éticos é, sen dúbida, a materia desde onde se traballan de forma máis directa as competencias sociais e cívicas do alumnado. As habilidades sociais e de colaboración incrementanse cando se reflexiona sobre o fundamento ético da sociedade e se toma conciencia da importancia dos seus valores éticos e morais. Á súa vez, ofrece a posibilidade de resolver conflitos interpersoais de forma construtiva, polo que o alumnado non só fortalece a súa identidade persoal, senón que desenvolve actitudes como a tolerancia, a asertividade, a solidariedade e o respecto á pluralidade cultural, política, relixiosa ou de calquera outra natureza.

Os indicadores desta competencia poden facilitar o adestramento de cada un dos descritores que enunciámos a continuación:

- Coñecer as actividades humanas, adquirir unha idea da realidade histórica a partir de distintas fontes e identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito referendado por unha constitución.
- Aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.
- Desenvolver a capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e de traballo, e para a resolución de conflitos.
- Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.
- Recoñecer a riqueza da diversidade de opinións e de ideas.
- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.
- Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.
- Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades.
- Involucrarse ou promover accións cun fin social.

### *Sentido de iniciativa e espírito emprendedor*

Para exercer dun modo consciente, crítico e reflexivo o exercicio da liberdade e emprender accións que beneficien a sociedade, resulta necesario que os alumnos e as alumnas desenvolvan aspectos como a autonomía, o liderado, a creatividade ou a iniciativa persoal.

Desde esta área considéranse tarefas e situacións reais e hipotéticas que permiten o adestramento das devanditas habilidades. Isto vai posibilitar que o alumnado expoña as súas ideas, inicie accións novas, asuma responsabilidades ou xestione os recursos materiais e persoais que ten ao seu alcance.

Neste caso, os descritores que cumpriría adestrar serían:

- Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas.
- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.

## **I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

- Ser constante no traballo superando as dificultades.
- Dirimir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa.
- Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos.
- Asumir riscos no desenvolvemento das tarefas ou dos proxectos.
- Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.
- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.
- Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución dos obxectivos.
- Atopar posibilidades no contorno que outros non aprecian.
- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos dun tema.

### *Aprender a aprender*

A competencia de aprender a aprender implica ser consciente das necesidades e dos procesos de aprendizaxe, o recoñecemento de oportunidades e a habilidade de superar dificultades para poder aprender con éxito. Esta promóvese na área de Valores Éticos mediante o exercicio de procesos cognitivos como analizar, sintetizar, relacionar, comparar ou argumentar, así como favorecendo o interese por descubrir a verdade e os valores que impregnan as experiencias da súa vida cotiá.

Os descritores que poderíamos utilizar para adestrar esta competencia serían:

- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...
- Xestionar os recursos e as motivacións persoais en favor da aprendizaxe.
- Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...
- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
- Planificar os recursos necesarios e os pasos que se deben realizar no proceso de aprendizaxe.
- Avaliar a consecución dos obxectivos de aprendizaxe.
- Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

**3. RELACIÓN DE ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE DA MATERIA E CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE**

Valores éticos. 2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. A dignidade da persoa				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ d</li> <li>▪ h</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Conceptos de persoa achegados pola filosofía.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Construír un concepto de persoa, consciente de que esta é indefinible, valorando a dignidade que posúe polo feito de ser libre.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB1.1.1. Sinala as dificultades para definir o concepto de persoa, analizando algunhas definicións achegadas por filósofos/as.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> <li>▪ h</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Visión kantiana: a persoa como suxeito autónomo e como un fin en si mesma.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Identificar os conceptos de heteronomía e autonomía, mediante a concepción kantiana da persoa, coa finalidade de valorar a súa importancia e aplicala na realización da vida moral.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB1.2.1. Explica a concepción kantiana do concepto de persoa, como suxeito autónomo capaz de ditar as súas propias normas morais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB1.2.2. Comenta e valora a idea de Kant ao concibir a persoa como un fin en si mesma, rexeitando a posibilidade de ser tratada por outros como instrumento para alcanzar fins alleos a ela.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ d</li> <li>▪ h</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Noción aristotélica da virtude: relación cos actos, os hábitos e o carácter. Virtudes éticas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Entender a relación entre os actos, os hábitos e o desenvolvemento do carácter, mediante a comprensión do concepto de virtude en Aristóteles e, en especial, o relativo ás virtudes éticas, pola importancia que teñen no desenvolvemento da personalidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB1.3.1. Sinala en que consiste a virtude e as súas características en Aristóteles, indicando a súa relación cos actos, os hábitos e o carácter.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB1.3.2. Enumera algúns dos beneficios que, segundo Aristóteles, achegan as virtudes éticas ao ser humano, identifica algunhas destas e ordénaas segundo un criterio racional.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
Bloque 2. A comprensión, o respecto e a igualdade nas relacións interpersoais				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Diferenzas entre ética e dereito.</li> <li>▪ B2.2. Posibles conflitos entre os valores que regulan a vida privada e os que regulan a</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Distinguir, na persoa, os ámbitos da vida privada e da vida pública, a primeira regulada pola ética e a segunda polo dereito, coa finalidade de identificar os límites da</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB2.1.1. Distingue entre os ámbitos de acción que corresponden á ética e ao dereito, e expón as súas conclusións mediante unha presentación elaborada con medios</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CD</li> </ul>

Valores éticos. 2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> </ul>	vida pública.	liberdade persoal e social.	informáticos. <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB2.1.2. Reflexiona arredor do problema da relación entre estes dous campos, o privado e o público, e a posibilidade de que exista un conflito de valores éticos entre ambos, así como a forma de atopar unha solución baseada nos valores éticos, exemplificando de maneira concreta tales casos, e expón as súas posibles solucións fundamentadas eticamente.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
Bloque 3. A reflexión ética				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ d</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Diferenza entre ética e moral.</li> <li>▪ B3.2. Reflexión ética como guía racional de conduta.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Distinguir entre ética e moral, sinalando as semellanzas e as diferenzas entre elas, e estimando a importancia da reflexión ética como un saber práctico necesario para guiar de xeito racional a conduta do ser humano á súa plena realización.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB3.1.1. Recoñece as diferenzas entre a ética e a moral, no que se refire á súa orixe e á súa finalidade.</li> <li>▪ VEB3.1.2. Achega razóns que xustifiquen a importancia da reflexión ética, como unha guía racional de conduta necesaria na vida do ser humano, expresando de forma apropiada os argumentos en que se fundamenta.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ d</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.3. Estrutura moral da persoa.</li> <li>▪ B3.4. Etapas do desenvolvemento moral en Piaget e Kohlberg. Paso da heteronomía á autonomía moral.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.2. Destacar o significado e a importancia da natureza moral do ser humano, analizando as súas etapas de desenvolvemento e tomando conciencia da necesidade que ten de normas éticas, libre e racionalmente asumidas, como guía do seu comportamento.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB3.2.1. Sinala en que consiste a estrutura moral da persoa como ser racional e libre, razón pola que esta é responsable da súa conduta e das consecuencias desta.</li> <li>▪ VEB3.2.2. Explica as tres etapas do desenvolvemento moral na persoa, segundo a teoría de Piaget ou a de Kohlberg, e as características propias de cada unha, destacando como se pasa da heteronomía á autonomía moral.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.5. A liberdade como raíz da estrutura moral da persoa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.3. Recoñecer que a liberdade constitúe a raíz da estrutura moral na persoa, e apreciar o papel da intelixencia e da vontade como factores que incrementan a capacidade de autodeterminación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB3.3.1. Describe a relación entre a liberdade e os conceptos de persoa e estrutura moral.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>

Valores éticos. 2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.6. Características distintivas dos valores éticos.</li> <li>▪ B3.7. Valores éticos e dignidade humana.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.4. Resaltar a importancia dos valores éticos, as súas especificacións e a súa influencia na vida persoal e social do ser humano, destacando a necesidade de ser recoñecidos e respectados por todos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB3.4.1. Describe as características distintivas dos valores éticos, utilizando exemplos concretos deles e apreciando a súa relación esencial coa dignidade humana e a conformación dunha personalidade xusta e satisfactoria.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB3.4.2. Emprega o espírito emprendedor para realizar, en grupo, unha campaña destinada a difundir a importancia de respectar os valores éticos, tanto na vida persoal como na social.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ h</li> <li>▪ i</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.8. Normas. Especificidade das normas éticas.</li> <li>▪ B3.9. Relativismo moral dos sofistas.</li> <li>▪ B3.10. Intelectualismo moral en Sócrates e Platón.</li> <li>▪ B3.11. Relativismo moral fronte a obxectivismo moral.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.5. Establecer o concepto de normas éticas e apreciar a súa importancia, identificando as súas características e a natureza da súa orixe e validez, mediante o coñecemento do debate ético que existiu entre Sócrates e os sofistas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB3.5.1. Define o concepto de norma e de norma ética, distinguíndoa das normas xurídicas, relixiosas, etc.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB3.5.2. Sinala quen foron os sofistas e algúns dos feitos e das razóns en que se fundamentaba a súa teoría relativista da moral, destacando as consecuencias que esta ten na vida das persoas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB3.5.3. Coñece os motivos que levaron a Sócrates a afirmar o "intelectualismo moral", e explica en que consiste e a postura de Platón ao respecto.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB3.5.4. Compara o relativismo e o obxectivismo moral apreciando a vixencia destas teorías éticas na actualidade, e expresa opinións de forma argumentada.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ e</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> <li>▪ i</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.12. Clasificación das teorías éticas: éticas de fins e éticas procedementais.</li> <li>▪ B3.13. A ética de Epicuro como ética de fins.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.6. Explicar as características e os obxectivos das teorías éticas, así como a súa clasificación en éticas de fins e procedementais, sinalando os principios máis destacados do hedonismo de Epicuro.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB3.6.1. Enuncia os elementos distintivos das "teorías éticas" e argumenta a súa clasificación en éticas de fins e éticas procedementais, e elabora un esquema coas súas características máis destacadas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB3.6.2. Enuncia os aspectos fundamentais da teoría hedonista de Epicuro e os valores</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>

Valores éticos. 2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			<p>éticos que defende, destacando as características que a identifican como unha ética de fins.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>VEB3.6.3. Elabora, en colaboración co grupo, argumentos a favor e/ou en contra do epicureísmo, e expón as súas conclusións cos argumentos racionais correspondentes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CAA</li> <li>CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>b</li> <li>h</li> <li>l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.14. O eudemonismo aristotélico como ética de fins.</li> <li>B3.15. O ben supremo da persoa en Aristóteles e as tres tendencias da alma.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.7. Entender os principais aspectos do eudemonismo aristotélico, identificándoo como unha ética de fins e valorando a súa importancia e a vixencia actuais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>VEB3.7.1. Explica o significado do termo "eudemonismo" e o que para Aristóteles significa a felicidade como ben supremo, e elabora e expresa conclusións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>VEB3.7.2. Distingue os tres tipos de tendencias que hai no ser humano, segundo Aristóteles, e a súa relación co que el considera como ben supremo da persoa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>VEB3.7.3. Achega razóns para clasificar o eudemonismo de Aristóteles dentro da categoría da ética de fins.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>b</li> <li>g</li> <li>h</li> <li>l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.16. O utilitarismo como ética de fins: principio de utilidade; concepto de pracer; compatibilidade do egoísmo individual co altruísmo universal; localización do valor moral nas consecuencias da acción.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.8. Comprender os elementos máis significativos da ética utilitarista e a súa relación co hedonismo de Epicuro, clasificándoa como unha ética de fins e elaborando argumentos que apoién a súa valoración persoal arredor desta formulación ética.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>VEB3.8.1. Fai unha recensión das ideas fundamentais da ética utilitarista: o principio de utilidade, o concepto de pracer, a compatibilidade do egoísmo individual co altruísmo universal e a localización do valor moral nas consecuencias da acción, entre outras.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>VEB3.8.2. Enumera as características que fan do utilitarismo e do epicureísmo unhas éticas de fins.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>VEB3.8.3. Argumenta racionalmente as súas opinións sobre a ética utilitarista.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CSIEE</li> </ul>
Bloque 4. A xustiza e a política				
<ul style="list-style-type: none"> <li>a</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.1. Relación entre ética, política e xustiza</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.1. Comprender e valorar a importancia da</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>VEB4.1.1. Explica e aprecia as razóns que dá</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> </ul>

Valores éticos. 2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Cráterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ e</li> <li>▪ h</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ no pensamento aristotélico.</li> <li>▪ B4.2. Semellanzas, diferenzas e relacións entre valores éticos e valores cívicos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ relación entre os conceptos de ética, política e xustiza, mediante a análise e a definición destes termos, destacando o vínculo entre eles no pensamento de Aristóteles.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Aristóteles para establecer un vínculo necesario entre ética, política e xustiza.</li> <li>▪ VEB4.1.2. Utiliza e selecciona información sobre os valores éticos e cívicos, identificando e apreciando as semellanzas, as diferenzas e as relacións entre eles.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ e</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.3. A política de Aristóteles.</li> <li>▪ B4.4. Concepto aristotélico de xustiza e a súa relación co ben común e a felicidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.2. Coñecer e apreciar a política de Aristóteles e as súas características esenciais, e entender o seu concepto de xustiza e a súa relación co ben común e a felicidade, elaborando un xuízo crítico sobre a perspectiva deste filósofo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB4.2.1. Elabora, recorrendo á súa iniciativa persoal, unha presentación con soporte informático, sobre a política aristotélica como unha teoría organicista, cunha finalidade ética e que atribúe a función educativa ao Estado.</li> <li>▪ VEB4.2.2. Selecciona e usa información, en colaboración co grupo, para entender e apreciar a importancia que Aristóteles lle dá á xustiza como valor ético no que se fundamenta a lexitimidade do Estado e a súa relación coa felicidade e o ben común, e expón as súas conclusións persoais debidamente fundamentadas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
Bloque 5. Os valores éticos, o dereito, a Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH) e outros tratados internacionais sobre dereitos humanos				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ e</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Relacións entre ética e dereito.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Sinalar a vinculación entre a ética, o dereito e a xustiza, a través do coñecemento das súas semellanzas, diferenzas e relacións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB5.1.1. Procura e selecciona información en páxinas web, para identificar as diferenzas, as semellanzas e os vínculos entre a ética e o dereito.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CD</li> </ul>
Bloque 6. Os valores éticos e a súa relación coa ciencia e a tecnoloxía				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ f</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.1. Dimensión moral da ciencia e da tecnoloxía polo seu impacto en todos os ámbitos da vida humana.</li> <li>▪ B6.2. Valores recollidos na DUDH como criterio para fixar límites á investigación científico-tecnolóxica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.1. Recoñecer a importancia da dimensión moral da ciencia e a tecnoloxía, así como a necesidade de establecer límites éticos e xurídicos, coa finalidade de orientar a súa actividade consonte os valores defendidos pola DUDH.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB6.1.1. Utiliza información de distintas fontes para analizar a dimensión moral da ciencia e a tecnoloxía, avaliando o impacto positivo e negativo que estas poden ter en todos os ámbitos da vida humana (social, económico, político, ético e ecolóxico, etc.).</li> <li>▪ VEB6.1.2. Achega argumentos que fundamenten a necesidade de pór límites</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>

Valores éticos. 2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ m</li> </ul>			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ éticos e xurídicos á investigación práctica, tanto científica como tecnolóxica, tomando a dignidade humana e os valores éticos recoñecidos na DUDH como criterio normativo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB6.1.3. Recorre á súa iniciativa persoal para expor as súas conclusións sobre o tema tratado, utilizando medios informáticos e audiovisuais, de xeito argumentado e ordenado racionalmente.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ d</li> <li>▪ g</li> <li>▪ m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.3. Problemas da tecnodependencia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.2. Entender e valorar o problema da tecnodependencia e a alienación humana á que conduce.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB6.2.1. Destaca o problema e o perigo que representa para o ser humano a tecnodependencia, sinalando os seus síntomas e as súas causas, e estimando as súas consecuencias negativas, como unha adición incontrolada aos dispositivos electrónicos, aos videoxogos e ás redes sociais, que conduce as persoas cara a unha progresiva deshumanización.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ f</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> <li>▪ m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.4. Dilemas morais que presentan os avances en medicina e biotecnoloxía.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.3. Utilizar os valores éticos contidos na DUDH no campo científico e tecnolóxico, coa finalidade de evitar a súa aplicación inadecuada e solucionar os dilemas morais que ás veces se presentan, nomeadamente no terreo da medicina e a biotecnoloxía.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB6.3.1. Analiza información seleccionada de diversas fontes, coa finalidade de coñecer en que consisten algúns dos avances en medicina e biotecnoloxía, que formulan dilemas morais (utilización de células nai, clonación, euxeñese, etc.), sinalando algúns perigos que estes encerran de prescindir do respecto á dignidade humana e os seus valores fundamentais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB6.3.2. Presenta unha actitude de tolerancia e respecto ante as opinións que se expresan na confrontación de ideas, coa finalidade de solucionar os dilemas éticos, sen esquecer a necesidade de empregar o rigor na fundamentación racional e ética de todas as alternativas de solución formuladas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>



Se fose preciso facer unha adaptación pedagóxica especial dirixida á docencia semipresencial ou non presencial (por mor das circunstancias socio-sanitarias actuais), os **contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe indispensables** para este curso serían os seguintes:

<b>1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles</b>	
<b>Criterio de avaliación</b>	<b>Estándar de aprendizaxe</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Construír un concepto de persoa, consciente de que esta é indefinible, valorando a dignidade que posúe polo feito de ser libre.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB1.1.1. Sinala as dificultades para definir o concepto de persoa, analizando algunhas definicións achegadas por filósofos/as.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Distinguir, na persoa, os ámbitos da vida privada e da vida pública, a primeira regulada pola ética e a segunda polo dereito, coa finalidade de identificar os límites da liberdade persoal e social.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB2.1.1. Distingue entre os ámbitos de acción que corresponden á ética e ao dereito, e expón as súas conclusións mediante unha presentación elaborada con medios informáticos.</li> <li>▪ VEB2.1.2. Reflexiona arredor do problema da relación entre estes dous campos, o privado e o público, e a posibilidade de que exista un conflito de valores éticos entre ambos, así como a forma de atopar unha solución baseada nos valores éticos, exemplificando de maneira concreta tales casos, e expón as súas posibles solucións fundamentadas eticamente.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Distinguir entre ética e moral, sinalando as semellanzas e as diferenzas entre elas, e estimando a importancia da reflexión ética como un saber práctico necesario para guiar de xeito racional a conduta do ser humano á súa plena realización.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB3.1.1. Recoñece as diferenzas entre a ética e a moral, no que se refire á súa orixe e á súa finalidade.</li> <li>▪ VEB3.1.2. Achega razóns que xustifiquen a importancia da reflexión ética, como unha guía racional de conduta necesaria na vida do ser humano, expresando de forma apropiada os argumentos en que se fundamenta.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Distinguir entre ética e moral, sinalando as semellanzas e as diferenzas entre elas, e estimando a importancia da reflexión ética como un saber práctico necesario para guiar de xeito racional a conduta do ser humano á súa plena realización.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB3.2.1. Sinala en que consiste a estrutura moral da persoa como ser racional e libre, razón pola que esta é responsable da súa conduta e das consecuencias desta.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.3. Recoñecer que a liberdade constitúe a raíz da estrutura moral na persoa, e apreciar o papel da intelixencia e da vontade como factores que incrementan a capacidade de autodeterminación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB3.3.1. Describe a relación entre a liberdade e os conceptos de persoa e estrutura moral.</li> </ul>

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.4. Resaltar a importancia dos valores éticos, as súas especificacións e a súa influencia na vida persoal e social do ser humano, destacando a necesidade de ser recoñecidos e respectados por todos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB3.4.1. Describe as características distintivas dos valores éticos, utilizando exemplos concretos deles e apreciando a súa relación esencial coa dignidade humana e a conformación dunha personalidade xusta e satisfactoria.</li> <li>▪ VEB3.4.2. Emprega o espírito emprendedor para realizar, en grupo, unha campaña destinada a difundir a importancia de respectar os valores éticos, tanto na vida persoal como na social.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.5. Establecer o concepto de normas éticas e apreciar a súa importancia, identificando as súas características e a natureza da súa orixe e validez, mediante o coñecemento do debate ético que existiu entre Sócrates e os sofistas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB3.5.1. Define o concepto de norma e de norma ética, distinguíndoa das normas xurídicas, relixiosas, etc.</li> <li>▪ VEB3.5.2. Señala quen foron os sofistas e algúns dos feitos e das razóns en que se fundamentaba a súa teoría relativista da moral, destacando as consecuencias que esta ten na vida das persoas.</li> <li>▪ VEB3.5.4. Compara o relativismo e o obxectivismo moral apreciando a vixencia destas teorías éticas na actualidade, e expresa opinións de forma argumentada.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Comprender e valorar a importancia da relación entre os conceptos de ética, política e xustiza, mediante a análise e a definición destes termos, destacando o vínculo entre eles no pensamento de Aristóteles.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB4.1.2. Utiliza e selecciona información sobre os valores éticos e cívicos, identificando e apreciando as semellanzas, as diferenzas e as relacións entre eles.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Señalar a vinculación entre a ética, o dereito e a xustiza, a través do coñecemento das súas semellanzas, diferenzas e relacións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB5.1.1. Procura e selecciona información en páxinas web, para identificar as diferenzas, as semellanzas e os vínculos entre a ética e o dereito.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.1. Recoñecer a importancia da dimensión moral da ciencia e a tecnoloxía, así como a necesidade de establecer límites éticos e xurídicos, coa finalidade de orientar a súa actividade consonte os valores defendidos pola DUDH.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB6.1.1. Utiliza información de distintas fontes para analizar a dimensión moral da ciencia e a tecnoloxía, avaliando o impacto positivo e negativo que estas poden ter en todos os ámbitos da vida humana (social, económico, político, ético e ecolóxico, etc.).</li> <li>▪ VEB6.1.2. Achega argumentos que fundamenten a necesidade de pór límites éticos e xurídicos á investigación práctica, tanto científica como tecnolóxica, tomando a dignidade humana e os valores éticos recoñecidos na DUDH como criterio normativo.</li> <li>▪ VEB6.1.3. Recorre á súa iniciativa persoal para expor as súas conclusións sobre o tema tratado, utilizando medios informáticos e audiovisuais, de xeito argumentado e ordenado racionalmente.</li> </ul>

<ul style="list-style-type: none"><li>▪ B6.2. Entender e valorar o problema da tecnodendencia e a alienación humana á que conduce.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>▪ VEB6.2.1. Destaca o problema e o perigo que representa para o ser humano a tecnodendencia, sinalando os seus síntomas e as súas causas, e estimando as súas consecuencias negativas, como unha adición incontrolada aos dispositivos electrónicos, aos videoxogos e ás redes sociais, que conduce as persoas cara a unha progresiva deshumanización.</li></ul>
--	--

#### **4. TEMPORALIZACIÓN: ORGANIZACIÓN E SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS**

Os contidos da área de Valores Éticos agrúpanse en catro bloques e ligados a eles propóñense os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe.

O alumnado deberá adquirir uns coñecementos e unhas destrezas básicas que lle permitan mellorar a súa autonomía e prepararse para converterse no principal axente do seu propio desenvolvemento.

#### **CONTIDOS E SECUENCIACIÓN**

##### **1ª avaliación**

##### **Bloque 1. A dignidade da persoa**

1. O desenvolvemento da personalidade e as virtudes éticas.
  - O proxecto persoal de vida e a función dos valores éticos.
  - Actos, hábitos e carácter.
  - A importancia da virtude en Aristóteles.

##### **Bloque 2. A comprensión, o respecto e a igualdade nas relacións interpersoais**

1. O desenvolvemento social no ser humano, as relacións interpersoais e os valores éticos.
  - A dignidade da persoa e as relacións interpersoais.
  - A asertividade, as habilidades sociais e os valores éticos.
  - A intelixencia emocional e a súa importancia na vida moral.
  - O respecto aos valores éticos a través das habilidades sociais e a asertividade.

##### **2ª avaliación**

**Bloque 3. A reflexión ética**

1. As normas éticas como guía da liberdade.
  - A liberdade persoal e os factores que interveñen no seu desenvolvemento.
  - A educación como un dereito da persoa e un deber da sociedade.
  - A necesidade dos valores e as normas éticas no individuo e na sociedade.
  - Problemas derivados da ausencia de valores e de normas éticas.
2. As teorías éticas.
  - Éticas materiais e éticas formais.
  - O eudemonismo Aristotélico.
  - O hedonismo epicúreo.
  - O utilitarismo de John Stuart Mill.

**3ª avaliación**

**Bloque 4. Xustiza e política**

1. O concepto de xustiza.
  - A variedade cultural e o carácter relativo da xustiza.
  - O recoñecemento do que é xusto.
  - A xustiza entendida como equilibrio.
  - Distintas formas de concibir a xustiza.

**Bloque 5. Os valores éticos, o dereito e a DUDH**

1. A busca da liberdade e da igualdade.
  - A escravitude e o sometemento dos seres humanos.
  - A loita pola liberdade e a igualdade e o fin da escravitude.
  - A historia da submisión da muller ao varón.
  - O feminismo e a loita pola liberación da muller.

**Bloque 6. Os valores éticos e a súa relación coa ciencia e a tecnoloxía**

1. A relación entre ética, ciencia e tecnoloxía.
  - A distinción entre a investigación e a aplicación científica e tecnolóxica, e os valores que achegan á humanidade.
  - A tecnociencia e a concepción tradicional da ciencia e da tecnoloxía.
  - O mito da neutralidade científica e a falsa noción de progreso.
2. A necesidade da reflexión ética acerca da ciencia e da tecnoloxía: os dilemas morais.

## **I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

- Os límites éticos e xurídicos da investigación e da aplicación científica e tecnolóxica.
- A tecnoddependencia.
- A tecnociencia e o seu impacto negativo no medio ambiente.

## **5. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE**

### **Bloque 1. A dignidade da persoa**

- 1. Entender a relación que existe entre os actos, os hábitos e o desenvolvemento do carácter, mediante a comprensión do concepto de virtude en Aristóteles e, en especial, o relativo ás virtudes éticas, pola importancia que teñen no desenvolvemento da personalidade.*
  - 1.1. Indaga en diversas fontes acerca do concepto de virtude e as súas características en Aristóteles, sinalando a relación que ten cos actos, os hábitos e o carácter, elaborando conclusións de forma razoada acerca do tema.
  - 1.2. Explica os beneficios que, segundo Aristóteles, achegan as virtudes éticas ao ser humano, identificando algunhas delas e ordenándoas, de acordo co seu criterio, e explicando os argumentos nos que fundamenta a devandita orde.
- 2. Comprender e apreciar a capacidade do ser humano para influír de xeito consciente e voluntario na construción da súa propia identidade conforme os valores éticos, e así mellorar a súa autoestima.*
  - 2.1. Toma conciencia e aprecia a capacidade que posúe para modelar a súa propia identidade e facer de si mesmo unha persoa xusta, sincera, tolerante, amable, xenerosa, respectuosa, solidaria, honesta, libre, etc.; nunha palabra, digna de ser apreciada por si mesma.
  - 2.2. Deseña un proxecto de vida persoal conforme o modelo de persoa que quere ser e os valores éticos que desexa adquirir, facendo que a súa propia vida teña un sentido.

### **Bloque 2. A comprensión, o respecto e a igualdade nas relacións interpersoais**

- 1. Comprender e valorar a importancia que teñen os valores e as virtudes éticos para conseguir unhas relacións interpersoais xustas, respectuosas e satisfactorias.*
  - 1.1. Identifica a adquisición das virtudes éticas como unha condición necesaria para lograr unhas boas relacións interpersoais; entre elas, a prudencia, a lealdade, a sinceridade, a xenerosidade, etc.
- 2. Utilizar de xeito habitual formas e xestos que favorecen o respecto á dignidade e aos dereitos das persoas nas relacións interpersoais, mediante o exercicio e o desenvolvemento dalgunhas habilidades sociais e técnicas de comunicación.*
  - 2.1. Mantén unha conduta asertiva, evitando o comportamento agresivo ou inhibido, e adopta como principio moral fundamental nas relacións interpersoais o respecto á dignidade das persoas.

## **I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

- 2.2. Emprega e exercita, en diálogos curtos reais ou inventados, as súas habilidades sociais, como a empatía, a escoita activa, a interrogación asertiva, entre outras, co fin de que aprenda a utilizalos de forma natural na súa relación cos demais.
  - 2.3. Practica algunhas técnicas de comunicación interpersonal mediante a realización de diálogos orais, como a forma adecuada de dicir *non*, o disco raiado, o banco de néboa, etc., co obxectivo de dominalas e utilízalas no momento adecuado.
  - 2.4. Nas relacións interpersoais, mostra unha actitude de respecto cara aos dereitos de todo ser humano a sentir, a pensar e a actuar de forma diferente, a equivocarse, a gozar do tempo de descanso, a ter unha vida privada, a tomar as súas propias decisións, etc., e, especialmente, a ser valorados polo simple feito de ser persoas, sen discriminar nin menosprezar a ninguén, etc.
3. *Relacionar e valorar a importancia das habilidades da intelixencia emocional en relación coa vida interpersonal e establecer o seu vínculo con aqueles valores éticos que enriquecen as relacións humanas.*
- 3.1. Comprende a importancia que teñen a capacidade de recoñecer as emocións alleas e a de controlar as relacións interpersoais.

### **Bloque 3. A reflexión ética**

1. *Destacar o significado e a importancia da natureza moral do ser humano, analizando as súas etapas de desenvolvemento e tomando conciencia da necesidade que ten de normas éticas, libre e racionalmente asumidas, como guía da súa conduta.*
  - 1.1. Distingue entre a conduta instintiva do animal e o comportamento racional e libre do ser humano, destacando a magnitude das súas diferenzas e apreciando as consecuencias que estas teñen na vida das persoas.
  - 1.2. Identifica en que consiste a estrutura moral da persoa e as súas características como ser racional e libre, razón pola cal é responsable da súa conduta e das consecuencias que esta teña.
2. *Recoñecer que a liberdade constitúe a raíz da estrutura moral da persoa e apreciar o papel que a intelixencia e a vontade teñen como factores que incrementan a capacidade de autodeterminación.*
  - 2.1. Describe a relación entre a liberdade e os conceptos de persoa e de estrutura moral.
  - 2.2. Analiza e valora a influencia que teñen na liberdade persoal a intelixencia, que nos permite coñecer posibles opcións para elixir, e a vontade, que nos dá a fortaleza suficiente para facer o que decidimos facer.
  - 2.3. Analiza algúns factores biolóxicos, psicolóxicos, sociais, culturais e ambientais que inflúen no desenvolvemento da intelixencia e da vontade, especialmente o papel da educación, expoñendo as súas conclusións de forma clara mediante unha presentación en soporte informático e audiovisual.
3. *Tomar conciencia da importancia dos valores e das normas éticos como guía da conduta individual e social, asumindo a responsabilidade de difundilos e de promovelos polos beneficios que achegan á persoa e á comunidade.*
  - 3.1. Destaca algunhas das consecuencias negativas que, a nivel individual e comunitario, ten a ausencia de valores e de normas éticos, como o egoísmo, a corrupción, a mentira, o abuso de poder, a intolerancia, a insolidariedade, a violación dos dereitos humanos, etc.
  - 3.2. Empeña, utilizando a súa iniciativa persoal e a colaboración en grupo, a organización e o desenvolvemento dunha campaña no seu contorno co fin de promover o recoñecemento dos valores éticos como elementos fundamentais do pleno desenvolvemento persoal e social.
4. *Explicar as características e os obxectivos das teorías éticas, así como a súa clasificación en éticas de fins e procedementais, sinalando os principios máis*

## **I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

*destacados do hedonismo de Epicuro.*

- 4.1. Enuncia os elementos distintivos das teorías éticas, elaborando un esquema coas súas características máis destacadas.
  - 4.2. Enuncia os aspectos fundamentais da teoría hedonista de Epicuro e os valores éticos que defende, destacando as características que a identifican como unha ética de fins.
  - 4.3. Elabora, en colaboración grupal, argumentos a favor e en contra do epicureísmo, expoñendo as súas conclusións cos argumentos racionais correspondentes.
5. *Entender os principais aspectos do eudemonismo aristotélico, identificándoo como unha ética de fins e valorando a súa importancia e a súa vixencia actual.*
- 5.1. Explica o significado do termo «eudemonismo» e o que para Aristóteles significa a felicidade como ben supremo, elaborando e expresando conclusións.
  - 5.2. Distingue os tres tipos de tendencias que hai no ser humano, segundo Aristóteles e a súa relación co que el considera como ben supremo da persoa.
  - 5.3. Achega razóns para clasificar o eudemonismo de Aristóteles dentro da categoría das éticas de fins.
6. *Comprender os elementos máis significativos da ética utilitarista e a súa relación co hedonismo de Epicuro, clasificándoa como unha ética de fins e elaborando argumentos que apoiem a súa valoración persoal acerca deste plan ético.*
- 6.1. Salienta as ideas fundamentais da ética utilitarista: o principio de utilidade, o concepto de pracer, a compatibilidade do egoísmo individual co altruísmo universal e a situación do valor moral nas consecuencias da acción, entre outras.
  - 6.2. Enumera as características que fan do utilitarismo e do epicureísmo éticas de fins.
  - 6.3. Argumenta racionalmente as súas opinións acerca da ética utilitarista.

## **Bloque 4. A xustiza e a política**

1. *Comprender e valorar a importancia da relación entre os conceptos de ética, política e xustiza, mediante a análise e a definición destes termos, destacando o vínculo entre eles no pensamento de Aristóteles.*
  - 1.1. Explica e aprecia as razóns que dá Aristóteles para establecer un vínculo entre ética, política e xustiza.
  - 1.2. Utiliza e selecciona información acerca dos valores éticos e cívicos, identificando e apreciando as semellanzas e as diferenzas entre eles.
2. *Coñecer e apreciar a política de Aristóteles e as súas características esenciais, así como entender o seu concepto da xustiza e a súa relación co ben común e a felicidade, elaborando un xuízo crítico acerca da perspectiva deste filósofo.*
  - 2.1. Elabora, recorrendo á súa iniciativa persoal, unha presentación con soporte informático, acerca da política aristotélica como unha teoría organicista que propón unha finalidade ética do Estado.
  - 2.2. Selecciona e usa información, en colaboración grupal, para entender e apreciar a importancia que Aristóteles dá á xustiza como o valor ético no que se fundamenta a lexitimidade do Estado e a súa relación coa felicidade e o ben común, expoñendo as súas conclusións persoais debidamente fundamentadas.

## **Bloque 5. Os valores éticos, o dereito e a DUDH**

## **I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

1. *Comprender o desenvolvemento histórico dos dereitos humanos como unha conquista da humanidade e estimar a importancia do problema que formula na actualidade o exercicio dos dereitos da muller e da infancia en gran parte do mundo, tomando conciencia dela co fin de promover a solución deses problemas.*
  - 1.1. Describe os feitos máis influentes no desenvolvemento histórico dos dereitos humanos.
  - 1.2. Dá razóns acerca da orixe histórica do problema dos dereitos da muller, recoñecendo os padróns económicos e socioculturais que fomentaron a violencia e a desigualdade de xénero.
  - 1.3. Emprende, en traballo colaborador, a elaboración dunha campaña contra a discriminación da muller e a violencia de xénero no seu ámbito familiar, escolar e social, avaliando os resultados obtidos.

## **Bloque 6. Os valores éticos e a súa relación coa ciencia e a tecnoloxía**

1. *Recoñecer a importancia que ten a dimensión moral da ciencia e da tecnoloxía, así como a necesidade de establecer límites éticos e xurídicos co fin de orientar a súa actividade conforme aos valores defendidos na DUDH.*
  - 1.1. Utiliza información de distintas fontes para analizar a dimensión moral da ciencia e da tecnoloxía, avaliando os impactos positivo e negativo que estas poden ter en todos os ámbitos da vida humana: social, económico, político, ético e ecolóxico, entre outros.
  - 1.2. Achega argumentos que fundamenten a necesidade de poñer límites éticos e xurídicos á investigación e práctica tanto científica coma tecnolóxica, tomando a dignidade humana e os valores éticos recoñecidos na DUDH como criterio normativo.
  - 1.3. Recorre á súa iniciativa persoal para expoñer as súas conclusións acerca do tema tratado, utilizando medios informáticos e audiovisuais, de forma argumentada e ordenada racionalmente.
2. *Recoñecer que, na actualidade, existen casos nos que a investigación científica non é neutral, senón que está determinada por intereses políticos, económicos, etc., mediante a análise da idea de progreso e a súa interpretación equivocada cando os obxectivos que se pretenden non respectan un código ético fundamentado na DUDH.*
  - 2.1. Obtén e selecciona información, en traballo colaborador, dalgúns casos nos que a investigación científica e tecnolóxica non foi guiada nin é compatible cos valores éticos expostos na DUDH, xerando impactos negativos no ámbito humano e ambiental, sinalando as causas.
  - 2.2. Diserta, en colaboración grupal, acerca da idea de progreso na ciencia e a súa relación cos valores éticos, o respecto á dignidade humana e o seu contorno, elaborando e expoñendo conclusións.
  - 2.3. Selecciona e contrasta información, en colaboración grupal, acerca dalgunhas das ameazas que para o ambiente e para a vida ten a aplicación indiscriminada da ciencia e da tecnoloxía, como a explotación descontrolada dos recursos naturais, a destrución de hábitats, a contaminación química e industrial, a chuvia ácida, o cambio climático, a desertización, etc.
3. *Recoñecer a necesidade de establecer límites éticos e xurídicos á actividade científica e tecnolóxica, utilizando como criterio de demarcación os valores éticos da DUDH, co fin de evitar a súa aplicación inadecuada e de solucionar os dilemas morais que ás veces se presentan, especialmente no terreo da medicina e da biotecnoloxía.*
  - 3.1. Destaca o valor da investigación científica e técnica, pero, ademais, xustifica a necesidade de poñer límites éticos e xurídicos no seu uso e aplicación, co fin de garantir o respecto á dignidade humana e os dereitos fundamentais, así como a protección do ambiente.



## **I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

- 3.2. Analiza información, seleccionada de diversas fontes, co fin de coñecer en que consisten algúns dos últimos avances en medicina e en biotecnoloxía que formulan dilemas morais, tales como a utilización de células nai, a clonación, a eutanasia e a euxenesia, entre outros, sinalando algúns perigos que estes encerran se non se respectan os valores éticos, como pode ser, por exemplo, a manipulación xenética con fins económicos, políticos, etc.
  - 3.3. Asume unha actitude de tolerancia e de respecto ante as diferentes opinións que se expresan, co fin de solucionar os dilemas éticos, sen esquecer a necesidade de rigor na fundamentación racional e ética de todas as alternativas formuladas.
4. *Entender e valorar o problema da tecnodependencia e a alienación humana á que esta conduce.*
- 4.1. Destaca o problema e o perigo que representa para o ser humano a tecnodependencia, sinalando os seus síntomas e as súas causas, e considerando as súas consecuencias negativas, como unha adicción incontrolada aos dispositivos electrónicos, aos videoxogos e ás redes sociais, que conducen as persoas cara a unha progresiva deshumanización.
5. *Identificar e valorar algúns impactos negativos que, para a especie humana e para o seu ámbito natural, produciron o desenvolvemento científico e tecnolóxico utilizado á marxe dos valores éticos.*
- 5.1. Selecciona e contrasta información, en colaboración grupal, acerca dalgúns das ameazas que, para o ambiente e a vida, está tendo a aplicación indiscriminada da ciencia e da tecnociencia, tales como a explotación descontrolada dos recursos naturais, a destrución de hábitats, a contaminación química e industrial, a chuvia ácida, o cambio climático, a desertización, etc., elaborando e expoñendo conclusións.
  - 5.2. Debate, en pequenos grupos, acerca dos intereses e dos obxectivos que están detrás das aplicacións inapropiadas da tecnociencia, e a falsa idea de progreso que está implícita nela, expresando as súas opinións fundamentadas nos valores éticos.

## **6. METODOLOXÍA DIDÁCTICA**

Traballar de xeito competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante. O docente pasa a ser un xestor de coñecemento do alumnado e este adquire un maior grao de protagonismo.

En concreto, na área de Valores Éticos:

Os alumnos e as alumnas deben desenvolver nesta etapa un pensamento e unha actitude críticos que se sustenten en valores morais e éticos recoñecidos. Por iso, farase fincapé na necesidade de analizar, formular e dar solucións a problemas cun fondo ético.

Desde esta perspectiva, a liña metodolóxica que rexerá as accións docentes nesta área desenvolverase a través de métodos activos, indutivos e mixtos; é dicir, métodos eminentemente participativos onde se alterna o traballo individual co traballo en grupo.

A aplicación dos devanditos métodos leva implícita a utilización de estilos de ensino socializadores, cognitivos e creativos para conseguir que os seus xuízos e eleccións dirixan a súa conduta e as súas relacións sociais cara ao benestar común.

## I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía

Neste contexto metodolóxico, o estudante convértese en protagonista da súa propia aprendizaxe, mentres que o docente vai cedendo terreo para que o alumnado logre maior autonomía nas súas aprendizaxes e cree estruturas cognitivas que lle permitan un pensamento e un proxecto de vida propios, asumindo de modo consciente, crítico e reflexivo o exercicio da liberdade e o control acerca da súa propia existencia.

Á súa vez, a transmisión do coñecemento das características que conforman a imaxe persoal farase a partir de aprendizaxes baseadas na experiencia, onde o alumnado percibe a información a través das súas propias experiencia e respectando sempre o desenvolvemento dos seus diversos estilos de aprendizaxe. Tamén se combinarán técnicas como a ensinanza recíproca, a discusión guiada con técnicas de visualización, de *role play*.

Este abano de accións docentes permitirá ao alumnado comprender e interiorizar os valores éticos de forma holística, comprensiva e significativa.

En concreto, serán accións pedagóxicas e metodolóxicas entre outras:

- **Na clase ou na sala de informática:** cuestionarios iniciais, traballo sobre textos, actividades escritas, debates orais, exposicións orais, observación de procesos con encerado dixital, proxector, etc., visionado de películas e comentario sobre as mesmas, etc.
- **Na casa ou na biblioteca:** cuestionarios iniciais, traballo sobre textos, actividades escritas, lectura e comentarios de documentos, fragmentos de libros, pesquisas nos xornais, participación en proxectos cooperativos, visionado de películas e comentario sobre as mesmas, exercicios de aplicación dun tema concreto, consolidación e estudo autónomo do alumno, etc.

## 7. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Escritos	Orais	Outros
<ul style="list-style-type: none"><li>·Tarefas diversas realizadas polo alumnado na actividade diaria da clase.</li><li>·Caderno de clase do alumno.</li><li>·Actividades de avaliación (libro, fichas fotocopiáveis, probas...).</li><li>·Traballos de grupo.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>·Preguntas individuais e de grupo.</li><li>·Participación do alumno.</li><li>·Intervencións na clase.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>·Ficha de rexistro individual.</li><li>·Persoal de avaliación.</li><li>·Rexistros.</li><li>·Autoavaliación.</li><li>·Blog do profesor (se fora o caso)</li></ul>

·Actividades interactivas.

Se fose preciso facer unha adaptación pedagóxica especial dirixida á docencia semipresencial ou non presencial (por mor das circunstancias socio-sanitarias actuais), os **procedementos e instrumentos de avaliación** para este curso serían os seguintes:

Escritos	Orais	Outros
<ul style="list-style-type: none"> <li>·Tarefas diversas realizadas polo alumnado na actividade feita na casa.</li> <li>·Actividades de avaliación (libros, fichas fotocopiabes, probas...).</li> <li>·Traballos individuais e de grupo.</li> <li>·Actividades interactivas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>·Preguntas individuais e de grupo (de ser posible).</li> <li>·Participación do alumno.</li> <li>·Intervencións na clase on-line (de ser posible).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>·Ficha de rexistro individual.</li> <li>·Persoal de avaliación.</li> <li>·Rexistros.</li> <li>·Autoavaliación.</li> <li>·Blog do profesor (se fora o caso)</li> </ul>

## **8. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**

A cualificación en Valores Éticos 2 estará relacionada co grao de adquisición das competencias básicas do alumno reflectidas en todas as actividades que leve a cabo durante o curso. Velaí algúns dos criterios que se empregarán dependendo das tarefas, actividades e probas que se lle asinen ós alumnos en cada momento:

	CRITERIOS
1. Probas escritas / orais	<p>Valoración da aprendizaxe dos contidos.</p> <ul style="list-style-type: none"><li>·Consideración dos procesos seguidos e dos resultados.</li><li>·Expresión (verbal e escrita) do procedemento seguido para resolver unha actividade.</li><li>·Valoración da proporción de tempo investido-tempo necesario para resolver unha actividade.</li></ul>
2. Actividades TIC	<ul style="list-style-type: none"><li>·Uso adecuado do ordenador e das ferramentas informáticas e telemáticas.</li><li>·Tipo de participación (autónomo, con apoio, ningunha).</li><li>·Utilización de Internet de forma crítica e responsable: busca información, filtra...</li><li>·Grao de elaboración da resposta.</li><li>·Compromiso, cumprimento e responsabilidade co traballo.</li></ul>
3. Traballo autónomo (aula, casa, outros espazos)	<ul style="list-style-type: none"><li>·Grao de adquisición das aprendizaxes básicas.</li><li>·Amplía estas aprendizaxes.</li><li>·Utiliza adecuadamente os instrumentos e os recursos propios da materia.</li><li>·Sérvese de esquemas.</li><li>·Revisa habitualmente os resultados.</li><li>·Fai unha estimación do tempo investido para resolver unha actividade.</li></ul>

**I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

4. Participación e seguimento das clases (intervencións orais, tipo de respostas...)*	<ul style="list-style-type: none"><li>·Nivel e calidade das intervencións.</li><li>·Uso de vocabulario apropiado.</li></ul>
5. Traballos individuais e grupais. Valoración individual e en grupo	<ul style="list-style-type: none"><li>·Capacidade de traballo individual ou en equipo.</li><li>·Grao de comunicación cos compañeiros e resolución de conflitos*</li><li>·Comprensión axeitada da información e dos contidos manexados.</li><li>·</li></ul>
6. Arquivo de traballo persoal	<ul style="list-style-type: none"><li>·Presentación clara e ordenada</li><li>·Actualizado.</li></ul>

**\*Se aplicará este criterio se se dan as circunstancias, ben porque hai clases presenciais no centro, ben porque se imparten on-line.**

**\*De darse o caso**

**A cualificación en cada exercicio dependerá do grao de consecución dos obxectivos propostos para cada un deles. O resultado final de cada avaliación será a MEDIA ARITMÉTICA de tódalas probas, actividades, exercicios e traballos realizados. De ser o caso, o profesor/a establecerá as porcentaxes concretas de cada exercicio, proba ou tarefa da avaliación, informando de antemán aos alumnos. A cualificación final da materia será a media aritmética das tres avaliacións, sempre e cando se supere cada unha das avaliacións cunha cualificación igual ou superior a cinco.. No caso de suspender a materia en xuño, os pendentos presentaránse a unha proba escrita con todos os contidos da materia impartida ó longo do curso. Esta proba quedará aprobada se a cualificación é igual o superior a cinco.**

A continuación se detalla **un resumo destas medidas** de avaliación e recuperación:

## 1. AVALIACIÓN INICIAL

- **Data prevista:** última semana de setembro/ primeira semana de outubro.
- **Tipo de proba:** as actividades iniciais do primeiro tema servirán para detectar as súas habilidades e competencias básicas.
- **Mecanismo para informar ás familias:** xunta de avaliación inicial, tutorías con pais e, para casos especiais e urxentes, o sistema de Abalar.
- **Consecuencias dos resultados:** en función dos resultados acadados, e en coordinación co Departamento, se analizarán os casos máis relevantes e con carácter de urxencia se tomarían as medidas necesarias.

## 2. AVALIACIÓN TRIMESTRAL

- **Procedementos:** observación directa do alumno, tarefas diversas realizadas polo alumnado en clase, traballos individuais e grupais, actividades de avaliación: lecturas, fichas fotocopiáveis, probas escritas, etc.
- **Instrumentos:** caderno do alumno, preguntas individuais e grupais, intervencións na clase, visionado de películas, lecturas concretas.
- **Mínimos esixibles:** O cumprimento axeitado das ferramentas de traballo competencial (actividades, tarefas, traballos, etc.); a realización positiva das probas escritas; o traballo regular ó longo do curso; a presentación ordenada, clara e coherente do seu caderno de clase.
- **Ponderación e nota media:** A cualificación en cada exercicio dependerá do grao de consecución dos obxectivos propostos para cada un. O resultado final de cada avaliación dependerá da *media aritmética* feita coas seguintes porcentaxes: **50%** para probas escritas, traballos individuais e grupais, e **50%** para revisión do caderno de clase, actividades puntuais realizadas, lecturas concretas. Estas porcentaxes poderán variar en cada avaliación dependendo do número de probas e da súa importancia, previo aviso ao alumnado por parte de cada profesor/a.

## 3. MECANISMO PARA RECUPERAR UNHA AVALIACIÓN NON SUPERADA

- No caso de suspender algunha avaliación, o alumno (ao longo do seguinte trimestre ou ben ao remate da terceira avaliación, a criterio do profesor) deberá presentarse a **unha proba escrita** onde se incluírán os contidos da materia impartida na avaliación suspensa, **ademais de realizar con éxito as tarefas** que non se fixeron ou se fixeron defectuosamente en cada trimestre. A proba escrita pondera un 50% e a realización das tarefas o 50 % restante. Polo tanto, *a media aritmética da cualificación da proba escrita e da nota das tarefas deberá ser igual o superior a cinco* para superar a

avaliación pendente. **Se non houbera proba escrita da avaliación pendente, o 100% da nota será a realización adecuada das tarefas e actividades realizadas no trimestre e plasmadas no caderno do alumno.**

#### **4. CUALIFICACIÓN FINAL DA MATERIA NA AVALIACIÓN ORDINARIA**

- A cualificación final da materia será *a media aritmética das tres avaliacións*, **sempre e cando se supere cada unha das avaliacións cunha cualificación igual ou superior a cinco.**

#### **5. AVALIACIÓN FINAL E EXTRAORDINARIA**

- **Alumnado:** Deberán presentarse todos aqueles alumnos que non superaran calquera das avaliacións que teñan pendente.

- **Tipo de proba:** *escrita*, onde se inclúan os contidos da materia impartida ó longo do curso. A proba constará de **4 preguntas:** 2 preguntas pechadas (2 puntos cada unha), 1 pregunta semiaberta (3 puntos) e 1 pregunta aberta (3 puntos).

- **Estándares:** Todos os contidos da materia impartida no curso. Esta proba estará aprobada se a cualificación é **igual o superior a cinco.**

#### **6. MATERIA PENDENTE**

- Os alumnos coa materia pendente deberán facer **unha proba escrita** coa materia impartida no curso anterior. O Departamento deseñará esta proba e fará pública no taboleiro do patio central a convocatoria para a realizar dita proba. A proba constará de **4 preguntas:** 2 preguntas pechadas (2 puntos cada unha), 1 pregunta semiaberta (3 puntos) e 1 pregunta aberta (3 puntos). Esta proba estará aprobada se a cualificación é **igual o superior a cinco.**

#### **7. GRAO MÍNIMO ESIXIBLE DE CONSECUCCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA**

O cumprimento axeitado das ferramentas de traballo competencial (actividades, tarefas, traballos, etc.), a realización positiva de posibles probas escritas, o traballo regular ó longo do curso, a presentación ordeada, clara e coherente do seu caderno de clase, e unha actitude respetuosa, participativa e comprometida co seu labor como individuo e como membro dun grupo, serán tomados como criterios mínimos exixibles para a promoción do alumno.

## **8. PROCEDEMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL**

O primeiros temas abordados en Valores Éticos 2 pode ser garante dunha primeira valoración inicial do alumnado, posto que permiten detectar en boa medida as súas habilidades e competencias tanto a nivel persoal como grupal. Os procedementos para esta primeira aproximación ó rendemento persoal e académico do alumnado serán, polo tanto, os explicitados para cada contido específico e tarefas propostas.

Non será necesario un plan de reforzo e recuperación das aprendizaxes non adquiridas no derradeiro curso, posto que a materia se imparte por primeira vez na secundaria e os contidos se solapan e repiten de xeito cada vez máis complexo ó longo desta etapa escolar.

## **9. PLAN DE SEGUIMIENTO E PROCEDEMENTO PARA A CUALIFICACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES OU DA NOTA FINAL DO CURSO SE HAI ALUMNADO QUE ASISTE A PROGRAMAS DE REFORZO CON ATRIBUCIÓN HORARIA**

Os alumnos con materias pendentes ou que asistan a programas de reforzo que supoñan a perda dalgunhas sesións de clase, deberán cumprir coas tarefas específicas que o profesor estime oportunas e convenientes de acordo cos mínimos exixibles e contidos mínimos desenvolvidos ó longo dese periodo académico, facilitando na medida do posible o desenvolvemento axeitado destas por parte do alumno.

## **10. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS**

Serán de uso cotiá -ou esporádico e puntual, segundo as necesidades da impartición da materia (presencial, semipresencial ou de xeito on-line)- os seguintes materiais, ademáis de outros que poidan ser de utilidade:

- O **libro(s)** do alumnado para a área de Valores Éticos de 2.º ESO, en calquera dos seus formatos (papel ou dixital) en edicións que segundo as necesidades poidan ser de referencia para cada tarefa e tema.
- O **caderno do alumno**, onde se reflectirá o traballo diario.
- As **monografías** didácticas, **textos**, **fotocopias**, **referencias bibliográficas**, **artigos** de prensa, etc.
- O uso de **Internet** para pesquisas e proxectos didácticos, visionado de películas ou documentais, etc.
- O uso da **Aula Virtual** do centro, onde se recollerán total ou parcialmente as informacións, indicacións, contidos, tarefas e outras necesidades educativas que permitan o desenvolvemento e seguemento da materia, sexa de xeito presencial, semipresencial ou de xeito on-line.

## **11. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

### **Descrición do grupo despois da avaliación inicial**

Á hora de formular as medidas de atención á diversidade e inclusión debemos solicitar, en primeiro lugar, diversa información sobre cada grupo de alumnos e alumnas; como mínimo debe coñecerse a relativa a:



## **I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

- O número de alumnos e alumnas.
- O funcionamento do grupo (clima da aula, nivel de disciplina, atención...).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto ao desenvolvemento de contidos curriculares.
- As necesidades que se puidesen identificar; convén pensar nesta fase en como se poden abordar (*planificación de estratexias metodolóxicas, xestión da aula, estratexias de seguimento da eficacia de medidas, etc.*).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto aos aspectos competenciais.
- Os desempeños competenciais prioritarios que hai que practicar no grupo nesta materia.
- Os aspectos que se deben ter en conta ao agrupar os alumnos e as alumnas para os traballos cooperativos.
- Os tipos de recursos que se necesitan adaptar no nivel xeral para obter un logro óptimo do grupo.

### ***Necesidades individuais***

A avaliación inicial facilítanos non só coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos individuais dos nosos estudantes; a partir dela poderemos:

- Identificar os alumnos ou as alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. (Débese ter en conta aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requira atención específica por estaren en risco, pola súa historia familiar, etc.).
- Saber as medidas organizativas que cómpre adoptar. (Planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos grupais para favorecer a intervención individual).
- Establecer conclusións sobre as medidas curriculares que cómpre adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar.
- Analizar o modelo de seguimento que se vai utilizar con cada un deles.
- Acoutar o intervalo de tempo e o modo en que se van avaliar os progresos destes estudantes.
- Fixar o modo en que se vai compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe; especialmente, co titor.

### **Concreción de medidas para alumnos con Síndrome de Asperger e TDAH:**

Entre as características dos afectados polo Síndrome de Asperger están as dificultades na comprensión social e nas habilidades sociais, o pouco interese cara aos demais, as dificultades de atención, a pouca capacidade organizativa, a interpretación lietal da linguaxe e as dificultades na motricidade. Por estes motivos presentamos algunhas estratexias para tratalo:

- Darlle tempo para organizar o seu material
- Evitar a presión
- Darlle pequenos encargos
- Facer o posible para que entenda as instrucións
- Diante dos mínimos acertos, ser xeneroso cos reforzos positivos
- Sempre que sexa posible, descompoñer as tarefas
- Supervisar con frecuencia a realización das tarefas

## I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía

- Buscar a colaboración dun compañeir@ responsable para que lle axude a comprender e realizar as tarefas

Asemade, para os alumnos con TDAH:

- Supervisar con frecuencia a realización das tarefas
- Potenciar a aprendizaxe colaborativa
- Buscar a colaboración dun compañeir@ responsable para que lle axude a comprender e realizar as tarefas
- Deixar máis tempo para as probas escritas ou exames
- Supervisar a comprensión das preguntas
- Implicar ao alumno con preguntas sinxelas e motivadoras
- Graduar o uso do 'tempo fóra'
- reforzar positivamente as condutas adecuadas

## 12. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN Ó PROXECTO LECTOR, ÁS TIC E Ó PLAN DE CONVIVENCIA

### Estratexias para incorporar as TIC na aula

Para incorporar as TIC na aula pódense unha serie de recursos **integrados** cos contidos e nas actividades de Valores éticos 1, que complementan e amplían a información. Estes recursos pódense incorporar ao día a día na aula, compartindo protagonismo cos contidos planificados para ese curso. Sirvan como exemplo:

<i>Actividades interactivas</i>	O alumno responde seleccionando a opción correcta, clasificando elementos de diferentes grupos ou situándoos na súa posición correcta...  Ao finalizar, o programa informa dos acertos e erros, e dáse a oportunidade de corrixilos (aplicables no Encerado Dixital Interactivo).
<i>Animación</i>	Explican un procedemento con imaxes e con texto. As imaxes son animadas e evolucionan a medida que avanza a explicación do procedemento.
<i>Cazas do tesouro</i>	Propoñen unha procura de información a través da web. Suscitan unha serie de preguntas e unha gran pregunta (actividade máis elaborada). Para respondelas, o alumno deberá buscar información

## I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía

	por Internet tanto nas páxinas web indicadas como noutras.
<i>Ligazóns a Internet</i>	Colección de ligazóns a Internet de alto interese para o alumno: <i>applets</i> , simulación de modelos, experimentos virtuais, explicacións complementarias, actividades, curiosidades....
<i>Bancos de imaxes</i>	Colección de debuxos e de fotografías que ilustran algún aspecto ou se relacionan cos contidos explicados no libro.
<i>Presentacións</i>	Secuencia de diapositivas que presenta de forma esquemática os contidos principais de cada unidade.
<i>Tests interactivos</i>	Unha batería de preguntas sobre contidos diversos. Preguntas de tipo test nas que se debe escoller unha opción entre tres. Ao acabar a actividade, o ordenador informa do número de acertos e de erros, e dáse a posibilidade de corrixir os fallos.

### **Estratexias para estimular o interese e o hábito de lectura e a capacidade de expresarse correctamente**

Pódense explicitar, como no exemplo, que estratexias ou accións se levarán a cabo desde a materia para fomentar a lectura e a expresión (oral e escrita) dos alumnos.

Lectura:  ·Lectura do libro de texto.  ·Comentarios de texto (tanto de autores clásicos traducidos como de contemporáneos).  ·Outras lecturas complementarias (de diversa información, curiosidades, artigos de revistas relacionadas coa materia...).
Expresión:  ·Exposición oral e escrita en razoamentos, en actividades e en traballos individuais e en grupo.

·Expresión oral e escrita das aprendizaxes utilizando o vocabulario adecuado.

### **13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

Relación das actividades complementarias e das extraescolares planificadas polo centro e relacionadas coa materia. Por exemplo:

- Día da Constitución: conferencias, concursos, actividades culturais.
- Día da Paz e da non-violencia: actividades deportivas, debates, mesas redondas, visitas a artistas da localidade.
- Seminarios sobre: a convivencia escolar, a educación.
- Día do libro: actividades de fomento da lectura.
- Día Internacional do medio natural: visita a unha planta de recuperación e reciclaxe.
- Campaña do banco de alimentos.
- Proposta de análise de películas, etc.

Con respecto ás actividades complementarias, convén reflexionar sobre estas catro cuestións:

- Consegúronse os obxectivos propostos a partir das actividades realizadas?
- Como resultaron as actividades?
- Cales gustaron máis?
- Que propostas de mellora podemos sinalar?

### **14. PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN**

### **I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

Neste apartado pretendemos promover a reflexión docente e a autoavaliación da realización e do desenvolvemento de programación didáctica. Para iso, ao finalizar cada unidade didáctica, en cada trimestre ou ao final de curso propónse unha secuencia de preguntas que permitan ao docente avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade.

De igual modo, propoñemos unha ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto. Pódese realizar ao final de cada trimestre ou ao final do curso para recoller as melloras no seguinte cadro:

ASPECTOS PARA AVALIAR	PARA DESTACAR...	PARA MELLORAR...	PROPOSTAS DE MELLORA PERSOAL
Temporalización das unidades didácticas			
Desenvolvemento dos obxectivos didácticos			
Manexo dos contidos da unidade			
Descritores e desempeños competenciais			
Realización de tarefas			
Estratexias metodolóxicas seleccionadas			
Recursos			
Claridade nos criterios de avaliación			
Uso de diversas ferramentas de avaliación			

**I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

Atención á diversidade			
Interdisciplinabilidade			

## VALORES ÉTICOS

### 4º E.S.O.

#### INDICE

1. Obxectivos xerais da E.S.O. e obxectivos específicos do curso.....	2
2. Introducción, contextualización e contribución ao desenvolvemento das competencias clave.....	5
3. Relación de estándares de aprendizaxe da materia e concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable.....	9
4. Temporalización: organización e secuenciación de contidos.....	20
5. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.....	23
6. Metodoloxía didáctica.....	28
7. Procedementos e instrumentos de avaliación.....	29
8. Criterios de cualificación.....	30
9. Grao mínimo esixible de consecución para superar a materia.....	33
10. Procedementos para a realización da avaliación inicial.....	33
11. Plan de seguimento e procedemento para a cualificación das materias pendentes ou da nota final do curso se hai alumnado que asiste a programas de reforzo con atribución horaria.....	33
12. Materiais e recursos didácticos.....	33
13. Medidas de atención á diversidade.....	34
14. Accións de contribución ó proxecto lector, ás TIC e ó plan de convivencia.....	36
15. Actividades complementarias e extraescolares.....	38
16. Procedementos para avaliar a propia programación.....	38

## **I.E.S. CORUXO. *Departamento de filosofía***

De acordo coa Ley Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE) 8/2013, de 9 de decembro; e seguindo as instrucións do Real Decreto 1105/2014 do 26 de decembro onde se deseña o currículo básico para Educación Secundaria e Bacharelato; ademais da Orde ECD/65/2015 do 21 de xaneiro que establece as relacións entre competencias, contidos e criterios de avaliación na Educación Primaria, Secundaria e Bacharelato; e en consoancia co Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e a RESOLUCIÓN do 27 de xullo de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico 2015/16 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, este Departamento desenvolve a seguinte Programación Didáctica para o presente curso:

### **1. OBXECTIVOS XERAIS DA E.S.O. E OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DA ÁREA**

- a) Asumir responsablemente os seus deberes; coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais; practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais e resolver pacificamente os conflitos, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, incorporar novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza nun mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.



## **I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua castelá e, se a houbese, na lingua cooficial da comunidade autónoma, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, a lectura e o estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de xeito apropiado.
- j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia propias e dos demais, así como o patrimonio artístico e cultural.
- k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o ambiente, e contribuír así á súa conservación e mellora.
- l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

### **OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DO CURSO**

- 1. Valorar a dignidade humana para entender o que significa ser persoa e poder valorarse a si mesmo e aos que o rodean.**
- 2. Descubrir a importancia dos valores éticos na formación da personalidade e a autoestima.**
3. Comprender o concepto de virtude en Aristóteles para establecer relacións entre os actos, os hábitos e o carácter no desenvolvemento da personalidade.
- 4. Coñecer o concepto e as causas da crise de identidade que xorde na adolescencia.**
- 5. Tomar conciencia da importancia que ten o desenvolvemento da autonomía e o control persoais no crecemento persoal e nas crises de identidade adolescentes, para poder identificar as súas causas e detectar as influencias que exercen os grupos sociais na personalidade.**
6. Identificar os trazos máis característicos dos grupos de adolescentes reflexionando sobre a influencia que exercen sobre o individuo.
7. Recoñecer a diferenza entre autonomía e heteronomía desde a concepción kantiana.
- 8. Tomar conciencia da importancia que teñen o desenvolvemento da autonomía e o control da conduta no crecemento moral da persoa cara á vida adulta.**
- 9. Identificar as aptitudes que posúe o ser humano para construír un autoconcepto positivo e potenciar a súa autoestima.**
- 10. Reflexionar sobre as propias emocións para recoñecelas en situacións cotiás e poder mellorar as habilidades emocionais.**
11. Comprender o concepto de intelixencia emocional e valorar a súa importancia na personalidade e no carácter moral do ser humano para mellorar as súas habilidades emocionais.

**I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

12. **Recoñecer a relación do ser humano co contorno e os axentes sociais que o conforman, entendendo a súa influencia no desenvolvemento moral da persoa e valorando a vida en sociedade desde valores éticos recoñecidos.**
13. **Desenvolver certas habilidades sociais e técnicas de comunicación para dominar formas e xestos habituais que favorezan tanto as relacións interpersoais como o respecto á dignidade e aos dereitos das persoas.**
14. Entender a influencia das virtudes e dos valores éticos no establecemento respectuoso e comprensivo de relacións interpersoais, así como no exercicio da liberdade individual e social.
15. **Sinalar os límites entre a liberdade persoal e a social, marcados pola ética e os dereitos humanos.**
16. **Valorar a importancia das habilidades emocionais, sociais e asertivas, co fin de moldear a personalidade a través de valores e virtudes éticos que favorezan as relacións interpersoais positivas e respectuosas, asegurando así unha vida en sociedade máis xusta e enriquecedora.**
17. Recoñecer a vida privada e pública das persoas para trazar os límites da liberdade individual e social.
18. Apreciar o efecto que producen os valores na conduta individual e social, identificar os problemas derivados da súa ausencia e promovelos en beneficio das persoas e da sociedade.
19. **Describir as semellanzas e as diferenzas que existen entre a moral e a ética, valorando a importancia desta última para actuar de forma racional.**
20. **Identificar a liberdade como base que sostén a moral da persoa e a intelixencia, a vontade e as normas éticas como medios que rexen a súa conduta.**
21. Explicar a función dos valores éticos na vida persoal e social do ser humano, destacando a importancia de ser respectados.
22. Coñecer como se creou a ONU e o momento histórico que impulsou a elaboración da DUDH, destacando o seu valor como fundamento ético universal da lexitimidade do dereito e dos Estados.
23. **Entender e valorar o contido da DUDH, facendo especial fincapé no respecto á dignidade humana como base de todos os dereitos humanos.**
24. **Coñecer o panorama actual respecto ao exercicio dos dereitos da muller e da infancia en gran parte do mundo, coñecendo as causas da situación e tomando conciencia delas, co fin de promover a súa solución.**

Se fose preciso facer unha adaptación pedagóxica especial dirixida á docencia semipresencial ou non presencial (por mor das circunstancias socio-sanitarias actuais), os **obxectivos preferentes e indispensables** para este curso (*sinalados en negrita e cursiva*) serían os seguintes:

**1, 2, 4, 5, 8, 9, 10, 12, 13, 15, 16, 19, 20, 23, 24.**

## **2. INTRODUCCIÓN, CONTEXTUALIZACIÓN E CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE**

### ***Introdución e contextualización***

Traballar por competencias na aula supón unha reflexión e unha reconfiguración dos contidos desde un enfoque de aplicación que permita o adestramento das competencias. As competencias non se estudan nin se ensinan, adéstranse. Para iso, xeraremos tarefas de aprendizaxe que favorezan a transferencia do coñecemento mediante metodoloxías de aula activas.

Non resulta práctico nin eficaz abordar cada competencia de xeito global en cada unidade, polo que se estruturarán en indicadores, grandes piares que permiten describirla dun xeito máis preciso. Podemos atopar entre tres e seis indicadores por competencia.

O indicador ten tamén un carácter bastante xeral, por iso o descompoñemos no que chamamos «descritores da competencia»; os cales «describen» o alumnado competente no devandito ámbito. Por cada indicador atoparemos entre tres e seis descritores, redactados en infinitivo.

En cada unidade didáctica concretaremos o descritor en desempeños competenciais, redactados en terceira persoa do presente indicativo. O desempeño será o aspecto concreto da competencia que poderemos adestrar e avaliar de xeito explícito na unidade. Este é concreto e obxectivable, e indícanos que debemos adestrar e observar nas actividades deseñadas.

Para o seu desenvolvemento, partimos dun marco de descritores competenciais definido para o proxecto aplicable a toda materia e curso.

Respectando o tratamento específico nalgunhas áreas, os **elementos transversais**, como a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional, traballaranse desde todas as áreas, posibilitando e fomentando que o proceso de ensinanza-aprendizaxe dos alumnos e das alumnas sexa o máis completo posible.

A diversidade de estilos de aprendizaxe do alumnado convídanos a traballar desde as **diferentes potencialidades** que os caracterizan, apoiándonos sempre nas súas fortalezas para poder dar resposta ás súas necesidades.

### ***Contribución da área e materia ó logro das competencias básicas***

En Valores Éticos incidiremos no adestramento de todas as competencias de xeito sistemático, facendo fincapé nos descritores máis afíns á materia:

*Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía*

## **I.E.S. CORUXO. *Departamento de filosofía***

O desenvolvemento desta competencia nesta área permítenos afondar no eixe sobre o que xira todo o currículo básico e o carácter específico do saber ético, xa que todo problema ou situación implica unha demostración racional. Así mesmo, esta competencia ofrece a oportunidade de realizar argumentacións, considerar e realizar xuízos morais e aplicar estratexias de resolución de problemas.

Os descritores que podemos traballar son:

- Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sostible.
- Tomar conciencia dos cambios producidos polo ser humano no contorno natural e as súas repercusións na vida futura.

Xerar criterios persoais sobre a visión social da estética do corpo humano fronte ao coidado saudable.

- Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante en distintos ámbitos (biolóxico, xeolóxico, físico, químico, tecnolóxico, xeográfico...).
- Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas, comprender o que acontece arredor nosa e responder preguntas.
- Coñecer e utilizar os elementos matemáticos básicos: operacións, magnitudes, porcentaxes, proporcións, formas xeométricas, criterios de medición e codificación numérica, etc.
- Organizar a información utilizando procedementos matemáticos.
- Resolver problemas seleccionando os datos e as estratexias apropiadas.
- Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá.

### *Comunicación lingüística*

Para o bo desenvolvemento desta competencia, será decisivo o fomento da lectura, a análise e a reflexión sobre libros e textos relacionados cos contidos curriculares. Deste xeito, desenvolveranse a comprensión lectora e a expresión oral e escrita, á vez que se adquiren coñecementos sobre os valores éticos e os dereitos humanos. Por outro lado, contribuírase conxuntamente á comunicación lingüística e á transmisión de valores a través da exposición e da resolución de dilemas morais, pois estes esixen poñer en práctica habilidades como a escoita activa, a empatía e a expresión de ideas e de sentimentos, utilizando a linguaxe verbal e a non verbal.

Os descritores que podemos utilizar serán:

- Comprender o sentido dos textos escritos e orais.
- Manter unha actitude favorable cara á lectura.
- Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.
- Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais correctas para elaborar textos escritos e orais.
- Manexar elementos de comunicación non verbal en diferentes rexistros e nas diversas situacións comunicativas.
- Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...
- Compoñer distintos tipos de textos de forma creativa con sentido literario.
- Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou en materias diversas.

## **I.E.S. CORUXO. *Departamento de filosofía***

*En caso de centros bilingües ou plurilingües que impartan a materia noutra lingua:*

- Manter conversas noutras linguas sobre temas cotiáns en distintos contextos.
- Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.
- Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou en materias diversas.

### *Competencia dixital*

Desenvolver a competencia dixital desde esta área axudaranos a manexar ferramentas que posibiliten o acceso ao coñecemento de feitos sociais, de documentos históricos e de tratados internacionais que poñan de relevo a contribución dos valores éticos á sociedade. Á súa vez, proporcionará ao alumnado a oportunidade de entender a relación que existe entre a tecnoloxía e os valores éticos, para que aprenda a facer un bo uso dela no seu tempo libre.

Podemos adestrar os seguintes descritores:

- Empregar distintas fontes para a busca de información.
- Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.
- Elaborar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.
- Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.
- Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.

### *Conciencia e expresións culturais*

Esta área contribúe á competencia de conciencia e expresións culturais na medida que posibilita a adquisición de pautas persoais, interpersoais e interculturais que permiten participar de forma eficaz e construtiva en calquera sociedade democrática, respectando os valores e os dereitos socialmente recoñecidos.

Os descritores que adestraremos nesta competencia son:

- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
- Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.
- Apreciar a beleza das expresións artísticas e as manifestacións de creatividade e fomentar o gusto pola estética no ámbito cotián.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

### *Competencias sociais e cívicas*

## **I.E.S. CORUXO. *Departamento de filosofía***

A área de Valores Éticos é, sen dúbida, a materia desde onde se traballan de forma máis directa as competencias sociais e cívicas do alumnado. As habilidades sociais e de colaboración incrementanse cando se reflexiona sobre o fundamento ético da sociedade e se toma conciencia da importancia dos seus valores éticos e morais. Á súa vez, ofrece a posibilidade de resolver conflitos interpersoais de forma construtiva, polo que o alumnado non só fortalece a súa identidade persoal, senón que desenvolve actitudes como a tolerancia, a asertividade, a solidariedade e o respecto á pluralidade cultural, política, relixiosa ou de calquera outra natureza.

Os indicadores desta competencia poden facilitar o adestramento de cada un dos descritores que enunciámos a continuación:

- Coñecer as actividades humanas, adquirir unha idea da realidade histórica a partir de distintas fontes e identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito referendado por unha constitución.
- Aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.
- Desenvolver a capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e de traballo, e para a resolución de conflitos.
- Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.
- Recoñecer a riqueza da diversidade de opinións e de ideas.
- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.
- Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.
- Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades.
- Involucrarse ou promover accións cun fin social.

### *Sentido de iniciativa e espírito emprendedor*

Para exercer dun modo consciente, crítico e reflexivo o exercicio da liberdade e emprender accións que beneficien a sociedade, resulta necesario que os alumnos e as alumnas desenvolvan aspectos como a autonomía, o liderado, a creatividade ou a iniciativa persoal.

Desde esta área considéranse tarefas e situacións reais e hipotéticas que permiten o adestramento das devanditas habilidades. Isto vai posibilitar que o alumnado expoña as súas ideas, inicie accións novas, asuma responsabilidades ou xestione os recursos materiais e persoais que ten ao seu alcance.

Neste caso, os descritores que cumpriría adestrar serían:

- Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas.
- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
- Ser constante no traballo superando as dificultades.
- Dirimir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa.
- Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos.
- Asumir riscos no desenvolvemento das tarefas ou dos proxectos.
- Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.
- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.
- Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución dos obxectivos.

## I.E.S. CORUXO. *Departamento de filosofía*

- Atopar posibilidades no contorno que outros non aprecian.
- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos dun tema.

### *Aprender a aprender*

A competencia de aprender a aprender implica ser consciente das necesidades e dos procesos de aprendizaxe, o recoñecemento de oportunidades e a habilidade de superar dificultades para poder aprender con éxito. Esta promóvese na área de Valores Éticos mediante o exercicio de procesos cognitivos como analizar, sintetizar, relacionar, comparar ou argumentar, así como favorecendo o interese por descubrir a verdade e os valores que impregnan as experiencias da súa vida cotiá.

Os descritores que poderíamos utilizar para adestrar esta competencia serían:

- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...
- Xestionar os recursos e as motivacións persoais en favor da aprendizaxe.
- Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...
- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
- Planificar os recursos necesarios e os pasos que se deben realizar no proceso de aprendizaxe.
- Avaliar a consecución dos obxectivos de aprendizaxe.
- Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

### **3. RELACIÓN DE ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE DA MATERIA E CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE**

Valores éticos. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. A dignidade da persoa				
<ul style="list-style-type: none"><li>▪ a</li><li>▪ b</li><li>▪ c</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>▪ B1.1. A dignidade do ser humano como valor básico no que se asenta a DUDH.</li><li>▪ B1.2. Atributos esenciais do ser humano na</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>▪ B1.1. Interpretar e valorar a importancia da dignidade da persoa como o valor do que parte e no que se fundamenta a DUDH, subliando os atributos inherentes á natureza humana e os</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>▪ VEB1.1.1. Identifica a orixe dos dereitos inalienables e universais que establece a DUDH na dignidade do ser humano en tanto que persoa e os atributos inherentes á súa natureza.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>▪ CSC</li></ul>

**I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

Valores éticos. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ d</li> <li>▪ h</li> </ul>	<p>DUDH: razón, conciencia e liberdade.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Léxico do bloque: dignidade da persoa, fraternidade, liberdade humana, trato digno, xuízo xusto, trato inhumano ou degradante, detención arbitraria, presunción de inocencia, discriminación, violación de dereitos, etc.</li> </ul>	<p>dereitos inalienables e universais que derivan dela, como o punto de partida sobre o que deben xirar os valores éticos nas relacións humanas a nivel persoal, social, estatal e universal.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB1.1.2. Identifica na DUDH os atributos esenciais do ser humano: razón, conciencia e liberdade.</li> <li>▪ VEB1.1.3. Relaciona adecuadamente os termos e as expresións seguintes, que se utilizan na DUDH: dignidade da persoa, fraternidade, liberdade humana, trato digno, xuízo xusto, trato inhumano ou degradante, detención arbitraria, presunción de inocencia, discriminación, violación de dereitos, etc.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
Bloque 2. A comprensión, o respecto e a igualdade nas relacións interpersoais				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Dereitos e liberdades dos individuos establecidos na DUDH que o Estado debe respectar.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Explicar, baseándose na DUDH, os principios que deben rexer as relacións entre a cidadanía e o Estado, co fin de favorecer o seu cumprimento na sociedade en que viven.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB2.1.1. Comenta, segundo o establecido pola DUDH nos artigos do 12 ao 17, os dereitos do individuo que o Estado debe respectar e fomentar, nas relacións existentes entre ambos.</li> <li>▪ VEB2.1.2. Explica os límites do Estado que establece a DUDH nos artigos do 18 ao 21, ao determinar as liberdades dos cidadáns e das cidadás que este debe protexer e respectar.</li> <li>▪ VEB2.1.3. Elabora unha presentación con soporte informático e audiovisual que ilustre os contidos máis sobresaíntes tratados no tema, e expón as súas conclusións de xeito argumentado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.2. Fenómeno da socialización global.</li> <li>▪ B2.3. Perigos da socialización global á marxe dos valores éticos universais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.2. Explicar en que consiste a socialización global e a súa relación cos medios de comunicación masiva, valorando os seus efectos na vida e no desenvolvemento moral das</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB2.2.1. Describe e avalía o proceso de socialización global, mediante o que se produce a interiorización de valores, normas, costumes, etc.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>



**I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

Valores éticos. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.4. Medios de comunicación de masas e socialización global. Conflito entre liberdade de expresión outros dereitos.</li> </ul>	<p>persoas e da sociedade, e reflexionar acerca do papel que deben ter a ética e o Estado en relación con este tema.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB2.2.2. Sinala os perigos que encerra o fenómeno da socialización global se se desenvolve á marxe dos valores éticos universais, e debate acerca da necesidade de establecer límites éticos e xurídicos neste tema.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB2.2.3. Diserta acerca do impacto que teñen os medios de comunicación masiva na vida moral das persoas e da sociedade, expresando as súas opinións con rigor intelectual.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB2.2.4. Valora a necesidade dunha regulación ética e xurídica en relación co uso de medios de comunicación masiva, respectando o dereito á información e á liberdade de expresión que posúen os cidadáns e as cidadás.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
Bloque 3. A reflexión ética				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ d</li> <li>▪ f</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Importancia e valor da reflexión ética como defensa dos DDHH.</li> <li>▪ B3.2. Novos campos da ética aplicada: profesional, bioética, ambiente, economía, empresa, ciencia e tecnoloxía, etc.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Recoñecer que a necesidade dunha regulación ética é fundamental no mundo actual de grandes e rápidos cambios, debido á magnitude dos perigos aos que se enfrenta o ser humano, polo que resulta necesaria a súa actualización e a ampliación aos novos campos de acción da persoa, co fin de garantir o cumprimento dos dereitos humanos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB3.1.1. Xustifica racionalmente e estima a importancia da reflexión ética no século XXI, como instrumento de protección dos dereitos humanos ante o perigo que poden representar entes posuidores de grandes intereses políticos e económicos e grupos violentos, que teñen ao seu alcance armamento de grande alcance científico e tecnolóxico, capaces de pór en grande risco os dereitos fundamentais da persoa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB3.1.2. Sinala algúns dos novos campos aos que se aplica a ética (profesional, bioética, ambiente, economía, empresa, ciencia e tecnoloxía, etc.).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.3. Proxecto de vida persoal: límites e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.2. Comprender e apreciar a importancia que</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB3.2.1. Describe e avalía as circunstancias</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> </ul>

**I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

Valores éticos. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ d</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> <li>▪ m</li> </ul>	oportunidades que ofrecen as circunstancias persoais, e valores éticos que serven como guía.	teñen para o ser humano do século XXI as circunstancias que o rodean, salientando os límites que lle imponen e as oportunidades que lle ofrecen para a elaboración do seu proxecto de vida, conforme os valores éticos que libremente elixe e que dan sentido á súa existencia.	que no momento actual o/a rodean, identificando as limitacións e as oportunidades que se lle formulan desde as perspectivas social, laboral, educativa, económica, familiar, afectiva, etc., co obxecto de deseñar, a partir delas, o seu proxecto de vida persoal, determinando libremente os valores éticos que deben guialo/a.	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ d</li> <li>▪ h</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.4. Éticas formais e éticas materiais.</li> <li>▪ B3.5. Ética kantiana: carácter formal. Autonomía da persoa como valor ético fundamental.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.3. Distinguir os principais valores éticos nos que se fundamentan as éticas formais, establecendo a súa relación coa ética kantiana e sinalando a importancia que este filósofo lle atribúe á autonomía da persoa como valor ético fundamental.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB3.3.1. Define os elementos distintivos das éticas formais e compáraos cos relativos ás éticas materiais.</li> <li>▪ VEB3.3.2. Explica as características da ética kantiana (formal, universal e racional), así como a importancia da súa achega á ética universal.</li> <li>▪ VEB3.3.3. Aprecia, na ética kantiana, o seu fundamento na autonomía da persoa como valor ético esencial e a súa manifestación no imperativo categórico e as súas formulacións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.6. Ética do discurso, de Apel e Habermas, como ética formal. Relación coa ética de Kant.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.4. Identificar a ética do discurso, de Habermas e de Apel como unha ética formal, que salienta o valor do diálogo e o consenso na comunidade, como procedemento para atopar normas éticas xustas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB3.4.1. Identifica a ética do discurso como unha ética formal e describe en que consiste o imperativo categórico que formula, sinalando as similitudes e as diferenzas que posúe co imperativo da ética de Kant.</li> <li>▪ VEB3.4.2. Utiliza a súa iniciativa persoal e emprendedora para elaborar unha presentación con soporte informático acerca das éticas formais, expresando e elaborando conclusións fundamentadas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
Bloque 4. A xustiza e a política				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Democracia e xustiza.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Concibir a democracia non só como unha</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB4.1.1. Comprende a importancia que ten</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>

**I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

Valores éticos. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> <li>▪ h</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.2. Deberes cívicos como cumprimento de valores éticos e como defensa e difusión dos dereitos humanos.</li> </ul>	<p>forma de goberno, senón como un estilo de vida cidadá, consciente do seu deber como elemento activo da vida política, colaborando na defensa e na difusión dos dereitos humanos tanto na súa vida persoal como na social.</p>	<p>para a democracia e a xustiza, que os cidadáns e as cidadás coñezan e cumpran os seus deberes (defensa dos valores éticos e cívicos, coidado e conservación de todos os bens e servizos públicos, participación na elección de representantes políticos/as, respecto e tolerancia á pluralidade de ideas e de crenzas, acatamento das leis e das sentenzas dos tribunais de xustiza, pagamento dos impostos establecidos, etc.).</p>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> <li>▪ h</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.3. Perigos dunha globalización sen valores éticos.</li> <li>▪ B4.4. Promoción dos DDHH por parte dos Estados: fomento e ensino dos valores éticos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.2. Reflexionar acerca do deber da cidadanía e dos Estados de promover o ensino e a difusión dos valores éticos como instrumentos indispensables para a defensa da dignidade e os dereitos humanos, ante o perigo que o fenómeno da globalización pode representar para a destrución do planeta e a deshumanización da persoa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB4.2.1. Diserta e elabora conclusións, en grupo, acerca das terribles consecuencias que pode ter para o ser humano o fenómeno da globalización, se non se establece unha regulación ética e política (egoísmo, desigualdade, interdependencia, internacionalización dos conflitos armados, imposición de modelos culturais determinados por intereses económicos que promoven o consumismo e a perda de liberdade humana, etc.).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB4.2.2. Comenta o deber ético e político que teñen todos os estados, ante os riscos da globalización, de tomar medidas de protección dos dereitos humanos, nomeadamente a obriga de fomentar o ensino dos valores éticos e a súa vixencia, e a necesidade de respectalos en todo o mundo (deber de contribuír na construción dunha sociedade xusta e solidaria, fomentando a tolerancia, o respecto aos dereitos das demais persoas; honestidade, lealdade, pacifismo, prudencia, e mutua comprensión mediante o diálogo, a defensa e protección da natureza, etc.).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>

**I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

Valores éticos. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 5. Os valores éticos, o Dereito e a Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH)				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ d</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Dereito e leis: finalidade, características e xustificación ética.</li> <li>▪ B5.2. Conflitos entre principios éticos individuais e principios normativos sociais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Apreciar a necesidade das leis xurídicas no Estado, para garantir o respecto aos dereitos humanos, e disertar acerca dalgúns dilemas morais nos que existe un conflito entre os deberes éticos, relativos á conciencia da persoa, e os deberes cívicos que lle impoñen as leis xurídicas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB5.1.1. Explica a finalidade e as características das leis xurídicas dentro do Estado e a súa xustificación ética, como fundamento da súa lexitimidade e da súa obediencia.</li> <li>▪ VEB5.1.2. Debate acerca da solución de problemas nos que hai un conflito entre os valores e principios éticos do individuo e os da orde civil, formulando solucións razoadas, en casos como os de desobediencia civil e obxección de conciencia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.3. Teoría da xustiza de Rawls: posición orixinal e veo de ignorancia; criterio de imparcialidade; función dos dous principios de xustiza.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.2. Disertar acerca da teoría de Rawls baseada na xustiza como equidade e como fundamento ético do dereito, e emitir un xuízo crítico acerca dela.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB5.2.1. Procura información en internet co fin de definir os principais conceptos utilizados na teoría de Rawls e establece unha relación entre eles (posición orixinal e veo de ignorancia, criterio de imparcialidade e función dos dous principios de xustiza que propón).</li> <li>▪ VEB5.2.2. Realiza un xuízo crítico acerca da teoría de Rawls e explica a súa conclusión argumentada acerca dela.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ g</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.4. Os DDHH como ideais irrenunciáveis.</li> <li>▪ B5.5. Deficiencias na aplicación dos DDHH referidos ao económico e ao social.</li> <li>▪ B5.6. Organizacións que traballan pola defensa dos DDHH.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.3. Valorar a DUDH como conxunto de ideais irrenunciáveis, tendo presentes os problemas e as deficiencias na súa aplicación, especialmente no relativo ao ámbito económico e social, indicando a importancia das institucións e os/as voluntarios/as que traballan pola defensa dos dereitos humanos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB5.3.1. Xustifica racionalmente a importancia dos dereitos humanos como ideais para alcanzar polas sociedades e os Estados, e recoñece os retos que aínda teñen que superar.</li> <li>▪ VEB5.3.2. Sinala algunha das deficiencias no exercicio dos dereitos económicos e sociais (pobreza, e falta de acceso á educación, á saúde, ao emprego, á vivenda, etc.).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSC</li> </ul>

**I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

Valores éticos. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ h</li> </ul>			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB5.3.3. Empréndese a elaboración dunha presentación, con soporte informático e audiovisual, acerca dalgunhas institucións e voluntarios/as que, en todo o mundo, traballan pola defensa e respecto dos dereitos humanos: Organización das Nacións Unidas (ONU) e os seus organismos, como FAO, Organismo Internacional de Enerxía Atómica (OIEA), Organización Mundial da Saúde (OMS), Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura (UNESCO), etc., organizacións non gobernamentais como Greenpeace, UNICEF, Cruz Vermella, Media Lúa Vermella, etc., así como o Tribunal Internacional de Xustiza, o Tribunal de Xustiza da Unión Europea, etc.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.7. Dereito á seguridade e a paz.</li> <li>▪ B5.8. Compromiso coa paz e a solidariedade coas vítimas da violencia.</li> <li>▪ B5.9. Ameazas á paz.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.4. Entender a seguridade e a paz como un dereito recoñecido na DUDH (no seu artigo 3) e como un compromiso dos españois e das españoas a nivel nacional e internacional (preámbulo da Constitución española), identificando e avaliando o perigo das novas ameazas que xurdiron nos últimos tempos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB5.4.1. Diserta, en pequenos grupos, acerca da seguridade e a paz como un dereito fundamental das persoas, e aprecia a súa importancia para o exercicio do dereito á vida e á liberdade, elaborando e expresando as súas conclusións (artigo 3 da DUDH).</li> <li>▪ VEB5.4.2. Toma conciencia do compromiso dos españois e das españoas coa paz, como unha aspiración colectiva e internacional recoñecida na Constitución española, e rexeita a violación dos dereitos humanos, amosando solidariedade coas vítimas da violencia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>

**I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

Valores éticos. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB5.4.3. Emprende a elaboración dunha presentación, con soporte audiovisual, sobre algunhas das novas ameazas para a paz e a seguridade no mundo actual (terrorismo, desastres ambientais, catástrofes naturais, mafias internacionais, pandemias, ataques cibernéticos, tráfico de armas de destrución masiva, de persoas e de órganos, etc.).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ d</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.10. As Forzas Armadas na Constitución española.</li> <li>▪ B5.11. Misións das Forzas Armadas.</li> <li>▪ B5.12. Conflitos armados: importancia das organizacións internacionais na súa prevención e na súa solución.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.5. Coñecer a misión atribuída na Constitución española ás Forzas Armadas e a súa relación cos compromisos que España ten cos organismos internacionais a favor da seguridade e a paz, reflexionando acerca da importancia do dereito internacional para regular e limitar o uso e as aplicación da forza e do poder.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB5.5.1. Coñece, analiza e asume como cidadán ou cidadá os compromisos internacionais realizados por España en defensa da paz e a protección dos dereitos humanos, como membro de organismos internacionais (ONU, OTAN, UE, etc.).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB5.5.2. Explica a importancia da misión das forzas armadas (artigo 15 da lei de defensa nacional) en materia de defensa e seguridade nacional, de dereitos humanos e de promoción da paz, e a súa contribución en situacións de emerxencia e axuda humanitaria, tanto nacionais como internacionais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB5.5.3. Analiza as consecuencias dos conflitos armados a nivel internacional, apreciando a importancia das organizacións internacionais que promoven e vixían o cumprimento dun dereito internacional fundamentado na DUDH.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
Bloque 6. Os valores éticos e a súa relación coa ciencia e a tecnoloxía.				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.1. Validez ética dos proxectos científicos e tecnolóxicos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.1. Identificar criterios que permitan avaliar, de xeito crítico e reflexivo, os proxectos científicos e tecnolóxicos, co fin de valorar a súa idoneidade</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB6.1.1. Utiliza información de forma selectiva para atopar algúns criterios que cumpra ter en conta para estimar a viabilidade de proxectos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>

**I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

Valores éticos. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> <li>▪ f</li> <li>▪ h</li> <li>▪ m</li> </ul>		<p>en relación co respecto aos dereitos e valores éticos da humanidade.</p>	<p>científicos e tecnolóxicos, considerando a idoneidade ética dos obxectivos que pretenden e a avaliación dos riscos e as consecuencias persoais, sociais e ambientais que a súa aplicación poida ter.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ d</li> <li>▪ f</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.2. Códigos deontolóxicos dos axentes sociais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.2. Estimar a necesidade de facer cumprir unha ética deontolóxica a científicos/as, tecnólogos/as e outros/as profesionais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB6.2.1. Comprende e explica a necesidade de apoiar a creación e o uso de métodos de control, e a aplicación dunha ética deontolóxica para científicos/as e tecnólogos/as e, en xeral, para todas as profesións, fomentando a aplicación dos valores éticos no mundo laboral, financeiro e empresarial.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>

Se fose preciso facer unha adaptación pedagóxica especial dirixida á docencia semipresencial ou non presencial (por mor das circunstancias socio-sanitarias actuais), os **contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe indispensables** para este curso serían os seguintes:

<b>1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles</b>	
<b>Criterio de avaliación</b>	<b>Estándar de aprendizaxe</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Interpretar e valorar a importancia da dignidade da persoa como o valor do que parte e no que se fundamenta a DUDH, subliñando os atributos inherentes á natureza humana e os dereitos inalienables e universais que derivan dela, como o punto de partida sobre o que deben xirar os valores éticos nas relacións humanas a nivel persoal, social, estatal e universal.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB1.1.1. Identifica a orixe dos dereitos inalienables e universais que establece a DUDH na dignidade do ser humano en tanto que persoa e os atributos inherentes á súa natureza.</li> <li>▪ VEB1.1.2. Identifica na DUDH os atributos esenciais do ser humano: razón, conciencia e liberdade.</li> <li>▪ VEB1.1.3. Relaciona adecuadamente os termos e as expresións seguintes, que se utilizan na DUDH: dignidade da persoa, fraternidade, liberdade</li> </ul>

**I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

	humana, trato digno, xuízo xusto, trato inhumano ou degradante, detención arbitraria, presunción de inocencia, discriminación, violación de dereitos, etc.
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Explicar, baseándose na DUDH, os principios que deben rexer as relacións entre a cidadanía e o Estado, co fin de favorecer o seu cumprimento na sociedade en que viven.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB2.1.1. Comenta, segundo o establecido pola DUDH nos artigos do 12 ao 17, os dereitos do individuo que o Estado debe respectar e fomentar, nas relacións existentes entre ambos.</li> <li>▪ VEB2.1.3. Elabora unha presentación con soporte informático e audiovisual que ilustre os contidos máis sobresalientes tratados no tema, e expón as súas conclusións de xeito argumentado.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.2. Explicar en que consiste a socialización global e a súa relación cos medios de comunicación masiva, valorando os seus efectos na vida e no desenvolvemento moral das persoas e da sociedade, e reflexionar acerca do papel que deben ter a ética e o Estado en relación con este tema.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB2.2.1. Describe e avalía o proceso de socialización global, mediante o que se produce a interiorización de valores, normas, costumes, etc.</li> <li>▪ VEB2.2.2. Sinala os perigos que encerra o fenómeno da socialización global se se desenvolve á marxe dos valores éticos universais, e debate acerca da necesidade de establecer límites éticos e xurídicos neste tema.</li> <li>▪ VEB2.2.3. Diserta acerca do impacto que teñen os medios de comunicación masiva na vida moral das persoas e da sociedade, expresando as súas opinións con rigor intelectual.</li> <li>▪ VEB2.2.4. Valora a necesidade dunha regulación ética e xurídica en relación co uso de medios de comunicación masiva, respectando o dereito á información e á liberdade de expresión que posúen os cidadáns e as cidadás.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Recoñecer que a necesidade dunha regulación ética é fundamental no mundo actual de grandes e rápidos cambios, debido á magnitude dos perigos aos que se enfrenta o ser humano, polo que resulta necesaria a súa actualización e a ampliación aos novos campos de acción da persoa, co fin de garantir o cumprimento dos dereitos humanos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB3.1.1. Xustifica racionalmente e estima a importancia da reflexión ética no século XXI, como instrumento de protección dos dereitos humanos ante o perigo que poden representar entes posuidores de grandes intereses políticos e económicos e grupos violentos, que teñen ao seu alcance armamento de grande alcance científico e tecnolóxico, capaces de pór en grande risco os dereitos fundamentais da persoa.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.2. Comprender e apreciar a importancia que teñen para o ser humano do século XXI as circunstancias que o rodean, salientando os límites que lle</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB3.2.1. Describe e avalía as circunstancias que no momento actual o/a rodean, identificando as limitacións e as oportunidades que se lle formulan</li> </ul>



**I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

<p>impoñen e as oportunidades que lle ofrecen para a elaboración do seu proxecto de vida, conforme os valores éticos que libremente elixe e que dan sentido á súa existencia.</p>	<p>desde as perspectivas social, laboral, educativa, económica, familiar, afectiva, etc., co obxecto de deseñar, a partir delas, o seu proxecto de vida persoal, determinando libremente os valores éticos que deben guialo/a.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Concibir a democracia non só como unha forma de goberno, senón como un estilo de vida cidadá, consciente do seu deber como elemento activo da vida política, colaborando na defensa e na difusión dos dereitos humanos tanto na súa vida persoal como na social.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB4.1.1. Comprende a importancia que ten para a democracia e a xustiza, que os cidadáns e as cidadás coñezan e cumpran os seus deberes (defensa dos valores éticos e cívicos, coidado e conservación de todos os bens e servizos públicos, participación na elección de representantes políticos/as, respecto e tolerancia á pluralidade de ideas e de crenzas, acatamento das leis e das sentenzas dos tribunais de xustiza, pagamento dos impostos establecidos, etc.).</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.2. Reflexionar acerca do deber da cidadanía e dos Estados de promover o ensino e a difusión dos valores éticos como instrumentos indispensables para a defensa da dignidade e os dereitos humanos, ante o perigo que o fenómeno da globalización pode representar para a destrución do planeta e a deshumanización da persoa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB4.2.1. Diserta e elabora conclusións, en grupo, acerca das terribles consecuencias que pode ter para o ser humano o fenómeno da globalización, se non se establece unha regulación ética e política (egoísmo, desigualdade, interdependencia, internacionalización dos conflitos armados, imposición de modelos culturais determinados por intereses económicos que promoven o consumismo e a perda de liberdade humana, etc.).</li> <li>▪ VEB4.2.2. Comenta o deber ético e político que teñen todos os estados, ante os riscos da globalización, de tomar medidas de protección dos dereitos humanos, nomeadamente a obriga de fomentar o ensino dos valores éticos e a súa vixencia, e a necesidade de respectalos en todo o mundo (deber de contribuír na construción dunha sociedade xusta e solidaria, fomentando a tolerancia, o respecto aos dereitos das demais persoas; honestidade, lealdade, pacifismo, prudencia, e mutua comprensión mediante o diálogo, a defensa e protección da natureza, etc.).</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Apreciar a necesidade das leis xurídicas no Estado, para garantir o respecto aos dereitos humanos, e disertar acerca dalgúns dilemas morais nos que existe un conflito entre os deberes éticos, relativos á conciencia da persoa, e os deberes cívicos que lle impoñen as leis xurídicas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB5.1.2. Debate acerca da solución de problemas nos que hai un conflito entre os valores e principios éticos do individuo e os da orde civil, formulando solucións razoadas, en casos como os de desobediencia civil e obxección de conciencia.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.3. Valorar a DUDH como conxunto de ideais irrenunciáveis, tendo presentes os problemas e as deficiencias na súa aplicación, especialmente no</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB5.3.1. Xustifica racionalmente a importancia dos dereitos humanos como ideais para alcanzar polas sociedades e os Estados, e recoñece os retos que</li> </ul>

## I.E.S. CORUXO. *Departamento de filosofía*

<p>relativo ao ámbito económico e social, indicando a importancia das institucións e os/as voluntarios/as que traballan pola defensa dos dereitos humanos.</p>	<p>aínda teñen que superar.</p> <ul style="list-style-type: none"><li>▪ VEB5.3.2. Sinala algunha das deficiencias no exercicio dos dereitos económicos e sociais (pobreza, e falta de acceso á educación, á saúde, ao emprego, á vivenda, etc.).</li><li>▪ VEB5.3.3. Emprende a elaboración dunha presentación, con soporte informático e audiovisual, acerca dalgúns institucións e voluntarios/as que, en todo o mundo, traballan pola defensa e respecto dos dereitos humanos: Organización das Nacións Unidas (ONU) e os seus organismos, como FAO, Organismo Internacional de Enerxía Atómica (OIEA), Organización Mundial da Saúde (OMS), Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura (UNESCO), etc., organizacións non gobernamentais como Greenpeace, UNICEF, Cruz Vermella, Media Lúa Vermella, etc., así como o Tribunal Internacional de Xustiza, o Tribunal de Xustiza da Unión Europea, etc.</li></ul>
<ul style="list-style-type: none"><li>▪ B5.4. Entender a seguridade e a paz como un dereito recoñecido na DUDH (no seu artigo 3) e como un compromiso dos españois e das españolas a nivel nacional e internacional (preámbulo da Constitución española), identificando e avaliando o perigo das novas ameazas que xurdiron nos últimos tempos.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>▪ VEB5.4.3. Emprende a elaboración dunha presentación, con soporte audiovisual, sobre algunhas das novas ameazas para a paz e a seguridade no mundo actual (terrorismo, desastres ambientais, catástrofes naturais, mafias internacionais, pandemias, ataques cibernéticos, tráfico de armas de destrución masiva, de persoas e de órganos, etc.).</li></ul>
<ul style="list-style-type: none"><li>▪ B6.1. Identificar criterios que permitan avaliar, de xeito crítico e reflexivo, os proxectos científicos e tecnolóxicos, co fin de valorar a súa idoneidade en relación co respecto aos dereitos e valores éticos da humanidade.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>▪ VEB6.1.1. Utiliza información de forma selectiva para atopar algúns criterios que cumpra ter en conta para estimar a viabilidade de proxectos científicos e tecnolóxicos, considerando a idoneidade ética dos obxectivos que pretenden e a avaliación dos riscos e as consecuencias persoais, sociais e ambientais que a súa aplicación poida ter.</li></ul>

### **4. TEMPORALIZACIÓN: ORGANIZACIÓN E SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS**

Os contidos da área de Valores Éticos 4 agrúpanse en catro bloques e ligados a eles propóñense os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe.

## **I.E.S. CORUXO. *Departamento de filosofía***

O alumnado deberá adquirir uns coñecementos e unhas destrezas básicas que lle permitan mellorar a súa autonomía e prepararse para converterse no principal axente do seu propio desenvolvemento.

### **CONTIDOS E SECUENCIACIÓN**

#### **1ª avaliación**

##### **Bloque 1. A dignidade da persoa**

1. O desenvolvemento da personalidade e as virtudes éticas.
  - O proxecto persoal de vida e a función dos valores éticos.
  - Actos, hábitos e carácter.
  - A importancia da virtude en Aristóteles.

##### **Bloque 2. A comprensión, o respecto e a igualdade nas relacións interpersoais**

1. O desenvolvemento social no ser humano, as relacións interpersoais e os valores éticos.
  - A dignidade da persoa e as relacións interpersoais.
  - A asertividade, as habilidades sociais e os valores éticos.
  - A intelixencia emocional e a súa importancia na vida moral.
  - O respecto aos valores éticos a través das habilidades sociais e a asertividade.

#### **2ª avaliación**

##### **Bloque 3. A reflexión ética**

1. As normas éticas como guía da liberdade.
  - A liberdade persoal e os factores que interveñen no seu desenvolvemento.
  - A educación como un dereito da persoa e un deber da sociedade.
  - A necesidade dos valores e as normas éticos no individuo e na sociedade.

## **I.E.S. CORUXO. *Departamento de filosofía***

- Problemas derivados da ausencia de valores e de normas éticos.
- 2. As teorías éticas.
  - Éticas materiais e éticas formais.
  - O eudemonismo Aristotélico.
  - O hedonismo epicúreo.
  - O utilitarismo de John Stuart Mill.

### **3ª avaliación**

#### **Bloque 4. Xustiza e política**

1. O concepto de xustiza.
  - A variedade cultural e o carácter relativo da xustiza.
  - O recoñecemento do que é xusto.
  - A xustiza entendida como equilibrio.
  - Distintas formas de concibir a xustiza.

#### **Bloque 5. Os valores éticos, o dereito e a DUDH**

1. A busca da liberdade e da igualdade.
  - A escravitude e o sometemento dos seres humanos.
  - A loita pola liberdade e a igualdade e o fin da escravitude.
  - A historia da submisión da muller ao varón.
  - O feminismo e a loita pola liberación da muller.

#### **Bloque 6. Os valores éticos e a súa relación coa ciencia e a tecnoloxía**

1. A relación entre ética, ciencia e tecnoloxía.
  - A distinción entre a investigación e a aplicación científica e tecnolóxica, e os valores que achegan á humanidade.
  - A tecnociencia e a concepción tradicional da ciencia e da tecnoloxía.
  - O mito da neutralidade científica e a falsa noción de progreso.
2. A necesidade da reflexión ética acerca da ciencia e da tecnoloxía: os dilemas morais.
  - Os límites éticos e xurídicos da investigación e da aplicación científica e tecnolóxica.

## **I.E.S. CORUXO. *Departamento de filosofía***

- A tecnodependencia.
- A tecnociencia e o seu impacto negativo no medio ambiente.

## **5. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE**

### **Bloque 1. A dignidade da persoa**

- 1. Entender a relación que existe entre os actos, os hábitos e o desenvolvemento do carácter, mediante a comprensión do concepto de virtude en Aristóteles e, en especial, o relativo ás virtudes éticas, pola importancia que teñen no desenvolvemento da personalidade.*
  - 1.1. Indaga en diversas fontes acerca do concepto de virtude e as súas características en Aristóteles, sinalando a relación que ten cos actos, os hábitos e o carácter, elaborando conclusións de forma razoada acerca do tema.
  - 1.2. Explica os beneficios que, segundo Aristóteles, achegan as virtudes éticas ao ser humano, identificando algunhas delas e ordenándoas, de acordo co seu criterio, e explicando os argumentos nos que fundamenta a devandita orde.
- 2. Comprender e apreciar a capacidade do ser humano para influír de xeito consciente e voluntario na construción da súa propia identidade conforme os valores éticos, e así mellorar a súa autoestima.*
  - 2.1. Toma conciencia e aprecia a capacidade que posúe para modelar a súa propia identidade e facer de si mesmo unha persoa xusta, sincera, tolerante, amable, xenerosa, respectuosa, solidaria, honesta, libre, etc.; nunha palabra, digna de ser apreciada por si mesma.
  - 2.2. Deseña un proxecto de vida persoal conforme o modelo de persoa que quere ser e os valores éticos que desexa adquirir, facendo que a súa propia vida teña un sentido.

### **Bloque 2. A comprensión, o respecto e a igualdade nas relacións interpersoais**

- 1. Comprender e valorar a importancia que teñen os valores e as virtudes éticos para conseguir unhas relacións interpersoais xustas, respectuosas e*

## **I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

*satisfactorias.*

- 1.1. Identifica a adquisición das virtudes éticas como unha condición necesaria para lograr unhas boas relacións interpersoais; entre elas, a prudencia, a lealdade, a sinceridade, a xenerosidade, etc.
2. *Utilizar de xeito habitual formas e xestos que favorecen o respecto á dignidade e aos dereitos das persoas nas relacións interpersoais, mediante o exercicio e o desenvolvemento dalgunhas habilidades sociais e técnicas de comunicación.*
  - 2.1. Mantén unha conduta asertiva, evitando o comportamento agresivo ou inhibido, e adopta como principio moral fundamental nas relacións interpersoais o respecto á dignidade das persoas.
  - 2.2. Emprega e exercita, en diálogos curtos reais ou inventados, as súas habilidades sociais, como a empatía, a escoita activa, a interrogación asertiva, entre outras, co fin de que aprenda a utilizalos de forma natural na súa relación cos demais.
  - 2.3. Practica algunhas técnicas de comunicación interpersoal mediante a realización de diálogos orais, como a forma adecuada de dicir *non*, o disco raiado, o banco de néboa, etc., co obxectivo de dominalas e utilízalas no momento adecuado.
  - 2.4. Nas relacións interpersoais, mostra unha actitude de respecto cara aos dereitos de todo ser humano a sentir, a pensar e a actuar de forma diferente, a equivocarse, a gozar do tempo de descanso, a ter unha vida privada, a tomar as súas propias decisións, etc., e, especialmente, a ser valorados polo simple feito de ser persoas, sen discriminar nin menosprezar a ninguén, etc.
3. *Relacionar e valorar a importancia das habilidades da intelixencia emocional en relación coa vida interpersoal e establecer o seu vínculo con aqueles valores éticos que enriquecen as relacións humanas.*
  - 3.1. Comprende a importancia que teñen a capacidade de recoñecer as emocións alleas e a de controlar as relacións interpersoais.

### **Bloque 3. A reflexión ética**

1. *Destacar o significado e a importancia da natureza moral do ser humano, analizando as súas etapas de desenvolvemento e tomando conciencia da necesidade que ten de normas éticas, libre e racionalmente asumidas, como guía da súa conduta.*
  - 1.1. Distingue entre a conduta instintiva do animal e o comportamento racional e libre do ser humano, destacando a magnitude das súas diferenzas e apreciando as consecuencias que estas teñen na vida das persoas.
  - 1.2. Identifica en que consiste a estrutura moral da persoa e as súas características como ser racional e libre, razón pola cal é responsable da súa conduta e das consecuencias que esta teña.
2. *Recoñecer que a liberdade constitúe a raíz da estrutura moral da persoa e apreciar o papel que a intelixencia e a vontade teñen como factores que incrementan a capacidade de autodeterminación.*
  - 2.1. Describe a relación entre a liberdade e os conceptos de persoa e de estrutura moral.

## **I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

- 2.2. Analiza e valora a influencia que teñen na liberdade persoal a intelixencia, que nos permite coñecer posibles opcións para elixir, e a vontade, que nos dá a fortaleza suficiente para facer o que decidimos facer.
- 2.3. Analiza algúns factores biolóxicos, psicolóxicos, sociais, culturais e ambientais que inflúen no desenvolvemento da intelixencia e da vontade, especialmente o papel da educación, expoñendo as súas conclusións de forma clara mediante unha presentación en soporte informático e audiovisual.
3. *Tomar conciencia da importancia dos valores e das normas éticos como guía da conduta individual e social, asumindo a responsabilidade de difundilos e de promovelos polos beneficios que achegan á persoa e á comunidade.*
  - 3.1. Destaca algunhas das consecuencias negativas que, a nivel individual e comunitario, ten a ausencia de valores e de normas éticos, como o egoísmo, a corrupción, a mentira, o abuso de poder, a intolerancia, a insolidariedade, a violación dos dereitos humanos, etc.
  - 3.2. Emprende, utilizando a súa iniciativa persoal e a colaboración en grupo, a organización e o desenvolvemento dunha campaña no seu contorno co fin de promover o recoñecemento dos valores éticos como elementos fundamentais do pleno desenvolvemento persoal e social.
4. *Explicar as características e os obxectivos das teorías éticas, así como a súa clasificación en éticas de fins e procedementais, sinalando os principios máis destacados do hedonismo de Epicuro.*
  - 4.1. Enuncia os elementos distintivos das teorías éticas, elaborando un esquema coas súas características máis destacadas.
  - 4.2. Enuncia os aspectos fundamentais da teoría hedonista de Epicuro e os valores éticos que defende, destacando as características que a identifican como unha ética de fins.
  - 4.3. Elabora, en colaboración grupal, argumentos a favor e en contra do epicureísmo, expoñendo as súas conclusións cos argumentos racionais correspondentes.
5. *Entender os principais aspectos do eudemonismo aristotélico, identificándoo como unha ética de fins e valorando a súa importancia e a súa vixencia actual.*
  - 5.1. Explica o significado do termo «eudemonismo» e o que para Aristóteles significa a felicidade como ben supremo, elaborando e expresando conclusións.
  - 5.2. Distingue os tres tipos de tendencias que hai no ser humano, segundo Aristóteles e a súa relación co que el considera como ben supremo da persoa.
  - 5.3. Achega razóns para clasificar o eudemonismo de Aristóteles dentro da categoría das éticas de fins.
6. *Comprender os elementos máis significativos da ética utilitarista e a súa relación co hedonismo de Epicuro, clasificándoa como unha ética de fins e elaborando argumentos que apoién a súa valoración persoal acerca deste plan ético.*
  - 6.1. Salienta as ideas fundamentais da ética utilitarista: o principio de utilidade, o concepto de pracer, a compatibilidade do egoísmo individual co altruísmo universal e a situación do valor moral nas consecuencias da acción, entre outras.
  - 6.2. Enumera as características que fan do utilitarismo e do epicureísmo éticas de fins.
  - 6.3. Argumenta racionalmente as súas opinións acerca da ética utilitarista.

## **Bloque 4. A xustiza e a política**

## **I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

1. *Comprender e valorar a importancia da relación entre os conceptos de ética, política e xustiza, mediante a análise e a definición destes termos, destacando o vínculo entre eles no pensamento de Aristóteles.*
  - 1.1. Explica e aprecia as razóns que dá Aristóteles para establecer un vínculo entre ética, política e xustiza.
  - 1.2. Utiliza e selecciona información acerca dos valores éticos e cívicos, identificando e apreciando as semellanzas e as diferenzas entre eles.
2. *Coñecer e apreciar a política de Aristóteles e as súas características esenciais, así como entender o seu concepto da xustiza e a súa relación co ben común e a felicidade, elaborando un xuízo crítico acerca da perspectiva deste filósofo.*
  - 2.1. Elabora, recorrendo á súa iniciativa persoal, unha presentación con soporte informático, acerca da política aristotélica como unha teoría organicista que propón unha finalidade ética do Estado.
  - 2.2. Selecciona e usa información, en colaboración grupal, para entender e apreciar a importancia que Aristóteles dá á xustiza como o valor ético no que se fundamenta a lexitimidade do Estado e a súa relación coa felicidade e o ben común, expoñendo as súas conclusións persoais debidamente fundamentadas.

### **Bloque 5. Os valores éticos, o dereito e a DUDH**

1. *Comprender o desenvolvemento histórico dos dereitos humanos como unha conquista da humanidade e estimar a importancia do problema que formula na actualidade o exercicio dos dereitos da muller e da infancia en gran parte do mundo, tomando conciencia dela co fin de promover a solución deses problemas.*
  - 1.1. Describe os feitos máis influentes no desenvolvemento histórico dos dereitos humanos.
  - 1.2. Dá razóns acerca da orixe histórica do problema dos dereitos da muller, recoñecendo os padróns económicos e socioculturais que fomentaron a violencia e a desigualdade de xénero.
  - 1.3. Emprende, en traballo colaborador, a elaboración dunha campaña contra a discriminación da muller e a violencia de xénero no seu ámbito familiar, escolar e social, avaliando os resultados obtidos.

### **Bloque 6. Os valores éticos e a súa relación coa ciencia e a tecnoloxía**

1. *Recoñecer a importancia que ten a dimensión moral da ciencia e da tecnoloxía, así como a necesidade de establecer límites éticos e xurídicos co fin de orientar a súa actividade conforme aos valores defendidos na DUDH.*
  - 1.1. Utiliza información de distintas fontes para analizar a dimensión moral da ciencia e da tecnoloxía, avaliando os impactos positivo e negativo que estas poden ter en todos os ámbitos da vida humana: social, económico, político, ético e ecolóxico, entre outros.
  - 1.2. Achega argumentos que fundamenten a necesidade de poñer límites éticos e xurídicos á investigación e práctica tanto científica coma tecnolóxica, tomando a dignidade humana e os valores éticos recoñecidos na DUDH como criterio normativo.



## **I.E.S. CORUXO. *Departamento de filosofía***

- 1.3. Recorre á súa iniciativa persoal para expoñer as súas conclusións acerca do tema tratado, utilizando medios informáticos e audiovisuais, de forma argumentada e ordenada racionalmente.
2. *Recoñecer que, na actualidade, existen casos nos que a investigación científica non é neutral, senón que está determinada por intereses políticos, económicos, etc., mediante a análise da idea de progreso e a súa interpretación equivocada cando os obxectivos que se pretenden non respectan un código ético fundamentado na DUDH.*
  - 2.1. Obtén e selecciona información, en traballo colaborador, dalgúns casos nos que a investigación científica e tecnolóxica non foi guiada nin é compatible cos valores éticos expostos na DUDH, xerando impactos negativos no ámbito humano e ambiental, sinalando as causas.
  - 2.2. Diserta, en colaboración grupal, acerca da idea de progreso na ciencia e a súa relación cos valores éticos, o respecto á dignidade humana e o seu contorno, elaborando e expoñendo conclusións.
  - 2.3. Selecciona e contrasta información, en colaboración grupal, acerca dalgúns das ameazas que para o ambiente e para a vida ten a aplicación indiscriminada da ciencia e da tecnoloxía, como a explotación descontrolada dos recursos naturais, a destrución de hábitats, a contaminación química e industrial, a chuvia ácida, o cambio climático, a desertización, etc.
3. *Recoñecer a necesidade de establecer límites éticos e xurídicos á actividade científica e tecnolóxica, utilizando como criterio de demarcación os valores éticos da DUDH, co fin de evitar a súa aplicación inadecuada e de solucionar os dilemas morais que ás veces se presentan, especialmente no terreo da medicina e da biotecnoloxía.*
  - 3.1. Destaca o valor da investigación científica e técnica, pero, ademais, xustifica a necesidade de poñer límites éticos e xurídicos no seu uso e aplicación, co fin de garantir o respecto á dignidade humana e os dereitos fundamentais, así como a protección do ambiente.
  - 3.2. Analiza información, seleccionada de diversas fontes, co fin de coñecer en que consisten algúns dos últimos avances en medicina e en biotecnoloxía que formulan dilemas morais, tales como a utilización de células nai, a clonación, a eutanasia e a euxenesia, entre outros, sinalando algúns perigos que estes encerran se non se respectan os valores éticos, como pode ser, por exemplo, a manipulación xenética con fins económicos, políticos, etc.
  - 3.3. Asume unha actitude de tolerancia e de respecto ante as diferentes opinións que se expresan, co fin de solucionar os dilemas éticos, sen esquecer a necesidade de rigor na fundamentación racional e ética de todas as alternativas formuladas.
4. *Entender e valorar o problema da tecnodependencia e a alienación humana á que esta conduce.*
  - 4.1. Destaca o problema e o perigo que representa para o ser humano a tecnodependencia, sinalando os seus síntomas e as súas causas, e considerando as súas consecuencias negativas, como unha adicción incontrolada aos dispositivos electrónicos, aos videoxogos e ás redes sociais, que conducen as persoas cara a unha progresiva deshumanización.
5. *Identificar e valorar algúns impactos negativos que, para a especie humana e para o seu ámbito natural, produciron o desenvolvemento científico e tecnolóxico utilizado á marxe dos valores éticos.*

## **I.E.S. CORUXO. *Departamento de filosofía***

- 5.1. Selecciona e contrasta información, en colaboración grupal, acerca dalgunhas das ameazas que, para o ambiente e a vida, está tendo a aplicación indiscriminada da ciencia e da tecnociencia, tales como a explotación descontrolada dos recursos naturais, a destrución de hábitats, a contaminación química e industrial, a chuvia ácida, o cambio climático, a desertización, etc., elaborando e expoñendo conclusións.
- 5.2. Debate, en pequenos grupos, acerca dos intereses e dos obxectivos que están detrás das aplicacións inapropiadas da tecnociencia, e a falsa idea de progreso que está implícita nela, expresando as súas opinións fundamentadas nos valores éticos.

## **6. METODOLOXÍA DIDÁCTICA**

Traballar de xeito competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante. O docente pasa a ser un xestor de coñecemento do alumnado e este adquire un maior grao de protagonismo.

En concreto, na área de Valores Éticos:

Os alumnos e as alumnas deben desenvolver nesta etapa un pensamento e unha actitude críticos que se sustenten en valores morais e éticos recoñecidos. Por iso, farase fincapé na necesidade de analizar, formular e dar solucións a problemas cun fondo ético.

Desde esta perspectiva, a liña metodolóxica que rexerá as accións docentes nesta área desenvolverase a través de métodos activos, indutivos e mixtos; é dicir, métodos eminentemente participativos onde se alterna o traballo individual co traballo en grupo.

A aplicación dos devanditos métodos leva implícita a utilización de estilos de ensino socializadores, cognitivos e creativos para conseguir que os seus xuízos e eleccións dirixan a súa conduta e as súas relacións sociais cara ao benestar común.

Neste contexto metodolóxico, o estudante convértese en protagonista da súa propia aprendizaxe, mentres que o docente vai cedendo terreo para que o alumnado logre maior autonomía nas súas aprendizaxes e cree estruturas cognitivas que lle permitan un pensamento e un proxecto de vida propios, asumindo de modo consciente, crítico e reflexivo o exercicio da liberdade e o control acerca da súa propia existencia.

Á súa vez, a transmisión do coñecemento das características que conforman a imaxe persoal farase a partir de aprendizaxes baseadas na experiencia, onde o alumnado percibe a información a través das súas propias experiencias e respectando sempre o desenvolvemento dos seus diversos estilos de aprendizaxe. Tamén se combinarán técnicas como a ensinanza recíproca, a discusión guiada con técnicas de visualización, de *role play*.

Este abano de accións docentes permitirá ao alumnado comprender e interiorizar os valores éticos de forma holística, comprensiva e significativa.

## I.E.S. CORUXO. *Departamento de filosofía*

En concreto, serán accións pedagóxicas e metodolóxicas entre outras:

- **Na clase ou na sala de informática:** cuestionarios iniciais, traballo sobre textos, actividades escritas, debates orais, exposicións orais, observación de procesos con encerado dixital, proxector, etc., visionado de películas e comentario sobre as mesmas, etc.
- **Na casa ou na biblioteca:** cuestionarios iniciais, traballo sobre textos, actividades escritas, lectura e comentarios de documentos, fragmentos de libros, pesquisas nos xornais, participación en proxectos cooperativos, visionado de películas e comentario sobre as mesmas, exercicios de aplicación dun tema concreto, consolidación e estudo autónomo do alumno, etc.

### **7. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN**

<b>Escritos</b>	<b>Orais</b>	<b>Outros</b>
<ul style="list-style-type: none"><li>·Tarefas diversas realizadas polo alumnado na actividade diaria da clase.</li><li>·Caderno de clase do alumno.</li><li>·Actividades de avaliación (libro, fichas fotocopiabes, probas...).</li><li>·Traballos de grupo.</li><li>·Actividades interactivas.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>·Preguntas individuais e de grupo.</li><li>·Participación do alumno.</li><li>·Intervencións na clase.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>·Ficha de rexistro individual.</li><li>·Persoal de avaliación.</li><li>·Rexistros.</li><li>·Autoavaliación.</li><li>·Blog do profesor (se fora o caso)</li></ul>

## I.E.S. CORUXO. *Departamento de filosofía*

Se fose preciso facer unha adaptación pedagóxica especial dirixida á docencia semipresencial ou non presencial (por mor das circunstancias socio-sanitarias actuais), os **procedementos e instrumentos de avaliación** para este curso serían os seguintes:

Escritos	Orais	Outros
<ul style="list-style-type: none"><li>·Tarefas diversas realizadas polo alumnado na actividade feita na casa.</li><li>·Actividades de avaliación (libros, fichas fotocopiáveis, probas...).</li><li>·Traballos individuais e de grupo.</li><li>·Actividades interactivas.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>·Preguntas individuais e de grupo (de ser posible).</li><li>·Participación do alumno.</li><li>·Intervencións na clase on-line (de ser posible).</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>·Ficha de rexistro individual.</li><li>·Persoal de avaliación.</li><li>·Rexistros.</li><li>·Autoavaliación.</li><li>·Blog do profesor (se fora o caso)</li></ul>

### **8. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**

A cualificación en Valores Éticos 4 estará relacionada co grao de adquisición das competencias básicas do alumno reflectidas en todas as actividades que leve a cabo durante o curso. Velaí algúns dos criterios que se empregarán dependendo das tarefas, actividades e probas que se lle asinen ós alumnos en cada momento:

CRITERIOS
-----------

## I.E.S. CORUXO. *Departamento de filosofía*

1. Probas escritas / orais	<p>Valoración da aprendizaxe dos contidos.</p> <ul style="list-style-type: none"><li>·Consideración dos procesos seguidos e dos resultados.</li><li>·Expresión (verbal e escrita) do procedemento seguido para resolver unha actividade.</li><li>·Valoración da proporción de tempo investido-tempo necesario para resolver unha actividade.</li></ul>
2. Actividades TIC	<ul style="list-style-type: none"><li>·Uso adecuado do ordenador e das ferramentas informáticas e telemáticas.</li><li>·Tipo de participación (autónomo, con apoio, ningunha).</li><li>·Utilización de Internet de forma crítica e responsable: busca información, filtra...</li><li>·Grao de elaboración da resposta.</li><li>·Compromiso, cumprimento e responsabilidade co traballo.</li></ul>
3. Traballo autónomo (aula, casa, outros espazos)	<ul style="list-style-type: none"><li>·Grao de adquisición das aprendizaxes básicas.</li><li>·Amplía estas aprendizaxes.</li><li>·Utiliza adecuadamente os instrumentos e os recursos propios da materia.</li><li>·Sérvese de esquemas.</li><li>·Revisa habitualmente os resultados.</li></ul>

**I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

	<ul style="list-style-type: none"><li>·Fai unha estimación do tempo investido para resolver unha actividade.</li></ul>
4. Participación e seguimento das clases (intervencións orais, tipo de respostas...)*	<ul style="list-style-type: none"><li>·Nivel e calidade das intervencións.</li><li>·Uso de vocabulario apropiado.</li></ul>
5. Traballos individuais e grupais. Valoración individual e en grupo	<ul style="list-style-type: none"><li>·Capacidade de traballo individual ou en equipo.</li><li>·Grao de comunicación cos compañeiros e resolución de conflitos*</li><li>·Comprensión axeitada da información e dos contidos manexados.</li><li>.</li></ul>
6. Arquivo de traballo persoal	<ul style="list-style-type: none"><li>·Presentación clara e ordenada</li><li>·Actualizado.</li></ul>

**\*Se aplicará este criterio se se dan as circunstancias, ben porque hai clases presenciais no centro, ben porque se imparten on-line.**

**\*De darse o caso**

**A cualificación en cada exercicio dependerá do grao de consecución dos obxectivos propostos para cada un. O resultado final de cada avaliación será a MEDIA ARITMÉTICA de tódalas probas, actividades, exercicios e traballos realizados. De ser o caso, o profesor/a establecerá as porcentaxes concretas de cada exercicio, proba ou tarefa da avaliación, informando de antemán aos alumnos. A cualificación final da materia será a media aritmética das tres**

avaliacións, **sempre e cando se supere cada unha das avaliacións cunha cualificación igual ou superior a cinco**.. No caso de suspender a materia en xuño, os pendentos presentaránse a unha proba escrita con todos os contidos da materia impartida ó longo do curso. Esta proba quedará aprobada se a cualificación é igual o superior a cinco.

A continuación se detalla **un resumo destas medidas** de avaliación e recuperación:

## 1. AVALIACIÓN INICIAL

- **Data prevista:** última semana de setembro/ primeira semana de outubro.
- **Tipo de proba:** as actividades iniciais do primeiro tema servirán para detectar as súas habilidades e competencias básicas.
- **Mecanismo para informar ás familias:** xunta de avaliación inicial, tutorías con pais e, para casos especiais e urxentes, o sistema de Abalar.
- **Consecuencias dos resultados:** en función dos resultados acadados, e en coordinación co Departamento, se analizarán os casos máis relevantes e con carácter de urxencia se tomarían as medidas necesarias.

## 2. AVALIACIÓN TRIMESTRAL

- **Procedementos:** observación directa do alumno, tarefas diversas realizadas polo alumnado en clase, traballos individuais e grupais, actividades de avaliación: lecturas, fichas fotocopiáveis, probas escritas, etc.
- **Instrumentos:** caderno do alumno, preguntas individuais e grupais, intervencións na clase, visionado de películas, lecturas concretas.
- **Mínimos esixibles:** O cumprimento axeitado das ferramentas de traballo competencial (actividades, tarefas, traballos, etc.); a realización positiva das probas escritas; o traballo regular ó longo do curso; a presentación ordenada, clara e coherente do seu caderno de clase.
- **Ponderación e nota media:** A cualificación en cada exercicio dependerá do grao de consecución dos obxectivos propostos para cada un. O resultado final de cada avaliación dependerá da *media aritmética* feita coas seguintes porcentaxes: **50%** para probas escritas, traballos individuais e grupais, e **50%** para revisión do caderno de clase, actividades puntuais realizadas, lecturas concretas. Estas porcentaxes

## I.E.S. CORUXO. *Departamento de filosofía*

poderán variar en cada avaliación dependendo do número de probas e da súa importancia, previo aviso ao alumnado por parte de cada profesor/a.

### 3. MECANISMO PARA RECUPERAR UNHA AVALIACIÓN NON SUPERADA

- No caso de suspender algunha avaliación, o alumno (ao longo do seguinte trimestre ou ben ao remate da terceira avaliación, a criterio do profesor) deberá presentarse a **unha proba escrita** onde se incluírán os contidos da materia impartida na avaliación suspensa, **ademais de realizar con éxito as tarefas** que non se fixeron ou se fixeron defectuosamente en cada trimestre. A proba escrita pondera un 50% e a realización das tarefas o 50 % restante. Polo tanto, ***a media aritmética da cualificación da proba escrita e da nota das tarefas deberá ser igual o superior a cinco*** para superar a avaliación pendente. **Se non houbera proba escrita da avaliación pendente, o 100% da nota será a realización adecuada das tarefas e actividades realizadas no trimestre e plasmadas no caderno do alumno.**

### 4. CUALIFICACIÓN FINAL DA MATERIA NA AVALIACIÓN ORDINARIA E EXTRAORDINARIA

- A cualificación final da materia será ***a media aritmética das tres avaliacións, sempre e cando se supere cada unha das avaliacións cunha cualificación igual ou superior a cinco.***

### 5. AVALIACIÓN FINAL

- **Alumnado:** Deberán presentarse todos aqueles alumnos que non superaran calquera das avaliacións que teñan pendente.
- **Tipo de proba:** ***escrita***, onde se inclúan os contidos da materia impartida ó longo do curso. A proba constará de ***4 preguntas: 2 preguntas pechadas*** (2 puntos cada unha), ***1 pregunta semiaberta*** (3 puntos) e ***1 pregunta aberta*** (3 puntos).
- **Estándares:** Todos os contidos da materia impartida no curso. Esta proba estará aprobada se a cualificación é ***igual o superior a cinco.***



## **7. MATERIA PENDENTE**

- Os alumnos coa materia pendente deberán facer **unha proba escrita** coa materia impartida no curso anterior. O Departamento deseñará esta proba e fará pública no taboleiro do patio central a convocatoria para a realizar dita proba. A proba constará de **4 preguntas**: 2 preguntas pechadas (2 puntos cada unha), 1 pregunta semiaberta (3 puntos) e 1 pregunta aberta (3 puntos). Esta proba estará aprobada se a cualificación é **igual o superior a cinco**.

## **9. GRAO MÍNIMO ESIXIBLE DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA**

O cumprimento axeitado das ferramentas de traballo competencial (actividades, tarefas, traballos, etc.), a realización positiva de posibles probas escritas, o traballo regular ó longo do curso, a presentación ordeada, clara e coherente do seu caderno de clase, e unha actitude respetuosa, participativa e comprometida co seu labor como individuo e como membro dun grupo, serán tomados como criterios mínimos exixibles para a promoción do alumno.

## **10. PROCEDEMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL**

O primeiros temas abordados en Valores Éticos 4 pode ser garante dunha primeira valoración inicial do alumnado, posto que permiten detectar en boa medida as súas habilidades e competencias tanto a nivel persoal como grupal. Os procedementos para esta primeira aproximación ó rendemento persoal e académico do alumnado serán, polo tanto, os explicitados para cada contido específico e tarefas propostas.

Non será necesario un plan de reforzo e recuperación das aprendizaxes non adquiridas no derradeiro curso, posto que a materia se imparte por primeira vez na secundaria e os contidos se solapan e repiten de xeito cada vez máis complexo ó longo desta etapa escolar.

## **11. PLAN DE SEGUIMENTO E PROCEDEMENTO PARA A CUALIFICACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES OU DA NOTA FINAL DO CURSO SE HAI ALUMNADO QUE ASISTE A PROGRAMAS DE REFORZO CON ATRIBUCIÓN HORARIA**

## **I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

Os alumnos con materias pendentes ou que asistan a programas de reforzo que supoñan a perda dalgunhas sesións de clase, deberán cumprir coas tarefas específicas que o profesor estime oportunas e convenientes de acordo cos mínimos exixibles e contidos mínimos desenvolvidos ó longo dese periodo académico, facilitando na medida do posible o desenvolvemento axeitado destas por parte do alumno.

### **12. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS**

Serán de uso cotiá -ou esporádico e puntual, segundo as necesidades da impartición da materia (presencial, semipresencial ou de xeito on-line)- os seguintes materiais, ademáis de outros que poidan ser de utilidade:

- O **libro(s)** do alumnado para a área de Valores Éticos de 4.º ESO, en calquera dos seus formatos (papel ou dixital) en edicións que segundo as necesidades poidan ser de referencia para cada tarefa e tema.
- O **caderno do alumno**, onde se reflectirá o traballo diario.
- As **monografías** didácticas, **textos**, **fotocopias**, **referencias bibliográficas**, **artigos** de prensa, etc.
- O uso de **Internet** para pesquisas e proxectos didácticos, visionado de películas ou documentais, etc.
- O uso da **Aula Virtual** do centro, onde se recollerán total ou parcialmente as informacións, indicacións, contidos, tarefas e outras necesidades educativas que permitan o desenvolvemento e seguemento da materia, sexa de xeito presencial, semipresencial ou de xeito on-line.

### **13. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

#### **Descrición do grupo despois da avaliación inicial**

Á hora de formular as medidas de atención á diversidade e inclusión debemos solicitar, en primeiro lugar, diversa información sobre cada grupo de alumnos e alumnas; como mínimo debe coñecerse a relativa a:

- O número de alumnos e alumnas.
- O funcionamento do grupo (clima da aula, nivel de disciplina, atención...).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto ao desenvolvemento de contidos curriculares.
- As necesidades que se puidesen identificar; convén pensar nesta fase en como se poden abordar (*planificación de estratexias metodolóxicas, xestión da aula, estratexias de seguimento da eficacia de medidas, etc.*).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto aos aspectos competenciais.
- Os desempeños competenciais prioritarios que hai que practicar no grupo nesta materia.

## **I.E.S. CORUXO. *Departamento de filosofía***

- Os aspectos que se deben ter en conta ao agrupar os alumnos e as alumnas para os traballos cooperativos.
- Os tipos de recursos que se necesitan adaptar no nivel xeral para obter un logro óptimo do grupo.

### ***Necesidades individuais***

A avaliación inicial facilítanos non só coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos individuais dos nosos estudantes; a partir dela poderemos:

- Identificar os alumnos ou as alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. (Débese ter en conta aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requira atención específica por estaren en risco, pola súa historia familiar, etc.).
- Saber as medidas organizativas que cómpre adoptar. (Planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos grupais para favorecer a intervención individual).
- Establecer conclusións sobre as medidas curriculares que cómpre adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar.
- Analizar o modelo de seguimento que se vai utilizar con cada un deles.
- Acoutar o intervalo de tempo e o modo en que se van avaliar os progresos destes estudantes.
- Fixar o modo en que se vai compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe; especialmente, co titor.

### **Concreción de medidas para alumnos con Síndrome de Asperger e TDAH:**

Entre as características dos afectados polo Síndrome de Asperger están as dificultades na comprensión social e nas habilidades sociais, o pouco interese cara aos demais, as dificultades de atención, a pouca capacidade organizativa, a interpretación lietal da linguaxe e as dificultades na motricidade. Por estes motivos presentamos algunhas estratexias para tratalo:

- Darlle tempo para organizar o seu material
- Evitar a presión
- Darlle pequenos encargos
- Facer o posible para que entenda as instrucións
- Diante dos mínimos acertos, ser xeneroso cos reforzos positivos
- Sempre que sexa posible, descompoñer as tarefas
- Supervisar con frecuencia a realización das tarefas
- Buscar a colaboración dun compañeir@ responsable para que lle axude a comprender e realizar as tarefas

## I.E.S. CORUXO. *Departamento de filosofía*

Asemade, para os alumnos con TDAH:

- Supervisar con frecuencia a realización das tarefas
- Potenciar a aprendizaxe colaborativa
- Buscar a colaboración dun compañeir@ responsable para que lle axude a comprender e realizar as tarefas
- Deixar máis tempo para as probas escritas ou exames
- Supervisar a comprensión das preguntas
- Implicar ao alumno con preguntas sinxelas e motivadoras
- Graduar o uso do 'tempo fóra'
- reforzar positivamente as conductas adecuadas

### **14. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN Ó PROXECTO LECTOR, ÁS TIC E Ó PLAN DE CONVIVENCIA**

#### **Estratexias para incorporar as TIC na aula**

Para incorporar as TIC na aula pódense unha serie de recursos **integrados** cos contidos e nas actividades de Valores éticos 1, que complementan e amplían a información. Estes recursos pódense incorporar ao día a día na aula, compartindo protagonismo cos contidos planificados para ese curso. Sirvan como exemplo:

<i>Actividades interactivas</i>	O alumno responde seleccionando a opción correcta, clasificando elementos de diferentes grupos ou situándoos na súa posición correcta...  Ao finalizar, o programa informa dos acertos e erros, e dáse a oportunidade de corrixilos (aplicables no Encerado Dixital Interactivo).
<i>Animación</i>	Explican un procedemento con imaxes e con texto. As imaxes son animadas e evolucionan a medida que avanza a explicación do

## I.E.S. CORUXO. *Departamento de filosofía*

	procedemento.
<i>Cazas do tesouro</i>	Propoñen unha procura de información a través da web. Suscitan unha serie de preguntas e unha gran pregunta (actividade máis elaborada). Para respondelas, o alumno deberá buscar información por Internet tanto nas páxinas web indicadas como noutras.
<i>Ligazóns a Internet</i>	Colección de ligazóns a Internet de alto interese para o alumno: <i>applets</i> , simulación de modelos, experimentos virtuais, explicacións complementarias, actividades, curiosidades....
<i>Bancos de imaxes</i>	Colección de debuxos e de fotografías que ilustran algún aspecto ou se relacionan cos contidos explicados no libro.
<i>Presentacións</i>	Secuencia de diapositivas que presenta de forma esquemática os contidos principais de cada unidade.
<i>Tests interactivos</i>	Unha batería de preguntas sobre contidos diversos. Preguntas de tipo test nas que se debe escoller unha opción entre tres. Ao acabar a actividade, o ordenador informa do número de acertos e de erros, e dáse a posibilidade de corrixir os fallos.

### **Estratexias para estimular o interese e o hábito de lectura e a capacidade de expresarse correctamente**

Pódense explicitar, como no exemplo, que estratexias ou accións se levarán a cabo desde a materia para fomentar a lectura e a expresión (oral e escrita) dos alumnos.

Lectura:

## **I.E.S. CORUXO. *Departamento de filosofía***

- Lectura do libro de texto.
- Comentarios de texto (tanto de autores clásicos traducidos como de contemporáneos).
- Outras lecturas complementarias (de diversa información, curiosidades, artigos de revistas relacionadas coa materia...).

Expresión:

- Exposición oral e escrita en razoamentos, en actividades e en traballos individuais e en grupo.
- Expresión oral e escrita das aprendizaxes utilizando o vocabulario adecuado.

### **15. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

Relación das actividades complementarias e das extraescolares planificadas polo centro e relacionadas coa materia. Por exemplo:

- Día da Constitución: conferencias, concursos, actividades culturais.
- Día da Paz e da non-violencia: actividades deportivas, debates, mesas redondas, visitas a artistas da localidade.
- Seminarios sobre: a convivencia escolar, a educación.
- Día do libro: actividades de fomento da lectura.
- Día Internacional do medio natural: visita a unha planta de recuperación e reciclaxe.
- Campaña do banco de alimentos.

·Proposta de análise de películas, etc.

Con respecto ás actividades complementarias, convén reflexionar sobre estas catro cuestións:

- Consegúronse os obxectivos propostos a partir das actividades realizadas?
- Como resultaron as actividades?
- Cales gustaron máis?
- Que propostas de mellora podemos sinalar?

### **16. PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN**

Neste apartado pretendemos promover a reflexión docente e a autoavaliación da realización e do desenvolvemento de programación didáctica. Para iso, ao finalizar cada unidade didáctica, en cada trimestre ou ao final de curso propónse unha secuencia de preguntas que permitan ao docente avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade.

De igual modo, propoñemos unha ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto. Pódese realizar ao final de cada trimestre ou ao final do curso para recoller as melloras no seguinte cadro:

ASPECTOS PARA AVALIAR	PARA DESTACAR...	PARA MELLORAR...	PROPOSTAS DE MELLORA PERSOAL
Temporalización das unidades didácticas			
Desenvolvemento dos obxectivos didácticos			
Manexo dos contidos da unidade			

**I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

Descritores e desempeños competenciais			
Realización de tarefas			
Estratexias metodolóxicas seleccionadas			
Recursos			
Claridade nos criterios de avaliación			
Uso de diversas ferramentas de avaliación			
Atención á diversidade			
Interdisciplinabilidade			



## HISTORIA DA FILOSOFÍA

### *2º Bacharelato*

#### ÍNDICE

1. Introducción e contextualización.....	1
2. Contribución da materia á consecución das competencias.....	2
3. Concreción dos obxectivos xerais do Bacharelato e obxectivos específicos da materia.....	3
4. Relación e concreción de estándares de aprendizaxe avaliáveis e indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.....	5
5. Secuenciación e temporalización de contidos.....	19
6. Procedementos e instrumentos de avaliación.....	17
7. Metodoloxía, estratexias e actividades didácticas como instrumentos de avaliación.....	22
8. Criterios de cualificación.....	23
9. Grao mínimo de consecución para superar a materia e procedementos de recuperación e avaliación da materia pendente.....	23
10. Diversificación curricular e temas transversais.....	25
11. Actividades complementarias y extraescolares.....	28
12. Procedementos para avaliar a propia programación.....	28

#### INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

Historia da Filosofía, ademais de ser unha materia que da sentido e continuidade desde unha perspectiva histórica ás ideas que se presentaron nas materias de Filosofía de cuarto de ESO e Filosofía de primeiro de bacharelato, contribúe ao desenvolvemento integral dos alumnos e das alumnas de bacharelato, xa que permite tomar conciencia do seu ser como ser pensante e autónomo, e reflexionar sobre as súas propias crenzas, ideas e conviccións e as do mundo que hai arredor, de xeito crítico e razoado, e rexeitalas e/ou modificalas, ou asumilas como parte de si. A Historia da Filosofía non se presenta como un percorrido cronolóxico polas ideas do pensamento occidental sen máis; tampouco debería ser un simple compendio de autores e autoras, senón un intento de achegamento ao esforzo do ser humano por comprender a realidade e o propio ser humano en todas as súas dimensións. Trátase dunha investigación que nos fará máis libres, permitíranos comprender o pasado e o presente, e proxectar solucións sobre os problemas que se nos formulen no futuro. É no pensar de "outros/as" (e con "outros/as") como se foi configurando ao

## **I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

longo da historia das ideas, como lograremos estimular o noso propio pensamento, ese "sapere aude" kantiano, que nos leve a xerar as nosas propias ideas tendo en conta de onde proceden e respectando as persoas que non pensan coma nós. Ese pensar a través do diálogo de distintos/as autores/as e épocas que foron creando aproximacións ou tendencias cara á verdade respecto aos problemas e ás grandes preguntas que se formulou o ser humano ao longo da súa existencia constitúe a Historia da Filosofía. E nese percorrido, o alumnado deberá reflexionar sobre as razóns da presenza maioritariamente masculina na produción filosófica desde as súas orixes, ao tempo que debe coñecer o pensamento filosófico na muller.

### **2. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA Á CONSECUCCIÓN DAS COMPETENCIAS**

Esta materia contribúe ao desenvolvemento das competencias clave do bacharelato pola súa propia natureza e polo xeito que está articulada, e permite o desenvolvemento persoal e social como cidadán ou cidadá, así como o desenvolvemento profesional no futuro, xa que, como materia terminal do bacharelato, adquire tamén a dimensión de propedéutica para un amplo abano de estudos e profesións posteriores. Historia da Filosofía permítelles aos alumnos e ás alumnas de bacharelato contribuír á consecución das seguintes competencias:

- a) A competencia en comunicación lingüística**, a través de disertacións, argumentacións, análises de textos relevantes, definicións de termos, diálogos, exposicións orais e escritas, ensaios filosóficos, etc.
- b) As competencias sociais e cívicas** preséntanse asociadas a numerosos estándares de aprendizaxe da materia que poñen o alumnado en relación co proceso de formación e transformación da sociedade humana desde as súas orixes, e permiten coñecer os seus problemas e as respostas que se deron ao longo da historia.
- c) A competencia de aprender a aprender** contribúe a que o alumnado sexa quen de aprender por si mesmo, ao consolidar esta faceta noutros ámbitos, así como de cara ao futuro. Xa que logo, pídese reflexionar, aprender en equipo, comprender e explicar, etc.
- d) A competencia dixital** desenvólvese realizando traballos colectivos a través da TIC, utilizando ferramentas informáticas para realizar presentacións, procuras en internet, etc.
- e) Foméntase tamén a consecución, entre outras, da competencia de conciencia e expresións culturais**, xa que se recorre constantemente ao diálogo entre épocas e autores/as anteriores, facendo unha revisión das súas achegas ao ámbito das expresións culturais a nivel histórico.

A consecución destas competencias clave por parte do alumnado non se levará a cabo sen un cambio a nivel metodolóxico no proceso de ensino e aprendizaxe que vai supor un reto para os/as profesionais da educación nesta etapa. Este cambio hase concretar na práctica de traballo na aula e na metodoloxía, que lle ha permitir o desempeño ao alumnado dun alto grao de dominio das competencias, apoiándose na aprendizaxe cooperativa e a resolución conxunta de casos ou problemas, que permitan xeneralizar estratexias e aplicarlas en situacións similares e reais, aprendendo dos demais. Pódense utilizar procedementos de avaliación variados, como por exemplo rúbricas, escalas, probas orais e escritas, portafolios e traballos de clase, posibilitando a participación do alumnado no seu proceso de avaliación.

Outro aspecto salientable da materia de Historia da Filosofía é o tratamento dos elementos transversais que corresponden ao bacharelato, destacando nomeadamente a comprensión e a expresión orais e escritas en todos os bloques da materia, ou o uso das tecnoloxías da información e da comunicación como elemento transversal no propio currículo da materia, entre outros.

## **I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

A materia está organizada en cinco bloques: o primeiro é transversal e, por tanto, reaparecerá ao longo de todo o currículo, trátase da análise de textos, a argumentación, as ferramentas de investigación propias da filosofía e as aplicacións das tecnoloxías da información e da comunicación na materia; os outros catro bloques corresponden coas catro épocas máis relevantes da historia no relativo ao pensamento: Grecia Antiga, a Idade Media, a Modernidade e a Ilustración e a filosofía da Idade Contemporánea, que chega a ocuparse de autores/as e problemas actuais. Estes catro bloques están estruturados a través de autores/as salientables, dos/das que se sinala a súa terminoloxía, os textos máis representativos e as súas teorías características, e se contextualizan con outros/as autores/as ou épocas, resaltando á súa vez as súas contribucións á sociedade e á súa época.

### **3. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS XERAIS DO BACHARELATO E ESPECÍFICOS DA MATERIA**

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria de Galicia, de acordo co Decreto 126/2008, do 19 de xuño, polo que se establece a ordenación e o currículo de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia; e baseándose no Real Decreto 1467/2007, do 2 de novembro, onde se establece a estrutura do bacharelato e fixa as súas ensinanzas mínimas; por proposta da conselleira de Educación e Ordenación Universitaria no exercicio da facultade outorgada polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro, e pola Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, oído o Consello Escolar de Galicia e de conformidade co ditame do Consello Consultivo e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día dezanove de xuño de dous mil oito, establece os seguintes obxectivos xerais para esta materia:

1. Coñecer e identificar as características específicas do ser humano e as dimensións que o configuran, analizando a súa xénese evolutiva e as tensións que xeran: dialéctica natureza/cultura e individuo/sociedade.
2. Comprender e analizar a forma específica de categorización e relación lingüístico-simbólica que os suxeitos humanos establecen co mundo e cos semellantes.
3. Analizar e comprender os elementos e procedementos propios da racionalidade e caracterizar a especificidade do saber filosófico contrastándoo con outros saberes -en especial co científico.
4. Distinguir a dobre dimensión teórica e práctica da filosofía, e comprender as grandes preguntas e problemas filosóficos xerados a partir desta dobre dimensión.
5. Analizar e comprender os fundamentos da acción moral, valorando a autonomía moral como meta ineludible dunha conduta madura e responsable.
6. Coñecer, analizar e valorar os enfoques das teorías éticas fronte á dobre aspiración de felicidade e xustiza na sociedade actual, facendo especial énfase nos esforzos de conciliación de ambas as aspiracións.
7. Comprender as conexións entre moral, dereito e política, partindo da análise do concepto de cidadanía e da súa xénese histórica.
8. Comprender e valorar as raíces éticas da lexitimidade política democrática e, en consecuencia, das institucións do Estado que sobre elas se levanten.
9. Analizar os novos retos da democracia no mundo globalizado actual.
10. Obter información por diversos medios sobre problemas filosóficos, analizándoa e integrándoa, así como adquirir unha bagaxe básica de nocións, conceptos e teorías elaboradas pola filosofía verbo dos citados problemas.
11. Dialogar, debater e argumentar con rigor lóxico e coherencia, respectando as persoas que sosteñen posturas diferentes.
12. Analizar textos referidos ás temáticas desenvoltas no currículo, así como elaborar composicións e traballos escritos sobre elas.
13. Manter un diálogo continuo coa vida real, mediante a aplicación das nocións e conceptos que se van adquirindo ao contorno.

## I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía

14. Empregar con rigor e propiedade os conceptos e vocabulario específico correspondente, tanto na análise dos problemas como nos debates e exposicións orais e escritas.
15. Desenvolver competencia lectora e hábitos de traballo intelectual.
16. Desenvolver unha competencia social e cidadá baseada nunha actitude crítica, autónoma e responsable ante todo intento de xustificación de desigualdades sociais e ante toda discriminación por sexo, etnia, cultura, crenzas ou características individuais e sociais.

### **Obxectivos específicos**

1. *Coñecer e comprende-los diferentes aspectos (temas, autores, escolas) que integran os períodos nos que se divide a Historia da Filosofía.*
2. *Comprende-la relación entre os problemas expostos e as teorías propostas con outras manifestacións teóricas e prácticas do contexto histórico onde foron enunciados.*
3. Comprende-la Historia da Filosofía como un avance en espiral, onde os problemas son retomados cun crecente nivel de radicalidade metodolóxica.
4. Recoñecer e situa-los problemas filosóficos analizados no curso anterior como cuestións xurdidas ó longo da historia.
5. Comprende-os problemas filosóficos fundamentais que ocuparon ós filósofos ó longo da historia e recoñece-la súa trascendencia para a comprensión do mundo actual.
6. *Aprender a ler e comentar textos filosóficos establecendo entre eles un diálogo crítico que leve á súa interpretación, á súa comparación e á súa localización.*
7. *Asimilar comprensivamente os conceptos filosóficos máis importantes e utilízalos como ferramentas intelectuais que permiten formular e explicar adecuadamente cuestións tanto humanísticas como científicas.*
8. *Aprender a analizar e expoñer adecuadamente, de modo oral e escrito, os problemas e as teorías filosóficas estudadas prestando especial interés ó rigor conceptual e lóxico.*
9. *Desenvolver e consolida-la actitude crítica ante opinións contrapostas, someténdoa a unha reflexión racional, e analiza-los conceptos previos, prexuízos e posicións ideolóxicas que poidan existir como condicionantes.*
10. Comprender e valora-lo desenvolvemento das ideas como un continuado esforzo racional, e comprender e valorar que o diálogo racional é a orixe do mesmo.
11. Valora-lo debate de posicións contrapostas como medio para practica-lo respecto ós demais e a tolerancia positiva contra calquera forma de discriminación.

Se fose preciso facer unha adaptación pedagóxica especial dirixida á docencia semipresencial ou non presencial (por mor das circunstancias socio-sanitarias actuais), os **obxectivos preferentes e indispensables** para este curso ( *sinalados en negra e cursiva*) serían os seguintes:

**1, 2, 4, 6, 7, 8, 9**

**3. RELACIÓN E CONCRECIÓN DE ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVAILABLES E INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE**

2º de bacharelato

Historia da Filosofía. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Contidos transversais				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Comentario de texto.</li> <li>▪ B1.2. Diálogo filosófico e argumentación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Realizar a análise de fragmentos dos textos máis salientables da historia da filosofía, e ser capaz de transferir os coñecementos a outros/as autores/as ou problemas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB1.1.1. Comprende o sentido global dos textos máis salientables dos/das autores/as estudados/as, recoñecendo a orde lóxica da argumentación e as formulacións que se defenden, e é quen de transferir os coñecementos a outros/as autores/as ou problemas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB1.1.2. Analiza as ideas do texto, identificando a conclusión e os conceptos e as ideas relevantes, e recoñece a súa estrutura e a orde lóxica das súas ideas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB1.1.3. Argumenta a explicación das ideas presentes no texto, en relación coa filosofía do/da autor/a e os contidos estudados.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Diálogo filosófico e argumentación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Argumentar con claridade e capacidade crítica, oralmente e por escrito, as súas propias opinións sobre os problemas fundamentais da filosofía, dialogando de xeito razoado con outras posicións diferentes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB1.2.1. Argumenta as súas propias opinións con claridade e coherencia, tanto oralmente como por escrito.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB1.2.2. Utiliza o diálogo racional na defensa das súas opinións, e valora a diversidade de ideas e, á vez, apoiándose nos aspectos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>

**I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

Historia da Filosofía. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			comúns.	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ g</li> <li>▪ m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Ferramentas de aprendizaxe e investigación da filosofía.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Aplicar adecuadamente as ferramentas e os procedementos do traballo intelectual á aprendizaxe da filosofía, realizando traballos de organización e investigación dos contidos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB1.3.1. Sintetiza correctamente a filosofía de cada autor/a, mediante resumos dos seus contidos fundamentais, e clasifícaos nos núcleos temáticos que atravesan a historia da filosofía: realidade, coñecemento, ser humano, ética e política.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB1.3.2. Elabora listaxes de vocabulario de conceptos, comprende o seu significado, organizaos en esquemas ou mapas conceptuais, táboas cronolóxicas e outros procedementos útiles para a comprensión da filosofía do autor, e aplícaos con rigor.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB1.3.3. Selecciona información de distintas fontes, bibliográficas e de internet, e reconece as fontes fiables.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB1.3.4. Realiza redaccións ou disertacións, traballos de investigación e proxectos que impliquen un esforzo creativo e unha valoración persoal dos problemas filosóficos formulados na historia da filosofía.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ d</li> <li>▪ g</li> <li>▪ m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.4. Aplicación das competencias de tecnoloxías da información e da comunicación á historia da filosofía.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.4. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación na realización e na exposición dos traballos de investigación filosófica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB1.4.1. Utiliza as ferramentas informáticas e da web 2.0. (wikis, blogs, redes sociais, procesador de textos, presentación de diapositivas ou recursos multimedia, etc.) para o desenvolvemento dos traballos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB1.4.2. Realiza procuras avanzadas en internet sobre os contidos da investigación, e decide os conceptos adecuados.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> </ul>

**I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

Historia da Filosofía. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			<ul style="list-style-type: none"> <li>HFB1.4.3. Colabora en traballos colectivos de investigación sobre os contidos estudados utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CD</li> </ul>
Bloque 2. A filosofía na Grecia antiga				
<ul style="list-style-type: none"> <li>b</li> <li>c</li> <li>d</li> <li>e</li> <li>h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.1. Orixe da filosofía grega. Os presocráticos: resposta á orixe do cosmos.</li> <li>B2.2. Dialéctica socrática.</li> <li>B2.3. Convencionalismo democrático e relativismo dos sofistas</li> <li>B2.4. Platón: ontoloxía e coñecemento; concepción dualista do ser humano; dimensión antropolóxica e política da virtude; o autor e o seu contexto.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.1. Coñecer a orixe da filosofía en Grecia e comprender o primeiro gran sistema filosófico, o de Platón, analizando a relación entre realidade e coñecemento, a concepción dualista do ser humano e a dimensión antropolóxica e política da virtude, en relación coa filosofía presocrática e o xiro antropolóxico de Sócrates e os Sofistas, valorando a súa influencia no desenvolvemento das ideas e os cambios socioculturais da Grecia antiga, e apreciando criticamente o seu discurso.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>HFB2.1.1. Utiliza conceptos de Platón como idea, mundo sensible, mundo intelixible, ben, razón, doxa, episteme, universal, absoluto, dualismo, reminiscencia, transmigración, mimese, methexe, virtude e xustiza, entre outros, e aplicaos con rigor.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>HFB2.1.2. Entende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral como na escrita, as teorías fundamentais da filosofía de Platón, analizando a relación entre realidade e coñecemento, a concepción dualista do ser humano e a dimensión antropolóxica e política da virtude.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>HFB2.1.3. Distingue as respostas da corrente presocrática en relación á orixe do Cosmos, os conceptos fundamentais da dialéctica de Sócrates e o convencionalismo democrático e o relativismo moral dos sofistas, identificando os problemas da filosofía antiga, e relacionando esas respostas coas solucións achegadas por Platón.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>HFB2.1.4. Respecta o esforzo da filosofía de Platón por contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios sociais da Grecia antiga, valorando positivamente o diálogo como método filosófico, o nacemento das utopías</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> </ul>

**I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

Historia da Filosofía. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			sociais, o sentido do gobernante-filósofo ou a súa defensa da inclusión das mulleres na educación.	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.5. A física de Demócrito.</li> <li>▪ B2.6. Problemas da filosofía antiga e solución de Aristóteles.</li> <li>▪ B2.7. Aristóteles: metafísica, física, coñecemento, ética eudemonista e política. Comparación coa filosofía platónica. O autor e o seu contexto.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.2. Entender o sistema teleolóxico de Aristóteles, en relación co pensamento de Platón e a física de Demócrito, e valorando a súa influencia no desenvolvemento das ideas e cos cambios socioculturais da Grecia antiga.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB2.2.1. Utiliza con rigor conceptos do marco do pensamento de Aristóteles, como substancia, ciencia, metafísica, materia, forma, potencia, acto, causa, efecto, teleoloxía, lugar natural, indución, dedución, abstracción, alma, monismo, felicidade e virtude, entre outros.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB2.2.2. Comprende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías fundamentais de Aristóteles, examinando a súa concepción da metafísica e da física, o coñecemento, a ética eudemonista e a política, en comparación coas teorías de Platón.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB2.2.3. Describe as respostas da física de Demócrito, identificando os problemas da filosofía antiga, e relaciona esas respostas coas solucións achagadas por Aristóteles.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB2.2.4. Estima e razoa o esforzo da filosofía de Aristóteles por contribuír ao desenvolvemento do pensamento occidental, valorando positivamente a formulación científica das cuestións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ h</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.8. Doutrinas éticas helenísticas: Epicureísmo, Estoicismo e Escepticismo.</li> <li>▪ B2.9. Científicos helenísticos.</li> <li>▪ B2.10. A Biblioteca de Alexandría.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.3. Coñecer as escolas éticas xurdidas no helenismo, como o Epicureísmo, o Estoicismo e o Escepticismo, valorar o seu papel no contexto socio-histórico e cultural da época, e recoñecer a repercusión dos grandes científicos helenísticos, apreciando a gran</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB2.3.1. Describe as respostas das doutrinas éticas helenísticas, e identifica algúns dos grandes logros da ciencia alexandrina.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>



**I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

Historia da Filosofía. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
		importancia para occidente da Biblioteca de Alexandria.		
Bloque 3. A filosofía medieval				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Cristianismo e filosofía. Agostiño de Hipona: teoría da iluminación, filosofía da historia, o problema da certeza e a defensa da liberdade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Explicar a orixe do pensamento cristián e o seu encontro coa filosofía a través das ideas fundamentais de Agostiño de Hipona, apreciando a súa defensa da liberdade, da verdade e do coñecemento interior ou a historia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB3.1.1. Explica o encontro da filosofía e a relixión cristiá nas súas orixes, a través das teses centrais do pensamento de Agostiño de Hipona.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.2. Escolástica medieval. Tomé de Aquino: relacións de razón e fe. Vías para a demostración da existencia de Deus. Lei moral. Relación coa filosofía antiga e coa agostiniana, a xudía e o nominalismo. O autor e o seu contexto.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.2. Coñecer a síntese de Tomé de Aquino, en relación co agostinismo, a filosofía árabe e xudía, e o nominalismo, e valorar a súa influencia no desenvolvemento das ideas e nos cambios socioculturais da Idade Media.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB3.2.1. Define conceptos de Tomé de Aquino, como razón, fe, verdade, deus, esencia, existencia, creación, inmortalidade, lei natural, lei positiva e precepto, entre outros, e aplícaos con rigor.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB3.2.2. Entende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías fundamentais da filosofía de Tomé de Aquino, distinguindo a relación entre fe e razón, as vías de demostración da existencia de Deus, e a lei moral, en comparación coas teorías da filosofía Antiga.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB3.2.3. Discrimina as respostas do agostinismo, a filosofía árabe e xudía, e o nominalismo, identificando os problemas da filosofía medieval, en relación coas solucións achegadas por Tomé de Aquino.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB3.2.4. Valora o esforzo da filosofía de Tomé de Aquino por contribuír ao desenvolvemento das ideas e os cambios sociais da Idade Media, xulgando positivamente a</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>

**I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

Historia da Filosofía. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			universalidade da lei moral.	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.4. Crise da Escolástica no século XIV: nominalismo de Guillerme de Ockham. Relacións entre razón e fe. Novo pulo para a ciencia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.3. Coñecer algunha das teorías centrais do pensamento de Guillerme de Ockham, cuxa reflexión crítica supuxo a separación entre razón e fe, a independencia da filosofía e o novo pulo para a ciencia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB3.3.1. Coñece as teses centrais do nominalismo de Guillerme de Ockham e a súa importancia para a entrada na modernidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>
Bloque 4. A filosofía na Modernidade e na Ilustración				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ h</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. A filosofía no Renacemento. Humanismo: novo concepto sobre a natureza humana.</li> <li>▪ B4.2. F. Bacon. Os prexuízos na investigación do coñecemento.</li> <li>▪ B4.3. Implicacións da revolución científica.</li> <li>▪ B4.4. Realismo político de Maquiavelo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Comprender a importancia do xiro do pensamento occidental que se deu no Renacemento e que anticipa a modernidade, valorando o novo humanismo que enxalza a "dignitas hominis", a investigación dos prexuízos do coñecemento de F. Bacon e as implicacións da Revolución Científica, e coñecer as teses fundamentais do realismo político de N. Maquiavelo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB4.1.1. Comprende a importancia intelectual do xiro do pensamento científico que se deu no Renacemento, e describe as respostas da filosofía humanista sobre a natureza humana.</li> <li>▪ HFB4.1.2. Explica as ideas ético-políticas fundamentais de N. Maquiavelo e compáraas cos sistemas ético-políticos anteriores.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.5. Descartes: O método, o "cogito" (coñecemento e realidade) e o dualismo antropolóxico.</li> <li>▪ B4.6. Comparación do autor coa filosofía antiga e medieval, e relación coa Moderna. O autor e o seu contexto.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.2. Entender o racionalismo de Descartes, distinguíndoo e relacionándoo coa filosofía humanista e o monismo panteísta de Spinoza, e valorar a súa influencia no desenvolvemento das ideas e nos cambios socioculturais da Idade Moderna.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB4.2.1. Identifica conceptos de Descartes como razón, certeza, método, dúbida, hipótese, "cogito", idea, substancia e subxectivismo, entre outros, e aplícaos con rigor.</li> <li>▪ HFB4.2.2. Comprende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías fundamentais da filosofía de Descartes, analizando o método e a relación entre coñecemento e realidade a partir do "cogito" e o dualismo no ser humano, en comparación coas teorías da filosofía antiga e da medieval.</li> <li>▪ HFB4.2.3. Identifica os problemas da filosofía moderna e relaciónaos coas solucións aportadas por Descartes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>

**I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

Historia da Filosofía. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			<ul style="list-style-type: none"> <li>HFB4.2.4. Estima e razoa o esforzo da filosofía de Descartes por contribuir ao desenvolvemento das ideas e aos cambios socioculturais da Idade Moderna, e valora a universalidade da razón cartesiana.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>b</li> <li>c</li> <li>d</li> <li>e</li> <li>h</li> <li>l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.7. Hume: o coñecemento, crítica á causalidade e á substancia. Emotivismo moral. Comparación coa filosofía anterior. O autor e o seu contexto</li> <li>B4.8. Locke: liberalismo político.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.3. Coñecer o empirismo de Hume en relación co liberalismo político de Locke, e valorar a súa influencia no desenvolvemento das ideas e os cambios socioculturais da Idade Moderna.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>HFB4.3.1. Utiliza conceptos de Hume como escepticismo, crítica, experiencia, percepción, inmanencia, asociación, impresións, ideas, hábito, contradición, causa, crenza, sentimento, mérito, utilidade, felicidade, contrato social, liberdade e deber, entre outros, e úsaos con rigor.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>HFB4.3.2. Entende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías fundamentais de Hume, distinguindo os principios e os elementos do coñecemento respecto á verdade, a crítica á causalidade e á substancia, e o emotivismo moral, en comparación coas teorías da filosofía antiga e da medieval, e co racionalismo moderno.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>HFB4.3.3. Coñece e explica as ideas centrais do liberalismo político de Locke, identificando os problemas da filosofía moderna, e relaciónaas coas solucións aportadas por Hume.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>HFB4.3.4. Valora o esforzo da filosofía de Hume por contribuir ao desenvolvemento das ideas e aos cambios socioculturais da Idade Moderna, xulgando positivamente a procura da felicidade colectiva.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>b</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.9. A Ilustración francesa. Rousseau: a crítica</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.4. Coñecer os principais ideais dos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>HFB4.4.1. Comprende os ideais que</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> </ul>

**I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

Historia da Filosofía. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ h</li> </ul>	<p>social, a crítica á civilización, o estado de natureza, a defensa do contrato social e a vontade xeral.</p>	<p>ilustrados franceses, aprofundando no pensamento de J.J. Rousseau, e valorar a importancia do seu pensamento para o xurdimento da democracia mediante unha orde social acorde coa natureza humana.</p>	<p>impulsaron os ilustrados franceses, e explica o sentido e transcendencia do pensamento de Rousseau, a súa crítica social, a crítica á civilización, o estado de natureza, a defensa do contrato social e a vontade xeral.</p>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.10. Idealismo transcendental. Kant: as facultades e límites do coñecemento.</li> <li>▪ B4.11. Lei Moral e paz perpetua.</li> <li>▪ B4.12. Relación do proxecto ilustrado de Rousseau coa filosofía Moderna e Kant.</li> <li>▪ B4.13. Comparación coas teorías da filosofía antiga, medieval e moderna.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.5. Comprender o idealismo crítico de Kant, en relación co racionalismo de Descartes, o empirismo de Hume e a filosofía ilustrada de Rousseau, e valorar a súa influencia no desenvolvemento das ideas e os cambios socioculturais da Idade Moderna.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB4.5.1. Aplica conceptos de Kant como sensibilidade, entendemento, razón, crítica, transcendental, ciencia, innato, xuízo, a priori, a posteriori, facultade, intuición, categoría, ilusión transcendental, idea, lei, fenómeno, nómeno, vontade, deber, imperativo categórico, autonomía, postulado, liberdade, dignidade, persoa, paz e pacto, entre outros, e utilízalos con rigor.</li> <li>▪ HFB4.5.2. Entende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías fundamentais da filosofía de Kant, analizando as facultades e os límites do coñecemento, a lei moral e a paz perpetua, comparándoas coas teorías da filosofía antiga, medieval e moderna.</li> <li>▪ HFB4.5.3. Describe a teoría política de Rousseau, identificando os problemas da filosofía moderna e relacionándoa coas solucións achegadas por Kant.</li> <li>▪ HFB4.5.4. Respecta e razoa o esforzo da filosofía de Kant por contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios socioculturais da Idade Moderna, e valora a dignidade e a procura da paz entre as nacións</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
Bloque 5. A filosofía contemporánea				

**I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

Historia da Filosofía. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Marx: o materialismo histórico, a crítica ao idealismo, á alienación e á ideoloxía, e a súa visión humanista do individuo.</li> <li>▪ B5.2. Relación de Marx cos problemas da filosofía contemporánea. O autor e o seu contexto.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Entender o materialismo histórico de Marx, en relación co idealismo de Hegel e con Feuerbach, e valorar a súa influencia no desenvolvemento das ideas e nos cambios socioculturais da Idade Contemporánea.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB5.1.1. Identifica conceptos de Marx como dialéctica, materialismo histórico, praxe, alienación, infraestrutura, superestrutura, forzas produtivas, medios de produción, loita de clases, traballo, plusvalor e humanismo, entre outros, e utilízalos con rigor.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB5.1.2. Coñece e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías fundamentais da filosofía de Marx, examinando o materialismo histórico e a crítica ao idealismo, á alienación e á ideoloxía, e expón a súa visión humanista do individuo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB5.1.3. Identifica os problemas da filosofía contemporánea en relación coas solucións achegadas por Marx.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB5.1.4. Valora o esforzo da filosofía de Marx por contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios sociais da Idade Contemporánea, xulgando positivamente a defensa da igualdade social.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.3. Nietzsche: crítica á metafísica, á moral e á ciencia; a verdade como metáfora.</li> <li>▪ B5.4. O superhome, como resultado da inversión de valores e a vontade de poder, e comparación coas teorías da filosofía antiga, medieval, moderna e contemporánea. O autor e o seu contexto.</li> <li>▪ B5.5. A vontade en Schopenhauer.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.2. Comprender o vitalismo de Nietzsche en relación co vitalismo de Schopenhauer, e valorar a súa influencia no desenvolvemento das ideas e os cambios socioculturais da Idade Contemporánea.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB5.2.1. Define conceptos de Nietzsche como crítica, traxedia, intuición, metáfora, convención, perspectiva, xenealoxía, transvaloración, nihilismo, superhome, vontade de poder, e eterno retorno, entre outros, e aplícalos con rigor.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB5.2.2. Entende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías fundamentais da filosofía de Nietzsche, considerando a crítica á metafísica, á moral e á ciencia, a verdade como metáfora, e a</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>

**I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

Historia da Filosofía. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			afirmación do superhome, como resultado da inversión de valores e a vontade de poder, en comparación coas teorías da filosofía antiga, medieval, moderna e contemporánea.	
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB5.2.3. Distingue as respostas de Schopenhauer na súa afirmación da vontade e identifica os problemas da filosofía contemporánea, en relación coas solucións achegadas por Nietzsche.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB5.2.4. Estima o esforzo da filosofía de Nietzsche por contribuir ao desenvolvemento das ideas e aos cambios sociais da Idade Contemporánea, e valora a defensa da verdade e da liberdade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.6. Filosofía española. Ortega y Gasset: a súa relación con posturas filosóficas como o realismo, o racionalismo, o vitalismo ou o existencialismo, e outras posturas filosóficas. O autor e o seu contexto.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.3. Entender o raciovitalismo de Ortega y Gasset en relación con figuras da filosofía española, como Unamuno, e do pensamento europeo, e valorar as influencias que recibe e a repercusión do seu pensamento no desenvolvemento das ideas e a rexeneración social, cultural e política de España.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB5.3.1. Utiliza conceptos de Ortega y Gasset e aplícalos con rigor, como obxectivismo, ciencia, europeización, filosofía, mundo, circunstancia, perspectiva, razón vital, raciovitalismo, vida, categoría, liberdade, idea, crenza, historia, razón histórica, xeración, home-masa e home selecto, entre outros.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB5.3.2. Comprende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías fundamentais da filosofía e da análise social de Ortega y Gasset, en relación con posturas filosóficas como o realismo, o racionalismo, o vitalismo ou o existencialismo, entre outras.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB5.3.3. Respecta o esforzo da filosofía de Ortega y Gasset por contribuir ao desenvolvemento das ideas e aos cambios</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>

**I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

Historia da Filosofía. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			sociais e culturais da Idade Contemporánea española, e valorao seu compromiso coa defensa da cultura e da democracia.	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.7. Filosofía crítica da escola de Frankfurt. A crítica a razón ilustrada e á idea de progreso.</li> <li>▪ B5.8. Racionalidade dialóxica de Habermas: os intereses do coñecemento e a acción comunicativa.</li> <li>▪ B5.9. Contribución de Habermas ao desenvolvemento das ideas e aos cambios sociais da Idade Contemporánea.</li> <li>▪ B5.10. Pensamento posmoderno: principais teses dos filósofos posmodernos, como Vattimo, Lyotard e Baudrillard, e reflexión sobre a súa vixencia actual.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.4. Coñecer as teses fundamentais da crítica da Escola de Frankfurt, analizando a racionalidade dialóxica de Habermas, relacionándoo coa filosofía crítica da Escola de Frankfurt, e valorando a súa influencia no desenvolvemento das ideas e os cambios socioculturais da Idade Contemporánea. Coñecer as teses máis definitorias do pensamento posmoderno, identificando as teses fundamentais de Vattimo, Lyotard e Baudrillard, e valorar criticamente a súa repercusión no pensamento filosófico a partir de finais do século XX.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB5.4.1. Identifica conceptos de Habermas, como coñecemento, interese, consenso, verdade, enunciado, comunicación, desigualdade, ou mundo da vida, e conceptos da filosofía posmoderna, como deconstrución, diferenza, cultura, texto, arte, e comunicación, entre outros, aplicándoos con rigor.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB5.4.2. Entende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías da filosofía de Habermas, distinguindo os intereses do coñecemento e a acción comunicativa, e as teorías fundamentais da posmodernidade, analizando a deconstrución da modernidade desde a multiplicidade da sociedade da comunicación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB5.4.3. Identifica as respostas da filosofía crítica da escola de Frankfurt e reflexiona sobre elas, identificando os problemas da filosofía contemporánea.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB5.4.4. Estima o esforzo da filosofía de Habermas e do pensamento posmoderno por contribuir ao desenvolvemento das ideas e aos cambios sociais da Idade Contemporánea, e valora o seu esforzo na defensa do diálogo racional e o respecto á diferenza.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB5.4.5. Coñece as teses características do pensamento posmoderno, como a crítica á razón ilustrada, á idea de progreso, ao</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>

**I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

Historia da Filosofía. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			<p>pensamento totalizador e á trivialización da existencia, o crepúsculo do deber, ou a perda do suxeito fronte á cultura de masas, entre outras.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB5.4.6. Explica e argumenta sobre as principais teses dos filósofos posmodernos, como Vattimo, Lyotard e Baudrillard, e reflexiona sobre a súa vixencia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCL</li> </ul>

**Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles**

<b>Criterio de avaliación</b>	<b>Estándar de aprendizaxe</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Realizar a análise de fragmentos dos textos máis salientables da historia da filosofía, e ser capaz de transferir os coñecementos a outros/as autores/as ou problemas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB1.1.1. Comprende o sentido global dos textos máis salientables dos/das autores/as estudados/as, recoñecendo a orde lóxica da argumentación e as formulacións que se defenden, e é quen de transferir os coñecementos a outros/as autores/as ou problemas. <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB1.1.2. Analiza as ideas do texto, identificando a conclusión e os conceptos e as ideas relevantes, e recoñece a súa estrutura e a orde lóxica das súas ideas.</li> </ul> </li> <li>▪ HFB1.1.3. Argumenta a explicación das ideas presentes no texto, en relación coa filosofía do/da autor/a e os contidos estudados.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Argumentar con claridade e capacidade crítica, oralmente e por escrito, as súas propias opinións sobre os problemas fundamentais da filosofía, dialogando de xeito razoado con outras posicións diferentes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB1.2.1. Argumenta as súas propias opinións con claridade e coherencia, tanto oralmente como por escrito.</li> </ul>



**I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Aplicar adecuadamente as ferramentas e os procedementos do traballo intelectual á aprendizaxe da filosofía, realizando traballos de organización e investigación dos contidos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB1.3.1. Sintetiza correctamente a filosofía de cada autor/a, mediante resumos dos seus contidos fundamentais, e clasifícaos nos núcleos temáticos que atravesan a historia da filosofía: realidade, coñecemento, ser humano, ética e política.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.4. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación na realización e na exposición dos traballos de investigación filosófica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB1.4.1. Utiliza as ferramentas informáticas e da web 2.0. (wikis, blogs, redes sociais, procesador de textos, presentación de diapositivas ou recursos multimedia, etc.) para o desenvolvemento dos traballos.</li> <li>▪ HFB1.4.3. Colabora en traballos colectivos de investigación sobre os contidos estudados utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Coñecer a orixe da filosofía en Grecia e comprender o primeiro gran sistema filosófico, o de Platón, analizando a relación entre realidade e coñecemento, a concepción dualista do ser humano e a dimensión antropolóxica e política da virtude, en relación coa filosofía presocrática e o xiro antropolóxico de Sócrates e os Sofistas, valorando a súa influencia no desenvolvemento das ideas e os cambios socioculturais da Grecia antiga, e apreciando criticamente o seu discurso.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB2.1.1. Utiliza conceptos de Platón como idea, mundo sensible, mundo intelixible, ben, razón, doxa, episteme, universal, absoluto, dualismo, reminiscencia, transmigración, mímese, methexe, virtude e xustiza, entre outros, e aplícaos con rigor.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.2. Entender o sistema teleolóxico de Aristóteles, en relación co pensamento de Platón e a física de Demócrito, e valorando a súa influencia no desenvolvemento das ideas e cos cambios socioculturais da Grecia antiga.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB2.2.1. Utiliza con rigor conceptos do marco do pensamento de Aristóteles, como substancia, ciencia, metafísica, materia, forma, potencia, acto, causa, efecto, teleoloxía, lugar natural, indución, dedución, abstracción, alma, monismo, felicidade e virtude, entre outros.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Explicar a orixe do pensamento cristián e o seu encontro coa filosofía a través das ideas fundamentais de Agostiño de Hipona, apreciando a súa defensa da liberdade, da verdade e do coñecemento interior ou a historia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB3.1.1. Explica o encontro da filosofía e a relixión cristiá nas súas orixes, a través das teses centrais do pensamento de Agostiño de Hipona.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.2. Coñecer a síntese de Tomé de Aquino, en relación co agostinismo, a filosofía árabe e xudía, e o nominalismo, e valorar a súa influencia no desenvolvemento das ideas e nos cambios socioculturais da Idade Media.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB3.2.1. Define conceptos de Tomé de Aquino, como razón, fe, verdade, deus, esencia, existencia, creación, inmortalidade, lei natural, lei positiva e precepto, entre outros, e aplícaos con rigor.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.3. Coñecer algunha das teorías centrais do pensamento de Guillermo de</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FB3.3.1. Coñece as teses centrais do nominalismo de Guillermo de Ockham e a</li> </ul>

**I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

<p>Ockham, cuxa reflexión crítica supuxo a separación entre razón e fe, a independencia da filosofía e o novo pulo para a ciencia.</p>	<p>súa importancia para a entrada na modernidade.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.2. Entender o racionalismo de Descartes, distinguíndoo e relacionándoo coa filosofía humanista e o monismo panteísta de Spinoza, e valorar a súa influencia no desenvolvemento das ideas e nos cambios socioculturais da Idade Moderna.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB4.2.1. Identifica conceptos de Descartes como razón, certeza, método, dúbida, hipótese, "cogito", idea, substancia e subxectivismo, entre outros, e aplícaos con rigor.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.3. Coñecer o empirismo de Hume en relación co liberalismo político de Locke, e valorar a súa influencia no desenvolvemento das ideas e os cambios socioculturais da Idade Moderna.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB4.5.1. Aplica conceptos de Kant como sensibilidade, entendemento, razón, crítica, transcendental, ciencia, innato, xuízo, a priori, a posteriori, facultade, intuición, categoría, ilusión transcendental, idea, lei, fenómeno, nóumeno, vontade, deber, imperativo categórico, autonomía, postulado, liberdade, dignidade, persoa, paz e pacto, entre outros, e utilízalos con rigor.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.4. Coñecer os principais ideais dos ilustrados franceses, afondando no pensamento de J.J. Rousseau, e valorar a importancia do seu pensamento para o xurdimento da democracia mediante unha orde social acorde coa natureza humana.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB4.4.1. Comprende os ideais que impulsaron os ilustrados franceses, e explica o sentido e transcendencia do pensamento de Rousseau, a súa crítica social, a crítica á civilización, o estado de natureza, a defensa do contrato social e a vontade xeral.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.5. Comprender o idealismo crítico de Kant, en relación co racionalismo de Descartes, o empirismo de Hume e a filosofía ilustrada de Rousseau, e valorar a súa influencia no desenvolvemento das ideas e os cambios socioculturais da Idade Moderna.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB4.5.1. Aplica conceptos de Kant como sensibilidade, entendemento, razón, crítica, transcendental, ciencia, innato, xuízo, a priori, a posteriori, facultade, intuición, categoría, ilusión transcendental, idea, lei, fenómeno, nóumeno, vontade, deber, imperativo categórico, autonomía, postulado, liberdade, dignidade, persoa, paz e pacto, entre outros, e utilízalos con rigor.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Entender o materialismo histórico de Marx, en relación co idealismo de Hegel e con Feuerbach, e valorar a súa influencia no desenvolvemento das ideas e nos cambios socioculturais da Idade Contemporánea.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB5.1.1. Identifica conceptos de Marx como dialéctica, materialismo histórico, praxe, alienación, infraestrutura, superestrutura, forzas produtivas, medios de produción, loita de clases, traballo, plusvalor e humanismo, entre outros, e utilízalos con rigor.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.2. Comprender o vitalismo de Nietzsche en relación co vitalismo de Schopenhauer, e valorar a súa influencia no desenvolvemento das ideas e os cambios socioculturais da Idade Contemporánea.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB5.2.1. Define conceptos de Nietzsche como crítica, traxedia, intuición, metáfora, convención, perspectiva, xenealoxía, transvaloración, nihilismo, superhome, vontade de poder, e eterno retorno, entre outros, e aplícaos con rigor.</li> </ul>

- |   |   |
|---|---|
| <ul style="list-style-type: none"><li>▪ B5.3. Entender o raciovitalismo de Ortega y Gasset en relación con figuras da filosofía española, como Unamuno, e do pensamento europeo, e valorar as influencias que recibe e a repercusión do seu pensamento no desenvolvemento das ideas e a rexeneración social, cultural e política de España.</li></ul> | <ul style="list-style-type: none"><li>▪ HFB5.3.1. Utiliza conceptos de Ortega y Gasset e aplícaos con rigor, como obxectivismo, ciencia, europeización, filosofía, mundo, circunstancia, perspectiva, razón vital, raciovitalismo, vida, categoría, liberdade, idea, crenza, historia, razón histórica, xeración, home-masa e home selecto, entre outros.</li></ul> |
|---|---|

## 5. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DE CONTIDOS

Dado que na orde do D.O.G. do mencionado Decreto 231/ 2002 afírmase que se pretende un currículo aberto sempre que se aborden cuestións fundamentais na historia do pensamento, respectáronse os núcleos temáticos e se artellaron nas unidades didácticas que se detallan a continuación:

### 1ª AVALIACIÓN

1. **O nacemento da filosofía.** O paso do mito ao *lógos*. A filosofía presocrática. Sócrates e a sofística
2. **Platón.** Contexto, vida e obra. A teoría platónica das ideas. Visión ontolóxica e epistemolóxica. Antropoloxía platónica. Teoría da natureza: o cosmos platónico. Ética e política platónicas.
3. **Aristóteles.** Contexto, vida e obra. Crítica á teoría das Ideas de Platón. Física e metafísica aristotélica. Antropoloxía aristotélica. Ética e política aristotélica.
4. **Agustín de Hipona. Tomás de Aquino.** Contextos, vidas e obras. A filosofía medieval. O problema razón/fe. A crise escolástica.

### 2ª AVALIACIÓN

5. **A filosofía no Renacemento.** O contexto sociopolítico e cultural fronte a Idade Media. O Humanismo. A revolución científica e o novo método.
6. **Descartes.** Contexto, vida e obra. O Racionalismo. O proxecto cartesiano. O problema do método e a dúbida cartesiana. A teoría da sustancia e o problema da existencia de Deus.
7. **Hume e Locke.** O empirismo fronte ó racionalismo. Hume: contexto, vida e obra. Fenomenismo e causalidade. Negación da metafísica e crítica á idea de sustancia. O emotivismo moral. Locke: contexto, vida e obra. O liberalismo político de Locke.
8. **Kant.** Contexto, vida e obra. As ideas da Ilustración. O proxecto ilustrado de Kant. A epistemoloxía kantiana. A ética formal kantiana. Antropoloxía e historia en Kant.

### 3ª AVALIACIÓN

## I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía

9. **Marx.** Contexto, vida e obra. A filosofía no século XIX. Dialéctica e materialismo histórico. Alienación e crítica da economía política capitalista.
10. **Nietzsche.** Contexto, vida e obra. Crítica da cultura occidental. Nihilismo e transmutación de valores. Vida e vontade de poder. O 'superhome' e o eterno retorno.
11. **A filosofía do século XX.** Principais correntes de pensamento. Wittgenstein e a filosofía da linguaxe. Heidegger e a analítica existencial. Habermas e a teoría da acción comunicativa.
12. **Ortega y Gasset.** Contexto, vida e obra. A razón histórica e a razón vital: raciovitalismo e perspectivismo. Antropoloxía orteguiana: circunstancia e 'proxecto' vital.

A efectos da preparación da Proba de Selectividade ou Reválida para a o acceso á Universidade se incidirá preferentemente nos autores escollidos para tales efectos. Nembargantes, o coñecemento xeral dos contidos básicos do temario (contextos, autores e correntes filosóficas) será indispensable.

### 6. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

- **Análise dos conceptos** que se estudan en cada tema e das relacións lóxicas que se poidan establecer entre eles **a través do comentario de textos filosóficos** breves.
- **Comparación e contraste das perspectivas filosóficas, científicas... sobre as diversas cuestións** que se susciten **por medio de textos discursivos** axeitados ó nivel do alumnado e que poidan fomentar o debate e combater o dogmatismo. Isto non implica a neutralidade do profesor/ra senón o razoamento das diversas posturas dando o seu posible punto de vista igual que o pode facer o alumno/a individualmente ou en grupo, pero sempre articulando desde un punto de vista crítico as posibles opcións e criterios a defender mediante razoamentos lóxicos.
- **Planificación e produción de exposicións orais e debates** sobre temas tratados, orientados a fomentar a coherencia, a claridade e o rigor na expresión e na argumentación das ideas. Isto tería un carácter puntual e non sistemático pois non o permite o tempo de tres horas semanais de clase.
- **Elaboración de traballos individuais** sobre temas concretos como traballos de investigación integrando diversas fontes en un análise persoal das mesmas.
- **Lectura de libros**, sexan estritamente filosóficos ou de carácter literario (fundamentalmente novelas), pero coa posibilidade de seren relacionados coa filosofía, de xeito que se fomente a lectura autónoma por parte do alumnado.

Seguindo o explicitado polo **Seminario Permanente de Filosofía da USC** respecto á Proba de selectividade ou Reválida, o alumno deberá ser capaz de:

- Expor con precisión, claridade e coherencia:
  - a) as liñas mestras de cada un dos pensadores explicados
  - b) os conceptos principais destes
  - c) as liñas características das diversas correntes que se inclúen no programa
  - d) as relacións e oposicións entre os distintos autores
- Comentar con precisión, claridade e coherencia textos filosóficos de acordo co esquema exposto no procedemento avaliador.

## I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía

Ademais, este Departamento -de acordo coa estrutura da Proba- considera imprescindible:

- Sintetizar os contextos onde se desenvolven os principais autores que permitan a comprensión das súas obras e ideas filosóficas.

Seguindo estes criterios (a expensas da nova Proba da Reválida que substitúa á proba de Selectividade), **tratarase de elaborar unha composición filosófica** en torno á figura dun autor da historia do pensamento occidental, encadrando ao autor dentro do seu contexto histórico, cultural e filosófico, desenvolvendo as súas ideas principais en relación cun texto, e relacionando-lo con outros autores e correntes do pensamento.

Tendo en conta que este curso debe servir como preparación para dita Proba, este Departamento cree necesario seguir **pautas conceptuais e procedimentais** semellantes ás propostas polo Seminario e que permitan ó alumno acadar do mellor xeito posible no **rendemento nas súas competencias básicas e**, a súa vez, **na preparación eficaz cara á Proba de Acceso á Universidade**, se fora o caso.

Cómpre ter en conta, por tanto, que **o exame ten un carácter preferentemente discursivo**. De aí que non se poida dar “a versión” correcta do exame: unha mesma cualificación pode ser acadada de maneira distinta. Primeiro porque a materia se presta a iso; unha cuestión filosófica pode ser abordada de xeitos distintos; cada profesor/a, sempre de maneira correcta, terá explicado a materia segundo unha liña particular. Pero é que ademais os coñecementos filosóficos só se poden acadar de maneira reflexiva; para adquirilos e para expoñelos o alumnado deberá poñer en xogo todos os seus recursos expresivos. Este é precisamente o papel que xoga –e queremos que siga a xogar- a filosofía no bacharelato: contribuir á madurez intelectual dos/das alumnos/as. O/a alumno/a deberá presentar unha composición unitaria que será avaliada segundo o esquema do exame. Mesmo pode suceder que a lectura completa e unitaria do texto nos permita, de forma fundada e razoada, rectificar a cualificación que se derivaría dunha avaliación demasiado analítica.

A partir destas consideracións **a cualificación máxima de 10 puntos** distribuirase así (de haber cambios no deseño da proba por parte da USC, os alumnos serían informados adecuadamente co fin de garantir as mellores condicións de acceso á Proba da ABAU):

### **1ª parte (6 puntos)**

Contextualización xeral, vida e obra do autor, cuestión específica ..... 3 puntos

Comentario do texto en relación coa cuestión específica.....3 puntos

### **2ª parte (4 puntos)**

Trátase de avaliar os coñecementos sobre o autor centrándose nunha cuestión temática formulada a desenvolver..... 4 puntos

## **I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

Trátase de avaliar a capacidade do/da alumno/a para situar a cuestión temática no horizonte global da historia da filosofía. Hai que contar coa posibilidade de que un/unha alumno/a poida introducir algún atinado comentario persoal que poña en evidencia a súa comprensión. Isto é: no caso dun/dunha alumno/a que non sendo capaz de establecer unha relación nos termos nos que se lle require, introduce comentarios pertinentes e atinados outorgaríasele 0,5 puntos, ben entendido que a cualificación global do exame non pode exceder os 10 puntos.

Todas estas cualificacións presupoñen que estamos diante dunha **composición unitaria, sintáctica e retoricamente ben estruturada, escrita con pulcritude**, respectando escrupulosamente a normativa ortográfica que corresponda, **usando o léxico adecuado e poñendo en evidencia unha boa comprensión dos conceptos concernidos**.

### **Os defectos en todos estes aspectos poden ser penalizados con ata 3 puntos:**

Defectos na composición: perda de ata 1 punto.

Incorrección ortográfica e/ou gramatical: perda de ata 1 punto.

Pobreza léxica e insuficiencia no manexo dos conceptos: perda de ata 1 punto.

Entre os “defectos de composición” débese penalizar o recurso abusivo a esquemas e cadros que claramente pretendan substituír a exposición verbal, respectando, claro está, aqueles esquemas ou cadros que, sen eludir a redacción, estean oportunamente introducidos como complementos da mesma. O carácter unitario da exposición non se desprende da mera ausencia de compartimentación, senón que se refire á efectiva estruturación unitaria. No tocante á corrección ortográfica e gramatical debemos ser tolerantes cos erros eventuais imputables ás circunstancias propias dun exame. Tamén podemos interpretar con lasitude erros particulares e reiterativos (incorreccións ortográficas limitadas en tal ou cal vocabolo, construción defectuosa de tal ou cal estrutura gramatical). Temos, iso si, que prestar atención ao teor xeral do exercicio, sobre todo á combinación de reiteración e diversidade nas correccións ortográficas, revelando grave descoñecemento e/ou desidia, así como a incapacidade para manter un nivel xeral de corrección gramatical. Penalizarase con contundencia aqueles exames nos que predomine o anacoluto. No que atinxe ao uso do léxico e máis á comprensión conceptual debemos de ser rigorosos con aqueles termos e conceptos que resulten esenciais para a comprensión do texto e das cuestións formuladas, así como para a correcta elaboración das respostas. Debemos penalizar os defectos expresivos que denoten carencias discursivas graves dentro do nivel esixible para unha persoa que aspire a acceder á universidade.

## **7. METODOLOXÍA, INSTRUMENTOS E MECANISMOS DE AVALIACIÓN**

Non se seguirá un libro de texto determinado, se ben se recomendará completar as explicacións con calquera dos que existen no mercado editorial. O profesor proporcionará apuntes ou materiais complementarios para que os alumnos os fotocopien; nembargantes, o alumno deberá de xeito autónomo tomar apuntes das explicacións que reciba e facer sínteses adecuadas de cada autor, práctica que será de moita utilidade cara o seu futuro académico e profesional. Se fora necesario, e de acordo cos alumnos, o profesor seguirá impartindo docencia (clases de apoio) despois de rematada a 3ª avaliación, como reforzo cara á proba de Selectividade.

## I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía

Ademais disto, **algúns das técnicas e instrumentos** que poden ser **utilizados para traballar e avaliar** a materia son: *diálogos e debates activos, cuestionarios escritos e orais, test de avaliación inicial e final por contidos concretos, comentarios de texto, elaboración de composicións filosóficas, confección de mapas conceptuais, técnicas de argumentación escrita, investigación bibliográfica e traballos concretos sobre algún aspecto do autor, obra e contexto, etc.*

Estes procedementos e instrumentos teñen en conta o **fomento da lectura** comprensiva e interpretativa, ademais da **utilización na aula das TIC**, fundamentais para a adquisición e desenvolvemento da información que van traballar de xeito crítico.

### **8. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**

Se seguirá para esta materia, como un dos referentes de cualificación, o mesmo procedemento avaliador establecido na Comisión de Filosofía para o acceso as Probas de Selectividade ou Reválida (ABAU), orientando deste xeito o cumprimento dos obxectivos deste curso e, a súa vez, á preparación específica para aqueles alumnos que desexen presentarse con garantías a tales probas.

Haberá, por tanto, **unha ou varias probas escritas por avaliación**, consistente nun texto dun autor en torno ó cal se realizará unha proba escrita. O modelo que exporá o profesor para a realización de comentarios filosóficos será o seguinte:

1. Un estándar de aprendizaxe dun dos tres bloques históricos acompañado dun fragmento ilustrativo do mesmo. A resposta consistirá en comentar o fragmento (sempre extraído da antoloxía de Textos que figura na web da CIUG), situando o fragmento na vida e obra do autor tratado, contextualizando a época á que pertence e, a partir do devandito comentario, desenvolver o estándar e, a partir do devandito comentario, desenvolver o estándar. A cualificación máxima desta primeira parte será de 6 ptos. (o 60 % da proba), **3 para o comentario e 3 para a resposta á cuestión.**
2. Un estándar de aprendizaxe duns dos dous bloques históricos restantes. A resposta consistirá no desenvolvemento do estándar. A cualificación máxima desta segunda parte será de **4 ptos.** (o 40 % da proba).

***A cualificación de cada apartado, aínda que sempre tomada no seu conxunto unitario e coherente ata un máximo de 10 puntos, será o xa devandito.*** Non obstante, se subliña que a cualificación global do exame distribúese do seguinte xeito:

**1ª parte.- a cualificación máxima será de 6 ptos.: 3 para o comentario e 3 para a cuestión proposta.** No comentario valorarase a comprensión do texto, especialmente no que atinxe aos seus conceptos fundamentais e estrutura argumentativa, e a relación entre o texto e un contexto máis amplo (o autor e o seu lugar na historia da filosofía). A avaliación da cuestión teórica farase en base á pertinencia dos contidos informativos da resposta, á precisión no uso dos conceptos, e á coherencia e articulación discursiva da exposición. Tanto no comentario como na cuestión, terase tamén en conta a corrección expresiva e gramatical.

**2ª parte.- a cualificación máxima será de 4 ptos.** A avaliación da cuestión teórica farase —coma no caso anterior— en base á pertinencia dos contidos informativos da resposta, á precisión no uso dos conceptos, e á coherencia e articulación discursiva da exposición. Tamén terase en conta a corrección expresiva e gramatical.

### **9. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA E PROCEDEMENTOS DE RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DA MATERIA PENDENTE**

En canto ós contidos mínimos referidos ós contidos conceptuais se consideran como tales os que se teñen fixados para cada unidade didáctica, tendo en conta que se valorará unha comprensión da problemática xeral de cada tema así como das principios correntes teóricas e filósofos que trataron os problemas en cuestión. Tamén será valorada a asimilación dos conceptos básicos do tema a través da súa explicación.

Dentro dos contidos procedimentais teñen o carácter de mínimos os seguintes:

Analizar textos breves e sinxelos de carácter filosófico, identificando o problema que se presenta e estruturando as ideas principais así como a demostración da comprensión do texto a través das respostas que dean as diversas cuestións sobre o texto e a exposición da filosofía do autor tratado.

A vertebración eficaz e organizada da composición filosófica a realizar, a correcta expresión ortográfica e sintáctica, o manexo dos conceptos fundamentais e a súa explicación coherente, serán avaliadas como condicións necesarias; e a orixinalidade na madurez crítica da exposición dos problemas plantexados se avaliará como condición positiva.

O alumno necesitará unha cualificación mínima de **cinco** para aprobar cada avaliación. Esta cualificación será a **media aritmética de tódalas probas escritas feitas ó longo de cada trimestre e terá un valor ponderado do 80%.** O restante 20% será a **media aritmética dos traballos e actividades propostas para cada avaliación.** Estas porcentaxes poderán variar en cada avaliación, informando previamente aos alumnos destes cambios. De non haber actividades e tarefas, a media aritmética das probas escritas en cada avaliación será do 100%.

**Haberá un exame de recuperación final** onde o alumno se examinará das avaliacións suspensas (neste caso se inclúen **só os autores suspensos**), e outro en xullo (proba extraordinaria) para aqueles alumnos que non lograran superar o curso. Este último incluírá os contidos de toda a materia (tódolos autores). Aprobando dito exame aprobarase a materia.

Carencias expresivas na redacción dos exames e faltas ortográficas poden baixar a nota dos mesmos en grado equivalente á súa gravidade, podendo, eventualmente, suspender o exame.



**A nota final virá determinada pola media aritmética de tódalas avaliacións, sempre e cando se supere cada unha das avaliacións cunha cualificación igual ou superior a cinco.. No caso de aprobar a materia despois de realizar o exame de recuperación final de maio, a nota definitiva terá en conta a cualificación obtida nas avaliacións anteriores. A nota final do exame da proba extraordinaria deberá ser igual o superior ó cinco.**

Se houbera o caso dalgún alumno/a que por acumulación de faltas de asistencia sen xustificar perdera o dereito a avaliación continua, terá que realizar unha proba no mes de maio (avaliación final), onde entrarán os temas dados ó longo dos tres trimestres do curso; polo tanto, o alumnado nesta situación está na obriga de coñecer estes temas xa que a perda do dereito á avaliación continua non exime da súa asistencia a clases e coñecer a marcha da materia.

Non obstante, o Departamento --cando fixe a realización da proba- lembrará a este alumnado os temas que entran no mesmo. En relación á avaliación desta proba se tomarán en conta os mesmos criterios de avaliación tratados anteriormente.

**Estes mesmos criterios e procedementos de avaliación serán os esixibles e aplicables no caso de darse clases semipresenciais ou ben *online* (por mor da Covid-19). Os alumnos serán informados destes criterios, ben ó principio do curso, ben nas circunstancias excepcionais que se produxeran, a través da Aula Virtual como recurso indispensable para o correcto desenvolvemento das tarefas e probas a realizar.**

**Alumnos pendentes da materia para o curso seguinte** deberán presentarse nunha (e se fora o caso en dúas) convocatoria(s) que o Departamento notificará con antelación suficiente aos implicados. Os criterios de promoción serán a superación da proba escrita que se lles faga, segundo os criterios xa establecidos para o curso.

**Non será necesario un plan de reforzo** e recuperación das aprendizaxes non adquiridas no derradeiro curso (por mor da Covid-19), posto que a materia se imparte por primeira vez no Bacharelato, aínda que existan moitas relacións de parentesco e correspondencia entre os contidos programáticos de 1º bacharelato (onde se encaran os problemas filosóficos de xeito xeral) e de 2º bacharelato (onde se estudan estes problemas dende unha perspectiva histórica e contextualizada).

A continuación se detalla **un resumo destas medidas** de avaliación e recuperación:

## 1. AVALIACIÓN TRIMESTRAL

- **Procedementos:** observación directa do alumno, tarefas diversas realizadas polo alumnado en clase, traballos individuais e grupais, actividades de avaliación: lecturas, fichas fotocopiáveis, probas escritas, test, etc.

## I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía

- **Instrumentos:** preguntas individuais e grupais, intervencións na clase, comentarios de texto, visionado de películas, lecturas concretas, vídeos, exposiciónes y presentaciónes interactivas.
- **Mínimos esixibles:** O cumprimento axeitado das ferramentas de traballo competencial (actividades, tarefas, traballos, etc.); a realización positiva das probas escritas; o traballo regular ó longo do curso; a presentación ordenada, clara e coherente do seu material.
- **Ponderación e nota media:** A cualificación en cada exercicio dependerá do grao de consecución dos obxectivos propostos para cada un. O resultado final de cada avaliación dependerá da *media aritmética* feita coas seguintes porcentaxes: **80%** para probas escritas, e **20%** para traballos individuais e grupais, actividades concretas, lecturas e comentarios de texto, etc. Estas porcentaxes poderán variar en cada avaliación dependendo do número de probas e da súa importancia, previo aviso ao alumnado por parte de cada profesor/a.

## 2. MECANISMO PARA RECUPERAR UNHA AVALIACIÓN NON SUPERADA

- No caso de suspender algunha avaliación, o alumno (ao longo do seguinte trimestre ou ben ao remate da terceira avaliación, en función das necesidades organizativas) deberá presentarse a **unha proba escrita** onde se incluírán os contidos (autores) da materia impartida na avaliación suspensa. *A cualificación da proba escrita deberá ser igual o superior a cinco* para superar a avaliación pendente.
- **Tipo de proba: escrita**, onde se inclúan os contidos da materia impartida ó longo da avaliación. A proba constará de **2 preguntas**: 1 pregunta-tema cun texto a comentar (6 puntos), 1 pregunta-tema a desenvolver (4 puntos).
- **Estándares:** Todos os contidos da materia impartida no curso. Esta proba estará aprobada se a cualificación é **igual o superior a cinco**.

## 3. CUALIFICACIÓN FINAL DA MATERIA NA AVALIACIÓN ORDINARIA

- A cualificación final da materia será *a media aritmética das tres avaliacións*, **sempre e cando se supere cada unha das avaliacións cunha cualificación igual ou superior a cinco**.

#### 4. AVALIACIÓN FINAL

- **Alumnado:** Deberán presentarse todos aqueles alumnos que non superaran calquera das avaliacións que teñan pendente.
- **Tipo de proba:** *escrita*, onde se inclúan os contidos (autores) da materia impartida ó longo do curso. A proba constará de **2 preguntas:** 1 pregunta-tema cun texto a comentar (6 puntos), 1 pregunta-tema a desenvolver (4 puntos), e **se dará unha dobre opción** para que o alumno escolla entre dous modelos.
- **Estándares:** Todos os contidos da materia impartida no curso. Esta proba estará aprobada se a cualificación é **igual o superior a cinco**.

#### 5. AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA

- **Tipo de proba:** *escrita*, onde se inclúan os contidos da materia impartida ó longo do curso. A proba constará de **2 preguntas:** 1 pregunta-tema cun texto a comentar (6 puntos), 1 pregunta-tema a desenvolver (4 puntos), e **se dará unha dobre opción** para que o alumno escolla entre dous modelos.
- **Estándares:** Todos os contidos da materia impartida no curso. Esta proba estará aprobada se a cualificación é **igual o superior a cinco**.

#### 6. MATERIA PENDENTE

- Os alumnos coa materia pendente deberán facer **unha proba escrita** coa materia impartida no curso anterior. O Departamento deseñará esta proba e fará pública no taboleiro do patio central a convocatoria para a realizar dita proba. A proba constará de **2 preguntas:** 1 pregunta-tema cun texto a comentar (6 puntos), 1 pregunta-tema a desenvolver (4 puntos), e **se dará unha dobre opción** para que o alumno escolla entre dous modelos. Esta proba estará aprobada se a cualificación é **igual o superior a cinco**.

#### 10. DIVERSIFICACIÓN CURRICULAR E TEMAS TRANSVERSAIS

## **I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

Pódese afirmar que existen conexións claras entre a materia de Historia da Filosofía e os temas transversais cos que se relaciona. Tódolos temas abordan cuestións e problemáticas que desde a filosofía teórica e práctica fan alusión ó coñecemento da realidade e a propia acción humana: dentro desta, a cuestión da liberdade da persoa fronte ós diferentes tipos de determinismo que condicionan o comportamento, a xustificación da moral e os diferentes argumentos que defenden a igualdade dos seres humanos, a busca da paz como obxectivo da convivencia entre as persoas e os pobos... Máis relacionados coa educación cívica estarían os temas que se dedican ás relacións individuo e sociedade, a relación do individuo co poder político e o Estado e co problema da súa lexitimación, as formas democráticas e ditatoriais do poder político, por aludir soamente a algúns deste lazos cognitivos.

O tema de educación para a paz trátase na unidade das "utopías sociais" en canto é o obxectivo das distintas utopías en canto pretenden elaborar modelos de convivencia que aspiran a suprimir a violencia e as guerras da sociedade humana. Tamén se relaciona este tema coa Educación para a igualdade de ambos sexos.

No referente ó tema transversal da educación para a saúde, están presentes no pensamento filosófico as actitudes de defensa da vida, dos valores relativos ó corpo e ó espírito, a crítica ó consumismo e a defensa da interculturalidade conducen a unha vida de calidade e de felicidade como meta dos seres humanos.

No que fai referencia ó contido transversal da educación ambiental este ten unha presenza moi relevante ó longo das diferentes unidades que compoñen o libro de texto, e é especialmente relevante nos seguintes contidos: a crítica do “falso progreso”, a valoración positiva das consecuencias ecolóxicas do evolucionismo, a ecoética e, en xeral, a defensa dunhas relacións máis harmónicas, tolerantes e solidarias do ser humano coa natureza.

Sen dúbida, unha historia da filosofía que plantexe a actualidade dos problemas abordados desde o comezo fará fincapé nunha reflexión sobre o presente desde o propio pasado.

Coa finalidade de atender no posible ás peculiaridades persoais do alumnado dentro do seu proceso de aprendizaxe, ó longo do curso adoptaranse medidas tendentes a proporcionar certos reforzos pedagóxicos ós alumnos e alumnas que os necesiten, así como a programar aprendizaxes complementarias para aquel alumnado que, polas súas especiais aptitudes, excedan o nivel medio do curso en canto a coñecementos da materia.

Como medidas de reforzo á aprendizaxe, propóñense as seguintes:

- \* Programar comentarios de texto, actividades, exercicios, etc., máis sinxelos para o alumnado con dificultades de aprendizaxe, sobre todo, nos primeiros meses de clase. Desta maneira, intentarase que, progresivamente, comprendan os principios esenciais para se poder meter, despois, naqueles temas máis abstractos ou complexos.
- \* Proporcionarlles axuda directa naquelas actividades que se realicen na aula, coa finalidade de ir orientando de maneira personalizada o seu proceso de aprendizaxe.
- \* Incluír dentro do seu plan de traballo actividades sinxelas e adicionais que lles permitan cubrir as lagoas conceptuais que posúan.

## **I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

\* Nos traballos en grupo, organizar estes de tal maneira que este alumnado se atope distribuído en diferentes grupos, co fin de que os compañeiros e compañeiras con mellor rendemento académico poidan axudarlles na realización da súa tarefa.

\* Se existise alumnado superdotado ou cun maior nivel de coñecementos filosóficos, programaríanse medidas pedagóxicas complementarias para que o mencionado alumnado puidese desenvolver as súas propias potencialidades de aprendizaxe. Así, por exemplo:

- Lecturas dirixidas de libros ou textos de maior dificultade conceptual.
- Actividades complementarias sobre aqueles temas que máis lles interesasen.
- Tarefas pedagóxicas destinadas a axudar ós compañeiros e compañeiras que maior dificultade atopasen na materia.

### Concreción de medidas para alumnos con Síndrome de Asperger e TDAH:

Entre as características dos afectados polo Síndrome de Asperger están as dificultades na comprensión social e nas habilidades sociais, o pouco interese cara aos demais, as dificultades de atención, a pouca capacidade organizativa, a interpretación literal da linguaxe e as dificultades na motricidade. Por estes motivos presentamos algunhas estratexias para tratalo:

- Darlle tempo para organizar o seu material
- Evitar a presión
- Darlle pequenos encargos
- Facer o posible para que entenda as instrucións
- Diante dos mínimos acertos, ser xeneroso cos reforzos positivos
- Sempre que sexa posible, descompoñer as tarefas
- Supervisar con frecuencia a realización das tarefas
- Buscar a colaboración dun compañeir@ responsable para que lle axude a comprender e realizar as tarefas

Asemade, para os alumnos con TDAH:

- Supervisar con frecuencia a realización das tarefas
- Potenciar a aprendizaxe colaborativa
- Buscar a colaboración dun compañeir@ responsable para que lle axude a comprender e realizar as tarefas
- Deixar máis tempo para as probas escritas ou exames
- Supervisar a comprensión das preguntas
- Implicar ao alumno con preguntas sinxelas e motivadoras
- Graduar o uso do 'tempo fóra'
- reforzar positivamente as conductas adecuadas

### **11. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

O departamento está disposto a colaborar coas decisións que ao respecto tome a Xefatura de Estudos e a Vicedirección do centro. Queda aberto e a espera de posibles conferencias ou outras ofertas da Universidade así como a organización de actos con ONGs., visitas guiadas, salidas e outras actividades pedagóxicas de reforzo, sempre que estas actividades teñan algunha utilidade teórica ou práctica que non interfira negativamente no desenvolvemento académico dos alumnos.

### **12. PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN**

Neste apartado pretendemos promover a reflexión docente e a autoavaliación da realización e do desenvolvemento de programación didáctica. Para iso, ao finalizar cada unidade didáctica, en cada trimestre ou ao final de curso propónse unha secuencia de preguntas que permitan ao docente avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade.

De igual modo, propoñemos unha ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto. Pódese realizar ao final de cada trimestre ou ao final do curso para recoller as melloras no seguinte cadro:

ASPECTOS PARA AVALIAR	PARA DESTACAR...	PARA MELLORAR...	PROPOSTAS DE MELLORA PERSOAL
Temporalización das unidades didácticas			
Desenvolvemento dos obxectivos didácticos			

**I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

Manexo dos contidos da unidade			
Descritores e desempeños competenciais			
Realización de tarefas			
Estratexias metodolóxicas seleccionadas			
Recursos			
Claridade nos criterios de avaliación			
Uso de diversas ferramentas de avaliación			
Atención á diversidade			
Interdisciplinabilidade			

## PSICOLOXÍA

### *2º Bacharelato*

#### ÍNDICE

1. Introducción e contextualización.....	1
2. Contribución da materia á consecución das competencias.....	2
3. Concreción dos obxectivos xerais do Bacharelato e específicos da materia.....	3
4. Relación e concreción de estándares de aprendizaxe avaliábeis e indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.....	4
5. Secuenciación e temporalización de contidos.....	22
6. Procedementos e instrumentos de avaliación.....	23
7. Criterios, metodoloxía e instrumentos de avaliación.....	24
8. Criterios de cualificación.....	27
9. Grao mínimo de consecución para superar a materia e procedementos de recuperación e avaliación da materia pendente.....	28
10. Temas transversais.....	29
11. Diversificación curricular.....	30
12. Actividades complementarias y extraescolares.....	31
13. Procedementos para avaliar a propia programación.....	31

#### 1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

A psicoloxía é unha rama do saber cuxa finalidade esencial é tanto a comprensión da propia individualidade como das condutas sociais e a súa interrelación. Desde uns antecedentes históricos afastados, moi ligados ao desenvolvemento do saber filosófico, a psicoloxía evolucionou cun cariz, en certo xeito, bifronte. Por unha banda, ten unha indubidable filiación humanística; por outra parte, a súa temática busca regularidades e explicacións científicas. Con estas características distintivas, polo seu obxecto de estudo e a súa metodoloxía, a psicoloxía pode considerarse unha disciplina moi interesante para o alumnado de segundo de bacharelato, cunha indubidable vertente práctica, na medida en que lle axudará a coñecerse mellor como individuo e a desenvolverse como persoa e, ao tempo, a afrontar os diversos problemas e retos que a convivencia suscita.



## **I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

A propia complexidade, inscrita de seu no propio ser humano, faise visible na súa capacidade de relación con outros saberes, sinaladamente coa bioloxía, a socioloxía, a química e, desde logo, a filosofía. O significativo carácter dual da psicoloxía pode axudar a desenvolver e adquirir as seguintes competencias clave: comunicación lingüística; competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía; competencia dixital; aprender a aprender; competencias sociais e cívicas; ecoconciencia e expresións culturais. Trátase, xa que logo, dunha materia que, dada a súa riqueza de contidos e amplitude de horizontes, pode converterse en paradigmática para a adquisición da maior parte das competencias clave.

Esta adquisición das competencias clave, coa súa vertente de logro dos obxectivos da etapa en que se sitúa, debe desenvolverse preferentemente desde un punto de vista eminentemente disciplinar e transversal. Esta metodoloxía pasa pola xeración de tarefas ou situacións-problema, suscitadas cun obxectivo concreto, que o alumnado debe resolver facendo un uso axeitado de distintos tipos de coñecementos, destrezas, actitudes e valores, sen deixar de pensar no respecto polos diversos ritmos e estilos de aprendizaxe, mediante prácticas de traballo individual e cooperativo. Agora ben, esta metodoloxía require, pola parte docente, unha reflexión e unha revisión permanentes da súa tarefa e a procura, tamén decidida, de criterios comúns e consensuados que permitan, finalmente, abordar un tratamento integrado das competencias, facendo unha realidade palpable a construción colaborativa do coñecemento.

A materia organízase en seis bloques: "A psicoloxía como ciencia", "Fundamentos biolóxicos da conduta", "Os procesos cognitivos básicos: percepción, atención e memoria", "Procesos cognitivos superiores: aprendizaxe, intelixencia e pensamento", "A construción do ser humano. Motivación, personalidade e afectividade" e "Psicoloxía social e das organizacións". Daquela, desde a consideración da disciplina como ciencia, analízanse os fundamentos biolóxicos da conduta, as capacidades cognitivas como a percepción, a memoria e a intelixencia, afondando na aprendizaxe e na construción da nosa personalidade individual e social. En suma, a materia de Psicoloxía, desde a dobre vertente humanística e científica, pode colaborar dun xeito representativo e versátil a fomentar o espírito científico aplicado ao seu raio de acción, pero tamén nunha vertente práctica: como disciplina que pode cooperar na mellora xenérica das condicións de vida das persoas e, ao mesmo tempo, patrocinar, desde o autoconhecimento, o xenuíno desenvolvemento persoal.

A materia de Psicoloxía é unha materia de libre configuración á que se pode acceder desde calquera das vías do Bacharelato e que proporciona coñecementos fundamentais para o mundo actual, xa que serve tanto de orientación da propia conduta como de introdución aos coñecementos específicos que precisa calquera profesional da saúde ou de traballos que requiran e teñan as relacións persoais, laborais ou sociais como finalidade. Daquela, desde a consideración da disciplina como ciencia, analízanse os fundamentos biolóxicos da conduta, as capacidades cognitivas como a percepción, a memoria e a intelixencia, afondando na aprendizaxe e na construción da nosa personalidade individual e social.

## **2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE**

A materia de Psicoloxía, desde a dobre vertente humanística e científica, pode colaborar dun xeito representativo e versátil a fomentar o espírito científico, a capacidade de aprender sobre o mundo (CMCCT) e moi particularmente sobre a propia capacidade de aprender e as súas técnicas (CAA). A actualidade dos seus contidos e as múltiples experiencias prácticas permiten un tratamento transversal da materia que incide no coñecemento das relacións entre os diferentes ámbitos da cultura (CSC) e fai necesario usar as redes sociais e o tratamento da información procurando deste xeito un dominio nestes eidos (CD). Como disciplina que

## **I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

pode cooperar na mellora xenérica das condicións de vida das persoas e, ao mesmo tempo, patrocinar, desde o autocoñecemento, o xenuíno desenvolvemento persoal, é unha materia que permite desenvolver o espírito emprendedor (CSIEE). A metodoloxía que aplicaremos na materia insistirá de forma especial na capacidade expositiva do alumnado, tanto de forma escrita e icónica como verbal (CLL).

### **3. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS XERAIS DO BACHARELATO E ESPECÍFICOS DA MATERIA**

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, fundamentalmente adquirindo os coñecementos científicos necesarios para sustentar unha igualdade de xénero e o respecto aos dereitos dos individuos, insistindo no especial dereito á saúde, tanto física coma psíquica.
- b) Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais, para o que serán especialmente útiles os coñecementos adquiridos na materia.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- g) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- h) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- i) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos e o estatuto específico da psicoloxía como ciencia e os seus límites.
- j) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural, relacionando o ámbito da materia con diferentes expresións culturais.
- k) Impulsar condutas e hábitos saudables en relación coa saúde psíquica.

#### **Obxectivos específicos da materia**

- a) ***Comprender mellor ó propio funcionamento psicolóxico e dos demais, fomentando a capacidade de abstraerse do propio punto de vista a empatizar co resto.***
- b) Desenvolver actitudes de tolerancia con respecto aos comportamentos e as ideas dos demás, especialmente de aqueles que, por razóns sociais o culturais, o por afeccións de índole psicolóxica, se diferencien máis do propio alumno/a.

c) **Adquirir estratexias efectivas para a análise dos seus problemas de aprendizaxe, relación social e control emocional, que lles proporcionen un maior control sobre a súa conducta e as súas consecuencias.**

d) Aplicar algúns dos coñecementos e técnicas adquiridos, en especial os relacionados co propio aprendizaxe, para que lles leven a unha mellora das súas estratexias e hábitos de traballo.

e) **Coñecer algúns dos principais modelos teóricos existentes en psicoloxía, comprendendo as súas diferenzas e as distintas concepcións do ser humano que subxace a cada un deles.**

f) Diferenciar os plantexamentos da psicoloxía científica doutras formas non científicas de analizar os problemas humanos, e desenvolver unha actitude crítica respecto á trivialización da psicoloxía e o seu uso como instrumento de manipulación.

g) **Coñecer a proxección que a psicoloxía actual ten nas súas principais áreas de aplicación práctica, como no mundo do traballo, a educación, as relacións sociais, a saúde mental, etc.**

h) **Lograr unha visión sintética do ser humano en termos de unidade biopsíquica, incluíndo a súa referencia ao medio social, e establecer as oportunas conexións cos contidos doutras materias de Bacharelato.**

Se fose preciso facer unha adaptación pedagóxica especial dirixida á docencia semipresencial ou non presencial (por mor das circunstancias socio-sanitarias actuais), os **obxectivos específicos preferentes e indispensables** para este curso ( *sinalados en negra e cursiva*) serían os seguintes:

**a, c, e, g, h**

#### **4. RELACIÓN E CONCRECIÓN DE ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES E INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE**

2º de bacharelato

Psicoloxía. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. A psicoloxía como ciencia				
▪ b	▪ B1.1. A psicoloxía desde as súas orixes en	▪ B1.1. Entender e apreciar a especificidade e a	▪ PSB1.1.1. Explica e constrúe un marco de	▪ CAA

**I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

Psicología. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> <li>▪ h</li> <li>▪ l</li> </ul>	<p>Grecia ata o século XIX.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Constitución da psicología como saber autónomo: Wundt, Watson, James e Freud.</li> <li>▪ B1.3. Diversidade de acepcións do termo psicología ao longo da súa evolución.</li> <li>▪ B1.4. Obxecto propio da psicología. A psicología e outros saberes.</li> </ul>	<p>importancia do coñecemento psicolóxico, como ciencia que trata da conduta e os procesos mentais do individuo, valorando que se trata dun saber e unha actitude que estimula a crítica, a autonomía, a investigación e a innovación.</p>	<p>referencia global da psicología, desde as súas orixes en Grecia (nas filosofías de Platón e Aristóteles), ata o seu recoñecemento como saber independente da man de Wundt, Watson, James e Freud, definindo as acepcións do termo psicología ao longo da súa evolución, desde o etimolóxico, como "ciencia da alma", aos achegados polas correntes actuais: condutismo, cognitivismo, psicanálise, humanismo ou Gestalt.</p>	
			<p>PSB1.1.2. Recoñece e valora as cuestións e os problemas que investiga a psicología desde os seus inicios, distinguindo a súa perspectiva das proporcionadas por outros saberes.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.5. Obxectivos que caracterizan a psicología.</li> <li>▪ B1.6. Facetas teórica e práctica da psicología, e ámbitos de aplicación.</li> <li>▪ B1.7. Metodoloxías da investigación psicolóxica: métodos e obxectivos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Identificar a dimensión teórica e práctica da psicología, os seus obxectivos, as súas características e as súas ramas e técnicas de investigación, relacionándoas, como ciencia multidisciplinar, con outras ciencias cuxo fin é a comprensión dos fenómenos humanos, como a filosofía, a bioloxía, a antropoloxía, a economía, etc.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB1.2.1. Explica e estima a importancia dos obxectivos que caracterizan a psicología: describir, explicar, predicir e modificar.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB1.2.2. Distingue e relaciona as facetas teórica e práctica da psicología, e identifica as ramas en que se desenvolven (clínica e da saúde, da arte, das actividades físico-deportivas, da educación, forense, da intervención social, ambiental, etc.), investigando e valorando a súa aplicación nos ámbitos de atención na comunidade, como na familia e na infancia, na terceira idade, en minusvalías, muller, xuventude, minorías sociais e inmigrantes, cooperación para o desenvolvemento, etc.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB1.2.3. Describe e aprecia a utilidade das técnicas e das metodoloxías de investigación psicolóxica, explicando as características de cada unha, como son os métodos comprensivos (introspección, fenomenoloxía, hermenéutica,</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> </ul>

I.E.S. CORUXO. *Departamento de filosofía*

Psicología. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			test, entrevista persoal, dinámica de grupos, etc.) e os seus obxectivos (observación, descrición, experimentación, explicación, estudos de casos, etc.).	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.8. Achegas máis importantes da psicología na comprensión dos fenómenos humanos. Problemas tratados e conclusións ofrecidas.</li> <li>▪ B1.9. Teorías psicolóxicas: psicanálise, condutismo, teoría cognitiva, Gestalt, humanismo e psicobiología.</li> <li>▪ B1.10. Textos de autores como W. Wundt, S. Freud, A. Maslow, W. James e B. F. Skinner, entre outros.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Recoñecer e expresar as achegas máis importantes da psicología, desde os seus inicios ata a actualidade, identificando os principais problemas formulados e as solucións achegadas polas correntes psicolóxicas contemporáneas, e realizando unha análise crítica de textos significativos e breves de contido psicolóxico, identificando as problemáticas formuladas e relacionándoas co estudado na unidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB1.3.1. Explica e recoñece a importancia das achegas que a psicolóxica realizou na comprensión dos fenómenos humanos, identificando os problemas específicos dos que se ocupa e as conclusións achegadas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB1.3.2. Utiliza a súa capacidade de aprender a aprender, realizando os seus propios mapas conceptuais, utilizando medios informáticos, acerca das seguintes teorías: psicanálise, condutismo, teoría cognitiva, Gestalt, humanismo e psicobiología.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB1.3.3. Analiza e valora criticamente textos sobre os problemas, as funcións e as aplicacións da Psicología de autores como W. Wundt, S. Freud, A. Maslow, W. James e B. F. Skinner, entre outros.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB1.3.4. Utiliza a súa iniciativa para expor as súas conclusións argumentadamente, mediante presentacións gráficas, en medios audiovisuais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
Bloque 2. Fundamentos biolóxicos da conduta				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> <li>▪ i</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Anatomía do encéfalo humano. Comparativa co doutros animais.</li> <li>▪ B2.2. Filoxénese da evolución do cerebro humano e relación coa conduta.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Explicar a evolución do cerebro humano desde un enfoque antropolóxico, distinguindo as súas características específicas das doutros animais, co fin de apreciar a importancia do desenvolvemento neurolóxico e as consecuencias que delas se derivan.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB2.1.1. Identifica, contrasta e valora a nivel anatómico diferentes tipos de encéfalos animais en comparación co humano, valéndose de medios documentais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB2.1.2. Investiga a través de internet a</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> </ul>

I.E.S. CORUXO. *Departamento de filosofía*

Psicoloxía. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			filoxénese humana e a evolución do cerebro, explicando e apreciando a relación directa que mantén co desenvolvemento da conduta humana.	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ g</li> <li>▪ i</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.3. Morfoloxía da neurona. Sinapse, impulso nervioso e neurotransmisores.</li> <li>▪ B2.4. Áreas do cerebro e as funcións que executan.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.2. Analizar e apreciar a importancia da organización do sistema nervioso central, fundamentalmente do encéfalo humano, distinguindo as localizacións e as funcións que determinan a conduta dos individuos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB2.2.1. Realiza unha presentación, con medios informáticos, en colaboración grupal, sobre a morfoloxía neuronal e a sinapse, describindo o proceso de transmisión sináptica e os factores que a determinan, o impulso nervioso e os neurotransmisores.</li> <li>▪ PSB2.2.2. Investiga e explica a organización das áreas cerebrais e as súas funcións, e localiza nun debuxo as devanditas áreas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> <li>▪ h</li> <li>▪ i</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.5. Técnicas de investigación da actividade cerebral: anxiogramas, EEG, TAC, TEP, IRM, intervencións directas e estudo de casos.</li> <li>▪ B2.6. Impulso que deron as técnicas de investigación do cerebro para o estudo do comportamento e a solución dalgunhas patoloxías.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.3. Entender e valorar as técnicas actuais de investigación do cerebro e o seu impacto no avance científico acerca da explicación da conduta e na superación dalgúns trastornos e dalgunhas doenzas mentais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB2.3.1. Describe e compara as técnicas científicas de investigación do cerebro: anxiogramas, EEG, TAC, TEP, IRM, intervencións directas e estudo de casos.</li> <li>▪ PSB 3.2. Analiza e aprecia o impulso que estas técnicas de investigación cerebral lle deron ao coñecemento do comportamento humano e á solución dalgunhas patoloxías.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ c</li> <li>▪ e</li> <li>▪ g</li> <li>▪ i</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.7. Bases xenéticas da diferenza entre a conduta feminina e a masculina.</li> <li>▪ B2.8. Doenzas causadas por alteracións xenéticas. Anomalía na conduta. Síndromes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.4. Comprender e recoñecer algunhas das bases xenéticas que determinan a conduta humana, apreciando a relación de causa e efecto que pode existir entre ambas as dúas e destacando a orixe dalgunhas doenzas producidas por alteracións xenéticas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB2.4.1. Explica a influencia dos compoñentes xenéticos que interveñen na conduta, e investiga e valora se estes teñen efectos distintivos entre a conduta feminina e a masculina.</li> <li>▪ PSB2.4.2. Relaciona e aprecia a importancia das alteracións xenéticas coas doenzas que producen modificacións e anomalías na conduta, utilizando o vocabulario técnico preciso: mutación, trisomía, monosomía, deleción, etc.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CCL</li> </ul>

I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía

Psicoloxía. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			<ul style="list-style-type: none"> <li>PSB2.4.3. Localiza e selecciona información en internet acerca de distintos tipos de doenzas causadas por alteracións xenéticas, tales como a síndrome de Down, a síndrome de Turner, a síndrome do miaño de gato ou a síndrome de Klinefelter, entre outras.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CD</li> <li>CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>b</li> <li>c</li> <li>d</li> <li>h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.9. Sistema endócrino. Glándulas e hormonas, e influencia na conduta. Influencia na diferenza entre a conduta feminina e a masculina.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.5. Investigar e resumir a influencia do sistema endócrino sobre o cerebro e os comportamentos derivados diso, co fin de valorar a importancia da relación entre ambos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>PSB2. 5.1. Realiza, en colaboración grupal, un mapa conceptual do sistema endócrino, apreciando a súa influencia na conduta humana e os seus trastornos, por exemplo: hipófise e depresión, tiroide e ansiedade, paratiroide e astenia, suprarrenais e delirios, páncreas e depresión, sexuais e climaterio, etc.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> <li>CSIEE</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>PSB2.5.2. Investiga as diferenzas endocrinolóxicas entre homes e mulleres, e os seus efectos na conduta, valorando o coñecemento destas diferenzas como un instrumento que permite un entendemento e unha comprensión mellores entre as persoas de diferente sexo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> </ul>
Bloque 3. Os procesos cognitivos básicos: percepción, atención e memoria				
<ul style="list-style-type: none"> <li>b</li> <li>d</li> <li>e</li> <li>g</li> <li>h</li> <li>l</li> <li>m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.1. Percepción: elementos e fases do proceso.</li> <li>B3.2. Teorías sobre a percepción: asociacionismo, Gestalt, cognitivismo e neuropsicoloxía.</li> <li>B3.3. Leis da percepción da Gestalt.</li> <li>B3.4. Ilusións ópticas e trastornos perceptivos.</li> <li>B3.5. Algúns fenómenos perceptivos: constancia perceptiva, percepción subliminar e extrasensorial, membro fantasma e percepción</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.1. Comprender a percepción humana como un proceso construtivo eminentemente subxectivo e limitado, no cal ten a súa orixe o coñecemento sobre a realidade, valorando o ser humano como un procesador de información.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>PSB3.1.1. Distingue e relaciona os elementos que interveñen no fenómeno da percepción (estímulo, sentido, sensación e limiares de percepción), recoñecéndoo dentro das fases do proceso perceptivo (excitación, transdución, transmisión e recepción).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>PSB3.1.2. Compara e valora as achegas das principais teorías acerca da percepción: asociacionismo, Gestalt, cognitivismo e neuropsicoloxía.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CAA</li> <li>CCEC</li> </ul>

**I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

Psicoloxía. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	por estimulación eléctrica do cerebro (por exemplo, o ollo de Dobelle), etc.		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB3.1.3. Elabora unha presentación con medios audiovisuais e en colaboración grupal, desenvolvendo a súa iniciativa persoal e as leis gestálticas da percepción, valorando a súa achega conceptual e identificando exemplos concretos de como actúan (por exemplo, a través de obras pictóricas ou fotografías).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB3.1.4. Procura e selecciona información, utilizando páxinas web, acerca dalgúns tipos de ilusións ópticas, diferenciándoas dos trastornos perceptivos como as alucinacións e a agnosia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB3.1.5. Comenta e aprecia algúns fenómenos perceptivos, como a constancia perceptiva, a percepción subliminar e extrasensorial, o membro fantasma e a percepción por estimulación eléctrica do cerebro (por exemplo, o ollo de Dobelle) entre outros, e expón as súas conclusións a través de soportes de presentación informáticos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.6. Factores individuais e sociais que inflúen na percepción.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3 2. Explicar e apreciar a relevancia das influencias individuais e sociais no fenómeno da percepción, valorando criticamente tanto os seus aspectos positivos como os negativos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB3.2.1. Discirne e elabora conclusións, en colaboración grupal, sobre a influencia dos factores individuais (motivación, actitudes e intereses) e sociais (cultura e hábitat) no fenómeno da percepción, utilizando, por exemplo, os experimentos sobre prexuízos realizados por Allport e Kramer.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ g</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.7. A memoria. Atención e concentración.</li> <li>▪ B3.8. Tipos de atención.</li> <li>▪ B3.9. Alteracións da atención.</li> <li>▪ B3.10. Tipos de memoria. Relación entre eles e utilidade que teñen na aprendizaxe humana.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.3. Coñecer e analizar a estrutura, os tipos e o funcionamento da memoria humana, investigando as achegas dalgúns teorías actuais, co fin de entender a orixe e os factores que inflúen no desenvolvemento desta capacidade no ser humano, e utilizar as súas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB3.3.1. Relaciona os conceptos de atención e concentración como puntos de partida da memoria, distinguindo os tipos de atención e os tipos de alteración que poden sufrir.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB3.3.2. Utiliza a súa iniciativa persoal para</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> </ul>



I.E.S. CORUXO. *Departamento de filosofía*

Psicoloxía. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.11. Esquecemento: causas.</li> <li>▪ B3.12. A memoria e os efectos producidos nela por desuso, interferencia, falta de motivación, etc.</li> <li>▪ B3.13. Distorsións e alteracións da memoria.</li> </ul>	<p>achegas na súa propia aprendizaxe.</p>	<p>deseñar e elaborar, con medios informáticos, un cadro comparativo sobre diferentes tipos de memoria (sensorial, MCP e MLP), analizando a correspondencia entre elas e valorando a utilidade que teñen na aprendizaxe humana.</p>	
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB3.3.3. Procura e selecciona información en páxinas web e libros especializados, acerca das principais causas do esquecemento, tales como as fisiolóxicas, as producidas por lesións, por represión, por falta de procesamento, por contexto inadecuado, etc., e elabora conclusións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CD</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB3.3.4. Analiza e valora a importancia dalgúns dos efectos producidos na memoria por desuso, interferencia, falta de motivación, etc., e expón as súas consecuencias de xeito argumentado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB3.3.5. Exemplifica, a través de medios audiovisuais, algunhas distorsións ou alteracións da memoria, como a amnesia, a hipermnesia, a paramnesia e os falsos recordos, desenvolvendo a súa capacidade emprendedora.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> </ul>
<p>Bloque 4. Procesos cognitivos superiores: aprendizaxe, intelixencia e pensamento</p>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> <li>▪ m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Teorías da aprendizaxe: condicionamento clásico; aprendizaxe por ensaio-erro; condicionamento instrumental; teoría cognitiva; aprendizaxe social.</li> <li>▪ B4.2. Técnicas de condicionamento na publicidade.</li> <li>▪ B4.3. Factores que inflúen na aprendizaxe: coñecementos previos adquiridos, capacidades, personalidade, estilos cognitivos, motivación,</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Explicar as principais teorías sobre a aprendizaxe, identificando os factores que cada unha delas considera determinantes neste proceso, co obxecto de iniciarse na comprensión deste fenómeno e das súas aplicacións no campo social, e utilizar os seus coñecementos para mellorar a súa propia aprendizaxe.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB4.1.1. Utiliza a súa iniciativa persoal para confeccionar, utilizando medios informáticos, un cadro comparativo das teorías da aprendizaxe: condicionamento clásico (Pavlov e Watson); aprendizaxe por ensaio-erro (Thorndike); condicionamento instrumental (Skinner); teoría cognitiva (Piaget); Gestalt (Köhler); aprendizaxe social ou vicaria (Bandura), etc.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB4.1.2. Analiza e aprecia os resultados da</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>

I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía

Psicoloxía. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	actitudes e valores.		<p>aplicación das técnicas de condicionamento na publicidade, mediante a localización destas últimas en exemplos de casos concretos, utilizados nos medios de comunicación audiovisual.</p> <p>▪ PSB4.1.3. Describe e valora a importancia dos factores que inflúen na aprendizaxe, como por exemplo os coñecementos previos adquiridos, as capacidades, a personalidade, os estilos cognitivos, a motivación, as actitudes e os valores.</p>	<p>▪ CD</p> <p>▪ CCL</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ g</li> <li>▪ m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.4. Teorías actuais sobre a intelixencia: teoría factorial de Spearman, multifactorial de Thurstone, e teorías de Cattell, Vernon, Sternberg, Gardner, etc.</li> <li>▪ B4.5. Fases do desenvolvemento da intelixencia segundo J. Piaget.</li> <li>▪ B4.6. O CI e os problemas da medición da intelixencia.</li> <li>▪ B4.7. Procesos cognitivos superiores: pensamento, razoamento e creatividade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.2. Comprender os procesos cognitivos superiores do ser humano, como a intelixencia e o pensamento, mediante o coñecemento dalgunhas teorías explicativas da súa natureza e o seu desenvolvemento, distinguindo os factores que inflúen nel e investigando a eficacia das técnicas de medición utilizadas e o concepto de CI, co fin de entender esta capacidade humana.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB4.2.1. Elabora mapas conceptuais dalgunhas das actuais teorías sobre a intelixencia, valorando as achegas que no seu estudo tivo cada unha delas, como por exemplo a teoría factorial de Spearman, a multifactorial de Thurstone e as de Cattell, Vernon, Sternberg, Gardner, etc.</li> <li>▪ PSB4.2.2. Utiliza a súa iniciativa persoal para elaborar un esquema explicativo sobre as fases do desenvolvemento da intelixencia segundo J. Piaget, valorando a importancia das influencias xenéticas e do medio neste proceso.</li> <li>▪ PSB4.2.3. Investiga, en páxinas de internet, o que é o CI e a escala de Stanford-Binet, que clasifica estes valores desde a deficiencia profunda ata a superdotación, apreciando a obxectividade real dos seus resultados e examinando criticamente algunhas técnicas de medición da intelixencia.</li> <li>▪ PSB4.2.4. Analiza o que é o pensamento,</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>

**I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

Psicoloxía. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			apreciando a validez tanto do razoamento como da creatividade na resolución de problemas e na toma de decisións.	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.8. A intelixencia emocional e as súas competencias.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.3. Recoñecer e valorar a importancia da intelixencia emocional no desenvolvemento psíquico da persoa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB4 3.1. Valora a importancia das teorías de Gardner e Goleman, realizando un esquema das competencias da intelixencia emocional e a súa importancia no éxito persoal e profesional.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ h</li> <li>▪ m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.9. Posibilidades, alcance, límites e perigos da intelixencia artificial.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.4. Reflexionar sobre as posibilidades da intelixencia artificial e vulgar criticamente os seus alcances e os seus límites, co fin de evitar a equivocada humanización das máquinas pensantes e a deshumanización das persoas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB4.4.1. Avalía, en traballo grupal, as vertentes positivas e negativas das aplicacións da intelixencia artificial, así como os perigos que pode representar pola súa capacidade para o control do ser humano, invadindo a súa intimidade e a súa liberdade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
Bloque 5. A construción do ser humano. Motivación, personalidade e afectividade.				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ g</li> <li>▪ m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Teorías sobre a motivación: homeostática; das necesidades; do incentivo; cognitivas; psicanalíticas; humanistas.</li> <li>▪ B5.2. Causas da frustración. Clasificación dos conflitos de Lewin.</li> <li>▪ B5.3. Alternativas á frustración: agresión, logro indirecto, evasión, depresión ou aceptación.</li> <li>▪ B5.4. Motivación e consecución de logros no ámbito laboral e no educativo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Explicar e valorar a importancia da motivación, a súa clasificación e a súa relación con outros procesos cognitivos, desenvolvendo os supostos teóricos que a explican e analizando as deficiencias e os conflitos que no seu desenvolvemento conducen á frustración.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB5.1.1. Utiliza e selecciona información acerca das teorías da motivación (homeostática; das necesidades; do incentivo; cognitivas; psicanalíticas; humanistas), utilizando mapas conceptuais, e elabora conclusións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB5.1.2. Recorre á súa iniciativa para realizar unha presentación, con medios informáticos, acerca das causas da frustración, partindo da clasificación dos conflitos de Lewin e valorando as respostas alternativas a esta, como a agresión, o logro indirecto, a evasión, a depresión ou a súa aceptación (tolerancia á frustración).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB5.1.3. Argumenta, en colaboración grupal, sobre a importancia da motivación no ámbito laboral e educativo, analizando a relación entre</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> </ul>

Psicoloxía. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			motivación e consecución de logros.	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> <li>▪ m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.5. Teorías da personalidade</li> <li>▪ B5.6. Fases do desenvolvemento da personalidade</li> <li>▪ B5.7. Métodos de avaliación da personalidade e as súas limitacións.</li> <li>▪ B5.8. Relación entre a conciencia e os procesos inconscientes.</li> <li>▪ B5.9. Drogas; alteracións de conciencia e de personalidade.</li> <li>▪ B5.10. Identidade e autoestima.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.2. Comprender o que é a personalidade, analizando as influencias xenéticas, ambientais e culturais sobre as que se edifica, as teorías que a estudan e os factores motivacionais, afectivos e cognitivos necesarios para a súa axeitada evolución, en cada fase do seu desenvolvemento.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB5.2.1. Describe, establecendo semellanzas e diferenzas, as teorías da personalidade, como as provenientes da psicanálise, o humanismo, as tipoloxías, o cognitivismo e o condutismo, valorando as achegas que cada unha delas realizou no coñecemento da natureza humana.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB5.2.2. Recorre á súa iniciativa persoal para realizar unha presentación, a través de medios audiovisuais, sobre as fases do desenvolvemento da personalidade, por exemplo segundo a teoría psicanalista, e elaborar conclusións sobre os cambios que se producen en cada unha delas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB5.2.3. Analiza, valorando criticamente, as limitacións dalgúns métodos e estratexias para a avaliación da personalidade, como son as probas proxectivas (test de Rorschach, TAT, test da frustración de Rosenzweig, etc.), as probas non proxectivas (16 FP, NEO-PI-R e MMPI) e as técnicas fisiolóxicas (tomografías, etc.).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB5.2.4. Diserta sobre a complexa relación entre a función da conciencia e os procesos inconscientes, analizando algúns fenómenos inconscientes, como os soños ou a hipnose.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB5.2.5. Investiga, en traballo grupal, sobre os estados alterados de conciencia provocados polas drogas, valorando criticamente a súa influencia nas alteracións da personalidade, e presenta as súas conclusións de maneira argumentada.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>

I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía

Psicoloxía. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			<ul style="list-style-type: none"> <li>PSB5. 2.6. Indaga sobre a relación entre identidade e autoestima, valorando criticamente a importancia do concepto de si mesmo/a e as repercusións que iso ten no desenvolvemento persoal e vital.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>b</li> <li>c</li> <li>e</li> <li>g</li> <li>h</li> <li>m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B5.11. Perspectivas, modelos de estudo e métodos usados para tratar as psicopatoloxías.</li> <li>B5.12. Trastornos en relación ás necesidades biolóxicas e ás adiccións.</li> <li>B5.13. Trastornos en relación ás emocións.</li> <li>B5.14. Trastornos en relación a elementos corporais.</li> <li>B5.15. Trastornos en relación á personalidade.</li> <li>B5.16. Trastornos en relación ao desenvolvemento evolutivo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B5.3. Entender e reflexionar sobre a complexidade que implica definir o que é un trastorno mental, describindo algúns dos factores xenéticos, ambientais e evolutivos implicados, co fin de comprender as perspectivas psicopatolóxicas e os seus métodos de estudo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>PSB5.3.1. Describe perspectivas e modelos de estudo da psicopatoloxía, e reflexiona sobre os métodos utilizados por cada unha delas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>PSB5.3.2. Utiliza a súa iniciativa persoal para realizar un cadro esquemático, en colaboración grupal e utilizando medios informáticos, acerca das características relativas a algúns tipos de trastornos, por exemplo os asociados ás necesidades biolóxicas e ás adiccións (sexuais, alimentarias, drogodependencias, etc.), ás emocións (ansiedade e depresión), a elementos corporais (psicosomáticos, somatomorfos e disociativos), á personalidade (esquizoide, paranoide, límite, dependente, narcisista, antisocial, etc.), ao desenvolvemento evolutivo (autismo, atraso mental, déficit de atención e hiperactividade, da aprendizaxe, asociados á vellez), etc.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>b</li> <li>d</li> <li>e</li> <li>g</li> <li>h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B5.17. Compoñentes hereditarios e aprendidos dos afectos.</li> <li>B5.18. Relación entre emoción e cognición.</li> <li>B5.19. Emocións primarias, secundarias e autoconscientes.</li> <li>B5.20. Teorías sobre a emoción, como experiencia, como comportamento ou como suceso fisiolóxico. A psicoafectividade e o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B5.4. Recoñecer e valorar os tipos de afectos, así como a orixe dalgúns trastornos emocionais, co obxecto de espertar o seu interese polo desenvolvemento persoal desta capacidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>PSB5.4.1. Explica os tipos de afectos (sentimento, emoción e paixón), especificando os seus determinantes hereditarios e aprendidos, e analizando a relación entre emoción e cognición.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>PSB5.4.2. Describe as emocións primarias (medo, noxo, alegría, tristura, ira, sorpresa, etc.) e secundarias (ansiedade, hostilidade, humor, felicidade, amor, etc.), distinguíndoas das emocións autoconscientes (culpa, vergoña,</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>

I.E.S. CORUXO. *Departamento de filosofía*

Psicología. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>equilibrio da persoa.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.21. Trastornos e problemas emocionais.</li> </ul>		<p>orgullo, etc.).</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB5.4.3. Realiza un cadro comparativo sobre as teorías sobre a emoción, por exemplo como experiencia, como comportamento ou como suceso fisiolóxico, valorando a importancia da psicoafectividade no equilibrio da persoa.</li> <li>▪ PSB5.4.4. Investiga, a través de internet, algúns trastornos emocionais (indiferenza emocional, dependencia afectiva, trastorno maníaco-depresivo, descontrol emotivo, etc.) e problemas emocionais (medo, fobias, ansiedade, estrés, depresión, etc.), exemplificando a través dalgún soporte audiovisual, e elabora as súas conclusións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CD</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ e</li> <li>▪ m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.22. Importancia da afectividade e da sexualidade na maduración da persoa. Psicología da sexualidade.</li> <li>▪ B5.23. Comunicación emocional: linguaxe verbal e non verbal.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.5. Coñecer a importancia que na maduración da persoa teñen as relacións afectivas e sexuais, analizando criticamente os seus aspectos fundamentais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB5.5.1. Identifica e aprecia a importancia que, no desenvolvemento e na maduración da persoa, teñen a afectividade e a sexualidade, como dimensións esenciais do ser humano, e describe os aspectos fundamentais da psicología da sexualidade: fisioloxía da resposta sexual, conduta sexual, etc.</li> <li>▪ PSB5.5.2. Diserta sobre a importancia da linguaxe verbal e non verbal como medios de comunicación emocional na nosa vida cotiá, e expón de xeito claro e argumentado as súas conclusións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
Bloque 6. Psicología social e das organizacións				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.1. Impacto das diferenzas culturais no comportamento individual: a súa influencia nos esquemas cognitivos, na personalidade e na vida</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.1. Comprender e apreciar a dimensión social do ser humano, e entender o proceso de socialización como a interiorización das normas e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB6.1.1. Analiza e valora as diferenzas culturais e o seu impacto no comportamento das persoas ao exercer a súa influencia nos esquemas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>

I.E.S. CORUXO. *Departamento de filosofía*

Psicoloxía. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ c</li> <li>▪ g</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ afectiva.</li> <li>▪ B6.2. Proceso de socialización. Influencia no desenvolvemento persoal dos grupos, os papeis e os status sociais.</li> <li>▪ B6.3. Orixe social das actitudes persoais. Influencia en condutas violentas en distintos ámbitos.</li> <li>▪ B6.4. Roles sociais de xénero e as súas consecuencias no pensamento e na conduta do home e da muller</li> </ul>	<p>valores sociais, apreciando a súa influencia na personalidade e na conduta das persoas.</p>	<p>cognitivos, a personalidade e a vida afectiva do ser humano.</p>	
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB6.1.2. Realiza unha presentación, colaborando en grupo e utilizando medios informáticos, sobre o proceso de socialización humana e a influencia dos grupos, os papeis e os status sociais no desenvolvemento da persoa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB6.1.3. Investiga acerca da orixe social das actitudes persoais, valorando a súa utilidade para a predición da conduta humana e a súa influencia en condutas de violencia escolar, laboral, doméstica e de xénero, entre outras.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> <li>▪ m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.5. Procesos psicolóxicos de masas: impulsividade, intolerancia, inconsciencia, falta de perseveranza, volubilidade e falta de capacidade crítica.</li> <li>▪ B6.6. Estudo psicolóxico das masas de Gustav Le Bon. Contaxio de sentimentos e emocións, e perda temporal da personalidade individual e consciente da persoa.</li> <li>▪ B6.7. Psicoloxía de Erikson e a súa explicación das condutas radicais e irracionais nalgúns grupos.</li> <li>▪ B6.8. Medidas para previr a conversión das persoas en masa.</li> </ul>	<p>▪ B6. 2. Coñecer e valorar os procesos psicolóxicos das masas, a súa natureza, as características e as pautas de comportamento, co fin de evitar as situacións de vulnerabilidade en que da persoa poida perder o control sobre os seus propios actos.</p>	<p>▪ PSB6.2.1. Procura e selecciona información en internet acerca das características da conduta do individuo inmerso na masa, tales como impulsividade, intolerancia, inconsciencia, falta de perseveranza, volubilidade e falta de capacidade crítica, entre outras.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB6.2.2. Utiliza e selecciona información acerca do estudo psicolóxico das masas, realizado por Gustav Le Bon, e elabora conclusións acerca do poder da persuasión, o contaxio de sentimentos e emocións que se produce nas masas e os seus efectos na perda temporal da personalidade individual e consciente da persoa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB6.2.3. Indaga na psicoloxía de Erikson e destaca algunhas das causas psicolóxicas explicativas que sinala acerca dos actos terroristas ou do pensamento radical e irracional que se pon de manifesto en seguidores/as de equipos deportivos, artistas, grupos políticos,</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>

I.E.S. CORUXO. *Departamento de filosofía*

Psicología. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			relixiosos, etc.	
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB6.2.4. Elabora conclusións, en colaboración grupal, e formula pautas de conduta preventivas co fin de evitar que as persoas se convertan en parte da masa, perdendo o control da súa conduta, dos seus pensamentos e dos seus sentimentos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ e</li> <li>▪ h</li> <li>▪ m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.9. Aplicación da Psicología no mundo laboral. Recursos humanos: selección de persoal, integración na empresa, e evolución persoal e profesional.</li> <li>▪ B6.10. Aplicación da psicología no mundo laboral. Factores psicolóxicos e desenvolvemento laboral: adaptación, innovación, traballo colaborador, xestión de coñecementos, creatividade, autoestima, proposición de retos, motivación, fomento da participación, autonomía e xeración de ambientes creativos.</li> <li>▪ B6.11. Aplicación da psicología no mundo laboral. Riscos da saúde psicolóxica laboral.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.3. Entender e describir a importancia da psicología no campo laboral e o desenvolvemento das organizacións, reflexionando sobre a importancia do liderado como condición necesaria para a xestión das empresas, reflexionando sobre os erros psicolóxicos que se producen na súa xestión e procurando os recursos axeitados para afrontar os problemas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB6.3.1. Comenta e aprecia a importancia da aplicación da psicología no mundo laboral, en temas tales como os aspectos psicolóxicos que inflúen na produtividade e no desenvolvemento empresarial, a importancia dos métodos e das técnicas psicolóxicas para a selección de persoal segundo os perfís laborais e a resolución de conflitos, etc.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB6.3.2. Procura e selecciona información sobre recursos humanos: selección de persoal e desenvolvemento de programas profesionais favorecedores da integración do persoal traballador na empresa, e a súa evolución persoal e profesional.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB6.3.3. Describe a importancia dos factores psicolóxicos que inflúen no desenvolvemento laboral, como a adaptación, a innovación, o traballo colaborador, a xestión de coñecementos, a creatividade e a autoestima, identificando factores fundamentais, como a proposición de retos, a motivación, o fomento da participación, a autonomía e a xeración de ambientes creativos, mediante exemplos de casos concretos e reflexionando criticamente sobre a súa aplicación en diversos ámbitos de traballo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>



Psicoloxía. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			<ul style="list-style-type: none"> <li>PSB6.3.4. Investiga, en páxinas de internet, acerca dos principais riscos da saúde laboral, como son o estrés, a ansiedade, o mobbing e a síndrome de Burnout.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CD</li> </ul>

<b>Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles</b>	
<b>Criterio de avaliación</b>	<b>Estándar de aprendizaxe</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.1. Entender e apreciar a especificidade e a importancia do coñecemento psicolóxico, como ciencia que trata da conduta e os procesos mentais do individuo, valorando que se trata dun saber e unha actitude que estimula a crítica, a autonomía, a investigación e a innovación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>PSB1.1.1. Explica e constrúe un marco de referencia global da psicoloxía, desde as súas orixes en Grecia (nas filosofías de Platón e Aristóteles), ata o seu recoñecemento como saber independente da man de Wundt, Watson, James e Freud, definindo as acepcións do termo psicoloxía ao longo da súa evolución, desde o etimolóxico, como "ciencia da alma", aos achegados polas correntes actuais: condutismo, cognitivismo, psicanálise, humanismo ou Gestalt.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.2. Identificar a dimensión teórica e práctica da psicoloxía, os seus obxectivos, as súas características e as súas ramas e técnicas de investigación, relacionándoas, como ciencia multidisciplinar, con outras ciencias cuxo fin é a comprensión dos fenómenos humanos, como a filosofía, a bioloxía, a antropoloxía, a economía, etc.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>PSB1.2.1. Explica e estima a importancia dos obxectivos que caracterizan a psicoloxía: describir, explicar, predicir e modificar.</li> <li>PSB1.2.2. Distingue e relaciona as facetas teórica e práctica da psicoloxía, e identifica as ramas en que se desenvolven (clínica e da saúde, da arte, das actividades físico-deportivas, da educación, forense, da intervención social, ambiental, etc.), investigando e valorando a súa aplicación nos ámbitos de atención na comunidade, como na familia e na infancia, na terceira idade, en minusvalías, muller, xuventude, minorías sociais e inmigrantes, cooperación para o desenvolvemento, etc.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.3. Recoñecer e expresar as achegas máis importantes da psicoloxía, desde os seus inicios ata a actualidade, identificando os principais problemas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>PSB1 3.2. Utiliza a súa capacidade de aprender a aprender, realizando os seus propios mapas conceptuais, utilizando medios informáticos, acerca das</li> </ul>

**I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

<p>formulados e as solucións achegadas polas correntes psicolóxicas contemporáneas, e realizando unha análise crítica de textos significativos e breves de contido psicolóxico, identificando as problemáticas formuladas e relacionándoas co estudado na unidade.</p>	<p>seguintes teorías: psicanálise, condutismo, teoría cognitiva, Gestalt, humanismo e psicobioloxía.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB1.3.4. Utiliza a súa iniciativa para expor as súas conclusións argumentadamente, mediante presentacións gráficas, en medios audiovisuais.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Explicar a evolución do cerebro humano desde un enfoque antropolóxico, distinguindo as súas características específicas das doutros animais, co fin de apreciar a importancia do desenvolvemento neurolóxico e as consecuencias que delas se derivan.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB2.1.2. Investiga a través de internet a filoxénese humana e a evolución do cerebro, explicando e apreciando a relación directa que mantén co desenvolvemento da conduta humana.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.2. Analizar e apreciar a importancia da organización do sistema nervioso central, fundamentalmente do encéfalo humano, distinguindo as localizacións e as funcións que determinan a conduta dos individuos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB2.2.1. Realiza unha presentación, con medios informáticos, en colaboración grupal, sobre a morfoloxía neuronal e a sinapse, describindo o proceso de transmisión sináptica e os factores que a determinan, o impulso nervioso e os neurotransmisores.</li> <li>▪ PSB2.2.2. Investiga e explica a organización das áreas cerebrais e as súas funcións, e localiza nun debuxo as devanditas áreas.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.3. Entender e valorar as técnicas actuais de investigación do cerebro e o seu impacto no avance científico acerca da explicación da conduta e na superación dalgúns trastornos e dalgúns doenzas mentais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB2.3.1. Describe e compara as técnicas científicas de investigación do cerebro: anxiogramas, EEG, TAC, TEP, IRM, intervencións directas e estudo de casos.</li> <li>▪ PSB2.3.2. Analiza e aprecia o impulso que estas técnicas de investigación cerebral lle deron ao coñecemento do comportamento humano e á solución dalgúns patoloxías.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.4. Comprender e recoñecer algunhas das bases xenéticas que determinan a conduta humana, apreciando a relación de causa e efecto que pode existir entre ambas as dúas e destacando a orixe dalgúns doenzas producidas por alteracións xenéticas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB2.4.3. Localiza e selecciona información en internet acerca de distintos tipos de doenzas causadas por alteracións xenéticas, tales como a síndrome de Down, a síndrome de Turner, a síndrome do miaño de gato ou a síndrome de Klinefelter, entre outras.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Comprender a percepción humana como un proceso construtivo eminentemente subxectivo e limitado, no cal ten a súa orixe o coñecemento sobre a realidade, valorando o ser humano como un procesador de información.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB3.1.1. Distingue e relaciona os elementos que interveñen no fenómeno da percepción (estímulo, sentido, sensación e limiares de percepción), recoñecéndoo dentro das fases do proceso perceptivo (excitación, transdución, transmisión e recepción).</li> </ul>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB3.1.3. Elabora unha presentación con medios audiovisuais e en colaboración grupal, desenvolvendo a súa iniciativa persoal e as leis gestálticas da percepción, valorando a súa achega conceptual e identificando exemplos concretos de como actúan (por exemplo, a través de obras pictóricas ou fotografías).</li> <li>▪ PSB3.1.4. Procura e selecciona información, utilizando páxinas web, acerca dalgúns tipos de ilusións ópticas, diferenciándoas dos trastornos perceptivos como as alucinacións e a agnosia.</li> <li>▪ PSB3.1.5. Comenta e aprecia algúns fenómenos perceptivos, como a constancia perceptiva, a percepción subliminar e extrasensorial, o membro fantasma e a percepción por estimulación eléctrica do cerebro (por exemplo, o ollo de Dobelle) entre outros, e expón as súas conclusións a través de soportes de presentación informáticos.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.3. Coñecer e analizar a estrutura, os tipos e o funcionamento da memoria humana, investigando as achegas dalgúns teorías actuais, co fin de entender a orixe e os factores que inflúen no desenvolvemento desta capacidade no ser humano, e utilizar as súas achegas na súa propia aprendizaxe.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB3.3.1. Relaciona os conceptos de atención e concentración como puntos de partida da memoria, distinguindo os tipos de atención e os tipos de alteración que poden sufrir.             <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB3.3.3. Procura e selecciona información en páxinas web e libros especializados, acerca das principais causas do esquecemento, tales como as fisiolóxicas, as producidas por lesións, por represión, por falta de procesamento, por contexto inadecuado, etc., e elabora conclusións.</li> </ul> </li> <li>▪ PSB3.3.5. Exemplifica, a través de medios audiovisuais, algunhas distorsións ou alteracións da memoria, como a amnesia, a hipermnnesia, a paramnesia e os falsos recordos, desenvolvendo a súa capacidade emprendedora.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Explicar as principais teorías sobre a aprendizaxe, identificando os factores que cada unha delas considera determinantes neste proceso, co obxecto de iniciarse na comprensión deste fenómeno e das súas aplicacións no campo social, e utilizar os seus coñecementos para mellorar a súa propia aprendizaxe.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB4.1.1. Utiliza a súa iniciativa persoal para confeccionar, utilizando medios informáticos, un cadro comparativo das teorías da aprendizaxe: condicionamento clásico (Pavlov e Watson); aprendizaxe por ensaio-erro (Thorndike); condicionamento instrumental (Skinner); teoría cognitiva (Piaget); Gestalt (Khöler); aprendizaxe social ou vicaria (Bandura), etc.             <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB4.1.2. Analiza e aprecia os resultados da aplicación das técnicas de</li> </ul> </li> </ul>

	condicionamento na publicidade, mediante a localización destas últimas en exemplos de casos concretos, utilizados nos medios de comunicación audiovisual.
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.2. Comprender os procesos cognitivos superiores do ser humano, como a intelixencia e o pensamento, mediante o coñecemento dalgunhas teorías explicativas da súa natureza e o seu desenvolvemento, distinguindo os factores que inflúen nel e investigando a eficacia das técnicas de medición utilizadas e o concepto de CI, co fin de entender esta capacidade humana.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB4.2.1. Elabora mapas conceptuais dalgunhas das actuais teorías sobre a intelixencia, valorando as achegas que no seu estudo tivo cada unha delas, como por exemplo a teoría factorial de Spearman, a multifactorial de Thurstone e as de Cattell, Vernon, Sternberg, Gardner, etc.             <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB4.2.2. Utiliza a súa iniciativa persoal para elaborar un esquema explicativo sobre as fases do desenvolvemento da intelixencia segundo J. Piaget, valorando a importancia das influencias xenéticas e do medio neste proceso.</li> </ul> </li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Explicar e valorar a importancia da motivación, a súa clasificación e a súa relación con outros procesos cognitivos, desenvolvendo os supostos teóricos que a explican e analizando as deficiencias e os conflitos que no seu desenvolvemento conducen á frustración.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB5.1.1. Utiliza e selecciona información acerca das teorías da motivación (homeostática; das necesidades; do incentivo; cognitivas; psicanalíticas; humanistas), utilizando mapas conceptuais, e elabora conclusións.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.2. Comprender o que é a personalidade, analizando as influencias xenéticas, ambientais e culturais sobre as que se edifica, as teorías que a estudan e os factores motivacionais, afectivos e cognitivos necesarios para a súa axeitada evolución, en cada fase do seu desenvolvemento.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB5.2.1. Describe, establecendo semellanzas e diferenzas, as teorías da personalidade, como as provenientes da psicanálise, o humanismo, as tipoloxías, o cognitivismo e o condutismo, valorando as achegas que cada unha delas realizou no coñecemento da natureza humana.             <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB5.2.5. Investiga, en traballo grupal, sobre os estados alterados de conciencia provocados polas drogas, valorando criticamente a súa influencia nas alteracións da personalidade, e presenta as súas conclusións de maneira argumentada.</li> </ul> </li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.3. Entender e reflexionar sobre a complexidade que implica definir o que é un trastorno mental, describindo algúns dos factores xenéticos, ambientais e evolutivos implicados, co fin de comprender as perspectivas psicopatolóxicas e os seus métodos de estudo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB5.3.1. Describe perspectivas e modelos de estudo da psicopatoloxía, e reflexiona sobre os métodos utilizados por cada unha delas.</li> <li>▪ PSB5.3.2. Utiliza a súa iniciativa persoal para realizar un cadro esquemático, en colaboración grupal e utilizando medios informáticos, acerca das características relativas a algúns tipos de trastornos, por exemplo os asociados</li> </ul>

	<p>ás necesidades biolóxicas e ás adiccións (sexuais, alimentarias, drogodependencias, etc.), ás emocións (ansiedade e depresión), a elementos corporais (psicosomáticos, somatomorfos e disociativos), á personalidade (esquizoide, paranoide, limítrofe, dependente, narcisista, antisocial, etc.), ao desenvolvemento evolutivo (autismo, atraso mental, déficit de atención e hiperactividade, da aprendizaxe, asociados á vellez), etc.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.4. Recoñecer e valorar os tipos de afectos, así como a orixe dalgúns trastornos emocionais, co obxecto de espertar o seu interese polo desenvolvemento persoal desta capacidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB5.4.1. Explica os tipos de afectos (sentimento, emoción e paixón), especificando os seus determinantes hereditarios e aprendidos, e analizando a relación entre emoción e cognición.</li> <li>▪ PSB5.4.2. Describe as emocións primarias (medo, noxo, alegría, tristura, ira, sorpresa, etc.) e secundarias (ansiedade, hostilidade, humor, felicidade, amor, etc.), distinguíndoas das emocións autoconscientes (culpa, vergoña, orgullo, etc.).</li> <li>▪ PSB5.4.4. Investiga, a través de internet, algúns trastornos emocionais (indiferenza emocional, dependencia afectiva, trastorno maníaco-depresivo, descontrol emotivo, etc.) e problemas emocionais (medo, fobias, ansiedade, estrés, depresión, etc.), exemplificando a través dalgún soporte audiovisual, e elabora as súas conclusións.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.5. Coñecer a importancia que na maduración da persoa teñen as relacións afectivas e sexuais, analizando criticamente os seus aspectos fundamentais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB5.5.1. Identifica e aprecia a importancia que, no desenvolvemento e na maduración da persoa, teñen a afectividade e a sexualidade, como dimensións esenciais do ser humano, e describe os aspectos fundamentais da psicoloxía da sexualidade: fisioloxía da resposta sexual, conduta sexual, etc.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.1. Comprender e apreciar a dimensión social do ser humano, e entender o proceso de socialización como a interiorización das normas e valores sociais, apreciando a súa influencia na personalidade e na conduta das persoas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB6.1.1. Analiza e valora as diferenzas culturais e o seu impacto no comportamento das persoas ao exercer a súa influencia nos esquemas cognitivos, a personalidade e a vida afectiva do ser humano.</li> <li>▪ PSB6.1.3. Investiga acerca da orixe social das actitudes persoais, valorando a súa utilidade para a predición da conduta humana e a súa influencia en condutas de violencia escolar, laboral, doméstica e de xénero, entre outras.</li> </ul>

<ul style="list-style-type: none"><li>▪ B6. 2. Coñecer e valorar os procesos psicolóxicos das masas, a súa natureza, as características e as pautas de comportamento, co fin de evitar as situacións de vulnerabilidade en que da persoa poida perder o control sobre os seus propios actos.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>▪ PSB6.2.1. Procura e selecciona información en internet acerca das características da conduta do individuo inmerso na masa, tales como impulsividade, intolerancia, inconsciencia, falta de perseveranza, volubidade e falta de capacidade crítica, entre outras.</li><li>▪ PSB6.2.4. Elabora conclusións, en colaboración grupal, e formula pautas de conduta preventivas co fin de evitar que as persoas se convertan en parte da masa, perdendo o control da súa conduta, dos seus pensamentos e dos seus sentimentos.</li></ul>

## **5. TEMPORALIZACIÓN E SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS**

Os contidos da materia e o desenvolvemento quedan artellados do seguinte xeito:

### **1ª AVALIACIÓN**

UNIDADE 1. A psicoloxía como ciencia

UNIDADE 2. Fundamentos biolóxicos da conduta e do pensamento

UNIDADE 3. Procesos cognitivos básicos

### **2ª AVALIACIÓN**

UNIDADE 4. Procesos cognitivos superiores: a aprendizaxe

UNIDADE 5. Procesos cognitivos superiores: pensamento e intelixencia

UNIDADE 6. A construción do ser humano: motivación, afectividade e sexualidade

UNIDADE 7. A construción do ser humano: a personalidade e os seus trastornos

### **3ª AVALIACIÓN**

## **I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

UNIDADE 8. A construción do ser humano: a conciencia, o inconsciente e algunhas formas de semiconsciencia

UNIDADE 9. Psicoloxía social: coñecemento e influencia social

UNIDADE 10. Psicoloxía social: psicoloxía de grupos e organizacións

Esta distribución dos contidos e a súa secuenciación, debido á curta duración do 2º curso de bacharelato, poderán sufrir modificacións de acordo coas necesidades lectivas e as circunstancias que permitan abranguer os contidos mínimos esixibles. Os alumnos serán informados en todo momento destas modificacións.

### **6. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN**

- \* **Análise dos conceptos** que se estudan en cada tema e das relacións lóxicas que se poidan establecer entre eles a través do comentario de textos breves de psicoloxía.
- \* **Comparación e contraste das perspectivas psicolóxicas, filosóficas, científicas... sobre as diversas cuestións** que se susciten por medio de textos axeitados ó nivel do alumnado e que poidan fomentar o debate e combater o dogmatismo. Isto non implica a neutralidade do profesor/ra senón o razoamento das diversas posturas dando o seu posible punto de vista igual que o pode facer o alumno/a **individualmente ou en grupo**, pero sempre articulando desde un punto de vista crítico as posibles opcións e criterios a defender mediante razoamentos lóxicos.
- \* **Planificación e produción de exposicións orais e debates** sobre temas tratados, orientados a fomentar a coherencia, a claridade e o rigor na expresión e na argumentación das ideas. Isto tería un carácter puntual e non sistemático pois non o permite o tempo de tres horas semanais de clase.
- \* **Elaboración de traballos individuais sobre temas concretos** como traballos de investigación integrando diversas fontes en un análise persoal das mesmas.
- \* **Lectura de libros**, sexan estritamente psicolóxicos ou de carácter literario (fundamentalmente novelas) pero con posibilidade de relacionar coa filosofía de xeito que se fomente a lectura autónoma por parte do alumnado.

### **7. CRITERIOS, METODOLOXÍA E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN**

A metodoloxía didáctica no Bacharelato debe favorecer a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo, para traballar en equipo e para aplicar os métodos apropiados de comentario e análise de texto, definición conceptual e, ademais, tamén debe subliñar a relación dos aspectos teóricos das materias tanto coa vida cotiá como con outras materias.

En Bacharelato, a relativa especialización das materias determina que a metodoloxía didáctica estea fortemente condicionada polo compoñente epistemolóxico de cada materia e polas esixencias do tipo de coñecemento propio de cada unha.

Ademais, a finalidade propedéutica e orientadora da etapa esixe o traballo con metodoloxías específicas e que estas comporten un importante grao de rigor científico e de desenvolvemento de capacidades intelectuais de certo nivel (analíticas, explicativas e interpretativas).

En razón disto se establecen os seguintes criterios e estratexias didácticas para traballar a materia:

- **Adaptación** ás características do alumnado de Bacharelato, ofrecendo actividades diversificadas de acordo coas capacidades intelectuais propias da etapa.
- **Autonomía:** facilitar a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo.
- **Actividade:** fomentar a participación do alumnado na dinámica xeral da aula, combinando estratexias que propicien a individualización con outras que fomenten a socialización.
- **Motivación:** procurar espertar o interese do alumnado pola aprendizaxe que se lle propón.
- **Integración e interdisciplinabilidade:** presentar os contidos cunha estrutura clara, mostrando as relacións entre os contidos de Filosofía e os doutras disciplinas doutras áreas.
- **Rigor e desenvolvemento de capacidades intelectuais** de certo nivel (analíticas, explicativas e interpretativas).
- **Variedade na metodoloxía,** dado que o alumnado aprende a partir de fórmulas moi diversas.

Máis concretamente, o alumno deberá:

- 1. Ler comprensivamente e analizar, de forma crítica, textos** significativos e breves, pertencentes á psicoloxía.
- 2. Argumentar e razoar os propios puntos de vista** sobre as temáticas estudadas na unidade, de forma oral e escrita, con claridade e coherencia.
- 3. Seleccionar e sistematizar información** obtida de diversas fontes.
- 4. Analizar e argumentar sobre propostas psicolóxicas, elaborando de forma colaborativa esquemas, mapas conceptuais, táboas cronolóxicas e outros procedementos útiles, mediante o uso de medios e plataformas dixitais.**

Non se seguirá un libro de texto determinado, se ben se recomendará completar as explicacións con calquera dos que existen no mercado editorial. O profesor proporcionará apuntes ou materiais complementarios para que os alumnos os fotocopien; nembargantes, o alumno deberá de xeito autónomo tomar apuntes das explicacións, exposicións ou vídeos que reciba, posta en práctica que será de moita utilidade cara o seu futuro académico e profesional.

Ademais disto, **algunhas das técnicas e instrumentos** que poden ser **utilizados para traballar e avaliar** a materia son: *diálogos e debates activos, cuestionarios escritos e orais, test de avaliación inicial e final por contidos concretos, comentarios de texto, elaboración de composicións filosóficas, confección de mapas conceptuais, técnicas de argumentación escrita, investigación bibliográfica e traballos concretos sobre algún aspecto do autor, obra e contexto, visionado e análise filosófica de películas, etc.*



## **I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

Estes procedementos e instrumentos teñen en conta o **fomento da lectura** comprensiva e interpretativa, ademais da **utilización na aula das TIC**, fundamentais para a adquisición e desenvolvemento da información que van artellar de xeito crítico.

Entre outras estratexias e actividades:

### **As estratexias expositivas**

Preséntanlle ao alumnado, oralmente ou mediante textos, un coñecemento xa elaborado que debe asimilar. Resultan adecuadas para as propostas introdutorias e panorámicas e para ensinar feitos e conceptos; especialmente aqueles máis abstractos e teóricos, que dificilmente o alumnado pode alcanzar só con axudas indirectas.

Non obstante, resulta moi conveniente que esta estratexia se acompañe da realización polo alumnado de actividades, que posibiliten enlazar os novos coñecementos cos que xa posúe.

### **As estratexias de comentario e análise textual**

Preséntanlle ao alumnado unha serie de materiais en bruto que debe elaborar, seguindo unhas pautas de actuación. Trátase de enfrontalo a textos, argumentacións e debates problemáticos nos que debe poñer en práctica e utilizar reflexivamente conceptos, procedementos e actitudes para así adquirilos de forma consistente.

O emprego destas estratexias está máis relacionado coa aprendizaxe de procedementos, aínda que estes levan consigo, á súa vez, a adquisición de conceptos, dado que tratan de poñer o alumnado en situacións que fomenten a súa reflexión e poñan en xogo as súas ideas e conceptos. Tamén son moi útiles para a aprendizaxe e o desenvolvemento de hábitos, actitudes e valores.

As técnicas didácticas en que poden traducirse estas estratexias son moi diversas. Entre elas destacamos polo seu interese as tres seguintes:

- **As tarefas sen unha solución clara e pechada**, nas que as distintas opcións son igualmente posibles e válidas, para facer reflexionar o alumnado sobre a complexidade dos problemas humanos e sociais, sobre o carácter relativo e imperfecto das solucións achegadas para eles e sobre a natureza provisional do coñecemento humano.
- **O estudo de casos ou feitos e situacións concretas** como instrumento para motivar e facer máis significativo o estudo dos fenómenos xerais e para abordar os procedementos de causalidade múltiple.
- **Os proxectos de investigación, estudos ou traballos de redacción** habitúan o alumnado a afrontar e a resolver problemas con certa autonomía, a formular preguntas e a adquirir experiencia na busca e a consulta autónoma. Ademais, facilítanlle unha experiencia valiosa sobre o traballo dos especialistas na materia.

En calquera das estratexias didácticas adoptadas é esencial a realización de actividades por parte do alumnado, posto que cumpren os obxectivos seguintes:

- Afianzan a comprensión dos conceptos e permítenlle ao profesorado comprobalo.
- Son a base para o traballo cos textos e para fomentar as capacidades de comprensión, análise e razoamento.
- Permiten darlles unha dimensión múltiple aos conceptos, percibindo as súas conexións con outras nocións e a súa aplicación a diferentes ámbitos do coñecemento.
- Fomentan actitudes que axudan á formación humana do alumnado.

Por iso, como criterios para a selección das actividades propóñense actividades de diverso tipo para cuxa selección se seguirán estes criterios:

- Que desenvolvan a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo, utilizando diversas estratexias.
- Que proporcionen situacións de aprendizaxe que esixan unha intensa actividade mental e leven a reflexionar e a xustificar as afirmacións ou as actuacións.
- Que estean perfectamente relacionadas cos contidos teóricos.
- Que teñan unha formulación clara, para que o alumnado entenda sen dificultade o que debe facer.
- Que sexan variadas e permitan afianzar os conceptos, traballar os procedementos (textos, imaxes, películas e outros documentos), desenvolver actitudes que colaboren na formación humana e atender á diversidade na aula (teñen distinto grao de dificultade).
- Que lles dean unha proxección práctica aos contidos, aplicando os coñecementos á realidade.
- Que sexan motivadoras e conecten cos intereses do alumnado, por referirse a temas actuais ou relacionados co seu medio.

### **Algúns tipos de actividades**

Sobre a base destes criterios, as actividades programadas responden a unha tipoloxía variada que se encadra dentro das categorías seguintes:

**Actividades de ensino-aprendizaxe.** A esta tipoloxía responde unha parte importante das actividades propostas no libro de texto. Encóntanse nos apartados seguintes:

- En cada un dos grandes subapartados en que se estruturan as unidades didácticas propóñense actividades ao fío dos contidos estudados. Son, xeralmente, de localización, afianzamento, análise e interpretación de textos e ampliación de conceptos.
- Ao final de cada unidade didáctica propóñense actividades de comentario de textos clásicos, análise de documentos audiovisuais (películas ou documentais) e de obras de arte.

## **I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

**Actividades de aplicación** dos contidos teóricos á realidade e ao medio do alumnado. Este tipo de actividades, nuns casos, refírense a un apartado concreto do tema e, polo tanto, inclúense entre as actividades propostas ao fío da exposición teórica; noutros casos, preséntanse como traballos de investigación ou reflexión persoal argumentada sobre algúns temas.

**Actividades encamiñadas a fomentar a concienciación**, o debate, o xuízo crítico, a tolerancia, a solidariedade... Este tipo de actividades adoita aparecer ao final dalgunhas unidades do libro de texto.

Por outra parte, as actividades programadas presentan diversos niveis de dificultade. Desta forma permiten dar resposta á diversidade do alumnado, posto que poden seleccionarse aquelas máis acordes co seu estilo de aprendizaxe e cos seus intereses.

A corrección das actividades fomenta a participación do alumnado na clase, aclara dúbidas e permítelle ao profesorado coñecer, de forma case inmediata, o grao de asimilación dos conceptos teóricos, o nivel co que se manexan os procedementos e os hábitos de traballo.

## **8. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**

**a)** Para valorar o grao de consecución de los obxectivos propostos nas diferentes unidades o profesor poderá realizar **diferentes tipos de probas escritas**, utilizando **comentarios de texto libres u orientados, desenvolvemento de temas específicos**, así como **preguntas de tipo ensaio, test o cuestionarios** para valorar o grao de asimilación da materia. **O valor destas probas será do 50%** da cualificación final de cada trimestre.

**b)** Tamén se tendrán en conta os **traballos realizados polos alumnos/as** (actividades e tarefas diarias, traballos individuais ou grupais, así como actividades sobre libros de lectura, artigos, documentais, etc.) **tendrán un valor complementario do 50%** e servirán para completar o 100% da nota final de cada trimestre. No caso de que haxa variacións nestas porcentaxes para cada unha das avaliacións, o profesor informará debidamente aos alumnos destes cambios.

**c)** Carencias expresivas na redacción das probas e faltas ortográficas poderán baixar a nota dos mesmos en grao equivalente a súa gravidade, podendo eventualmente suspender un exame ou traballo. Non facer os traballos encomendados, deixar en branco as probas escritas, ou ben un reiterado comportamento negativo ou pasivo suporá o abandono da materia e a perda da **avaliación continua**.

## **9. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA E PROCEDEMENTOS DE RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DA MATERIA PENDENTE**

En canto ós contidos mínimos referidos ós contidos conceptuais se consideran como tales os que se teñen fixados para cada unidade didáctica tendo en conta que se valorará unha comprensión da problemática xeral de cada tema así como das principios correntes teóricas que trataron os problemas en cuestión. Tamén será

## I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía

valorada a asimilación dos conceptos básicos do tema a través da súa explicación. A comprensión dos contidos conceptuais presenta unha gradación que o profesor/ra deberá establecer co seu criterio cando hai unha comprensión aceptable da problemática central da unidade e cando non. Aquí teranse en conta os criterios de avaliación tratados máis enriba.

Dentro dos contidos procedimentais teñen o carácter de mínimos os seguintes: **elaborar redaccións de carácter argumental, analizar textos breves e sinxelos de cariz psicolóxico**, identificando o problema que se presenta e estruturando as ideas principais así como a demostración da comprensión do texto a través das respostas que dean as diversas cuestións sobre o texto.

Tamén se considera como mínimos **a elaboración do caderno de clase e as actividades** sobre libros, películas e calquera outra actividade fixada para cada tema polo profesor/ra.

Para os alumnos/as que non aprobaran as avaliacións normais do curso e que tampouco superaran as probas e actividades de recuperación das distintas avaliacións o Departamento pode optar por realizar **unha proba global a finais de curso se ben para a realización desta proba deberán presentar o caderno de clase así como as actividades do material que se traballara durante o curso, dado o seu carácter de mínimos**. A proba final de maio (avaliación final) servirá como recuperación para os alumnos que deixaran unha ou máis avaliacións pendentes. Se presentarán soamente a aquelas avaliacións pendentes e recuperarán soamente aquela parte do traballo non feita o feita de modo deficiente. **De non superar esta proba, se presentarán en xuño (proba extraordinaria) de toda a materia impartida ó longo do curso.**

En resumo, cando menos haberá unha proba final de recuperación en xuño e outra extraordinaria en xullo. **A nota final da materia na avaliación final (proba ordinaria) será a media aritmética das tres avaliacións ordinarias, sempre e cando se supere cada unha das avaliacións cunha cualificación igual ou superior a cinco. A nota final de xullo (proba extraordinaria) deberá ser igual o superior ó cinco.**

**Estes mesmos criterios e procedementos de avaliación serán os esixibles e aplicables no caso de darse clases semipresenciais ou ben *online* (por mor da Covid-19). Os alumnos serán informados destes criterios, ben ó principio do curso, ben nas circunstancias excepcionais que se produxeran, a través da Aula Virtual como recurso indispensable para o correcto desenvolvemento das tarefas e probas a realizar.**

Se houbera o caso dalgún alumno/a que por acumulación de faltas de asistencia sen xustificar perdera o dereito a avaliación continua, terá que realizar unha proba no mes de maio (avaliación final), onde entrarán os temas dados ó longo dos tres trimestres do curso; polo tanto, o alumnado nesta situación está na obriga de coñecer estes temas xa que a perda do dereito á avaliación continua non exime da súa asistencia a clases e coñecer a marcha da materia.

**Non será necesario un plan de reforzo** e recuperación das aprendizaxes non adquiridas no derradeiro curso (por mor da Covid-19), posto que a materia se imparte por primeira vez no Bacharelato.

A continuación se detalla **un resumo destas medidas** de avaliación e recuperación:

## 1. AVALIACIÓN TRIMESTRAL

- **Procedementos:** observación directa do alumno, tarefas diversas realizadas polo alumnado en clase, traballos individuais e grupais, actividades de avaliación: lecturas, fichas fotocopiáveis, probas escritas, etc.
- **Instrumentos:** preguntas individuais e grupais, intervencións na clase, comentarios de texto, visionado de películas, lecturas concretas, exposiciónes y presentaciónes interactivas.
- **Mínimos esixibles:** O cumprimento axeitado das ferramentas de traballo competencial (actividades, tarefas, traballos, etc.); a realización positiva das probas escritas; o traballo regular ó longo do curso; a presentación ordenada, clara e coherente do seu caderno de clase.
- **Ponderación e nota media:** A cualificación en cada exercicio dependerá do grao de consecución dos obxectivos propostos para cada un. O resultado final de cada avaliación dependerá da *media aritmética* feita coas seguintes porcentaxes: **50%** para probas escritas, e **50%** para traballos individuais e grupais, actividades concretas, lecturas e comentarios de texto, etc. Estas porcentaxes poderán variar en cada avaliación dependendo do número de probas e da súa importancia, previo aviso ao alumnado por parte de cada profesor/a.

## 2. MECANISMO PARA RECUPERAR UNHA AVALIACIÓN NON SUPERADA

- No caso de suspender algunha avaliación, o alumno (ao longo do seguinte trimestre ou ben ao remate da terceira avaliación, a criterio do profesor) deberá presentarse a **unha proba escrita** onde se incluírán os contidos da materia impartida na avaliación suspensa. ***A cualificación da proba escrita deberá ser igual o superior a cinco*** para superar a avaliación pendente.

- **Tipo de proba:** *escrita*, onde se inclúan os contidos da materia impartida ó longo do curso. A proba constará de 5 **preguntas:** 2 preguntas pechadas (1 punto cada unha), 2 preguntas semiabertas (2 puntos cada unha) e 1 pregunta aberta (4 puntos).

- **Estándares:** Todos os contidos da materia impartida no curso. Esta proba estará aprobada se a cualificación é **igual o superior a cinco**.

### 3. CUALIFICACIÓN FINAL DA MATERIA NA AVALIACIÓN ORDINARIA

- A cualificación final da materia será *a media aritmética das tres avaliacións*, **sempre e cando se supere cada unha das avaliacións cunha cualificación igual ou superior a cinco.**

### 4. AVALIACIÓN FINAL

- **Alumnado:** Deberán presentarse todos aqueles alumnos que non superaran calquera das avaliacións que teñan pendente.

- **Tipo de proba:** *escrita*, onde se inclúan os contidos da materia impartida ó longo do curso. A proba constará de 5 **preguntas**: 2 preguntas pechadas (1 punto cada unha), 2 preguntas semiabertas (2 puntos cada unha) e 1 pregunta aberta (4 puntos).

- **Estándares:** Todos os contidos da materia impartida no curso. Esta proba estará aprobada se a cualificación é **igual o superior a cinco.**

### 5. AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA

- **Tipo de proba:** *escrita*, onde se inclúan os contidos da materia impartida ó longo do curso. A proba constará de 4 **preguntas**: 2 preguntas pechadas (1 punto cada unha), 2 pregunta semiabertas (2 puntos cada unha) e 1 pregunta aberta (4 puntos).

- **Estándares:** Todos os contidos da materia impartida no curso. Esta proba estará aprobada se a cualificación é **igual o superior a cinco.**

### 6. MATERIA PENDENTE

- Os alumnos coa materia pendente deberán facer **unha proba escrita** coa materia impartida no curso anterior. O Departamento deseñará esta proba e fará pública no taboleiro do patio central a convocatoria para a realizar dita proba. A proba constará de 4 **preguntas**: 2 preguntas pechadas (2 puntos cada unha), 1 pregunta semiaberta (3 puntos) e 1 pregunta aberta (3 puntos). Esta proba estará aprobada se a cualificación é **igual o superior a cinco.**

## **10. TEMAS TRANSVERSAIS**

Pódese afirmar que existen conexións claras entre a materia de Psicoloxía e os temas transversais cos que se relaciona. Tódolos temas abordan cuestións e problemáticas que desde a psicoloxía teórica e práctica fan alusión ó coñecemento da realidade e a propia acción humana: dentro desta, a cuestión da personalidade, o tema da liberdade da persoa fronte ós diferentes tipos de determinismo que condicionan o comportamento, a xustificación da moral e os diferentes argumentos que defenden a igualdade dos seres humanos, a busca da paz como obxectivo de convivencia entre as persoas e os pobos... Máis relacionados coa educación cívica estarían os temas que se dedican ás relacións individuo e sociedade, e tamén a relación do individuo cos grupo sociais.

O tema de educación para a paz trátase na unidade das "utopías sociais" en canto é o obxectivo das distintas utopías en canto pretenden elaborar modelos de convivencia que aspiran a suprimir a violencia e as guerras da sociedade humana. Tamén se relaciona este tema coa Educación para a igualdade de ambos sexos.

No referente ó tema transversal da educación para a saúde, están presentes no pensamento filosófico as actitudes de defensa da vida, dos valores relativos ó corpo e ó espírito, a crítica ó consumismo e a defensa da interculturalidade conducen a unha vida de calidade e de felicidade como meta dos seres humanos.

No que fai referencia ó contido transversal da educación ambiental este ten unha presenza moi relevante ó longo das diferentes unidades que compoñen o libro de texto, e é especialmente relevante nos seguintes contidos: a crítica do “falso progreso”, a valoración positiva das consecuencias ecolóxicas do evolucionismo, a ecoética e, en xeral, a defensa dunhas relacións máis harmónicas, tolerantes e solidarias do ser humano coa natureza.

Sen dúbida, unha psicoloxía que plantexe a actualidade dos problemas presentes dende o comenzo fará fincapé nunha reflexión sobre a nosa condición de seres humanos e a construción da nosa personalidade como seres individuais e sociais.

## **11. DIVERSIFICACIÓN CURRICULAR**

Coa finalidade de atender no posible ás peculiaridades persoais do alumnado dentro do seu proceso de aprendizaxe, ó longo do curso adoptaranse medidas tendentes a proporcionar certos reforzos pedagóxicos ós alumnos e alumnas que os necesiten, así como a programar aprendizaxes complementarias para aquel alumnado que, polas súas especiais aptitudes, excedan o nivel medio do curso en canto a coñecementos da materia.

Como medidas de reforzo á aprendizaxe, propóñense as seguintes:

## **I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

- \* Programar comentarios de texto, actividades, ejercicios, etc., máis sinxelos para o alumnado con dificultades de aprendizaxe, sobre todo, nos primeiros meses de clase. Desta maneira, intentarase que, progresivamente, comprendan os principios esenciais para se poder meter, despois, naqueles temas máis abstractos ou complexos.
- \* Proporcionarlles axuda directa naquelas actividades que se realicen na aula, coa finalidade de ir orientando de maneira personalizada o seu proceso de aprendizaxe.
- \* Incluír dentro do seu plan de traballo actividades sinxelas e adicionais que lles permitan cubrir as lagoas conceptuais que posúan.
- \* Nos traballos en grupo, organizar estes de tal maneira que este alumnado se atope distribuído en diferentes grupos, co fin de que os compañeiros e compañeiras con mellor rendemento académico poidan axudarlles na realización da súa tarefa.
- \* Se existise alumnado superdotado ou cun maior nivel de coñecementos filosóficos, programaríanse medidas pedagóxicas complementarias para que o mencionado alumnado puidese desenvolver as súas propias potencialidades de aprendizaxe. Así, por exemplo:
  - Lecturas dirixidas de libros ou textos de maior dificultade conceptual.
  - Actividades complementarias sobre aqueles temas que máis lles interesasen.
  - Tarefas pedagóxicas destinadas a axudar ós compañeiros e compañeiras que maior dificultade atopasen na materia.

### Concreción de medidas para alumnos con Síndrome de Asperger e TDAH:

Entre as características dos afectados polo Síndrome de Asperger están as dificultades na comprensión social e nas habilidades sociais, o pouco interese cara aos demais, as dificultades de atención, a pouca capacidade organizativa, a interpretación literal da linguaxe e as dificultades na motricidade. Por estes motivos presentamos algunhas estratexias para tratalo:

- Darlle tempo para organizar o seu material
- Evitar a presión
- Darlle pequenos encargos
- Facer o posible para que entenda as instrucións
- Diante dos mínimos acertos, ser xeneroso cos reforzos positivos
- Sempre que sexa posible, descompoñer as tarefas
- Supervisar con frecuencia a realización das tarefas
- Buscar a colaboración dun compañeir@ responsable para que lle axude a comprender e realizar as tarefas

Asemade, para os alumnos con TDAH:

- Supervisar con frecuencia a realización das tarefas



## **I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

- Potenciar a aprendizaxe colaborativa
- Buscar a colaboración dun compañeir@ responsable para que lle axude a comprender e realizar as tarefas
- Deixar máis tempo para as probas escritas ou exames
- Supervisar a comprensión das preguntas
- Implicar ao alumno con preguntas sinxelas e motivadoras
- Graduar o uso do 'tempo fóra'
- reforzar positivamente as conductas adecuadas

### **12. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

O departamento está disposto a colaborar coas decisións que ao respecto tome a Xefatura de Estudos e a Vicedirección do centro. Queda aberto e a espera de posibles conferencias ou outras ofertas da Universidade así como a organización de actos con ONGs., visitas guiadas, salidas e outras actividades pedagóxicas de reforzo, sempre que estas actividades teñan algunha utilidade teórica ou práctica que non interfira negativamente no desenvolvemento académico dos alumnos.

### **13. PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN**

Neste apartado pretendemos promover a reflexión docente e a autoavaliación da realización e do desenvolvemento de programacións didácticas. Para iso, ao finalizar cada unidade didáctica, en cada trimestre ou ao final de curso propónse unha secuencia de preguntas que permitan ao docente avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade.

De igual modo, propoñemos unha ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto. Pódese realizar ao final de cada trimestre ou ao final do curso para recoller as melloras no seguinte cadro:

ASPECTOS PARA AVALIAR	PARA DESTACAR...	PARA MELLORAR...	PROPOSTAS DE MELLORA PERSOAL
Temporalización das unidades didácticas			

**I.E.S. CORUXO. Departamento de filosofía**

Desenvolvemento dos obxectivos didácticos			
Manexo dos contidos da unidade			
Descritores e desempeños competenciais			
Realización de tarefas			
Estratexias metodolóxicas seleccionadas			
Recursos			
Claridade nos criterios de avaliación			
Uso de diversas ferramentas de avaliación			
Atención á diversidade			
Interdisciplinabilidade			